

ANÉLIDOS DO LITORAL DE GALICIA



Chaetopoda. — Borstenwürmer.
Kunstformen der Natur – Haeckel (1899)

ANÉLIDOS DO LITORAL DE GALICIA

Autores:

Jacinto Pérez Dieste

Bruno Almón Pazos

XUNTA
DE GALICIA

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería do Mar

Maquetación:

Grupo de Estudo do Medio Mariño
Edif. Club Náutico, baixo - Pto. deportivo
15960 Ribeira (A Coruña)

1ª edición:

Santiago de Compostela, 2026

Autores:

Jacinto Pérez Dieste
Bruno Almón Pazos

Imaxe de portada:

Jacinto Pérez Dieste

Imaxes interiores:

Jacinto Pérez Dieste (coa excepción das atribuídas a outros autores)

Colaboracións:

Francisco Manuel Castiñeira Román

Este libro debe citarse como:

Pérez-Dieste, J. & Almón, B. (2025). Anélidos do litoral de Galicia. Consellería do Mar. Xunta de Galicia (Ed.) 392 páxs.

Depósito legal:

Imprime:

ÍNDICE DE CONTIDOS

Página

PRÓLOGO	11
1. OS ANÉLIDOS	13
1.1 XENERALIDADES	13
1.2 MORFOLOXÍA	14
1.3 REPRODUCCIÓN E DESENVOLVEMENTO	17
1.4 ALIMENTACIÓN	16
1.5 LOCOMOCIÓN	19
1.6 TAXONOMÍA	20
1.6.1 Listaxe taxonómica	22
1.7 FICHAS DE ESPECIES	33
2. A ORDE SIPUNCULA	35
2.1 INTRODUCIÓN	35
2.2 MORFOLOXÍA	36
2.2.1 Parede corporal e celoma	37
2.2.2 Sistema esquelético e locomotor	39
2.2.3 Sistema dixestivo	40
2.2.4 Sistema nervioso e órganos sensoriais	41
2.2.5 Sistema circulatorio e intercambio gasoso	42
2.2.6 Sistema excretor e osmorregulación	42
2.3 ALIMENTACIÓN	42
2.4 REPRODUCCIÓN	43
2.5 TAXONOMÍA	43
2.6 FICHAS DE ESPECIES SIPUNCULA	45
3. A CLASE CITELLATA	55
3.1 INTRODUCIÓN	55
3.2 MORFOLOXÍA	56
3.2.1 Parede corporal e celoma	57
3.2.2 Sistema esquelético e locomotor	59
3.2.3 Sistema dixestivo	60
3.2.4 Sistema nervioso e órganos sensoriais	62
3.2.5 Sistema circulatorio e intercambio gasoso	63
3.2.6 Sistema excretor e osmorregulación	65
3.3 ALIMENTACIÓN	66
3.4 REPRODUCCIÓN	68

	Páxina
3.5 TAXONOMÍA	72
3.5.1 A subclase Hirudinea	72
3.5.2 A subclase Oligochaeta	73
3.6 FICHAS DE ESPECIES CITELLATA	75
4. A CLASE POLYCHAETA	81
4.1 INTRODUCCIÓN	81
4.2 MORFOLOXÍA	82
4.2.1 Parede corporal e celoma	86
4.2.2 Sistema esquelético e locomotor	88
4.2.3 Sistema dixestivo	90
4.2.4 Sistema nervioso e órganos sensoriais	92
4.2.5 Sistema circulatorio e intercambio gasoso	95
4.2.6 Sistema excretor e osmorregulación	97
4.3 ALIMENTACIÓN	98
4.4 REPRODUCCIÓN	100
4.5 TAXONOMÍA	102
4.5.1 A subclase Echiura	102
4.5.2 A subclase Errantia	104
4.5.3 A subclase Sedentaria	116
4.6 FICHAS DE ESPECIES POLYCHAETA	131
5. RECOLECCIÓN E IDENTIFICACIÓN DOS ANÉLIDOS	353
6. GLOSARIO	359
7. ÍNDICE DE ESPECIES	375
8. BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA	381

A gran variedade de hábitats e a elevada produtividade que as condicións oceanográficas e climáticas confiren ás augas costeiras de Galicia fan que os ecosistemas mariños da nosa comunidade autónoma sexan dos máis ricos do litoral Atlántico europeo. Ricos en canto á produción de recursos pesqueiros, marisqueiros e acuícolas, intimamente vencellada á nosa historia e determinante da nosa cultura e economía, e ricos así mesmo pola extraordinaria diversidade de especies animais e vexetais que se atopan nas nosas augas: nos mares de Galicia atópanse máis da metade das especies mariñas coñecidas en España.

A Consellería do Mar é consciente da necesidade integrar estes dous conceptos de riqueza nun enfoque sistémico, posto que a riqueza de recursos mariños é inevitablemente dependente da riqueza dos ecosistemas, e o aproveitamento dos primeiros debe garantir a sustentabilidade daqueles.

No deseño de liñas de traballo que desenvolvan estes dous conceptos complementarios, dous dos proxectos financiados por Redemar, a rede de colaboración entre a Administración, o sector pesqueiro e os organismos científicos de Galicia, diríxense a acadar a xestión sustentable e baixo un enfoque ecosistémico das existencias de poliquetos de interese comercial en Galicia, na procura da valorización do recurso e do avance no coñecemento da súa bioloxía e ecoloxía.

E por iso tamén se promove esta nova publicación da serie sobre a fauna mariña galega, iniciada xa en 2021. Despois dos volumes dedicados aos nudibranquios, ás esponxas, aos platelmintos e aos nemertinos de Galicia, Jacinto Pérez Dieste e Bruno Almón Pazos presentan unha descrición detallada da clasificación, a sistemática e a bioloxía básica do filo dos anélidos, vermes mariños dos que moi probablemente os mellor coñecidos por todos nós sexan os poliquetos.

A modo de escolma do coñecemento adquirido por estes dous investigadores en anos de estudo dos ecosistemas mariños de Galicia, esta monografía inclúe fichas detalladas de 231 especies diferentes, con impresionantes fotografías dos exemplares no seu medio natural, descricións das características morfolóxicas externas máis relevantes, e interesantes nocións sobre o hábitat, bioloxía e distribución de cada unha delas.

Deste xeito, a Consellería do Mar quere continuar a súa contribución á divulgación da riqueza do medio mariño de Galicia, de maneira que o coñecemento sobre a nosa fauna poida chegar ás comunidades científica e educativa, ao sector do mar, e ao público en xeral, nunha tarefa de sensibilización sobre a importancia da riqueza do noso medio mariño, en todos os sentidos, e da necesidade da súa conservación.

Marta Villaverde Acuña
Conselleira do Mar

PRÓLOGO

Coñezo desde hai varios anos o encomiable labor que Jacinto e Bruno, autores do presente libro, están a facer ao capturar coas súas cámaras fotográficas e estudar especies de moitos grupos taxonómicos da fauna submarina de Galicia. Desde o principio, sorprendeume o bo ollo taxonómico que teñen, o que lles permite facer unhas identificacións moi certeiras e rigorosas, así como as magníficas imaxes dos exemplares que conseguen nas súas innumerables inmersións na Ría de Arousa, cuxos fondos deben coñecer palmo a palmo, e noutras moitas zonas do litoral galego. Presentan nesta ocasión o volume dedicado aos anélidos mariños. galegos

Por propia experiencia, sei que cando che pregunta alguén en que consiste o teu traballo de investigación e dis que estudas anélidos mariños, é dicir, vermes, se o teu interlocutor non está versado no asunto, adoita poñer algo parecido a unha cara de noxo e, aínda que tente disimular, nótaselle na expresión certa repulsión. Non é de estrañar, pois a palabra verme en si xa nos resulta pouco agradable, e cando engadimos mariños, a cousa mellora algo, pero non moito, xa que se adoita pensar en miñocas (como se coñecen en Galicia) asociadas a lodo e a un inconfundible cheiro a ovos podrecidos. Con todo, se a esa mesma persoa lle amosas a continuación algunhas fotos deses animais, a opinión adoita cambiar e mesmo pode mostrar certa admiración diante das imaxes insospeitadamente belas, agochadas tras a palabra verme.

Este é o caso deste libro, no que o lector, en canto vexa a súa abundante iconografía, se vai atopar directamente cunhas imaxes espléndidas na parte introdutoria, que serven para aclarar os conceptos que se expresan no texto e, sobre todo, vai contemplar unhas fermosísimas fotos, no apartado das fichas descritivas das especies, deses vermes mariños que son o obxecto deste estudo.

Pero vaíamos por partes: o libro comeza cun texto, a modo de introdución, no que os autores explican detidamente que se entende en zooloxía por anélidos, que grupos de animais comprenden, e describen as características morfolóxicas e anatómicas dos seus integrantes. A redacción do devandito texto está feita de

forma moi clara e didáctica, sen dúbida coa pretensión de que poida ser entendida polo público profano na materia, pero ao mesmo tempo co necesario rigor científico. A continuación, para cada un dos grupos taxonómicos tratados, ofrécese unha serie de fotografías submarinas das especies, en forma de fichas, que constitúen no seu conxunto unhas ilustracións de gran calidade. Non é o obxectivo facer un catálogo exhaustivo das especies citadas de Galicia, pero a relación de especies que se inclúen nas fichas (máis de 230) é certamente moi importante. É imposible non admirar algunhas delas e máis se se cae na conta de que están feitas en inmersión e nunhas condicións, ás veces, de gran dificultade. A beleza de *Bispira volutacornis* (Montagu, 1804), *Sabella spallanzanii* (Gmelin, 1791), *Serpula vermicularis* Linnaeus, 1767, etc. sitúaos entre os invertebrados mariños máis coloridos e vistosos. Ademais, nalgúns deles móstransenos as construcións que realizan, con formas verdadeiramente curiosas, como os tubos de *Lanice conchilega* (Pallas, 1766) (non en balde é coñecido como verme *constructor*) ou os arrecifes de *Sabellaria alveolata* (Linnaeus, 1767) que resultan sorprendentes de ver no fondo do mar.

En resumidas contas, non me cabe a menor dúbida de que o lector gozará moito coa lectura do libro nun primeiro momento e, se é un interesado no tema, coa súa posterior consulta reiterada, ben por puro pracer de volver ver unhas imaxes preciosas ou por aclarar algunhas dúbidas de identificación. Ademais, o libro constitúe unha achega moi notable ao arquivo fotográfico xeral de especies de anélidos mariños de Galicia.



José Manuel Viéitez Martín
Catedrático de Zooloxía de Invertebrados non Artrópodos (xubilado)
Universidade de Alcalá, Alcalá de Henares (Madrid)

1. OS ANÉLIDOS

1.1 XENERALIDADES

O nome do filo, Annelida, deriva da palabra latina *anellus*, que significa "pequeno anel", en clara referencia ás estruturas segmentadas que presentan os corpos da maioría das especies, os aneis ou *metámeros*. Composto por máis de 20.000 especies, é un dos fillos de animais máis diverso e inclúe a especies tan dispares como as miñocas de terra, as sambesugas, os sipuncúlidos ou os poliquetos. Estes últimos, a gran maioría vermes mariños, presentan por si sós unha enorme diversidade. O seu tamaño pode variar desde apenas 1 milímetro ou menos, nas especies que forman parte da meiofauna, ata máis de 3 metros de lonxitude.

Os corpos brandos dos anélidos fan que a súa fosilización sexa un acontecemento especialmente raro, polo que o seu rexistro fósil é escaso. A pesar diso, uns poucos tipos son coñecidos desde o Cámbrico (hai uns 518 millóns de anos), e mesmo existen indicios da súa presenza no Precámbrico superior. Os fósiles de anélidos máis antigos e mellor conservados son os do xacemento cámbrico de Burgess Shale (Canadá) e os de estratos do Cámbrico Medio do House Range en Utah (Estados Unidos).

A base da moderna clasificación comeza con Linnaeus (1758), quen colocou todos os invertebrados (excepto os insectos) no taxon Vermes. En 1809, Lamarck viu afinidades entre os poliquetos e os oligoquetos, así como razoables diferenzas entre ambos os taxons e outros invertebrados (incluídos outros grupos de vermes), e creou o taxon Annelida. Pero tanto el como moitos outros científicos obviaron os hirudíneos (as sambesugas), os cales estaban entón incluídos cos platelmintos tremátodos. En 1816, Cuvier creou un grupo taxonómico clásico de rango superior, o taxon Articulata, onde agrupou os anélidos cos artrópodos con base na súa organización segmentada, idea que foi aceptada e que se fixo bastante popular durante case 200 anos, ata principios do presente século. Recentemente os anélidos foron agrupados, xunto os platelmintos, os nemertinos e os moluscos, nunha categoría superior apoiada por fortes evidencias moleculares, o clado Lophotrochozoa, cos platelmintos e nemertinos como os seus parentes máis próximos. Análises moleculares máis recentes suxiren que o filo Annelida engloba tamén varios fillos de animais vermiformes non segmentados considerados tradicionalmente independentes, os sipuncúlidos e os equiuroides, o que significa que a falta de segmentación dos corpos destes animais é un carácter derivado e,



Jean-Baptiste Lamarck (1744-1829) publicou en 1801 *Système des Animaux sans Vertèbres*, onde crea a clase *Annelida*, separándoa do antigo taxon Vermes.

insinuando por tanto, que a división do corpo en segmentos non é un carácter evolutivo tan representativo como se pensaba ata o momento.

Popularmente, os anélidos son coñecidos baixo o nome xenérico de vermes, termo que non ten ningún valor taxonómico. Este termo fai referencia a animais de corpo vermiforme pertencentes a distintos filis, como os nemertinos, nemátodos e mesmo platelmintos. Aínda que en ocasións poden presentar similitudes na súa aparencia externa debido a converxencias evolutivas, estas non presentan valor filoxenético.

A súa enorme variabilidade morfolóxica é o resultado da ampla gama de adaptacións a estilos de vida moi diversos e a diferentes contornas. Están presentes alí onde exista a suficiente cantidade de auga, como os hábitats acuáticos, ecosistemas mariños e ecosistemas de auga doce, tanto en *ecosistemas lénticos* (lagos, estanques, pantanos, etc.) como en *ecosistemas lóticos* (ríos, arrosios, mananciais, etc.), así como en hábitats terrestres en condicións de humidade elevada. Os anélidos presentan, ademais, formas de vida tanto libres como sedentarias.

Os anélidos realizan un importante servizo ecosistémico, ao contribuír de maneira significativa á descomposición do material orgánico e ter ademais un notable rol na rede alimentaria. Ao ser moi abundantes, supoñen unha gran fonte de alimentación para outros animais, tanto invertebrados como vertebrados. Algúns grupos de anélidos, con todo, aliméntanse doutros invertebrados (por exemplo, as sambesugas), e poden ser *ectoparasitos* ou *comensais*.

A maioría dos animais pertencentes ao filo Annelida mostran unhas "peculiaridades innovadoras" que, aínda que non presentes en todas as especies, os diferencian do resto de invertebrados. Entre estas características cabe destacar: a disposición corporal *metamérica*, a presenza dun *celoma* verdadeiro e a especialización das distintas partes corporais. Como consecuencia, desenvolveron unha *rexión cefálica* provista de distintos *órganos sensoriais*, un sistema nervioso central máis complexo cun "cerebro" e varios *ganglios*, un sistema circulatorio *metamérico* provisto de vasos sanguíneos musculares, un *sistema excretor metamérico* e, na gran maioría das especies, unha serie de apéndices pares (*podios*) en cada metámero.

1.2 MORFOLOXÍA

En consonancia coa enorme diversidade deste filo, o corpo dos anélidos

presenta innumerables variacións e formas moi diferentes. Son *protóstomos* cun corpo de aspecto vermiforme e *simetría bilateral*, que xeralmente está segmentado en numerosos *metámeros* ou segmentos similares entre si. A anatomía interna reflíctese así mesmo na externa, con repetición de diversos órganos en cada *metámero*. Como excepción a esta regra xeral, as especies pertencentes á subclase Echiura, da clase Polychaeta, e á orde Sipuncula presentan o seu corpo sen segmentar.



Fig 1.1 Debuxo lonxitudinal dun anélido tipo co corpo vermiforme e segmentado.

Os anélidos son animais *triblásticos* que presentan unha cavidade corporal denominada *celoma*. Esta cavidade está totalmente chea de fluído e nela están suspendidos os órganos. Mentres que nos oligoquetos e os poliquetos a *cavidade celomática* é tipicamente grande e espazosa, nas sablesugas (Hirudinea) está en gran parte chea de tecido e, desta forma, reducida a un sistema de estreitas canles.

Na maior parte das especies pertencentes ao filo Annelida, o *celoma* está dividido en segmentos por medio de tabiques transversais, o que representa unha novidade evolutiva con respecto aos anélidos non segmentados. Cada tabique separa un segmento corporal, que inclúe unha parte dos *sistemas nervioso e circulatorio*, o que lles permite funcionar de modo relativamente independente. Cada un destes segmentos independentes denomínase **metámero**, e están marcados externamente por un ou máis aneis.




Fig 1.2 Sección corporal dun anélido tipo coas súas distintas partes.

A parede corporal dos anélidos está formada por 4 capas ben delimitadas: a **cutícula**, unha capa protectora delgada, a **epiderme**, que é simple, glandular e que se encarga de segregar a *cutícula*, o **tecido muscular**, disposto como mínimo nunha capa de musculatura circular e baixo esta outra de musculatura lonxitudinal, e a **somatopleura**, a parte máis interna que tapiza o *espazo celomático*, así como a superficie dos órganos internos.

A maior parte das especies presentan, así mesmo, unha división corporal en tres partes: a **cabeza** (formada polo **prostomio** e o **peristomio**), o **metastomio** (conxunto de todos os segmentos corporais) e o **pixidio**.

O *prostomio*, cando está presente, cumpre funcións sensoriais a través de órganos importantes, como *tentáculos*, *palpos* e *ollos*, e está moi desenvolvido nos poliquetos. A continuación sitúase o *peristomio*, onde se atopa a boca. Primitivamente, estas dúas rexións son *premetaméricas* (xa están presentes nos estados larvários) e non posúen *sedas*, pero nalgúns especies incorporáronse secundariamente verdadeiros segmentos á cabeza que poden presentar *sedas* laterais. O *metastomio* está formado por un número de *metámeros* variable, similares na maior parte dos anélidos móbiles, pero que están diferenciados nas especies pertencentes a algúns grupos pouco móbiles para formar unha *rexión torácica* anterior e outra *abdominal* posterior. Os *metámeros* das especies pertencentes ás clases Polychaeta e Oligochaeta están provistos de *sedas*, unhas estruturas pilosas compostas de quitina, cuxa función pode ser táctil, locomotriz ou de ancoraxe ao substrato. Nos poliquetos as *sedas* xorden duns apéndices ciliados pares, os *podios*. O *pixidio* é un anel terminal *posmetamérico* e a parte final do corpo dalgúns anélidos, onde se atopa o ano, que pode presentar *uritos* ou *cirros anais*.

Os *sistemas dixestivo, circulatorio e nervioso* esténdense ao longo de todo o corpo, atravesando os septos dos *metámeros*. O *sistema dixestivo* é completo e está formado por **boca, farinxe, esófago, estómago, intestino e ano**.




Fig 1.3 Esquema do sistema circulatorio típico dun anélido.

O *sistema circulatorio* é pechado e, na maioría dos anélidos, está formado por dous *vasos* lonxitudinais principais. O *vaso* dorsal, que se sitúa sobre o *sistema dixestivo* e esténdese desde a *farinxe* ata o ano, funciona a modo de "bomba impulsora" enviando o sangue, que vén desde os distintos órganos e tecidos cara á parte anterior, onde cinco pares de *arcos aórticos* a derivan ao *vaso* ventral encargado da súa distribución polas distintas partes do corpo. En cada *metámero* o *vaso* ventral ramifícase noutros *vasos* menores para irrigar a parede corporal, os *nefridios* e os *podios* (nas especies que os posúen). O sangue pode portar *hemoproteínas*, como a *clorocruorina* e a *hemoglobina*, disoltas no plasma e cuxa función é o transporte de osíxeno. Os sipuncúlidos carecen dun *sistema circulatorio*, e é o *líquido celomático* o encargado de realizar o transporte de gases e nutrientes.

O *sistema excretor* é *metamérico* e consta de *nefridios* ou túbulos ciliados que se abren ao exterior a través dun *poro*, o *poro nefrítico*, mentres que cara ao interior se comunican co *celoma* por medio dun funil ou *nefrostoma*. Os anélidos segmentados presentan xeralmente un par de *nefridios* por *metámero*.

O *sistema nervioso* está formado por un "cerebro" bilobulado e un ou dous *cordóns nerviosos* lonxitudinais ventrais que posúen *neuronas* con *axóns* xigantes que permiten a contracción simultánea dos músculos corporais. A maioría dos anélidos presentan, ademais, en cada *metámero* un par de *ganglios* conectados entre si por medio de *comisuras transversais*.

O intercambio gasoso realízase de diversas formas. Pode realizarse por medio de *branquias*, *radiolos* ou directamente a través da parede corporal. Moitas especies están adaptadas a vivir con baixos niveis de osíxeno, como as que habitan substratos fimosos ou *ecosistemas lénticos*.

1.3 REPRODUCCIÓN E DESENVOLVEMENTO

A reprodución dos anélidos pode ser asexual ou sexual, dependendo da especie.

A *reprodución sexual* permítelles adaptarse mellor ao seu ambiente. Existen especies *hermafroditas* e outras que presentan os sexos separados. As especies *hermafroditas*, maioritariamente pertencentes á clase Clitellata, en condicións ambientais favorables reproducense durante todo o ano, pero son incapaces de fecundarse a si mesmas. Para lograr a fecundación, as parellas atráense por secrecións individuais para copular, o que logran situando os seus corpos xuntos pero en direccións opostas. O *esperma* é transferido dun individuo ao outro para fecundar os ovos reciprocamente. Estas especies presentan unha estrutura especial derivada da epiderme denominada *clitelo*, que segrega unha vaíña xelatinosa (*casulo*) na que se aloxan, dependendo da especie, os *óvulos* e *espermatozoides* (onde ocorre a fecundación), ou directamente os *cigotos*. O seu desenvolvemento é directo, de cada ovo sae un individuo xuvenil.



O poliqueto *Myrianida pinnigera* reproducéase asexualmente por xemación. Na parte traseira do seu corpo vanse formando estolóns que, a medida que van madurando, se escinden, converténdose en novos individuos.

Na *reproducción asexual*, o método maioritariamente usado por algúns anélidos é a *reproducción por escisión*, o que lles permite reproducirse de forma rápida. Nestes casos, a parte traseira do corpo despréndese formando un novo individuo. O lugar da rotura está definido e inducido xeralmente por un crecemento *epidérmico*. Algunhas especies, aínda que incapaces de reproducirse desta forma, poden chegar a restablecer a maior parte dos seus segmentos posteriores pola gran capacidade rexenerativa que presentan na maioría dos casos.

Outras especies presentan sexos separados, como a maior parte dos poliquetos, e a súa fertilización é cruzada e externa. Os ovos fecundados poden ser incubados e protexidos por un adulto ou poden ter desenvolvemento planctónico.

A primeira etapa de desenvolvemento da maioría destes anélidos é unha *larva trocófora* ciliada, *planctónica* ou *bentónica*, similar ás que se atopan noutros filos. Tras as correspondentes *metamorfoses*, comeza a desenvolver os seus segmentos, un tras outro, converténdose nun xuvenil similar a un adulto. En moitos casos, o crecemento prodúcese por medio da duplicación das unidades segmentarias individuais, os *metámeros*, pero noutros o número de *metámeros* está fixado desde o desenvolvemento temperán.



Un fenómeno reprodutivo característico de certos poliquetos é a *epitokia*, que consiste basicamente na transformación dun individuo non reprodutor de vida bentónica (*átoco*) nun individuo reprodutor adaptado á vida peláxica (*epítoco*). Para garantir a fecundación, os *epítocos* reúnense preto da superficie mariña e liberan os seus *gametos sexuais*, masculinos e femininos, ao unísono.

Os anélidos teñen unha lonxevidade que pode variar desde uns meses ata varios anos.

1.4 ALIMENTACIÓN

A alimentación dos anélidos é moi variada. Poden ser herbívoros, carnívoros, necrófagos, detritófagos, depositófagos, suspensívoros ou mesmo alimentarse de fluídos corporais doutras especies animais, como o sangue.

A maioría dos oligoquetos son depositófagos, ao alimentarse principalmente de partículas de materia orgánica do sedimento en que habitan, e ocasionalmente necrófagos. Os hirudíneos aliméntanse principalmente dos fluídos corporais dos seus *hóspedes*, especialmente vertebrados. Os sipuncúlidos son eminentemente suspensívoros.

As especies pertencentes á clase Polychaeta mostran moita maior variedade alimentaria, en concordancia coas súas diferentes formas de vida e hábitats. Hai depredadores, necrófagos, herbívoros, omnívoros, depositófagos, selectivos e non selectivos, e suspensívoros.

1.5 LOCOMOCIÓN

Aínda que a gran maioría dos anélidos vive en íntima asociación co substrato (*infaunais*, *sedentarios* ou *errantes*), e que se podería dicir que son tipicamente *bentónicos*, existen especies *peláxicas* capaces de vivir toda a súa vida nadando na columna de auga.

Os anélidos presentan dúas formas básicas de locomoción: por medio de movementos sinuosos e/ou por *movimentos peristálticos*. Ambos os movementos poden ser realizados de forma individual ou conxuntamente, e combinarse e traballar ao unísono coa *farinxe evaxinable*, os *podios* e as *sedas*.



Fotografía de *Nephtys hombergii* onde se aprecia o seu desprazamento sinuoso.

Os movementos sinuosos son utilizados principalmente polos anélidos que se desprazan sobre o sedimento. Están ocasionados por ondulacións producidas nun só plano, xeradas pola contracción alterna dos músculos lonxitudinais

dereitos e esquerdos. Se as ondulacións van desde a cabeza á cola, o verme avanza, e de forma contraria, o verme retrocede. Nalgúns casos o anélido pode favorecer o movemento do seu corpo mediante a proxección da *probóscide*, tratando de fixala e posteriormente retraela para así contribuír ao avance. Os poliquetos acompañan as ondulacións cos movementos dos *podios* e as *sedas*.

Moitos anélidos, especialmente os escavadores, combinan para o seu desprazamento os movementos sinuosos cos *movimentos peristálticos*. Para iso usan tanto os músculos lonxitudinais como os circulares. A contracción da capa muscular lonxitudinal ocasiona unha diminución da lonxitude corporal acompañada por un aumento do seu diámetro. Pola contra, os músculos circulares determinan o alongamento e estreitamento corporal. Estes movementos poden ser potenciados nalgúns especies por medio da fixación ao substrato de *podios* e *sedas*. Os *metámeros* incrementan o seu diámetro cando se relaxa a súa musculatura circular, recibindo así o *líquido celomático* transferido dos *metámeros* onde esta se contrae. Estes *metámeros* cun maior diámetro son os que usa o anélido para ancorarse ao substrato, xerando un punto de apoio que favorece o seu avance sen escorregar.

A *metamerización* do corpo dos anélidos favorece a súa locomoción, ao permitir que se realicen as contraccións musculares por *metámeros* simples ou por grupos. Cada *metámero* pode moverse de forma independente ou combinada con outros. Esta característica facilita diferentes tipos de movementos que os axudan a escavar ou, mesmo, perforar o substrato. No caso particular dos hirudíneos, ao carecer de segmentación interna e posuír un *celoma* reducido, o desprazamento está ocasionado unicamente pola contracción e extensión do corpo axudado pola fixación das súas *ventosas*.

1.6 TAXONOMÍA

O filo Annelida inclúe 2 clases, Clitellata e Polychaeta, a orde Sipuncula e unha superclase cun nome temporal, Annelida *incertae sedis*.



O hirudíneo *Pontobdella muricata* sobre a raia *Raja undulata*

A **clase Clitellata** inclúe unhas 5000 especies de anélidos que presentan unha rexión corporal especializada con forma de collar, o *clitelo*, que ten unha importante función na reprodución. Carecen de *podios* e a súa cabeza está pouco desenvolvida. A maioría das especies desta clase portan nos seus *metámeros* unhas poucas *sedas*. A gran maioría son especies terrestres e de auga doce, mentres que unha minoría vive nun ambiente mariño.



O poliqueto *Nereiphylla paretii*

A **clase Polychaeta** é o grupo de anélidos máis numeroso (unhas 13.000 especies descritas) e supostamente o máis primitivo, ao incluír especies máis similares ao tipo orixinal do filo. Son animais exclusivamente acuáticos, a gran maioría mariños, que se caracterizan por posuír un par de *podios* en cada *metámero* dotados de múltiples *sedas*. O grupo é *parafilético* e inclúe as especies máis especializadas do filo.

A **orde Sipuncula** inclúe unhas 168 especies escavadoras (exclusivamente mariñas) de anélidos non segmentados. O seu *sistema dixestivo* presenta forma de "U" e o seu *celoma* está dividido en dúas partes: o *celoma* do introverto e o *celoma* corporal. Non presentan un verdadeiro *sistema circulatorio*. Son coñecidos vulgarmente como "vermes cacahuete" e ata datas recentes considerábanse un filo independente.



O sipúnculo *Phascolion strombus*

A **superclase Annelida incertae sedis** inclúe especies de dubidosa filiación ao filo Annelida, que engloba tanto especies pertencentes á *meiofauna* con tamaños de menos de 1 milímetro, segmentados ou sen segmentar, como outros de corpo aplanado e de contorno redondeado que viven como parasitos de equinodermos e de esponxas.

Actualmente, os estudos filoxenéticos deron un grande impulso á sistemática de todos os organismos, variando a enorme velocidade a sistemática dos diferentes grupos animais, do que non se libra o filo Annelida. Neste libro seguiuise a sistemática proposta por WoRMS (Rexistro Mundial de Especies Mariñas), unha ferramenta que se volveu fundamental en manter actualizada toda a información sobre a vida mariña e que calquera persoa pode consultar en aberto na rede (www.marinespecies.org).

1.6.1 Listaxe taxonómica

Filo: Annelida Lamarck, 1802

Orde: Sipuncula Stephen, 1965

Familia: Golfingiidae Stephen & Edmonds, 1972

Xénero: *Golfingia* Lankester, 1885

Subxénero: *Golfingia* (*Golfingia*) Lankester, 1885

Especie: *Golfingia* (*Golfingia*) *elongata* (Keferstein, 1862)

Especie: *Golfingia* (*Golfingia*) *vulgaris vulgaris* (Blainville, 1827)

Xénero: *Nephasoma* Pergament, 1940

Subxénero: *Nephasoma* (*Nephasoma*) Pergament, 1946

Especie: *Nephasoma* (*Nephasoma*) *minutum* (Keferstein, 1862)

Especie: *Nephasoma* (*Nephasoma*) *rimicola* (Gibbs, 1973)

Xénero: *Phascolion* Théel, 1875

Subxénero: *Phascolion* (*Phascolion*) Théel, 1875

Especie: *Phascolion* (*Phascolion*) *strombus strombus* (Montagu, 1804)

Familia: Phascolosomatidae Stephen & Edmonds, 1972

Xénero: *Phascolosoma* Leuckart, 1828

Subxénero: *Phascolosoma* (*Phascolosoma*) Leuckart, 1828

Especie: *Phascolosoma* (*Phascolosoma*) *granulatum* Leuckart, 1828

Especie: *Phascolosoma* (*Phascolosoma*) *stephensoni* (Stephen, 1942)

Familia: Sipunculidae Rafinesque, 1814

Xénero: *Sipunculus* Linnaeus, 1766

Subxénero: *Sipunculus* (*Sipunculus*) Linnaeus, 1766

Especie: *Sipunculus* (*Sipunculus*) *nudus* Linnaeus, 1766

Clase: Citellata Michaelsen, 1919

Subclase: Hirudinea Savigny, 1822

Infraclasse: Euhirudinea Lukin, 1956

Orde: Rhynchobdellida Blanchard, 1894

Familia: Piscicolidae Johnston, 1865

Xénero: *Calliobdella* van Beneden & Hesse, 1863

Especie: *Calliobdella* *lophii* Van Beneden & Hesse, 1863

Especie: *Calliobdella* *nodulifera* (Malm, 1863)

Subfamilia: Platybdellinae Epshtein, 1970

Xénero: *Hemibdella* van Beneden & Hesse, 1863

Especie: *Hemibdella* *soleae* (van Beneden & Hesse, 1863)

Subfamilia: Pontobdellinae Llewellyn, 1966

Xénero: *Pontobdella* Leach, 1815

Especie: *Pontobdella* *muricata* (Linnaeus, 1758)

Subclase: Oligochaeta Grube, 1850

Orde: Tubificida Jamieson, 1978

Suborde: Tubificina

Familia: Naididae Ehrenberg, 1831

Subfamilia: Tubificinae Claus, 1876

Xénero: *Baltidrilus* Timm, 2013

Especie: *Baltidrilus* *costatus* (Claparède, 1863)

Clase: Polychaeta Grube, 1850
Subclase: Echiura Sedgwick, 1898
Orde: Echiuroidea
Suborde: Bonelliida
Familia: Bonelliidae Lacaze-Duthiers, 1858
Xénero: *Bonellia* Rolando, 1822
Especie: *Bonellia viridis* Rolando, 1822
Suborde: Echiurida
Familia: Thalassematidae Forbes & Goodsir, 1841
Xénero: *Thalassema* Pallas, 1774
Especie: *Thalassema thalassema* (Pallas, 1774)
Subclase: Errantia Audouin & H Milne Edwards, 1832
Orde: Amphinomida
Familia: Euphosinidae Williams, 1852
Xénero: *Euphosine* Lamarck, 1818
Especie: *Euphosine foliosa* Audouin & H Milne Edwards, 1833
Orde: Eunicida
Familia: Dorvilleidae Chamberlin, 1919
Xénero: *Dorvillea* Parfitt, 1866
Especie: *Dorvillea rubrovittata* (Grube, 1855)
Familia: Eunicidae Berthold, 1827
Xénero: *Eunice* Cuvier, 1817
Especie: *Eunice norvegica* (Linnaeus, 1767)
Especie: *Eunice oerstedii* Stimpson, 1853
Especie: *Eunice pennata* (Müller, 1776)
Especie: *Eunice roussaei* Quatrefages, 1866
Especie: *Eunice woodwardi* Baird, 1869
Xénero: *Leodice* Lamarck, 1818
Especie: *Leodice harassii* (Audouin & Milne Edwards, 1833)
Especie: *Leodice torquata* (Quatrefages, 1866)
Xénero: *Lysidice* Lamarck, 1818
Especie: *Lysidice ninetta* Audouin & H Milne Edwards, 1833
Xénero: *Marphysa* Quatrefages, 1866
Especie: *Marphysa sanguinea* (Montagu, 1813)
Familia: Lumbrineridae Schmarda, 1861
Xénero: *Abyssoninoe* Orensanz, 1990
Especie: *Abyssoninoe hibernica* (McIntosh, 1903)
Xénero: *Hilbigneris* Carrera-Parra, 2006
Especie: *Hilbigneris gracilis* (Ehlers, 1868)
Xénero: *Lumbrineris* Blainville, 1828
Especie: *Lumbrineris coccinea* (Renier, 1804)
Especie: *Lumbrineris labrofimbriata* Saint-Joseph, 1888
Especie: *Lumbrineris latreilli* Audouin & Milne Edwards, 1833
Xénero: *Scoletoma* Blainville, 1828
Especie: *Scoletoma fragilis* (O.F. Müller, 1776)
Especie: *Scoletoma laurentiana* (Grube, 1863)

Familia: Oeononidae Kinberg, 1865
Xénero: *Drilonereis* Claparède, 1870
Especie: *Drilonereis filum* (Claparède, 1868)
Familia: Onuphidae Kinberg, 1865
Subfamilia: Onuphinae
Xénero: *Diopatra* Audouin & Milne Edwards, 1833
Especie: *Diopatra neapolitana* Delle Chiaje, 1841
Orde: Phyllodocida
Suborde: Aphroditiformia Levinsen, 1883
Familia: Aphroditidae Malmgren, 1867
Xénero: *Aphrodita* Linnaeus, 1758
Especie: *Aphrodita aculeata* Linnaeus, 1758
Xénero: *Pontogenia* Claparède, 1868
Especie: *Pontogenia chrysocoma* (Baird, 1865)
Familia: Polynoidae Kinberg, 1856
Subfamilia: Arctonoinae Hanley, 1989
Xénero: *Adyte* Saint-Joseph, 1899
Especie: *Adyte hyalina* (G.O. Sars, 1873)
Subfamilia: Lepidonotinae Willey, 1902
Xénero: *Alentia* Malmgren, 1865
Especie: *Alentia gelatinosa* (M. Sars, 1835)
Xénero: *Lepidonotus* Leach, 1816
Especie: *Lepidonotus clava* (Montagu, 1808)
Especie: *Lepidonotus squamatus* (Linnaeus, 1758)
Subfamilia: Polynoinae Kinberg, 1856
Xénero: *Acholoe* Claparède, 1870
Especie: *Acholoe squamosa* (Delle Chiaje, 1827)
Xénero: *Gattyana* McIntosh, 1897
Especie: *Gattyana cirrhosa* (Pallas, 1766)
Xénero: *Harmothoe* Kinberg, 1856
Especie: *Harmothoe antilopes* McIntosh, 1876
Especie: *Harmothoe areolata* (Grube, 1860)
Especie: *Harmothoe bellani* Barnich & Fiege, 2000
Especie: *Harmothoe clavigera* (M. Sars, 1863)
Especie: *Harmothoe extenuata* (Grube, 1840)
Especie: *Harmothoe gilchristi* Day, 1960
Especie: *Harmothoe imbricata* (Linnaeus, 1767)
Especie: *Harmothoe impar* (Johnston, 1839)
Especie: *Harmothoe pokoui* Intes & Le Loeuff, 1975
Especie: *Harmothoe spinifera* (Ehlers, 1864)
Xénero: *Leucia* Malmgren, 1867
Especie: *Leucia nivea* (M. Sars, 1863)
Xénero: *Malmgrenia* McIntosh, 1874
Especie: *Malmgrenia andreapolis* McIntosh, 1874
Especie: *Malmgrenia castanea* McIntosh, 1876
Especie: *Malmgrenia lunulata* (Delle Chiaje, 1830)

- Xénero:** *Subadyte* Pettibone, 1969
Especie: *Subadyte pellucida* (Ehlers, 1864)
- Xénero:** *Polynoe* Lamarck, 1818
Especie: *Polynoe scolopendrina* Savigny, 1822
- Familia:** Sigalionidae Kinberg, 1856
Xénero: *Sthenelais* Kinberg, 1856
Especie: *Sthenelais boa* (Johnston, 1833)
Especie: *Sthenelais limicola* (Ehlers, 1864)
- Subfamilia:** Pholoinae Kinberg, 1858
Xénero: *Pholoe* Johnston, 1839
Especie: *Pholoe inornata* Johnston, 1839
- Subfamilia:** Sigalioninae Kinberg, 1856
Xénero: *Euthalenessa* Darboux, 1899
Especie: *Euthalenessa oculata* (Peters, 1854)
- Xénero:** *Fimbriosthenelais* Pettibone, 1971
Especie: *Fimbriosthenelais minor* (Pruvot & Racovitza, 1895)
Especie: *Fimbriosthenelais zetlandica* (McIntosh, 1876)
- Suborde:** Glyceriformia
Familia: Glyceridae Grube, 1850
Xénero: *Glycera* Lamarck, 1818
Especie: *Glycera alba* (O.F. Müller, 1776)
Especie: *Glycera celtica* O'connor, 1987
Especie: *Glycera fallax* Quatrefages, 1850
Especie: *Glycera lapidum* Quatrefages, 1866
Especie: *Glycera oxycephala* Ehlers, 1887
Especie: *Glycera tridactyla* Schmarida, 1861
Especie: *Glycera unicornis* Lamarck, 1818
- Suborde:** Nereidiformia
Familia: Hesionidae Grube, 1850
Subfamilia: Ophiidrominae Pleijel, 1998
Tribo: Amphidurini Pleijel, Rouse, Sundkvist & Nygren, 2012
Xénero: *Neogyptis* Pleijel, Rouse, Sundkvist & Nygren, 2012
Especie: *Neogyptis rosea* (Malm, 1874)
Tribo: Ophiidromini
Xénero: *Oxydromus* Grube, 1855
Especie: *Oxydromus flexuosus* (Delle Chiaje, 1827)
- Subfamilia:** Psamathinae Pleijel, 1998
Xénero: *Hesiospina* Imajima & Hartman, 1964
Especie: *Hesiospina aurantiaca* (M. Sars, 1862)
Xénero: *Psamathe* Johnston, 1836
Especie: *Psamathe fusca* Johnston, 1836
- Familia:** Nereididae Blainville, 1818
Subfamilia: Nereidinae Blainville, 1818
Xénero: *Alitta* Kinberg, 1865
Especie: *Alitta succinea* (Leuckart, 1847)
Especie: *Alitta virens* (M. Sars, 1835)

- Xénero:** *Composetia* Hartmann-Schröder, 1985
Especie: *Composetia costae* (Grube, 1840)
- Xénero:** *Eunereis* Malmgren, 1865
Especie: *Eunereis longissima* (Johnston, 1840)
- Xénero:** *Hediste* Malmgren, 1867
Especie: *Hediste diversicolor* (O.F. Müller, 1776)
- Xénero:** *Neanthes* Kinberg, 1865
Especie: *Neanthes fucata* (Savigny, 1822)
Especie: *Neanthes nubila* (Savigny, 1822)
- Xénero:** *Nereis* Linnaeus, 1758
Especie: *Nereis pelagica* Linnaeus, 1758
Especie: *Nereis pulsatoria* (Savigny, 1822)
Especie: *Nereis splendida* Grube, 1840
- Xénero:** *Perinereis* Kinberg, 1865
Especie: *Perinereis cultrifera* (Grube, 1840)
Especie: *Perinereis oliveirae* (Horst, 1889)
- Xénero:** *Platynereis* Kinberg, 1865
Especie: *Platynereis coccinea* (Delle Chiaje, 1822)
Especie: *Platynereis dumerilii* (Audouin & Milne Edwards, 1833)
- Familia:** Syllidae Grube, 1850
- Subfamilia:** Autolytinae Langerhans, 1879
- Tribo:** Autolytini Langerhans, 1879
- Xénero:** *Myrianida* Milne Edwards, 1845
Especie: *Myrianida pinnigera* (Montagu, 1808)
- Subfamilia:** Eusyllinae Malaquin, 1893
- Xénero:** *Amblyosyllis* Grube, 1857
Especie: *Amblyosyllis spectabilis* (Johnston in Baird, 1861)
- Xénero:** *Eusyllis* Malmgren, 1867
Especie: *Eusyllis blomstrandii* Malmgren, 1867
- Xénero:** *Odontosyllis* Claparède, 1863
Especie: *Odontosyllis gibba* Claparède, 1863
- Xénero:** *Opisthodonta* Langerhans, 1879
Especie: *Opisthodonta longocirrata* (Saint-Joseph, 1887)
- Subfamilia:** Syllinae Grube, 1850
- Xénero:** *Syllis* Lamarck, 1818
Especie: *Syllis armillaris* (O.F. Müller, 1776)
Especie: *Syllis gracilis* Grube, 1840
Especie: *Syllis krohnii* Ehlers, 1864
Especie: *Syllis parapari* San Martín & López, 2000
- Xénero:** *Trypanosyllis* Claparède, 1864
Especie: *Trypanosyllis krohnii* Claparède, 1864
Especie: *Trypanosyllis zebra* (Grube, 1860)
- Suborde:** Phyllodociformia Levinsen, 1883
- Familia:** Phyllodocidae Örsted, 1843
- Subfamilia:** Eteoninae Bergström, 1914
- Xénero:** *Eulalia* Savigny, 1822
Especie: *Eulalia aurea* Gravier, 1896

- Especie:** *Eulalia clavigera* (Audouin & Milne Edwards, 1833)
Especie: *Eulalia fuscescens* Saint-Joseph, 1888
Xénero: *Eumida* Malmgren, 1865
Especie: *Eumida parva* (Saint-Joseph, 1888)
Especie: *Eumida punctifera* (Grube, 1860)
Especie: *Eumida sanguinea* (Örsted, 1843)
Xénero: *Hypereteone* Bergström, 1914
Especie: *Hypereteone foliosa* (Quatrefages, 1865)
Xénero: *Mysta* Malmgren, 1865
Especie: *Mysta picta* (Quatrefages, 1866)
Especie: *Mysta siphodonta* (Delle Chiaje, 1830)
Xénero: *Pterocirrus* Claparède, 1868
Especie: *Pterocirrus limbatus* (Claparède, 1868)
Especie: *Pterocirrus macroceros* (Grube, 1860)
Tribo: Alciopini Ehlers, 1864
Xénero: *Torrea* Quatrefages, 1850
Especie: *Torrea candida* (Delle Chiaje, 1841)
Subfamilia: Notophyllinae Pleijel, 1991
Xénero: *Nereiphylla* Blainville, 1828
Especie: *Nereiphylla paretii* Blainville, 1828
Especie: *Nereiphylla rubiginosa* (de Saint-Joseph, 1888)
Especie: *Nereiphylla* sp.
Subfamilia: Phyllodocinae Örsted, 1843
Xénero: *Paranaitis* Southern, 1914
Especie: *Paranaitis kosteriensis* (Malmgren, 1867)
Xénero: *Phyllodoce* Lamarck, 1818
Especie: *Phyllodoce groenlandica* Örsted, 1842
Especie: *Phyllodoce lamelligera* (Gmelin in Linnaeus, 1788)
Especie: *Phyllodoce laminosa* Savigny in Lamarck, 1818
Especie: *Phyllodoce lineata* (Claparède, 1870)
Especie: *Phyllodoce maculata* (Linnaeus, 1767)
Especie: *Phyllodoce madeirensis* Lagerhans 1880
Especie: *Phyllodoce mucosa* Örsted, 1843
Suborde: Phyllodocida incertae sedis
Familia: Nephtyidae Grube, 1850
Xénero: *Nephtys* Cuvier, 1817
Especie: *Nephtys assimilis* Örsted, 1843
Especie: *Nephtys caeca* (Fabricius, 1780)
Especie: *Nephtys ciliata* (Müller, 1788)
Especie: *Nephtys cirrosa* Ehlers, 1868
Especie: *Nephtys hombergii* Savigny in Lamarck, 1818
Especie: *Nephtys longosetosa* Örsted, 1842
Familia: Sphaerodoridae Malmgren, 1867
Xénero: *Sphaerodorum* Örsted, 1843
Especie: *Sphaerodorum gracilis* (Rathke, 1843)

- Subclase:** Sedentaria Lamarck, 1818
- Familia:** Chaetopteridae Audouin & Milne Edwards, 1833
 - Xénero:** *Chaetopterus* Cuvier, 1830
 - Especie:** *Chaetopterus variopedatus* (Renier, 1804)
 - Xénero:** *Phyllochaetopterus* Grube, 1863
 - Especie:** *Phyllochaetopterus anglicus* Potts, 1914
 - Especie:** *Phyllochaetopterus socialis* Claparède, 1869
 - Xénero:** *Spiochaetopterus* M Sars, 1856
 - Especie:** *Spiochaetopterus solitarius* (Rioja, 1917)
 - Infraclase:** Canalipalpata Rouse & Fauchald, 1997 non Linnaean
 - Familia:** Sabellariidae Johnston, 1865
 - Xénero:** *Sabellaria* Lamarck, 1818
 - Especie:** *Sabellaria alveolata* (Linnaeus, 1767)
 - Especie:** *Sabellaria spinulosa* (Leuckart, 1849)
 - Orde:** Sabellida Levinsen, 1883
 - Familia:** Sabellidae Latreille, 1825
 - Subfamilia:** Myxicolinae Rioja, 1923
 - Tribo:** Myxicolini Rioja, 1923
 - Xénero:** *Myxicola* Koch in Renier in Meneghini, 1847
 - Especie:** *Myxicola infundibulum* (Montagu, 1808)
 - Especie:** *Myxicola polychroma* Darbyshire, 2023
 - Subfamilia:** Sabellinae Chamberlin, 1919
 - Xénero:** *Acromegalomma* Gil & Nishi, 2017
 - Especie:** *Acromegalomma lanigerum* (Grube, 1846)
 - Especie:** *Acromegalomma vesiculosum* (Montagu, 1813)
 - Xénero:** *Bispira* Krøyer, 1856
 - Especie:** *Bispira polyomma* Giangrande & Faasse, 2012
 - Especie:** *Bispira volutacornis* (Montagu, 1804)
 - Xénero:** *Branchiomma* Kölliker, 1858
 - Especie:** *Branchiomma bombyx* (Dalyell, 1853)
 - Especie:** *Branchiomma lucullanum* (Delle Chiaje, 1828)
 - Especie:** *Branchiomma maerli* Licciano & Giangrande, 2008
 - Xénero:** *Hypsicomus* Grube, 1870
 - Especie:** *Hypsicomus stichophthalmos* (Grube, 1863)
 - Xénero:** *Potamilla* Malmgren, 1866
 - Especie:** *Potamilla torelli* Malmgren, 1866
 - Xénero:** *Sabella* Linnaeus, 1767
 - Especie:** *Sabella discifera* Grube, 1874
 - Especie:** *Sabella pavonina* Savigny, 1822
 - Especie:** *Sabella spallanzanii* (Gmelin, 1791)
 - Familia:** Serpulidae Rafinesque, 1815
 - Subfamilia:** Filograninae Rioja, 1923
 - Xénero:** *Filograna* Berkeley, 1835
 - Especie:** *Filograna implexa* Berkeley, 1835
 - Xénero:** *Protula* Risso, 1826
 - Especie:** *Protula intestinum* (Lamarck, 1818)
 - Especie:** *Protula tubularia* (Montagu, 1803)

Xénero: *Salmacina* Claparède, 1870
Especie: *Salmacina dysteri* (Huxley, 1855)
Especie: *Salmacina incrustans* Claparède, 1870
Subfamilia: Serpulinae Rafinesque, 1815
Tribo: Ficopomatini Pillai, 1960
Xénero: *Ficopomatus* Southern, 1921
Especie: *Ficopomatus enigmaticus* (Fauvel, 1923)
Xénero: *Spirobranchus* Blainville, 1818
Especie: *Spirobranchus lamarcki* (Quatrefages, 1866)
Especie: *Spirobranchus Polytrema* (Philippi, 1844)
Especie: *Spirobranchus triquetter* (Linnaeus, 1758)
Tribo: Serpulini Rafinesque, 1815
Xénero: *Hydroides* Gunnerus, 1768
Especie: *Hydroides elegans* (Haswell, 1883) [nomen protectum]
Especie: *Hydroides norvegica* Gunnerus, 1768
Xénero: *Serpula* Linnaeus, 1758
Especie: *Serpula vermicularis* Linnaeus, 1767
Subfamilia: Spirorbinae Chamberlin, 1919
Tribo: Circeini
Xénero: *Circeis* Saint-Joseph, 1894
Especie: *Circeis spirillum* (Linnaeus, 1758)
Tribo: Januini Knight-Jones, 1978
Xénero: *Janua* Saint-Joseph, 1894
Especie: *Janua heterostropha* (Montagu, 1803)
Tribo: Pileolariini
Xénero: *Pileolaria* Claparède, 1868
Especie: *Pileolaria militaris* Claparède, 1870
Tribo: Spirorbini Chamberlin, 1919
Xénero: *Spirorbis* Daudin, 1800
Subgénero: *Spirorbis (Spirorbis)* Daudin, 1800
Especie: *Spirorbis (Spirorbis) inornatus* L'Hardy & Quievreux, 1962
Especie: *Spirorbis (Spirorbis) spirorbis* (Linnaeus, 1758)
Orde: Spionida sensu Rouse & Fauchald, 1997
Suborde: Spioniformia
Familia: Spionidae Grube, 1850
Xénero: *Aonides* Claparède, 1864
Especie: *Aonides oxycephala* (Sars, 1862)
Xénero: *Boccardia* Carazzi, 1893
Especie: *Boccardia proboscidea* Hartman, 1940
Xénero: *Malacoceros* Quatrefages, 1843
Especie: *Malacoceros fuliginosus* (Claparède, 1868)
Xénero: *Polydora* Bosc, 1802
Especie: *Polydora hoplura* Claparède, 1868
Xénero: *Pseudopolydora* Czerniavsky, 1881
Especie: *Pseudopolydora antennata* (Claparède, 1869)

Orde: Terebellida sensu Rouse & Fauchald, 1997

Suborde: Cirratuliformia

Familia: Cirratulidae Ryckholt, 1851

Xénero: *Aphelochaeta* Blake, 1991

Especie: *Aphelochaeta filiformis* (Keferstein, 1862)

Xénero: *Cirratulus* Lamarck, 1818

Especie: *Cirratulus cirratus* (O. F. Müller, 1776)

Xénero: *Cirriformia* Hartman, 1936

Especie: *Cirriformia tentaculata* (Montagu, 1808)

Familia: Flabelligeridae de Saint-Joseph, 1894

Xénero: *Bradabyssa* Hartman, 1967

Especie: *Bradabyssa villosa* (Rathke, 1843)

Xénero: *Flabelligerma* Hartman, 1969

Especie: *Flabelligerma claparedii* (Saint-Joseph, 1898)

Xénero: *Flabelligera* Sars, 1829

Especie: *Flabelligera affinis* M. Sars, 1829

Especie: *Flabelligera diplochaitus* (Otto, 1820)

Especie: *Flabelligera nuniezi* Salazar-Vallejo, 2012

Especie: *Flabelligera vaginifera* (Rathke, 1843)

Xénero: *Pherusa* Oken, 1807

Especie: *Pherusa plumosa* (Müller, 1776)

Familia: Sternaspidae Carus, 1863

Xénero: *Sternaspis* Otto, 1820

Especie: *Sternaspis scutata* (Ranzani, 1817)

Suborde: Terebelliformia Levinsen, 1882

Familia: Melinnidae Chamberlin, 1919

Xénero: *Melinna* Malmgren, 1866

Especie: *Melinna palmata* Grube, 1870

Familia: Pectinariidae Quatrefages, 1866

Xénero: *Amphictene* Savigny, 1822

Especie: *Amphictene auricoma* (O.F. Müller, 1776)

Xénero: *Lagis* Malmgren, 1866

Especie: *Lagis koreni* Malmgren, 1866

Xénero: *Pectinaria* Lamarck, 1818

Especie: *Pectinaria belgica* (Pallas, 1766)

Xénero: *Petta* Malmgren, 1866

Especie: *Petta pusilla* Malmgren, 1866

Familia: Terebellidae Johnston, 1846

Subfamilia: Terebellinae Johnston, 1846

Xénero: *Nicolea* Malmgren, 1866

Especie: *Nicolea venustula* (Montagu, 1819)

Especie: *Nicolea zostericola* Örsted, 1844

Tribo: Lanicini Holthe, 1986

Xénero: *Lanice* Malmgren, 1866

Especie: *Lanice conchilega* (Pallas, 1766)

Xénero: *Loimia* Malmgren, 1866

Especie: *Loimia medusa* (Savigny, 1822)

Xénero: *Pista* Malmgren, 1866
Especie: *Pista cretacea* (Grube, 1860)
Especie: *Pista cristata* (Müller, 1776)
Tribo: Polycirrini Malmgren, 1866
Xénero: *Polycirrus* Grube, 1850
Especie: *Polycirrus aurantiacus* Grube, 1860
Especie: *Polycirrus caliendrum* Claparède, 1868
Especie: *Polycirrus haematodes* (Claparède, 1864)
Especie: *Polycirrus medusa* Grube, 1850
Tribo: Procleini Holthe, 1986
Xénero: *Eupolymnia* Verrill, 1900
Especie: *Eupolymnia gili* Lavesque et al., 2021
Especie: *Eupolymnia nebulosa* (Montagu, 1819)
Especie: *Eupolymnia nesidensis* (Delle Chiaje, 1828)
Tribo: Terebellini Johnston, 1846
Xénero: *Amphitritides* Augener, 1922
Especie: *Amphitritides gracilis* (Grube, 1860)
Xénero: *Terebella* Linnaeus, 1767
Especie: *Terebella lapidaria* Linnaeus, 1767
Subfamilia: Thelepodinae Hessle, 1917
Xénero: *Thelepus* Leuckart, 1849
Especie: *Thelepus cincinnatus* (Fabricius, 1780)
Familia: Trichobranchidae Malmgren, 1866
Xénero: *Terebellides* Sars, 1835
Especie: *Terebellides stroemii* Sars, 1835
Infraclass: Scolecida Rouse & Fauchald, 1997 non Linnaean
Familia: Arenicolidae Johnston, 1835
Xénero: *Abarenicola* Wells, 1959
Especie: *Abarenicola claparedi* (Levinsen, 1884)
Xénero: *Arenicola* Lamarck, 1801
Especie: *Arenicola marina* (Linnaeus, 1758)
Xénero: *Arenicolides* Mesnil, 1898
Especie: *Arenicolides branchialis* (Audouin & Milne Edwards, 1833)
Especie: *Arenicolides ecaudata* (Johnston, 1835)
Familia: Capitellidae Grube, 1862
Xénero: *Capitella* Blainville, 1828
Especie: *Capitella capitata* (Fabricius, 1780)
Xénero: *Dasybranchus* Grube, 1850
Especie: *Dasybranchus caducus* (Grube, 1846)
Xénero: *Heteromastus* Eisig, 1887
Especie: *Heteromastus filiformis* (Claparède, 1864)
Xénero: *Mediomastus* Hartman, 1944
Especie: *Mediomastus fragilis* Rasmussen, 1973
Xénero: *Notomastus* M. Sars, 1851
Especie: *Notomastus exsertilis* Saint-Joseph, 1906
Especie: *Notomastus latericeus* Sars, 1851

- Familia:** Maldanidae Malmgren, 1867
Subfamilia: Euclymeninae Arwidsson, 1906
Xénero: *Euclymene* Verrill, 1900
Especie: *Euclymene lombricoides* (Quatrefages, 1866)
Tribo: Leiochonini Arwidsson, 1906
Xénero: *Leiochone* Grube, 1868
Especie: *Leiochone leiopygos* (Grube, 1860)
Especie: *Leiochone tenuis* Day, 1957
Subfamilia: Maldaninae Malmgren, 1867
Xénero: *Maldane* Grube, 1860
Especie: *Maldane glebifex* Grube, 1860
Especie: *Maldane sarsi* Malmgren, 1865
Subfamilia: Nicomachinae Arwidsson, 1906
Xénero: *Petaloproctus* Quatrefages, 1866
Especie: *Petaloproctus terricolus* Quatrefages, 1866
- Familia:** Opheliidae Malmgren, 1867
Subfamilia: Opheliinae Malmgren, 1867
Xénero: *Ophelia* Savigny, 1822
Especie: *Ophelia bicornis* Savigny, 1822
Xénero: *Polyopthalmus* Quatrefages, 1850
Especie: *Polyopthalmus pictus* (Dujardin, 1839)
- Familia:** Orbiniidae Hartman, 1942
Subfamilia: Orbiniinae Hartman, 1942
Xénero: *Naineris* Blainville, 1828
Especie: *Naineris laevigata* (Grube, 1855)
Xénero: *Orbinia* Quatrefages, 1866
Especie: *Orbinia latreillii* (Audouin & H Milne Edwards, 1833)
Xénero: *Phylo* Kinberg, 1866
Especie: *Phylo foetida* (Claparède, 1868)
Xénero: *Scoloplos* Blainville, 1828
Especie: *Scoloplos armiger* (Müller, 1776)
Especie: *Scoloplos typicus* (Eisig, 1914)
- Familia:** Scalibregmatidae Malmgren, 1867
Xénero: *Scalibregma* Rathke, 1843
Especie: *Scalibregma celticum* Mackie, 1991
- Subclase:** Polychaeta incertae sedis Nombre temporal
- Familia:** Polygordiidae Czerniavsky, 1881
Xénero: *Polygordius* Schneider, 1868
Especie: *Polygordius lacteus* Schneider, 1868
- Familia:** Spintheridae Augener, 1913
Xénero: *Spinther* Johnston, 1845
Especie: *Spinther arcticus* (M. Sars, 1851)
Especie: *Spinther oniscoides* Johnson, 1845

1.7 FICHAS DE ESPECIES

As fichas das diferentes especies están organizadas e distribuídas ao final de cada un dos capítulos dedicados especificamente á clase taxonómica á que corresponden.

A ficha de cada especie ten na súa parte superior esquerda a orde á que pertencen e na parte superior dereita a súa familia. Inmediatamente debaixo, e resaltado dentro dun recadro, está o nome da especie e o autor ou autores xunto co ano da súa descrición.

A continuación, inclúese unha ou varias fotos de gran tamaño a toda cor da especie no seu medio natural. Baixo a foto atópase unha descrición xeral daquelas características morfolóxicas externas específicas da especie, así como o tamaño máximo reportado para ela e a cor que pode presentar. A continuación inclúese unha serie de apartados:

HÁBITAT E BIOLOXÍA: o seu rango batimétrico e o tipo de substrato onde vive, ademais doutros detalles biolóxicos característicos da especie.

DISTRIBUCIÓN: a distribución que abarca, con énfase na súa distribución europea.

ESPECIES SEMELLANTES: aparecerá cando existan outras especies coas que visualmente se poidan confundir, destacando as características morfolóxicas externas diferenciadoras.

CURIOSIDADES: a etimoloxía do nome da especie, cando se coñeza, así como outras curiosidades.

A gran maioría das fichas presenta unha ou varias fotos máis da especie, podendo ser de detalle ou de diferentes tipos dela.



O anélido poliqueto *Sabella spallanzanii* (Gmelin, 1791)

2. A ORDE SIPUNCULA

2.1 INTRODUCCIÓN

O nome da orde (Sipuncula) deriva do nome dun dos seus xéneros (*Sipunculus*), o cal pola súa vez provén do epíteto latino *siphunculus* que significa tubo pequeno, en clara referencia á forma destes animais cando están retraídos. É un grupo de animais pouco estudado e estímase que a nivel mundial existen aproximadamente unhas 168 especies. Son especies exclusivamente mariñas e bentónicas que viven nunha ampla variedade de hábitats, como poden ser tobos construídos en grava, area, arxila ou lodo, dentro de cunchas de moluscos baleiras, no interior de gretas de rochas, debaixo de pedras, e mesmo entre outros organismos que incrustan estruturas artificiais creadas polos seres humanos. Atópanse en todos os océanos do planeta, incluídas as augas polares e ecuatoriais, desde o intermareal ata a zona abisal, aínda que a gran maioría habita augas pouco profundas onde poden chegar a ser moi comúns. Teñen tolerancia a un amplo rango de temperaturas (desde $-1,9^{\circ}$ a 31°C), pero en cambio son moi sensibles a augas con baixa salinidade, polo que non adoitan atoparse en estuarios ou en augas salobres. A diferenza da gran maioría dos anélidos, o seu corpo non está segmentado, ten forma de saco, non ten *podios* nin *sedas* e o seu tamaño pode variar duns poucos milímetros ata máis de 50 centímetros, aínda que a gran maioría mide menos de 10 centímetros.

Os fósiles de sipúnculos son extremadamente raros pola natureza branda dos seus corpos e os poucos casos do Cámbrico que se coñecen parecen demostrar que estes animais cambiaron moi pouco morfoloxicamente desde hai máis de 500 millóns de anos. Aínda que o primeiro sipúnculo foi caracterizado por Rondelet en 1555, non foi ata 1766 que Linnaeus lle dá o nome actual e os sitúa dentro do taxon Vermes. En 1847, Quatrefages estableceu o grupo Gephyrea, no que incluíu os sipúnculos, equiúridos e priapúlidos, grupo que se mantivo ata que en 1959 Hyman propón aos sipúnculos como un filo separado de Gephyrea, dándolle o nome de Sipunculida. Posteriormente, en 1972 Stephen & Edmonds propoñen o nome de Sipuncula para o filo e determinan que a forma correcta de referirse a estes animais era "sipúnculos" en lugar de "sipuncúlidos", xa que este último termo estaría máis en concordancia coa denominación específica dos pertencentes á familia Sipunculidae. Desde entón consideráronse un filo independente, ata que recentes análises filoxenéticas estableceron a súa relación coa familia Amphinomidae da clase Polychaeta, o que levou a incluílos como unha orde do filo Annelida. Na actualidade algúns autores non están de acordo con esta inclusión



A zoológa estadounidense Libbie Henrietta Hyman (1888-1969) traballou na publicación de seis volumes *The Invertebrates* (1940-1967), os cales seguen sendo unha referencia hoxe en día. No volume V, *Smaller Coelomate Groups*, propón por primeira vez que os sipúnculos sexan un filo independente.

porque o seu desenvolvemento embrionario, particularmente a súa segmentación en espiral, os sitúa dentro do clado Spiralia Lophotrochoza como un grupo claramente monofilético.

Os sipúnculos son coñecidos vulgarmente polo nome de vermes cacahuete ou vermes *maní*, tradución literal do termo inglés *peanut worms*, en clara referencia á aparencia dos seus corpos cando se contraen.

Mentres que ecoloxicamente os sipúnculos teñen importancia por ser fonte de alimento para outros animais e, nalgúns casos, ser un factor importante na erosión de rochas ou sedimentos de orixe bioxénica, economicamente a súa importancia depende da localización xeográfica. Mentres que en Europa o seu valor gastronómico é nulo, moitas especies son moi apreciadas como cebo

para a pesca deportiva, por exemplo a especie *Sipunculus nudus*. Pola contra, son moi apreciados na gastronomía de Asia oriental. Nalgunhas rexións do sueste de China, a súa xelatina é considerada un manxar, e utilízanse na cociña de varias rexións de Filipinas, así como conservados secos en Vietnam. Nestes casos a súa gran demanda ocasionou que o seu prezo sexa relativamente alto, convertendo os sipúnculos nunha importante fonte de ingresos para os pescadores locais.

2.2 MORFOLOXÍA

Os sipúnculos presentan invariablemente un corpo brando dividido en dúas rexións: o **tronco**, un corpo musculoso non segmentado situado na parte posterior, e o **introverto** unha trompa máis delgada e retráctil. O *tronco* pode ser de forma cilíndrica, esferoide ou con forma de matraz e presentar externamente estruturas epidérmicas como *ganchos*, *papilas* ou *escudos*. Na súa parte anterior sitúase o *introverto*, dun diámetro menor que o *tronco* e dunha lonxitude que pode variar desde a metade




Fig 2.1 Esquema dun sipúnculo coas diferentes partes do corpo.

do tamaño do *tronco* a varias veces a súa lonxitude, pero independentemente da súa lonxitude, é capaz de retraerse totalmente no interior do *tronco*.

Na rexión anterior do introverto sitúase o **disco oral**, que inclúe os *tentáculos*, a *boca* e o *órgano nocal*. Os *tentáculos* poden ser nocais, cando se dispoñen nun arco sobre a *boca* rodeando unicamente o *órgano nocal*, ou periféricos, cando rodean todo o *disco oral*, *boca* e *órgano nocal*. Os *tentáculos* son ocos e a súa función é alimentaria. Cada un presenta un suco lonxitudinal, profundo e ciliado, que é o encargado de trasladar a comida cara á *boca* e, posiblemente, tamén "respiratoria" ao poder ser usados a modo de *branquias*. Ao longo do *introverto* adoitan presentar uns *ganchos proteínicos* de puntas simples ou compostas, especialmente na súa parte distal por baixo do *disco oral*, dispostos en aneis ou de forma dispersa que poden ser usados para raspar algas das rochas ou a modo de ancoraxe. Na maioría dos sipínculos a disposición destes *ganchos* e os seus detalles estruturais son usados como caracteres taxonómicos.

A superficie do *tronco* pode ser lisa, cuadriculada, rugosa, estriada ou formar papilas de formas e tamaños variados, as cales tenden a ser máis prominentes nos seus extremos anterior e posterior. Algúns sipínculos posúen unhas estruturas epidérmicas a modo de placas cuticulares duras e engrosadas: os *escudos anal* e *caudal*. O **escudo anal** sitúase preto do *ano* na parte anterior dorsal do *tronco*, xusto debaixo do *introverto*, e bloquea a entrada do *introverto* cando este está retraído. O **escudo caudal** sitúase na parte posterior do *tronco* e pode servir para facilitar a ancoraxe do animal no seu tobo, ou ser usado no proceso de perforación do mesmo. O extremo posterior do *tronco* mostra á súa vez unha gran variedade morfolóxica, que inclúe formas redondeadas, romas, cunha rexión glandular en forma de landra, e mesmo nalgunhas especies de augas profundas, desenvolverse a modo dun apéndice caudal alongado.

A cor é igualmente moi variable incluso dentro dunha mesma especie, e parece depender do tipo de fondo no que se atopen, o que pode funcionar como estratexia protectora. As cores máis comúns observadas son amarela, castaña, avermellada, gris, abrancazada e mesmo negra vidrosa, ou diferentes combinacións e mestura de tonalidades destas.

2.2.1 Parede corporal e celoma


A parede corporal dos sipínculos é similar á dos outros anélidos, aínda que non estea segmentada. Está composta por unha *epiderme* sen cilios recuberta externamente por unha *cutícula*, unha *derme*, a musculatura (composta por unha capa circular e unha capa interna de musculatura lonxitudinal) e a *somatopleura*.

A *cutícula* é a capa máis externa e recobre toda a superficie exterior do corpo. É segregada pola *epiderme* e está formada por capas paralelas de fibra de *coláxeno* e carece de *quitina*. Pode formar estruturas especializadas como *ganchos*, *espiñas*, *escamas* e *placas*. As *placas cuticulares* poden alcanzar altas densidades e fusionarse, formando escudos endurecidos como o *escudo anal* (anterior ao *ano*)

e, a miúdo, no extremo posterior do corpo o *escudo caudal*.

A *epiderme* está formada por unha soa capa de células cuboides de diversos tipos, conectadas entre si por diferentes tipos de unións celulares. Pode presentar *células ciliadas* no *introverto*, na zona do *disco oral* e nos *tentáculos*, cuxa función é o transporte das partículas alimenticias á *boca*. Presenta tamén diferentes tipos de *glándulas epidérmicas*, tanto unicelulares como multicelulares, que adoitan estar asociadas con *células sensoriais* formando *órganos epidérmicos* complexos. A *cutícula* é segregada por células epidérmicas de sostén. Na súa parte inferior presenta unha capa basal que a separa da *derme*.

A *derme* está formada por *tecido conectivo* constituído por fibras de *coláxeno* que incrustan diferentes tipos de células, como *células fibrosas*, *células pigmentarias* e *amebocitos*.



A musculatura está constituída por unha capa externa de musculatura circular e outra interior de musculatura lonxitudinal, podendo nalgúns casos presentar fibras musculares oblicuas entre estas dúas capas. Ambas as capas poden estar a formar unha vaíña

lisa ou dividirse en distintas bandas que, a miúdo, se anastomosan. Ademais da musculatura da parede corporal, os sipúnculos presentan outros músculos, como os **músculos retractores** do *introverto*, que conectan a base interna do *disco oral* e o *esófago* coa capa de musculatura lonxitudinal da parede do *tronco*, e que poden ser dúas ou catro cintas estreitas. Neste último caso agrúpanse por pares, un par dorsal e outro ventral. Outros músculos son os **músculos alariformes** (que rodean o *recto* e o *ano*), os **músculos de fixación** (que suxeitan o *tubo dixestivo* á parede corporal) e o **músculo fusiforme axial** (que discorre polo centro das *espiras intestinais*), que pode estar unido a ambos os extremos do *tronco* ou unicamente á parte anterior, dependendo do xénero de sipúnculo.

A *somatopleura* é un revestimento *epitelial* da *cavidade celomática* que a illa da musculatura da parede corporal que a rodea.

O *celoma* é unha cavidade chea de líquido que nos sipúnculos se divide en dúas *bolsas celomáticas* impares: o *celoma primario* e o *celoma tentacular*. O **celoma primario** ocupa a maior parte do *corpo* e esténdese por dentro do *introverto* e do *tronco*. O **celoma tentacular** é pequeno, sitúase unicamente no

interior do *introverto* e fornece *líquido celomático* aos *tentáculos*. Está formado por unha canle anular na base dos *tentáculos* da que saen un ou dous tubos alongados cos seus extremos cegos, que se estenden ao longo do *esófago* e que se coñecen como **sacos de compensación** ou **vasos contráctiles**. Algunhas especies presentan *canles celomáticas* que percorren lonxitudinalmente a capa da *derme*, e que se comunican entre si e a intervalos regulares co *celoma* primario.

Os *espazos celomáticos* cumpren unha variedade de funcións nos sipúnculos, incluíndo o soporte hidrostático, o almacenamento de *gametos*, a excreción, o intercambio de gases e a circulación.




Fig 2.3. Disposición esquemática do celoma tentacular.

O *celoma* primario contén varios tipos diferentes de *células celomáticas*: *hemocitos*, *granulocitos*, *células multinucleares* grandes, *células inmaturoas* e complexos multicelulares. Os *hemocitos* transportan o pigmento respiratorio *hemeritrina* e son os máis abundantes. Os *granulocitos* e as *células inmaturoas* son *células ameboides* cuxa función é incerta. Os complexos multicelulares coñecidos como "**urnas**", únicos e distintivos do *celoma* dos sipúnculos, son estruturas ciliadas que están unidas á *somatopleura* ou flotan libremente no *líquido celomático* e cuxa función parece estar relacionada coa eliminación de refugalloas do *líquido celomático* e a resposta inmune, xa que se observou que os refugalloas e as *bacterias* se acumulan nos seus cilios e mucosidade.

2.2.2 Sistema esquelético e locomotor

O seu sistema esquelético é do tipo "hidrostático". O **hidroesqueleto** componse de dous elementos: a presión xerada polo *líquido celomático* e a acción dos músculos da parede corporal. O control coordinado destes dous elementos permite realizar cambios na forma do corpo e desprazarse nos seus tobos, cavar ou expandir/retraer o *introverto* e os *tentáculos*.

O *introverto* retráese no interior do *tronco* por medio da contracción dos músculos retráctores. Pola contra, a súa extensión está causada pola contracción dos músculos da parede corporal, que ocasionan un aumento da *presión celomática* forzando o *líquido celomático* do *tronco* cara ao *introverto*.


Os *tentáculos* esténdense por *presión celomática*, de forma similar ao *introverto*, pero por medio dun mecanismo diferente, ao usar o líquido do *celoma* tentacular, cuxa presión aumenta pola contracción dos vasos contráctiles dispostos xunto ao *esófago*.

A gran maioría dos sipúnculos son animais semi-sésiles cun desprazamento restrinxido aos movementos no tobo no que viven. Este desprazamento realízano mediante *movementos peristálticos* do seu *tronco*, axudados por movementos do *introverto*.

2.2.3 Sistema dixestivo

O *sistema dixestivo* é simple, dispónse en forma de "U" e está formado pola **boca**, o **esófago**, o **intestino**, un **recto** curto e o **ano**. A zona da *boca* está moi ciliada e recibe as partículas alimentarias que recollen os *tentáculos*, a través dos sucos ciliados destes.

O *esófago* esténdese desde a *boca* ata a unión entre o *introverto* e o *tronco*, por entre os *músculos retractores*. Xeralmente non existe un estómago



evidente, aínda que existan rexións estomacais nalgunhas especies.


O *intestino* forma no *tronco* unha rama descendente que o percorre cara ao extremo posterior e unha rama ascendente que conduce cara ao *ano*. Ambas as ramas do *intestino* enrólanse entre si formando unha dobre hélice. Aínda que o grao de enredo do *intestino* pode variar dunha especie a outra, xeralmente esta espiral atópase fortemente enrolada.

Na maioría das especies, como transición entre o *intestino* e o *ano*, está presente un pequeno **cego rectal** con forma de saco cego cuxa función é descoñecida. Nunhas especies o *ano* dispónse na parte anterior do *tronco*, mentres que noutras o *ano* está desprazado cara á parte dianteira do *introverto*.

Tanto o *esófago* como a rama descendente do *intestino* e o *recto* adoitan presentar varios sucos lonxitudinais ciliados, ao contrario da rama ascendente do *intestino*, que posúe un único suco ciliado que se abre cara ao *cego rectal*.

2.2.4 Sistema nervioso e órganos sensoriais

Os compoñentes principais do *sistema nervioso* central dos sipúnculos son o **ganglio cerebral dorsal**, un **colar periesofáxico** e un **cordón nervioso ventral** que percorre todo o seu corpo.



O *ganglio cerebral dorsal*, que funciona a modo de cerebro, é bilobulado, está situado na punta do *introverto* directamente detrás dos *tentáculos*, e ten asociadas varias estruturas sensoriais: o **órgano cerebral**, o **órgano nocal** e os **tubos oculares**. O *órgano cerebral*, do que se descoñece a súa función, atópase na marxe anterior do *ganglio cerebral*, non está ciliado e contén células sensoriais bipolares. O *órgano nocal*, cuxa función é supostamente quimiosensorial e que podería formar unha unidade funcional co *órgano cerebral*, é un parche ciliado dorsal ao *órgano cerebral*, que a miúdo parece bilobulado, está profusamente inervado e consta de células sensoriais e de células de soporte tanto ciliares como non ciliares. O *órgano nocal* está conectado ao *ganglio cerebral dorsal* por medio dun par de nervios. Os *tubos oculares*, provistos de *células pigmentarias* e *fotorreceptoras* na súa parte máis profunda, son invaxinacións epidérmicas que se estenden ata o *ganglio cerebral*.

O *colar periesofáxico* está formado por un par de *conectivos* que xorden das marxes laterais do *ganglio cerebral* e o comunican co *cordón nervioso ventral* rodeando o *esófago*. Polo menos dous pares de *nervios* tentaculares orixínanse no *colar periesofáxico*, preto do seu inicio no *ganglio cerebral*.

O *cordón nervioso ventral* non presenta segmentación, a súa sección transversal é circular e a súa lonxitude e forma poden cambiar lixeiramente en diferentes rexións do corpo. Nalgunhas especies o seu extremo terminal está engrosado, e se denomina "**ganglio terminal**". Do *cordón nervioso ventral* xorden nervios laterais que inervan os músculos e que se ramifican dunha forma irregular. Normalmente, o *cordón nervioso* non está conectado á parede ventral do corpo, aínda que nalgunhas especies os nervios laterais que emerxen deste si o conectan. Tanto o *cordón nervioso ventral* como as seccións dos nervios laterais están

recubertos pola *somatopleura* da *cavidade celomática*.


2.2.5 Sistema circulatorio e intercambio gasoso

Os sipúnculos carecen dun *sistema sanguíneo vascular*. O transporte de fluídos e o intercambio gasoso os realiza o *celoma* primario, que contén os *hemocitos* co pigmento respiratorio *hemeritrina*, e o *sistema tentacular*.

Nas especies que habitan en gretas de rochas, a respiración realízase principalmente a través do sistema tentacular, desde onde se difunde o osíxeno cara ao *celoma* primario. Noutras especies que teñen a pel delgada, a respiración realízase principalmente por *ósiose* a través da *cutícula* do *tronco*, onde a absorción de osíxeno se ve favorecida pola presenza das *canles celomáticas dérmicas* xusto debaixo da *epiderme*.

2.2.6 Sistema excretor e osmorregulación

Os refugallos nitroxenados excrétanse a través do *sistema nefridial*, composto por un ou dous *nefridios*, uns sacos alongados situados no lado ventral anterior do *tronco*, e que se abren preto do *ano*. Cada *nefridio* posúe un *nefrostoma* con forma de funil ciliado, que se abre á *cavidade celomática* no seu extremo anterior, seguido posteriormente do seu propio *nefridioporo* que o abre ao exterior. A parte anterior dos sacos *nefridiais* pode estar ampliada, formando unha estrutura similar a unha vexiga.



Os *nefridios*, ademais da excreción, teñen unha función de *osmorregulación*, pero non está claro se o mecanismo é por filtración ou secreción. Nos *sacos nefridiais* tamén se almacenan temporalmente os *gametos* maduros antes da súa liberación.

2.3 ALIMENTACIÓN

A maioría dos sipúnculos aliméntanse das partículas alimentarias que se atopan no sedimento, para o que empregan varios métodos. Os que viven en tobos estenden os seus *tentáculos* sobre a superficie do sedimento e atrapan as partículas alimentarias nas secrecións mucosas da coroa tentacular, e o batido dos cilios dos *tentáculos* as transportan ata a *boca*. Nas especies escavadoras, os tentáculos son substituídos por pregaduras estriadas que recollen tanto sedimentos como partículas

de comida, que o sipúnculo traga mentres rexeita as partículas máis grandes.

Existe unha especie, *Thysanocardia procera*, que é considerada carnívora, xa que se alimenta do poliqueto *Aphrodita aculeata*. Descoñécese o método que utiliza para acceder ao interior do corpo do poliqueto, licuar o seu contido e succionalo.

2.4 REPRODUCCIÓN

Os sipúnculos reproducense maioritariamente por *reproducción sexual*, aínda que a *reproducción asexual* observouse en tres especies. Dúas destas reproducense asexualmente a través da *fisión transversal*, seguida da rexeneración dos compoñentes vitais do corpo, ou por *xemación*. A especie *Themiste lageniformis* reproducese mediante partenoxénese, o que significa que os *óvulos* se desenvolven a través de etapas normais en ausencia de *espermatozoides*.

Os sipúnculos son tipicamente *dioicos*, coa excepción de *Nephasoma (Nephasoma) minutum* que é *hermafrodita*, e non presentan *dimorfismo sexual*. Os seus *gametos* prodúcense na *somatopleura* (no **epitelio gonadal**), desde onde se liberan ao *celoma* para que maduren. Posteriormente, estes *gametos* xa maduros son recollidos polo *sistema nefridial*, utilizando os *condutos nefríticos* como *gonodutos*. A fecundación é externa, para o que os *gametos* sexuais son liberados ao medio acuático circundante, onde ten lugar a fertilización.

A liberación dos *gametos* sexuais vese facilitada pola extensión do corpo do sipúnculo e a elevación dos *nefridioporos* por riba do sedimento, greta ou tobo dentro dos que viva.

Aínda que nalgunhas especies o seu desenvolvemento é directo (o embrión desenvólvese directamente nunha forma xuvenil), na gran maioría o seu desenvolvemento é indirecto, e inclúe un ou dous estadios larvarios *peláxicos*: a **larva trocófora** e a **larva pelagosfera**. Todas as *larvas trocóforas* dos sipúnculos son *lecitotróficas*, van encerradas na grosa envoltura do ovo e teñen unha duración de entre 2 e 10 días. Nalgunhas especies a *larva trocófora* desenvólvese directamente nun xuvenil, mentres que noutras sofre previamente outra *metamorfose* para converterse nunha *larva pelagosfera*, a cal pode ser *lecitotrófica* ou *planctotrófica*. Ningunha das fases larvarias presenta evidencia algunha de segmentación.

2.5 TAXONOMÍA

A orde Sipuncula está formada por seis familias: Antillesomatidae, Aspidosiphonidae, Golfingiidae, Phascolosomatidae, Siphonosomatidae e Sipunculidae.

A familia Antillesomatidae caracterízase por papilas prominentes na rexión anterior e posterior do *tronco*, por presentar un collar entre os *tentáculos* e o *introverto* e pola posesión de *cegos pilóricos* no *vaso contráctil*. Está formada por só dúas especies nun só xénero, *Antillesoma*, cuxa distribución abarca augas tropicais e subtropicais.

A familia Aspidosiphonidae caracterízase pola presenza de *escudos anal* e *caudal*, ou só *anal*. Os xéneros desta familia diferéncianse pola estrutura do *escudo anal*, e os subxéneros pola disposición da musculatura lonxitudinal, en bandas separadas ou anastomosadas. Inclúe 26 especies divididas en 3 xéneros: *Aspidosiphon*, *Cloeosiphon* e *Lithacrosiphon*.

A familia Golfingiidae presenta a musculatura lonxitudinal en forma de capa continua. É a familia mais numerosa con 80 especies distribuídas en 7 xéneros: *Golfingia*, *Nephasoma*, *Onchnesoma*, *Phascolion*, *Phascolopsis*, *Themiste* e *Thysanocardia*.

A familia Phascolosomatidae caracterízase pola presenza de *ganchos* no *introverto* distribuídos en aneis. Está formada por 28 especies repartidas en 3 xéneros: *Apionsoma*, *Phascolosoma* e *Siphonides*.

A familia Siphonosomatidae, caracterízase por presentar bandas de musculatura lonxitudinal con anastomose. Está composta por 15 especies incluídas en 2 xéneros: *Siphonomecus* e *Siphonosoma*.

A familia Sipunculidae, inclúe especies de gran tamaño (máis de 40 milímetros), presenta a musculatura lonxitudinal e circular en bandas, e o *introverto* é máis curto con respecto á lonxitude do *tronco*. Está formada por 17 especies distribuídas en 2 xéneros: *Sipunculus* e *Xenosiphon*.



2.6 FICHAS DE ESPECIES SIPUNCULA

Golfingia (Golfingia) elongata (Keferstein, 1862)



Este sipúnculo pode acadar os 150 milímetros de lonxitude, de 8 a 20 veces o seu diámetro. O seu tronco, que é de forma cilíndrica e alongada, ten unha pel lisa e suave, ás veces irisada, sen papilas, e presenta no seu lugar corpos cutáneos de forma e densidade variable dependendo das zonas. A trompa, que pode retraerse totalmente no interior do tronco, é de forma lixeiramente cónica e ten menor diámetro e lonxitude que o tronco. A boca está no ápice da trompa, rodeada dunha coroa de 20-36 tentáculos dispostos en forma de círculo e por ata 20 aneis de ganchos separados regularmente, que o animal usa para suxeitar as presas. A cor do corpo pode ser esbrancuxada brillante, parda ou avermellada e mesmo agrisada, coa probóscide máis clara.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 720 metros de profundidade, no interior de gretas de rochas cheas de sedimento ou en fondos de grava, area, area limosa ou nunha mestura destes, onde vive enterrado.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Skagerrak ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Golfingia (Golfingia) margaritacea, é de maior tamaño, o seu corpo diminúe de diámetro cara a súa parte posterior podendo presentar unha especie de cola, a súa boca está rodeada de 8-16 tentáculos dispostos nun círculo e non presenta ganchos (non está citada nas nosas augas).

Golfingia (Golfingia) muricaudata, é de menor tamaño, a súa pel é grosa e rugosa, habita en augas profundas e presenta un conspicuo apéndice caudal.

Golfingia (Golfingia) vulgaris, é de maior tamaño, ambos os extremos corporais presentan diferente ton de cor que o resto do corpo, a súa boca está rodeada de 60-150 tentáculos dispostos en 3 círculos e os seus ganchos espiñentos dispóñense desordenadamente.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *elongata*, é un epíteto latino que significa "estendido", "alocado", en referencia á súa forma.

Nos buracos desta especie pode vivir ocasionalmente o poliqueto, *Malmgrenia lunulata*.



Anélido de corpo non segmentado cuxo tronco pode acadar os 200 milímetros de lonxitude. O tronco, que se aguza en ambos os extremos, presenta a superficie da súa pel cuberta de papilas, máis grandes e densas nos seus extremos, o que lle dá unha coloración e textura diferente a esas zonas. O introverto pode ser retraído totalmente dentro do tronco e é lixeiramente máis longo que este. A boca, que está no ápice do introverto, está rodeada por uns 60-150 tentáculos dispostos en 3 círculos, coa parte do introverto máis próxima recuberta de ganchos de cor castaña dispostos de forma irregular, nunca en círculos. A súa cor é moi variable, desde gris a castaña pálida ou amarelada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña inferior de baixamar ata os 2000 metros de profundidade, en fondos de grava, cascallo, area fina ou unha mestura destes, onde vive enterrado. Tamén se atopa baixo rizoides de algas, en fendas de rocha, entre cunchas, ou mesmo dentro de esponxas.

DISTRIBUCIÓN:

Do norte de Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Golfingia (Golfingia) elongata, é de menor tamaño, o seu tronco presenta un diámetro similar en toda a súa lonxitude, a súa boca está rodeada dunha coroa de 20-36 tentáculos dispostos en forma de círculo e por ata 20 aneis de ganchos regularmente espazados.

Golfingia (Golfingia) margaritacea, é de maior lonxitude, o seu corpo agúzase cara a súa parte posterior podendo formar unha especie de cola, a súa boca está rodeada de 8-16 tentáculos dispostos nun círculo e non presenta ganchos (non está citada nas nosas augas).

Golfingia (Golfingia) muricaudata, é de menor tamaño, a súa pel é grosa e rugosa, habita en augas profundas e presenta un conspicuo apéndice caudal que representa un 20-30% da lonxitude do seu tronco.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *vulgaris*, é un epíteto latino que significa "vulgar", "común", o que posiblemente faga referencia a que é a especie máis común do xénero.

Este sipunculo presenta unha enorme variabilidade na súa forma, o que ocasiona que teña moitas sinonimias.





Animal con forma de verme que apenas chega a alcanzar os 15 milímetros de lonxitude. O tronco e o introverto son aproximadamente da mesma lonxitude. A boca está no extremo do introverto, o cal pode retraer totalmente dentro do tronco, e está rodeada dunha rudimentaria coroa tentacular composta por un par de tentáculos dorsais e 2-6 lóbulos redondeados ou protuberancias que poden ser bastante variables, dependendo do estado de eversión do introverto. Pel do tronco lisa ou máis ou menos translúcida, onde poden percibirse diminutas papilas, especialmente na parte anterior e posterior do tronco. Os nefridioporos son laterais, e están situados xusto detrás do ano na parte anterior do tronco. Cor variable, desde amarelada a branca e mesmo verde apardazada con brillos. Nalgúns casos están presentes pigmentacións apardazadas na parte anterior do tronco.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata máis de 100 metros de profundidade, entre ou baixo rochas, en fendas de rochas cheas de sedimento, entre tubos de *Sabellaria*, en intersticios de bancos de *Mytilus* ou nas cubetas recubertas por *Lithothamnion*. É a única especie da orde Sipuncula que é hermafrodita. Presentan simultaneamente espermatoxos e oocitos no interior da cavidade celomática, o que é un carácter diagnóstico da especie.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Suecia ata Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:

Nephasoma diaphanes, alcanza un maior tamaño e ten a boca rodeada dunha coroa tentacular reducida a 4-6 lóbulos orais.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *minutum*, é un epíteto latino que significa "parte mínima", referíndose ao seu pequeno tamaño corporal.

O copépodo parasito *Akessonnia occulta* pode vivir no interior do seu corpo, o que produce esterilidade.



Este sipúnculo pode acadar os 65 milímetros de lonxitude total. O tronco é delgado e cilíndrico, alcanza unha lonxitude máxima de 45 milímetros e a súa pel é suave e brillante, sen papilas prominentes. O introverto, que é máis curto que o tronco, pode ser retraído totalmente dentro deste e estréitase gradualmente cara o disco oral, que se atopa no seu ápice. A transición entre o tronco e o introverto non está fortemente marcada. O disco oral ten unha coroa tentacular formada por un simple círculo de tentáculos delgados e planos rodeando a boca. Os tentáculos están agrupados por pares e poden ser entre 12 e 20, normalmente 16. O introverto, por baixo da coroa tentacular, presenta espiñas en forma de gancho dispostas en círculos (é a única especie do xénero que presenta esta peculiaridade). Os aneis anteriores están xeralmente completos, pero os posteriores adoitan perder algún gancho. Cor moi variable, parda clara ata esbrancuxada, algúns exemplares presentan tonalidades avermelladas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 720 metros de profundidade, en fendas e gretas de rochas cheas de area lamacenta con diminutos anacos de cunchas na rexión litoral, e enterrado en areas mesturadas con cunchas e con restos de foraminíferos nas zonas profundas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o suroeste de Inglaterra ata o sur da Península Ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Golfingia (Golfingia) elongata, alcanza un maior tamaño e ten a boca rodeada dunha coroa de 20-36 tentáculos dispostos en forma de círculo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *rimicola*, é unha palabra composta polos termos latinos "rima" (greta, fenda) e "colere" (vivir) e significa vivir en gretas, en referencia ao seu hábitat.





Sipúnculo cunha lonxitude de tronco máxima de 30 milímetros e que chega a alcanzar os 70 milímetros co introverto en extensión. O tronco é de forma cilíndrica alongada, cunha parede que pode ser desde fina e translúcida a densa e opaca, especialmente nos seus extremos. A pel do tronco está densamente recuberta por papilas e corpos cutáneos con formas variadas e con papilas fixadoras na metade do tronco. O introverto é totalmente retráctil e pode ser da mesma lonxitude que o tronco. No seu ápice está a boca que, nos exemplares adultos, presenta ata 50 ganchos dispostos en varios círculos. Cor moi variable, desde parda ata esbrancuxada, pasando por distintas tonalidades e combinacións, como o gris, laranxa, amarela, rosa ou vermella, con ambos os extremos do tronco máis escuros.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata máis de 5.000 metros de profundidade, tanto enterrada libremente en substratos arxilosos, areosos ou de cuncheiro dentro de tubos cementados por eles, como no interior de cunchas baleiras de gasterópodos, como *Aporhais*, *Turritella*, e escafópodos como *Dentalium* sp., onde tapa a abertura da cuncha con partículas deixando soamente un pequeno buraco por onde asomar a probóscide. A medida que crece vese obrigado, en ambos os casos, a mudar de aloxamento, facendo un novo tubo ou cambiando de cuncha.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita, que en augas europeas distribúese desde o Ártico ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *strombus*, é un epíteto latino que significa "cuncha en espiral", referíndose ás cunchas de gasterópodos nas que habita.





Animal con forma de verme que pode acadar os 100 milímetros de lonxitude. O tronco é case cilíndrico e dentro del pódese recoller totalmente o introverto, que é retráctil. No extremo do introverto sitúase o disco oral, cun collar cefálico provisto 12-60 tentáculos dispostos en forma de ferradura, situados dorsalmente á boca e que encerran un gran órgano nocal. A parte anterior do introverto presenta 10-60 aneis de ganchos coa punta curva e base triangular, que o animal usa para suxeitar ás presas. Toda a súa superficie corporal ten unha pel dura recuberta de papilas de tamaño variable e con forma de cúpula, cada unha das cales presenta un punto escuro rodeado dun anel máis claro. As papilas de maior tamaño dispóñense na base do introverto e na parte posterior do tronco, onde son de cor máis escura. Os nefridioporos están situados ventralmente, xusto por diante do ano, na parte dianteira do tronco. Cor amarela escura a castaña. A súa aparencia externa pode ser moi variable (o que ocasiona que teña moitas sinonimias). En exemplares grandes as papilas son escuras e máis obvias que nos xuvenís, que son máis claras e menos aparentes.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Vive enterrado en area, baixo pedras ou en gretas de rochas, desde a liña de baixamar ata os 90 metros de profundidade. A desova ten lugar entre agosto e setembro.



DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *granulatum*, é un epíteto latino que significa "granuloso", "con gránulos", referíndose á aparencia do seu tronco.



Animal con forma de verme que pode acadar os 40 milímetros de lonxitude. A boca está no extremo da parte mais delgada (o introverto retraíble) e rodeada de 60-90 aneis de ganchos que o animal usa para suxeitar as presas. O corpo ten unha pel dura que pode mostrar unha textura de cortiza, con papilas sobre toda a súa superficie, máis grandes, pigmentadas e densamente distribuídas en ambos os extremos, onde presenta conos espiñentos cunha forte cutícula e que están pigmentados de cor castaña escura. O introverto é da mesma lonxitude ou máis que o corpo. Tronco de cor parda clara, amarela esbrancuxada ou gris sucia. Introverto de cor amarelada ou crema pálida, máis claro cara ao ápice, que pode chegar a ser branco.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 40 metros de profundidade (aínda que foi observado a 1445 metros), asociado a algas incrustantes (*Lithophylum* sp), baixo mantos de algas, entre rochas ou en agregados rochosos, mesmo aparece citado no interior da esponxa *Verongia aerophoba*. Parece ser que esta especie é capaz de perforar rochas brandas, aínda que se descoñece o mecanismo de perforación.



DISTRIBUCIÓN:


Desde o norte da Península Ibérica ata as costas occidentais de África, incluíndo as illas Canarias e o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Phascolosoma (Phascolosoma) granulatatum, o seu tronco é de maior tamaño, o seu introverto é de menor lonxitude e só presenta ata 60 aneis de ganchos rodeando a boca.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *stephensoni*, está dedicado ao naturalista e biólogo inglés Thomas Alan Stephenson (1898-1961).



Anélido de forma cilíndrica e arredor dos 15 centímetros de longo, aínda que existen rexistros de especies de 35 centímetros de lonxitude. A pel do seu tronco é grosa e está recuberta de papilas rectangulares perfectamente aliñadas, que lle dan un característico aspecto reticulado non visible en xuvenís. O seu tronco, que pode alcanzar un diámetro de 2 centímetros, é carnoso e o seu extremo posterior é de forma redondeada. Na parte anterior do tronco esténdese a probóscide, totalmente retráctil, dunha lonxitude de ata 1/4 parte da lonxitude total corporal e recuberta completamente por papilas triangulares orientadas cara atrás. No ápice da probóscide sitúase a boca, que está arrodeada por catro grosos tentáculos. Cor variable, de rosada a castaña máis ou menos escura, e ás veces agrisada. Os extremos do tronco son de cor máis pálida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal ata os 900 metros de profundidade, en fondos de grava, area, arxila ou unha mestura destes, onde escava a galería na que vive. Das súas galerías asoma só o disco oral para alimentarse. É unha especie detritívora depositívora, que aglutina os restos de materia orgánica que atopa con grans de area (animal ou vexetal) para levalos á boca por medio dos tentáculos. Presenta sexos separados con fecundación externa, sen dimorfismo sexual. Reprodúcese no verán. Sofre unha explotación comercial con aplicacións en diversos campos científicos, como cebo de pesca deportiva e mesmo para consumo humano.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita de augas tépedas e tropicais. En augas europeas a súa distribución abarca desde o norte de Noruega ata o Mediterráneo, incluíndo o arquipélago dos Azores.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *nudus*, é un epíteto latino que significa nudo, posiblemente referíndose á forma das papilas do seu tronco.

Vive asociado a copépodos ectoparásitos: *Catiana plana*, *Myzomolgus stupendus* e *Myzomolgus tenuis*.

Recentes investigacións parecen indicar que realmente esta especie pode ser un complexo de especies, con polo menos 5 linaxes identificadas por estudos filoxenéticos.



Phascolosoma (Phascolosoma) granulatum (Leuckart, 1828)

3. A CLASE CITELLATA

3.1 INTRODUCCIÓN

A característica común a todas as especies pertencentes a esta clase é a posesión dunha estrutura corporal denominada clitelo, con funcións reprodutivas. O nome provén do latín *clitellum*, do que deriva o nome da clase, Clitellata, que significa "con clitelo", "clitelados". A esta clase pertencen máis de 4500 especies de anélidos con formas tan dispares como as miñocas de terra ou as sambesugas. Inclúe especies tanto terrestres (sempre en ambientes húmidos) como acuáticas. Delas, só unhas poucas conseguiron adaptarse a ambientes salobres e mariños. Aínda que a maior parte son escavadoras, existen especies *epibentónicas* que viven entre *detritos* e filamentos de algas, unhas poucas son tubícolas e outras parasitas.

Todas as especies pertencentes a esta clase posúen corpos cilíndricos ou aplanados, cunha lonxitude que varía desde apenas 1 milímetro ata máis de 300 centímetros. Os seus corpos mostran unha *metamerización* ben definida, e poden presentar unha *segmentación homónoma* (todos os segmentos do *metastomio* son iguais), ou *heterónoma* (con algún tipo de especialización rexional, como *branquias* en lugares concretos ou variacións da lonxitude das *sedas*). Presentan un número específico de segmentos ou *metámeros*. No caso dos oligoquetos o número de segmentos sitúase entre 100 e 160, mentres que nos hirudíneos a cantidade máxima de segmentos é de 34. Todos eles presentan algúns segmentos corporais modificados para formar o *clitelo*, unha rexión secretora que intervéñ na reprodución. Carecen de *podios* e algunhas especies poden presentar unhas *sedas* moi reducidas, que se distribúen en pares en cada segmento. As *sedas* poden variar en lonxitude, forma ou grosor entre as distintas especies. A maioría dos oligoquetos as usan para escavar ou para desprazarse, aínda que xeralmente os seus movementos baséanse na contracción e expansión dos segmentos corporais. Algunhas especies tamén poden nadar ou desprazarse pola superficie da auga.



Johann Wilhelm Michaelsen (1860- 1937) zoólogo alemán e conservador xefe do Zoological Institute and Zoological Museum de Hamburgo, foi unha autoridade mundial en oligoquetos. Nomeou e describiu máis de mil especies novas.

A gran maioría son *hermafroditas* e posúen *órganos reprodutores* complexos. Un mesmo espécime ten *órganos reprodutores* tanto masculinos como femininos, o que lle permite realizar a *reproducción cruzada* con outros individuos da mesma especie. A cópula dá lugar a embrións que se desenvolven no interior dun *casulo*, de onde sairán directamente individuos xuvenís. O seu desenvolvemento é directo, sen *fase larvaria*.

Aínda que algunhas especies son *ectoparásitas* ou depredadoras, a maioría das especies desta clase aliméntanse de materia orgánica en descomposición, como follas mortas, outros materiais vexetais ou despoños, polo que presentan un alto valor ecosistémico ao contribuír á descomposición e reciclaxe da materia orgánica nos seus distintos hábitats, especialmente nos terrestres.

3.2 MORFOLOXÍA

Dependendo da subclase á que pertencen, a súa forma presenta unhas características específicas.

O corpo dos oligoquetos divídese en tres rexións ben diferenciadas: **cabeza**, **metastomio** e **pixidio**. A cabeza está formada polo *prostomio* e o *peristomio*, onde se sitúa a boca. Xeralmente o *prostomio* é bastante pequeno, pero nalgunhas especies pode presentar unha forma alongada e adoptar unha aparencia de trompa. Por detrás sitúase o *metastomio*, que está formado por un número indeterminado de *metámeros* (con segmentación polo xeral *homónoma*), que normalmente presentan feixes de entre 1 e 25 *sedas* por segmento. No *metastomio* sitúase o *clitelo*. A parte final do corpo é o *pixidio*, onde se localiza o *ano*.




Fig 3.1 Debuxo esquemático dun oligoqueto típico, coas diferentes partes externas do corpo.

O corpo dos hirudíneos está formado por un número fixo de *metámeros*, entre 15 e 34, con segmentación *heterónoma*, unha *ventosa* posterior e, polo xeral, outra anterior. A súa segmentación corporal adoita estar disimulada pola existencia dun anelamento superficial, que lles dá a aparencia de posuír moitos máis segmentos. Carecen de *podios* e de *sedas*. O seu corpo está dividido en cinco rexións: a rexión anterior, a rexión preclitelar, a rexión clitelar, a rexión postclitelar e a rexión posterior. A rexión anterior está formada polo *prostomio* e os primeiros segmentos corporais, e un *peristomio* que pode non ser evidente ou mesmo non existir. Xeralmente na súa rexión anterior presentan uns ollos e unha boca disposta en posición ventral e rodeada pola *ventosa oral* ou anterior (**capula**). A rexión

preclitelar adoita estar conformada polos segmentos V ao VIII. Seguidamente atópase a rexión clitelar, composta polos segmentos IX ao XI, onde se sitúa o *clitelo*, visible só durante os períodos reprodutivos. A rexión postclitelar, tamén coñecida como rexión media, é a maior e comprende os segmentos XII ao XXVII. A rexión posterior do corpo está formada polos últimos 7 segmentos, do XXVIII ao XXXIV, e forma a *ventosa posterior (cotilo)* que está dirixida cara á parte ventral. Unhas poucas especies presentan tubérculos sobre a superficie do seu corpo e, algunhas, *branquias* dixitiformes ou filamentosas.




Fig 3.2 Debuxo esquemático do corpo dun hirudíneo típico coas súas diferentes partes externas.

Todos os clitelados presentan no seu corpo un crecemento do *epitelio* denominado *clitelo*, unha estrutura especializada visible externamente como un engrosamento na superficie corporal do verme. Esta estrutura ten un papel fundamental no proceso reprodutivo do individuo, ao segregar unha *mucosa* que facilita o axuste para a cópula e formar o *casulo* no que se realiza a fecundación e o posterior desenvolvemento dos *embrións*.

3.2.1 Parede corporal e celoma

A parede corporal dos oligoquetos é similar á descrita para os anélidos en xeral, pero nos hirudíneos presenta normalmente unha grossa *derme* e un *celoma* reducido. A parede do corpo dos clitelados está conformada por varias capas:

A parte externa do seu corpo está revestida por unha fina *cutícula*, sinxela e monoestratificada, segregada pola epiderme.

A *epiderme* é, polo xeral, un *epitelio columnar*




Fig 3.3 Sección corporal dun oligoqueto tipo coas súas distintas partes.

que contén células especializadas como poden ser as *células mucosas*, as *células albuminoides* e as *células basais*. Algunhas *células glandulares mucosas* da *epiderme* dos hirudíneos son grandes dabondo como para estenderse baixo a súa superficie. Nos oligoquetos, certas partes da súa *epiderme* poden estar ciliadas. Debaixo da *epiderme*, os oligoquetos presentan unha delgada capa, a *membrana basal*, mentres que os hirudíneos presentan unha grosa *derme* de *tecido conxuntivo*.




Fig 3.4 Sección corporal dun hirudíneo tipo coas súas distintas partes.

As capas musculares están formadas por fibras musculares organizadas en músculos circulares e músculos lonxitudinais. Nos oligoquetos, as capas musculares son, polo xeral, bastante grosas e están tapizadas internamente pola

somatopleura. Presentan ademais *septos intersegmentarios* de natureza muscular (normalmente ben desenvolvidos) e *esfínteres* musculares nos *orificios septais* que xogan un papel fundamental na locomoción, ao illar de forma eficaz os distintos *compartimentos celomáticos*. Pola contra, nos hirudíneos as capas musculares circulares e lonxitudinais están menos organizadas e presentan, entre ambas as capas, fascículos de músculos dorsoventrais e músculos diagonais ou oblicuos. Os espazos que quedan entre os fascículos musculares están ocupados pola *derme*.

O *celoma* dos oligoquetos está segmentado por tabiques (**septos**), que conforman os *compartimentos celomáticos* e correspóndense cos diferentes *metámeros* do animal. A *cavidade celomática* está rechea de líquido e nela están suspensos algúns órganos, como o *intestino*.




Fig 3.5 Esquema da disposición do espazo celomático dun oligoqueto.

Nos hirudíneos o *celoma* está reducido pola proliferación do **tecido conxuntivo botrioidal** (similar a un *mesénquima* que deriva da *somatopleura*), que prolifera ao redor das canles e *espazos celomáticos* e que ten diversas funcións, como a produción de *hemoglobina* ou *función excretora*. Mentres que algunhas especies poden presentar **compartimentos**




Fig 3.6 Esquema da disposición do espazo celomático dun hirudíneo.

compartimentos celomáticos divididos por *septos* nos cinco primeiros segmentos ou na parte central do corpo, na maioría as *cavidades celomáticas* están formadas por varios espazos e canles que se suman ao *sistema circulatorio* ou o substitúen completamente.

3.2.2 Sistema esquelético e locomotor

O seu *sistema esquelético* é hidrostático, na maioría das especies, funciona tanto como sistema de soporte como locomotor. O seu funcionamento vén determinado pola existencia do *celoma* (oligoquetos) ou das *canles celomáticas* (hirudíneos) e á acción das distintas capas musculares da parede corporal sobre o *líquido celomático*. Nos hirudíneos está ademais fundamentado na estrutura corporal, máis ou menos maciza, e no *tecido conxuntivo* fibroso cos paquetes musculares incluídos nel.


Os oligoquetos empregan *ondas peristálticas* que percorren o seu corpo para desprazarse, e usan as sedas ben para escavar, para moverse entre os detritos do sedimento ou para arrastrase por calquera superficie. Cada *metámero* funciona máis ou menos independentemente ao presentar un volume fixo, polo que unha diminución do seu diámetro ocasiona un aumento da súa lonxitude e viceversa. Para escavar, contraen de forma alterna os músculos circulares e lonxitudinais de cada segmento mediante unha secuencia de impulsos orixinados desde a *cadea nerviosa* ventral e as *neuronas motoras* asociadas a ela, variando as de maneira independente a forma dos seus segmentos corporais. Cando os músculos lonxitudinais se relaxan e os circulares se contraen, o diámetro corporal diminúe, aumentando pola contra cando actúan en sentido inverso. Estes cambios na forma dos segmentos van percorrendo todo o corpo do animal cara a parte dianteira, en forma de *ondas peristálticas*, de modo que durante o seu desprazamento o corpo presenta zonas grosas e delgadas alternas. As *sedas* funcionan a modo de estruturas de ancoraxe que sobresaen dos *metámeros* engrosados e se dirixen cara atrás, achegándose ao corpo nos *metámeros* adelgazados. Así, cando o extremo anterior se estende pola contracción dos músculos circulares, as *sedas* da parte engrosada do corpo evitan o esvaramento cara atrás, a cabeza fai presión contra o substrato e o animal avanza. A continuación, o extremo anterior faise máis grosso debido á contracción dos músculos lonxitudinais e o resto do corpo, que se adelgaza, avanza cara adiante, e así sucesivamente. Este modelo xeral locomotor pode presentar variacións. Algunhas especies poden usar a boca, e non as sedas, como

punto de ancoraxe temporal para o seu desprazamento. Moitos oligoquetos presentan unhas *neuronas* xigantes cuxo estímulo forza a contracción rápida dos músculos lonxitudinais de moitos segmentos corporais á vez, o que lle permite unha rápida retracción na súa galería ou un rápido movemento de escape.

Os hirudíneos usan as *ventosas* como punto de ancoraxe no sedimento para facilitar o desprazamento, e as capas musculares para o movemento corporal. O seu *celoma*, formado por *canles* e *espazos celomáticos* continuos e reducidos fan que, fronte aos movementos antagónicos dos músculos circulares e lonxitudinais, este se comporte como un espazo interno funcionalmente único cun volume constante. O movemento comeza coa fixación da *ventosa* posterior ao substrato, momento en que a musculatura circular se contrae, causando o aumento da lonxitude corporal ao mesmo tempo que diminúe o grosor, o que ocasiona o desprazamento cara adiante e a fixación ao substrato da *ventosa* anterior. A continuación solta a *ventosa* posterior e os músculos lonxitudinais se contraen, o que acurta e aumenta o grosor corporal impulsando así o extremo posterior cara adiante. Desta forma e repetindo os movementos, desprázanse a “palmos”. Algunhas especies poden desprazarse nadando por medio de ondulacións dorsoventrais dos seus corpos, o que representa un comportamento de suma importancia xa que lles permite localizar e entrar en contacto con especies non bentónicas.

3.2.3 Sistema dixestivo

O *sistema dixestivo* dos clitelados, aínda que poida parecer rudimentario, está altamente especializado e está formado por unha parte *anterior* ou **estomodeo**, unha parte *media* e unha curta parte *posterior* ou **proctodeo**. Algunhas especies sérvense de bacterias específicas para realizar funcións dixestivas complexas, como a dixestión de determinadas *proteínas*.



O *dixestivo anterior* está composto pola boca, unha curta *cavidade bucal*, unha *farinxe* muscular e o *esófago*. Esta rexión está tapizada por unha *cutícula*, que nos hirudíneos dá consistencia á *probóscide* e forma as mandíbulas e dentes.

As súas funcións principais son a inxestión, o transporte, o almacenamento e, nos oligoquetos, a dixestión mecánica dos alimentos. Estes procesos vense favorecidos nos oligoquetos por unha mucosidade producida polas *glándulas farínxeas*, que nalgunhas especies producen ademais *encimas*, como *amilases* e *proteases*, que inician a dixestión. Con frecuencia, os oligoquetos presentan un *bucho* engrosado na parte posterior do *esófago* onde almacenan o material inxerido, e unha ou máis *moegas* musculadas onde trituren os alimentos. As paredes do *esófago* de moitos oligoquetos presentan unhas evaxinacións laminares de *tecido glandular*, denominadas **glándulas calcíferas** ou **de Morren**, cuxa función é a extracción do calcio que non é absorbido, e precipitalo en forma de calcita ao *tubo dixestivo* para ser expulsada ao exterior polo *ano*. Nos hirudíneos, o seu *estomodeo* presenta masas de *glándulas salivares* unicelulares que, nas especies *hematófagas* con mandíbulas, segregan *hirudina* que evita a coagulación do sangue do *hóspede* e, nas especies *parasitas* sen mandíbulas, producen *encimas* que axudan á penetración da súa *probóscide*. Na parte anterior dalgúns hirudíneos atópase a *ventosa oral*, dentro da cal está a *boca*.

O *dixestivo medio* deriva do *endodermo* e, polo xeral, está constituído pola parte final do *esófago* e un longo e rectilíneo *intestino*. Pódese dividir en dúas partes: a anterior e a posterior. Na parte anterior ten lugar a dixestión e na posterior a absorción dos alimentos. Nos oligoquetos, a parte anterior do *dixestivo medio* é fundamentalmente secretora, ao producir unha variedade de *encimas dixestivas*, e a súa dixestión é principalmente extracelular. Algúns oligoquetos poden presentar *divertículos intestinais* laterais dispostos de forma *metamérica*. Nos oligoquetos o contido do *tubo dixestivo* móvese por medio dos *movementos peristálticos* da súa parede dixestiva ou polos movementos asociados ao seu desprazamento. Os hirudíneos presentan un *dixestivo medio* alongado, denominado *bucho* ou *estómago*, con grandes *cegos* que lle proporcionan tanto unha gran superficie de almacenamento como de dixestión. Á marxe deste esquema xeral, existen unhas poucas especies que presentan variacións na estrutura das partes anterior e posterior.

O *dixestivo posterior* é un curto conduto que comunica o *dixestivo medio*




Fig 3.8 Esquema do sistema dixestivo típico dun hirudíneo.


co *ano*, por onde expulsan ao exterior os materiais non dixeados, en forma de feces ou restos fecais. Nos oligoquetos o *ano* sitúase na parte posterior, o *pixidio*, mentres que nos hirudíneos localízase dorsalmente preto da zona de unión do

corpo á *ventosa* posterior.

3.2.4 Sistema nervioso e órganos sensoriais

Os clitelados, a pesar de ser animais cunha organización corporal pouco desenvolvida, posúen un *sistema nervioso* composto por estruturas especializadas. Do mesmo xeito que a maioría dos anélidos, o seu *sistema nervioso* está formado por un *ganglio cerebroideo* dorsal, unido a unha ou dúas *cadeas nerviosas* ventrais con *ganglios metaméricos* por medio duns *conectivos periesofáxicos* e un *ganglio subentérico*. Presentan ademais unhas células especializadas que segregan *neurohormonas* cuxa función é a regulación de diferentes funcións orgánicas, entre elas a reprodutora.

Así mesmo, presentan diversos *receptores sensoriais epidérmicos* relacionados claramente cos seus hábitos, como poden ser os *fotorreceptores* para a recepción de estímulos luminosos, os *quimiorreceptores*, que lles permiten diferenciar diferentes sinais químicos, e terminacións nerviosas libres, cuxa función é táctil.



Nos oligoquetos, ao ter unha cabeza reducida, o *ganglio cerebroideo* atópase atrasado, podendo situarse ata no terceiro segmento corporal e, na gran maioría de especies, os dous *cordóns nerviosos* ventrais están fusionados nunha soa *cadea nerviosa* ventral. Do *ganglio cerebroideo* xorden, cara a parte dianteira, varios *nervios prostomiais* de carácter maioritariamente sensorial. Dos *conectivos periesofáxicos* e dos *ganglios metaméricos* saen, cara á parede corporal e aos diferentes órganos de cada *metámero*, *nervios sensoriais* e *motores*. O *ganglio subentérico* parece ser o centro que controla os movementos corporais, sendo o *ganglio cerebroideo* quen regula a súa actividade mediante unha influencia inhibitoria. Tamén posúen unhas *células sensoriais* especiais entre os músculos da parede corporal que funcionan como receptores do estado no que se atopa a musculatura de cada *metámero*, podendo constituír un sofisticado sistema de coordinación da relaxación e contracción dos músculos de cada segmento.

Os *receptores sensoriais* que posúen os oligoquetos reciben o nome xenérico de **órganos sensoriais epiteliais**. Están constituídos por unha ampla

variedade de receptores distribuídos pola superficie do seu corpo e que poden ser terminacións nerviosas libres da *epiderme*, ou grupos de células especiais asociadas a diversos tipos de tubérculos e verrugas. A función de moitas destas estruturas é táctil, pero outras son *quimiorreceptoras* que ofrecen información sobre o pH do seu hábitat, as secrecións producidas por outras miñocas, ou teñen un rol importante na localización e selección dos alimentos. Unhas poucas especies de auga doce posúen pares de *ocelos en copa* na parte anterior do corpo, aínda que a maioría posúen simples *fotorreceptores* distribuídos por toda a superficie corporal.

Nos hirudíneos, o *ganglio cerebroideo*, os *conectivos periesofáxicos* e o *ganglio subentérico* sitúanse formando un grosa anel que rodea o *dixestivo anterior*. Da parte ventral deste anel saen dous *cordóns nerviosos* lonxitudinais que alcanzan o extremo posterior do corpo. Aínda que os *cordóns nerviosos* están separados, os *ganglios metaméricos* de ambos están fusionados. Os *nervios periféricos* posúen *neuronas sensoriais*, procedentes do *ganglio cerebroideo*, e *neuronas motoras e sensoriais* dispostas en cada segmento procedentes dos *ganglios metaméricos* dos *cordóns nerviosos* lonxitudinais.




Fig 3.10 Esquema do sistema nervioso típico dos hirudíneos.

Os *órganos sensoriais epidérmicos* dos hirudíneos, aínda que similares aos dos oligoquetos, teñen unha estrutura comparativamente máis sinxela. Posúen de dous a dez ollos dorsais de diferente complexidade, papilas provistas de *sedas sensoriais* sensibles ao tacto e *órganos quimiorreceptoras* para detectar as secrecións dos seus posibles hóspedes.

3.2.5 Sistema circulatorio e intercambio gasoso

O *sistema circulatorio* e o intercambio gasoso son moi diferentes nas dúas subclases en que se divide a clase Clitellata, dependendo non só da súa forma de vida, senón tamén da forma, tamaño e disposición do *espazo celomático*.

O *sistema circulatorio* dos oligoquetos está formado xeralmente por tres grandes *vasos* lonxitudinais que percorren a maior parte do seu corpo: o dorsal, o ventral e o subneural. O *vaso dorsal* é o de maior tamaño, as súas paredes son grosas e musculosas e é o principal impulsor do fluxo sanguíneo. O *vaso ventral* sitúase baixo o *tubo dixestivo* e o *vaso subneural* localízase por baixo da *cadea nerviosa* ventral. Estes grandes *vasos* están interconectados *metaméricamente* por medio de distintos *vasos comisurais* que irrigan os *nefridios*, o *tubo dixestivo* e a

parede corporal. Polo xeral os intercambios entre o sangue e os diferentes tecidos corporais realízase por medio de *plexos capilares* provistos dos correspondentes *vasos aferentes* e *eferentes*.




Fig 3.11 Esquema do sistema circulatorio típico dun oligoqueto.

A maioría dos oligoquetos posúen entre dous e cinco pares de grandes *vasos periesofáxicos* musculados provistos de válvulas unidireccionais, nos que o sangue pasa do *vaso dorsal* ao *ventral* e que, funcionando a modo de "corazóns", contribúen a impulsar o sangue e a manter a presión sanguínea.

Aínda que algunhas especies de oligoquetos carecen de *pigmentos sanguíneos*, polo xeral teñen *hemoglobina* disolta no *plasma sanguíneo*, así como *amebocitos* e *fagocitos* de diversos tipos.

Aínda que algunhas especies de oligoquetos presentan uns pequenos saíntes *epidérmicos* sobre a súa superficie corporal que funcionan a modo de simples *branquias*, a maior parte do intercambio gasoso nestes animais prodúcese a través da superficie corporal, por medio de extensos *plexos capilares intraepidérmicos*. Estes *capilares* irrigan a parede corporal cun fluxo de sangue constante procedente do *vaso ventral*, e aumentan considerablemente a superficie para o intercambio gasoso entre o sangue e o medio externo.

Nos hirudíneos, a forma corporal, a redución do *celoma* e a especialización en rexións do seu *sistema dixestivo*, fai que sexa inevitable un tipo de *sistema*




Fig 3.12 Esquema do sistema circulatorio típico dun hirudíneo.

circulatorio diferente. Aínda que evolutivamente solucionaron os problemas de intercambio gasoso reducindo as distancias de difusión co desenvolvemento de grandes *cegos intestinais* ou o aplanamento dos seus corpos, entre outras características, as adaptacións máis importantes para o transporte e intercambio gasoso son as concernentes á disposición e estrutura dos vasos e canles circulatorios.

Mentres que nuns hirudíneos o *sistema circulatorio* é primitivo, ao estar formado por unha serie de *espazos celomáticos* reducidos, noutros está totalmente substituído por outro que deriva completamente do reducido *celoma*. En ambos os casos o "sangue" desprázase polos movementos corporais e pola acción dos *vasos contráctiles*. Algunhas especies posúen *hemoglobina*, sendo nestes casos a responsable do transporte da maior parte do osíxeno.

3.2.6 Sistema excretor e osmorregulación

O *sistema excretor* dos clitellados é *metanefridial* e está formado por un par de *nefridios* por *metámero*, exceptuando xeralmente os segmentos máis anteriores e os posteriores, pero é totalmente diferente entre os oligoquetos e os hirudíneos. Os *nefridios*, ademais de expulsar ao exterior os refugallos transportados polo *sistema circulatorio* ou por difusión no *líquido celomático*, funcionan como *órganos osmorreguladores*, mantendo os equilibrios hídricos e salinos, ao excretar o exceso de auga e controlar a retención de sales por medio dunha reabsorción activa e selectiva das mesmas.

Nos oligoquetos, os *metanefridios* están formados por un *nefrostoma*





Fig 3.13 Esquema dun metanefridio dun oligoqueto.

anterior ao *septo* (que pode estar directamente aberto ao *celoma* ou pechado secundariamente en forma de bulbo), un pequeno conduto que atravesa o *septo* e un *nefroducto* posterior ao *septo*, enrolado de forma variable e que nalgúns casos pode posuír unha vesícula excretora. Os *poros nefríticos*, ou *nefroporos*, adoitan estar situados nas partes latero-ventrais de cada segmento. Nas especies con *nefrostomas* abertos, as substancias de refugallo entran nos *nefridios* desde o *celoma* de forma non selectiva, mentres que nas especies con *nefrostomas*

pechados entran de forma selectiva desde os *vasos sanguíneos nefridianos* a través das paredes do *nefroducto*.

Nos hirudíneos, os *nefrostomas* son funís ciliados asociados aos *vasos circulatorios celomáticos*. Algunhas especies teñen uns grupos de *nefrostomas* denominados **órganos ciliados**. O *nefrostoma* está unido a unha cámara pechada, a **cápsula nefrítica**, conectada a un minúsculo *nefroducto* formado por unha soa fila celular atravesada por unha canle intracelular que, antes de desembocar nun *nefroporo* latero-ventral, conecta cunha pequena cámara formada por unha *invaginación ectodérmica*.

Os oligoquetos acuáticos son **amoniotélicos** (excretan o exceso de nitróxeno en forma de amonio), mentres que a maioría dos terrestres son **urotélicos** (excretan o exceso de nitróxeno en forma de urea). Case a totalidade dos hirudíneos son *amoniotélicos*.



3.3 ALIMENTACIÓN

A alimentación dos clitelados varía en función do hábitat particular no que viven e en función dos recursos alimenticios que utilizan, así como da subclase á que pertencen, sendo as características alimentarias dos oligoquetos totalmente diferentes ás dos hirudíneos. As especies pertencentes a esta orde poden ser depredadoras, detritívoras, carroñeiras ou *ectoparasitas*.

A maioría dos oligoquetos son depredadores ou detritófagos. Os depredadores aliméntanse de pequenos invertebrados, como vermes e crustáceos, que aspiran ca súa *farinxe* musculada. Moitas das especies depredadoras posúen unha *probóscide* provista de *glándulas secretoras* de moco, coa que adhíren a presa, que é trasladada ao interior do *tubo dixestivo* coa retracción da probóscide. Os oligoquetos detritófagos aliméntanse de diversas formas. Os detritófagos que

viven na capa superficial fano de restos orgánicos, inxerindo pequenas partículas alimentarias por medio dos músculos ou dos *cilios* do *dixestivo anterior*. Pola contra, as especies escavadoras realizan as súas galerías inxerindo o substrato e, a medida que este percorre o seu *tubo dixestivo*, dixiren e absorben a materia orgánica, expulsando a través do *ano* as partículas inorgánicas non dixeridas. Os produtos de refugallo da súa dixestión son materia enriquecida que



A miñoca de terra común (*Lumbricus terrestris*) é unha especie de oligoqueto que desempeña un papel moi importante na ventilación e fertilización do sustrato.

contribúe a abonar a terra.

Existen varias especies de oligoquetos mariños que non dispoñen de *tubo dixestivo*, pero que posúen *bacterias endosimbiontes subcuticulares*. A función concreta destas bacterias nos seu réxime alimentario é, polo de agora, descoñecida.

A maioría dos hirudíneos son *ectoparasitos*, outros son depredadores de pequenos invertebrados, e unhas poucas especies son carroñeiras que se alimentan de restos de animais mortos. Para a obtención do alimento dispoñen de estruturas especializadas no *aparello bucal* e *farínxeo*, incluíndo polo xeral unha *probóscide*, a *farínxe evaxinable*, ou estruturas cortantes, como poden ser mandíbulas ou *estiletos*. As especies depredadoras inmovilizan as presas coas súas mandíbulas ou as perforan coa *probóscide*. Xeralmente as presas son tragadas enteiras, aínda que algunhas especies que capturan presas relativamente grandes, perforan os seus corpos coa *probóscide* para posteriormente aspirar os seus líquidos e tecidos brandos.

Os hirudíneos *ectoparasitos* son especies *hematófagas* e, aínda que a maioría non ten un hóspede específico nin se manteñen fixos a eles durante longos períodos, algunhas si que mostran preferencia por *hóspedes* concretos. A maioría son parasitas de vertebrados e algunhas especies dependen de hospedes como anélidos, gasterópodos ou crustáceos. Para alimentarse, os hirudíneos fixan a *ventosa oral* no hóspede, apertando a boca contra o corpo deste e proxectando as súas mandíbulas, similares a puñais. A medida que realizan incisións na pel do hóspede coas mandíbulas, van liberando un anestésico para insensibilizar a pel da vítima. A continuación, segregan na ferida



O hirudíneo *Pontobdella muricata* é un parasito externo de raias. Na fotografía sobre *Raja undulata*.

a **hirudina**, unha *proteína* que impide a coagulación do sangue do *hóspede* para manter o fluxo de succión a través da *farinxe*.


Mentres que os hirudíneos depredadores adoitan alimentarse frecuentemente, as especies *ectoparasitas* normalmente só se alimentan a intervalos irregulares, máis ou menos espazados, dependendo da dispoñibilidade de hóspedes. Estas especies *hematófagas* chegan a inxerir varias veces o seu propio peso en sangue cando se alimentan e, ao presentar un proceso dixestivo extremadamente lento, poden pasar longos períodos de xaxún que, nalgúns casos, permítelles sobrevivir ata máis dun ano sen alimentarse.

3.4 REPRODUCCIÓN

Nas especies pertencentes á orde Clitellata a reprodución é xeralmente *sexual*, aínda que algunhas especies de oligoquetos poden reproducirse de forma *asexual*.

Aínda que todos os oligoquetos presentan unha gran capacidade rexenerativa, esta pode variar segundo as especies desde uns poucos segmentos a unha parte considerable do seu corpo. Só unhas poucas (a maioría *lacustres*) teñen a capacidade de reproducirse de forma *asexual*. Con todo, a *reprodución asexual* é normalmente algo estacional que alternan coa *reprodución sexual*. Os oligoquetos reproducense asexualmente por medio dunha ou máis formas de *fisión transversal*. Nalgúns casos o corpo da miñoca parte por un lugar determinado para, posteriormente, de cada anaco rexenerar un espécime completo. Noutros, do seu corpo xorden xemas onde se forman os xuvenís. Unha vez maduros, estes saen ao exterior a través do corpo. Unhas poucas especies poden incluso rexenerarse a partir de múltiples anacos.

Os clitelados son especies hermafroditas que presentan, polo xeral, complexos *sistemas reprodutores* diferenciados e desenvolvemento directo. As diferentes estruturas do *aparello reprodutor* sitúanse nuns segmentos concretos, o que facilita a *fecundación cruzada* mutua, o encasulamento e a posta dos



zigotos.

O *sistema reprodutor* masculino está composto por un par ou varios pares de *testículos* e a *vesícula seminal*, podendo ter *canles eferentes* e *deferentes*. O *sistema reprodutor* feminino componse de *ovarios*, uns *ovisacos* onde se almacenan os *óvulos* e uns *ovidutos*, por onde transitan os *óvulos* cara ao exterior. Tanto o *sistema reprodutor* masculino como o feminino desembocan no exterior por uns *poros* situados nuns *metámeros* concretos. Nos oligoquetos os *poros femininos* dispóñense no segmento XIV e os masculinos normalmente no XV, mentres que, nos hirudíneos, o *poro feminino* está na parte central ventral do segmento XII e o masculino na do X.

Nos oligoquetos, o *sistema reprodutor* masculino está formado por un ou dous pares de *testículos*, situados nuns lugares concretos, que liberan os *espermatozoides* ao interior das *cámaras celomáticas* adxacentes, onde poden ir madurando, ou pasar ao interior dunha ou varias *vesículas seminais*, uns sacos de almacenamento orixinados a partir de *bolsas peritoneais* dos *septos intersegmentarios*. Tras a súa maduración, os *espermatozoides* pasan aos *funís seminais* ciliados e son trasladados polos *espermidutos* ata os *poros masculinos*. A maioría dos oligoquetos teñen, ademais, un ou varios pares de *espermatecas*, uns sacos cegos que funcionan como receptáculos seminais, e que se abren ao exterior polos seus propios *poros*.




Fig 3.16 Esquema do sistema reprodutor dun hirudíneo típico.


O *sistema reprodutor* masculino dos hirudíneos está formado por unha cantidade variable de *testículos*, xeralmente entre cinco e dez pares, que se dispoñen de forma seriada a partir do segmento XI ou XII e que están unidos a un par de *espermidutos* que conducen o *esperma* ata o *aparello copulador* e ao *poro masculino*. Normalmente presentan un complexo *aparello copulador* masculino, cuxa estrutura varía dependendo da especie. Cada *espermiduto* se prega e engrosa na parte distal onde forma un *conduto exaculador*. Ambos os condutos se unen nun *atrio xenital*, muscular e glandular, que pode estar modificado en forma de

pene evaxinable (orde Arrinchobdellida) ou carecer de *pene* e cumprir a función de cámara onde formar os *espermátóforos* (orde Rhynchobdellida).

O *sistema reprodutor* feminino dos oligoquetos está formado por un par de *ovarios*, dispostos detrás dos *órganos reprodutores* masculinos e que, do mesmo xeito que ocorre cos *testículos*, nuns casos liberan os *óvulos* ao *espazo celomático* adxacente e noutros os almacenan ata a súa maduración nos *ovisacos*, uns pequenos sacos das *paredes septais* intersegmentarias. Os *óvulos* maduros entran nos *ovidutos* a través duns funís ciliados existentes preto de cada *ovisaco*, para saír ao exterior polos *poros femininos*.

Nos hirudíneos, o *sistema reprodutor* feminino só posúe un par de *ovarios*, que poden estenderse por varios *metámeros*, e dos cales xorden cara á parte dianteira un par de *ovidutos*. Estes únense a continuación para formar unha *vaxina* común que desemboca no *poro feminino*, situado xusto detrás do *poro masculino*. Algunhas especies posúen unha *glándula ovidotal* rodeando parte do *oviduto* e da *vaxina*, que parece ser que está relacionada coa posta.

Todos os clitellados posúen unha rexión corporal de *tecido glandular* denominado *clitelo*, de gran importancia na súa estratexia reprodutiva. O **clitelo** é un engrosamento que rodea parcial ou totalmente o corpo do verme, estendéndose ao longo de determinados *metámeros*, e que está formado por tres tipos de *células glandulares epidérmicas*. Cada unha delas segrega unha substancia diferente: o moco que facilita a cópula, as substancias que forman a cuberta exterior do *casulo*, e a *albumina* que enche o *casulo*. Na maioría dos clitellados acuáticos estes tres tipos celulares forman unha soa capa, mentres que nos terrestres forman capas diferentes.



Para a cópula, os oligoquetos sitúanse de fronte en direccións opostas, favorecendo, coas secrecións mucosas dos seus *clitelos*, o mantemento desta postura. A maioría das especies sitúanse de forma

que os *poros masculinos* queden aliñados cos *poros* das *espermatecas* das súas parellas, para o que usan unhas *sedas copuladoras* ou estruturas evaxinables situadas preto dos *poros masculinos*, que axudan na fixación da parella. Unhas poucas especies terrestres, que non son tan precisas na posición para a cópula e non aliñan correctamente os seus respectivos *poros*, desenvolven uns sucos seminais externos que despregan de forma transitoria pola contracción de certos músculos e lubrican con moco. Estes surcos son responsables do transporte do *esperma* ao longo do seu corpo, desde os *poros masculinos* ata os *poros* das *espermatecas*. Tras a cópula, os individuos se separan, cada un coa súa respectiva *espermateca* chea, actuando cada un como unha femia inseminada.

Os oligoquetos inseminados producen, entre unhas horas e varios días despois, un anel mucoso rodeando o *clitelo* e todos os segmentos anteriores, momento en que o *clitelo* produce un **casulo** de natureza proteínica e forma cilíndrica. Posteriormente, comeza a secreción da *albúmina* entre a superficie do *clitelo* e o *casulo*. A cantidade de *albúmina* que se introduce no *casulo* é variable (moito maior nas especies terrestres). Unha vez formado, o *casulo* coa *albumina* trasládase cara ao extremo anterior do oligoqueto mediante ondas musculares e movementos corporais de retroceso. Nesta viaxe, o *casulo* recibe primeiro ata 20 *óvulos* dos *poros femininos* e posteriormente o *esperma* almacenado previamente nas *espermatecas*, sendo fecundados os *óvulos* na *albumina* dentro do *casulo*. Os extremos do *casulo* contráense e péchanse ao saír pola parte anterior do corpo do verme. As especies terrestres enterran o *casulo* a diferentes profundidades, normalmente en función da humidade do terreo, mentres que as acuáticas o depositan no fondo, entre a follaxe ou as algas.

Nos hirudíneos, a *cópula* e o traspaso do *esperma* realízase de dúas formas diferentes en función das diferentes estruturas copuladoras masculinas. As especies pertencentes á orde Arrinchohdellida, que posúen *pene*, colócanse para aparearse de maneira que os seus respectivos *poros masculinos* queden sobre os femininos, momento en que o *pene* se evaxina, introdúcese na *vaxina* da parella e deposita o *esperma*. As pertencentes á orde Rhynchobdellida realizan unha inusual *impregnación hipodérmica* cruzada. Neste caso suxéitanse un ao outro por medio das *ventosas orais*, colocan aliñados os respectivos *poros masculinos* coa *rexión clitelar* da parella e liberan os *espermátóforos* sobre ela, tras o cal perforan a superficie corporal do receptor introducindo o *esperma* baixo a *epiderme*, desde onde chegará ata os *ovarios* a través das *canles* e *seos celomáticos*. En ambos os casos, a fecundación ocorre no interior do *sistema reprodutor* feminino.

A formación do *casulo* nos hirudíneos é similar á dos oligoquetos, coa diferenza de que ao pasar o *casulo* polo *poro feminino* introdúcese directamente os *zigotos*, un por *casulo*. A maioría das especies acuáticas fixan os seus *casulos* ao fondo mariño ou a algas, mentres que as terrestres os colocan en terreos húmidos, do mesmo xeito que unhas poucas especies de auga doce que saen fóra da auga para depositar os seus *casulos*.

O desenvolvemento embrionario dos clitelados é directo, sen etapa larvaria, e o tempo de desenvolvemento pode variar entre unha semana a varios meses, dependendo da especie e das condicións ambientais. Mentres que en condicións desfavorables o desenvolvemento é longo para asegurar a eclosión do xuvenil nunha etapa máis favorable, como pode ser a seguinte primavera, en condicións favorables o tempo de desenvolvemento é máis curto, o que fai a reprodución menos estacional. De cada *casulo* só eclosiona un xuvenil.

3.5 TAXONOMÍA

As especies mariñas da clase Clitellata divídese en dúas subclases:

Hirudinea (sambesugas) e Oligochaeta (miñocas).

3.5.1 A subclase hirudinea

O corpo das especies mariñas pertencentes a esta subclase é cilíndrico e está formado por 34 *metámeros*, cada un dos cales presenta aneis exteriores. A súa segmentación corporal é *heterónoma* e posúen unha *ventosa* posterior e outra anterior. Son especies *ectoparasitas*, predadoras ou carroñeiras, a maioría de auga salobre ou mariña.



Esta subclase está composta por pouco máis de 500 especies, que se coñecen co nome vulgar de sambesugas e son consideradas como os anélidos máis desenvolvidos. Entre eles atópase a especie terrestre *Hirudo medicinalis* que, como ben expresa o seu nome científico, utilizábase en medicina para a realización de sangrías (pola súa nutrición hematófaga) e como tratamento de hematomas graves, polo potente anticoagulante (a hirudina) que segregan polas súas mandíbulas. O nome da subclase, Hirudinea, é un epíteto latino que significa sambesuga.

Esta subclase ten só unha infraclase, Euhirudinea, que inclúe especies mariñas. As especies pertencentes a esta subclase son coñecidas como sambesugas verdadeiras e divídense en dúas ordes: Arhynchobdellida e Rhynchobdellida.

Á **orde Arhynchobdellida** pertence un pequeno grupo de sambesugas de auga doce ou anfibas, entre as que se atopa *Hirudo medicinalis*, que carecen de *probóscide* e case todas posúen mandíbulas. A esta orde só pertence unha especie de auga salobre, *Archaeobdella esmonti*, que pertence á familia Erpobdellidae.

A **orde Rhynchobdellida** inclúe á maioría das sambesugas mariñas. As especies pertencentes a esta orde non teñen mandíbulas, pero posúen unha *probóscide* retráctil con forma de agulla hipodérmica. As especies mariñas ou de augas salobres desta orde englobanse en dúas familias: Ozobanchidae e Piscicolidae.

A familia Ozobanchidae, está formada por catro especies *ectoparasitas* de tartarugas, todas incluídas no xénero *Ozobanchus*.

A familia Piscicolidae abarca especies exclusivas de hábitats mariños e normalmente cunha prominente *ventosa* anterior. Inclúe 29 xéneros e 3 subfamilias: Piscicolinae, con 5

xéneros, Platybdellinae, con 21 xéneros, e Pontobdellinae con 4 xéneros.

3.5.2 A subclase oligochaeta

O nome da subclase, Oligochaeta, deriva do grego *oligos* (pouco, pequeno) e do latín *chaetae* (cabelo, seda), e significa con poucas sedas, en clara referencia a este aspecto morfolóxico dos seus corpos. Están desprovistos de *podios*, e as súas *sedas* son pequenas e escasas, excepto nas especies mariñas, que presentan unhas *sedas* de maior lonxitude e en maior cantidade.



A subclase Oligochaeta comprende unhas 4.000 especies, a inmensa maioría terrestres e de auga doce. As especies máis representativas desta clase son as miñocas de terra, que realizan unha importantísima función ecosistémica. Ademais de servir de alimento para innumerables especies, optimizan a estrutura do sustrato onde viven, ao mellorar as súas propiedades hídricas e axudar á descomposición da materia orgánica, facendo que os nutrientes sexan máis asimilables para as especies vexetais.

A esta subclase pertencen pouco máis de 885 especies mariñas en todo o mundo que están divididas en 6 ordes: Capilloventrida, con 3 especies en 1 xénero, Crassiclitellata, con 5 especies en 1 xénero, Enchytraeida, con 272 especies en 2 xéneros, Lumbriculida, con 2 especies en 2 xéneros, Randiellida, 4 especies en 1 xénero, e Tubificida, dividido nas familias Naididae (596 especies en 62 xéneros) e Phreodrilidae (2 especies en 2 xéneros).



3.6 FICHAS DE ESPECIES CITELLATA

Pontobdella muricata sobre a raia *Raja undulata*



Verme de corpo alongado, lixeiramente convexo dorsalmente e aplanado ventralmente, sen rexión frontal obvia. Non ten ollos nin ocelos, e pode alcanzar unha lonxitude de 50-60 milímetros. O seu corpo é fusiforme, coa parte anterior máis estreita, e presenta ventosas en ambos os extremos. A ventosa oral ten un diámetro 3 ou 4 veces menor que a traseira. O abdome é aplanado e amplo pero aínda así de menor diámetro que a ventosa traseira. Presenta 11 inchazóns suaves e de forma esférica a cada lado da parte posterior do corpo. Cor verde apardazada translúcida, coa parte ventral máis pálida. Pode albiscarse o sangue que succiona a través da súa parede corporal.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

É un parasito externo do rape *Lophius piscatorius*, sobre o que se fixa na súa parte ventro- lateral, baixo as aletas pectorais ou na ventral. Aliméntase succionando o sangue do rape. Pode desprazarse usando ambas as ventosas. O avance ocorre cando fixa unha delas mentres achega a contraria. Unha vez fixada a ventosa desa parte, solta e avanza coa primeira. Un só rape pode presentar varios parasitos ao mesmo tempo.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Calliobdella nodulifera, alcanza un menor tamaño, parasita gádidos e peixes planos e a súa ventosa traseira ten só o dobre de tamaño da ventosa oral.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *lophii*, fai referencia a que o seu hóspede é do xénero *Lophius*.





Verme de corpo cilíndrico e alongado, sen rexión frontal obvia. Non ten ollos nin ocelos, e pode alcanzar 30 milímetros de longo. Corpo fusiforme que se aguza cara á parte dianteira, e que presenta unha ventosa en ambos os extremos do corpo. A ventosa oral é menor que a traseira, a cal ten un diámetro 2 veces superior á ventosa oral. O abdome é case cilíndrico e amplo, pero aínda así de menor diámetro que a ventosa traseira. Por todo o exterior do corpo presenta diminutos tubérculos distribuídos homoxéneamente. Cor branca translúcida a rosa, que permite albiscar o sangue que succiona a través da súa parede corporal.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

É un parasito externo de Gádidos (o exemplar fotografado estaba sobre un exemplar de *Trisopterus luscus*) e peixes planos, sobre os que se fixa na base das aletas e mesmo sobre os seus ollos (como pode verse na fotografía), alimentándose dos fluídos corporais que succiona do peixe. Pode desprazarse usando ambas as ventosas. O avance ocorre cando fixa unha delas mentres achega a contraria. Unha vez fixada a ventosa desa parte, solta e avanza coa primeira.



DISTRIBUCIÓN:

É unha especie anfiatlántica do hemisferio norte, cuxa distribución europea abarca desde Islandia e Noruega ata o golfo de Biscaia. O animal fotografado é a primeira cita para augas do noroeste peninsular.

ESPECIES SEMELLANTES:

Calliobdella lophii, pode alcanzar un maior tamaño, parasita exclusivamente a *Lophius piscatorius* e a súa ventosa traseira pode ser 4 veces de maior tamaño que a ventosa oral.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *nodulifera*, é unha palabra composta polo termo latino *nodulus* (nódulo, nodo, círculo) e o grego *fero* (levar, portar) e significa "que porta nódulos", en clara referencia aos pequenos tubérculos que presenta o seu corpo.



Verme de corpo cilíndrico e alongado, sen rexión frontal obvia e sen ollos, cuxa lonxitude pode alcanzar 6 milímetros. Corpo fusiforme que se aguza cara ambos os extremos onde posúe ventosas, sendo a da parte dianteira maior que a traseira. A ventosa dianteira ou oral é pequena e pouco cóncava, cos bordos plisados e moi móbiles. A ventosa traseira presenta unha característica especial ao non estar preparada para fixarse a superficies lisas, senón sobre unha espiña que se proxecta da marxe das escamas ctenoides do seu hóspede. A súa pel é moi resistente e o corpo está formado por un gran número de pregues moi distintos. A súa cor corporal varía da negra azulada a amarela dourada, con toda a súa superficie punteada en negro e con grandes manchas sobre a liña media da parte central.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

É un parasito externo de peixes planos da familia Soleidae (o da fotografía estaba sobre *Pegusa lascaris*), sobre os que se fixa con ambos os extremos e dos que se alimenta succionando o sangue. Pode desprazarse usando ambas as ventosas. O avance ocorre cando fixa unha delas mentres achega a contraria. Unha vez fixada a ventosa desa parte, solta e avanza coa primeira. Toda a súa vida transcorre sobre o mesmo hóspede. Fixan as postas a fragmentos de cunchas que eclosionan aos 41 días a 17° de temperatura. Cando os xuvenís son capaces, fíxanse ao hóspede definitivo onde alcanzarán a madurez sexual aos 23 días e o total desenvolvemento aos 37 días despois de fixarse.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as ilas británicas ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *soleae*, fai referencia a que os seus hóspedes son Pleuronectiformes da familia Soleidae.





Verme de corpo cilíndrico e alongado, sen rexión frontal obvia e sen ollos, cuxa lonxitude pode alcanzar 200 milímetros. Corpo fusiforme que se aguza cara á parte traseira. En ambos os extremos do seu corpo presenta ventosas. A da parte dianteira é maior ca traseira e esta, á súa vez, de maior diámetro que a parte dianteira do corpo. Os segmentos que conforman o corpo están formados por 4 aneis, dos cales, o primeiro é o maior. Os aneis teñen 8 pequenos tubérculos dispostos ordenadamente, excepto na parte ventral. Cor acastañada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

É un parasito externo de raias (o da fotografía estaba sobre *Raja undulata*) e ocasionalmente de *Pleuronectes platessa*, sobre os que se fixa na súa parte superior e dos que se alimenta succionando o sangue. Pode desprazarse usando ambas as ventosas. O avance ocorre cando fixa unha delas mentres achega a contraria. Unha vez fixada a ventosa desa parte, solta e avanza coa primeira.



DISTRIBUCIÓN:

Desde o océano Ártico ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *muricata*, é un epíteto latino que significa "con espiñas", referíndose aos tubérculos que presentan os seus segmentos corporais.





Este pequeno anélido de fráxil aparencia pode chegar a acadar os 16 milímetros de lonxitude. A cabeza é cónica sen apéndices, aínda que presenta manchas oculares. Corpo longo e cilíndrico cuns 40 segmentos, todos con sedas, no primeiro terzo pectinadas e bífidas nos dous finais. Para poder vivir en zonas anóxicas dispón de altos niveis de hemoglobina, unha proteína que axuda a asimilar o pouco osíxeno dispoñible, e que lle dá unha cor avermellada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal ata os 5 metros de profundidade, en lodos ricos en materia en descomposición. Vive en galerías en forma de cheminea que constrúe con moco e detrito, nas que se oculta á menor ameaza. É un animal gregario que pode chegar a formar extensas colonias, cunha densidade de ata 7800 individuos por metro cadrado. Introdúcese nas galerías boca abaixo, mentres que o extremo posterior do corpo sobresa verticalmente na auga. Ao axitar esta parte, consegue renovar a auga circundante e aumentar o osíxeno dispoñible para a absorción. Aliméntase de bacterias e de materia orgánica en descomposición. Como todos os oligoquetos, son hermafroditas con fecundación cruzada. Soporta salinidades tan baixas como 25 ppm, polo que é frecuente en estuarios.

DISTRIBUCIÓN:

En todas as costas europeas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *costatus*, é un epíteto latino que significa "con costelas", posiblemente referíndose á aparencia que lle dá a súa segmentación.

Úsase como alimento vivo para peixes.



4. A CLASE POLYCHAETA

4.1 INTRODUCCIÓN

O nome da clase Polychaeta deriva dos termos gregos *poly* (moitos) e *chaeta* (seda, pelo), e significa moitas sedas ou pelos. Dadas as semellanzas co espécime tipo do filo Annelida, considérase o grupo máis primitivo do filo. É tamén o máis numeroso, xa que contén entre 13000 e 20000 especies, segundo as diferentes estimacións. A súa clasificación baséase no tipo de segmentación corporal e a forma de vida, metres que a nivel filoxenético considérase un grupo parafilético (inclúe taxóns que non comparten un antecesor común).



Adolph Eduard Grube (1812-1880) foi un zoólogo alemán que, aínda que se interesou por outros grupos animais, destacou principalmente no estudo dos poliquetos, dos que describiu máis de 500 especies. No seu libro *Die Familien der Anneliden*, publicado en 1850, usa por primeira vez o termo polychaeta dentro do grupo Annelata como *Appendiculata polychaeta*.

A lonxitude dos poliquetos pode variar desde apenas 1 milímetro nas especies intersticiais, a máis de 3 metros dalgúns exemplares errantes. A súa forma corporal presenta enormes diferenzas entre as distintas ordes e mesmo entre diferentes familias da mesma orde, en función da súa forma de vida e alimentación. De forma xenérica, nunha gran maioría de especies, o corpo divídese en tres rexións claramente diferenciadas:

unha rexión presegmentaria (cabeza), unha rexión segmentada (*metastomio*) e unha rexión post-segmentaria (*pixidio*). Como excepción a este esquema xeral, nas especies pertencentes á orde Echiura o corpo non presenta *metamerización* e divídese soamente en dúas rexións. Na cabeza, formada por *prostomio* e *peristomio*, adoitan presentar diversos *órganos sensoriais* ou penachos filamentosos con funcións alimentarias e respiratorias. Unha característica propia e que os diferencia doutros anélidos, é a posesión de *órganos nocais*, unhas estruturas *quimiorreceptoras* situadas na marxe posterolateral do *prostomio*, moi desenvolvidos en certas especies e facilmente visibles, mentres que noutras poden ser máis difíciles de observar. A maioría das especies desta clase posúen, en cada segmento do seu *metastomio*, un par de *podios* dotados de numerosas *sedas*, o que lle dá nome á clase.

O seu *tubo dixestivo* é completo e xeralmente presenta rexións especializadas. O *dixestivo anterior* adoita presentar unha *farinxe evaxinable*, en forma de trompa ou *probóscide* que, nalgunhas especies, está dotada de mandíbulas quitinosas. Posúen un *sistema circulatorio* pechado e o seu *sistema nervioso* está ben desenvolvido. O seu *sistema excretor* adoita estar formado por *metanefridios*, aínda que unhas poucas especies posúen *protonefridios*.

A maioría dos poliquetos son *dioicos*, aínda que existen especies *hermafroditas*, pero non presentan uns *órganos reprodutores* definidos, formándose xeralmente os *gametos* a partir do *peritoneo*. O seu desenvolvemento é normalmente indirecto e, a pesar de que moitas especies forman unha característica *larva trocófora*, perdida secundariamente nalgúns grupos, existe entre as especies desta clase unha enorme variabilidade de estratexias para completar o seu ciclo vital.

Colonizaron todos os mares do planeta, desde a zona intermareal alta ata as profundidades *abisais*. Son especies case exclusivamente mariñas, aínda que algunhas delas poden vivir en augas salobres e unhas poucas en auga doce, e presentan unha gran variedade de estratexias alimenticias en clara relación coa súa forma de vida. Aínda que a maioría son depredadoras carnívoras, tamén hai especies sedimentívoras, suspensívoras ou filtradoras, herbívoras e mesmo oportunistas. Unhas poucas especies son *parasitas* e outras son *comensais*.

As especies desta clase presentan, como a maioría dos anélidos, un alto valor ecosistémico e desempeñan numerosas funcións. Ademais, serven de alimento a múltiples especies de animais, vertebrados e invertebrados. Algunhas especies presentan tamén un valor engadido, ao ser colleitadas e comercializadas como cebo para a pesca deportiva.

4.2 MORFOLOXÍA

Os poliquetos desenvolveron unha gran variedade morfolóxica, aínda que todas derivan dun tipo de formación *celomada* con *metamería homónoma*. Xeralmente, a forma dos seus corpos pon de manifesto, de certa maneira, as súas costumes e o seu hábitat. Os depredadores activos (subclase Errantia), así como algunhas especies detritívoras escavadoras, posúen unha segmentación máis ou menos *homónoma*, con todos os segmentos corporais idénticos ou moi parecidos entre si. As especies *sedentarias* e menos activas (Subclase Sedentaria), como as suspensívoras tubícolas, as que viven permanentemente en galerías e tobos e certos grupos de detritófagos directos e indirectos, posúen xeralmente un certo grao de segmentación *heterónoma*, xa que os seus corpos posúen diferentes rexións especializadas que realizan funcións distintas, onde os *metámeros* son iguais entre si nunha mesma rexión, pero diferentes entre rexións. Os equiúridos (subclase Echiura) teñen corpos non segmentados.

Aínda que dentro da enorme diversidade de formas estruturais corporais que presentan as especies pertencentes a esta clase, o corpo dos poliquetos pode ser descrito baixo a forma corporal básica dos anélidos (*cabeza*, *metastomio* e *pixidio*), seguindo dous modelos morfolóxicos xerais en función do tipo de *metamerización* que presenten os seus corpos. A trazos xerais estes dous modelos morfolóxicos correspóndense, con algunhas excepcións, co tipo de vida das diferentes especies: errantes ou sedentarias. Un terceiro modelo corresponde exclusivamente ás especies da subclase Echiura, cuxo corpo só presenta dúas rexións: *tronco* sen segmentar e *probóscide*.

O modelo morfolóxico dos poliquetos errantes con segmentación *homónoma*, presenta a cabeza formada por un *prostomio* ben diferenciado e un *peristomio*. O *prostomio* está dotado normalmente de distintos tipos de *órganos sensoriais*, que poden variar dependendo da especie: *palpos*, *antenas* e *ollos*. Nalgúns casos o *prostomio* prolóngase, na parte posterior, nunhas *estruturas sensoriais* denominadas *órganos nocais*. O *peristomio* é a parte da cabeza presegmentaria; porta a *boca*, presenta *estruturas sensoriais* como son os *cirros tentaculares* e carece de *podios* e *sedas*. En certos casos, os dous ou tres segmentos seguintes ao *peristomio* tamén se consideran parte da cabeza, ao estar máis ou menos fusionados con esta e presentar *cirros* modificados, normalmente sen *sedas*.




Fig. 4.1 Esquema xeral do corpo dun poliqueto errante.

O *metastomio* dos poliquetos errantes está formado por un número variable de *metámeros*, iguais entre si, facilmente distinguibles externamente por uns constrinximentos que forman aneis e indican os límites dos segmentos. Os *metámeros*, que son transversalmente ovalados ou circulares, presentan no seu exterior unhas expansións laterais tegumentarias chamadas **podios**, en cuxo interior se dispoñen os feixes de *sedas* e os *poros nefridianos* situados latero-ventralmente, un por lado. A expansión da parede corporal que forman os *podios*, xunto aos músculos, *nervios* e *vasos sanguíneos*, denomínanse




Fig. 4.2 Esquema transversal dun metámero cun parapodio e as súas distintas partes.

parapodios, mentres que o conxunto de todas as *sedas* recibe o nome de **quetopodio**.

Os *parapodios* poden ser *birrámicos* ou *monorrámicos*. A gran maioría das especies de poliquetos errantes presenta **parapodios birrámicos** que están formados por un **notopodio** (rama dorsal) e un **neuropodio** (rama ventral). Tanto o *notopodio* como o *neuropodio* poden estar constituídos por entre un e tres *lóbulos* ou *mamelóns setíferos*. O *notopodio* pode presentar un *cirro dorsal*, situado sobre os *mamelóns* que o conforman, e o *neuropodio* un *cirro ventral*, situado por baixo dos seus *mamelóns*. O *podio* pode tamén presentar unha *branquia*, normalmente relacionada co *cirro dorsal*. Os poliquetos afroditáceos presentan os *cirros dorsais* modificados en forma de escamas sobre o seu dorso, e denomínanse **élitros**. Os **podios monorrámicos** só presentan unha rama.




Fig 4.3 Diferentes tipos de podios nos poliquetos errantes. **A**, podio de glicérido cos lóbulos parapodiais reducidos. **B**, podio dun néftido. **C**, podio dun eunícido co notopodio reducido e branquia dorsal filamentososa. **D**, podio dun polinoideo co cirro dorsal transformado en élitro. **E**, podio dun filodócido co notopodio e neuropodio modificados como branquias laminares.

As *sedas* que conforman o *quetopodio* presentan unha enorme variabilidade de formas, o que se usa, xunto á súa disposición, número e tamaño, como un carácter taxonómico válido para a diferenciación das distintas especies. As *sedas* poden ser *simples* ou *compostas*. As **sedas compostas** están formadas por dúas partes diferenciadas: a porción basal en forma de pinza denominada **mango**, e a porción distal denominada **artello**. O *podio*, no seu interior, posúe unha ou máis *sedas quitinosas* e *escleroproteínicas* que serven de soporte a estes e ás demais *sedas*, que se denominan **acículas**. Un *quetopodio* pode presentar diferentes tipos de *sedas*, e ademais estas poden variar nos diferentes *metámeros* corporais e mesmo sufrir variacións dependendo do estado fisiolóxico da especie.




Fig 4.4 Diferentes tipos de sedas.

O *pixidio* é a parte final ou

extremo caudal do corpo do poliqueto. Nel dispónse o *ano* e non presenta *podios*, aínda que frecuentemente portan uns *cirros* denominados **uritos** ou **cirros anais** que se dispoñen cara atrás.

O corpo das especies sedentarias con *metamerización heterónoma* está formado igualmente por tres partes: *cabeza*, *metastomio* e *pixidio*. A súa cabeza está moi reducida, ao presentar un *prostomio* apenas diferenciado do primeiro segmento corporal. Moitas especies portan na súa cabeza vistosos penachos de apéndices apicais que rodean total ou parcialmente a *boca*, e que se coñecen como **penacho branquial** (en sabélidos e serpúlidos), ou **cirros tentaculares** (nos terebélidos). En ambos os casos a cabeza é aínda menos aparente, ao estar o *prostomio* enmascarado polo *peristomio*. A maioría dos apéndices que forman estes penachos presentan un suco central lonxitudinal ciliado, cuxa función é o transporte do alimento cara á *boca*, o mesmo que os grosos *palpos* que usan os espiónidos para a captura do alimento.

O *metastomio* divídese en dúas rexións, a **rexión torácica** e a **rexión abdominal**, que presentan normalmente *podios* distintos e usualmente adoitan ter unhas pequenas *sedas* en forma de gancho chamadas **uncinos**. En moitas especies os *metámeros* están enmascarados exteriormente por constrinximentos secundarios da parede corporal que forma varios aneis en cada segmento. As *branquias* sitúanse xeralmente só nunha das rexións do *metastomio*, normalmente asociadas ao *cirro dorsal* dos *podios* desa rexión.

O corpo dos equiúridos non presenta segmentación, e está formado por dúas partes diferenciadas: a *proboscide* ou *lóbulo cefálico* e o *tronco*. A *proboscide* ten unha función alimentaria, é extensible, ten forma de canlón e nalgunhas especies bifúrcase no seu ápice. O *tronco* é de forma ovoide ou sacciforme e, externamente, só presenta unhas poucas *sedas*: un par en posición anterior ventral e un ou dous círculos no seu extremo posterior. Os *nefroporos* están situados preto da liña medio-ventral da parte anterior do *tronco*, e a *boca* na parte anterior, na base da *proboscide*.




Fig 4.5 Debuxo esquemático dun sabélido cas diferentes partes corporais.

A maior parte dos poliquetos pertencentes á suborde Sedentaria constrúen uns tubos de consistencia variable dentro dos que viven, para o que utilizan unhas secrecións corporais especiais. Os serpúlidos e espirórbidos




Fig 4.6 Debuxo esquemático dun equiúrido cas súas diferentes partes corporais.

constrúen uns tubos duros grazas a unhas glándulas situadas nun pregue do seu *peristomio*, o **colar**, que segrega cristais de carbonato cálcico que son mesturados cunha matriz orgánica. Esta mestura é moldeada e sostida ata o seu endurecemento na parte dianteira do tubo polo *colar*. Outros, como os sabélidos, constrúen uns tubos apergamiñados e membranosos, ao mesturar as secrecións mucosas que producen,

con partículas que seleccionan e recollen da súa contorna e modelan co seu *colar*. Os terebélidos constrúen tubos con partículas de sedimento e pequenos anacos de cunchas que van cementando cun moco que segregan. Unhas poucas especies de poliquetos, especialmente os espiónidos, poden perforar substratos calcarios como rochas ou cunchas de moluscos para formar galerías nas que viven, podendo nalgúns casos constituír verdadeiras pragas para os cultivos comerciais de bivalvos, especialmente de ostras e vieiras.

4.2.1 Parede corporal e celoma

A parede corporal dos poliquetos, como na maior parte dos anélidos, está formada pola *cutícula*, a *epiderme*, a *membrana basal*, as capas musculares e a *somatopleura*.

A *cutícula* é unha fina capa composta por fibras de *coláxeno*, que é segregada polas *microvilosidades* da *epiderme*. Esta capa presenta pequenas




Fig 4.7 Debuxo esquemático da parede corporal dun poliqueto tipo.

descontinuidades por onde afloran diversas estruturas, por exemplo, os *cilios* das *células sensoriais* ou as secrecións das *células glandulares*. Unhas poucas especies, como as pertencentes ao xénero *Owenia*, carecen de *cutícula*.

A *epiderme* é un *epitelio columnar*, tipicamente monoestratificado, formado por diferentes tipos de células entre as que destacan as *epiteliais* ou de *sustento*. Outros tipos de células que poden estar presentes son as *escamiformes* e *mioepiteliais*, alternando con *células sensoriais*, *células ciliadas* e *células secretoras*. A *epiderme* presenta unhas invaxinacións formadas por unha *célula basal* e varias laterais, denominadas **folículos epidérmicos**, cuxa función é a formación das *sedas*.

A *membrana basal* é unha fina capa de *tecido conxuntivo* formado por fibras entrecruzadas, que separan a *epiderme* das capas musculares.

A musculatura dispónse, na gran maioría dos casos, nunha capa de músculos circulares que nunca forman unha vaíña continua (ao estar interrompida na zona dos *podios* de cada segmento), baixo a cal se sitúa unha capa de músculos lonxitudinais bastante grosa, que en moitos casos se dispoñen en catro bandas, dúas dorsais e dúas ventrais. Os equiúridos teñen tres capas musculares, cunha capa oblicua entre a capa muscular circular e a lonxitudinal. Os poliquetos posúen ademais **músculos septais** (*septos musculares intersegmentarios*, que separan un segmento do seguinte), músculos que interveñen na retracción das estruturas evaxinables (como a *probóscide* ou as *branquias*), e os músculos usados para o movemento dos *podios*. Os *podios* móvense por medio dun grupo de músculos oblicuos, cuxo orixe está preto da liña medio ventral do segmento, e que se van ramificando e inserindo en diferentes partes interiores dos *podios*. Tamén poden existir músculos cuxa función sexa a extensión e retracción das *sedas*. A disposición e a importancia das capas musculares e dos feixes musculares varían de forma considerable entre os diferentes grupos. Os poliquetos errantes presentan a musculatura dos *podios* moi desenvolvida e a capa circular moi fina, mentres que nos sedentarios a disposición é a contraria.

A parte interna da parede corporal está revestida pola *somatopleura*, que rodea os *espazos celomáticos* e, ademais, tapiza as superficies dos órganos internos do verme.

O *celoma* da gran maioría dos poliquetos é *metamérico*, formado orixinalmente por un par de *cámaras celomáticas* (dereita e esquerda), que están separadas ao longo de todo o corpo por dous *mesenterios* (o dorsal e o ventral), e o *septo intersegmentario*




Fig 4.8 Esquema básico da disposición das cavidades celomáticas nun poliqueto.

que as separa en cada segmento formando as *cavidades celomáticas*. Nalgúns poliquetos, que ou ben non posúen *septos intersegmentarios* ou estes están perforados, a *cavidade celomática* é continua entre segmentos. Nos Equiúridos o *espazo celomático* está formado por unha cavidade rechea de líquido, situada no *tronco*, e un *espazo celomático proboscideo* reducido.

O *celoma* está recheo de líquido, o **líquido celomático**, unha solución *proteínica* con polo menos dous tipos de células que transitan nel: *amebocitos* e *eleocitos*. No *líquido celomático* tamén se atopan, durante o período reprodutivo, os *gametos* antes da súa expulsión ao exterior e, nalgúnas especies que carecen de *sistema circulatorio*, células con *pigmentos respiratorios*.

4.2.2 Sistema esquelético e locomotor

Como en todos os anélidos, o *sistema esquelético* dos poliquetos é hidrostático e está baseado na existencia de *cavidades celomáticas*. Este sistema hidrostático, xunto á disposición *metamérica* corporal e a colaboración da musculatura e os *podios*, son os elementos clave na locomoción destes animais.

Os poliquetos que compoñen a subclase Errantia, con *segmentación homónoma*, poden desprazarse por medio de movementos reptantes, de natación ou de escavación por eversión da *probóscide*, por *movementos corporais peristálticos* ou por unha mestura de ambos.

Os desprazamentos reptantes e de natación son típicos dos poliquetos cos *septos intersegmentarios* funcionalmente completos, que separan eficazmente os *espazos celomáticos* de cada segmento. O seu desprazamento baséase principalmente na contracción alterna dos músculos lonxitudinais, especialmente dos grandes músculos latero-dorsais, e dos músculos dos *podios*. A capa muscular circular é moi delgada e apenas intervén no desprazamento, senón que se encarga de manter a *presión hidrostática* do *líquido celomático*.

Os poliquetos *epibentónicos*, para poder desprazarse reptando, usan os músculos lonxitudinais latero-dorsais de forma antagónica en cada segmento, contraéndoo e relaxándoo de forma alterna, e en oposición sincronizada cos músculos lonxitudinais opostos, para formar ondas corporais. A velocidade de desprazamento do verme depende da lonxitude da onda, a maior lonxitude maior velocidade de desprazamento. A concavidade da onda é causada pola retracción dos músculos lonxitudinais dese ou deses segmentos, mentres os do lado contrario se relaxan. Cada onda está separada da seguinte, que é antagónica (a concavidade que forma oríentase en sentido inverso) por un par de *metámeros* rectos, nos cales os músculos lonxitudinais de ambos os lados están relaxados. O movemento ondulatorio está facilitado pola acción dos *podios*, ao retraerse os do lado cóncavo da onda e expandirse os do lado convexo. Este movemento dá lugar a ondulacións que percorren o corpo do poliqueto desde a parte posterior á anterior, ocasionando o seu desprazamento. Algúns poliquetos, especialmente os da familia Polynoidae, usan exclusivamente os *podios* a modo de patas para o

movemento reptante.



O nereido *Alita virens* desprazándose reptando.

O movemento de natación é similar ao reptante, só que os movementos ondulatorios son máis amplos ao estar as ondas corporais formadas por máis segmentos. Ademais, os poliquetos con capacidade de natación, como os *peláxicos* ou as fases

peláxicas dalgunhas especies, presentan uns *parapodios* de maior tamaño, que usan a modo de remos para unha natación máis eficiente.

O movemento de escavación pode estar facilitado pola eversión da *probóscide* ou por *ondas peristálticas*, nalgúns casos axudados por movementos serpenteantes. Moitos dos poliquetos escavadores perderon parte dos *septos intersegmentarios* ou téñenos perforados, de forma que os seus *metámeros* corporais xa non presentan un volume constante, o que ocasiona que a diminución da cantidade de *líquido celomático* nunha parte corporal cause un aumento proporcional do mesmo noutra rexión. Estes poliquetos presentan ademais uns *podios* reducidos. Algunhas especies usan a *probóscide* para desprazarse polo substrato mediante unha violenta evaxinación da mesma, que ao ancorarse ao substrato e retraerse posteriormente, facilita o desprazamento do animal por entre o sedimento. Outras especies acompañan o movemento da *probóscide* con *ondas peristálticas* ocasionadas por unha contracción da musculatura circular e lonxitudinal alterna por zonas. Tras fixar a *probóscide* no sedimento, os músculos circulares da parte traseira do poliqueto contráense ocasionando un aumento do volume da parte dianteira que a ancora ao sedimento. A continuación, a musculatura lonxitudinal da parte traseira contráese facendo que esa parte se encolla e o animal avance. O poliqueto desprázase por entre o sedimento alternando estes movementos, ao desprazar cara adiante a rexión corporal encolida mentres serve de ancoraxe e apoio a rexión dilatada.

Os poliquetos da subclase Sedentaria, con *segmentación heterónoma*, presentan unhas capas musculares débiles cuns *podios* reducidos como resposta adaptativa á súa forma de vida, o interior dos tubos nos que habitan. Normalmente realizan os seus movementos por *ondas*



Glycera celtica usando a probóscide para enterrarse no sedimento.

peristálticas ou polo movemento das *sedas*. Cando teñen despregada a parte anterior, o *penacho branquial* ou os *cirros tentaculares* para alimentarse, poden retraela rapidamente por medio duns músculos retractores especiais, axudados pola ancoraxe ao tubo da súa parte corporal non exposta. Os tubos dos poliquetos sedentarios, aparte de proporcionarlles protección, serven de soporte corporal e manteñen ao verme adecuadamente orientado con respecto ao substrato. Moitos destes poliquetos tamén poden usar estes movementos para producir correntes de auga no interior dos tubos ou galerías nas que viven.



O equiúrido *Bonellia viridis* estende a probóscide desde a greta na que vive.

Os equiúridos apenas se desprazan nas galerías ou agochos nos que viven, e só moven a *probóscide* para alimentarse, estendéndoa ou encolléndoa. O movemento da *probóscide* realízano de forma hidráulica por medio do *espazo celomático proboscídeo*, mentres que os desprazamentos corporais son efectuados por medio

de *movimentos peristálticos*.

4.2.3 Sistema dixestivo

O *sistema dixestivo* dos poliquetos é normalmente rectilíneo e, do mesmo xeito que o dos anélidos en xeral, está dividido en tres partes: **dixestivo anterior**, **medio** e **posterior**.

O *dixestivo anterior* ou **estomodeo**, formado pola *boca* ou *tubo bucal*, a *farinxe* e a parte anterior do *esófago*, está tapizado por unha *cutícula* similar á do exterior do corpo. A *probóscide evaxinable*, se está presente, pode ter a súa orixe no *tubo bucal* ou na *farinxe*. Nas especies que presentan dentes (*paragnatos*) e mandíbulas no seu *tubo bucal* ou na *probóscide*, estes derivan de *escleroproteínas* producidas polo *epitelio* do *dixestivo anterior*. Adoitan estar endurecidos con carbonato cálcico ou elementos metálicos, e o seu número e disposición adoitan ter valor taxonómico. Algunhas especies poden presentar, asociadas ao *dixestivo anterior*, *glándulas velenosas*, *esofáxicas* e/ou *mucosas*.



A probóscide armada do nereido *Perinereis cultrifera*

O *dixestivo medio* deriva do *endoderma*, e está formado pola parte posterior do *esófago* e un *intestino* longo e rectilíneo. A parte anterior do




Fig 4.9 Debuxo esquemático do sistema dixectivo dun poliqueto tipo.

intestino pode estar modificada como estómago ou como forma de almacenamento. O *dixectivo medio* pode ser liso ou presentar pregues, asas, ou un gran número de *cegos* relativamente grandes. Normalmente, a parte anterior do *intestino* ten *células glandulares* que segregan *encimas dixectivas* que, dependendo da dieta do poliqueto en cuestión, poden ser de diferentes tipos: *carbohidrases* nas especies herbívoras e *proteases* nas carnívoras. O material inxerido percorre o *dixectivo medio* grazas a *movementos peristálticos* e á acción das *células ciliadas*, que tamén se encargan de absorber os alimentos dixeridos. Uns poucos poliquetos teñen ademais *bacterias simbiotes* que colaboran na dixestión de compostos diversos, como a *celulosa*.

O *dixectivo posterior* ou **proctodeo** está constituído por un curto *recto* que comunica o *dixectivo medio* co *ano*, situado no *pixidio* do verme. Posúe gran




Fig 4.10 Debuxo esquemático do sistema dixectivo dun equiúrido tipo.

cantidade de *células glandulares mucosas* que producen un moco que lubrica a zona, e co que forman boliñas fecais cos materiais non dixeridos para a súa expulsión polo *ano*.

A súa dixestión é fundamentalmente extracelular, aínda que algunhas especies, como as arenícolas, presentan dixestión intracelular.

O *sistema dixestivo* dos equiúridos está formado pola boca, a *farinxe*, o *esófago* e o *intestino* (con sifón) que desemboca no *ano*, onde finalizan tamén uns *divertículos* do *tubo dixestivo* (*vesículas anais* ou *sacos rectais*) provistos de funís ciliados (*nefrostromas*) con *función excretora* e *osmorreguladora*.

4.2.4 Sistema nervioso e órganos sensoriais

O *sistema nervioso* central dos poliquetos está formado, basicamente, por unha *masa cerebroide* antero-dorsal da que xorde un *colar periesofáxico*, que se une ventralmente ao *ganglio subentérico* e continúa pola *cadea nerviosa* central, normalmente cun par de *ganglios* por segmento.

A **masa cerebroide** componse normalmente dun *ganglio cerebroide* bilobulado situado no *prostomio*, que pode estar formado por unha soa masa sen divisións aparentes, ou estar dividido en tres partes. Se está dividido, forma tres áreas especializadas: o *cerebro anterior*, o *cerebro medio* e o *cerebro posterior*. O *cerebro anterior* inerva os *palpos* do *prostomio*, mentres que do *cerebro medio* saen *nervios* cara aos *ollos*, as *antenas prostomiais*, e cara ao *dixestivo anterior* (estes últimos denominados **nervios motores estomatogástricos**), que controlan os movementos da *probóscide* ou da *farinxe*. O *cerebro posterior* inerva o *órgano nocal*.




Fig 4.11 Debuxo esquemático do sistema nervioso dun poliqueto tipo.

O **colar periesofáxico** está formado por un ou dous pares de *conectivos* que xorden do *cerebro anterior* ou do *medio* e que, tras rodear o *tubo dixestivo*, únense ventralmente a un *ganglio subentérico*. Normalmente estes *conectivos* presentan *ganglios* que inervan os *cirros* do *peristomio*, aínda que nalgúns casos estes *nervios* proceden do *ganglio subentérico*.

A **cadea nerviosa central** está formada por un par *cordóns nerviosos*

lonxitudinais que xorden do *ganglio subentérico* e percorren todo o corpo do poliqueto. Estes *cordóns nerviosos* teñen un par de *ganglios* en cada segmento unidos entre si por unha *comisura transversal*, o que lle confire un aspecto típico en forma de "escaleira de corda". De cada *ganglio* saen entre un e tres *cordóns nerviosos* laterais, dos cales o principal é o que inerva a base dos *podios*, nalgúns casos de forma directa e noutros conectado a un *ganglio pedio* situado na base de cada *podio*. Os restantes inervan a musculatura da parede corporal e o *tubo dixestivo*. Algunhas especies presentan catro *cordóns nerviosos* lonxitudinais paralelos con catro *ganglios* por segmento, dispostos en fila transversal e unidos entre si por *comisuras*, dos cales dous se corresponden cos *ganglios pedios*. Na maioría dos poliquetos os *cordóns nerviosos* laterais conteñen unhas *neuronas* de gran diámetro e moi longas, as **fibras xigantes**. Estas atópanse moi desenvolvidas nas especies tubícolas, xa que permiten a contracción rápida do corpo para retraerse dentro do tubo.

Os poliquetos posúen unha gran variedade de *órganos* ou *receptores sensoriais*, cuxo grao de desenvolvemento varía enormemente dependendo da forma de vida das diferentes especies. Non son as mesmas as necesidades de información dos poliquetos errantes, dos depredadores, dos escavadores ou dos tubícolas. Entre os diversos *órganos* ou *receptores sensoriais* podemos destacar: *sensores táctiles*, *ollos* ou *fotorreceptores* e *quimiorreceptores* ou *xorreceptores*, entre outros. Estes receptores agrúpanse nuns poliquetos en zonas concretas, especialmente no *prostomio* e *peristomio*, mentres que noutros están dispersos ao longo do seu corpo. Normalmente están formados por *células bipolares* primarias dispostas no *epitelio* ou no propio *sistema nervioso* central.

Os *sensores táctiles* son moi importantes para os poliquetos, xa que lles permiten interactuar coa contorna na que viven. Adoitan estar repartidos por toda a súa superficie corporal, pero concentrados en certas áreas como a cabeza e os *podios*. Na cabeza concéntranse gran parte dos *apéndices sensoriais*, como os *palpos*, as *antenas prostomiais* e os *cirros peristomiais*, que son inervados, como dixemos, directamente desde o *ganglio cerebroideo*. Nos *podios*, as *sedas* adoitan estar asociadas a *neuronas sensoriais táctiles* e conectadas aos correspondentes *ganglios pedios* ou directamente aos *ganglios metaméricos*.




Fig 4.12 Debuxo esquemático do ollo complexo dun nereido.

O grao de desenvolvemento, a distribución e o emprazamento dos *fotorreceptores* é moi variable entre os poliquetos. Algunhas especies presentan uns ollos moi desenvolvidos, entre un e tres pares situados na superficie dorsal




Fig 4.13 Algúns dos diferentes tipos de ollos tentaculares nos sabélidos. A disposición e organización das células fotorreceptoras pode ser moi variable, tanto en forma e tamaño, como na posición relativa entre elas e ao longo dos tentáculos.

do *prostomio*, denominados por ese motivo **ollos prostomiais**. Son *copas pigmentarias* directas que poden ser simples depresións tapizadas por *células retinianas* ou algo máis complexo, cunha lente ou *cristalino* ben diferenciado. En case todas estas especies, o ollo está recuberto por unha banda de *cutícula* modificada que funciona a modo de *córnea*. Aínda que na maioría destes casos os ollos só son capaces de transmitir información sobre a intensidade e dirección da luz, nalgunhas formas

peláxicas con enormes ollos equipados cunha lente verdadeira con capacidade de axuste, posiblemente sexan capaces de transmitir imaxes. Tamén poden presentar outros tipos de *fotorreceptores* (xunto aos *ollos prostomiais* ou en substitución destes), como poden ser simples *ocelos* ao longo de todo o corpo e mesmo no *pixidio*. Moitas especies de sabélidos e serpúlidos presentan verdadeiros ollos complexos ou simples *ocelos* nos filamentos da súa *coroa branquial*.

A maior parte dos poliquetos son moi sensibles aos estímulos químicos. Os seus *quimiorreceptores*, aínda que poden estar concentrados na cabeza, adoitan estar repartidos por todo o corpo. Son *células ciliadas* especializadas que asoman ao exterior a través da *cutícula*, e que están conectadas por unha *fibra nerviosa sensorial* directamente aos *conectivos* do *ganglio cerebroideo* ou aos *ganglios metaméricos*. Algunhas especies posúen uns *quimiorreceptores* especiais denominados **órganos nocaís**, cuxas funcións están relacionadas coa alimentación e o apareamento. Poden ser simples depresións ou estruturas complexas e evaxinables, situadas na parte posterior do *prostomio* ou no *peristomio* e que, en certas especies, poden abarcar varios segmentos debido ao seu gran tamaño. Os *axóns* das *neuronas* que compoñen este *órgano* forman o **nervio nocal**, que o conecta directamente ao *ganglio cerebroideo*. Nos anfinómidos, o *órgano nocal* forma un saínte complexo a modo de prolongación prostomial denominada **carúncula**.



En primeiro plano podemos observar a carúncula do anfinómido *Euphrosine foliosa*

Os *xorreceptores* son *estatocistos* ou órganos do equilibrio que posúen algúns poliquetos escavadores e tubícolas, cuxa función é manter unha adecuada




Fig 4.14 Debuxo esquemático dun estatocito.

orientación do animal cando se atopa escavando ou construíndo o tubo. A maioría teñen un par situado preto da cabeza, mentres que algunhas especies poden ter varios pares. Poden ser abertos ou pechados. Son unhas invaxinacións *epiteliais* que forman unhas canles ciliadas abertas ao exterior ou pechadas, e que comunican cunhas cámaras forradas por *células sensoriais ciliadas*, *células de sostén* e *células glandulares*. No interior destas cámaras estgán os **estatolitos**, que poden ser de

orixe *esóxeno* (como grans de area ou anacos de cunchas) nos casos coas canles abertas, ou segregados polas *células glandulares* no caso dos condutos pechados.

O *sistema nervioso* dos equiúridos é periférico, non posúe *ganglios cerebroideos* e está formado por un *colar periesofáxico* e unha *cadea nerviosa* ventral.




Fig 4.15 Debuxo esquemático do sistema nervioso dun equiúrido.

4.2.5 Sistema circulatorio e intercambio gasoso

O tamaño relativamente grande dos poliquetos, xunto á presenza dun *sistema dixestivo* completo con absorción de nutrientes en rexións especializadas, fan necesaria a existencia dun verdadeiro *sistema circulatorio* que permita o transporte e distribución destes nutrientes por todo o corpo. Ademais, moitas especies presentan estruturas especiais para o intercambio gasoso dispostas en certas partes do corpo, polo que o *sistema circulatorio* se utiliza tamén para o transporte de gases. Por iso, o *sistema circulatorio* dos poliquetos está intimamente relacionado con estas estruturas especializadas, as *branquias*. Estas poden ser zonas dos *podios* moi vascularizadas, ou ter forma de filamentos no *metastomio* (cirrátulidos), de *branquias arborescentes* na parte torácica (terebélidos) ou de *penachos branquiais* (sabélidos, serpúlidos e espirórbidos). En moitas especies que carecen de apéndices especializados, toda a superficie corporal intervén no intercambio gasoso.

O *sistema circulatorio* dos poliquetos é xeralmente pechado, aínda que os glicéridos, os capitélidos, algunhas especies de equiúridos e moitas especies *intersticiais* carecen del, a súa función é realizada polo *celoma* por medio do *líquido celomático*.

Nos poliquetos con *segmentación homónoma*, a función respiratoria pode

desenvolverse a través de *filamentos branquiais*, ou directamente a través dos *notopodios*. Neste tipo de poliquetos, o *sistema circulatorio* está formado por dous grandes *vasos circulatorios* lonxitudinais paralelos que percorren todo o seu corpo: o **vaso dorsal** (polo que o sangue se move cara á parte anterior) e o **vaso ventral** (por onde o sangue circula cara á parte traseira). O *vaso dorsal* atravesa os *mesenterios* dorsais, e o ventral fai o mesmo polos *mesenterios* ventrais. O intercambio do sangue entrámbolos *vasos sanguíneos* ten lugar por medio de dous *plexos sanguíneos* (o anterior e o posterior), e metaméricamente por un par de *asas vasculares* (esquerda e dereita), que unen ámbolos *vasos* e se ramifican cara aos *podios*, os *nefridios*, a parede do *tubo dixestivo* e o *epitelio* corporal. O *plexo sanguíneo* anterior está máis desenvolvido ao redor da *farinxe* e na zona do *ganglio cerebroideo*, onde chega a formar, nalgúns casos, un amplo seo denominado **seo intestinal**. O movemento do sangue depende dos músculos da parede corporal e da parede dos propios *vasos sanguíneos*, xa que non existen estruturas de bombeo específicas, a modo de "corazón". O sangue osixenado nas *branquias* entra no *vaso dorsal*, cuxa sangue fornecerá de osíxeno a parte anterior do poliqueto, onde se atopan o *ganglio cerebroideo* e as principais estruturas alimentarias do animal.

Algunhas especies con *segmentación homónoma* carecen de sistema




Fig 4.16 Debuxo esquemático do sistema circulatorio dun poliqueto tipo.

circulatorio, como os glicéridos, e noutras o seu *sistema circulatorio*, moi reducido, está fusionado parcialmente co *celoma*. Na maioría destas especies, de vida escavadora, os *septos* son incompletos, o que permite que o *líquido celomático* provisto de células con *hemoglobina* poida percorrer todo o seu corpo mediante movementos corporais ou coa axuda de tractos ciliados situados na *somatopleura*. Nestes poliquetos o intercambio gasoso realízase en toda a superficie corporal, e é o *celoma* o que asume a función circulatoria.

Pero onde o *sistema circulatorio* alcanza maior complexidade é nos poliquetos cuxo corpo presenta *segmentación heterónoma*, xa que desenvolveron unhas estruturas de bombeo a modo de "corazóns" para compensar as dificultades derivadas da súa vida máis ou menos sedentaria. Estes poliquetos posúen un ou

máis "corazóns" nas súas *rexións torácicas*, os cales realmente son zonas engrosadas e musculadas do *vaso dorsal* ou das ramificacións laterais do mesmo. Nos sabélidos e serpúlidos, cada un dos filamentos do seu *penacho branquial* posúe un *vaso sanguíneo* cego que parte dunha dilatación na rexión anterior do *vaso dorsal*, e polos cales o sangue flúe en ambas direccións. Noutras especies, como no caso dos terebélidos, as poucas *branquias arborescentes* que teñen na súa rexión anterior están irrigadas por un *vaso aferente* que sae do *vaso dorsal* (nalgúns casos do propio "corazón"), e outro *eferente* que regresa ao *vaso dorsal*.



Os poliquetos poden ter *pigmentos respiratorios* no sangue, no *líquido celomático* ou en ambos. Estes pigmentos adoitan ser algún tipo de *hemoglobina* ou de *clorocruorina*, e algunhas especies poden posuír un, ou ambos os tipos no seu sangue. Os *pigmentos sanguíneos* atópanse en disolución, mentres que os *celomáticos* atópanse dentro de corpúsculos no *celoma*.

4.2.6 Sistema excretor e osmorregulación




Fig 4.17 Debuxo esquemático dun metanefridio.

O *sistema excretor* dos poliquetos é fundamentalmente *nefridiano*. A maioría posúe *metanefridios*, e algunhas especies *protonefridios*. Son órganos de orixe *ectodérmica* cunha disposición típica dun par por *metámero*, un en cada *cámara celomática*. Polo xeral, as especies que presentan un *sistema circulatorio* ben desenvolvido teñen un *sistema excretor* formado por *metanefridios*, e aqueles que non presentan *sistema circulatorio* ou este está pouco desenvolvido, teñen

protonefridios. O seu principal produto excretor é o amoníaco.

Os **metanefridios** están formados polo *nefroducto*, un tubo ciliado que se abre ao *celoma* en forma de funil ciliado (*nefrostoma*), e que desemboca no exterior por medio do *nefróporo*. Na




Fig 4.18 Debuxo esquemático dun protonefridio.

maioría dos poliquetos os *metanefridios* poden cumprir a función de *gonodutos*, ao deixar saír os *gametos* do *celoma* ao exterior. Nestes, o seu *nefrostroma* é de orixe *mesodérmico* e denomínanse **mixonefridios**. Nos poliquetos de *segmentación heterónoma*, os *metanefridios* están frecuentemente reducidos en número, presentando en moitos casos uns poucos *metanefridios* na *zona torácica*, con función excretora, e outros poucos na *zona abdominal* a modo de *gonodutos*.

4.3 ALIMENTACIÓN

A enorme diversidade, tanto anatómica como fisiolóxica, dos vermes que compoñen a clase Polychaeta e os seus diferentes estilos de vida, permitiulles explorar todas as potenciais fontes de alimento que os diferentes hábitats mariños ofrecen. A súa forma de alimentación pode ser carnívora, herbívora, omnívora, filtradora ou suspensívora e sedimentívora. Unhas poucas especies son *simbiontes* ou *parasitas*.

A maioría das especies carnívoras son depredadoras activas que se alimentan de pequenos invertebrados e mesmo doutros poliquetos. Adoitan presentar *segmentación homónoma* e ser capaces de desprazarse rapidamente polo sedimento. Ao detectar a presa, por medios químicos ou mecánicos, "disparan" a *probóscide* provista de mandíbulas coas que a suxeitan e, unha vez inmovilizada, retraen a *probóscide* ao interior do corpo introducindo a presa dentro do *tubo dixestivo*. Algunhas especies carnívoras son depredadoras pasivas,



e esperan á espreita o paso da posible presa, momento no que a cazan suxeitándoa coas mandíbulas da *probóscide* ou aspirándoa ao interior da boca. Outras especies carnívoras viven dentro de tobos ou no interior de complexas galerías. Nestes casos detectan ás posibles presas nas súas inmediacións por medio de *quimiorreceptores* ou receptores de vibracións, e cando esta pasa por riba ou moi preto, captúrana por medio da *probóscide*. Algunhas destas especies presentan *glándulas velenosas* asociadas ás mandíbulas, tal é o caso dos glicéridos.

As especies herbívoras constitúen outro grupo importante de poliquetos. Algúns presentan unha dieta moi especializada ao cingirse exclusivamente ás *diatomeas*, que inxiren enteiras ou partidas se teñen mandíbulas. Outras especies teñen unha dieta menos especializada e aliméntanse de *macrófitas*, cortando coas mandíbulas pequenos anacos de algas ou fanerógamas mariñas que inxiren conxuntamente con diminutos invertebrados. Estas especies son consideradas por

algúns autores como omnívoros.

As especies filtradoras ou suspensívoras constitúen un dos principais grupos tróficos dentro dos poliquetos. Aliméntanse de partículas suspendidas na auga e presentan variadas formas de filtración e captura das partículas alimentarias. A maioría destas especies portan na cabeza unha coroa cun número variable de tentáculos ciliados (**radioles**), que presentan pequenas ramificacións laterais (**pínulas**), tamén ciliadas. Os *radioles* presentan ademais un suco ciliado lonxitudinal no seu eixo central interno, cuxa función é dirixir as partículas alimentarias, reconducidas da auga circundante polos diferentes *cilios*, cara á boca. Algunhas especies presentan un par de grandes *palpos* ciliados na súa zona anterodorsal, os cales manteñen ergueitos ou axitan na auga atrapando as partículas suspendidas. Estas

partículas son seleccionadas e transportadas á boca por medio de *cilios* e da retracción parcial dos *palpos*. Un caso particular de poliqueto filtrador é *Chaetopterus variopedatus*, que vive dentro dun tubo membranoso que fabrica en forma de "U" e que emerge do sedimento por ambos os extremos. Os *notopodios* dos tres últimos segmentos da parte central están unidos formando unha especie de abanos que, ademais de axudar co seu movemento á circulación da corrente no interior do tubo, segregan un moco que se acumula en forma de saco onde reteñen as partículas alimentarias, principalmente *protozoos*, algas unicelulares e pequenos invertebrados, os cales lle serven de alimento.



Chaetopterus variopedatus

Os *notopodios* dos tres últimos segmentos da parte central están unidos formando unha especie de abanos que, ademais de axudar co seu movemento á circulación da corrente no interior do tubo, segregan un moco que se acumula en forma de saco onde reteñen as partículas alimentarias, principalmente *protozoos*, algas unicelulares e pequenos invertebrados, os cales lle serven de alimento.

Outro grupo importante de poliquetos son os sedimentívoros, que se alimentan das partículas do sedimento. Podemos diferenciar dous grupos maioritarios dependendo da forma de obter este alimento: os que se alimentan na superficie do substrato e os que se alimentan dentro do substrato. Para



Tentáculos alimentarios dun terebélido despregados sobre o substrato.

colleitar as partículas existentes sobre a superficie do substrato, algunhas especies posúen *palpos* pares na *rexión cefálica*. Estes *palpos* esténdense sobre o substrato e, por medio de movementos musculares, arrastran as partículas alimentarias cara á boca. Outras especies presentan numerosos *tentáculos* alimentarios no *prostomio*. Os *tentáculos* son acanalados e ciliados na parte ventral e, cando se estenden sobre o substrato, trasladan as

partículas ata a boca a modo de cintas transportadoras, axudados por

secrecións mucosas que facilitan a retención das partículas. As especies sedimentívoras que buscan o seu alimento no interior do substrato van inxerindo o sedimento a medida que escavan, de maneira que dixiren as partículas alimentarias presentes e expulsan polo *ano* a materia inerte.

É importante subliñar neste apartado as *relacións simbióticas* que varios grupos de poliquetos presentan con outros animais. En xeral, a relación co seu anfitrión adoita ser bastante débil e, na maioría dos casos, este é utilizado



Neanthes fucata

simplemente como un refuxio protector. A maioría destas especies *simbiontes* non se alimentan do seu *hóspede*, senón que aproveitan as presas dispoñibles no hábitat próximo a este, ou ben os refugallos e restos de comidas que o *hóspede* produce. Entre os diferentes grupos de poliquetos *simbiontes* cabe destacar o dos vermes escamosos (polinoideos), que viven asociados a especies de diferentes filos (cnidarios, moluscos ou equinodermos), ou *Neanthes fucata*, que vive no interior de cunchas de gasterópodos ocupadas por cangrexos ermitáns. Son poucos os que se alimentan do seu *hóspede* e que, por tanto, poden considerarse *parasitos*. Este é o caso de certos sillidos que viven asociados a hidrozooos e gorgonias das que se alimentan.

4.4 REPRODUCCIÓN

A enorme diversidade, tanto morfolóxica como de uso de hábitat nos poliquetos, ocasiona tamén unha gran variedade nas estratexias reprodutivas. Aínda que case todos os poliquetos presentan un maior ou menor grao de capacidade de rexeneración corporal, só unha minoría se *reproduce asexualmente*, normalmente por *escisión*. A gran maioría faino de forma *sexual*.

A *reproducción asexual* acontece maioritariamente entre os poliquetos sésiles filtradores, especialmente entre aqueles que forman grandes grupos. Fundamentalmente ocorre por escisión do corpo en dúas ou máis partes, dando lugar a varios individuos. Dependendo da forma de escisión podemos distinguir tres modelos básicos de *reproducción asexual*: a *arquitomía*, a *morfalaxia* e a *paratomía*.

A **arquitomía** comeza coa división do poliqueto en dúas partes. A posterior rexenera a parte anterior converténdose nun novo individuo, mentres que a parte anterior dá lugar a varios poliquetos mediante a súa división secundaria en grupos de varios segmentos. Cada grupo, á súa vez, rexenera a parte cefálica e varios segmentos adxacentes para, a continuación, rexenerar a parte posterior completando así un novo individuo.

Na **morfalaxia** o poliqueto divídese en dúas partes pola zona media. A

posterior rexenera a parte anterior co *penacho branquial*, mentres que a anterior rexenera a parte posterior co *pixidio*.

A **paratomía** ten lugar cando, antes da escisión, se produce un constriximento na zona que separa o *tórax* do *abdome*, e comeza a formarse a cabeza co *penacho branquial* na parte posterior do mesmo. Unha vez que a cabeza está perfectamente formada, o animal pártese en dous e ambas as partes terminan de rexenerar o que lles falta.

A gran maioría dos poliquetos presentan sexos separados, sen mostrar un evidente *dimorfismo sexual*. As únicas diferenzas sexuais externas poden ser debidas ás diferentes cores do corpo causadas, na época de madurez sexual, polos *gametos* no *líquido celomático*.

Os *ovarios*, son órganos xeralmente non moi evidentes, normalmente formados ao redor do *peritoneo* das paredes dos *vasos sanguíneos* e que adoitan ser de fondo cego, coas *células xerminais (oocitos)* dispostas en paquetes recubertos por *células peritoneais*. Cando o *ovario* se forma como un simple *divertículo peritoneal*, entre os *oocitos* aparecen *células foliculares* ou *células nutritivas*. En ambos os casos, os *oocitos* maduran nos *ovarios*. Cando o *ovario* é máis sinxelo (simples *sacos peritoneais*), os *oocitos* maduran no *líquido celomático*. Nos poliquetos con *metamerización homónoma*, os *ovarios* presentan unha disposición *metamérica*, mentres que nos poliquetos con *metamerización heterónoma*, os *ovarios* adoitan aparecer en rexións corporais concretas e en menor cantidade.

Os *testículos* son xeralmente órganos pequenos dispostos bilateralmente, e similares anatomicamente aos *ovarios*. Adoitan situarse pegados á parede dos *vasos sanguíneos* e estar recubertos polo *peritoneo*. Aínda que é frecuente a presenza de *espermatogonias* temperás, a súa maduración ata converterse en *espermatozoides* é moi variable. Nuns casos fórmanse pequenos acios redondeados de *espermatogonias* que se desenvolven mentres permanecen conectados entre si por ligazóns intercelulares, mentres que noutros estas rodean unha masa anucleada central denominada **citóforo**. Algunhas especies non presentan *testículos* evidentes, e no seu *líquido celomático* atópanse xa dispersas incipientes *espermatogonias*. Dependendo das especies, os *espermatozoides* son liberados ao *líquido celomático* de forma libre ou empacados en *espermatóforos*.



Eunice woodwardi cos seus metámeros traseiros repletos de oocitos.

En moitos casos, a madurez sexual vai acompañada de importantes cambios, tanto corporais como de comportamento. O fenómeno que orixina estas



Fase epítoca dun nereido

modificacións coñécese co nome de **epitoquia** ou **epigamia**. Nestes casos, o exemplar sen transformar ou inmatureo denomínase **átoco**, mentres o transformado ou maduro recibe o nome de **epítoco**. Aínda que a *epitoquia* nalgunhas especies é moi superficial, podendo reflectirse unicamente no aumento dunhas poucas *sedas* nos *quetopodios*, noutros casos

é de tal magnitude que os individuos chegaron a ser descritos como especies de xéneros diferentes. Tal é o caso dalgunhas especies de nereidos cuxa fase *epítoca* denomínase **heteronereis**, con cambios en todo o seu corpo, pero moito máis patentes na súa rexión media e posterior. Externamente, as *sedas* dos *quetopodios* da súa forma *átoca* transfórmanse en **sedas natatorias** (o *artello* final ten forma de pa) e internamente desaparece o *tubo dixestivo*, a musculatura somática e dos *podios* modifícase e no *celoma* aparece o **tecido adiposexual**, formado por *gametos* e *eleocitos*. Nestes casos, os *gametos* adoitan concentrarse máis na parte anterior que na posterior modificada.

Noutras especies, a parte posterior vaise modificando a medida que se enche de *gametos*, o constrinximento entre segmentos vai aumentando e, nalgúns casos, aparecen un ou varios ollos en cada segmento. Este proceso denomínase **esquizogamia** ou **esquizogonia**, e cada segmento ou grupo de segmentos modificados recibe o nome de **estolón**. Pódense dividir os *estolóns* en varios tipos dependendo de que se forme ou non unha cabeza na parte anterior, na zona de separación.

O tipo de *estolón* acéfalo é o que non presenta unha cabeza diferenciada, non ten apéndices cefálicos nin ollos. Os *estolóns* que presentan unha cabeza diferenciada divídense, dependendo da forma da súa cabeza e da cantidade de apéndices e ollos presentes na mesma en:



Trypanosyllis krohnii con un estolón ovíxero


áceros, díceros, tríceros, tetráceros, pentáceros e heptáceros. Os *estolóns*, a pesar da súa forma e movementos, son simples sacos ovíxeros, uns órganos cuxo destino é diseminar os *gametos sexuais* e nunca se converterán en exemplares adultos.

Aínda que nos poliquetos intersticiais o máis normal é a cópula e, por tanto, a fecundación interna, en todos os demais poliquetos a *reproducción sexual* ocorre por fecundación externa. A evacuación ao exterior dos *gametos sexuais*

adoita ocorrer a través do *sistema excretor* do poliqueto, a través do *nefromixio*. Nalgúns casos, os *gametos* saen ao exterior ao romper a parede corporal do poliqueto.

Un fenómeno moi curioso relacionado co momento da liberación dos *gametos sexuais* por parte de certas familias de poliquetos, é o que se deu en chamar **enxamazón**. Aínda que se descoñece exactamente o que ocasiona tal fenómeno, parece ser que está relacionado cunha fase lunar determinada nun momento específico. O que se coñece son as súas consecuencias, que implica o ascenso masivo dos individuos á superficie nun curto espazo de tempo (o momento xusto da maduración sexual), e da desova para a liberación dos seus respectivos *gametos sexuais*. Nalgúns casos é tal a cantidade de individuos que se congregan que dá a impresión que o mar entra en ebulición. Este fenómeno, ademais de aumentar as posibilidades de fecundación, asegura un desenvolvemento no plancto dos *embrións*, apropiado para as *larvas*.

A gran maioría dos poliquetos presentan un desenvolvemento indirecto que inclúe varias fases larvárias planctónicas. O desenvolvemento parte dun estadio larvario presegmentario en forma de *larva trocófora* que sofre varias modificacións previas á metamorfose, pasando por diferentes estadios larvários que se coñecen xenericamente co nome de **metatrocóforas**, ao presentar xa unha incipiente *metamerización*. A duración do estado larvario planctónico é moi variable entre as diferentes especies de poliquetos, desde uns días ata varios meses, e finaliza cando a *larva trocófora* atopa un substrato coas condicións adecuadas. Nese instante precipítase ao fondo, onde sofre unha metamorfose que supón fortes cambios, en ocasións moi rápidos, ata converterse nun xuvenil.



4.5 TAXONOMÍA

A clase Polychaeta divídese en catro subclases: Echiura, Errantia, Sedentaria e Polychaeta *incertae sedis*.

4.5.1 A subclase Echiura

O nome da subclase deriva do grego *echinos* (espiña) e *ourá* (cola). Tradicionalmente sempre se considerou como un filo independente, ata que recentes estudos filoxenéticos situáronos dentro dos anélidos, a pesar de carecer de segmentación corporal en estado adulto.

Comprende unhas 150 especies (todas mariñas) de entre 3 e 25 centímetros de longo, que viven en augas litorais en area, lodo ou en fisuras de rochas. A orde Echiuroidea está dividida en 2 subordes: Bonellida e Echiurida.

A **suborde Bonellida** está composta por dúas familias: Bonellidae, que inclúe 30 xéneros (*Acanthobonellia*, *Acanthohamingia*, *Achaetobonellia*, *Alomasoma*, *Amalosoma*, *Archibonellia*, *Bengalus*, *Biporus*, *Bonellia*, *Bonelliopsis*, *Bruunellia*, *Charcotus*, *Choanostomellia*, *Dattaguptus*, *Eubonellia*, *Hamingia*, *Ikedella*, *Jakobia*, *Kurchatovus*, *Maxmuelleria*, *Metabonellia*, *Nellobia*, *Prometor*, *Protobonellia*, *Pseudobonellia*, *Pseudoikedella*, *Sluiterina*, *Torbenwolffia*, *Vitjazema*, *Zenkevitchiola*) e Ikedidae cun só xénero (*Ikeda*).

A **suborde Echiurida** está formada por tres familias: Echiuridae, cun só xénero (*Echiurus*), Thalassematidae, que inclúe 8 xéneros (*Anelassorhynchus*, *Arhynchite*, *Ikedosoma*, *Lissomyema*, *Listriolobus*, *Ochetostoma*, *Thalassema* e *Paraarhynchite*) e Urechidae, cun só xénero (*Urechis*).

4.5.2 A subclase Errantia

As especies pertencentes a esta subclase tamén son coñecidas como **aciculadas**, por presentar *acículas* nos *parapodios*, e inclúe poliquetos cunha gran capacidade de locomoción. O seu corpo presenta *metamerización homónoma*. Os poliquetos pertencentes a esta clase móvense de forma activa, nadando, camiñando, reptando ou escavando, ou buscan refuxio baixo pedras ou entre os arrecifes. Algunhas especies pertencentes a esta subclase poden fabricar tubos ou galerías onde se protexen, pero que abandonan para cazar. A gran maioría dos poliquetos pertencentes a esta subclase son depredadores, unha minoría son especies comensais e algunhas poden ser parasitas. A subclase Errantia está formada por tres ordes: Amphinomida, Eunicida e Phyllodocida.

A **orde Amphinomida** comprende poliquetos errantes de cores rechamantes e, nalgúns casos, con bioluminiscencia. Na súa cabeza, provista dun *prostomio* con tres *antenas* e dous *palpos*, destaca a posesión dunha **carúncula** posterior. O *tubo bucal* presenta unha *probóscide* eversible, pero non dispón de mandíbulas. Os *parapodios* son birrámeos e nos *notopodios* presentan *branquias* ramificadas. Algunhas especies poden ter *sedas* urticantes a modo de defensa. Inclúe dúas familias: Amphinomidae e Euphrosinidae.

A familia Amphinomidae está formada por poliquetos errantes, con corpos aplanados de contorna alongada ou ovalada. Presentan penachos de *sedas* nos *notopodios* e *neuropodios*, con algunhas *sedas* espiñentas nos *notopodios* que poden dar lugar a fortes dores, sensación de queimadura e/ou infeccións en casos de contacto e rotura das mesmas. Por iso algunhas especies son coñecidas co nome vulgar de "vermes de lume". As *branquias* dispóñense en feixes ramificados. Xeralmente os anfinómidos son poliquetos de augas pouco profundas moi coloreados, con padróns de cor moi distintivos, aínda que entre os seus membros tamén se atopan especies

menos vistosas e de augas máis profundas. Esta familia inclúe os xéneros *Bathynotopygos*, *Pherecardites*, *Sangiria*, *Zothea* e as subfamilias Amphinominae, con 11 xéneros (*Alleurythoe*, *Amphinome*, *Benthoscolex*, *Cryptonome*, *Eurythoe*, *Hermodice*, *Hipponoe*, *Linopherus*, *Paramphinome*, *Pareurythoe* y *Pherecardia*) e Archinominae, con 6 xéneros (*Archinome*, *Bathychloeia*, *Chloeia*, *Chloenopsis*, *Notopygos* e *Parachloeia*).

A familia Euphrosinidae inclúe poliquetos errantes pequenos, cunha lonxitude máxima de 4 centímetros, e de corpo oval. A súa *carúncula* é trilobulada e, sobre o dorso, destacan fileiras transversais de *branquias* e *notosedas*. Normalmente habitan augas profundas de rexións frías. A maior parte de especies pertencentes a esta familia rexistráronse no océano Antártico. Algunhas especies habitan augas superficiais de zonas tépedas e tropicais, asociadas a esponxas. Está formada por 4 xéneros: *Euphrosine*, *Euphrosinella*, *Euphrosinopsis* e *Palmyreuphrosyne*.

A **orde Eunicida** inclúe poliquetos mariños, a maioría errantes (aínda que unha parte dos seus membros pase unha gran parte da vida en galerías que constrúen), e algúns de vida sedentaria. Son depredadores carnívoros, activos e pasivos, con algunhas especies parasitas e unhas poucas especies herbívoras. Nesta orde están os poliquetos de maior tamaño, ata os 3 metros de lonxitude. O *prostomio* é distintivo, e pode presentar ou non apéndices. A *farinxe* eversible, musculada e disposta fronto-lateralmente, está armada polo menos cun par de mandíbulas quitinosas. Os *parapodios* son característicos, cos *neuropodios* fortemente desenvolvidos e os *notopodios* reducidos. Está composto por 6 familias: Dorvilleidae, Eunicidae, Hartmaniellidae, Lumbrineridae, Oeonidae e Onuphidae.

A familia Dorvilleidae inclúe desde os poliquetos máis pequenos coñecidos, con apenas uns centos de micróns de lonxitude nalgunhas especies infaunais, ata especies de tamaño medio e varios centímetros de lonxitude. Son especies mariñas cuxo rango batimétrico abarca desde o intermareal ata grandes profundidades. Poden ser de vida libre, comensais ou parasitas doutros invertebrados. Moitas especies desta familia son consideradas oportunistas, proliferando en ambientes enriquecidos con materia orgánica ou zonas altamente contaminadas. Polos hábitos alimenticios, algunhas especies son consideradas carnívoras e outras herbívoras. No *prostomio* presentan dous pares de *antenas*, un dos cales pode desenvolverse como uns longos *palpos*, e o *tubo bucal* está armado cunha ou dúas series de mandíbulas. Teñen os *notopodios* reducidos, pero con *sedas* e *acículas* na maioría das especies. Está composta por 31 xéneros: *Anchidorvillea*, *Apodotrocha*, *Apophryotrocha*, *Arenotrocha*, *Coralliotrocha*, *Diaphorosoma*, *Dorvillea*, *Eliberidens*, *Exalopus*, *Gymnodorvillea*, *Ikosipodoides*, *Ikosipodus*, *Iphitime*, *Marycarmenia*, *Meiodorvillea*, *Microdorvillea*, *Neotenotrocha*, *Ophryotrocha*, *Ougia*, *Parapodrilus*, *Parophryotrocha*, *Parougia*, *Petrocha*, *Pettiboneia*, *Pinniphitime*, *Protodorvillea*, *Pseudophryotrocha*, *Pusillotrocha*, *Schistomeringos*,

Veneriserva e *Westheideia*.

A familia Eunicidae está formada por poliquetos mariños que se caracterizan pola presenza de 1 a 5 apéndices sensoriais no *prostomio*. Os *notopodios* poden presentar *branquias* e *cirros* dorsais, e nalgúns casos están sostidos por *acículas* internas. A esta familia pertencen os poliquetos de maior lonxitude. A maior parte das especies desta familia están asociadas a substratos duros de augas pouco profundas. Son polo xeral carnívoros, aínda que algunhas especies poden ser carroñeiras ou alimentarse de detrito. Algunhas especies adoitan vivir en galerías, unhas escavando en pedras calcarias ou substratos de carbonato cálcico, e outras construíndo tubos. Está formada por 11 xéneros: *Aciculomarpysa*, *Eunice*, *Euniphysa*, *Fauchaldius*, *Leodice*, *Lysidice*, *Marpysa*, *Nicidion*, *Palola*, *Paucibranchia* e *Treadwellphysa*.

A familia Hartmaniellidae está formada por poliquetos mariños de apenas 25 milímetros de lonxitude, que habitan fondos de lodo e area a profundidades de entre 40 e 200 metros nos océanos Pacífico e Atlántico. O *prostomio* carece de ollos, proxecciónse sobre el o *peristomio*. Teñen o corpo dividido en tres rexións diferentes en función da morfoloxía dos *parapodios*. Na primeira rexión, os *parapodios* dispóñense lateralmente. Na segunda os *parapodios* están desprazados sobre o dorso e portan *cirros* dorsais bífidos e *branquias parapodiais* dorsais, mentres que na terceira rexión os *cirros* dorsais son dixitiformes e as *branquias* máis estreitas. As especies pertencentes a esta familia están consideradas como verdadeiros "fósiles vivintes", moi abundantes no Mesozoico. Esta familia está formada unicamente por tres especies incluídas nun único xénero: *Hartmaniella*.

A familia Lumbrineridae comprende poliquetos carnívoros de talla pequena a mediana cunha ampla distribución mundial, desde as zonas intermareais ata zonas abisais, sendo máis comúns na rexións tépedas e tropicais. Normalmente son especies de vida libre, aínda que poden formar fráxiles tubos mucosos ou de sedimento temporais. A maioría son escavadores en fondos brandos, lodo e area, aínda que algunhas especies prefiren substratos duros como rochas coralinas ou vivir asociados a outros invertebrados, como esponxas, briozoos ou equinodermos. As especies pertencentes a esta familia carecen de *apéndices prostomiais*, pero poden presentar, nalgúns casos, entre unha e tres *papilas nocais* no *peristomio*. Unhas poucas especies presentan *antenas* situadas en posición postero-dorsal que, na maioría dos casos, están ocultas polo pregue do *peristomio*. Os *notopodios* están ausentes ou desenvolvidos como pequenas proxeccións en forma de botón. Está formada por 21 xéneros: *Abyssoninoe*, *Aotearia*, *Arabelloneris*, *Augeneria*, *Cenogenus*, *Eranno*, *Gallardonneris*, *Gesaneris*, *Helmutneris*, *Hilbigneris*, *Kuwaita*, *Loboneris*, *Lumbricalus*, *Lumbrinerides*, *Lumbrineriopsis*, *Lumbrineris*, *Lysarete*, *Ninoe*, *Ophiuricola*, *Scoletoma* e *Sergioneris*.

A familia Oeononidae está formada por poliquetos cuxo tamaño varía duns poucos centímetros ata case un metro, usualmente moi delgados. Son especies endoparasitas ou de vida libre que nalgunha etapa do seu desenvolvemento teñen unha fase endoparasita. Presentan unha distribución mundial, desde a zona intermareal ata profundidades abisais. As especies de vida libre adoitan ser escavadoras en substratos brandos e, aínda que non constrúen tubos, moldean os seus tubos cun moco que segregan. As formas endoparasitas infestan principalmente a outros poliquetos. O *prostomio* adoita carecer de apéndices, aínda que unhas poucas especies poden posuír entre unha e tres *antenas*. O *peristomio* adoita ser completo, e nalgunhas especies estar incompleto dorsalmente ou presentar unha incisión mediana anterior pouco desenvolvida. Xeralmente os seus *parapodios* presentan *cirros* dorsais globulares moi pequenos, aínda que nunhas poucas especies son en forma de folla. Carecen de *cirros* ventrais. Está conformada por 16 xéneros: *Arabella*, *Biborin*, *Danymene*, *Drilognathus*, *Drilonereis*, *Haematocleptes*, *Halla*, *Labidognathus*, *Labrorostratus*, *Laranda*, *Notocirrus*, *Oenone*, *Oligognathus*, *Pholadiphila*, *Plioceras* e *Tainokia*.

A familia Onuphidae inclúe poliquetos cuxa lonxitude varía desde uns poucos centímetros ata 3 metros de lonxitude. A súa distribución é mundial e habitan desde a zona intermareal ata a abisal, en diversos substratos. A maioría das especies desta familia son tubícolas, aínda que non todas teñen unha vida obrigatoriamente sésil, pois moitas arrastran o tubo con elas cando se desprazan. Os tubos poden ser desde temporais e moi fráxiles, a permanentes e de consistencia ríxida. Algunhas especies poden chegar a formar densas agregacións. Poden ser carnívoros, herbívoros ou carroñeiros. Presentan dúas *antenas* frontais e cinco occipitais. Os *parapodios* son birrámeos, co *notopodio* reducido unicamente ao *cirro* dorsal e dispostos lateralmente. As *branquias* poden ser simples, pectinadas ou en espiral. Está formada por dúas subfamilias: Hyalinoeciinae, con 5 xéneros (*Anchinothria*, *Hyalinoecia*, *Hyalospinifera*, *Leptoecia* e *Nothria*) e Onuphinae con 17 xéneros (*Americanuphis*, *Aponuphis*, *Australonuphis*, *Brevibrachium*, *Diopatra*, *Fauchaldonuphis*, *Hartmanonuphis*, *Heptaceras*, *Hirsutonuphis*, *Kinbergonuphis*, *Longibrachium*, *Mooreonuphis*, *Onuphis*, *Paradiopatra*, *Paxtonia*, *Protodiopatra* e *Rhamphobrachium*).

A **orde Phyllococida** comprende un dos maiores grupos de poliquetos. A maioría son mariños, aínda que algúns viven en augas salobres, uns poucos en auga doce e mesmo existen algunhas especies terrestres. As especies mariñas están presentes en todos os mares do mundo, desde o espazo intermareal ata o hadal. O seu tamaño varía duns poucos milímetros ata case un metro de longo. A gran maioría son especies bentónicas activas que se desprazan sobre o sedimento, entérranse nel ou viven en gretas rochosas, aínda que existen tamén algunhas especies simbióticas. Unhas poucas especies constrúen tubos nos que viven e algunhas son peláxicas. No *prostomio* teñen un ou dous pares de ollos, un par de *antenas* dorsais e un par de *palpos* sensoriais ventrais, mentres que o

peristomio é pequeno e normalmente está tapado dorsalmente polo *prostomio*. O *tubo bucal* está provisto dunha *probóscide* musculada eversible equipada cun ou máis pares de mandíbulas. Os *parapodios* adoitan presentar os *cirros* dorsais e ventrais agrandados, en forma de paleta ou remo, e *sedas* reducidas. Inclúe catro subordes: Aphroditiformia, Glyceriformia, Nereidiformia e Phyllodociformia.

A suborde Aphroditiformia engloba especies con ata tres *antenas* (poden estar ausentes), un par de *cirros* tentaculares e uns longos *palpos* ventrais. A *farinxe* eversible, se está armada, presenta dúas ou catro mandíbulas. Os *parapodios* dos primeiros segmentos corporais están dirixidos cara adiante. Coñécense co nome vulgar de "vermes escamosos", polo seu dorso total ou parcialmente cuberto de *élitros*. Está formado por 6 familias: Acoetidae, Aphroditidae, Eulepethidae, Iphionidae, Polynoidae e Sigalionidae.

A familia Acoetidae está formada por especies de corpo aplanado, parcialmente recuberto por *élitros*. Algunhas especies poden alcanzar os 2 metros de lonxitude por uns 4 centímetros de ancho. A súa distribución é tropical e subtropical, desde o intermareal ata os 2000 metros de profundidade. Viven en tubos ríxidos que constrúen con fíos de coláxeno que segregan, entretecidos e mesturados con sedimento, en fondos de lodo e area. Unhas especies son carnívoras e outras carroñeiras, pero cando cazan fano de forma pasiva, esperando o paso das presas pola entrada dos seus tubos. A súa cabeza está ben desenvolvida, provista de diversos *órganos sensoriais* como *palpos*, *antenas*, *cirros tentaculares* e ollos (simples ou compostos). Algunhas especies posúen un pedúnculo chamado **omatóforo** que sostén un ollo hipertrofiado. Os *élitros* que recobren parcialmente o seu dorso alternanse regularmente cos *cirros* dorsais. Os *parapodios*, aínda que aparentan ser monorrámeos pola proximidade entre o *notopodio* e o *neuropodio*, son en realidade birrámeos e posúen unicamente *sedas* simples. Está formada por 8 xéneros (*Acoetes*, *Euarche*, *Eupanthalis*, *Eupolyodontes*, *Neopanthalis*, *Panthalis*, *Polyodontes* e *Zachsiella*).

A familia Aphroditidae está formada por poliquetos errantes de corpo comprimido con forma oval ou oblonga (ventralmente aplanado e dorsalmente arqueado), e cuxo tamaño pode variar duns cuantos milímetros a case 30 centímetros. Presentan cores moi rechamantes e brillantes polas asombrosas *sedas* irisadas que cobren os seus corpos, as cales actúan como cristais fotónicos e, por iso, sumado á característica forma dos seus corpos, coñécense co nome vulgar de "ratos de mar". Habitan todos os océanos do mundo, principalmente en augas profundas, aínda que existen unhas poucas especies intermareais e submareais. Viven normalmente en fondos lamacentos e areosos onde escavan para enterrarse. Hai especies carnívoras, pasivas e oportunistas, sedimentívoras e detritívoras. Só presentan unha *antena*. A súa *farinxe* eversible pode presentar un par de

mandíbulas ou estar desarmada. Os *élitros*, que alternan cos cirros dorsais, poden ser marxinalmente lisos ou irregularmente lobulados. As *notosedas* son de varios tipos, incluídas nalgúns xéneros *sedas* de feltro e noutros espiñas cilíndricas, erectas e aplanadas en forma de arpón. Todas as *sedas* son simples. Está formada por 7 xéneros (*Aphrodita*, *Aphrogenia*, *Hermionopsis*, *Heteraphrodita*, *Laetmonice*, *Palmyra* e *Pontogenia*).

A familia Eulepethidae inclúe especies de corpos aplanados e robustos, cun tamaño de entre 10 e 75 milímetros. Habitan augas tropicais, desde o intermareal ata os 800 metros de profundidade. A maioría de especies son escavadoras de vida libre sobre fondos de area, arxila e lama. Teñen dúas *antenas*, e a *probóscide* está armada con 4 mandíbulas. O dorso está totalmente recuberto polos *élitros*. Nos 4 primeiros pares, os *élitros* alternan con *cirros* dorsais. No resto, cunha ou dúas *branquias*. As *sedas* son simples. Os membros de esta familia son característicos por que posúen unha *neuroacícula* expandida distalmente en forma de "cabeza de martelo". É unha familia relativamente pequena formada por 24 especies divididas en 6 xéneros (*Eulepethus*, *Grubeulepis*, *Lamelleulepethus*, *Mexieulepis*, *Pareulepis* e *Proeulepethus*).

A familia Iphionidae inclúe exclusivamente especies que viven en augas profundas sobre respiradoiros hidrotermais, repartidos en 4 xéneros: *Iphione*, *Iphionella*, *Iphionides* e *Thermiphione*.

A familia Polynoidae é un grupo cosmopolita de poliquetos escamosos que habitan en diferentes ambientes, desde o intermareal ata fondos batiais, aínda que algunhas especies son peláxicas ou batipeláxicas. A maioría son poliquetos de vida libre, pero moitos deles viven asociados a diversos invertebrados mantendo certo grao de asociación simbiótica, principalmente do tipo comensal. Son especies relativamente pequenas ou medianas, de corpos dorso-ventralmente aplanados, cunha, dúas ou tres *antenas* e *farinxe* eversible desarmada. Os *élitros*, que cobren total ou parcialmente o dorso, son marxinalmente lisos ou con flocos e altérnanse cos *cirros* dorsais polo menos no extremo anterior. Todas as *sedas* son simples, e as *notosedas* xeralmente teñen unha posición claramente lateral, con distintos tipos de desenvolvemento, mais nunca como *sedas* de feltro ou de arpón. Está composta por 9 subfamilias: Admetellinae, con 2 xéneros (*Admetella* e *Bathyadmetella*), Arctonoinae, con 15 xéneros (*Adyte*, *Arctonoe*, *Asterophilia*, *Australaugeneria*, *Bathynoe*, *Capitulatinoe*, *Disconatis*, *Gastrolepidia*, *Medioantenna*, *Minusculisquama*, *Neohololepidella*, *Parabathynoe*, *Parahololepidella*, *Pottsiscalisetosus* e *Showascalisetosus*), Eulagiscinae, con 5 xéneros (*Bathymoorea*, *Eulagisca*, *Kristianides*, *Pareulagisca* e *Pollentia*), Lepidastheniinae, con 12 xéneros (*Alentiana*, *Anotochaetoneo*,

Benhamipolynoe, *Hyperhalosydna*, *Lepidasthenia*, *Lepidastheniella*, *Lepidofimbria*, *Parahalosydna*, *Perolepis*, *Pseudopolynoe*, *Showapolynoe* e *Telolepidasthenia*), Lepidonotinae, con 26 xéneros (*Alentia*, *Allmaniella*, *Augenerilepidonotus*, *Cervilia*, *Chaetacanthus*, *Dilepidonotus*, *Drieschiopsis*, *Euphione*, *Euphionella*, *Halosydna*, *Halosydnella*, *Halosydnoopsis*, *Hermenia*, *Hermilepidonotus*, *Heteralentia*, *Hololepida*, *Lepidametria*, *Lepidonopsis*, *Lepidonotus*, *Nonparahalosydna*, *Olgalepidonotus*, *Parahalosydnoopsis*, *Pseudohalosydna*, *Sheila*, *Telodrieschia* e *Thormora*), Lepidonotopodinae, con 8 xéneros (*Bathykurila*, *Branchinotogluma*, *Branchiplicatus*, *Branchipolynoe*, *Lepidonotopodium*, *Levensteiniella*, *Peinaleopolynoe* e *Thermopolynoe*), Macellicephalinae, con 28 xéneros (*Abyssarya*, *Bathybahamas*, *Bathycanadia*, *Bathycatalina*, *Bathyedithia*, *Bathyeliasona*, *Bathyfauvelia*, *Bathykermadeca*, *Bathylevensteina*, *Bathymacella*, *Bathymariana*, *Bathymiranda*, *Bathypolaria*, *Bathytasmania*, *Bathyvitazia*, *Bruunilla*, *Diplaconotum*, *Gesiella*, *Hodor*, *Macellicephalina*, *Macellicephaloides*, *Macelloides*, *Natopolynoe*, *Nu*, *Pelagomacellicephalina*, *Polaruschakov*, *Vampiropolynoe* e *Yodano*), Polynoinae, con 29 xéneros (*Acanthicolepis*, *Acholoe*, *Antarctinoe*, *Antinoe*, *Arctebob*, *Arctonoella*, *Australonoe*, *Austrolaenilla*, *Barrukia*, *Bathynotalia*, *Bayerpolynoe*, *Brychionoe*, *Bylgides*, *Ceuthonoe*, *Enipo*, *Eucranta*, *Eunoe*, *Gattyana*, *Gaudichaudius*, *Gorekia*, *Gorgoniapolynoe*, *Grubeopolynoe*, *Harmothoe*, *Hartmania*, *Hemilepidia*, *Hermadion*, *Hermadionella*, *Hesperonoe*, *Heteropolynoe*, *Hololepidella*, *Intoshella*, *Kermadecella*, *Lagisca*, *Leucia*, *Lobopelma*, *Malmgrenia*, *Malmgreniella*, *Melaenis*, *Neobylgides*, *Neolagisca*, *Neopolynoe*, *Paradyte*, *Paragattyana*, *Paralentia*, *Paralepidonotus*, *Pararctonoella*, *Pettibonesia*, *Polyeunoa*, *Polynoe*, *Robertianella*, *Rullieriella*, *Russellhanleya*, *Scalissetosus*, *Subadyte*, *Tenonia*, *Tottonopolynoe*, *Verrucapelma*, *Webbnesia* e *Ysideria*), Uncopolynoinae, con un só xénero (*Uncopolynoe*) e Polynoidae incertae sedis, con 11 xéneros (*Bathyhololepidella*, *Benhamisetosus*, *Drieschella*, *Lepidogyra*, *Ophthalmonoe*, *Parapolyeunoa*, *Phyllantinoe*, *Phyllohartmania*, *Phyllosheila*, *Podarmus* e *Polynoella*).

A familia Sigalionidae é un grupo cosmopolita presente en zonas intermareais, submareais e en zonas abisais e batiais. Son poliquetos de vida libre que habitan principalmente fondos areosos nos que se enterran. Algúns residen dentro de tubos resistentes construídos por eles mesmos con moco e area, outros cobren o seu dorso e *élitros* con grans de area ou fragmentos de cunchas, espículas e foraminíferos. Os seus corpos son longos, de contorno cuadrangular e realizan movementos ondulantes que lles permiten escapar con rapidez entre o sedimento. Teñen 3 *antenas* e a *probóscide* armada con catro mandíbulas. Os *palpos* son lisos e os *élitros*, que cobren todo o corpo, poden presentar microtubérculos ou papilas adhesivas con grans de area. O segmento tentacular, ás veces, porta ata dous feixes de *sedas*

capilares dirixidas cara á fronte, que funcionan como un esnórquel de mergullo para o intercambio de auga e facilitar a respiración mentres permanecen inmóbiles entre o sedimento esperando unha presa. Está formada polos xéneros *Labioleanira*, *Labiosthenolepis*, *Leanira*, *Leanithalessa*, *Mayella*, *Mustaquimsthenelais*, *Neoleanira*, *Pholoides*, *Sigalion*, *Sthenolepis*, *Willeysthenelais*, e as subfamilias: Pelogeniinae, con 8 xéneros (*Claparedepelogenia*, *Dayipsammolyce*, *Hartmanipsammolyce*, *Heteropelogenia*, *Neopsammolyce*, *Pelogenia*, *Pottsipelogenia* e *Psammolyce*), Pholoinae, con 5 xéneros (*Imajimapholoe*, *Laubierpholoe*, *Metaxypsamma*, *Pholoe* e *Taylorpholoe*), Pisioninae, con 4 xéneros (*Anoplopisione*, *Pisione*, *Pisionella* e *Pisionidens*), Sigalioninae, con 4 xéneros (*Ehlersileanira*, *Euthalenessa*, *Fimbriosthenelais* e *Horstileanira*) e Sthenelanellinae, con un xénero (*Sthenelanella*).

A suborde Glyceriformia inclúe especies con dous pares de *antenas*, sen *palpos* e sen *cirros tentaculares*. A *probóscide* pode estar armada con catro mandíbulas ou cun círculo de mandíbulas. Os primeiros *parapodios* son laterais. Está formada por 4 familias: Glyceridae, Goniadidae, Lacydoniidae e Paralacydoniidae.

A familia Glyceridae inclúe especies de poliquetos coñecidos vulgarmente como "vermes de sangue", pola característica cor derivada da presenza de *hemoglobina* no *líquido celomático*, observable por transparencia da parede corporal. Teñen unha ampla distribución mundial e pódense atopar en substratos brandos desde a zona intermareal ata a *abisal*, sendo máis abundantes en augas superficiais. Son especies pouco móbiles que viven en galerías conectadas por túneles a través dos cales cazan a epifauna. Os seus corpos son longos e delgados, e o *prostomio* cónico. A *farinxe* eversible está armada con catro mandíbulas en cruz conectadas a *glándulas* produtoras de veneno. A súa mordida ocasiona a paralización das presas, a cal pode provocar dor e inflamación severa no ser humano. Os glicéridos tamén utilizan a *farinxe* como un eficiente órgano para escavar. Os *parapodios* poden ser todos birrámeos ou todos monorrámeos, con *neurosedas* compostas e *notosedas*, cando están presentes, simples. Está composta por catro xéneros: *Glycera*, *Glycerella*, *Hemipodia* e *Proboscidea*.

A familia Goniadidae inclúe a poliquetos escavadores moi activos de corpo longo e cilíndrico. Son especies carnívoras que presentan unha ampla distribución mundial e atópanse en todos os fondos mariños, onde habitan en galerías, temporais ou permanentes. Caracterízanse por presentar un *prostomio* cónico e anulado, e unha *farinxe* musculada longa, cilíndrica, cuberta de papilas e equipada cun par de mandíbulas e numerosas estruturas quitinosas en forma de dentes dispostos en círculo. Carecen de *notopodios* nos *parapodios*

anteriores, presentando lóbulos ben desenvolvidos nos posteriores. Está constituída por 7 xéneros (*Bathyglycinde*, *Glycinde*, *Goniada*, *Goniadella*, *Goniadides*, *Goniadopsis* e *Progoniada*).

A familia Lacydoniidae está formada por poliquetos de corpos pequenos e delgados. O seu *prostomio* é de contorno trapezoidal e presentan unha *farinxe* eversible desarmada. Os primeiros *parapodios* poden ser unirrámeos ou birrámeos, todos os demais son birrámeos. *Neurosedas* compostas e *notosedas* simples. Está formada por un só xénero (*Lacydonia*).

A familia Paralacydoniidae está composta unicamente por dous pequenos poliquetos cavadores incluídos nun só xénero: *Paralacydonia*.

A suborde Nereidiformia está formada por filodócidos con, polo menos, un par de *antenas* e un par ou máis de *cirros tentaculares*. Os *palpos* son „,curtos, xeralmente romos distalmente e frecuentemente biarticulados. A *farinxe* é eversible e, se está armada, presenta un par de mandíbulas laterais, ás veces con dentículos accesorios. Inclúe as familias Antonbruunidae, Chrysopetalidae, Hesionidae, Microphthalmidae, Nereididae, Pilargidae e Syllidae.

A familia Antonbruunidae inclúe poliquetos de augas profundas e comensais de bivalvos que presentan dimorfismo sexual, xa que os machos son moito máis pequenos. O seu corpo é cilíndrico, con tres antenas e *palpos* simples. A *farinxe eversible* está desarmada. Presenta dous pares de *cirros tentaculares*. Os *parapodios* son birrámeos, pero con *notopodios* reducidos a *cirros* dorsais sostidos por *acículas* internas. Todas as sedas son simples. Esta familia comprende só 3 especies nun único xénero (*Antonbruunia*).

A familia Chrysopetalidae contén poliquetos cunha lonxitude variable, desde uns poucos milímetros a case 10 centímetros, pero fortemente aplanados. Son especies de augas tropicais cuxa distribución batimétrica abarca desde o intermareal ata profundidades de máis de 6000 metros. O *prostomio* ten tres *antenas*. As *notosedas* son caracteristicamente aplanadas, dispostas en filas transversais, erguidas sobre o dorso ou cubrindo a parte posterior do mesmo, como as tellas dun teito. *Neurosedas* compostas. Está formada por un xénero (*Acanthopale*) e tres subfamilias: Calamyzinae, con 18 xéneros (*Boudemos*, *Calamyzas*, *Craseschema*, *Flascarpia*, *Iheyomytilidicola*, *Laubierus*, *Micospina*, *Mytilidiphila*, *Natsushima*, *Nautiliniella*, *Petrecca*, *Santelma*, *Shinkai*, *Spathochaeta*, *Thyasiridicola*, *Vesicomycicola* e *Vigtorniella*), Chrysopetalinae, con 11 xéneros (*Arichlidon*, *Bhawania*, *Bhawatsonia*, *Chrysopetalum*, *Hyalopale*, *Paleaequor*, *Paleanotus*, *Pseudodysponetus*, *Strepternos*, *Thrausmatos*

e *Treptopale*) e Dysponetinae, cun só xénero (*Dysponetus*).

A familia Hesionidae inclúe poliquetos cunha notable cefalización dos segmentos anteriores, co corpo aplanado dorso-ventralmente e que mostran dous padróns corporais: especies carnívoras macroscópicas de corpo robusto, e diminutos exemplares intersticiais herbívoros ou sedimentívoros. Atópanse en fondos duros ou brandos, como especies de vida libre ou asociadas a outros invertebrados, especialmente equinodermos. Normalmente son especies de augas pouco profundas, aínda que hai excepcións. Presentan entre dúas e tres *antenas*, e os *palpos* poden estar ausentes ou ter dun a tres segmentos. Posúen entre dous e oito pares de *cirros tentaculares*. A *probóscide* pode ter mandíbulas. Os *parapodios* son unirrámeos ou birrámeos, pero con *notopodios* sempre reducidos (comparados cos *neuropodios*). *Cirros* dorsais longos e delgados. As *neurosedas* son compostas e as *notosedas*, se están presentes, son simples. Está dividida en 2 xéneros (*Elisesione* e *Synsyllidea*) e 3 subfamilias: Hesioninae, cunha tribo (Hesionini, formada por 8 xéneros) e 2 xéneros (*Lizardia* e *Pleijelius*), Ophiodrominae, con 3 tribos (Amphidurini, Gyptini e Ophiodromini, con 4 xéneros cada unha) e Psamathinae, con 7 xéneros (*Bonuania*, *Hesiospina*, *Micropodarke*, *Nereimyra*, *Psamathe*, *Sirsoe* e *Syllidia*).

A familia Microphthalmidae está formada por especies de tamaño reducido, a maioría infaunais, aínda que algunhas especies son simbioses doutros invertebrados. Presentan unha gran cefalización ao ter incorporados no *prostomio* e no *peristomio* varios segmentos anteriores, os cales aportan varios pares de *cirros tentaculares*. Presentan unha *farinxe* muscular sen mandíbulas, que raramente evaxinan. Carecen de *cirróforos*, tanto nos *cirros* dorsais *parapodiais* como nos *tentaculares*. Está formada por 7 xéneros: *Fridericiella*, *Hesionella*, *Hesionides*, *Microphthalmus*, *Struwela*, *Uncopodarke* e *Westheideius*.

A familia Nereididae inclúe poliquetos cuxa lonxitude pode variar de 2 milímetros ata 2 metros. É unha das familias máis recoñecidas e con maior distribución mundial, desde os trópicos ata os océanos Ártico e Antártico, e que habitan practicamente en todos os substratos mariños, desde a zona supralitoral ata máis de 5000 metros de profundidade. Atopáronse algunhas especies en auga doce. A gran maioría son animais de vida libre cunha ampla diversidade alimenticia, sendo algunhas especies simbioses. Posúen o corpo típico do filo, formado por tres rexións, a *cefálica*, un *metastomio* (con moitos segmentos similares), e o *pixidio*. Ten sexos separados e reproducense por *epigamia*. Aos exemplares sexualmente maduros na súa fase *epitoca* denomínanse *heteronereis*. Está formada por catro subfamilias: Dendronereinae, cun só xénero (*Dendronereis*),

Gymnonereidinae, con 14 xéneros (*Australonereis*, *Ceratocephale*, *Dendronereides*, *Gymnonereis*, *Kinberginereis*, *Leptonereis*, *Micronereides*, *Olganereis*, *Rullierinereis*, *Sinonereis*, *Stenoninereis*, *Tambalagama*, *Tylonereis* e *Typhlonereis*), Namanereidinae, con 2 xéneros (*Namalycastis* e *Namanereis*) e Nereidinae, con 26 xéneros (*Alitta*, *Ceratonereis*, *Cheilonereis*, *Compositia*, *Eunereis*, *Hediste*, *Imajimainereis*, *Laeonereis*, *Leonnates*, *Micronereis*, *Neanthes*, *Nectoneanthes*, *Nereis*, *Nicon*, *Paraleonnates*, *Parasetia*, *Pectinereis*, *Perinereis*, *Platynereis*, *Potamonereis*, *Pseudonereis*, *Simplisetia*, *Solomononereis*, *Unanereis*, *Websterinereis* e *Wuinereis*).

A familia Pilargidae inclúe poliquetos que poden alcanzar varios centímetros de lonxitude, e aparecer en todos os mares do mundo nun rango de profundidade moi amplo. Con todo, non son frecuentes ou abundantes, polo que se descoñece moito sobre a súa ecoloxía e bioloxía. En vida poden ser iridiscentes ou moi coloridos. Está formada por 2 xéneros (*Otopsis* e *Sigatargis*) e 2 subfamilias: Pilarginae, con 5 xéneros (*Ancistrosyllis*, *Cabira*, *Glyphohesione*, *Pilargis* e *Sigambra*) e Synelminae, con 4 xéneros (*Hermundura*, *Litocorsa*, *Pseudexogone* e *Synelmis*).

A familia Syllidae é unha das máis diversas e abundantes dentro dos poliquetos. O tamaño das especies desta familia varía duns poucos milímetros a máis de 13 centímetros. Localízanse en todas as latitudes e son dominantes en moitas comunidades bentónicas, principalmente en substratos duros e en zonas cubertas de macroalgas, tanto en número de especies como en número de individuos. Atópanse desde a zona intermareal, onde son moi abundantes, ata os 2000 metros de profundidade. Maioritariamente son especies carnívoras (algunhas viven asociadas a colonias de hidrozooos e briozooos), aínda que existen outras que viven como simbiontes de esponxas, corais e mesmo doutros poliquetos. Os membros desta familia distínguense por un carácter *autapomórfico*: presentan unha estrutura compacta, dura e moi rechamante denominada **proventrículo**, que forma parte do *aparello dixestivo* e atópase localizado na parte anterior, xusto por detrás da *farinx* e que, ao parecer, funciona como unha bomba que succiona durante a alimentación. Presentan tres *antenas* e *palpos* simples, estes últimos ás veces fusionados entre si, e dous pares de *cirros tentaculares*. A *farinx* é eversible e pode estar armada (nese caso presenta só un dente ou un círculo de dentes máis pequenos) ou desarmada. Os *parapodios* son unirrámeos, con *cirros* dorsais xeralmente conspicuos e *sedas* simples ou compostas. Está formada por 24 xéneros (*Acritagasyllis*, *Anguillosyllis*, *Brachysyllis*, *Campesyllis*, *Cicese*, *Exogonoides*, *Fauvelia*, *Haplosyllides*, *Irmula*, *Lamellisyllis*, *Monocerina*, *Murrindisyllis*, *Nooralia*, *Nuchalosyllis*, *Palposyllis*, *Parahaplosyllis*, *Paraopisthosyllis*, *Parasitosyllis*, *Parautolytus*, *Photocharis*, *Phyllosyllis*,

Pseudosyllis, *Synsyllis* e *Xenosyllides*) e 6 subfamilias: Anoplosyllinae, con 5 xéneros (*Anoplosyllis*, *Astreptosyllis*, *Streptospinigera*, *Streptosyllis* e *Syllides*), Autolytinae, con 2 tribus (Autolytini, con 2 xéneros, y Procerini, con 10 xéneros), Eusyllinae, con 17 xéneros (*Amblyosyllis*, *Brevicirrosyllis*, *Clavissyllis*, *Dioplosyllis*, *Eusyllis*, *Miscellania*, *Neopetitia*, *Nudissyllis*, *Odontosyllis*, *Opisthodontia*, *Paraehlersia*, *Perkinsyllis*, *Pionosyllis*, *Psammosyllis*, *Streptodontia*, *Synmerosyllis* e *Westheidesyllis*), Exogoninae, con 9 xéneros (*Brania*, *Erinaceosyllis*, *Exogone*, *Exogonita*, *Parapionosyllis*, *Parexogone*, *Prosphaerosyllis*, *Salvatoria* e *Sphaerosyllis*), Sillinae, con 22 xéneros (*Alcyonosyllis*, *Branchiosyllis*, *Dentatisyllis*, *Eurysyllis*, *Haplosyllis*, *Inermosyllis*, *Karroosyllis*, *Megasyllis*, *Opisthosyllis*, *Parapterosyllis*, *Parasphaerosyllis*, *Paratyposyllis*, *Plakosyllis*, *Ramisyllis*, *Rhopalosyllis*, *Syllis*, *Tetrapalpia*, *Trypanedenta*, *Trypanobia*, *Trypanospina*, *Trypanosyllis* e *Xenosyllis*) e Syllidae *incertae sedis*, con 2 xéneros (*Bollandiella* e *Guillermogonita*).

A suborde Phyllocifformia está formada por poliquetos na súa maioría mariños, aínda que algúns poden vivir en augas salobres. A maioría son *bentónicos* activos, que se moven sobre a superficie ou escavan en sedimentos. Unhas poucas especies constrúen tubos nos que viven e algunhas son *peláxicas*. O seu tamaño pode variar desde uns poucos milímetros ata máis dun metro. Teñen polo menos dous pares de *apéndices prostomiais* e polo menos dous pares de *cirros tentaculares*, sen *palpos*. A *farinx* eversible é desarmada e o primeiro *parapodio* é lateral. Está constituída por 3 familias: Lopadorrhynchidae, Phyllocifidae e Pontodoridae.

A familia Lopadorrhynchidae inclúe poliquetos *holopeláxicos* pequenos, de entre 5 e 50 mm de lonxitude, cunha ampla distribución en todos os océanos e mares do planeta. Con todo, coñécese pouco sobre a súa bioloxía e ecoloxía. O corpo é curto, relativamente ancho, deprimido e musculoso, transparente ou con cores esbrancuxadas ou amareladas. Inclúe 7 xéneros (*Bathypelagobia*, *Hydrophanes*, *Lopadorrhynchus*, *Maupasia*, *Nans*, *Pedinosoma* e *Pelagobia*).

A familia Phyllocifidae inclúe especies de corpos delgados e longos (a súa lonxitude pode variar considerablemente, desde 1 milímetro ata case 1 metro), e xeralmente de formas e cores moi vistosas. Os filodócidos teñen unha distribución xeográfica mundial, e a maioría das especies descritas habitan a menos de 200 metros de profundidade. A gran maioría son de vida libre e case exclusivamente bentónicas, aínda que algunhas especies viven en estuarios e moi poucas son de auga doce. Viven en fondos rochosos, sobre sedimentos ou nunha mestura destes, entre algas ou en colonias de arneiróns e bivalvos. Unha das características dos filodócidos é a secreción de grandes cantidades de mucosidade excretada polas *glándulas*

asociadas aos *cirros parapodiais*. O *prostomio* posúe catro ou cinco *antenas* e ollos, que cando están presentes son pequenos. Teñen entre dous e catro pares de *cirros tentaculares*. Os *parapodios* son xeralmente unirrámeos, cos *notopodios* equipados cun talo curto e grandes *cirros* dorsais con forma de folla que se manteñen erguidos sobre o dorso (as veces con *acículas* ou *sedas*). Todas as *neurosedas* son compostas e as *notosedas*, cando as teñen, son simples. Inclúe un xénero (*Endovermis*) e 3 subfamilias: Eteoninae, cunha tribo (Alciopini, con 11 xéneros) e 11 xéneros (*Eteone*, *Eulalia*, *Eumida*, *Galapagomystides*, *Hesionura*, *Hypereteone*, *Mysta*, *Mystides*, *Protomystides*, *Pseudomystides*, *Pterocirrus* e *Sige*), Notophyllinae, con 4 xéneros (*Austrophyllum*, *Clavadoce*, *Nereiphylla* e *Notophyllum*) e Phyllococinae, con 3 xéneros (*Chaetoparia*, *Paranaitis* e *Phyllodoce*).

A familia Pontodoridae comprende organismos de hábitos exclusivamente *peláxicos*, e contén un xénero e unha única especie : *Pontodora pelagica* Greeff, 1879.

4.5.3 A subclase Sedentaria

Está formada por poliquetos de hábitat sedentario e segmentación corporal *heterónoma*, que polo xeral son filtradores, non teñen apéndices de locomoción e son sésiles. Normalmente viven nun tubo que eles mesmos fabrican, ou son especies escavadoras que viven baixo o sedimento mariño ou entre pedras do mesmo. As especies que forman esta subclase derivan evolutivamente de poliquetos errantes, pero adaptaron a súa morfoloxía á vida sedentaria; os *parapodios* reducidos e normalmente carentes de lóbulos e *cirros*, son un exemplo. Nas especies tubícolas, o *neuropodio* está provisto de *uncinos* para fixarse ao tubo, e as diferentes partes do *parapodio* poden presentar modificacións e ter estruturas adicionais, como poden ser *branquias*. As *sedas* son moi específicas e de formas variadas en función do hábitat e forma de vida, podendo ser simples ou compostas. Por exemplo, nos terebélicos as *sedas* son longas e delgadas (*capilares*), e nos maldánidos poden presentar espiñas, denticulos, ser pectinadas aladas ou xeniculadas. Está constituída por unha familia, Chaetopteridae, e dúas infraclases: Canalipata e Scolecida.

A **familia Chaetopteridae** inclúe poliquetos sedentarios tubícolas, coa excepción dunha especie que é *mesopeláxica*. Son especies suspensívoras. O corpo presenta a segmentación máis *heterónoma* de todos os poliquetos, ao ter o corpo dividido en tres rexións denominadas, en orde de diante a atrás, A, B e C. Presentan un par de *palpos peristomiais* acanalados e robustas *sedas* cortadoras no cuarto segmento setíxero da rexión A. Viven dentro duns tubos apergamiñados que constrúen e cuxa forma pode ser recta, en forma de "U", de "L", de "J" ou estar ramificados. Está dividida en 4 xéneros: *Chaetopterus*, *Mesochaetopterus*, *Phyllochaetopterus* e *Spiochaetopterus*.

A **infraclase Canalipalpata** está conformada por poliquetos sedentarios tubícolas que non teñen mandíbulas nin dentes, entre os que se atopan os denominados, de forma coloquial, "vermes plumeiro". Atópanse nos mares de todo o planeta, desde o intermareal ata profundidades *abisais*, incluíndo os respiradoiros hidrotermais. A maioría son especies filtradoras e teñen *palpos* acanalados recubertos de cilios, cuxo fin é o transporte das partículas alimentarias cara á boca. Está constituída por unha familia, Sabellariidae, e tres ordes: Sabellida, Spionida e Terebellida.

A familia Sabellariidae está formada por poliquetos sedentarios cuxo tamaño varía entre 20 e 50 milímetros. Foron citados en todos os océanos, sobre superficies rochosas, desde a zona intermareal baixa ata os 6000 metros de profundidade. Aínda que unha maioría son especies solitarias, algunhas son coñecidas co nome coloquial de "vermes panal" polas estruturas tridimensionais que constrúen cos seus tubos ríxidos feitos de grans de area e anacos de cunchas, foraminíferos, espiñas e placas de ourizos de mar. Aliméntanse de microplancto e detrito orgánico en suspensión. O seu corpo está dividido en cinco rexións: *opérculo* (formado pola fusión do *prostomio*, *peristomio* e os dous primeiros segmentos setíxeros), *tórax*, *paratórax*, *abdome* e pedúnculo caudal. O carácter que os distingue realmente doutros poliquetos sedentarios é a presenza dun *opérculo* desenvolvido dividido nunha coroa, provista de 2 a 3 fileiras concéntricas de *sedas* modificadas (**paleas operculares**) rodeadas por unha fileira de papilas, e un pedúnculo opercular. Confórmana 12 xéneros: *Bathysabellaria*, *Gesaia*, *Gunnarea*, *Idanthyrus*, *Lygdamis*, *Mariansabellaria*, *Neosabellaria*, *Paraidanthyrus*, *Phalacrostemma*, *Phragmatopoma*, *Sabellaria* e *Tetreres*.

A orde Sabellida está composta polos poliquetos coñecidos coloquialmente como "plumeiros de mar", cuxo corpo é alongado e está dividido en *rexión torácica* e *abdominal*. Caracterízanse por posuír unha coroa de coloridos *filamentos branquiais* rodeando a boca, cuxa función é alimentaria e respiratoria. Viven nuns tubos de consistencia apergamiñada que fabrican cementando partículas de sedimento da súa contorna con secrecións mucosas que producen. O *prostomio* e o *peristomio* están fusionados e os seus *parapodios* son birrámeos, provistos de *sedas* simples e *uncinos*. Compóñena catro familias: Fabriciidae, Sabellidae, Serpulidae e Siboglinidae.

A familia Fabriciidae está formada por especies que carecen de esqueleto radiolar e cuxos *lóbulos branquiais* están separados desde as súas bases. Está caracterizada pola perda dos labios ventrais e pola presenza dun tipo exclusivo de *uncino* abdominal, cos dentes dispostos en varias filas paralelas e o peito transformado nun manubrio alongado. Inclúe 18 xéneros (*Augeneriella*, *Bansella*, *Brandtika*, *Brifacia*,

Echinofabricia, Fabricia, Fabricinuda, Fabriciola, Fabrikirkia, Leiobranchus, Leptochone, Manayunkia, Novafabricia, Pseudoaugeneriella, Pseudofabricia, Pseudofabriciola, Raficiba e Rubifabriciola).

A familia Sabellidae está formada por poliquetos tubícolas cun *prostomio* modificado en forma de *penacho branquial*. Atópanse en todos os mares do planeta, desde a zona intermareal ata profundidades *abisais*. A maioría son especies mariñas e estuarinas, aínda que algunhas son de auga doce e unhas poucas simbiontes de bivalvos e gasterópodos. Os sabélidos caracterízanse por ter corpos de aparencia case lisa, cilíndricos e afusados na parte posterior, con coroa tentaculares grandes, a miúdo coloridas e vistosas. O seu corpo cilíndrico presenta un *tórax* con poucos segmentos e un *abdome* máis segmentado. Os *uncinos* presentan cristas ou dentes en varias filas. O tubo que constrúen, no que viven, é de material variado, nunca calcáreo. Está formada por dúas subfamilias: Myxicolinae, con dúas tribos (Amphiglenini, con un só xénero, e Myxicolini, con 6 xéneros) e Sabellinae, con 34 xéneros (*Acromegalomma, Anamobaea, Aracia, Bispira, Branchiomma, Claviramus, Clymeneis, Desdemona, Euchoneira, Euchonoides, Eudistylia, Euratella, Glomerula, Hypsicomus, Jasmineira, Laonome, Notaulax, Panoumethus, Panousea, Paradialychone, Parasabella, Perkinsiana, Potamethus, Potamilla, Potaspina, Pseudobranchiomma, Pseudopotamilla, Sabella, Sabellastarte, Sabellomma, Sabellonga, Schizobranchia, Stylomma e Terebrasabella*).

A familia Serpulidae comprende aos poliquetos sedentarios máis recoñecibles, ao ser os únicos que constrúen tubos calcáreos nos que viven. O tamaño das especies pertencentes a esta familia varía de menos de 5 milímetros a algo máis de 12 centímetros. A gran maioría constrúen os seus tubos en substratos duros, aínda que algunhas especies fano en substratos brandos. Poden fixar os seus tubos mesmo a algas, corais, anacos de crustáceos ou substratos artificiais como ao casco de embarcacións, polo que habitualmente se atopan entre as especies exóticas que conseguen dispersarse asociadas á navegación. O seu corpo está dividido en dúas rexións: un *tórax* cunha membrana torácica, raramente ausente, *sedas* capilares dorsais ou limbadas e un *abdome* con *sedas* ventrais e *uncinos* dorsais. Normalmente presentan un *radiolo* da súa *coroa branquial* transformado nun *opérculo*. Componse de 3 subfamilias: Filoaninae, con 30 xéneros (*Apomatus, Bathyditrupa, Bathyvermilia, Chitinopoma, Chitinopomoides, Dasyntema, Filoanina, Filoanella, Filoanula, Janita, Josephella,*

Kimberleya, Metavermilia, Microprotula, Omphalopomopsis, Paraprotis, Paumotella, Pomatostegus, Protis, Protula, Pseudoprotula, Pseudovermilia, Rhodopsis, Salmacina, Semivermilia, Spirodiscus, Tanturia, Turbocavus, Vermiliopsis e Zibrovermilia), Serpulinae, con un só xénero (*Neomicrorbis*) e 2 tribos (Ficopomatini, con 11 xéneros, e Serpulini, con 5 xéneros), e Spirorbinae, con 3 xéneros (*Anomalorbis, Charybs e Crozetospira*) e 6 tribos (Circeini, con 2 xéneros, Januini, con 4 xéneros, Paralaeospirini, con 1 xénero, Pileolariini, con 7 xéneros, Romanchellini, con 5 xéneros, e Spirorbini, con 2 xéneros).

A familia Siboglinidae está integrada por un particular grupo de poliquetos tubícolas de augas profundas que dependen de bacterias simbioses internas para a súa nutrición. Aínda que se describiu un exemplar a 24 metros de profundidade, o seu hábitat atópase normalmente entre os 500 e máis de 9000 metros de profundidade, estando ben representados nas comunidades de poliquetos das chemineas hidrotermais.

A orde Spionida está formada por poliquetos que viven en fondos brandos de zonas costeiras en augas pouco profundas, desde o intermareal ata os 20 metros de profundidade. O *prostomio* non ten apéndices ou posúe unha *antena* occipital. Presentan un par de *palpos* alimentarios, flexibles e acanalados que saen directamente do *prostomio* ou dun segmento dianteiro. Ás veces na base dos *palpos* existen pares de *cirros tentaculares*. Algunhas especies presentan *manchas oculares* e outras un *lóbulo sensorial* central. A *farinxe* é parcialmente eversible, aínda que non ten mandíbulas. Algúns dos segmentos corporais anteriores están provistos de *branquias*. Os *parapodios* poden estar ben desenvolvidos ou reducidos, e posúen grandes lamelas. As *sedas* son capilares e teñen espiñas e ganchos sen ramificar. Está formado por unha suborde (Spioniformia) que inclúe 5 familias: Apistobranchidae, Poecilochaetidae, Spionidae, Trochochaetidae e Uncispionidae.

A familia Apistobranchidae inclúe unhas poucas especies de poliquetos que viven en tubos que constrúen en fondos de cascallo, area e lama. Os seus corpos presentan o extremo anterior inflado e o resto do corpo cilíndrico. O *prostomio* non ten apéndices, pero presenta un par de *palpos* fixos ás súas marxes. Os *parapodios* son birrámeos, maioritariamente cirrifomes, aínda que poden presentar, nalgúns *setíxeros*, *lóbulos postsetais* dentados. Todas as súas *sedas* son simples, normalmente capilares. Está formada por sete especies nun só xénero, *Apistobranchus*.

A familia Poecilochaetidae está composta por poliquetos de corpos longos e delgados, e *prostomio* pequeno con *antena* frontal ou mediana. Os *palpos alimentarios* saen das esquinas do *prostomio*. Primeiro segmento con ou sen *sedas*, cun ou dous pares de *cirros tentaculares*. Os *parapodios* son birrámeos, con *órganos sensoriais* laterais entre as ramas. As *sedas* inclúen *sedas* capilares, pectinadas, plumosas e aciculares. Os *cirros* dorsais e ventrais teñen forma de fuso ou botella. Inclúe un só xénero: *Poecilochaetus*.

A familia Spionidae é unha das máis diversas e abundantes. Inclúe especies de pequeno tamaño, de entre 1 milímetro e 5 centímetros. Son especies eminentemente detritívoras, aínda que algunhas especies son suspensívoras. A maioría das especies viven en diferentes tipos de hábitats mariños. Dominan en fondos brandos de augas superficiais, aínda que tamén están ben representadas en augas profundas, e inclúen unhas poucas especies de auga doce. Moitas especies forman tobos furando substratos calcarios, incluíndo cunchas de moluscos, polo que algunhas veces son consideradas pragas para os cultivos mariños. Son poliquetos de corpo alongado co *prostomio* romo na parte dianteira, con proxeccións frontais en forma de cornos e *palpos alimentarios* nos laterais. Os *parapodios* son birrámeos con lóbulos cirrifformes ou en forma de folla, nunca dentados. Todas as súas *sedas* son simples, incluso as capilares, e os ganchos poden ser bidentados ou multidentados, con ou sen carapucha. Inclúe 40 xéneros: *Aciculaspio*, *Amphipolydora*, *Aonidella*, *Aonides*, *Apoprionospio*, *Atherospio*, *Aurospio*, *Australospio*, *Boccardia*, *Boccardiella*, *Carazziella*, *Dipolydora*, *Dispio*, *Glandulospio*, *Glyphochaeta*, *Laonice*, *Laubieriellus*, *Lindaspio*, *Malacoceros*, *Marenzelleria*, *Microspio*, *Orthoprionospio*, *Paraprionospio*, *Polydora*, *Polydorella*, *Prionospio*, *Pseudopolydora*, *Pygophyllum*, *Pygospio*, *Pygospioopsis*, *Rhynchospio*, *Scolecopides*, *Scolelepis*, *Spio*, *Spio Galea*, *Spiophanella*, *Spiophanes*, *Streblospio*, *Tripolydora* e *Xandaros*).

A familia Trochochaetidae está formada por poliquetos de pequeno tamaño, entre 3 e 90 milímetros de lonxitude. Son especies de hábitos sedentarios que habitan sedimentos brandos, onde elaboran tubos mediante a combinación de secrecións fibrosas producidas por eles mesmos, con partículas de lama. Aliméntanse de detritos que seleccionan cos *palpos* entre as partículas da superficie do sedimento. Habitan en fondos de entre 2 e 3700 metros de profundidade. O seu corpo é longo, delgado e cilíndrico ou subcilíndrico, aplanado na súa *rexión anterior*. Divídese nunha *rexión anterior* ou *torácica* curta

e unha *rexión posterior* ou *abdominal* longa, separadas por entre un e cinco segmentos de transición. O *prostomio* é pequeno e está rodeado polos primeiros dous *setíxeros torácicos*, os mesmos que forman os *labios bucais*. Os *setíxeros* 3 e 4 están modificados en comparación cos *torácicos* restantes. Os primeiros *setíxeros abdominais* difiren dos posteriores ao posuír *notopodios* reducidos. Está formada por 3 xéneros: *Cherusca*, *Nevaya* e *Trochochaeta*.

A familia Uncispionidae inclúe poliquetos pequenos e delgados con *palpos* inseridos dorsalmente na unión entre o *prostomio* e o *peristomio*. *Antena* occipital presente ou ausente. *Parapodios* birrámeos con *lóbulos* simples e reducidos. *Branquias* presentes nalgúns segmentos anteromedianos, fusionadas ou non cos *lóbulos notopodiais*. *Sedas* simples, que inclúen *capilares* (lisos, peludos ou espiñentos) e ganchos bidentados encapuchados. Capilares longos no *setíxero* 1, formando unha *gaiola cefálica*; poden estar presentes espiñas *notopodiais*. Ganchos *neuropodiais* modificados e agrandados en dous ou máis segmentos posteriores. Ano terminal, rodeado por ata oito *lóbulos* dixitados. Está formada por 3 xéneros: *Rhamphispio*, *Uncispio* e *Uncopherusa*.

A orde Terebellida está formada por un grupo de poliquetos xeralmente mariños, cun tamaño que varía entre 1 e 40 centímetros. Maioritariamente son pequenos detritófagos sésiles (sedentarios) que viven enterrados no sedimento ou dentro de pequenos tubos que constrúen a partir de barro ou substrato similar. Da cabeza saen os *cirros tentaculares*, que son tentáculos filamentosos e ás veces numerosos. As *branquias*, que poden ser simples ou ramificadas, xorden da superficie dorsal do extremo anterior do *tórax*. O corpo está dividido en *tórax* e *abdome*. O tubo que fabrican adhírese ao sedimento mediante unha substancia mucosa. O seu *sistema nervioso* central mostra características particulares. Inclúe 2 subordes: Cirratuliformia e Terebelliformia.

A suborde Cirratuliformia comprende poliquetos terebélidos cun *prostomio* sen apéndices, unha *farinxe* eversible e unha grosa almofada ventral. Posúen un par de *palpos* estriados, ou un grupo de *palpos* estriados dispostos nun ou en varios segmentos tras o *peristomio*. Está formado por 6 familias: Acrocirridae, Cirratulidae, Fauveliopsidae, Flabelligeridae, Longosomatidae e Sternaspidae.

A familia Acrocirridae está formada por terebélidos que nunca forman tubos, que habitan fondos brandos, duros ou mixtos, e algunha especie é *peláxica*.

Diferéncianse por presentar uns poucos *filamentos branquiais* no extremo anterior do corpo, por contar con *sedas* cubertas dunha serie de aneis de dentículos, e algúns xéneros poden presentar *neurosedas* compostas. Comprende 7 xéneros: *Acrocirrus*, *Actaedrilus*, *Chauvinelia*, *Flabelligella*, *Flabelligena*, *Flabellisetia*, *Helmetophorus*, *Macrochaeta*, *Swima* e *Teuthidodrilus*.

A familia Cirratulidae constitúe un compoñente importante e común das comunidades *bentónicas* intermareais e submareais pola súa abundancia e frecuencia. Os seus integrantes tenden a ser moi numerosos en áreas con enriquecemento orgánico. Teñen o corpo cilíndrico. O *prostomio* é cónico ou romo e o *peristomio* está fusionado con polo menos dous segmentos. Os *parapodios* están reducidos, e presentan *branquias* filiformes delgadas ou en forma de cravo en, polo menos, algúns *setíxeros*. Todas as *sedas* son simples, incluíndo capilares e ganchos curvos ou escavados. Inclúe 12 xéneros (*Aphelochaeta*, *Cauleriella*, *Chaetocirratulus*, *Chaetozone*, *Cirratulus*, *Cirriformia*, *Dodecaceria*, *Fauvelicirratulus*, *Kirkegaardia*, *Protocirrinieris*, *Tharyx* e *Timarete*) e 2 subfamilias: Ctenodrilinae, con 2 xéneros (*Aphropharynx* e *Ctenodrilus*) e Raphidrilinae, con 2 xéneros (*Raphidrilus* e *Raricirrus*).

A familia Fauveliopsidae está formada maioritariamente por especies de augas profundas. Os cirratúlidos desta familia son de vida libre ou residentes de tubos formados por grans de sedimento cementados, que normalmente constrúen pegados ao interior de vellas cunchas de moluscos. Son poliquetos pequenos co corpo liso e sen apéndices anteriores. A *probóscide* alóxase nunha almofada muscular ventral. Todos os *setíxeros* son birrámeos, con *sedas* limbadas simples e unha pequena papila redondeada entre as ramas. *Lóbulos parapodiais* reducidos. Formada por 3 xéneros: *Fauveliopsis*, *Laubieriopsis* e *Riseriopsis*.

A familia Flabelligeridae comprende cirratúlidos cun aspecto variable, pero diferenciable en comparación co resto das familias de poliquetos. Por exemplo, teñen as *sedas* máis longas en relación co tamaño corporal e presentan a *cutícula* máis grosa de todos os poliquetos, polo que se pode denominar **túnica**. Teñen o corpo cilíndrico ou fusiforme, a maioría presentan unha

epiderme cuberta por papilas. A cabeza é retráctil entre os tres primeiros *setíxeros*. O *prostomio* forma unha crista delgada con *palpos* posterolaterais e o *peristomio* presenta unha membrana dorsal expandida que leva *branquias*. *Notosedas* con barras transversais ou lisas e delgadas, e *neurosedas* con espiñas similares ou máis engrosadas, ou compostas con apéndices falcados, unidentados ou bidentados. Inclúe 25 xéneros: *Annenkova*, *Brada*, *Bradabyssa*, *Buskiella*, *Daylithos*, *Diplocirrus*, *Flabegraviera*, *Flabehlersia*, *Flabelliderma*, *Flabelligera*, *Flabesymbios*, *Flota*, *Ilyphagus*, *Lamispina*, *Paratherochaeta*, *Pherusa*, *Piromis*, *Poeobius*, *Pycnoderma*, *Saphobranchia*, *Semiodera*, *Stylarioides*, *Therochaeta*, *Treadwellius* e *Trophoniella*.

A familia Longosomatidae está formada por poliquetos longos e cilíndricos, cun tamaño de entre 50 e 70 milímetros de longo e apenas 1 milímetro de ancho. Viven en sedimentos brandos, desde augas superficiais ata rexións *abisais*, e son probablemente tubícolas e detritófagos. O seu corpo divídese nunha curta *rexión anterior* con 7–9 *setíxeros* comprimidos antero-posteriormente, e unha *rexión media* con numerosos segmentos alongados. Comprende un só xénero: *Heterospio*.

A familia Sternaspidae comprende uns raros cirrátulidos que se caracterizan por ter corpos curtos e inchados, pola presenza dun **escudo ventral de quitina**, porque carecen de *parapodios* prominentes, por ter conspicuas fileiras de grosas *sedas* aciculares no extremo anterior, feixes de *sedas* capilares que bordean ao *escudo*, e ademais moitas *branquias* filiformes localizadas na parte postero-dorsal. Inclúe catro xéneros: *Caulteryaspis*, *Mauretanaspis*, *Petersenaspis* e *Sternaspis*.

A suborde Terebelliformia comprende un gran grupo de poliquetos sedentarios que viven desde o intermareal ata as grandes profundidades. Son moi comúns en todo o mundo, incluídas as rexións polares. A maioría vive en tubos e son depositófagos selectivos. Os membros deste diverso grupo caracterízanse pola presenza de múltiples *tentáculos bucais* acanalados que utilizan para a alimentación. Aínda que existe discusión sobre se esas estruturas son homólogas entre todas as familias da suborde, na actualidade asúmese que si, o que implica que todas son de orixe *prostomial*. Pódense recoñecer facilmente ao redor dos seus tubos ou galerías debido á

capacidade de extensión destas estruturas, o que lles dá a estes poliquetos o seu nome coloquial de "vermes espaguetes". Inclúe 6 familias: Alvinellidae, Ampharetidae, Melinnidae, Pectinariidae, Terebellidae e Trichobranchidae.

A familia Alvinellidae está formada por especies das fontes hidrotermais profundas do Pacífico tropical e constituída por dous xéneros: *Alvinella* e *Paralvinella*.

A familia Ampharetidae inclúe poliquetos tubícolas de pequeno tamaño, xeralmente de 10 a 60 milímetros de lonxitude. Localízanse en todos os mares do mundo, desde a zona intermareal ata profundidades de 8292 metros. O seu *prostomio* pode ser simple ou complexo, con pregues laterais e cristas glandulares. Teñen de dous a catro pares de *branquias* lisas ou pinnadas. Os *parapodios* do *tórax* son birrámeos, mentres que no *abdome*, os *neuropodios* están ben desenvolvidos e os *notopodios* reducidos ou ausentes. *Sedas capilares notopodiais* presentes no *tórax*, *uncinos neuropodiais* presentes tanto no *tórax* como no *abdome*. *Uncinos* torácicos con dentes principais nunha ou poucas filas, de cando en cando con crista; *uncinos* abdominais similares, pero máis frecuentemente con crista. Ganchos nocais e *sedas* aciculares anteriores presentes nalgunhas formas. Está formada por 2 subfamilias: Amaginae, con 4 xéneros (*Amage*, *Amphisamytha*, *Grubianella* e *Samythopsis*) e Ampharetinae, con 42 xéneros (*Abderos*, *Adercodon*, *Alkmaria*, *Ampharana*, *Amphicteis*, *Amythas*, *Amythasides*, *Andamanella*, *Anobothrus*, *Auchenoplax*, *Decemunciger*, *Ecamphicteis*, *Eclysippe*, *Emaga*, *Endecamera*, *Eusamythella*, *Glyphanostomum*, *Gnathampharete*, *Grassleia*, *Jugamphicteis*, *Lysippe*, *Melinnampharete*, *Melinnata*, *Melinnoides*, *Neosamytha*, *Orochi*, *Reuscher*, *Pabits*, *Paedampharete*, *Parampharete*, *Paramphicteis*, *Paramytha*, *Phyllampharete*, *Phyllamphicteis*, *Phyllocomus*, *Samytha*, *Samythella*, *Sosane*, *Tanseimarwana*, *Watatsumi*, *Ymerana* e *Zatsepinia*) e unha tribo, Ampharetini, con 2 xéneros (*Ampharete* e *Neosabellides*).

A familia Melinnidae está formada por un pequeno grupo de terebeliformes tubícolas, normalmente de augas profundas, que inclúe 4 xéneros: *Isolda*, *Melinna*, *Melinnopsides* e *Melinnopsis*.

A familia Pectinariidae comprende poliquetos

exclusivamente mariños, que viven xeralmente a pouca profundidade en fondos areosos ou areo-lamacentos. Constrúen uns típicos tubos curtos e cónicos, máis ou menos en forma de cabeiro, construídos con partículas relativamente grandes, abertos por ambos os extremos e que se sitúan no sedimento oblicuamente, coa *rexión cefálica* cara abaixo e o extremo posterior cara á superficie do sedimento. Esta forma do tubo é exclusiva, polo que se lles coñece co nome común de "vermes trompeta". O seu corpo está dividido en tres rexións, que inclúen *tórax*, *abdome* e un *escafo* posterior. O *prostomio* está reducido. O primeiro *setíxero* presenta *sedas (paleas)* fortes e expandidas que forman un peite que o poliqueto usa para escavar. Outras *sedas* inclúen capilares curtos, uncinos pectiniformes e espiñas escafales. Está formada por 4 xéneros: *Amphictene*, *Cistenides*, *Lagis*, *Pectinaria* e *Petta*.

A familia Terebellidae inclúe poliquetos de tamaño variable, desde 1 centímetro ata 40 centímetros. Son especies sedentarias que xeralmente constrúen tubos con materiais que atopan no fondo, aínda que tamén hai especies escavadoras e unhas poucas *peláxicas*. Nesta familia encádranse os poliquetos de augas pouco profundas máis comúns e que se atopan en todos os ambientes. Os seus *tentáculos bucais*, normalmente numerosos, non poden retraerse completamente cara á boca. Adoitan estar fendidos e son utilizados para a alimentación depositívora selectiva. Algunhas especies poden erguer os *tentáculos bucais* cara á auga e capturar partículas do medio. O *prostomio* é un pregue simple e as *branquias*, cando están presentes, están compostas por entre un e tres pares dispostas nos primeiros segmentos. Na rexión anterior, os *parapodios* son birrámeos, e na posterior só presenta *neuropodios*. *Uncinos* xeralmente cun cabeiro principal grande e unha crista de dentes máis pequenos. Está formada por 2 subfamilias: Terebellinae, con 30 xéneros (*Arranooba*, *Articulatia*, *Baffinia*, *Bathya*, *Betapista*, *Colymmatops*, *Eupistella*, *Hadrachaeta*, *Hutchingsiella*, *Lanicides*, *Longicarpus* *Morgana*, *Neoleprea*, *Nicolea*, *Opisthopista*, *Paralanice*, *Paraxionice*, *Phisidia*, *Pistella*, *Polymniella*, *Pseudopista*, *Pseudoproclea*, *Ramex*, *Scionides*, *Spiroverma*, *Stschapovella*, *Terebellobranchia*, *Terebellodibranchia*, *Tyira* e *Varanusia*) e 4 tribos (Lanicini, con 6 xéneros, Polycirriini, con 6 xéneros, Procleini, con 4 xéneros, e Terebellini, con 9 xéneros) e Thelepodinae, con

10 xéneros (*Euthelepus*, *Mesopothelepus*, *Parathelepus*, *Pseudostreblosoma*, *Pseudothelepus*, *Rhinothelepus*, *Streblosoma*, *Telothelepus*, *Thelepides* e *Thelepus*).

A familia Trichobranchidae está constituída por poliquetos sedentarios típicos, practicamente sésiles en estado adulto, de corpo relativamente curto e compacto, cuxo tamaño varía de poucos milímetros a uns 10 cm de longo. Viven na súa maioría en tubos lamacentos, xeralmente non moi ben consolidados, especialmente en augas tépedas ou frías, e en sedimentos superficiais, onde chegan a ser localmente abundantes. Con todo, tamén se poden atopar en ambientes tropicais e ata 2700 m de profundidade. Caracterízanse pola fusión do *prostomio* e do *peristomio* ao longo da marxe anterior do *peristomio*, e polas súas grosas espiñas *neuropodiais* curvas no primeiro *setíxero*. Inclúe 3 xéneros: *Octobranchus*, *Terebellides* e *Trichobranchus*.

A **infraclase Scolecida** está formada por un grupo de poliquetos detritívoros que posúen unha *probóscide* eversible en forma de saco, a cal pode presentar un ou varios lóbulos dixitiformes. A súa cabeza non presenta apéndices nin *palpos* e xeralmente é de forma cónica, aínda que na familia Scalibregmatidae ten unha punta en forma de "T", e nos membros da familia Paraonidae hai unha única *antena* central. Todos os seus segmentos corporais (xa se trate dos anteriores ou posteriores) e os seus *parapodios*, son similares, con *notopodios* e *neuropodios* con *sedas capilares* non ramificadas, e ás veces con *uncinos*. Está dividido en 9 familias: Arenicolidae, Capitellidae, Cossuridae, Maldanidae, Opheliidae, Orbiniidae, Paraonidae, Scalibregmatidae e Traviidae.

A familia Arenicolidae inclúe especies que escavan galerías en forma de "U" en fondos areosos de augas superficiais. Teñen un corpo cilíndrico dividido en dúas ou tres rexións, cunha grosa *epiderme* fortemente areolada na maior parte das especies. O *prostomio* non presenta apéndices. As *branquias* dispóñense nalgúns *setíxeros* da rexión media ou posterior, con formas ramificadas ou en fortes feixes. A súa *rexión branquial* está ben definida ao presentar *branquias* en robustos feixes. Os *notopodios* son claramente truncados e os *neuropodios* alongados. As *notosedas* poden ser capilares ou limbadas. Composta por 4 xéneros: *Abarenicola*, *Arenicola*, *Arenicolides* e *Branchiomaldane*.

A familia Capitellidae inclúe poliquetos cunha lonxitude que pode variar desde 1 milímetro a 30 centímetros. Son habitantes típicos de fondos brandos e poden chegar a ser moi numerosos. A súa morfoloxía é simple, teñen forma de miñoca de terra, xeralmente

viven enterrados na area ou o lodo, e aliméntanse inxerindo a materia orgánica adherida ao sedimento. O seu rango batimétrico esténdese desde a zona de entre mareas ata o mar profundo, e poden ser especies dominantes en sedimentos enriquecidos en materia orgánica. Corpo cilíndrico, xeralmente delgado co *prostomio* curto e truncado, sen apéndices. *Tórax* e *abdome* definidos sobre estruturas internas e desenvolvemento *parapodial*. Xeralmente, *tórax* con *sedas capilares* e *abdome* con ganchos encapuchados. Inclúe 42 xéneros: *Abyssocapitella*, *Amastigos*, *Anotomastus*, *Baldia*, *Barantolla*, *Capitella*, *Capitellethus*, *Capitobranchus*, *Dasybranchethus*, *Dasybranchus*, *Decamastus*, *Dodecamastus*, *Eunotomastus*, *Heteromastus*, *Leiocapitella*, *Leiocapitellides*, *Leiochrides*, *Leiochrus*, *Lombricus*, *Lumbricomastus*, *Mastobranchus*, *Mediomastus*, *Neoheteromastus*, *Neomediomastus*, *Neonotomastus*, *Neopseudocapitella*, *Nonatus*, *Notodasus*, *Notomastus*, *Octocapitella*, *Paracapitella*, *Parheteromastides*, *Parheteromastus*, *Peresiella*, *Polymastigos*, *Promastobranchus*, *Pseudocapitella*, *Pseudoleiocapitella*, *Pseudonotomastus*, *Rashgua*, *Scyphoproctus* e *Undecimastus*.

A familia Cossuridae está formada por poliquetos de pequeno tamaño, normalmente menores de 10 milímetros. Viven en sedimentos areosos e lamacentos desde os 2 ata máis de 3500 metros de profundidade. Son especies escavadoras e o máis probable é que se trate de especies depositivoras. O *prostomio* é cónico, aínda que pode ser trapezoidal ou redondeado, sen apéndices nin ollos. Os *órganos nocais* atópanse na marxe posterior do *prostomio* ou do *peristomio*. O *peristomio* forma un só anel completo, aínda que dorsalmente poida estar subdividido. Posúen *tentáculos bucais* que serven para a alimentación. Estes *tentáculos* están situados na superficie dorsal da *cavidade bucal* e varían desde 2 ata 20, dependendo das especies. Presentan un *filamento branquial* con función respiratoria nos segmentos anteriores, que pode ser case tan longo como o corpo. Só ten un xénero: *Cossura*.

A familia Maldanidae inclúe poliquetos tubícolas de ata 20 centímetros de lonxitude e que, pola súa característica forma corporal, son coñecidos coloquialmente como "vermes bambú". Constrúen tubos usando partículas do sedimento e unha matriz proteínica de rixidez variable. Así, en augas tranquilas poden ser moi delicados, mentres que os que viven en fondos mixtos ou a grande profundidade poden ter tubos máis ríxidos. Aínda que a maioría constrúe tubos illados, poden ser gregarios, e en fondos mixtos axústanse aos intersticios das rochas ou ao longo das marxes de estas. Son especies de corpo cilíndrico, normalmente truncado nun dos extremos ou en ambos, e a maioría de especies posúen segmentos corporais longos e cilíndricos. O *prostomio*, que non ten apéndices, presenta unha **fenda nocal** e unha **quilla cefálica** central.

Os *notopodios* son curtos e redondeados, e os *neuropodios* alongados. As *notosedas* son capilares lisos ou espiñentos. Está formada por 7 xéneros (*Gravierella*, *Iphianissa*, *Mandrocles*, *Myllitta*, *Neco*, *Proclymene* e *Tubifex*) e 6 subfamilias: Euclymeninae, con 14 xéneros (*Abyssoclymene*, *Aclymene*, *Axiothella*, *Caesicirrus*, *Clymenella*, *Euclymene*, *Heteroclymene*, *Isocirrus*, *Johnstonia*, *Macroclymene*, *Maldanella*, *Microclymene*, *Petaloclymene* e *Praxillella*) e unha tribo (Leiochonini, con 2 xéneros), Lumbriclymeninae, con 5 xéneros (*Clymenopsis*, *Lumbriclymene*, *Lumbriclymenella*, *Nicomachella* e *Praxillura*), Maldaninae, con 7 xéneros (*Asychis*, *Bathyasychis*, *Chirimia*, *Maldane*, *Metasychis*, *Paramaldane* e *Sabaco*), Nicomachinae, con 3 xéneros (*Micromaldane*, *Nicomache* e *Petaloproctus*), Notoproctinae, con só un xénero (*Notoproctus*) e Rhodininae, con 3 xéneros (*Boguea*, *Boguella* e *Rhodine*).

A familia Opheliidae inclúe especies que se atopan distribuídas desde o Ártico ata o Antártico, e distribúense desde a zona intermareal ata augas profundas. Son escavadores e consumidores de refugallos (depositófagos non selectivos), particularmente abundantes en fondos areosos. O seu corpo ten un número limitado de segmentos, a miúdo cun suco ventral profundo. Presentan dúas formas: uns son moi delgados, con forma de torpedo, outros na parte anterior son grosos e cilíndricos e afiados na parte posterior. O *prostomio* é normalmente cónico. Algunhas especies presentan un *palpo* distal e o *peristomio* reducido, fusionado co *prostomio* ou formando distintos aneis. Non teñen *antenas* nin *palpos*. O seu *pixidio* é de forma variable, ás veces como un tubo anal cilíndrico con papilas marxinais e un cirro ventral interno. Inclúe 2 subfamilias: Ophelinae, con 2 xéneros (*Ophelia* e *Thoracophelia*) e Ophelininae, con 5 xéneros (*Ammotrypanella*, *Antiobactrum*, *Armandia*, *Ophelina*, *Polyophthalmus* e *Tachytrypane*).

A familia Orbiniidae está constituída por poliquetos dun tamaño que pode variar desde os 4 milímetros aos 30 centímetros. Son especies escavadoras que viven desde augas superficiais (o seu hábitat predilecto) ata moi profundas, e que poden atoparse en todas as latitudes. Desprázanse enterrados dentro das partículas dos sedimentos brandos, pero sen chegar a facer tubos de ningún tipo. O *prostomio* e o *peristomio* non teñen apéndices, e o seu primeiro ou segundo segmento anterior non ten *sedas*. Presentan unha *probóscide* en forma de saco. Os *parapodios* da *zona torácica* son laterais e os da *zona abdominal* adoitan ser dorsais. Está formada por 4 xéneros (*Paraorbiniella*, *Scolopella*, *Scoloplosia* e *Uncorbinia*) e 4 subfamilias: Methanoariciinae, con un xénero (*Methanoaricia*), Microrbiniinae, con 4 xéneros (*Microrbinia*, *Orbiniella*, *Pettibonella* e *Proscoloplos*), Orbiniinae, con 11 xéneros (*Berkeleyia*, *Califia*, *Gesachroederella*, *Leitoscoloplos*, *Leodamas*, *Naineris*, *Orbinia*, *Phylo*,

Protoaricia, *Protoariciella* e *Scoloplos*) e Questinae, con un só xénero (*Questa*).


A familia Paraonidae inclúe poliquetos alongados de pequeno tamaño, que raramente exceden os 40 milímetros. Son especies exclusivamente escavadoras que poden atoparse en todos os océanos do globo e en calquera tipo de fondos brandos, desde a zona intermareal ata 6.000 metros de profundidade. Habitan as capas máis superficiais do sedimento onde constrúen galerías que recobren cunha fina capa de moco e grans de area. Teñen unha *rexión torácica* anterior xeralmente robusta, aplanada dorsoventralmente, cos segmentos abdominais cilíndricos. O corpo está dividido nunha *rexión anterior cefálica* que comprende o *prostomio* e un *peristomio* pouco ou nada notorio, unha *rexión torácica* integrada por unha *rexión prebranquial* (composta por tres a sete segmentos) e unha *rexión branquial* cun variado número de segmentos, unha *rexión abdominal* que vai adelgazándose cara á rexión posterior e un *pixidio* que porta un número variable de cirros anais. Inclúe 7 xéneros: *Aricidea*, *Cirrophorus*, *Levinsenia*, *Paradoneis*, *Paraonides*, *Paraonis* e *Sabidius*.

A familia Scalibregmatidae presenta especies pouco abundantes de ata 6 centímetros de lonxitude. Son escavadores en fondos non consolidados, areosos a lamacentos, e pódense atopar desde a rexión intermareal ata as zonas máis profundas, onde son máis comúns. O seu corpo pode ser longo, coa extremidade anterior inchada ou curta e robusta. Os segmentos corporais teñen coxíns elevados e anulacións secundarias (ata 6 aneis por segmento), o que dá ao tegumento unha aparencia areolada. Non presentan papilas *epidérmicas*. En varias especies pódese atopar un suco medioventral. Está conformada por quince xéneros: *Asclerocheilus*, *Axiokebuita*, *Hyboscolex*, *Lipobranchius*, *Mucibregma*, *Oligobregma*, *Parasclerocheilus*, *Polyphysia*, *Pseudoscalibregma*, *Scalibregma*, *Scalibregmella*, *Scalibregmides*, *Sclerobregma*, *Sclerocheilus* e *Speleobregma*.

A familia Traviidae inclúe especies que se atopan principalmente en sedimentos de augas profundas, desde a plataforma continental ata as profundidades abisais, e que conforman un único xénero: *Travisia*.

A **subclase Polychaeta incertae sedis** é un nome temporal e un verdadeiro revoltallo. Están incluídos taxons de posición incerta, ou cunha posición aínda por actualizar na filoxenia da clase Polychaeta. Contén tamén algunhas familias intersticiais non relacionadas anteriormente e xéneros fósiles. Está composta por 15 familias (Aberrantidae, cun xénero, Apharyngtidae, cun xénero, Dinophilidae, con 3 xéneros, Histriobdellidae, con 3 xéneros, Laetmonectidae, cun xénero, Magelonidae, cun xénero, Nerillidae, con 16 xéneros, Oweniidae, con 4 xéneros, Parergodrilidae, con 2 xéneros, Polygordiidae, cun xénero, Protodrilidae,

Protodrilidae, con seis xéneros, Protodriloididae, cun xénero, Psammodrilidae, cun xénero, Saccocirridae, con 2 xéneros e Spintheridae, cun xénero) e o xénero *Pseudocirratulus* cunha única especie, *Pseudocirratulus kingstonensis*.



4.6 FICHAS DE ESPECIES POLYCHAETA

Harmothoe extenuata (Grube, 1840)



Este animal presenta un gran dimorfismo sexual. Mentres que os machos son milimétricos, as femias poden atinxir os 15 centímetros de lonxitude, e serán estas as que describamos na presente ficha. O corpo é moi elástico e está dividido en dúas partes moi distintas: o tronco e a trompa. O tronco presenta forma de oliva, cunhas excrecións verrucosas dispersas na superficie. A trompa, que estendida pode alcanzar unha lonxitude de 1 metro, ten forma acanalada e remata nunha bifurcación en forma de "T". A pel segrega un veneno que pode paralizar a pequenos invertebrados. Cor verde escura.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En buracos e gretas de rochas, desde os 5 aos 100 metros de profundidade. A femia aliméntase de partículas ou pequenos animais. Para iso, estende a trompa desde o seu agocho para capturar o alimento que achega ata a boca grazas aos cilios da súa trompa acanalada que fai as funcións dunha cinta transportadora. O macho aliméntase da femia, coma se fose un parasito. Adoitan saír do refuxio durante a noite. Os machos son ananos, de apenas dous milímetros, e viven como parasitos das femias nas gónadas. A fertilización e o desenvolvemento embrionario é interno. Se a larva no momento do seu establecemento no fondo non atopa ningunha outra *Bonellia viridis*, establécese e desenvólvese como femia. Se pola contra no lugar existe xa unha femia, entón introdúcese nela e desenvólvese no seu interior como un minúsculo macho. A femia segrega unha substancia, a **bonelina**, que lle dá cor e a protexe de bacterias ao actuar como substancia tóxica.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *viridis*, é unha palabra latina que significa verde, facendo así referencia á cor exterior das femias.





Verme de corpo brando e mucoso, non segmentado, con forma de cenoria e de ata 7 centímetros de lonxitude. O corpo principal (tronco) ten simetría bilateral e está recuberto de numerosas papilas dispostas en aneis, que aumentan en número e diminúen en tamaño cara á parte anterior, onde se sitúa a boca. Da parte anterior sobresae unha probóscide (na base da cal está a boca) e detrás un par de sedas. A probóscide é de forma acanalada, non ramificada, co extremo apuntado e pode estenderse ata case 20 centímetros, unhas 3 veces a lonxitude corporal. Contraída redúcese a unha pequena lingüeta colgada. Os individuos de ambos os sexos son de tamaño similar. A cor do tronco, que é variable entre individuos, adoita presentar dúas tonalidades. Mentres que a anterior pode ser azulada, gris, amarela, rosa ou púrpura, a posterior é decote abrancazada; a probóscide é de cor amarelada ou alaranxada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 5 aos 40 metros de profundidade, en fondos de area e lama, baixo pedras ou en gretas de rocha, onde fai tobos en forma de "U" que reviste de mucosidade. Desde estes tobos alonga a súa probóscide acanalada, que funciona coma se tratácese dunha cinta transportadora, trasladando á boca todo o material que con ela recolle do sedimento. É un detritófago especializado, que inxere o sedimento para alimentarse do material orgánico que este contén.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur de Inglaterra ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *thalassema*, é unha palabra composta polo epíteto grego "Thalassa" (mar) e o sufixo latino "-ema" (co que se forma o substantivo e indica resultado dunha acción), e significa procedente do mar referíndose, á procedencia da especie.





Verme errante de corpo oval alongado, co dorso arqueado e a parte ventral plana, que pode acadar os 3 centímetros de lonxitude por 1 centímetro de ancho, con 30-36 segmentos. Ten 4 ollos, 2 grandes dispostos dorsalmente e 2 pequenos ventrais. A carúncula está dividida en 3 lóbulos lonxitudinais e alcanza, posteriormente, o setíxero 5. Ten unha grosa antena impar cilíndrica que finaliza nun curto mucrón, inserida diante da carúncula entre os ollos dorsais, e 2 pequenas e delgadas antenas laterais inseridas ventralmente, a metade de curtas que a impar. A boca, que se dispón ventralmente, estendéndose ata o cuarto setíxero, está flanqueada, na parte anterior, por un par de palpos reducidos a uns coxíns aplanados. As branquias, que se sitúan na superficie dorsal deixando só unha banda central lonxitudinal libre, están dispostas a partir do primeiro setíxero en filas transversais, con 7-9 troncos a cada lado que se ramifican dicotómicamente. As ramificacións finalizan nunha punta engrosada de forma variable. Os parapodios teñen 2 ramas pouco separadas e 2 cirros dorsais, un no extremo interno e o outro entre a segunda e a terceira branquia. Notosedas de 2 tipos, dispostas en filas transversais diante das branquias, todas bifurcadas, unhas coas ramas desiguais e lisas, outras coas 2 ramas ben desenvolvidas, engrosadas, con dobre curvatura e denticuladas no bordo interno. Neurosedas bifurcadas con ramas desiguais, rectas e lisas, as superiores algo máis longas que as inferiores, as inferiores acurtándose gradualmente. Cirro ventral a continuación do fascículo de sedas ventrais. Pixidio con 2 uritos curtos e grosos. Cor vermella alaranxada ou vermella brillante, sedas brancas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña inferior do intermareal ata os 950 metros de profundidade, en fondos de grava, area, lama ou unha mestura destes, onde se esconde baixo pedras, entre cunchas, en fondos de Maërl ou en estípites de algas. Cando se lle molesta enrólase como forma de protección.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita cuxa distribución europea abarca desde a canle da Mancha ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Euphosine armadillo, presenta as branquias filiformes, o que lle da un aspecto sedoso.

Euphosine myrtosa, as ramificacións da branquias non presentan a punta engrosada e entre elas ten sedas delgadas e non bifurcadas coa súa punta recurvada en forma de fouce.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *foliosa*, é un epíteto latino que significa "frondosa" referíndose á forma das súas branquias.





Verme errante, aplanado ventralmente e convexo dorsalmente, cuxo corpo se aguza en ambos os extremos e que chega a medir entre 15 e 30 milímetros de lonxitude cuns 40-50 segmentos claramente separados. O prostomio é case esférico, con 4 ollos negros dispostos en trapecio (os anteriores máis grosos), 2 palpos anchos, (aplanados e arqueados, recurvados cara atrás e non articulados), e 2 antenas curtas, non articuladas nos xuvenis, e con 3- 4 segmentos nos adultos. O primeiro segmento é o dobre de longo que o seguinte, e ambos son ápodos. O primeiro parapodio non ten cirro dorsal. Nos seguintes hai un cirro dorsal cilíndrico cun cirróforo longo, incluíndo unha notoacícula delgada, e un cirrostilo cónico máis curto que o cirróforo. Os cirros ventrais son dixitiformes, algo máis curtos que o parapodio. Os parapodios teñen 2 labios presetais e postsetais case iguais, e están provistos dunha acícula clara. Sedas superiores simples, arqueadas, aplanadas, denticuladas no bordo convexo e terminadas bruscamente nunha punta obtusa irregularmente festoneada. Sedas inferiores compostas con artellos falcíxeros bidentados con capuchón. Pixidio con 4 uritos, 2 dorsais con 3-4 artellos e 2 ventrais máis curtos, non articulados. Cor corporal de fondo amarelada, con bandas transversais verde-amareladas nos xuvenis e laranxa-avermelladas en adultos.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:


Desde a zona intermareal ata os 400 metros de profundidade, debaixo de pedras, entre algas, en esponxas ou entre cunchas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte de Noruega ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *rubrovittata*, é un epíteto latino composto por "rubro" (vermello) e "vittata" (raiado, anelado) e significa "anelado en vermello", referíndose ás bandas transversais de cor vermella que presentan os exemplares adultos.





Este verme de corpo esvelto pode acadar os 200 milímetros de lonxitude e 12 milímetros de diámetro máximo. O prostomio, que esta debilmente bilobulado, ten dous ollos e cinco longas antenas, indistintamente anuladas ou lisas. O peristomio é tres ou catro veces máis longo que os seguintes segmentos. O segundo segmento é ápodo e presenta dous cirros curtos divididos en varias seccións. Os cirros dorsais son de cor branca e iguais ou de maior lonxitude que as branquias, que son plumosas ao longo de todo o corpo, máis curtas diante que detrás. Están formadas por un máximo de 12 filamentos branquiais e están presentes desde os setíxeros 6-10 ata o final do corpo. Cor parda avermellada, rosada ou branca salpicada de manchas castañas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 20 aos 1300 metros de profundidade, en area, lama, ou mestura de ambos con cunchas, grava ou anacos de coral. Vive dentro dun tubo, dobrado irregularmente e aberto nos seus extremos. Frecuentemente este tubo está revestido de esponxas, hidrozooos ou de ascidias.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.



ESPECIES SEMELLANTES:

Eunice oerstedii, é de menor lonxitude, as súas branquias comezan no setíxero 3 ou 4, están formadas por un máximo de 6 filamentos e a súa cor dorsal é alaranxada cunha banda lonxitudinal acastañada na zona central do dorso e unha banda branca separando cada setíxero.

Eunice pennata, é de menor tamaño, as branquias comezan no setíxero 3, son pectinadas cun máximo de 22 filamentos e a cor corporal é castaña amarelada uniforme.

Eunice woodwardi, é de menor tamaño, as branquias comezan no setíxero 3, son pectinadas cun máximo de 14 filamentos e a cor corporal é acastañada nos primeiros segmentos e amarela nos posteriores, con 3 liñas vermellas transversais en cada setíxero.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *norvegica*, é un xentilicio latino que significa "de Noruega", "procedente de Noruega", referíndose á procedencia dos exemplares que se usaron para a súa descrición.



Verme de corpo esvelto cuxa lonxitude pode variar entre os 6 e os 15 centímetros. Na cabeza ten dous palpos bilobulados ben definidos e cinco antenas de forma cilíndrica e moi longas (é o verme do xénero *Eunice* que presenta as antenas máis longas e finas), a central é a máis longa e as laterais case da metade de lonxitude. O primeiro segmento é 2,5 a 3 veces máis longo que o segmento seguinte. O segundo segmento é ápodo e presenta dous longos cirros articulados na súa base, situados case de forma lateral, e que exceden a cabeza. Cirros dorsais moi longos e suaves. As branquias comezan a partir dos setíxeros 3-4 como un só filamento, para posteriormente continuar con 3-6 filamentos branquiais. Cor dorsal alaranxada, que se vai aclarando cara á parte de atrás a medida que destaca na parte superior dorsal unha banda laranxa acastañada lonxitudinal, cunha característica banda branca entre segmentos. Parte inferior de cor branca.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Vive dentro dun tubo que constrúe con anacos de cunchas e grans de area aglutinados por unha secreción mucosa que se solidifica. En fondos areosos, de grava ou con pedras soltas, desde os 20 aos 300 metros de profundidade.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o golfo de Biscaia ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Eunice norvegica, pode ser de maior tamaño, as branquias comezan no setíxero 6-10, están formadas por ata 12 filamentos e a cor corporal é parda avermellada, rosada ou branca, salpicada con manchas castañas.

Eunice pennata, as branquias comezan no setíxero 3, son pectinadas cun máximo de 22 filamentos branquiais e a súa cor corporal é castaña amarelada uniforme.

Eunice woodwardi, é de menor tamaño, a cor corporal é acastañada na parte anterior e amarelada na posterior, con tres distintivas liñas vermellas transversais en cada segmento.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *oerstedii*, foille posto en honra ao botánico, micólogo, zoólogo e biólogo mariño danés Anders Sandø Ørsted (1816-1872), profesor de botánica da Universidade de Copenhague de 1851 a 1862.





Verme de corpo esvelto, relativamente longo, que pode acadar os 15 centímetros de lonxitude. A súa cabeza ten 5 longas antenas divididas nunhas 7-9 seccións, prostomio bilobulado e dous ollos. O peristomio é 2 ou 3 veces máis longo que o seguinte segmento. O segundo segmento presenta dous cirros curtos divididos en varias seccións que chegan a alcanzar a parte anterior da marxe do peristomio. As branquias comezan no terceiro segmento setíxero, máis raramente entre o 4 e o 7, e teñen forma de peite con entre 8 e 22 filamentos as máis desenvolvidas. Carece de branquias nos segmentos setíxeros posteriores ao 30-59. Os cirros dorsais son máis curtos que as branquias excepto nos parapodios anteriores. No píxidio presenta dous cirros anais longos e dous curtos. Cor castaña amarelada uniforme.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En diversas combinacións de area, lama, arxila, grava, pedras, coralíxeno, cuncheiros, así como en estípites de laminarias, desde a zona intermareal ata máis de 3500 metros de profundidade. Vive dentro dun tubo cilíndrico, de finas paredes apergamiñadas e forma irregular, cuberto de materiais estraños como areas, anacos de cunchas ou pequenos foraminíferos; o tubo permanece fixado a pedras ou cunchas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o océano Ártico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Eunice norvegica, é de maior tamaño, as branquias comezan no setíxero 6-10, están formadas por un máximo de 12 filamentos branquiais e a cor corporal é parda avermellada, rosada ou branca, salpicada de manchas castañas.

Eunice oerstedii, as branquias comezan no setíxero 3-4, están formadas por un máximo de 6 filamentos branquiais e a cor corporal é alaranxada cunha banda lonxitudinal acastañada no centro do dorso e unha banda branca separando cada setíxero dorsalmente.

Eunice woodwardi, é de menor tamaño, as branquias comezan no setíxero 3, son pectinadas con ata 14 filamentos e a cor corporal é acastañada nos primeiros segmentos e amarela posteriormente, con 3 liñas vermellas transversais dorsais en cada setíxero.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *pennata*, é un epíteto latino que significa "con plumas", "emplumado", referíndose á aparencia que lle dan as súas branquias.





Verme de corpo esvelto, longo e de sección case circular, que pode alcanzar ou exceder os 2 metros de lonxitude por uns 25 milímetros de diámetro máximo. O prostomio é bilobulado con dous grosos palpos soldados ventralmente e 5 antenas occipitais pseudo-articuladas máis longas que este, sendo a máis longa a central ou impar. Entre as antenas laterais presenta un par de ollos, un a cada lado. O anel anterior do peristomio é o dobre de longo que o resto dos segmentos, e o posterior presenta un par de cirros tentaculares dispostos en posición dorso-ventral. Os podios teñen o notopodio reducido a un cirro dorsal cilíndrico ben desenvolvido e 2-3 acículas capilares. As branquias, que comezan no sexto setíxero, están reducidas a un filamento máis curto que o cirro dorsal nos primeiros segmentos. A partir do 10 transfórmanse en pectinadas e alcanzan o seu máximo desenvolvemento desde o setíxero 22, estendéndose ata a parte posterior do corpo. Están formadas por un tronco branquial erecto e robusto do que saen, dependendo do seu tamaño, ata 40 filamentos branquiais nunha soa fila. O neuropodio consta de dous curtos lóbulos setíxeros (un cónico e outro redondeado), 2-3 grosas acículas de cor castaña escura, e un groso e ovalado cirro ventral nos catro primeiros setíxeros, que pasa a ser en almofadado cunha papila terminal no resto do corpo. Pixidio con dous longos cirros anais. Cor dos exemplares adultos castaña escura moteada de branco e azul, collar de cor branca ou azul no cuarto setíxero e antenas e cirros tentaculares anelados en castaño e branco. Xuvénis de cor castaña escura con tinguaduras violáceas en antenas, cirros e branquias. Antenas con aneis de cor branca na zona de pseudo-articulación e cuarto setíxero sen pigmentación.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 3 ata máis de 80 metros de profundidade en fondos de area ou grava con rochas, onde constrúe tortuosas e longas galerías nas que vive. O interior das galerías presenta finas paredes apergamiñadas como consecuencia da solidificación dun fluído que xeran, o que permite conter os áridos sobre os que está escavada. Presenta sexos separados e fecundación externa. É un voraz carnívoro que, axudado das súas fortes mandíbulas, caza os pequenos invertebrados ou peixes que se poñen ao seu alcance.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o golfo de Biscaia ata o Mediterráneo, incluíndo as Canarias.

ESPECIES SEMELLANTES:

Eunice purpurea, os xuvénis poden confundirse con esta especie que é de menor tamaño (máximo 70 mm). As branquias comezan no setíxero 5 e presentan un máximo de 14 filamentos sobre o tronco branquial erecto. É unha especie de distribución mediterránea non presente nas nosas augas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *roussaei*, foille dedicado a M.L. Rousseau, axudante de naturalista no "Museum d'histoire naturelle de Paris" polo celo posto nas coleccións baixo a súa custodia, especialmente na de anélidos, e pola desinteresada axuda ao autor no seu traballo.



Poliqueto errante de corpo cilíndrico que pode acadar unha lonxitude de 75 milímetros de longo por 4 de ancho, con 112 segmentos setíxeros. O prostomio, que é case tan ancho como o peristomio, pero máis curto, presenta dous lóbulos redondeados na parte frontal. Os apéndices prostomiais, tres antenas e dous palpos, dispóñense en forma de ferradura separados equidistantemente entre si. A antena central é 1,2 veces máis longa que as laterais. Ten dous ollos negros que se sitúan entre as antenas laterais e os palpos. O peristomio é cilíndrico, co anel anterior máis longo que o posterior, e está provisto de dous cirros peristomiais dixitiformes e lisos, máis delgados que os palpos. As branquias son pectinadas, presentes desde o setíxero 3 ata o 36-46. No primeiro e nos últimos segmentos branquiais están formadas por 2 filamentos, mentres que nos setíxeros 15-25 alcanzan un máximo de 14 filamentos nos segmentos setíxeros 15 ao 25. Pixidio con dous pares de cirros anais, un par o dobre de longo que o outro. A súa cor é abrancazada con dúas bandas dorsais anchas de cor vermella en cada segmento e unha banda fina de cor vermella escura na zona de separación dos segmentos. Esta ornamentación bandeada esténdese desde o peristomio ata a finalización dos segmentos branquiais, a partir dos cales desvanécese lixeiramente ata o pixidio.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal ata máis de 100 metros de profundidade, en fondos de arxila lamacenta, lodo areoso, area lamacenta, area fina e grosa, grava, coral morto e rochas, onde constrúe o tubo no que vive unindo pequenos anacos de cunchas que cementa cunha secreción que produce, e que pega á parte inferior de pedras. O tubo ten unha saída camuflada nun bordo da pedra.

DISTRIBUCIÓN:

Noroeste da Península Ibérica. Posiblemente a súa distribución sexa máis ampla, xa que a especie é a miúdo confundida con *Eunice vitatta* coa que ata hai pouco se sinonimizaba.

ESPECIES SEMELLANTES:

Eunice oerstedii, é de maior tamaño, as branquias comezan no setíxero 3-4, están formadas por un máximo de 6 filamentos branquiais e a súa coloración dorsal é alaranxada cunha banda lonxitudinal acastañada e unha característica banda branca entre setíxeros.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *woodwardi*, é na honra de Henry Woodward (1832-1921), xeólogo e paleontólogo inglés quen, nunha campaña de mostraxe de moluscos na ría da Coruña, colleitou o exemplar que serviu para a descrición da especie.





Poliqueto de corpo esvelto e relativamente longo, que se aguza nos extremos e pode acadar os 25 centímetros de lonxitude. A súa cabeza ten 5 longas antenas divididas nunhas 7-9 seccións, 2 palpos e dous grandes ollos negros. O segundo segmento presenta unha banda branca e dous cirros curtos divididos en varias seccións. Cirros dorsais de cor branca e branquias ao longo de todo o seu corpo, máis curtas diante que detrás. Cor parda avermellada, cunhas características manchas cadradas brancas ao longo de toda a parte central do dorso.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña inferior da baixamar ata os 20 metros de profundidade, baixo pedras, entre algas ou en gretas de rochas en augas pouco profundas. Constrúe uns tubos mucosos que ao solidificarse presentan unha textura de seda, no interior dos que vive. Normalmente pegan os tubos á parte inferior de pedras, estípites de algas ou en gretas, con dúas saídas camufladas, unha en cada extremo.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Leodice torquata, presenta un característico anel branco no cuarto segmento, non presenta manchas brancas ao longo da parte central dorsal e as branquias non chegan a tapar o dorso.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *harassii*, foi dedicada polos autores a unha persoa apelidada Harasse.





Poliqueto errante de corpo alongado e cilíndrico, que pode alcanzar os 250 milímetros con ata 200 segmentos setíxeros. O prostomio presenta 5 antenas (a central máis longa alcanzando o segmento setíxero 4), 2 palpos bilobulados e 2 ollos negros situados na base das antenas laterais. O segmento bucal é máis longo que os 3 segmentos seguintes xuntos. O segundo segmento (ápodo e aqueto) ten un par de cirros tentaculares tan longos ou máis que o segmento bucal. As antenas, os cirros tentaculares e os cirros dorsais son claramente moniliformes. A primeira branquia sitúase no terceiro segmento setíxero, ao principio con 1 ou varios filamentos, pero enseguida aumentan a súa complexidade (10-14 filamentos), para volver a ser simples na rexión posterior e estar ausentes nos últimos 3-30 segmentos setíxeros; son de menor lonxitude que os cirros. As acículas e as sedas aciculares son negras. Estas últimas son bidentadas e comezan no segmento setíxero 24-39. As sedas son pectinadas con 1-2 filamentos laterais longos. Pixidio con 4 uritos, 2 longos e 2 curtos. Cor vermella ladrillo cun collar branco no cuarto setíxero e esporadicamente un segundo collar no primeiro setíxero. Parapodios de cor branca, penacho branquial de cor vermella e antenas e cirros tentaculares de cor branca bandeados en castaño.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña inferior da baixamar ata os 100 metros de profundidade, baixo pedras en fondos rochosos, de cuncheiro ou de area. Constrúe uns tubos mucosos que presentan unha textura de seda, no interior dos que vive, e que están pegados á parte inferior de pedras e presentan dúas saídas, unha en cada extremo, disimuladas no bordo da pedra.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a canle da Mancha ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Leodice harassii, presenta un característico anel branco no segmento 2 (non no 4º), manchas cuadrangulares brancas ao longo da parte dorsal central e as branquias chegan a tapar o seu dorso.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *torquata*, deriva do termo latino "torquatus" que significa "que porta un collar", en clara referencia ao característico collar de cor branca que presenta no cuarto segmento setíxero.



Verme errante de corpo alongado, moi delgado e de sección circular, que cuns 200 segmentos pode acadar os 150 milímetros de lonxitude. A cabeza presenta o bordo anterior aplanado e bilobulado por unha lixeira marca na parte central, 2 ollos de cor negra e forma redondeada, e 3 pequenas antenas máis curtas que o prostomio, o cal é o dobre de longo que os seguintes segmentos. O segmento ápodo non presenta tentáculos. Os cirros ventrais presentan forma de papila e os dorsais son dixitiformes e do mesmo tamaño que o lóbulo setíxero. A parte anterior é de cor vermella manchada de branco e a posterior é de cor rosa, coa parte ventral máis clara. O segundo segmento setíxero (e algunhas veces o quinto) é de cor branca. Os machos maduros son de cor laranxa e as femias gris violácea.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 350 metros de profundidade, en fondos rochosos, en coral morto, grava, pedras, anacos de cunchas, e mesmo en area. Tamén en estípites de laminaria, esponxas ou ascidias.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita de augas tépedas e quentes, cuxa distribución europea abarca desde as illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Lysidice collaris, presenta unha distribución similar, pero non ten o distintivo collar de cor branca.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *ninetta*, é un nome feminino que deriva do epíteto latino "nina" (nena).





Verme longo, algo aplanado, de corpo ancho e que pode acadar os 60 centímetros de lonxitude cuns 500 segmentos corporais. O prostomio, que é claramente bilobulado, ten 2 pequenos ollos negros na base das antenas exteriores e 5 antenas curtas que exceden moi lixeiramente o bordo anterior do prostomio (a mediana un pouco máis longa que as outras), todas lisas ou debilmente estriadas. O segmento bucal (peristomio) é 2-3 veces máis longo que o sucesivo, e o seguinte segmento, que é ápodo (non ten cirros), non é máis longo que os seguintes. Os cirros dorsais son cirriformes, lisos e tan longos como o lóbulo parapodial. As branquias comezan a partir do segmento setíxero 10-40. Ao principio son simples, despois de 2 filamentos, e a continuación pectinadas con 4-7 filamentos, estendéndose ata a extremidade posterior. Os parapodios son cónicos, coas acículas negras. As sedas aciculares son máis claras e bidentadas, nun número moi variable de segmentos, ás veces ausentes. As sedas están repartidas en 2 fascículos: no superior sedas capilares aplanadas e sedas pectinadas de 2 tipos, unhas con dentes moi finos e moi numerosos, outras, sobre todo na rexión posterior, cos dentes moito máis grosos e pouco numerosos; as sedas do fascículo inferior son espiníferas compostas. Pixidio con 2 uritos anais. Cor corporal laranxa amarelada, castaña avermellada, gris ou rosada, moi irisado; branquias de cor vermella brillante.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal hata os 200 metros de profundidade, enterrado en sedimentos de area, lama ou mestura de ambos, baixo pedras, en gretas de rochas, en esponxas, en tubos de poliquetos baleiros, entre algas, etc. Vive en galerías que compacta con partículas de lama e area aglutinadas cun mucus que segrega; pode tamén formar longas galerías en fendas rochosas.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita cuxa distribución en augas europeas abarca desde a canle da Mancha ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Paucibranchia bellii, é máis pequena, ten o prostomio redondeado e os seus penachos branquiais son de aspecto máis peludo, presentando ata un máximo de 19 filamentos branquiais.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *sanguinea*, é un epíteto latino que significa "de cor ou relativo ao sangue", referíndose á cor das súas branquias.



Verme de corpo alongado e cilíndrico que pode acadar os 60 milímetros de lonxitude por apenas 1,4 milímetros de diámetro máximo, con 190 segmentos setíxeros. O prostomio é cónico, máis longo que ancho, cunha extensión en forma de botón no seu ápice. O peristomio é bianelado, máis curto que o prostomio e co anel anterior un pouco máis longo. Na parte ventral o primeiro anel do prostomio está incompleto e o segundo proxéctase cara adiante formando un labio muscular. Todos os parapodios están ben desenvolvidos, sendo os primeiros máis pequenos que os demais. O lóbulo presetal, que é inconspicuo nos primeiros segmentos, é curto e cónico a partir do 5 e 7 e ten forma dicitiforme, máis desenvolvido na rexión posterior. O lóbulo postsetal, que está desenvolto desde o primeiro segmento setíxero, é cónico e nos parapodios posteriores é máis longo e dicitiforme. As acículas son de cor amarela e finalizan nunha pequena aresta, existindo ata catro nos parapodios anteriores e dúas nos posteriores. Pixidio con 2-4 cirros anais alongados e triangulares. Cor rosa pálida translúcida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde 1,5 metros ata 1200 metros de profundidade, enterrado en fondos brandos de area moi fina, area lamacenta ou lodo.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Todas as especies da familia Lumbrineridae son a primeira ollada difíciles de diferenciar polo seu diminuto diámetro.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *hibernica*, é un xentilicio latino que significa "procedente de Hibernia", que é o nome que os romanos lle deron á illa de Irlanda e en cuxas costas se recolleron os exemplares para a súa descrición, referíndose así á súa procedencia.





Verme longo e delgado que pode acadar os 60 milímetros de lonxitude, con 100 segmentos corporais. Prostomio ovoide, lixeiramente máis longo que ancho. Peristomio bianelado, igual ou un pouco maior que os seguintes segmentos. Parapodios unirrámeos. Nos segmentos anteriores presenta lóbulos presetais curtos, lixeiramente ovalados ou redondeados, e 7 lóbulos postsetais alongados. Nos segmentos medios os 2 lóbulos son case iguais, o lóbulo postsetal está moi desenvolto nos segmentos posteriores e o presetal é un pouco máis pequeno. Portan 3 tipos de sedas: sedas capilares simples bilimbadas, presentes nunha gran parte do corpo, aínda que desaparecen nos segmentos posteriores; ganchos compostos encapuchados, cun dente principal e 4 a 6 dentes pequenos que desaparecen a nivel do setíxero 3-11; eganchos simples encapuchados a partir do setíxero 3-12. Acículas ventrais amarelas. Unha notoacícula sempre presente. Cor rosa pálida ou agrisada fortemente irisada, con pequenas manchas escuras.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata profundidades maiores de 1300 metros, enterrado en fondos de cuncheiro, area, lodo ou mestura destes, baixo pedras ou grava e entre algas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pode confundirse a primeira ollada con especies da familia Lumbrineridae.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *gracilis*, é un epíteto latino que significa "esvelto", "fino", "grácil", referíndose á súa forma corporal.



Verme de corpo cilíndrico e robusto, que pode acadar os 170 milímetros de lonxitude con 140 segmentos. Prostomio globuloso, subesférico, amplamente redondeado, lixeiramente máis ancho que longo. Peristomio bianelado, composto por dous segmentos ápodos, o primeiro case o dobre de ancho que o segundo. Parapodios unirrámicos cun lóbulo presetal redondeado e un postsetal cirriforme, nunca alongados posteriormente. Acículas amarelas coa punta cónica. Unha soa notoacícula. Sedas simples limbadas e arqueadas ata o setíxero 300-400. Dos setíxeros 1 ao 10-25, presenta ganchos compostos con capuchón bivalvo con 5-6 dentes na punta e, a continuación, ganchos simples con capuchón máis curto. Pixidio con 4 uritos desiguais. Cor alaranxada ou amarela alaranxada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata profundidades maiores de 280 metros, enterrado en fondos de cuncheiro, area, lama ou mestura destes, baixo pedras ou grava e entre algas.



DISTRIBUCIÓN:

Cosmopolita de augas cálidas e tropicais, a súa distribución en augas europeas abarca desde a canle da Mancha ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Todas as especies do xénero *Lumbrineris* son a primeira ollada difíciles de diferenciar polo seu diminuto diámetro.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *coccinea*, é un epíteto latino que significa "vermello", referíndose posiblemente á cor das súas branquias.



Verme que pode acadar os 40 milímetros de lonxitude cuns 100 segmentos. Prostomio pequeno e globuloso, amplamente redondeado, con 2 pequenos ollos en animais xuvenís. O peristomio ten a mesma lonxitude que os segmentos seguintes. Os 2 primeiros segmentos ápodos e aquetos. Sedas capilares simples bilimbadas, 1-2 por parapodio, desde o primeiro ao setíxero 30 aproximadamente. Ganchos compostos na primeira decena de setíxeros e ganchos simples, en número de 1 a 3 por parapodio, en todos os setíxeros desde o primeiro. 2 notoaículas. Ten 4 cirros anais, dous curtos e dous longos. O corpo deste verme é bicolor, a primeira metade de cor alaranxada irisada, e a outra de cor máis clara e apagada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 2 ata os 400 metros de profundidade, enterrado en fondos de area, lama, en fragmentos de cunchas, baixo pedras ou grava e entre algas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a canle da Mancha ata a parte oeste do Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Todas as especies da familia Lumbrineridae son facilmente confundibles a primeira ollada polo seu minúsculo diámetro.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *labrofimbriata*, é un termo composto por dous epítetos latinos, "labro" (labio) e "fimbriata" (con flocos), e que significa "labio con flocos", referíndose á forma do bordo da súa probóscide.





Verme de corpo longo, delgado e cilíndrico, que ten numerosos segmentos e pode acadar 30 centímetros de lonxitude cun diámetro de ata 5 milímetros, aproximadamente o mesmo en toda a lonxitude do corpo. Prostomio cónico, un pouco máis longo que ancho. Primeiro segmento algo máis longo que os seguintes, o segundo similar ou un pouco máis curto que os seguintes, tamén ápodo e aqueto. Parapodios unirrámeos con labioo presetal curto e redondeado e labio postsetal dexitiforme máis longo. Con 1-7 acículas dorsais de cor amarela ou amarela acastañada. Os 20-30 parapodios anteriores con sedas capilares limbadas simples e ganchos compostos con capuchón, con artellos terminais longos, acabados nun dente máis grosa provisto dunha serie de denticulos en número variable, de 4 a 9. Os parapodios seguintes con ganchos simples co dente grosa máis marcado e dotado dunha serie de pequenos denticulos. Nos parapodios posteriores desaparecen as sedas simples. Cor rosa pálida, laranxa ou castaña, fortemente irisado.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata profundidades maiores de 4000 metros, en fondos de grava, area, lama ou mestura destes, enterrado no sedimento ou baixo pedras, tamén entre algas e entre mexillóns. Son animais carnívoros.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita de augas tépedas e tropicais, cuxa distribución en augas europeas abarca desde as illas británicas ata o Mediterráneo, Azores, Madeira e Canarias.

ESPECIES SEMELLANTES:

Todas as especies do xénero *Lumbrineris* son facilmente confundibles a primeira ollada entre si polo seu diminuto diámetro. No caso de *Lumbrineris latreilli* co agravante de que algúns autores suxiren que varias especies do xénero están moi emparentadas con el, e que a dificultade de separalas é grande, especialmente tendo en conta o polimorfismo deste. Das especies coñecidas das nosas costas, é moi problemático diferenciar algunhas formas de *Lumbrineris latreilli* de *Lumbrineris coccinea*, xa que existen exemplares da primeira co prostomio totalmente redondeado.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *latreilli*, é en honra ao sacerdote e zoólogo francés Pierre André Latreille (1762-1833).





Verme longo e delgado que pode acadar os 380 milímetros de lonxitude por un diámetro de 12 milímetros, con 340 segmentos corporais. Prostomio cónico agudo, lixeiramente máis longo que ancho. Peristomio bianelado, igual ou un pouco maior que os seguintes segmentos. Parapodios unirrámicos cun lóbulo presetal curto, ancho e redondeado. Lóbulo postsetal alongado, en forma de lingua ou dicitiforme, máis esvelto nos parapodios posteriores, tomando forma de dedo e estendéndose dorsalmente nos parapodios medios e posteriores. Acículas de cor castaña escura ata negra. Parapodios anteriores só con sedas simples limbadas. Nos parapodios posteriores só ganchos simples, cun dente grosso sobremontado por unha crista de dentes pequenos. Pixidio con catro lóbulos. Cor fortemente irisada, laranxa avermellada, castaña ou amarelada con bandas transversais máis claras.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata profundidades maiores de 3000 metros, enterrado en fondos de cuncheiro, area, lama ou mestura destes, baixo pedras ou grava e entre algas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o océano Ártico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pode confundirse a primeira ollada con especies do xénero *Lumbrineris*.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *fragilis*, é un epíteto latino que significa "fráxil", "quebradizo", referíndose á facilidade coa que rompe.





Verme de corpo cilíndrico, robusto e moi longo, que con 500 segmentos ou máis pode acadar os 400 milímetros de lonxitude cun diámetro de 5 milímetros. Prostomio cónico, agudo, máis longo que ancho, cun par de órganos nocais ás veces desenvaxinados en forma de vesícula. O peristomio é bianelado e lixeiramente máis longo que o seguinte segmento. Parapodios unirrámicos ben desvoltos cun lóbulo presetal curto, ancho-redondeado ata bilobulado, e un lóbulo postsetal máis longo en forma de lingua ou cirriforme, máis alongado nos parapodios medios e posteriores. Acículas amarelas pálidas. Un fascículo de notoacículas delgadas. Sedas capilares limbadas nos 40-90 primeiros setíxeros. Ganchos encapuchados simples a partir do setíxero 1-5, ao principio co capuchón alongado, despois máis curtos, cun dente subdistal grosso na punta que porta unha coroa de 3-6 dentes pequenos. Non presenta branquias. Ten 4 curtos cirros pixidiais rodeando o ano. Cor rosa pálida ou vermella, fortemente irisada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata profundidades maiores de 2300 metros en todo tipo de substrato, tanto en fondos coralíxenos e maêrl, como en fondos de lama, area fina, area grosa, cuncheiro, grava ou mestura destes. Tamén entre zosteras e algas, en pozas de rochas, en estípites de laminarias e en cultivos de ostras. Vive en galerías que realiza no sedimento, fixando as paredes destas cun moco que segrega o seu corpo. Atópanse as femias maduras con ovos ben desvoltos en xullo.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita de augas tépedas e tropicais que en augas europeas distribúese desde Inglaterra ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Todas as especies da familia Lumbrineridae son fáciles de confundir a primeira ollada, aínda que esta especie é a máis grande do seu xénero nas nosas augas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *laurentiana*, deriva do xentilicio latino "laurentianus" que significa "de Laurentius", e foille posto en honra ao profesor Lorenz quen atopou o espécime preto de Luissin piccolo (na costa da actual Croacia). O nome alemán Lorenz deriva orixinalmente do romano Laurentius.





Verme de corpo longo e delgado, formado por numerosos segmentos, que pode alcanzar os 16 centímetros de lonxitude. O prostomio é subcónico e romo, lixeiramente máis longo que ancho, aplanado ventralmente e, polo xeral, carente de ollos. O peristomio é bianelado e da mesma lonxitude que os segmentos corporais seguintes. Os parapodios teñen lóbulos presetais redondeados e lóbulos postsetais máis longos que estes, e ás veces un notocirro diminuto, papilar ou tubercular. Ten sedas de dous tipos, unhas limbadas e co bordo dentado, e unha acicular ventral grosa por parapodio. En todos os segmentos presenta unha notoaícula dorsal na base de cada parapodio. O pixidio ten catro curtos uritos similares. A cor varía entre amarelada rosada a verde apagada, fortemente irisada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata profundidades maiores de 2000 metros, en fondos de area, de lodo ou unha mestura destes, entre fragmentos de cunchas, baixo pedras, grava e entre algas. Poden atoparse exemplares como endoparásitos de poliquetos cirratúlidos, como de *Cirratulus cirratus*.



DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur de Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pode confundirse con especies da familia Lumbrineridae.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *filum*, é un epíteto latino que significa "bordo moi fino", referíndose a algún carácter morfolóxico.



Verme de corpo cilíndrico na parte anterior, que se aplatina posteriormente e que pode acadar os 50 centímetros de longo cuns 300 segmentos setíxeros. O prostomio, que non ten ollos, presenta 2 grosos palpos inferiores, 2 antenas frontais saíntes, e 5 antenas occipitais con ceratóforos anelados (2 anteriores e 3 posteriores). As posteriores son longas e de lonxitude similar (poden chegar ata o segmento setíxero 6-8). O segundo segmento é da mesma lonxitude que o prostomio e presenta 2 cirros tentaculares fusiformes da mesma lonxitude que o segmento. As branquias, situadas soamente na parte anterior, son moi grandes e de forma arborescente, describindo unha espiral. Cor verde irisada, coas branquias de cor vermella brillante.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 20 metros de profundidade, en fondos areosos onde constrúen onde utilizan unha secreción viscosa para construír os tubos verticais nos que viven. Estes tubos mucosos poden, á súa vez, incorporar materiais externos tales como areas, anacos de cunchas, material vexetal e mesmo algunhas especies vivas de algas, as cales atopan no tubo un substrato onde fixarse (o propio tubo e os seus compoñentes poden servir de carácter taxonómico nalgunhas especies). Nalgúns lugares pode alcanzar grandes densidades, xogando un importante papel ecolóxico ao estabilizar o sedimento cos seus tubos, incrementar a complexidade estrutural e facilitar a fixación e o desenvolvemento de certos tipos de algas, potenciando así a biodiversidade do sedimento. Presenta sexos separados e a fecundación é externa.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie máis ou menos cosmopolita, que en augas europeas presenta unha distribución que abarca desde a canle da Mancha ata o Mediterráneo, incluíndo Canarias, Azores e Madeira.

ESPECIES SEMELLANTES:

Na última década demostrouse que esta especie é, en realidade, un complexo de especies, varias das cales xa foron descritas. Delas, considérase que nas nosas augas poderían estar presentes *Diopatra biscayensis* e *Diopatra marocensis*.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *neapolitana*, é un xentilicio latino que significa "de Nápoles", ao ser na súa costa onde se recolleron os exemplares para a súa descrición.

É empregado como cebo na pesca deportiva, sendo moi apreciado polos pescadores pola súa dureza.





Verme errante de corpo elíptico, ca parte ventral plana e a dorsal convexa, que con 40 segmentos setíferos pode acadar 20 centímetros de lonxitude por uns 7 centímetros de ancho. O prostomio é moi pequeno e de forma redondeada, cunha diminuta antena central, dous pares de manchas oculares situadas en zonas elevadas, un par de palpos longos e un longo tubérculo facial papilado que se atopa entre as bases dos palpos e por riba da boca. O dorso está recuberto por 15 pares de élitros que se superpoñen. O primeiro e segundo par son de forma redondeada, o resto son ovalados ou rectangulares. Os notopodios son montículos irregulares escurecidos por numerosas sedas, as cales son de 3 tipos: un grupo superior formado por finos capilares extremadamente longos, que forman unha capa de feltro que recobre totalmente os élitros dorsais e o prostomio; un segundo tipo composto por numerosos capilares longos, finos e irisados; e un terceiro composto por fortes espiñas. Os neuropodios están ben desenvolvidos, con sedas en filas horizontais de 3 tipos: unhas son fortes espiñas dispostas en filas ordenadas; outras son grosos capilares laterais espiñentos nos parapodios primeiro, segundo e nalgúns posteriores; e outras son finos capilares con espiñas situados nos parapodios posteriores. A parte ventral presenta unha superficie acanalada transversalmente que semella a sola dun zapato. Cor dorsal acastañada con sedas laterais irisadas que cambian de cor dependendo do ángulo de visión, presentando reflexos azulados, verdosos, amarelos e marrónceos: parte ventral de cor amarela apardazada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 20 ata os 2.000 metros de profundidade, en fondos brandos de area lamacenta con cuncheiro, area lodosa ou lodo, onde se enterra e esconde, dado que é un verme escavador. É un activo depredador que se alimenta doutros poliquetos, especialmente dos comprendidos nos xéneros *Pectinaria* e *Lumbriconereis*, aínda que tampouco desprezan outras capturas como nemertinos ou pequenos cangrexos ermitáns. Presentan os sexos separados e a fecundación é externa, liberando os óvulos e o esperma á auga. Reprodúcese nos meses de inverno e primavera.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pode confundirse con *Aphrodita alta* ou con *Aphrodita perarmata*, das cales se distingue facilmente polas súas sedas laterais irisadas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *aculeata*, deriva do termo latino "aculeatus" que significa "que ten agullóns", "con espiñas", "punzante", en referencia ás sedas laterais.

Segundo algúns estudos recentes as sedas irisadas laterais serían unha forma de protección diante de posibles depredadores, que as consideran venenosas, cando en realidade son totalmente inofensivas.



Verme errante de corpo robusto, ca parte ventral plana e a dorsal fortemente convexa, que con 34 segmentos setíxeros pode acadar 3 centímetros de lonxitude por uns 6 milímetros de ancho máximo na parte central. O prostomio é moi pequeno, de forma globular, cunha antena central multi-articulada máis pequena que os palpos, 4 ollos negros pedunculados dirixidos cara á fronte, dous pares de manchas oculares situadas en zonas elevadas, un par de palpos longos multi-articulados papilonados e un tubérculo facial papilado. O dorso está recuberto por 15 pares de élitros lisos, fortemente imbricados e recubertos por un feltro pouco denso. Os parapodios son longos e están recubertos por papilas granulosas. Os cirros dorsais son longos e articulados e os ventrais curtos. As sedas notopodiais son de 3 tipos: unhas longas e delgadas, en forma de cimitarra, recurvadas e co bordo espiñento; outras delgadas e lixeiramente espiñentas, pero máis curtas que as primeiras; e por último finos capilares extremadamente longos e flexibles que forman unha capa de feltro que recobre totalmente os élitros dorsais e o prostomio. As sedas neuropodiais son poucas en número (4-5), robustas, co seu ápice afiado e provistas dun gran dente accesorio. A parte ventral está densamente cuberta por papilas. Os uritos non son aparentes. Cor da parte ventral castaña clara, a parte dorsal de cor castaña máis escura e sedas laterais douradas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 2 ata os 50 metros de profundidade, en fondos duros, sobre pedras, baixo esponxas córneas ou algas calcarias. Presentan os sexos separados e a fecundación é externa, liberando os óvulos e o esperma á auga.

DISTRIBUCIÓN:

A súa distribución europea abrangue desde o noroeste da Península Ibérica ata o Mediterráneo, incluíndo as Azores.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aphrodita aculeata, é de maior tamaño, habita en augas máis profundas e presenta unhas características sedas laterais irisadas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *chrysocoma*, é un epíteto latino que significa "con pelos dourados", referíndose ás súas grandes sedas laterais.



Verme errante e fráxil que, cos seus aproximadamente 40 segmentos, pode acadar os 20 milímetros de lonxitude por apenas 3 milímetros de ancho. O prostomio, que é bilobulado cos lóbulos redondeados na parte dianteira, ten 4 ollos dispostos en trapecio (dos cales o par anterior é máis grande), 2 palpos e 3 antenas, a central moito máis longa. Corpo aplanado, alongado e estreito, cuberto con 15 pares de élitros que non se xuntan no seu dorso, deixando a liña media e unha gran parte da zona posterior do corpo espidos. Os élitros teñen forma redondeada ou oval, son delicados, lisos, e con papilas sensoriais dispersas polo seu bordo libre. Cor do corpo pálida, case translúcida, cunha liña medio-dorsal lonxitudinal escura; os élitros son transparentes.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

No sublitoral superficial ata os 40 metros de profundidade, sobre ourizos onde se camufla entre os pes ambulacrais da parte oral, pasando xeralmente desapercibido pola súa cor case transparente. Na ría de Arousa atopouse en *Echinus esculentus* e en *Sphaerechinus granularis*. A súa gran fragilidade fai que sexa case imposible sacalo enteiro de entre as púas do ourizo onde vive.

DISTRIBUCIÓN:


Desde as illas británicas ata Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:

Subadyte pellucida, pode acadar unha maior lonxitude, a súa cor é amarelada e atópase entre as patas ambulacrais de estrelas de mar e ofiuras, esporadicamente tamén sobre crinoideos.


CURIOSIDADES:

O nome da especie, *hyalina*, é un epíteto latino que significa "vidroso", "feito de vidro", "transparente", en referencia á transparencia dos élitros e do corpo.





Verme errante e fráxil de corpo plano e lados case paralelos que se aguza lixeiramente en ambos os extremos, e que pode acadar os 9 centímetros de lonxitude con 45 segmentos setíxeros. O prostomio é bilobulado, sen picos, e presenta 4 ollos (o par anterior na parte máis ancha do prostomio e o posterior diante da marxe traseira do mesmo), 2 palpos lisos e afiados (entre os cales ten un pequeno tubérculo facial de forma cónica), e 3 antenas de similar lonxitude máis curtas que os palpos, unha central e dúas laterais. Unha prominente lapela cobre a parte posterior do prostomio. O primeiro segmento non ten sedas, e presenta unicamente unha lígula acicular e un par de cirros ventrais e dorsais. O seu corpo está totalmente recuberto por 18 pares de grandes élitros brandos, de forma redonda, lixeiramente ondulados e de marxes lisas, que se desprenden con facilidade e distorsionan a súa contorna. A superficie dos élitros presenta numerosas pequenas protuberancias cónicas que a fan visiblemente verrugosa. O dorso, que se albisca baixo os élitros, é de cor crema con bandas brancas transversais, mentres a parte ventral é de cor amarelada. Élitros de cor parda translúcida.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 2 ata os 50 metros de profundidade, en fondos rochosos ou de area con pedras, baixo as cales se agocha. Pode desprazarse cunha sorprendente velocidade (1-2 cm/seg) o que, unido á súa aparencia de sombra, fai que xeralmente pase case desapercibido.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur de Noruega ata o oeste de África, incluíndo o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *gelatinosa*, é unha palabra latina composta polo epíteto *gelatina* (xelatina, substancia xelatinosa) e o sufixo *-osa* (abundancia) e significa "abundante en xelatina", referíndose ao aspecto que lle dan os seus élitros.



Verme errante de corpo aplanado e de anchura uniforme, que pode acadar os 45 milímetros de lonxitude con 26 segmentos. O prostomio, que está case oculto, é bilobulado e presenta 2 pares de ollos (o par anterior nos bordos externos do prostomio e o posterior xuntos e próximos á marxe posterior), dous pares de palpos con filas lonxitudinais de finas papilas e 3 antenas, unha central e dúas laterais, cunha inchazón subterminal e finos ápices. O primeiro segmento presenta 4-5 sedas e un par de cirros tentaculares, dorsais e ventrais, en longos cirróforos fusionados. O dorso está recuberto por 12 pares de élitros en parapodios alternos, dos que soamente os anteriores se superpoñen e deixan ao descuberto a liña media dorsal; os dous últimos segmentos non están cubertos. O primeiro par de élitros é de forma redonda e os posteriores son ovais ou redondeados coas marxes lisas. A superficie dos élitros está recuberta por tubérculos grandes e pequenos, que se volven menos numerosos nos élitros posteriores. Os notopodios son pequenos montículos cunha lígula acicular ventral e numerosas sedas curtas e espiñentas, de ápices romos. Os neuropodios están ben desenvolvidos, cunha lígula acicular anterior e sedas de ápices curvados que portan 12 filas de pequenas espiñas disto-ventrais. Ao final do corpo presenta dous cirros curtos iguais aos laterais. Cor variable, normalmente élitros de cor castaña escura cun punto esbrancuxado no centro e rodeado de tons vermello amarelados; a parte ventral esbrancuxada cunha liña central vermella.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal baixo ata os 10 metros de profundidade, agochado baixo pedras ou no interior de estípites de algas.

DISTRIBUCIÓN:

Do Oeste das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pódese confundir con outras especies da familia Polynoidae, pero nas nosas augas só a especie *Lepidonotus squamatus* presenta tamén 12 pares de élitros, pero que recobren o seu dorso.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *clava*, é un epíteto latino que significa "maza", "bastón", referíndose aos tubérculos que presentan os élitros.





Verme errante de corpo aplanado e de anchura uniforme, que pode acadar os 50 milímetros de longo cuns 26 segmentos. O seu prostomio é bilobulado e presenta 4 ollos, 2 palpos e 3 antenas. A antena central insírense na parte ventral do prostomio e as dúas laterais nos picos prostomiais. A superficie dorsal é redondeada, mentres que a ventral é plana. O seu dorso está totalmente recuberto por 12 pares de élitros ovalados coa superficie áspera, moi verrugosa e fortemente orlada, que se superpoñen amplamente ao longo e a través do dorso. Os élitros despréndense con moita facilidade. As neurosedas, que son máis grosas que as notosedas, presentan no ápice un só dente. Cor amarelada a castaña olivácea ou agrisada, e pode presentar unha mancha clara no centro de cada élitro. A súa cor pode variar en función do sexo e madurez sexual. Mentres que os machos maduros son de cor pálida debida á cor do esperma dentro do seu corpo, as femias son de cor gris escura a verde.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal baixo ata os 45 metros de profundidade, baixo pedras, en estípites de algas ou entre arneiróns e mexillóns. É unha especie omnívora que se alimenta tanto de pequenos animais como de algas. Cando se sente molestado, tenta protexerse curvándose sobre a parte ventral.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita dos océanos Atlántico e Pacífico, cuxa distribución en augas europeas abarca desde o oeste das illas británicas ata o sur da Península Ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pódese confundir con outras especies da familia Polynoidae, aínda que só *Lepidonotus clava* conta con 12 pares de élitros, pero non solapados.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *squamatus*, é un epíteto latino que significa "escamoso", en referencia á aparencia que lle dan os élitros ao poliqueto.





Verme errante de corpo frágil e alongado, lixeiramente convexo na parte dorsal e plano na ventral, que con máis 120 segmentos pode chegar a medir 10 centímetros de lonxitude. O prostomio, que é bilobulado con lóbulos redondeados sen picos cefálicos e cunha pregadura nocal, ten 4 ollos, os anteriores moi separados. A antena impar é curta, subulada cunhas poucas papilas cravudas. As antenas laterais, con inserción subterminal, son curtas e piriformes. Os palpos son acuminados, bastante curtos e sen pilosidade. Toda a parte dorsal está totalmente recuberta por ata 70 pares de élitros que se superpoñen amplamente, tanto ao longo como ao ancho. Os élitros son grandes, redondos ou ovais, lisos (excepto por uns microtubérculos dispersos na parte dianteira), delgados e transparentes, normalmente cunha orla escura na súa marxe. A cor é alaranxada, mais cando está sexualmente maduro vólvese de cor branca, quizais por transparencia dos gametos sexuais.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 10 ata os 300 metros de profundidade, como comensal das estrelas de mar *Astropecten irregularis* e *Luidia ciliaris*. Vive nos sucros ambulacrais das estrelas de mar onde se alimenta dos restos de comida.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Irlanda e as illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Fimbriosthenelais minor, é de menor tamaño, vive libremente sobre fondos areosos ou baixo pedras e o prostomio só presenta unha antena central e dúas laterais pequenas.

Sigalion mathildae, é de maior tamaño, de corpo relativamente máis ancho, os seus élitros son rectangulares e ao ser molestado enrólase en espiral.

Sthenelais boa, é de maior lonxitude, vive libre en sedimentos areosos ou baixo pedras e os élitros son redondeados na parte dianteira e con forma de ril posteriormente.



Sthenelais limicola, o prostomio só ten unha antena central e dúas laterais curtas e os élitros presentan unha profunda marca no bordo posterior e unha mancha marrón no centro.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *squamosa*, é un epíteto latino que significa "escamosa", "con escamas", "provisto de escamas", referíndose á aparencia que lle dan os élitros sobre o dorso.





Verme errante de corpo amplo, de bordos máis ou menos rectos e cuxos extremos non se estreitan notablemente, que pode acadar os 50 milímetros de lonxitude por 10 milímetros de ancho, con 38 segmentos setíxeros. A parte dorsal do corpo está recuberta por 15 pares de élitros que se superpoñen e que deixan unha pequena franxa lonxitudinal central descuberta nos primeiros 2/3 da súa lonxitude. A superficie dos élitros presenta verrugas espaxeadas, cunha ou varias cabezas, e presenta unha orla pilosa no bordo externo. A cabeza ten catro pequenos ollos negros, dous dos cales miran cara atrás, e catro antenas, as laterais a metade de longas que as centrais. Cor uniforme branca leitosa ou branca agrisada, ás veces interrompida por un punto negro no medio de cada élitro. Esporadicamente aparece recuberto por sucidade, o que lle dá unha cor castaña.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 230 metros de profundidade, sobre substratos duros e brandos, baixo pedras e rochas. Frecuentemente como comensal doutros poliquetos, especialmente das familias Terebellidae e Chaetopteridae. Como todos os vermes da familia Polynoidea, é un depredador carnívoro que se alimenta de pequenos crustáceos, equinodermos, poliquetos, gasterópodos, esponxas e hidrozooos. Presenta sexos separados; reproducése na primavera, de marzo a xuño. Dos ovos fecundados xorden unhas larvas planctónicas. A súa lonxevidade estímase nuns 4-5 anos.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte de Noruega ata a costa de Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pode confundirse a primeira ollada con especies do xénero *Harmothoe*, ao presentar 15 pares de élitros recubriendo o dorso.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *cirrhosa*, é un epíteto latino que significa "con cirros", referíndose á orla pilosa que presentan os seus élitros.





Verme errante que pode acadar os 25 milímetros de lonxitude por uns 6 milímetros de ancho, con 36 segmentos. O corpo presenta un ancho uniforme, que se redondea en ambos os extremos. O prostomio, que é bilobulado con distintivos picos cefálicos, ten 1 antena central e 2 laterais papiladas e inseridas ventralmente (cos estilos papilados que se aguzan subdistalmente para finalizar nun ápice filiforme), 2 palpos afiados de aproximadamente a mesma lonxitude, papilados e aguzados, e 2 pares de ollos, o par anterior situado anteroventralmente por baixo dos picos cefálicos, e o par posterior situado dorsalmente preto da marxe posterior do prostomio. O seu dorso está totalmente recuberto por 15 pares de élitros que se superpoñen completamente. Os élitros, que son de forma redondeada os primeiros e entre oval e con forma de ril os posteriores, presentan a súa superficie cuberta por microtubérculos cilíndricos co ápice bífido ou en forma de coroa e unhas poucas papilas dispersas; a marxe cunha franxa de longas papilas. Os parapodios son birrámeos; notopodios co lóbulo acicular presetal alongado, cun proceso supraacicular dixitiforme; neuropodios co lóbulo presetal máis curto e redondeado. As notosedas son máis robustas que as neurosedas, con distintivas filas de espiñas e o ápice agudo; neurosedas con claras filas de espiñas principalmente bidentadas con distintivos dentes secundarios. O pixedio ten un par de cirros anais. Cor dos élitros castaña.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 27 ata os 1050 metros de profundidade, sobre substratos de area lamacenta ou lama.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Harmothoe clavigera, o par de ollos dorsolaterais anterior sitúase na parte máis ampla do prostomio, a marxe dos élitros presenta unha franxa de papilas coa superficie cuberta por microtubérculos cónicos, e unhas poucas papilas dispersas cunha fila de macro-tubérculos en forma de porra papilados distalmente e preto da marxe posterior.

Harmothoe impar, o par de ollos dorsolaterais anterior, sitúase na parte máis ancha do prostomio, a marxe dos élitros presenta unha franxa de papilas cravudas e a superficie cuberta por microtubérculos dende cónicos a globosos; macro-tubérculos cónicos nunha fila preto da marxe posterior; os tubérculos a miúdo agrupados en montículos e outros illados, dándolle á superficie unha aparencia reticulada.

Harmothoe pokoui, o par de ollos anterior disposto dorsoventralmente na parte máis ancha do prostomio; marxe dos élitros cunha franxa de curtas papilas e a superficie cuberta por tubérculos irregulares aplanados, que consisten nunha zona elevada rodeando unha depresión central, e unhas poucas papilas dispersas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *antilopes*, deriva do termo latino *antilops* que era un nome que se lle daba a un animal mal coñecido ou fabuloso.



Verme errante que pode acadar os 20 milímetros de lonxitude por uns 6 milímetros de ancho, con 37 segmentos. O prostomio, que é bilobulado con distintivos picos cefálicos, ten 1 antena central e 2 laterais inseridas ventralmente (cos estilos papilonados aguzándose subdistalmente cara un ápice filiforme), 4 ollos (o par anterior situado anteroventralmente por baixo dos picos cefálicos e o par posterior dorsalmente preto da marxe posterior do prostomio), así como dous longos palpos papilonados e afiadados. O dorso está totalmente cuberto por 15 pares de élitros que se superpoñen amplamente. Os élitros, cuxos marxes presentan unha distintiva coroa de papilas, presentan a súa superficie cuberta por campos poligonais de tubérculos cónicos na parte anterior que se van aplanando ata formar espiñas quitinosas alongadas cara ao bordo posterior, onde se alternan espiñas alongadas pequenas e grandes. Os parapodios son birrámeos; notopodios co lóbulo acicular alongado; neuropodios cun lóbulo acicular presetal alongado cun proceso supraacicular dixitifforme e o lóbulo posetal máis curto e redondeado. As notosedas máis robustas que as neurosedas, con distintivas filas de espiñas e ápices agudos; neurosedas con distintivas filas de espiñas, a maioría bidentadas e claros dentes secundarios. Cor do corpo rosada, élitros de cor castaña ou castaña violácea opaca.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 100 metros de profundidade, entre ou baixo pedras, algas, rizoides de laminarias, coralíxeno ou cuncheiro. En caso de perigo, para protexerse, enrólase sobre si mesmo formando unha bóla, protexendo desa forma todo o corpo cos élitros do dorso. Este verme é bioluminiscente.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata Cabo Verde, incluíndo o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aínda que todas as especies do xénero *Harmothoe* son fáciles de confundir entre si, os seus élitros cos campos poligonais de tubérculos cónicos na parte anterior que se van aplanando ata formar espiñas quitinosas alongadas cara o bordo posterior fano inconfundible.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *areolata*, é un epíteto latino que significa "orlada" "areolada", referíndose aos seus característicos élitros.



Verme errante cuxo corpo alongado presenta un ancho uniforme e pode acadar os 14 milímetros de lonxitude por uns 3 milímetros de ancho, con 36 segmentos setíxeros. O prostomio, que é bilobulado con distintivos picos cefálicos, presenta 1 antena central co estilo papilonado e 2 antenas laterais inseridas ventralmente, con curtos e afiados estilos papilonados (todas as antenas pigmentadas basalmente e cunha banda distal de pigmento), 2 palpos papilonados (case da mesma lonxitude que a antena central e cirros tentaculares), e 4 ollos (o par anterior disposto dorso-lateralmente, na parte máis ancha do prostomio), e o par posterior disposto dorsalmente próximo á marxe traseira do prostomio. O dorso está recuberto totalmente por 15 pares de élitros que se superpoñen completamente. A superficie dos élitros está cuberta por microtubérculos afiados con forma de espiña e unhas poucas papilas dispersas. As marxes dos élitros presentan longas papilas marxinais. Os estilos e os cirros dorsais son papilonados, de maior lonxitude que as neurosedas, con pigmentación difusa na base e en forma de dúas bandas distalmente. Estilos e cirros ventrais máis curtos que os neuropodios. Os parapodios son birrámeos. Os notopodios co lóbulo acicular postsetal afiado; neuropodios co lóbulo acicular presetal subcónico e un proceso supraacicular dixitifforme, e o lóbulo postsetal máis curto e redondeado. As notosedas, que son máis robustas que as neurosedas, presentan distintivas filas de espiñas e ápices afiados. As neurosedas só presentan este tipo de espiñas na parte distal e os ápices son bidentados, con pequenos dentes robustos secundarios. Élitros de cor castaña maculada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde 2 ata os 25 metros de profundidade, baixo pedras e en rizoides de laminarias.

DISTRIBUCIÓN:

Das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Harmothoe antilopes, o par de ollos anterior está en posición anteroventral, debaixo dos picos cefálicos. A marxe dos élitros ten unha franxa de longas papilas, coa superficie cuberta por microtubérculos cilíndricos co ápice bífido ou en forma de coroa e unhas poucas papilas dispersas; élitros anteriores con ou sen macrotubérculos, desde cónicos a en forma de maza, preto da marxe posterior.

Harmothoe extenuata, a marxe dos élitros presenta papilas curtas e dispersas e a superficie cuberta por microtubérculos cónicos cunha fila de macrotubérculos redondeados, en forma de pinga e a miúdo pigmentados de cor escura, preto da marxe posterior. Á primeira ollada, pode diferenciarse pola parte final do seu corpo libre de élitros, que forma unha característica "cola".

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *bellani*, é en honra a Dr. Gérard Bellan do Centro Oceanográfico de Marsella (Francia), quen colaborou cos autores no estudo da fauna de poliquetos do Mediterráneo.



Verme errante que pode acadar os 28 milímetros de lonxitude por 8 milímetros de ancho máximo, con 38 segmentos setíxeros. O prostomio, que é bilobulado con distintivos picos cefálicos, un en cada lóbulo, presenta 1 antena central e 2 laterais (estas últimas inseridas ventralmente, cos seus estilos papilionados, lixeiramente infladas subdistalmente para aguzarse abruptamente na parte distal e finalizar de forma filiforme), un par de palpos papilionados e aguzados, e 2 pares de ollos (o par anterior sitúase dorsolateralmente na parte do prostomio máis ancha, o par posterior preto da marxe traseira do prostomio). Todos os segmentos corporais con sedas e cirros dorsais, e o primeiro segmento cun par de cirros tentaculares dorsais e ventrais. O dorso está recuberto totalmente por 15 pares de élitros que se superpoñen alternamente, o primeiro par de forma redondeada e os restantes variando de oval a con forma de ril. Os élitros presentan a superficie recuberta por microtubérculos cónicos e unhas poucas papilas dispersas; preto da marxe posterior teñen unha fila de macrotubérculos en forma de porra con papilas no ápice. Os cirros dorsais sobresaen por baixo dos élitros, e cando están totalmente estendidos son de maior lonxitude que as sedas. Os parapodios son birrámeos; notopodios co lóbulo acicular alongado; neuropodios co lóbulo acicular presetal alongado cun proceso supraacicular dixitiforme e o lóbulo postsetal máis curto e redondeado. As notosedas son máis robustas que as neurosedas, con distintivas filas de espiñas e o ápice aguzado; as neurosedas con distintivas filas de espiñas, a maioría bidentadas con dentes secundarios. O corpo finaliza en dous longos cirros caudais. O esquema de cor é moi variable, cos élitros acastañados, podendo presentar unha ou máis manchas escuras; tubérculos normalmente cun halo máis pálido. A parte ventral é de cor pálida irisada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña inferior do intermareal ata os 60 metros de profundidade, entre cunchas, mantos de mexillóns ou en rizoides e estípites de algas. Este verme é bioluminiscente.

DISTRIBUCIÓN:

Do sur de Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Harmothoe gilchristi, a marxe dos élitros presenta papilas con flocos e a superficie recuberta por unhas poucas papilas dispersas e microtubérculos cónicos na parte anterior, que se volven gradualmente maiores e con forma de porra cara á marxe posterior. Os cirros tentaculares (dorsais e ventrais), e os cirros dorsais papilionados e aguzados.

Harmothoe impar, a marxe dos élitros presenta unha franxa de papilas craviformes e a superficie cuberta por microtubérculos cónicos a globosos; macrotubérculos cónicos nunha fila preto da marxe posterior; os tubérculos a miúdo agrupados en montículos e outros illados, dándolle á superficie unha aparencia reticulada.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *clavigera*, é un vocábulo composto por dous termos latinos: *clavus*, que significa maza, e *gero*, que significa levar, portar, "que porta mazas" en clara referencia ao aspecto dos seus élitros.



Verme errante de corpo aplanado e afusado cara á parte traseira, que con 43 segmentos pode acadar os 40 milímetros de lonxitude por 6 milímetros de ancho. O prostomio é bilobulado con distintivos picos cefálicos e presenta 1 antena central, 2 antenas laterais (inseridas ventralmente cos estilos papilionados, abruptamente aguzados subdistalmente e o ápice filiforme), 2 longos palpos (papilionados e afiados), e 4 ollos (o par anterior situado dorsoventralmente na parte máis ancha do prostomio e o posterior dorsalmente preto da marxe posterior do prostomio). Ten o dorso practicamente recuberto por 15 pares de élitros que se superpoñen e deixan ao descuberto os últimos 10-15 segmentos, que toman a forma dunha especie de "cola". Os élitros, cuxo primeiro par é de forma redondeada e o resto varía desde oval ata forma de ril, teñen as marxes e superficies adxacentes orladas con curtas papilas dispersas en menos dunha 1/4 parte do contorno; a superficie está totalmente cuberta por microtubérculos cónicos, cunha fila de macrotubérculos, a miúdo de cor castaña, preto do bordo posterior. Os parapodios son birrámeos; notopodios co lóbulo acicular alongado; neuropodios co lóbulo acicular presetal alongado cun proceso supraacicular dixitiforme e o lóbulo postsetal máis curto e redondeado. As notosedas, que son máis robustas que as neurosedas, presentan distintivas filas de espiñas e o ápice aguzado; neurosedas con distintivas filas de espiñas, a maioría bidentadas con claros dentes secundarios. A cor e o debuxo dos élitros é variable, xeralmente de cor parda-gris marmórea, ás veces con manchas avermelladas e, normalmente, unha mancha central parda; antenas e cirros dorsais lixeiramente bandeados.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal ata os 400 metros de profundidade, en substratos areosos, de lama ou pedregosos, baixo pedras ou entre algas. É un depredador moi activo.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o Ártico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Harmothoe bellani, par anterior de ollos dispostos dorsoventralmente na parte máis ancha do prostomio, a superficie dos élitros con microtubérculos en forma de espiña e unhas poucas papilas dispersas, especialmente nas súas marxes posteriores.

Harmothoe imbricata, o par de ollos anterior disposto dorsoventralmente debaixo dos picos cefálicos, élitros coa superficie cuberta por microtubérculos cónicos e unhas poucas papilas dispersas, cunha fila de macrotubérculos ou sen eles, desde cónicos a en forma de pinga, preto da marxe posterior e a marxe dos élitros cunha franxa de curtas papilas.

Polinoe scolopendrina, alcanza unha maior lonxitude, os élitros son de cor gris metálica translúcida, e a súa longa "cola" mide case a metade da súa lonxitude total, cunha fila lonxitudinal central de características protuberancias escuras.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *extenuata*, é un epíteto latino que significa "débil", referíndose á facilidade coa que perde os élitros e a súa fragilidade corporal.





Verme errante que pode acadar os 20 milímetros de lonxitude con 39 segmentos setíxeros. O prostomio, que é bilobulado con distintivos picos cefálicos, presenta 1 antena central e 2 laterais (estas últimas inseridas ventralmente, cos seus estilos papilonados e aguzándose abruptamente na parte distal para finalizar de forma filiforme), 2 pares de ollos (o par anterior sitúase dorsolateralmente na parte do prostomio máis ancha e o posterior dorsalmente preto da marxe posterior do prostomio), e palpos papilonados e aguzados, aproximadamente da mesma lonxitude que a antena central e os cirros tentaculares. Todos os segmentos corporais con sedas e cirros dorsais. Dorso recuberto por 15 pares de élitros que se superpoñen, deixando o centro dorsal espido no último terzo. Os élitros teñen a súa superficie recuberta por unhas poucas papilas dispersas e microtubérculos cónicos na parte anterior, que se volven gradualmente máis longos e con forma de porra cara á marxe posterior; a marxe dos élitros presenta papilas con flocos. Os cirros dorsais sobresaen por baixo dos élitros e cando están totalmente estendidos son de maior lonxitude que as sedas. Os élitros presentan manchas castañas; a antena central e as laterais están pigmentadas basalmente e presentan unha banda distal de pigmento, mentres que os cirros dorsais están pigmentados basalmente e teñen dúas bandas de pigmento distais. A parte ventral é de cor pálida irisada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 10 ata os 845 metros de profundidade, en fondos rochosos, entre algas ou en corais de augas profundas.

DISTRIBUCIÓN:

Do norte da Península Ibérica ata Sudáfrica, incluíndo o Mediterráneo e as illas Canarias.

ESPECIES SEMELLANTES:

Harmothoe clavigera, o par de ollos dorsolaterais anterior sitúase na parte máis ampla do prostomio, a marxe dos élitros presenta unha franxa de papilas e a superficie cuberta por microtubérculos cónicos e unhas poucas papilas dispersas, cunha fila de macrotubérculos en forma de porra papilonados distalmente e preto da marxe posterior.

Harmothoe impar, o par de ollos dorsolaterais anterior sitúase na parte máis ancha do prostomio, a marxe dos élitros presenta unha franxa de papilas craviformes e a superficie cuberta por microtubérculos cónicos a globosos; macrotubérculos cónicos nunha fila preto da marxe posterior; os tubérculos a miúdo agrupados en montículos e outros illados, dándolle á superficie unha aparencia reticulada.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *gilchristi*, é en honra do ictiólogo escocés John Dow Fisher Gilchrist (1866-1926), quen estableceu a ictiología como unha disciplina científica en Sudáfrica e xogou un papel decisivo no desenvolvemento da biología mariña e da industria pesqueira local dese país.





Verme errante cun corpo delicado de ancho uniforme, que pode acadar os 65 milímetros de lonxitude. O prostomio, que é bilobulado con distintivos picos cefálicos, presenta 1 antena central e 2 laterais (estas últimas inseridas ventralmente, cos seus estilos papilionados que se aguzan abruptamente na parte distal para finalizar de forma filiforme), 2 pares de ollos (o par anterior sitúase anteroventralmente baixo os picos cefálicos e o posterior dorsalmente preto da marxe posterior do prostomio), e palpos papilionados e aguzados. O corpo, formado por uns 38 segmentos todos portadores de sedas e cirros dorsais, ten a parte dorsal recuberta totalmente por 15 pares de élitros que se superpoñen alternamente e que se desprenden facilmente. Os élitros presentan a súa superficie recuberta por microtubérculos cónicos e uns poucos macrotubérculos, cónicos e case indistinguibles, dispostos nunha fila próxima á marxe posterior; o primeiro par de élitros redondeados, o resto con forma desde oval ata de ril. Os cirros dorsais, que sobresaen amplamente por baixo dos élitros e destacan facilmente ao ser de maior lonxitude que as sedas, presentan uncirróforo cilíndrico e están lixeiramente inchados subdistalmente para aguzarse abruptamente a un ápice filiforme. O píxidio presenta o ano disposto dorsalmente cun par de cirros anais. O esquema de cor é moi variable. Os élitros afán ser de cor entre amarela e negruzca, normalmente cun padrón de cor maculada na parte central, e unha mancha amarelada rodeada dun punteado máis escuro; a parte ventral é de cor pálida irisada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 300 metros de profundidade, en substratos variados, tanto libre como comensal con poliquetos tubícolas ou cangrexos ermitáns. A súa gran capacidade de soportar amplos cambios de temperatura e salinidade fai que poida colonizar distintos hábitats, incluíndo portos e estuarios. Reprodúcese entre marzo e abril; os ovos son incubados baixo os élitros das femias, liberando á súa eclosión larvas planctónicas. Os seus élitros son bioluminiscentes, tanto cando están fixos ao corpo como recentemente desprendidos; estudos sobre este feito suxiren unha función defensiva sobre posibles depredadores ao poder activar voluntariamente o animal a bioluminiscencia dos élitros.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.



ESPECIES SEMELLANTES:

Harmothoe extenuata, a primeira ollada, a parte final do seu corpo libre de élitros formando unha característica "cola" poden diferencialo.

Harmothoe spinifera, a marxe dos élitros liso, exceptuando unhas papilas moi pequenas nos élitros anteriores, e a súa superficie cuberta con microtubérculos cónicos dispersos e baixos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *imbricata*, é un epíteto latino que significa "imbricada", referíndose á disposición dos élitros sobre o dorso do poliqueto.



Verme errante que pode acadar os 25 milímetros de lonxitude por uns 5 milímetros de ancho. O prostomio, que é bilobulado con distintivos picos cefálicos, presenta 1 antena central e 2 laterais (estas últimas inseridas ventralmente, cos seus estilos papilionados que se aguzan abruptamente na parte distal para finalizar de forma filiforme), 2 pares de ollos (o par anterior sitúase dorsolateralmente na parte do prostomio máis ancha e o posterior dorsalmente preto da marxe posterior do prostomio), e palpos papilionados e aguzados. O corpo, formado por uns 40 segmentos, todos portadores de sedas e cirros dorsais, ten o dorso recuberto totalmente por 15 pares de élitros que se superpoñen alternamente. Os élitros presentan a súa superficie recuberta por microtubérculos globosos a cónicos, macro-tubérculos cónicos dispostos en filas próximas á marxe posterior e a marxe festoneada, normalmente con papilas craviformes; os tubérculos adoitan aparecer en grupos e illados, dando ao élitro unha aparencia reticulada. Os cirros dorsais sobresaen por baixo dos élitros, e cando están totalmente estendidos son de maior lonxitude que as sedas. O pixidio presenta dous longos cirros caudais. O esquema de cor é moi variable, cos élitros xeramente de cor entre parda verdosa e parda a grisada, ás veces maculada na parte central cunha mancha amarelada ou agrisada rodeada dun punteado escuro; a parte ventral de cor pálida irisada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 65 metros de profundidade, baixo pedras, entre cunchas ou en rizoides de algas. Este verme é bioluminiscente.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.



ESPECIES SEMELLANTES:

Harmothoe clavigera, a marxe dos élitros presenta unha franxa de papilas e a superficie cuberta por microtubérculos cónicos e unhas poucas papilas dispersas, cunha fila de macro-tubérculos en forma de porra papilionados distalmente e preto da marxe posterior.

Harmothoe imbricata, o par de ollos anterior disposto está en posición dorsoventral, debaixo dos picos cefálicos; élitros coa superficie cuberta por microtubérculos cónicos e unhas poucas papilas dispersas, cunha fila de macro-tubérculos ou sen eles, desde cónicos a en forma de pinga, preto da marxe posterior e a marxe dos élitros presenta unha franxa de curtas papilas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *impar*, fai referencia ao número impar de pares de élitros sobre o seu dorso.



Verme errante que pode acadar os 11 milímetros de lonxitude por uns 4 milímetros de ancho, con 36 segmentos. O prostomio, que é bilobulado con distintivos picos cefálicos, ten 1 antena central e 2 laterais inseridas ventralmente (cos estilos papilionados finalizando en ápices filiformes), 4 ollos (o par anterior situado dorsolateralmente na parte máis ampla do prostomio e o posterior de forma dorsal próximo á marxe traseira do mesmo), así como dous palpos papilionados e afiados. Tanto as antenas como os palpos son dunha lonxitude uniforme. O dorso está totalmente recuberto por 15 pares de élitros que se superpoñen amplamente; os catro segmentos finais son setíxeros. A superficie dos élitros está recuberta por tubérculos irregulares e planos, que consisten nunha zona elevada rodeando unha depresión central e unhas poucas papilas dispersas; a marxe dos élitros presenta unha curta franxa de papilas. Os segmentos setíxeros presentan uns distintivos tubérculos dorsais. Os cirros dorsais teñen cirróforos cilíndricos con ápices filiformes. Os parapodios son birrámeos; os notopodios teñen un lóbulo acicular alongado; os neuropodios presentan un lóbulo acicular presetal alongado, cun proceso supraacicular dixitiforme e co lóbulo postsetal máis curto e redondeado. As notosedas son máis robustas que as neurosedas, con filas de diminutas espiñas e ápices afiados; neurosedas con distintivas filas de espiñas, principalmente bidentadas con dentes secundarios robustos e curtos. Cor dos élitros castaña clara translúcida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 20 ata os 86 metros de profundidade, entre ou baixo pedras, en fondos coralíxenos, de cuncheiro ou area.

DISTRIBUCIÓN:

Das illas británicas ata Cabo Verde, incluíndo o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Harmothoe antilopes, o par de ollos anterior está situado anteroventralmente debaixo dos picos cefálicos. A marxe dos élitros ten unha franxa de longas papilas e a superficie cuberta por microtubérculos cilíndricos, co ápice bifido ou en forma de coroa, e unhas poucas papilas dispersas; élitros anteriores con ou sen macrotubérculos, desde cónicos a en forma de maza, preto da marxe posterior.

Leucia nivea, alcanza unha maior lonxitude, o dorso está recuberto por 16 pares de élitros de cor branca amarelada.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *pokoui*, é en honra do futbolista de Costa de Marfil Laurent N'Dri Pokou (1947-2016).





Verme errante de corpo alongado e ancho uniforme que pode acadar os 15 milímetros de lonxitude por uns 3 milímetros de ancho con 39 segmentos setíxeros. O prostomio, que é bilobulado con distintivos picos cefálicos, presenta 1 antena central papilonada, 2 antenas laterais inseridas ventralmente (cos estilos papilonados que se aguzan subdistalmente co ápice filiforme), 4 ollos (o par anterior disposto anteroventralmente baixo os picos cefálicos e o posterior disposto dorsalmente próximo á marxe traseira do prostomio), e 2 palpos papilonados e afiados. O dorso está recuberto totalmente por 15 pares de élitros que se superpoñen completamente. O primeiro par de élitros é de forma redondeada, os demais ovalados ou en forma de ril, con suaves marxes (excepto unhas cortísimas papilas nos élitros anteriores), e a superficie cuberta por dispersos microtubérculos cónicos baixos. Os parapodios son birrámeos; os notopodios co lóbulo acicular alongado; neuropodios co lóbulo acicular presetal alongado e un proceso supraacicular dixitiforme; lóbulo postsetal máis curto e redondeado. As notosedas, que son máis robustas que as neurosedas, con distintivas filas de espiñas e ápices afiados. As neurosedas con distintivas filas de espiñas e os ápices todos bidentados con claros dentes secundarios. Primeiro par de élitros de cor pálida ou branca, a miúdo cunha mancha escura, contrastando extraordinariamente co resto que son de cor castaña escura ou case negra cun reflexo metálico verdoso; nos élitros posteriores a cor vólvese máis pálida e maculada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 30 metros de profundidade, baixo pedras, en gretas de rochas e en rizoides de laminaria. Pode ser comensal dos poliquetos *Perinereis cultrifera* e *Neanthes nubila*.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo, incluíndo as Illas Azores.

ESPECIES SEMELLANTES:

Harmothoe bellani, par anterior de ollos dispostos dorsoventralmente na parte máis ancha do prostomio, a superficie dos élitros con microtubérculos en forma de espiña e unhas poucas papilas dispersas, especialmente nas marxes posteriores.

Harmothoe imbricata, os élitros coa superficie cuberta por microtubérculos cónicos e unhas poucas papilas dispersas, cunha fila de macrotubérculos ou sen eles, desde cónicos a en forma de pinga situados preto da marxe posterior, e a marxe dos élitros cunha franxa de curtas papilas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *spinifera*, é unha palabra composta polo epíteto latino *spina* (espiña) e o sufixo *-fero* (levar, conducir), "que porta espiñas", referíndose ás súas sedas neuropodiais que son espiñentas.



Verme errante de corpo pequeno, que pode acadar 20 milímetros de lonxitude con 41 segmentos. O prostomio, que é bilobulado con claros picos cefálicos, ten 1 antena central, 2 antenas laterais papilonadas, 4 ollos (o par anterior xusto en fronte á liña de maior ancho do prostomio e o posterior en fronte da marxe traseira do prostomio), e 2 palpos lisos. O dorso está totalmente cuberto por 16 pares de élitros que se superpoñen, cubrindo case todo o corpo. O primeiro par de élitros é de forma redonda e o resto oval ou con forma de ril; os bordos son lisos. A superficie do primeiro par de élitros está cuberta con tubérculos, no resto con pequenos tubérculos na parte anterior e montículos de tubérculos espiñentos na posterior. Os notopodios son curtas proxeccións cunha lígula acicular ventral e numerosas sedas; as sedas notopodiais son robustas con filas de espiñas e ápices romos. Os neuropodios proxéctanse máis aló dos notopodios e teñen unha lígula acicular dorsal; as sedas neuropodiais presentan filas de espiñas e ápices bidentados, unhas poucas ventralmente con ápices unidentados. A cor dos élitros é branca amarelada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 8 ata os 400 metros de profundidade, baixo pedras, en area, cuncheiro ou en esponxas do xénero *Desmacidon*.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Irlanda ata o Mediterráneo, incluíndo as illas Azores.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pódese confundir con poliquetos do xénero *Harmothoe*, aínda que os 16 pares de élitros que recobren totalmente o dorso poden axudar a diferencialo.

Harmothoe pokoui, alcanza un menor tamaño, o seu dorso está recuberto por 15 pares de élitros e estes son de cor castaña clara translúcida.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *nivea*, deriva do termo latino *niveus* que significa branco, referíndose á cor dos élitros.





Verme errante que pode acadar os 29 milímetros de lonxitude por 9 milímetros de ancho, con 36 segmentos setíxeros. Corpo aplanado de anchura uniforme, coas superficies ventral e dorsal lisas. O prostomio é bilobulado, sen picos cefálicos, con 1 antena central, un par de antenas laterais inseridas lateralmente o dobre de longas que a central, e un par de palpos lisos, grosos e moi longos. Ten dous pares de ollos, o par anterior sitúase por diante da parte máis ancha do prostomio e o posterior próximo á marxe posterior do mesmo. O primeiro segmento con sedas e un par de cirros tentaculares. Ten 15 pares de élitros, que se superpoñen, cubrindo totalmente o dorso; o primeiro par é ovalado, os restantes son ovais ou con forma de ril. As marxes dos élitros son lisas e a superficie presenta uns poucos tubérculos, pequenos e moi dispersos. Os notopodios son moi pequenos cunha lígula acicular ventral e con poucas sedas, as cales son espiñentas e cunha protuberancia no ápice. Os neuropodios están ben desenvolvidos cunha lígula acicular anterior e sedas espiñentas coas puntas bidentadas e protuberancias nos seus ápices. Cor dos élitros castaña agrisada, bordeados cunha liña e punteado central en castaño; a cor avermellada da cabeza transparéntase nos dous primeiros élitros dándolle unha cor escura á parte dianteira.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal ata os 90 metros de profundidade, en area fina ou lamacenta dentro de tubos de holoturoideos sipnátidos dos xéneros *Labidoplax* e *Leptosynapta*. Atopamos un exemplar asociado a un poliqueto, dentro do tubo mucoso de *Nicolea zostericola*.

DISTRIBUCIÓN:

Do océano Ártico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Malmgrenia lunulata, co que foi repetidamente confundido, atinxe un maior tamaño e os seus élitros, que son totalmente lisos, recobren a parte dorsal excepto os últimos dous segmentos setíxeros.

CURIOSIDADES:

Descoñécese a etimoloxía do nome da especie, *andreapolis*.





Pequeno verme errante que pode acadar os 18 milímetros de lonxitude con 38 segmentos setíxeros. Corpo aplanado de anchura uniforme, coas superficies ventral e dorsal lisas e que se aguza na parte posterior. O prostomio é bilobulado, sen picos cefálicos, con 1 antena central (un pouco máis longa que os palpos), un par de antenas laterais inseridas lateralmente e a metade de longas que a central, e un par de palpos lisos, grosos e curtos. Ten dous pares de ollos, o par anterior sitúase á altura da parte máis ancha do prostomio, e o posterior próximo á marxe posterior do mesmo. O primeiro segmento presenta sedas e un par de cirros tentaculares dorsais e ventrais. Ten 15 pares de élitros, que se superpoñen, cubrindo case totalmente o dorso; o primeiro par é redondeado, o resto é oval ou con forma de ril. As súas marxes son lisas e a superficie ten un parche de pequenos tubérculos na parte dianteira. Ten dous longos cirros anais. Cor castaña amarelada cunha pequena parte dianteira de cor máis escura. Élitros cunha marca de cor castaña no borde e unha mancha central castaña mais escura.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 5 ata os 200 metros de profundidade, en area fina ou lamacenta, normalmente asociado a equinodermos, principalmente ourizos irregulares, como *Spatangus purpureus* e *Echinocardium pennatifidum*, onde se atopa normalmente sobre a parte oral. O exemplar fotografado refuxiábase no interior do ourizo, saíndo e entrando do seu interior pola boca do mesmo.

DISTRIBUCIÓN:

Do océano Ártico ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *castanea*, é un epíteto latino que se refire ao nome do castiñeiro e pode significar

tamén "de cor castaña", referíndose á súa cor corporal.



Verme errante de corpo aplanado, de lados máis ou menos rectilíneos, que pode acadar os 35 milímetros de lonxitude con 37 segmentos setíxeros. O prostomio é ancho, bilobulado e sen picos cefálicos marcados. Os palpos son glabros (lisos), mentres que as antenas e os cirros presentan papilas. Ten 4 ollos, o par anterior anterolateral é maior que o par posterodorsal. As antenas frontais non están moi marcadas e os parapodios dorsais son da mesma lonxitude que as sedas. O dorso está recuberto por 15 pares de élitros, de forma oval a case con forma de ril, que se superpoñen e que deixan ao descuberto os dous últimos segmentos. Os élitros teñen numerosos microtubérculos na parte anterior e micropapilas globulares dispersas por toda a superficie. Parapodios birrámeos, cos notopodios pequenos e redondeados, cun lóbulo acicular saínte na parte inferior, e os neuropodios máis grandes. As notosedas son numerosas e forman feixes radiais de varias lonxitudes, e son denticuladas, coa punta obtusa e xeralmente curta. As neurosedas tamén son numerosas, lixeiramente máis finas que as notosedas, e dispóñense en feixes en forma de abano. Cor castaña avermellada pálida con marcas castañas en cada élitro de formas variadas: circulares, semicirculares, ou en "V". Parte ventral cunha liña central vermella e liñas transversais escuras na parte posterior. A cabeza é avermellada con marcas castañas en antenas e parapodios.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 300 metros de profundidade baixo pedras, ou en gretas de rochas, sobre fondos de seixos, cuncheiro, area, lama ou unha mestura destes. A miúdo vive como comensal con outros poliquetos, holoturias e ofiuras, o que condiciona en gran medida a súa cor, que usa como forma mimética coa contorna. Aparece como comensal dos poliquetos *Terebella lapidaria* e *Chaetopterus variopedatus*, do sipúnculo *Golfingia (Golfingia) elongata*, do ourizo irregular *Spatangus purpureus* e do hemicordado *Balanoglossus minutus*.

DISTRIBUCIÓN:

Do mar do Norte ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Malmgrenia andreapolis, coa que se confundiu repetidamente, alcanza un tamaño lixeiramente menor. Os élitros que, presentan un parche de pequenos tubérculos na parte dianteira, recobren totalmente o seu dorso.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *lunulata*, é un epíteto latino que significa "en forma de media lúa", referíndose ao debuxo dos seus élitros.





Verme fráxil errante que cos seus aproximadamente 40 segmentos pode acadar os 30 milímetros de lonxitude. Corpo aplanado, estreito, de forma ovalo-alongada, cuberto con 15 pares de élitros que se superpoñen no dorso, excepto os dous últimos que deixan a liña media espida. Ten catro ollos (os anteriores máis grandes), unha antena media longa co extremo afiado, 2 antenas laterais máis curtas e 2 palpos suaves e longos. O primeiro cirro dorsal é moi longo, os demais son curtos. A superficie dos élitros é translúcida, de bordos lisos e con pequenos tubérculos esporádicos. Presenta dous cirros anais longos. O corpo é translúcido, a parte dorsal de cor amarelada cunha tinguidura castaña clara disposta en bandas transversais e ás veces cunha mestura de manchas amareladas e esbrancuxadas; a parte ventral clara. Os élitros poden estar salpicados de manchas finas de cor amarela, branca, rosa, castaña ou púrpura.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o sublitoral superficial ata os 50 metros de profundidade, sobre equinodermos onde se camufla entre os pes ambulacrais, pasando xeralmente desapercibido pola súa cor case transparente. O exemplar fotografado atopouse no suco ambulacral dunha estrela de mar, un exemplar de *Echinaster sepositus*.

DISTRIBUCIÓN:

Costas do oeste europeo e no Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Adyte hyalina, alcanza un menor tamaño, a cor corporal é esbrancuxada cunha liña escura percorrendo lonxitudinalmente o centro do dorso e atópase sobre a parte oral de ourizos de mar.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *pellucida*, é un epíteto latino que significa "transparente", "traslúcido", referíndose á súa aparencia.





Poliqueto de corpo estreito, alongado e lixeiramente comprimido, que pode acadar os 12 centímetros de lonxitude con ata 100 segmentos setíxeros. No prostomio, que é bilobulado cun escote central e cos picos cefálicos pouco marcados, presenta 4 ollos (os dous anteriores nos flancos laterais e máis separados entre si que os outros dous nocais), 3 antenas (as laterais con inserción ventral e a central máis longa cun ceratóforo moi marcado), e dous pares de cirros tentaculares; todas as antenas están cubertas de curtas papilas craviformes. Aproximadamente a primeira metade do verme está recuberta por 15 pares de élitros dispostos en parapodios alternos, desde o segundo segmento ata o segmento setíxero 32, e que poden deixar visible a parte central dorsal; a outra metade presenta unhas filas transversais de tres tubérculos en cada segmento corporal. Os élitros son pequenos, case transparentes, de forma redondeada os anteriores e con forma de ril os posteriores, con curtas papilas no bordo e a superficie dorsal cunha banda irregular de papilas córneas. Os parapodios son birrámeos, co notopodio máis desenvolvido que o neuropodio. Notopodios cunha lingüeta triangular cunha grosa acícula que sobresaie lixeiramente, e un feixe setíxero cunha grosa seda superior con filas de espiñas na parte grosa e unidentada. Os neuropodios están sostidos por unha acícula con sedas capilares curvadas e quebradizas, normalmente co ápice truncado e con filas transversais de diminutas espiñas. O segmento anal está provisto dun par de uritos. A súa cor é variable; no dorso é habitualmente parda avermellada, mostrando na metade anterior unhas escamas grises metálicas translúcidas que poden ter unha mancha central escura rodeada por unha zona máis pálida ou unha mancha completamente pálida. As protuberancias da súa metade final son máis escuras.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 5 ata os 40 metros de profundidade, baixo pedras ou en gretas de rochas, asociado sempre a vermes sedentarios dos que é comensal, especialmente de *Eupolyornia nebulosa*.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Os exemplares xuvenís poden confundirse con especies do xénero *Harmothoe*.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *scolopendrina*, deriva do epíteto latino *scolopendra* (vocábulo que designaba a certos animais con moitos pés ou patas) e co cal Linnaeus nomeou a un xénero da orde de miriápodos quilópodos que se coñecen vulgarmente como "cempés", referíndose á súa aparencia.





Verme errante de corpo esvelto, bastante aplanado e convexo na parte dorsal, que pode chegar a medir 20 centímetros de lonxitude cuns 200 segmentos. O prostomio é de forma oval, cunha antena media e dous laterais máis longas, e catro ollos dispostos en rectángulo. O dorso está totalmente cuberto por élitros que se superpoñen, tanto lonxitudinal como lateralmente, o que lle confire un aspecto de serpe. Os élitros, que son de forma redondeada os primeiros e o resto con forma de ril, están recubertos de minúsculos tubérculos e orlados de pelos moi finos no borde exterior. A cor do dorso é extremadamente variable, desde gris pálida a parda alaranxada, algunhas veces presenta bandas pardo avermelladas cruzándoo. A parte ventral é dunha rechamante cor azul metálica clara cun vaso vermello lonxitudinal.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 40 metros de profundidade, baixo pedras, en grava ou en area lamacenta entre algas. Enrólase sobre si mesmo para protexerse en caso de perigo.

DISTRIBUCIÓN:

Do norte das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Fimbriosthenelais minor, alcanza un menor tamaño, a súa cabeza é avermellada e o corpo de cor amarelada, cos élitros que recobren o seu dorso translúcidos con microtubérculos. Algúns autores considérano un xuvenil de *S. boa* e por tanto un sinónimo.

Sigalion mathildae, alcanza un tamaño lixeiramente menor, a súa sección corporal é case redonda (dorso moi convexo) e os élitros que recobren o dorso son lisos e están orlados por ata 20 papilas pinnadas.

Sthenelais limicola, os seus élitros non están orlados, presentan unha profunda marca no bordo externo e unha mancha marrón sobre cada un deles.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *boa*, é un epíteto latino que ten o mesmo significado que na actualidade "un xénero de serpes non venenosas", en clara referencia á súa forma corporal.





Verme errante de corpo esvelto, bastante aplanado, que pode chegar a medir 100 milímetros de lonxitude por uns 4 milímetros de ancho, con ata 200 segmentos. O dorso está totalmente cuberto por élitros que se superpoñen na parte central, así como en cada lateral. O prostomio é redondeado, con 4 ollos formando un cadrado, os anteriores máis grandes e parcialmente ocultos polo ceratóforo da antena impar, a cal é longa e lisa. O primeiro par de élitros é redondeado, os 11 seguintes triangulares con ángulos redondeados que teñen no bordo algúns procesos de aparencia bifida, e os seguintes con forma de ril cun profundo escote no bordo externo e vesículas incoloras pequenas no ángulo anterior. As branquias son cirriformes, e dispóñense a partir do cuarto setíxero. As notosedas son simples, capilares e espiñentas. As neurosedas son de varios tipos: 2-3 superiores simples, rectas, moi pequenas e bipectinadas; as centrais e inferiores son compostas, co mango liso e apéndices variables, uns curtos e bidentados, outros longos e delgados; e en posición central 1 par de sedas de artello pseudoarticulado coa punta recta unidentada. Os élitros son incoloros e case transparentes cunha mancha castaña sobre cada un deles.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 40 metros de profundidade, en fondos de area e en substratos brandos. Cando se lle molesta enrólase nunha rápida espiral. É un activo depredador.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata as costas do suroeste de África, incluíndo o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Fimbriosthenelais minor, é máis pequeno, relativamente máis ancho, a súa cabeza é avermellada, co corpo de cor amarelada e os élitros que cobren o dorso translúcidos con microtubérculos.

Sigalion mathildae, pode alcanzar maior tamaño, a súa sección corporal case é redonda (moi convexa dorsalmente) e os élitros que recobren o dorso son lisos e están bordeados por ata 20 papilas pinnadas.

Sthenelais boa, pode alcanzar un maior tamaño, os élitros que recobren o dorso presentan minúsculos tubérculos e están orlados de pilosidade moi fina e o corpo, bastante aplanado, é convexo dorsalmente.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *limicola*, é un epíteto latino que significa "que vive no lodo/lama do fondo do mar", referíndose ao seu hábitat.





Diminuto verme errante de corpo oblongo que se aguza cara á parte posterior, e que alcanza unha lonxitude de 8 milímetros cuns 68 segmentos setíxeros. A súa superficie dorsal é convexa e lisa, mentres que a ventral é plana e papilada na rexión anterior. O prostomio, que é de forma triangular con dous palpos fortes e lisos e un tubérculo facial parecido a unha papila, está provisto dunha antena central curta e papilada, de dous pares de tentáculos con papilas dispersas (moito máis curtos que os palpos) e de 2 pares de ollos. O primeiro segmento corporal non presenta sedas e ten un par de papilas dorsais e un cirro ventral tentacular en cirróforo que se estende ata alargar a base dos palpos. O corpo ten 40-60 pares de élitros dorsais que se superpoñen, pero que non cobren a superficie dorsal central anterior cando a probóscide está retraída. O primeiro par é de forma redondeada e o resto son ovais ou en forma de ril. A superficie dos élitros é lisa con círculos concéntricos e están orlados por curtas papilas anulares. Os notopodios son pequenos montículos con sedas dispostas dorsalmente nun semicírculo. Os neuropodios proxéctanse máis que os notopodios, con longas papilas e sedas en feixes. O dorso é de cor rosada e os élitros son de cor castaña oxidada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:


Desde os 2 ata os 40 metros de profundidade, en fondos rochosos ou de area con pedras, entre cunchas vellas ou baixo pedras.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o océano Ártico ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *inornata*, é un epíteto latino que significa "sen adornos", referíndose á súa superficie dorsal lisa.





Verme errante de corpo esvelto que se aguza cara ao pixidio, bastante aplanado e convexo na parte dorsal. Pode chegar a medir 20 centímetros de lonxitude por uns 8 milímetros de ancho máximo, cuns 200 segmentos. O prostomio é bilobulado, con 4 grandes ollos dispostos en rectángulo (sendo os anteriores máis grandes), antena impar moi pequena e filiforme, 2 laterais delgadas e 2 larguísimos palpos lisos que poden atinxir o segmento setíxero 20. O dorso está totalmente cuberto por élitros que se superpoñen, pero que deixan exposto o centro do dorso na maior parte do animal. Os élitros cambian de tamaño ao longo do corpo. Os primeiros son pequenos e ovais, logo son de maior tamaño, subtriangulares a subcordiformes; a súa superficie é lisa e presentan papilas nos bordos laterais, excepto o primeiro par. Pixidio con dous longos cilios. Cor do corpo branca amarelada pálida, coa superficie dorsal con grandes manchas transversais amarelas ou avermelladas; élitros de cor amarela pálida translúcida, cunha mancha avermellada arqueada no bordo interno.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 13 ata os 100 metros de profundidade, en fondos de grava e area grosa entre briozoos, algas coralinas, cunchas, detritos, etc., e en area lamacenta e lama; sempre en zonas con fortes correntes de fondo.

DISTRIBUCIÓN:

Do golfo de Biscaia ata o oeste de África, incluíndo o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *oculata*, é un epíteto latino que significa "con ollos", "provisto de ollos", referíndose á aparencia que lle dan as manchas que presentan os élitros.





Verme errante de corpo longo e delgado, convexo dorsalmente coa superficie ventral lisa, que pode acadar os 45 milímetros de lonxitude por uns 4 milímetros de ancho (incluíndo as sedas), con ata 140 segmentos setíxeros. O dorso está recuberto totalmente por élitros, que se entretexen entre si, tanto lonxitudinalmente como lateralmente. Prostomio cunha antena central e dúas laterais curtas, catro ollos dispostos en rectángulo, co par anterior máis separado, e con dous longos palpos que alcanzan o segmento 9. Élitros finos e translúcidos, con forma variable desde suborbicular a subrectangular ou con forma de ril, con microtubérculos distribuídos uniformemente pola súa superficie, e os bordos laterais con longas papilas e micropapilas táctiles. Os microtubérculos son baixos, redondeados ou subcónicos. Parapodios tentaculares e cirros tentaculares dorsais iguais ou lixeiramente máis curtos que a antena central; cirros ventrais tentaculares aproximadamente da metade de lonxitude que os dorsais. Cor do prostomio vermella, de corpo branca amarelada; élitros incoloros, normalmente tinguidos de gris ou ocre causado por partículas de diversa natureza adheridas aos microtubérculos. Parte ventral de cor rosada co centro lonxitudinal de cor vermella.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

De 2 a 20 metros de profundidade, en fondos areosos ou de area lamacenta, baixo pedras.

DISTRIBUCIÓN:

Da canle da Mancha ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Fimbriosthenelais zetlandica, é lixeiramente menor, de lados paralelos, e os seus élitros só presentan papilas craviformes curtas na marxe externa lateral e posterior.

Sigalion mathildae, alcanza un maior tamaño, a súa sección corporal é case redonda (moi convexa dorsalmente) e os élitros que recobren o dorso son lisos e bordeados por ata 20 papilas pinnadas.

Sthenelais boa, alcanza un maior tamaño, o seu corpo, bastante aplanado, está recuberto dorsalmente por élitros con minúsculos tubérculos e orlados de pelos moi finos. Algúns autores consideran a *F. minor* un sinónimo de *S. boa*, ao consideralo un xuvenil deste.

Sthenelais limicola, alcanza un maior tamaño, presenta unha depresión central lonxitudinal no seu dorso e os élitros que o recobren teñen unha profunda marca no bordo externo e non están orlados.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *minor*, é un epíteto latino que significa "menor", "menos que", referíndose ao seu menor tamaño respecto a outras especies do xénero no que o incluíron ao describilo.



Verme errante de corpo longo e delgado, convexo dorsalmente coa superficie ventral lisa, que pode exceder os 40 milímetros de lonxitude por uns 4 milímetros de ancho. Todo o dorso está recuberto totalmente por élitros, que se entrelazan entre si, tanto lonxitudinalmente como lateralmente. Prostomio con catro ollos dispostos en rectángulo, unha antena central (con estilo curto, liso e afusado) e dúas laterais moi curtas que non alcanzan a metade da lonxitude dos cirros tentaculares dorsais. Este son subiguais, ou lixeiramente máis longos que a antena mediana, e de forma similar. Os cirros tentaculares ventrais teñen aproximadamente a metade da lonxitude dos dorsais. Élitros transparentes, de forma suborbicular a subrectangular, coa superficie cuberta por microtubérculos redondeados a cónicos e papilas craviformes curtas na marxe externa lateral e posterior. Os parapodios dos segmentos dous e tres están dirixidos anteriormente, lixeiramente modificados respecto a os segmentos seguintes. As notosedas son delgadas, espiñentas e afusadas ata unha punta capilar simple. Todas as neurosedas conteñen falcíxeros compostos con punta bidentada. As dos segmentos anteriores son delgadas con láminas de múltiples artellos; en todos os demais os falcíxeros son de tamaño e forma similares con láminas de dous ou tres artellos. As neurosedas medias son lixeiramente máis robustas que as dos grupos superior e inferior. As branquias son cirrifórmes e comezan no cuarto segmento. Cor corporal branca amarelada e élitros incoloros, normalmente tinguidos de gris ou ocre, a causa das partículas de diversa natureza adheridas aos microtubérculos.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 30 ata os 560 metros de profundidade, en fondos lamacentos.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie anfiatlántica que tamén está presente no golfo de Omán, no océano Índico. En augas europeas a súa distribución abarca desde o norte de Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Sthenelais boa, alcanza un maior tamaño e o seu corpo, bastante aplanado, está recuberto dorsalmente por élitros con minúsculos tubérculos orlados de pelos moi finos.

Sthenelais limicola, alcanza un maior tamaño, os seus élitros non están orlados, presentan unha profunda marca no bordo externo e unha mancha castaña sobre cada un deles.

Fimbriosthenelais minor, a cor do prostomio é vermella e os élitros presentan os bordos laterais orlados con longas papilas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *zetlandica*, é un xentilicio latino que significa "orixinaria das Shetlands" (illas británicas), onde se recolleron os exemplares para a descrición da especie.



Verme de corpo cilíndrico e alongado que se aguza en ambos os extremos, e que pode alcanzar os 75 milímetros con 150 segmentos setíxeros bianelados. O prostomio é cónico e agudo, con 8-10 aneis e 4 antenas pequenas dicitiformes. A probóscide é eversible e posúe catro mandíbulas quitinosas. Parapodios con dous labios presetais triangulares, o superior algo máis longo que o inferior; dous labios postsetais, o superior máis longo e de lonxitude inferior ao presetai, e o inferior curto e redondeado. Cirro dorsal en papila globulosa inserido na base do parapodio. Cirro ventral triangular, algo máis curto que o labio presetai. As branquias dispóñense no bordo dorsal do parapodio e non son retráctiles. A súa forma pode ser cilíndrica ou dicitiforme, e non moito máis longas que os labios do parapodio. Dúas acículas, a inferior máis grosa. As sedas do parapodio agrúpanse nun fascículo dorsal (sedas simples) e dous ventrais (sedas compostas con artello espiñoso longo finamente denticulado). Parapodios posteriores máis longos, con labios máis afiados e os últimos sen branquias. Pixidio con dous uritos filiformes. Cor do animal branca leitosa coa parte anterior lixeiramente rosada.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal ata os 100 metros de profundidade, en fondos de grava, cuncheiro, area ou mestura destes, onde vive baixo as pedras ou cunchas sen penetrar no substrato. Desprázase moi lentamente, presentando movementos violentos e convulsivos cando é molestado.

DISTRIBUCIÓN:

Do oeste das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Glycera capitata, é de cor esbrancuxada tinguida de vermello na parte anterior, alcanza unha lonxitude de 150 milímetros con 170 segmentos, trianelados os centrais, e o prostomio está formado por 8-9 aneis.

Glycera lapidum, é de cor esbrancuxada, alcanza unha lonxitude de 150 milímetros con 170 segmentos, os centrais trianelados, e o prostomio está formado por 11 aneis.

Glycera oxycephala, é de cor amarela rosácea, alcanza unha lonxitude de 70 milímetros con 120 segmentos, os centrais trianelados, e o prostomio é moi longo e está formado por 20 aneis.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *alba*, deriva do termo latino *album* (branca), referíndose á cor deste animal.



Verme de corpo cilíndrico e alongado cuxa lonxitude pode alcanzar os 410 milímetros de lonxitude por 10 milímetros de diámetro. O corpo, que se aguza na parte dianteira e adelgázase cara atrás, está composto, nos animais grandes, por uns 349 segmentos. Os da zona media do corpo son bianelados, co anel anterior lixeiramente máis longo que o posterior. O prostomio cónico consta de entre 9-13 aneis e porta unha trompa eversible con mandíbulas quitinosas. Os dous primeiros parapodios son unirrámeos, os seguintes birrámeos. Parapodios con dous lóbulos presetais triangulares do mesmo tamaño e dous lóbulos postsetais máis curtos; nos parapodios anteriores son redondeados, triangulares a partir do setíxero 20, e redondeados de novo a partir do setíxero 40. Cirro dorsal do parapodio de forma oval e o ventral triangular. Non presenta branquias. Cor rosada cunha banda avermellada lonxitudinal a cada costado unindo os parapodios.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 10 ata os 200 metros de profundidade, enterrada en fondos de area, area lamacenta e maërl. Enrólase ao menor contacto.

DISTRIBUCIÓN:

Do sur das illas británicas ata o sur de África, incluíndo o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Glycera fallax, é de cor carne a rosa brillante na parte anterior e amarela agrisada na posterior, alcanza unha lonxitude de 350 milímetros con 400 segmentos bianelados e o prostomio está formado por 15 aneis.

Glycera oxycephala, é de cor amarela rosácea, alcanza unha lonxitude de 70 milímetros con 120 segmentos, os centrais trianelados, e o prostomio é moi longo e está formado por 20 aneis.

Glycera unicornis, é de cor rosada opaca, alcanza unha lonxitude de 350 milímetros con 400 segmentos bianelados e o prostomio está formado por 8 segmentos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *celtica*, refírese ao mar Celta (Celtic Sea) onde se recolleron a maioría dos exemplares para a súa descrición.





Verme errante de corpo cilíndrico e alongado cuxa lonxitude pode alcanzar os 350 milímetros de lonxitude por 10 milímetros de diámetro. O corpo, que se aguza nos extremos pero é máis afiado posteriormente, está composto de ata 400 segmentos setíxeros bianelados. O prostomio é grande e cónico, a miúdo moi puntiagudo, e está formado por 12-14 aneis bianelados. A probóscide eversible é longa e subcilíndrica, cuberta de papilas simples (as máis numerosas alongadas, mesturadas con algunhas papilas globulosas), e está provista de 4 mandíbulas quitinosas. Os parapodios, que son relativamente pequenos, teñen 2 lamelas presetais dixitiformes e 2 postsetais curtas e redondeadas, a superior máis longa que a inferior. Os cirros dorsais son ovoides, os ventrais triangulares, longos e carnosos. As branquias, que están situadas na parte anterior do parapodio, comezan no segmento setíxero 25, son de forma globular e retráctiles. Parte anterior do verme de cor carne a rosa anacarada; parte posterior amarela agrisada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 15 ata os 300 metros de profundidade, entre rochas, baixo pedras, en fondos de grava, cuncheiro ou area. Entérrase rapidamente introducindo no substrato o prostomio para inmediatamente introducir a súa longa probóscide coa que tira do corpo cara ao interior do sedimento. Pode ocasionar dolorosas dentadas coas mandíbulas quitinosas da súa probóscide.

DISTRIBUCIÓN:

Do mar do Norte ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Glycera celtica, é de cor rosada, alcanza unha lonxitude de 410 milímetros, o prostomio está formado por 9-13 segmentos e non presenta branquias.

Glycera unicornis, é de cor branca rosada, os parapodios son relativamente máis longos e o prostomio está formado por 8 segmentos.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *fallax*, é un epíteto latino que significa "falso", "enganoso", referíndose á súa habitual confusión con outras especies do xénero.



Verme errante de corpo cilíndrico e alongado que se aguza en ambos os extremos, e cuxa lonxitude pode alcanzar os 150 milímetros con 170 segmentos setíxeros trianelados. O prostomio, que é delgado e de forma cónica, está formado por 11 aneis e no ápice presenta os palpos e as antenas formando unha cruz. Os parapodios son curtos, con 2 labios presetais cónicos de forma dixitiforme, o superior (notopodial) máis curto que o inferior (neuropodial); o labio postsetal é curto, ancho e redondeado. Os cirros dorsais son pequenos, redondeados e globulosos, e os cirros ventrais dixitiformes, coa extremidade puntiaguda retorcida cara abaixo. Non ten branquias. As sedas neuropodiais son compostas e dispóñense en 2 fascículos, mentres que as notopodiais, máis fortes e cun artello terminal longo, agrúpanse nun só fascículo. Pixidio con 2 cirros anais. Cor corporal branca anacarada a gris esbrancuxada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 2 aos 600 metros de profundidade, en fondos de grava, cuncheiro, area ou unha mestura destes, onde se enterra e a través do cal se despraza lentamente.

DISTRIBUCIÓN:

Da canle da Mancha ata Cabo Verde, incluíndo o Mediterráneo e os arquipélagos de Azores e Canarias.

ESPECIES SEMELLANTES:

Glycera alba, é de cor branca leitosa coa parte anterior lixeiramente rosada, alcanza unha lonxitude de 75 milímetros con 150 segmentos bianelados e o prostomio está formado por 8-10 aneis.

Glycera capitata, é de cor esbrancuxada tinguida de vermello na parte anterior, alcanza unha lonxitude de 150 milímetros con 170 segmentos, trianelados os centrais, e o prostomio está formado por 8-9 aneis.

Glycera oxycephala, é de cor amarela rosácea, alcanza unha lonxitude de 70 milímetros con 120 segmentos, os centrais trianelados, e o prostomio é moi longo e está formado por 20 aneis.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *lapidum*, é un epíteto latino que significa "pedra", en referencia á súa preferencia por sustratos de granulometría grosa ou grava.





Verme errante de corpo cilíndrico e alongado que se aguza en ambos os extremos, e cuxa lonxitude apenas excede os 70 milímetros de lonxitude con 120 segmentos setíxeros. O prostomio, que é longo e afiado, está composto por uns 20 aneis. Presenta palpos e antenas de lonxitude desigual, dispostos en forma de cruz na parte dianteira, así como unha probóscide eversible con catro mandíbulas quitinosas. Os segmentos corporais centrais son trianelados, co anel setíxero máis pequeno e ás veces case indistinto. Parapodios con dúas lamelas presetais dixitiformes cos extremos redondeados nos primeiros 20 segmentos, para converterse en lanceoladas posteriormente. As lamelas notopodiais presetais son máis curtas que as neuropodiais. As lamelas postsetais son simples e redondeadas. O cirro dorsal, que non está no parapodio, é de forma redondeada ou ovoide. As branquias están ausentes. A cor corporal é amarela rosácea coa parte central de cor rosa avermellada; probóscide de cor amarela.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 10 ata os 150 metros de profundidade, en fondos de area con cuncheiro, area, lama ou unha mestura destes.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie anfiatlántica cuxa distribución en augas europeas abarca desde Escocia ata o noroeste da Península Ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Glycera alba, é de cor branca leitosa coa parte anterior lixeiramente rosada, alcanza unha lonxitude de 75 milímetros con 150 segmentos bianelados e o prostomio está formado por 8-10 aneis.

Glycera capitata, é de cor esbrancuxada tinguida de vermello na parte anterior, alcanza unha lonxitude de 150 milímetros con 170 segmentos, trianelados os centrais, e o prostomio está formado por 8-9 aneis.

Glycera tridactyla, é de cor translúcida con manchas avermelladas que se moven cando o poliqueto se despraza, alcanza unha lonxitude de 100 milímetros con 180 segmentos bianelados, e o prostomio está formado por 8 aneis.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *oxycephala*, é unha palabra latina composta polo prefixo *oxy-* (agudo) e o epíteto *cephala* (cabeza) e significa "cabeza afiada", referíndose á forma do prostomio.



Verme de corpo cilíndrico e alongado cuxa lonxitude pode alcanzar os 100 milímetros por 6 milímetros de diámetro. O corpo, que se estreita cara ambos os extremos, está composto, nos animais grandes, por uns 180 segmentos bianelados. O prostomio está composto por 8 segmentos e presenta, na parte dianteira, palpos e antenas en forma de cruz. A probóscide é eversible e porta mandíbulas quitinosas. Os parapodios presentan lamelas presetais triangulares. Notopodio lixeiramente máis longo que o neuropodio. Lamelas postsetais curtas e redondeadas. Os cirros dorsais son ovoides, os ventrais grandes e en forma de folla. As branquias están situadas na parte dorsal do parapodio, comezan no segmento setíxero 25 e non son retráctiles. Cor corporal translúcida que deixa entrever o líquido celomático cando o poliqueto se move, en forma de manchas avermelladas, cor carne ou rosadas.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 20 metros de profundidade, enterrada en fondos de area, area lamacenta e maërl. Enrólase ao menor contacto.

DISTRIBUCIÓN:

Do sur das illas británicas ata o sur de África, incluíndo o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Glycera alba, é de cor branca leitosa coa parte anterior rosada, alcanza unha lonxitude de 75 milímetros con 150 segmentos bianelados e o

prostomio está formado por 8-10 aneis.

Glycera capitata, é de cor esbrancuxada tinguida de vermello na parte anterior, alcanza unha lonxitude de 150 milímetros con 170 segmentos trianelados, e o prostomio está formado por 8-9 aneis.

Glycera oxycephala, é de cor amarela rosácea, alcanza unha lonxitude de 70 milímetros con 120 segmentos trianelados, e o prostomio é moi longo e está formado por 20 aneis.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *tridactyla*, é un epíteto grego que significa "tres dedos", referíndose á forma dos parapodios nos exemplares conservados.



Poliqueto errante de corpo cilíndrico e alongado cuxa lonxitude pode alcanzar 350 milímetros, cuns 400 segmentos bianelados. O prostomio é cónico puntiagudo con 10-12 aneis, e no ápice presenta antenas filiformes dispostas en cruz. A probóscide é eversible e posúe dous tipos de papilas (redondeadas e cónicas), 4 mandíbulas ganchudas e 4 aleróns triangulares. Os parapodios son moito máis longos que altos, con 2 lóbulos presetais triangulares, puntiagudos e subiguais, e 2 labios postsetais da mesma forma pero máis curtos que os anteriores, o inferior un pouco máis curto que o superior. Os cirros dorsais son ovoides, un pouco máis longos que anchos, e os ventrais triangulares, longos e aguzados. As branquias son retráctiles e dispostas de dúas en dúas na cara anterior do parapodio, a partir do segmento setíxero 20. Pixidio con 2 cirros anais longos. Cor branca rosada, normalmente, coa base dos parapodios de cor acastañada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Vive enterrado en area fina e area lamacenta, desde o intermareal ata os 100 metros de profundidade. Desprázase moi lentamente, e entérrase rapidamente introducindo na area o prostomio. Acto seguido, introduce a longa probóscide coa que tira do corpo cara ao interior do sedimento. Pode ocasionar dolorosas dentadas coas mandíbulas quitinosas da súa probóscide.

DISTRIBUCIÓN:

Da canle da Mancha ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Glycera celtica, é de cor rosada, alcanza unha lonxitude de 410 milímetros con 349 segmentos bianelados, o prostomio está formado por 9-13 segmentos e non presenta branquias.

Glycera fallax, é de cor carne a rosa brillante na parte anterior e amarela agrisada na posterior, alcanza unha lonxitude de 350 milímetros con 400 segmentos bianelados e o prostomio está formado por 15 aneis.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *unicornis*, significa "un só corno" (é tamén o nome dun ser mitolóxico, un cabalo cun longo corno na súa fronte), referíndose á forma do ápice do prostomio.



Verme errante de corpo curto que pode acadar os 10 milímetros de lonxitude con 31 segmentos setíferos. Prostomio subcuadrangular, bilobulado e cun escote posterior, con 4 ollos dispostos en trapezio, os anteriores máis grosos e máis separados que os posteriores. As antenas laterais son filiformes, máis longas que o prostomio. A antena impar está inserida na parte anterior do prostomio e é a metade de longa que as laterais. Presenta 2 palpos biarticulados máis grosos e máis curtos que as antenas laterais e 3 pares de cirros tentaculares (3, 3, 2). Os parapodios son birrámeos. Cirros dorsais longos e biarticulados, algo máis curtos que os tentaculares. Notopodio máis pequeno que o neuropodio, cónico, con 1 ou 2 acículas, unha seda acicular grosa e sedas dorsais capilares longas, estriadas transversalmente e provistas de espiñas conspicuas laterais. Neuropodio cónico, sen papilas, con 2 acículas grosas. Sedas ventrais compostas, con artello de lonxitude variable, unidentado e provisto dunha membrana subrostral e o bordo cortante finamente pectinado. Cirro ventral articulado, máis curto que o dorsal. O pixidio con forma de cono redondeado con dous uritos articulados longos. Cor translúcida, entre gris e rosada (depende da madurez dos seus gametos).

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En fondos lamacentos, desde os 20 ata máis de 500 metros de profundidade. Coñécese moi pouco da súa bioloxía. Femias con ovos entre abril e agosto.



DISTRIBUCIÓN:

Desde Skagerrak ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *rosea*, é un epíteto latino que significa "de cor rosa", referíndose á cor do corpo do animal.



Verme errante de corpo alongado e relativamente ancho, que se aguza lixeiramente en ambos os extremos e pode alcanzar os 70 milímetros de lonxitude con 55-60 segmentos setíxeros. O prostomio, que é de forma trapezoidal, máis ancho que longo, presenta 4 ollos dispostos en trapecio (os anteriores máis grosos e máis separados), 3 antenas, 2 antenas laterais filiformes (algo máis longas que o prostomio), unha antena impar a metade de longa que as laterais (inserida na parte anterior do prostomio), e 2 palpos biarticulados algo máis grosos e máis curtos que as antenas laterais. A trompa é de forma globulosa e non ten papilas nin mandíbulas. Os primeiros tres segmentos corporais teñen 6 pares de longos cirros tentaculares (3, 2, 1), con ceratóforos sostidos por acículas. Os parapodios son birrámeos. Os cirros dorsais son algo máis longos que os tentaculares, debilmente anelados, e exceden un pouco os feixes de sedas. Os notopodios portan unha acícula grande, e os neuropodios unha ou dous acículas e algunhas sedas dorsais ramificadas. Cor dorsal acastañada con liñas transversais brancas, azuladas ou amareladas e o prostomio de cor branca cos ollos vermellos ou pardos; cor ventral amarelada ou parda cunha liña media lateral máis clara.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 5 ata os 500 metros de profundidade, en fondos de area fina, lama ou unha mestura destes, por onde se despraza rapidamente de forma serpentiforme. Adoita estar asociado a outros invertebrados, nas canles ambulacrais de estrelas de mar do xénero *Astropecten*, nas galerías de holoturias do xénero *Synapta* e tamén asociado a outros poliquetos como terebélicos e maldánidos. É capaz de nadar vigorosamente cando percibe algún perigo.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *flexuosus*, é un epíteto latino que significa "sinuoso", "tortuoso", referíndose á forma que ten de desprazarse, tipo serpentiforme.



Verme errante de corpo cilíndrico, truncado anteriormente e adelgazado posteriormente, que pode acadar 29 milímetros de lonxitude con 52 segmentos. O prostomio é rectangular redondeado, case tan ancho como longo, con dous pares de ollos de cor laranxa dispostos en trapecio (os anteriores máis grosos), un par de palpos biarticulados laterais e un par de antenas frontais. Os parapodios son sesquirrámicos, cos notopodios reducidos e cirros dorsais filiformes, longos e cilíndricos, provistos de cirróforos ben diferenciados. Os cirros dorsais están elevados e lixeiramente prolongados. Neuropodios ben desenvolvidos, con acículas transparentes, distalmente apuntadas e cun fascículo de longas neurosedas ventralmente. Os cirros ventrais están inseridos subdistalmente no neuropodio non exceden o lóbulo parapodial. O pixidio presenta dous cirros anais grandes, similares aos do resto do corpo. Cor corporal opaca ou transparente sen pigmento, excepto pola liña castaña medio dorsal. Femias maduras de cor rosada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal ata 450 metros de profundidade, en sedimentos de maërl, cuncheiro ou area lamacenta. É unha especie esciáfila, polo que tamén pode aparecer entre rizomas de fanerógamas ou *Posidonia*, así como baixo pedras, na busca de refuxio.

DISTRIBUCIÓN:

A súa distribución é case cosmopolita. Orixinalmente descrita de augas xaponesas. En Europa a súa distribución esténdese desde Noruega ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *aurantiaca*, é un epíteto latino que significa "alaranxado", referíndose á cor corporal dalgúns exemplares.





Verme errante de corpo longo e moi fráxil que se estreita lixeiramente na parte anterior e se aguza na parte posterior. Posúe uns 70 segmentos e pode acadar os 75 milímetros de lonxitude. O prostomio, pequeno e de forma cuadrangular redondeada, é máis ancho que longo, ten 2 palpos biarticulados, 2 antenas filiformes e 4 ollos de forma lentiforme dispostos en trapecio (os anteriores moi xuntos, maiores e máis alongados que os posteriores). Os parapodios son unirrámeos, prominentes, máis longos que a anchura corporal. Cirros dorsais anelados, máis longos que os cirros tentaculares, con cirróforo sostido por 2-3 acículas. Neuropodio longo e grosso, terminado por 2 lóbulos presetais desiguais e un labio postsetal. Cirro ventral curto, subulado, non articulado. 2 acículas claras no neuropodio. No pixidio presenta 2 longos e delgados cirros anais. Cor variable, coa cabeza e os primeiros segmentos incoloros (case transparentes), logo rosada, castaña clara ou castaña amarelada, coa parte central lonxitudinal do dorso máis escura como consecuencia do vaso sanguíneo dorsal que se transparenta; cirros esbrancuxados. A cor varía en función da madurez sexual e do sexo.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 250 metros de profundidade, debaixo de pedras, en fondos de grava, e en gretas rochosas, entre laminarias ou en mantos de mexillóns. É un carnívoro que se alimenta de pequenos invertebrados. Ten sexos separados e a fecundación é externa. Pode nadar con gráciles movementos ondulatorios.



DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur de Noruega ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *fusca*, provén do termo latino *fuscus* que significa castaño, en clara referencia á cor do corpo deste poliqueto.





Verme errante de corpo moi convexo na zona dorsal anterior e que se vai aplanando cara á parte posterior. Pode alcanzar 19 centímetros de lonxitude cuns 160 setíxeros. Prostomio con catro grandes ollos, dúas antenas frontais, e un par de palpos cónicos robustos, flanqueado por catro pares de cirros tentaculares. O par posterior de cirros tentaculares é o máis longo e pode alcanzar os setíxeros 4-15. Peristomio unha vez e media máis longo que o segmento seguinte. A probóscide está armada cun par de mandíbulas de cor ámbar, con 4-9 dentes cada unha. Os parapodios varían moito en forma desde a parte anterior á posterior do corpo, sendo os apéndices posteriores máis longos e de forma máis alongada. Os dous primeiros segmentos setíxeros teñen o notopodio atrofiado, cun só lóbulo, unha acícula reducida e sen sedas; o neuropodio ten 3 lóbulos, unha acícula ben desenvolvida e un fascículo de sedas; os cirros dorsal e ventral non exceden os lóbulos parapodiais. A partir do setíxero 3, o notopodio presenta 3 lígulas subiguais nos segmentos anteriores, que se alongan a partir do setíxero 15 formando unha expansión foliácea cunha escotadura apical, onde emerxe o cirro dorsal. Pixidio con dous longos cirros anais. Cor corporal castaña na parte anterior, co prostomio e as bases dos parapodios pigmentados de forma escura. O resto do corpo pode ser de cor verdosa, amarela verdosa ou avermellada pálida, e ás veces con puntos brancos ou escuros. Un vaso sanguíneo dorsal vermello percorre a liña media do corpo.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Vive dentro dun tubo mucoso que segrega, en forma de "U", baixo pedras ou enterrado en area ou lama, desde a zona intermareal ata os 15 metros de profundidade, con preferencia por augas superficiais. A súa alimentación é oportunista, baseada principalmente en depósitos sedimentarios, pero tamén é capaz de alimentarse dalgunhas algas e mesmo de capturar pequenos crustáceos. É unha especie eurihalina que soporta amplos cambios de salinidade, o que fai que poda vivir tanto en estuarios como en zonas de mar aberto.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita. A súa distribución en augas europeas abarca desde Inglaterra ata o Mediterráneo, incluíndo as Illas Canarias, Azores e Madeira.

ESPECIES SEMELLANTES:

Hediste diversicolor, coa que comparte hábitat, alcanza un tamaño menor cun corpo relativamente máis ancho, non presenta unha variación parapodial tan grande e a súa cor corporal normalmente adoita ser moi variada, incluso nun mesmo individuo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *succinea*, provén do substantivo latino *succino* (ámbar) e do sufixo latino *ineus* (que indica semellanza, procedencia) e significa "semellante ao ámbar", referíndose á cor das súas mandíbulas e paragnatos.



Poliqueto errante de corpo ancho e algo aplanado, que pode alcanzar os 30 centímetros de lonxitude con ata 200 segmentos setíxeros. Prostomio de subtriangular a piriforme, máis longo que ancho ou viceversa, con 4 ollos dispostos en trapecio, os anteriores máis separados. As antenas son máis curtas que o prostomio e os palpos son grosos, con pequenos estilos cónicos. O peristomio é case o dobre de longo que os seguintes segmentos. Os cirros tentaculares son longos e poden alcanzar posteriormente o setíxero 3-9. Parapodios birrámeos co notopodio formado por dous lóbulos cunha lígula setíxera entre ambos, e o neuropodio cun lóbulo setíxero bilobulado e unha lígula ventral igual ou algo máis longa. O lóbulo dorsal expándese cara á parte posterior do verme, facéndose foliáceo. Cirros dorsal e ventral curtos, sen exceder a lonxitude dos lóbulos. Acículas negras. O artello terminal das sedas está finamente denticulado. Cor verde a verde azulada, con iridiscencias púrpuras e o bordo dos parapodios de cor amarela.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 150 metros de profundidade, en fondos brandos de area grosa, area fina, lama ou unha mestura destes, onde escava galerías en forma de "U". Soporta ben os cambios de salinidade polo que é frecuente atopalo colonizando ambientes estuarinos.

DISTRIBUCIÓN:

Presenta unha ampla distribución no hemisferio norte. En augas europeas a súa distribución abarca desde Islandia e Noruega ata o sur de Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aínda que todos os membros da familia Nereididae son facilmente confundibles entre si, esta distínguese ben por mor da súa cor (corporal) verde azulada.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *virens*, é un epíteto latino que significa "verde", en clara referencia á súa cor corporal.





Verme errante de corpo goso que se aguza cara á parte traseira e que pode acadar os 80 milímetros de lonxitude con 80 segmentos setíxeros. O prostomio é subpiriforme, case tan longo como ancho, con 4 ollos moi separados e dispostos de forma trapezoidal, 2 palpos biarticulados con palpostilos en botón e 2 antenas da mesma lonxitude que os palpos. Os cirros tentaculares, que alcanzan os segmentos setíxeros 3-7, son lisos e translúcidos. O peristomio é case do dobre de lonxitude que o seguinte segmento. Os cirros dorsais son máis longos que a rama dorsal, salvo nos 2 primeiros setíxeros. Nos 25-30 primeiros setíxeros o notopodio presenta 3 lígulas dorsais, a dorsal e a ventral subiguais, a mediana máis curta. O neuropodio ten o lóbulo setal provisto de 2 labios, o posterior máis longo e de forma cónica, de lonxitude similar á lingüeta ventral. O cirro ventral é curto. Nos últimos segmentos o notopodio está máis desenvolvido que o neuropodio. No seu píxidio destacan dous longos cirros anais translúcidos. Cor corporal moi variable, verde uniforme, rosa difuso, amarela verdosa ou verdosa, con manchas castañas, especialmente na parte dianteira. Parapodios de cor branca translúcida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña inferior da baixamar ata os 100 metros de profundidade, en fondos de rochas, grava, cuncheiro, maërl, area ou unha mestura destes, dentro de rizoides de algas, entre algas calcarias, enterrado na area ou baixo pedras; xeralmente en todos os fondos anfractuosos. Vive dentro duns tubos mucosos que segrega e que afán estar revestidos de anacos de cunchas e area.



DISTRIBUCIÓN:

Desde o Golfo de Biscaia ata Senegal, incluíndo o Mediterráneo, Canarias e Azores.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *costae*, é un epíteto latino que significa "costela", en referencia á aparencia que lle dan as raías acastañadas difusas que presentan algúns exemplares.



Verme errante de corpo delgado e moi longo que se aguza lixeiramente cara atrás. A superficie dorsal é convexa e a ventral plana. Pode alcanzar os 50 centímetros de lonxitude, con 250 segmentos setíxeros. O prostomio, que é case cadrado na súa base e se estreita cara á parte dianteira, ten 4 pequenos ollos dispostos en trapecio, 2 palpos longos (ovoides e biarticulados, cun pequeno palpostilo retráctil en forma de botón), e 2 pequenas antenas sen cirróforos máis curtas que os palpos. O segmento bucal é máis longo que o seguinte, cunha probóscide eversible armada cun par de grandes mandíbulas quitinosas con pequenos dentes. Ten 4 pares de cirros tentaculares, os dorsais un pouco máis longos que os ventrais; os segundos cirros dorsais tentaculares atinxen o cuarto segmento. Os segmentos corporais son bastante uniformes, con parapodios prominentes. Os parapodios dos dous primeiros segmentos son trilobulados, mentres que os restantes son birrámeos, provistos de 4 lóbulos. Cor do animal uniforme, azul agrisada, avermellada ou rosada, cunha liña de cor morada que percorre a parte central do dorso (o vaso sanguíneo).



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 50 metros de profundidade, en fondos de area, lama ou unha mestura de ambas, onde escava a galería onde vive. Cando as condicións non son favorables desprázase rapidamente e realiza outro tobo nun lugar máis idóneo. É un depredador non selectivo que se alimenta tamén de algas e animais mortos, e serve á súa vez de alimento aos peixes planos. É capaz de soportar zonas con baixos índices de salinidade, polo que se pode atopar tamén en rías e estuarios.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *longissima*, é un epíteto latino que significa "moi longa", "longuíssima", referíndose á gran lonxitude que este nereido pode alcanzar.





Verme errante de corpo grosso e cilíndrico na parte anterior, que se aplatina e estreita cara á parte posterior. Pode acadar os 15 centímetros de lonxitude cuns 120 segmentos setíxeros. O prostomio, que é de forma subtriangular ou piriforme, tan ancho ou un pouco máis que longo, ten 4 ollos dispostos en trapezio, 2 antenas dunha lonxitude da metade do prostomio e 2 grosos palpos ovoideos. A probóscide está armada cun par de grandes mandíbulas quitinosas con 5-8 dentes. O peristomio pode chegar a medir case o dobre do largo do seguinte segmento. Ten catro pares de longos cirros tentaculares cunha lonxitude igual ao ancho do animal, os posteriores alcanzando o setíxero 5-7. Todos os setíxeros están provistos de cirros dorsais e ventrais (usados para "camiñar" e nadar), un feixe de sedas dorsais e dous feixes ventrais. O píxidio finaliza en dous longos cirros cilíndricos. A cor corporal é variable, como o seu nome indica, aínda que xeralmente é amarela verdosa con tinguiduras alaranxadas ou avermelladas, e unha liña vermella que percorre o dorso lonxitudinalmente e que se corresponde co vaso sanguíneo dorsal. A parte ventral é moito máis clara.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Vive na zona intermareal e sublitoral superficial, enterrado en substratos areosos, lamacentos ou baixo pedras. Mostra preferencia por lugares de baixa concentración salina. É unha especie que está presente en biótopos litorais onde a salinidade está alterada, tanto hiposalinos e hipersalinos, propios das ribeiras de estuarios, como nos estanques hipersalinos mediterráneos.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.



poliqueto.

ESPECIES SEMELLANTES:

Alitta succinea, coa que comparte hábitat, alcanza un tamaño maior, non presenta unha variación parapodial tan grande e a cor corporal normalmente non é tan variada.

Nereis pelagica, é de corpo cilíndrico, os palpos son máis longos e robustos coas antenas máis curtas e desprázase moito máis rapidamente.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *diversicolor*, é un epíteto latino que significa "con diversas cores", en referencia tanto á súa variabilidade de cor como ás diferentes cores que presenta no seu corpo.

O copépodo *Nereicola ovata* é parasito de nereidos e ten unha gran preferencia por este



Verme errante de corpo delgado que se aguza lixeiramente en ambos os extremos, e que pode acadar os 20 centímetros de lonxitude con 120 segmentos. O prostomio ten un par de antenas sen cirróforos, un par de palpos biarticulados lixeiramente de menor tamaño que estas e dous pares de ollos dispostos en trapecio. O peristomio, que ás veces parece convexo, é o dobre de longo que o seguinte setíxero. Ten 4 pares de cirros tentaculares que apenas se diferencian en lonxitude, o segundo par é o máis longo e alcanza o setíxero 4. O corpo presenta dúas partes ben definidas: unha zona anterior con parapodios marchadores e o corpo de sección circular, e unha zona posterior plana e de parapodios nadadores. Pixidio con dous finos cirros anais de lonxitude moderada. A cor do dorso comeza amarelada para finalizar en branca rosácea, cunha banda branca que o percorre lonxitudinalmente polo seu centro, desde a cabeza ata o pixidio, enmarcando o vaso sanguíneo vermello. Parapodios de cor branca.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal e sublitoral superficial ata os 60 metros de profundidade, no interior de cunchas de gasterópodos habitadas por ermitáns, cos que comparte "fogar", aínda que tamén pode vivir ocasionalmente libre (neste caso crese que mentres busca novo fogar). Este verme mantén unha relación de comensalismo con ermitáns, especialmente con *Pagurus bernhardus*. Invade a cuncha do ermitán e permanece no seu interior, de onde só asoma lixeiramente para sacarlle a comida das pinzas ao cangrexo. A súa presenza aínda que non ocasiona problemas, tampouco achega beneficios.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *fucata*, é un epíteto latino que significa "colorido", referíndose a súa cor corporal.





Verme errante de corpo delgado (redondeado anteriormente, despois aplanado e moi afiado na parte posterior), que pode acadar os 20 centímetros de lonxitude, con 140 segmentos setíxeros. O prostomio ten un par de curtas antenas, un par de palpos biarticulados, grosos e cilíndricos, de aproximadamente a mesma lonxitude que as antenas e dous pares de ollos dispostos de forma trapezoidal pouco aberta. Os cirros tentaculares dorsais son maiores que os ventrais, os cales son de maior lonxitude que o ancho corporal, e o par posterior tan longo que pode chegar ata o setíxero 15. Os parapodios do setíxero 5 ao 25 teñen 3 lígulas dorsais subiguais, grosas e obtusas, e un cirro dorsal un pouco máis longo. O neuropodio ten o lóbulo setal bilabiado e unha lígula ventral obtusa da mesma lonxitude. O cirro ventral é subulado. A partir do setíxero 25, as lígulas dorsais alónganse e desaparece a central. A rama dorsal sepárase da ventral, e esta pasa a ser máis curta. O cirro dorsal alóngase tamén posteriormente. No pixidio presenta 2 cirros anais longos. Cor corporal avermellada manchada de branco e marrón moi característica, cos parapodios de cor branca, e unha liña lonxitudinal de cor avermellada con manchas brancas intersegmentarias sobre a zona central do dorso.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal ata os 20 metros de profundidade, en gretas de rochas, baixo pedras, en fondos de maërl, entre mexillóns ou entre algas. Vive dentro dun tubo mucoso que segrega, que normalmente pega á parte inferior de rochas parcialmente enterradas no sedimento.



DISTRIBUCIÓN:

Desde Suecia ata o Mediterráneo, incluíndo as Illas Canarias.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *nubila*, é un epíteto latino que significa "nubrado", en alusión á súa característica cor manchada.





Verme errante de corpo delgado e cilíndrico que pode acadar os 12 centímetros de lonxitude con 100 segmentos setíxeros. O prostomio, de forma subpiriforme, está provisto de 2 antenas (xeralmente máis curtas que os palpos), 2 palpos cilíndricos (grandes e robustos), e 4 ollos negros dispostos en trapecio. A probóscide está dotada de mandíbulas quitinosas provistas de 5-7 pequenos dentes. Presenta 4 pares de cirros tentaculares curtos e case iguais en tamaño. Notopodio con 2 lígulas subiguais e un cirro dorsal longo. Neuropodio con lóbulo setal cónico, un pouco máis curto que a lígula ventral, e un cirro ventral un pouco máis longo. Lígulas da rama dorsal redondeadas na parte anterior do corpo, e subcónicas ou puntiagudas na rexión posterior. Cirros ventrais a miúdo máis longos que a lígula inferior, sobre todo na rexión posterior. Notosedas homogonfas espiñosas. Neurosedas supraciculares homogonfas espiñosas e heterogonfas falcíxeras. Neurosedas infraaciculares heterogonfas falcíxeras e espiñosas. Nos parapodios posteriores aparecen notosedas homogonfas falcíxeras que teñen un rostro redondeado e algo curvado que se introduce na articulación unha lonxitude maior á que sobrasae. Corpo de cor bronce cun brillo metálico verdoso.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Vive na zona intermareal e sublitoral superficial, baixo pedras medio enterradas no sedimento ou entre estípites de algas, onde constrúe un tubo mucoso no que vive. Desprázase rapidamente.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie case cosmopolita que en augas europeas distribúese desde o Ártico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Hediste diversicolor, é de corpo aplanado posteriormente, os palpos son curtos e menos robustos e as antenas máis longas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *pelagica*, deriva do termo latino *pelagicus* que significa "de alta mar", referíndose ao seu hábitat e capacidade de natación.



Verme errante de corpo delgado, lixeiramente aplanado, e que se aguza cara á parte posterior. Pode acadar os 5 centímetros de lonxitude por 5 milímetros de ancho máximo, con ata 75 segmentos setíxeros. O prostomio, que é máis ancho que longo, ten dúas curtas antenas de igual lonxitude, dous palpos voluminosos e dous pares de ollos dispostos de forma trapezoidal. O peristomio é lixeiramente máis longo que o primeiro setíxero. Os catro pares de cirros tentaculares son curtos (o par dorsal posterior só chega ata o setíxero 2). Os podios son birrámeos e están pouco modificados ao longo do corpo. O notopodio ten os lóbulos subiguais, mentres que o neuropodio presenta os lóbulos setíxeros anchos e máis curtos que os notopodiais. O cirro dorsal excede amplamente o lóbulo superior, mentres que o ventral é máis curto que o lóbulo neuropodial inferior. A cor do corpo é moi chamante e varía dunha cor laranxa clara a avermellada, cun vaso dorsal lonxitudinal de cor vermella escura que, desde a metade do corpo ata a zona terminal, vaixe alternando (cada vez de forma máis evidente) con manchas brancas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 66 metros de profundidade, en substratos duros e detríticos, como fondos coralíxenos, en cunchas do molusco bivalvo *Pinna nobilis*, en fondos rochosos, entre estípites de algas ou en colonias do briozoo *Pentapora foliacea*, así como en praderías de *Posidonia oceanica*. Como todos os Nereidos, é un gran depredador.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o golfo de Biscaia ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aínda que todos os membros da familia Nereididae son facilmente confundibles entre si, a cor corporal laranxa avermellada resulta bastante característica.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *pulsatoria*, é un epíteto latino que significa "pulsante", posiblemente pola súa capacidade de aumentar ou diminuír a intensidade da súa cor en función da contracción ou extensión corporal.





Verme errante de corpo delgado e lixeiramente aplanado, coas marxes case paralelas que se van estreitando posteriormente. Pode acadar os 8 centímetros de lonxitude con 90 segmentos setíxeros. O prostomio, que é de forma piriforme e máis longo que ancho, ten dúas curtas antenas de igual lonxitude que alcanzan a base dos palpostilos, dous palpos cos palpóforos ben desenvolvidos e palpostilos con forma de botón semiesférico. Presenta ademais dous pares de ollos dispostos de forma trapezoidal, o par anterior con forma de ril e próximo ao posterior. Detrás do par posterior de ollos hai un par de fosetas nucais moi marcadas. O peristomio ten unha lonxitude aproximadamente unha vez e media maior que os seguintes segmentos. Os cirros tentaculares son moderadamente longos, sobre todo o par dorsal posterior que pode chegar ata o oitavo setíxero. A morfoloxía dos podios varía pouco ao longo do corpo, cos lóbulos podiais redondeados na parte anterior, facéndose cónicos na posterior. O notopodio ten dous lóbulos subiguais, co lóbulo superior lixeiramente máis curto que o inferior na parte anterior do corpo. Cirro dorsal cunha lonxitude dúas veces superior aos lóbulos; cirro ventral curto, estendéndose soamente ata a metade do lóbulo inferior. A cor do corpo é dun rechamante azul celeste, cos primeiros segmentos e o prostomio de cor acastañada e parapodios pardo avermellados.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal baixa ata os 65 metros de profundidade, en fondos de area, area lamacenta con pedras, ou fondos de maërl, buscando sempre ambientes pouco iluminados entre algas, mexillóns, baixo cornixas de algas calcarias, no interior de formacións arrecifales de *Sabellaria alveolata* ou baixo pedras. Vive no interior dun tubo de consistencia sedosa moi fino e translúcido, cuxo exterior presenta pequenos anacos de cunchas e area incrustados. Como todos os Nereidos é un gran depredador.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie case cosmopolita con presenza en augas frías, tépedas e cálidas. A súa distribución en augas europeas abarca desde Inglaterra ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *splendida*, é un epíteto latino que significa "espléndida", referíndose á súa rechamante cor.





Verme errante de corpo ancho, redondeado dorsalmente e aplanado ventralmente, que se aguza cara á parte traseira de xeito acusado e que pode acadar os 25 centímetros de lonxitude con 125 segmentos. O prostomio é lixeiramente piriforme e presenta 2 incisións laterais moi leves. Posúe dúas curtas antenas sen cirróforos, dous palpos biarticulados e dous pares de ollos dispostos trapezoidalmente. Cirros tentaculares curtos, os dorsais máis longos que os ventrais (o segundo cirro tentacular alcanza o setíxero 6). Peristomio máis longo que os seguintes setíxeros. Os parapodios dos dous primeiros setíxeros son unirámeos, con 3 lóbulos, e os seguintes restantes birrámeos con 4 lóbulos. Todos os lóbulos setíxeros da parte anterior son do mesmo tamaño, e a partir da metade do corpo o lóbulo dorsal é claramente maior que os outros. Pixidio de cor branca con dous longos e delgados cirros. Cor verde bronceada cos parapodios pardo avermellados ou de cor rosa carne, co prostomio e primeiros segmentos corporais con pigmentación verde escura. En todos os casos cun prominente vaso sanguíneo de cor vermella ao longo de todo o centro do dorso.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 15 metros de profundidade, baixo pedras e cantos rodados, onde constrúe galerías no sedimento. É capaz de nadar torpemente por medio de axitadas ondulacións. Son uns voraces depredadores carnívoros que cazan as súas presas por medio dunha probóscide provista dunhas fortes mandíbulas que evaxina rapidamente.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *cultrifera*, deriva do termo latino *cultri* (coitelo) e do sufixo *fera* (que leva, contén ou porta) e significa "que porta coitelo", en referencia á forma do único paragato que forma o grupo VI da probóscide.





Verme errante de corpo forte que pode acadar os 14 centímetros de lonxitude, cuns 125 segmentos. O prostomio, que é de forma cuadrangular, coa súa base longa e redondeada, ten 4 ollos dispostos en trapecio, 1 par de curtas antenas e 1 par de palpos grosos máis longos que as antenas. O peristomio é unha vez e media máis longo que o seguinte setíxero. Nos laterais da cabeza ten catro pares de curtos cirros tentaculares, chegando os posteriores a alcanzar o setíxero 2-5. Os parapodios teñen dous lóbulos subiguais curtos, en forma de cono obtuso, e un cirro dorsal da mesma lonxitude ou que exce un pouco a parte ventral. Cada segmento presenta cirros dorsais e ventrais, cun feixe de sedas dorsais moi desenvolvidas e dous ventrais. Posúe 2 longos cirros pixidiais. Cor verde ou castaña verdosa, ás veces con dúas raias transversais castañas nos segmentos anteriores. Heteronereis coa rexión anterior verde e a posterior rosa suave.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal ata os 15 metros de profundidade, en substratos areosos e lamacentos, entre capas de rocha calcaria.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata Portugal.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *oliveirae*, é en honra ao Prof. M.P. d'Oliveira, quen colleitou os exemplares usados para a súa descrición nas praias portuguesas de Buarcos, A Granja e Sines.





Pequeno verme errante que cuns 85 segmentos setíxeros pode acadar os 120 milímetros de lonxitude, aínda que pode variar enormemente dependendo de que estea en repouso (contraído) ou desprazándose (estirado). O corpo vaise estreitando cara á parte traseira, finalizando de forma aguzada con dous longos cirros anais. O prostomio é redondeado na parte dianteira, máis ancho que longo, con 4 ollos dispostos en cadrado e as antenas subuladas máis longas que os palpos, os cales son grosos e ovoides. O peristomio é máis longo que os seguintes setíxeros. Os cirros tentaculares, que son moi longos e alcanzan posteriormente o setíxero 20-30, teñen unha lonxitude igual a unha cuarta parte da lonxitude total do verme. Cor vermella alaranxada brillante.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Vive no sublitoral superficial dentro dun tubo que constrúe, o cal é flexible e está composto de varias capas de finos fíos unidos por unha secreción adhesiva. Tanto os fíos como o adhesivo son segregados polos parapodios anteriores. Normalmente fixa o tubo na base de estípites de algas, cunchas de moluscos, en gretas de pedras ou baixo elas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a canle da Mancha ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Platynereis dumerillii co que comparte hábitat e ao que se parece, aínda que este presenta tonalidades amarelas, o prostomio é de forma oval a piriforme e os cirros tentaculares non son tan longos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *coccinea*, é un epíteto latino que significa "vermello", referíndose á súa cor corporal.





Verme errante que pode alcanzar os 100 milímetros de lonxitude, cuns 90 setíxeros. O prostomio, oval a piriforme, é máis longo que ancho e ten 4 ollos relativamente grosos dispostos en trapecio, 2 antenas de lonxitude similar ao prostomio e 2 palpos biarticulados con palpostilos curtos. O peristomio é algo máis longo que os seguintes setíxeros e os cirros tentaculares son moi longos, alcanzando posteriormente o setíxero 10-15. Parapodios anteriores con 2 lígulas notopodiais e 1 neuropodial, todas curtas, anchas e redondeadas. Cara aos parapodios medios e posteriores as lígulas pasan a ser alongadas e puntiagudas. Acículas negras. Cirros dorsais bastante máis longos que as lígulas do notopodio. Cirros ventrais máis curtos que a lígula ventral. O corpo vaise estreitando cara á parte traseira, finalizando de forma aguzada con dous longos cirros anais filiformes. Cor moi variable, verdosa, amarelada, rosa ou avermellada, con cromatóforos violáceos. Antenas e tentáculos translúcidos.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 2 ata os 30 metros de profundidade, en fondos de rocha, grava, cuncheiro, area ou mestura destes, dentro dun tubo no que vive. O tubo que constrúe é flexible e está composto de varias capas de finos fíos unidos por unha secreción adhesiva ao que se adhíren partículas do sedimento. Tanto os fíos como o adhesivo son segregados polos parapodios anteriores. Normalmente fixa o tubo na base de estípites de algas, cunchas de moluscos, en gretas de pedras ou baixo elas.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita. En augas europeas a súa distribución abarca desde as illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Platynereis coccinea, o seu prostomio é redondeado, o corpo é de cor vermella alaranxada brillante e os cirros tentaculares son moito máis longos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *dumerilii*, honra ao zoológo e naturalista francés André Marie Constant Duméril (1774-1860), quen foi profesor de anatomía no Muséum National d'Histoire Naturelle de 1801 a 1812, cando se fixo profesor de herpetoloxía e ictioloxía.

Esta especie está considerada como un fósil vivente. Neste poliqueto estudouse o desenvolvemento inicial do sistema nervioso central nos seres vivos.



Verme errante de corpo delgado e alongado, que con 66 segmentos pode alcanzar os 35 milímetros de lonxitude. O prostomio, que é relativamente pequeno e con forma cónica obtusa ou redondeada, presenta os palpos fusionados e dobrados ventralmente, situados lixeiramente por riba da cabeza. Presenta ademais 3 antenas lixeiramente foliáceas, sendo a central do dobre de lonxitude que as laterais, e 2 pares de grosos ollos situados case lateralmente. Os cirros tentaculares dorsais son foliáceos e máis longos que os ventrais, os cales son soamente craviformes. Os cirros dorsais son foliáceos, van inseridos sobre un cirróforo cónico e son de maior lonxitude que o ancho dos segmentos. Non ten cirros ventrais e presenta 2 cirros anais foliáceos. Cor do corpo e cirros branca opaca con manchas vermellas, alaranxadas ou amarelas sobre o dorso.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 100 metros de profundidade, entre algas, en estípites de laminarias e en fondos coralinos. Adoita portar unha cadea de corpos sexuais con diferente grao de desenvolvemento, no caso fotografado están case totalmente maduros e a piques de liberarse como novos individuos.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *pinnigera*, deriva do termo latino *pinnig* (ás) e do sufixo *-ero/a* (forma xentilicios), "alado", "con ás", referíndose os seus cirros dorsais amplamente foliáceos, en forma de pequenas ás.





Pequeno verme errante que pode acadar os 15 milímetros de lonxitude con 16 segmentos. Os segmentos corporais son máis anchos na parte traseira dos mesmos, o que lle confire unha típica silueta en zigzag. Prostomio pequeno, máis estreito que os segmentos corporais e de forma cuadrangular, con 4 ollos dispostos en trapecio, 2 palpos só visibles ventralmente e fortemente fusionados, 3 antenas (onde a central é máis longa e distintivamente anelada e as laterais teñen unha lonxitude do dobre que o prostomio), e 2 longos órganos nocais ciliados que se proxectan na parte posterior da cabeza e que alcanzan o segundo segmento setíxero. Os cirros tentaculares non presentan un anelamento distintivo. Os cirros dorsais son máis longos que a antena central. Cor branca amarelada ou crema con dúas ou máis liñas de cor castaña ou púrpura cruzando cada segmento.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 10 metros de profundidade, en pantaláns flotantes ou boias, entre hidrozoos, briozoos, esponxas, algas coralinas ou mexillóns con epifauna, en rochas limosas con epifauna, como algas, cunchas ou ascidias, ou en fondos de area ou area con cunchas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Amblyosyllis madeirensis, da que se diferencia facilmente polos seus órganos nocais. Mentres que en *Amblyosyllis formosa* son alongados, os de *A. madeirensis* son redondeados.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *spectabilis*, é un epíteto latino que significa "espectacular", "admirable", referíndose á forma e librea deste poliqueto.



© Bruno Almón Pazos



Verme errante de corpo sólido e groso pero fráxil, que pode acadar os 32 milímetros de lonxitude con 124 segmentos. Prostomio cuadrangular redondeado a semicircular, con 4 ollos, dispostos de forma cuadrangular e 2 ocelos. Os palpos son anchos, ovais, con forma de lóbulos e ben separados, normalmente máis longos que o prostomio. Ten 3 antenas, a central é como mínimo 2 veces máis longa que as laterais, as cales son máis longas que os palpos. O segmento tentacular forma unha pregadura nocal na marxe posterior do prostomio, e ten 2 pares de cirros tentaculares, os superiores moito máis longos que os inferiores. Os cirros dorsais dos segmentos dianteiros son moito máis longos que o ancho corporal, sendo os dous segmentos posteriores máis curtos. As antenas e cirros tentaculares anteriores están distintivamente anelados, os seguintes son lisos. Todos os cirros ventrais son ovais e aproximadamente da mesma lonxitude que os parapodios. Pixidio con dous cirros anais. Cor do animal amarela ou alaranxada, cos ápices das branquias castañas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata máis de 1500 metros de profundidade, sobre fondos de area ou lama entre algas, briozoos e hidrozoos, dentro dun tubo mucoso que segrega. É un animal fosforescente.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *blomstrandii*, é en honra ao químico Sueco Christian Wilhelm Blomstrand (1826-1897), profesor de química da Universidade de Lund en 1862 e elixido membro da Real Academia Sueca de Ciencias en 1861.





Verme errante de corpo curto e fráxil que, con 48 segmentos setíxeros, pode alcanzar 25 milímetros de lonxitude con 0,6 milímetros de ancho máximo. O prostomio é relativamente grande, de forma oval (máis ancho que longo), con dous pares de ollos case unidos os de cada lado, e un par de manchas oculares anteriores moi pequenas. As antenas son curtas e fusiformes, a central un pouco máis longa que as laterais e situada un pouco máis atrás. Os palpos son curtos, están unidos na súa base e dobrados cara á parte ventral. O prostomio é estreito e forma un repregamento semicircular que cobre a parte posterior do prostomio. Cirros tentaculares curtos, os ventrais de menor lonxitude e os dorsais de forma e lonxitude parecida ás antenas. Cirros dorsais curtos e fusiformes, a miúdo debilmente anelados, dunha lonxitude máis ou menos equivalente ao ancho corporal. Os parapodios teñen un lóbulo presetal ben desenvolvido e unha acícula grosa coa punta obtusa en cada un. Os cirros ventrais son cónicos e dun longo similar aos lóbulos parapodiais. Cada parapodio presenta unhas 15 sedas compostas, heterogonfas, con artellos unidentados, alongados e delgados. Cor entre branca e castaña con manchas moradas en segmentos e parapodios.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 30 metros de profundidade, en algas fotófilas pouco profundas, baixo pedras en charcos intermareais, entre masas de mexillóns, ascidias e esponxas, en fondos de area, grava e concrecións de algas calcarias.

DISTRIBUCIÓN:

A súa distribución esténdese por todo o Atlántico oriental desde Escandinavia ata Sudáfrica, incluíndo o Mediterráneo e os arquipélagos de Azores, Canarias e Madeira.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *gibba*, é un epíteto latino que significa "chepa", "lomba", referíndose á curiosa forma do colgalo do segundo segmento tentacular e a súa aparencia.





Verme errante de corpo longo e fráxil, que se vai aguzando cara á parte traseira, e que pode acadar os 15 milímetros de lonxitude, cuns 55 segmentos setíxeros. Prostomio oval, máis ancho que longo, con 4 ollos grosos dispostos en trapecio, os de cada lado moi próximos entre si, e un par de palpos robustos e longos. Preto da marxe anterior do prostomio, por diante dos ollos anteriores, ten 3 antenas, a central lixeiramente atrasada e aproximadamente do dobre de lonxitude que as laterais. O segmento tentacular é máis estreito que os seguintes setíxeros, con dous pares de cirros tentaculares. As antenas, cirros tentaculares e cirros dorsais son lisos, cilíndricos e de ápices romos. Os cirros dorsais son moi longos, especialmente os da parte dianteira, e na parte posterior alternan cirros longos e cirros máis curtos, dunha lonxitude similar á do ancho do correspondente segmento. Os parapodios son alongados, de forma oval a cónica. Os cirros ventrais, que tamén son cónicos e dixitiformes, son moi longos e delgados nos parapodios anteriores, acurtándose gradualmente cara á parte posterior, onde son máis curtos que os lóbulos parapodiais. Pixidio con dous cirros anais. Cor corporal amarelada, cos ollos vermellos.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 30 metros de profundidade, entre cunchas vellas, debaixo de pedras, entre algas, en estípites de laminarias, etc.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Psmathe fusca, alcanza un maior tamaño cun maior número de setíxeros e non presenta os cirros dorsais tan longos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *longocirrata*, é un vocábulo composto por dous termos latinos, "longo" (longo) e "cirrata" (cirro), e significa cirros longos, aludindo á forma dos seus cirros dorsais.





Verme errante de corpo longo e delgado, filiforme, que pode acadar os 40 milímetros de lonxitude, cuns 155 segmentos setíxeros. O prostomio é subpentagonal, lixeiramente máis ancho que longo, con 4 ollos dispostos en forma de trapezio aberto e, ás veces, 2 manchas oculares anteriores. Palpos robustos, ovais, de lonxitude similar á do prostomio, próximos basalmente e diverxentes no ápice. As antenas son curtas pero máis longas que os palpos. A central, lixeiramente máis longa, insírese entre os ollos anteriores. O segmento tentacular é máis curto que os seguintes segmentos e forma unha pequena chepa que chega a tapar algo a parte posterior do prostomio. Os cirros tentaculares dorsais son dun tamaño similar á antena central e de maior lonxitude que os cirros tentaculares ventrais. As antenas, os cirros dorsais e os cirros tentaculares son anelados. Os cirros dorsais, que ao principio son alternativamente longos e curtos e se van igualando posteriormente, son atenuados cara ao seu ápice. Os cirros ventrais son pinniformes e non chegan a exceder o extremo do pé. O píxido finaliza en dous cirros anais moniliformes. Cor desde castaña translúcida a amarelada; os machos maduros de cor rosa clara.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En todos os substratos, desde a zona intermareal ata os 100 metros de profundidade, en gretas, debaixo de pedras, entre cunchas, algas, en estípites de laminarias ou entre animais sedentarios tales como ascidias, esponxas ou hidrozooos.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita, cuxa distribución en augas europeas abarca desde Noruega ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *armillaris*, é un epíteto latino que significa "cheo de brazaletes", referíndose á súa segmentación corporal.



Verme errante de corpo longo e delgado, fortemente cilíndrico e cos segmentos ben marcados, que pode acadar os 50 milímetros de lonxitude con máis de 140 setíxeros. Prostomio semicircular, lixeiramente afiado e máis ancho que longo, con 4 ollos dispostos en forma de trapezio moi aberto (os anteriores lixeiramente maiores), e un par de palpos robustos, algo máis longos que o prostomio. As antenas son relativamente curtas. A central é máis longa que as laterais e está inserida entre os ollos posteriores, mentres que as laterais están inseridas preto do bordo anterior do prostomio. O segmento tentacular está ben definido, é algo máis curto que os seguintes segmentos e forma un pequeno repregamento sobre o prostomio. Os cirros tentaculares dorsais son maiores que os ventrais e que as antenas laterais, pero menores que a antena central. As antenas, os cirros dorsais e os cirros tentaculares son anelados. Os cirros dorsais da parte anterior do corpo son robustos, grosos na base e apuntados no ápice, e vanse alternando cirros dunha anchura similar á do segmento correspondente con outros un pouco máis curtos. Lóbulos parapodiais curtos e cónicos. Cirros ventrais curtos, ovais e anchos, máis pequenos nos parapodios posteriores, onde son menores que os lóbulos parapodiais. O píxidio é pequeno e finaliza nun apéndice curto e inarticulado e en dous cirros anais longos articulados. Cor desde translúcida a amarela, normalmente con finas bandas transversais.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En todos os substratos, desde a zona intermareal ata os 400 metros de profundidade, en gretas, debaixo de pedras, entre cunchas, algas, en estípites de laminarias ou entre animais sedentarios tales como ascidias, esponxas ou hidrozooos.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita, cuxa distribución en augas europeas abarca desde as illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Syllis armillaris, é dun tamaño lixeiramente menor, non presenta unhas bandas transversais tan marcadas na parte corporal anterior e os cirros dorsais longos sempre son máis curtos que a anchura do segmento correspondente.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *gracilis*, é un epíteto latino que significa "delgado", "fino", referíndose á súa forma corporal.





Verme errante de corpo dorsalmente redondeado, goso na parte anterior, que se adelgaza bruscamente no último terzo e que pode alcanzar 20 milímetros de lonxitude con 53 setíxeros. Prostomio oval, case circular, cunha dobre escotadura na parte traseira e un par de ollos dispostos en trapezio aberto. As 3 antenas son de maior tamaño que o prostomio cos palpos. A central, que é a máis longa e gosa, está inserida entre os ollos e as laterais na marxe anterior do prostomio. Os palpos son grosos, anchos e dunha lonxitude similar ou superior á do prostomio. O segmento tentacular é máis estreito que os seguintes e ás veces está tapado dorsalmente por un repregamento do primeiro setíxero. Os cirros dorsais, que son totalmente articulados e tenden a voltearse sobre o dorso, alternanse en lonxitude, un curto e un longo, e van diminuindo o seu tamaño cara á parte traseira. O pixidio é pequeno, con dous cirros anais e un curto apéndice impar. Os segmentos anteriores están marcados con dúas grosas bandas transversais de cor castaña violácea que se van atenuando ata desaparecer nos segmentos posteriores. Os cirros son translúcidos, salpicados de manchas brancas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 30 metros de profundidade, en fondos duros como gretas, debaixo de pedras, entre algas ou en estípites de laminarias, e en fondos brandos como os de area fina ou en lodos detérricos profundos.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Syllis vittata, alcanza unha menor lonxitude e presenta unha coloración característica, cunha banda escura seguida dunha máis clara en cada setíxero.

Trypanosyllis krohnii, é de maior lonxitude, posúe máis de 100 setíxeros, é de cor acastañada e os cirros dorsais, que manteñen aproximadamente a mesma lonxitude en todo o corpo, son relativamente máis curtos.

Trypanosyllis zebra, é de maior lonxitude, posúe ata 200 setíxeros, o corpo é cintiforme, os seus cirros dorsais son relativamente máis longos e é de cor acastañada.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *krohnii*, é en honra ao zoólogo ruso de orixe alemá August David Krohn (1803-1891).



Verme errante de corpo longo e delgado que, con 95 setíxeros, pode acadar os 20 milímetros de lonxitude por 0,64 milímetros de ancho. Prostomio semicircular, máis ancho que longo, con 4 ollos dispostos de forma trapezoidal moi aberta (os anteriores máis grosos) e un par de manchas oculares no bordo anterior do prostomio. Os palpos son grosos, case máis grandes que o prostomio, lixeiramente fusionados na base e separados cara ao ápice. Porta 3 antenas de maior lonxitude que o prostomio máis os palpos, a central inserida entre os ollos posteriores e as laterais por diante da central. O segmento tentacular é reducido, está tapado dorsalmente polo primeiro setíxero e con dous pares de cirros tentaculares, os dorsais aproximadamente da mesma lonxitude que as antenas e os ventrais máis curtos. As antenas, cirros tentaculares e cirros dorsais son anelados. Cirros dorsais alternativamente longos e curtos nos primeiros setíxeros; nos parapodios medios son máis curtos e nos posteriores iguais a estes pero máis cilíndricos. Os lóbulos parapodiais son relativamente curtos, grosos e algo cónicos. Cirros ventrais dixitiformes dun tamaño similar aos parapodios nos segmentos anteriores e posteriores, e máis curtos e de forma triangular nos parapodios medios. Os parapodios anteriores cada un con 14 sedas compostas e os posteriores, cunha seda simple dorsal unidentada. O píxidio é pequeno, cun curto apéndice dixitiforme central e dous longos cirros anais. Cor amarelada, agrisada cun bandeado lixeiro de cor avermellada ou vermella acastañada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata máis de 100 metros de profundidade, sobre fondos brandos de area ou lodo, entre pedras, cunchas, esponxas e algas. En medios portuarios e como comensal de sipúnculos.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o Mediterráneo occidental.

ESPECIES SEMELLANTES:

Syllis cornuta, coa que se confundía ata a súa descrición. Ten un tamaño lixeiramente maior e os cirros dorsais son máis longos que o ancho corporal ao longo de todo o seu corpo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *parapari*, é en honra ao Dr. Julio Parapar Veigas, catedrático da Universidade da Coruña, quen proporcionou algúns dos exemplares de serie tipo.





Verme errante de corpo lixeiramente aplanado dorsoventralmente, que pode alcanzar os 35 milímetros de longo por 1,5 mm de ancho, con máis de 100 setíxeros. Prostomio oval con 2 pares de ollos dispostos en trapezio aberto e 3 antenas inseridas na parte anterior, a central lixeiramente máis longa que as laterais. Un par de palpos ovais máis curtos que o prostomio, situados en posición case ventral e separados completamente. Presenta dous órganos nocais en forma de áreas semicirculares densamente ciliadas, que se estenden sobre o prostomio. O segmento tentacular é lixeiramente menor que o seguinte setíxero. Cirros tentaculares dorsais máis longos que as antenas e que os cirros tentaculares. Os cirros dorsais, que son dun tamaño similar en toda a lonxitude corporal, vanse alternando, longos e curtos, sen exceder a súa lonxitude o ancho do segmento correspondente. Cirros ventrais dicitiformes, alcanzando o bordo do parapodio. Parapodios con dous lóbulos dicitiformes anteriores. Cor branca amarelada a amarela acastañada con dúas raias transversais castañas nos segmentos anteriores, unha situada na parte anterior e a outra na metade do segmento. Ambas as raias alcanzan os parapodios. Algúns exemplares poden presentar pigmentación púrpura nos cirros dorsais anteriores.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal ata os 40 metros de profundidade, entre mexillóns e algas, en zonas portuarias, ou baixo pedras, en fondos areosos e entre esponxas.

DISTRIBUCIÓN:

Do noroeste da Península Ibérica ata o Mediterráneo occidental.

ESPECIES SEMELLANTES:

Syllis krohnii, é de menor tamaño, ten menos setíxeros e os seus cirros dorsais son relativamente maiores.

Syllis vittata, alcanza un tamaño lixeiramente menor e presenta unha coloración característica, cunha banda escura seguida dunha máis clara en cada setíxero.

Trypanosyllis zebra, coa que sinonimizaba ata que recentes estudos moleculares demostraron a validez da especie. É de maior tamaño, o seu corpo é amplamente cintado e as 2 raias por setíxero desaparecen ao finalizar o proventrículo. Os cirros dorsais son amplamente máis longos e presentan unha maior diferenza de lonxitude entre longos e curtos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *krohnii*, é en honra ao zoólogo ruso de orixe alemá August David Krohn (1803-1891).





Verme errante que, con ata 200 setíxeros, pode atinxir os 60 milímetros de lonxitude por 2 milímetros de ancho. O prostomio é circular, algo redondeado na zona dos ollos e cunha escotadura posterior. Posúe 4 ollos grosos, os do par anterior lixeiramente máis grandes, dispostos en trapecio aberto. As antenas son aneladas, insírense case na marxe anterior do prostomio, e son máis longas que o prostomio cos palpos; a central máis longa que as laterais. Os dous palpos son pequenos, de forma oval, dispóñense en posición ventral ao prostomio e están totalmente separados desde as bases. O segmento tentacular é estreito, cos cirros tentaculares máis longos que as antenas e os ventrais aproximadamente do mesmo tamaño que as antenas laterais. Os cirros dorsais, que son totalmente articulados e anelados, alternáanse continuamente en toda a súa lonxitude (longos/curtos), tendendo a voltearse sobre o dorso. Parapodios curtos, redondeados e con dúas pequenas lingüetas no extremo. Os cirros ventrais son relativamente longos, grosos e dixitiformes. Parte anterior esbrancuxada con dúas raias transversais violetas ou avermelladas en cada segmento, que se fan máis anchas ata converterse nunha soa na parte posterior de cada segmento, que é de cor amarelada ou castaña clara. Cirros dorsais brancos, esporadicamente violáceos.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 30 metros de profundidade, en gretas, debaixo de pedras, entre algas, entre esponxas ou en estípites de laminarias.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita de mares tépedos e tropicais. En augas europeas a súa distribución abarca desde a canle da Mancha ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Syllis krohnii, é de menor tamaño e presenta só unha raia en cada setíxero.

Trypanosyllis krohnii, que se consideraba sinónimo ata que recentes estudos moleculares demostraron a validez da especie. É de menor tamaño, o seu corpo é relativamente máis estreito e non tan cintado. As 2 raias por setíxero continúan ata despois do proventrículo. Os cirros dorsais son relativamente máis curtos e non presentan tanta diferenza de lonxitude entre os longos e curtos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *zebra*, deriva do nome común *zebro*, un asno salvaxe de cuartos traseiros raiados que habitou a Península Ibérica ata a Idade Media, referíndose posiblemente á súa coloración.



Verme errante de corpo longo e delgado de anchura uniforme (agás nos extremos que son afiados) e que pode acadar unha lonxitude de 70 milímetros con ata 170 segmentos. O prostomio é redondeado, lixeiramente máis longo que ancho, e nel destacan os dous ollos avermellados e as cinco antenas de igual tamaño, catro inseridas nunha protuberancia frontal e a central por diante dos ollos e lixeiramente máis delgada. Presenta tres segmentos tentaculares, cos cirros tentaculares do primeiro segmento alcanzando o cuarto segmento e os dorsais do segundo e terceiro segmento ata o décimo segmento; os cirros tentaculares ventrais, similares en lonxitude aos do primeiro segmento, están lixeiramente aplanados. A partir do terceiro segmento presenta sedas, inseridas en lóbulos setíferos redondeados, en grupos de 10-15 sedas compostas, espiñentas, cun dente grande na articulación e outros dous máis pequenos. Os cirros dorsais son de forma lanceolada, os dos segmentos medios son simétricos. Os cirros ventrais son de forma redondeada e de maior lonxitude que os lóbulos setíferos. Cor amarela dourada con catro raias lonxitudinais dorsais, as dúas centrais moi próximas entre si e de cor vermella escura. Femias maduras de cor verdosa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 50 metros de profundidade, en fondos rochosos, gretas de rochas, debaixo de pedras, en fondos de cuncheiro, area ou mestura destes e entre algas, en estípites de laminarias. Forma pequenos tubos con diminutos anacos de cuncha e grans de area que compacta cunha secreción e onde poden vivir varios individuos. Os sexos están separados e reproducense nos meses de inverno deixando masas xelatinosas translúcidas de ovos verdes pegadas ás algas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Irlanda e o norte das illas británicas ata o sur de Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:

Eulalia bilineata, é lixeiramente de maior tamaño e presenta dúas liñas sobre o dorso amplamente separadas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *aurea*, provén do epíteto latino *aureus*, relativo ao ouro, dourado, referíndose á cor amarela dourada dalgúns exemplares.





Verme errante de corpo longo e robusto, atenuado en ambos os extremos, que alcanza os 10 centímetros de lonxitude por 2-3 milímetros de diámetro, cuns 200 segmentos. O prostomio é redondeado, lixeiramente máis ancho que longo, e nel destacan dous grosos ollos, catro antenas apicais dun longo similar á anchura do prostomio, e unha impar de tamaño similar, inserida por diante dos ollos. Os tres segmentos tentaculares están claramente separados. Os cirros tentaculares son cilíndricos, os máis longos son os dorsais do segundo e terceiro segmento, que alcanzan o setíxero 7. Os cirros ventrais do segundo e terceiro segmento, que normalmente son máis grosos e algo aplanados, alcanzan o setíxero 3 o mesmo que os do primeiro segmento tentacular. Os cirros dorsais son asimétricos e lanceolados e finalizan en punta, cun longo aproximado de dúas veces o ancho. Cirros ventrais redondeados e dunha lonxitude similar ou lixeiramente maior que os lóbulos setíxeros. Os parapodios son unirrámeos, con sedas compostas. Os lóbulos setíxeros son redondeados. Pixidio con dous cirros anais de forma ovalo-alongados a cirriformes. Ten unha característica cor verde herba brillante, cos cirros dorsais lixeiramente máis claros e os ollos de cor avermellada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 30 metros de profundidade, en gretas, debaixo de pedras, entre algas, en estípites de laminarias, entre masas de mexillóns e percebes etc. Os sexos están separados e reproducése nos meses de verán. É un animal carnívoro e carroñeiro que para alimentarse utiliza a súa longa probóscide densamente cuberta de papilas redondeadas; aliméntase de arneiróns ou mexillóns danados.


DISTRIBUCIÓN:

Da canle da Mancha ao Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *clavigera*, é un vocábulo composto por dous termos latinos: *clavus*, que significa maza, e *gero*, que significa levar, portar; "que porta mazas".





Verme errante de corpo alongado, que se aguza en ambos os extremos e que, cuns 100 setíxeros, pode acadar 30 milímetros de lonxitude por 1 de ancho. Prostomio con forma de cono truncado, máis ancho que longo, no que destacan dous grosos ollos negros, catro pequenas antenas apicais filiformes do mesmo tamaño e unha impar inserida bastante por diante dos ollos. O primeiro segmento tentacular está reducido dorsalmente, mentres que o segundo e o terceiro distínguense perfectamente. Os dous pares de cirros tentaculares dorsais posteriores son os máis longos. Cirros dorsais cordiformes, os ventrais máis ovais. Os parapodios son bilobulados, con lóbulos redondeados. Pixidio con dous longos cirros anais cilíndricos. Cor castaña clara uniformemente manchada, cos cirros dorsais castaños ou lixeiramente verdosos. Os machos maduros de cor esbrancuxada.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña inferior da baixamar ata os 60 metros de profundidade, entre mexillóns ou en fondos de area, area con cuncheiro ou area lamacenta.

DISTRIBUCIÓN:

Da canle da Mancha ata o sur de Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:

Eulalia parva, os seus cirros dorsais son de forma lanceolada, os ventrais iguais (aínda que máis pequenos) e a súa cor é verdosa.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *fuscescens*, é un epíteto latino que significa "que escurece", "que ennegrece", referíndose posiblemente ao ton da cor do animal ao conservarse.



Poliqueto errante de corpo alongado co dorso arqueado, formado por 150 segmentos e de 20 milímetros de longo. O prostomio, que é de forma cordiforme, un pouco máis longo que ancho, ten 5 longas antenas de tamaño similar (a central inserida por diante dos ollos), e un par de ollos situados na rexión posterior do prostomio. Ten tres segmentos tentaculares claramente diferentes, con catro pares de cirros tentaculares cilíndricos. Os cirros tentaculares do primeiro segmento alcanzan o cuarto ou quinto segmento; os cirros tentaculares dorsais e ventrais do segundo e terceiro segmento alcanzan o sexto e sétimo segmento respectivamente; os cirros tentaculares ventrais do segundo segmento son máis curtos e só alcanzan ata o cuarto segmento. Os cirros dorsais son lanceolados, os ventrais son máis ovais e de igual lonxitude que o lóbulo setíxero. Lóbulos setíxeros redondeados e cunhas 10-15 sedas. Pixidio con 2 longos cirros anais alongados e non foliáceos. Corpo de cor verde pálida, os machos de cor esbrancuxada, e os cirros verdosos.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 20 metros de profundidade. En zonas portuarias e en superficies de verméticos. É común en formacións de arrecifes de *Sabellaria alveolata*.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a Bretaña francesa ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Eulalia fuscescens, os seus cirros dorsais son cordiformes, os ventrais máis ovais e a súa cor é marrónácea.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *parva*, é un epíteto latino que significa "pequeno", referíndose ao seu tamaño.





Verme errante de corpo ancho, lixeiramente aplanado e que se aguza na parte posterior. Pode acadar os 15 centímetros de lonxitude cuns 300 setíxeros. Prostomio de forma case triangular con dous grandes ollos castaños, catro pequenas antenas e unha antena impar situada lixeiramente por diante dos ollos, cunha mancha castaña na base da mesma. O primeiro segmento tentacular non é visible dorsalmente. Os cirros tentaculares dorsais do primeiro segmento alcanzan o cuarto segmento, e os do segundo e terceiro segmento alcanzan o noveno segmento. Os cirros tentaculares ventrais son lixeiramente aplanados. Os cirros dorsais son cordiformes, tan longos como anchos, e os ventrais son anchos e máis ou menos apuntados. Pixidio cunha pequena papila anal e dous cirros anais lixeiramente aplanados e unhas 3-5 veces máis longos que anchos. Lóbulos setíxeros divididos en dous labios triangulares (o superior é maior), e provistos dun gran número de sedas compostas espiñosas. Cor verdosa ou amarelada, cunha ou dúas liñas transversais de manchas castañas por segmento, comezando cunhas catro por liña, que logo pasan a ser 6-8. Cada repregamento dorsal presenta unha masa de manchas castañas no centro. Femias maduras laranxas e machos esbrancuxados.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña inferior da baixamar ata os 80 metros de profundidade, baixo pedras, en gretas de rochas, en estípites de laminarias e entre grava lamacenta.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o oeste das illas británicas ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *punctifera*, é un epíteto latino que significa "con/portar/levar puntos", referíndose á coloración do seu dorso.





Poliqueto errante de corpo robusto e arqueado no dorso, que se estreita en ambos os extremos e pode acadar os 90 milímetros de lonxitude con 140 segmentos. O prostomio, que é redondeado ou triangular, case tan longo como ancho, presenta dous grandes ollos vermellos, catro antenas apicais e unha impar inserida no medio do prostomio por diante dos ollos. O primeiro segmento tentacular, que está reducido dorsalmente, ten uns cirros tentaculares que alcanzan case o cuarto segmento. O segundo e terceiro segmentos dispoñen de cirros tentaculares dorsais, que alcanzan aproximadamente os segmentos 8-10, e cirros tentaculares ventrais, que alcanzan aproximadamente os segmentos 5-6. Os cirros tentaculares son máis ou menos cilíndricos, pero o segundo ventral é ás veces claramente aplanado. Presenta sedas desde o segundo segmento que xorden ao lado anterior dos cirróforos. Os cirros dorsais son cordiformes, os anteriores curtos e os da rexión media e posteriores máis alongados. Os centrais son amplamente lanceolados e máis longos que anchos, teñen unha incisión na base e insírense nun groso cirróforo. Os lóbulos parapodiais son redondeados, lixeiramente bilobulados e presentan un elevado número de sedas. Os cirros ventrais son ovais ou lixeiramente apuntados, e máis curtos que o lóbulo parapodial. Os cirros paxidiais son de forma variable, aproximadamente 3-5 veces máis longos que anchos, cilíndricos ou lixeiramente aplanados e moi afiados na punta. A coloración é variable, pode ser verde, amarelada, castaña, avermellada, cunha mancha de pigmento branco normalmente na parte posterior dorsal do prostomio, no segundo segmento, ou tamén pode aparecer como unha banda lonxitudinal medio dorsal.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 650 metros de profundidade, sobre fondos rochosos, de pedras, grava, area, lama ou unha mestura destes; tamén no interior de estuarios onde a miúdo está asociado ao poliqueto *Lanice conchilega*. É un cazador carnívoro que se alimenta de calquera poliqueto.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita que se dá en todos os océanos, excepto no Ártico e o Antártico, e que se distribúe en augas europeas desde o mar Báltico e as illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Estudos recentes puxeron de evidencia que se trata dun complexo de especies con, ata o momento, 8 especies diferentes.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *sanguinea*, deriva do latín *sanguineus* e significa "pertencente ou relativo ao sangue", "da cor do sangue", referíndose á cor dos exemplares usados para a súa descrición.



Verme errante de corpo alongado e delgado, aplanado ventralmente e convexo dorsalmente, que se estreita en ambos os extremos, e que pode acadar 20 centímetros de lonxitude cuns 350 setíxeros. O prostomio, máis longo que ancho, é de forma cónica cunha ampla base e truncado no extremo, e está provisto de catro pequenas antenas e dous ollos pequenos subdérmicos, imperceptibles a maioría das veces. Na rexión posterior do prostomio presenta unha pequena papila nocal. O primeiro segmento porta dous pares de cirros tentaculares de forma cilíndrica e ápice afiado,



os ventrais máis longos e grosos que os dorsais. O segundo segmento non ten lóbulos setíxeros, pero si cirros ventrais similares en forma e tamaño aos dos seguintes setíxeros. Os cirros dorsais son asimétricos, circulares nos segmentos anteriores e ovais nos posteriores. Lóbulos setíxeros con bordos redondeados e unha fenda central onde se proxecta a acícula. Os cirros ventrais son de forma oval e lixeiramente máis longos que os lóbulos setíxeros. O píxidio presenta dous longos cirros anais cónicos. Cor branca cremosa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Do intermareal ata os 50 metros de profundidade, en fondos de area, area lamacenta ou lama.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *foliosa*, é un epíteto latino que significa "foliácea", "con follas", referíndose ao aspecto que lle dan os cirros dorsais.



Verme de corpo alongado que se aguza en ambos os extremos, aplanado ventralmente e algo convexo dorsalmente, que pode acadar 30 milímetros de lonxitude por apenas 1 milímetro de ancho, con ata 120 setíxeros. O prostomio, que é diminuto, ten forma triangular, truncado e redondeado anteriormente, con incisións máis ou menos profundas nos seus laterais. Ten dous ollos redondeados grandes, de cor escura, e catro antenas subuladas iguais. O primeiro segmento presenta dous pares de cirros tentaculares subovais, curtos, engrosados nas bases, sendo os dorsais algo máis longos alcanzando o segmento 3-4, e está provisto de dúas pequenas antenas e dous ollos. Cirros dorsais medios grosos, ovais ou lanceolados, inseridos nun cirróforo grosso cilíndrico; os anteriores máis anchos, os posteriores máis alongados. Mamelón setíxero bilobulado. Cirros ventrais lanceolados, case da lonxitude do pé. Sedas compostas espiñosas con dous grosos dentes en gancho e espiñas pequenas na articulación; artello terminal flexible finamente pectinado. Cirros anais ovais, o dobre de longos que anchos. Cor variable, rosa ou verde amarelada con bandas de manchas de cor avermellada ou purpúrea que percorren lonxitudinalmente o dorso, presentes tamén sobre os parapodios. O prostomio, antenas e tentáculos de cor branca.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal ata os 25 metros de profundidade, sobre fondos de maërl, area, area fina, lama, ou unha mestura destes. Tamén se pode atopar en fondos portuarios contaminados. En época reprodutiva nadan entre augas, cara á superficie, para liberar os gametos sexuais.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Groenlandia ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *picta*, deriva do epíteto latino *pictus* (decorado, pintado, coloreado), referíndose á rechamante e vistosa cor do corpo.





Verme errante de corpo alongado que se aguza en ambos os extremos, aplanado ventralmente e algo convexo dorsalmente, que con 350 setíxeros alcanza unha lonxitude de 30 centímetros por 10 milímetros de ancho. O prostomio é diminuto e de forma triangular, cunha ampla base e truncado no extremo. Está provisto de catro pequenas antenas e dous ollos. O primeiro segmento porta dous pares de cirros tentaculares subovais, sendo os superiores un pouco máis pequenos que os inferiores. O segundo segmento está provisto de sedas e posúe un par de cirros centrais similares aos posteriores, pero carece do par dorsal. Cirros dorsais triangulares, amplamente lanceolados e asimétricos, sendo os anteriores máis longos e máis anchos, e os posteriores máis alongados. Cirros ventrais ovais, máis longos que o parapodio e de forma similar aos dorsais. Pixidio con dous pequenos cirros anais ovais alongados, de 2 a 3 veces máis longos que anchos. Cor violeta con reflexos azulados; cirros de cor amarela xofre.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 10 ata os 200 metros de profundidade, sobre fondos de area ou lodo.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte da Península Ibérica ata Senegal, incluíndo o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *siphodonta*, é unha palabra composta polo epíteto latino *sipho* (sifón, tubo) e o grego *odonta* (dente) e significa tubo con dentes, referíndose a súa farinxe extensible.





Verme errante de corpo alongado, que pode alcanzar unha lonxitude duns 20 milímetros por menos de 1 milímetro de grosor máximo, con 50 setíxeros. Prostomio cordiforme, truncado anteriormente, no que destacan dous grandes ollos avermellados de forma oval, situados na parte posterior do prostomio, e cinco antenas filiformes iguais ou lixeiramente máis longas que o prostomio (a impar inserida case frontalmente); todas elas son subuladas e de lonxitude similar. Presenta 3 segmentos tentaculares, o primeiro deles non é visible dorsalmente. Os cirros tentaculares son cilíndricos, excepto o ventral do segundo segmento que é máis curto, inflado e provisto dun limbo piriforme; os dous posteriores son o dobre de longos. As sedas están presentes a partir do terceiro segmento. Os cirros dorsais son lanceolados, máis longos que anchos, atenuándose no ápice. Os cirros ventrais son similares aos dorsais, pero máis pequenos, e exceden lixeiramente a lonxitude do lóbulos parapodial. O pixidio ten dous cirros anais grandes aguzados. Lóbulos setíxeros cónicos. Cor corporal verdosa ou agrisada; cirros dorsais de cor verdosa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 50 metros de profundidade, asociado a substratos diversos como concrecións de *Balanus*, en algas infralitorais, superficies precoralíxenas e area de amphioxos, en fondos areosos, baixo pedras ou entre cunchas, mesturado habitualmente con hidrozooos e briozoos.

DISTRIBUCIÓN:

Da canle da Mancha ata Xibraltar e no Mediterráneo occidental.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pterocirrus macroceros, é de maior tamaño e os seus cirros lanceolados están bordeados por unha banda clara e nunca son de cor verde.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *limbatus*, é un epíteto latino que significa "bordeado", "bandeado", "coroado", referíndose á farinxe coroadada por 24 grosas papilas.



Verme cuxo corpo se estreita en ambos os extremos, podendo alcanzar unha lonxitude duns 8 centímetros e 1 milímetro de grosor máximo, con 170 segmentos corporais. Prostomio redondeado, tan ancho como longo, no que destacan dous grandes ollos negros de forma oval, esporadicamente con forma de ril, e cinco antenas filiformes máis longas que o prostomio, sendo a impar, inserida por diante dos ollos ao mesmo nivel que as outras, a máis longa. Posúe 3 segmentos tentaculares, o primeiro, reducido dorsalmente, está máis ou menos diferenciado do segundo, dependendo do estado de contracción do animal. O cirro ventral do segundo segmento en forma de delgada e longa folla foliácea, e os demais cirros tentaculares cilíndricos. O cirro dorsal do segmento 2 é o máis longo (pode chegar ata o segmento setíxero 13). Carece de sedas no segundo e terceiro segmento tentacular, aínda que no terceiro existe un lóbulo parapodial reducido. Os cirros dorsais son grandes e de forma lanceolada, alongados e estreitos, aguzándose cara o ápice e cos bordos resaltados. Os cirros ventrais son similares pero moito máis pequenos. Os lóbulos parapodiais teñen dous labios agudos, o superior máis longo. Dous cirros anais longos e grosos. Cor verde pálida, amarela apagada ou castaña clara, cunha mancha verde ou castaña entre os ollos e cos cirros dorsais orlados de cor clara.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 100 metros de profundidade, en fondos areosos, baixo pedras ou entre cunchas, mesturado habitualmente con hidrozoos e briozoos. Presenta sexos separados e fecundación externa. A femia ovíxera adquire unha cor verde escura, xa que a súa pel transparenta os óvulos, e o macho é de cor crema rosado ao transparentar a súa pel os gametos masculinos.

DISTRIBUCIÓN:

Do mar do Norte ata o Mediterráneo.


ESPECIES SEMELLANTES:

Pterocirrus limbatus, é de menor tamaño, o prostomio é subcordiforme, truncado anteriormente e os cirros dorsais son de cor verde pálida.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *macroceros*, é un termo composto do grego *makro* (grande) e *keras* (corno) que significa corno grande, en referencia ao tamaño da antena impar.





Verme errante de corpo longo e delgado cos extremos aguzados (máis fino o posterior), que con ata 250 segmentos setíxeros alcanza os 23 centímetros de lonxitude por un máximo de 3 milímetros de diámetro. O seu prostomio, que non se proxecta por diante dos ollos, ten unha antena impar sobre un tubérculo redondeado e dous pares de antenas laterais moi pequenas e fusiformes, as inferiores lixeiramente máis longas. Ten dous ollos moi grandes e esféricos, co cristalino orientado lateralmente. Nos seus primeiros tres segmentos presenta tres pares de cirros tentaculares, o primeiro par máis longo e unido na base por unha membrana transversal sinuosa. Os dous pares seguintes son máis curtos e dixitiformes, do mesmo tamaño e coas bases unidas por un pregue membranoso co bordo serrado arqueado. Os dous segmentos seguintes teñen os parapodios reducidos aos cirros dorsal e ventral (fusiformes), e a un mamelón pedal rudimentario apoiado por unha acícula e que porta só unas poucas sedas finas. Nas femias os cirros dorsais destes segmentos están transformados en voluminosas bolsas esféricas rematadas por un pico mucronado. A partir do terceiro segmento setíxero os parapodios desenvólvense normalmente e comprenden un longo cirro dorsal foliáceo lanceolado, un cirro ventral oval un pouco máis curto, un mamelón pedal cónico, unha longa acícula saínte, un feixe de longas sedas compostas e unha glándula segmentaria dorsal en forma de botón fortemente pigmentada e moi destacada. O seu corpo finaliza en dous longos cirros anais filiformes. O corpo é transparente como o cristal, cos ollos enormes e as glándulas segmentarias de cor castaña denegrada a violeta escura.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

É unha especie peláxica superficial que vive nadando entre augas.

DISTRIBUCIÓN:

Especie cosmopolita de augas tépedas e cálidas. A súa distribución en augas europeas abarca desde as illas británicas ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *candida*, é un epíteto latino que significa "resplandecente", "branca", referíndose á súa transparencia corporal.



Poliqueto de corpo alongado que se atenúa nos seus extremos e que, cuns 250 segmentos, alcanza 300 milímetros de longo por 4-5 milímetros de ancho. O prostomio é pequeno, de forma ovo-redondeada sen escotadura posterior, con dous grandes ollos escuros e catro antenas fusiformes un pouco comprimidas. O primeiro e segundo segmentos tentaculares están unidos, reducidos dorsalmente e en parte ventralmente. Presenta catro pares de cirros tentaculares comprimidos e, ás veces, ata foliáceos. Os do primeiro segmento alcanzan o setíxero 5-6, os dorsais do segundo e terceiro segmento alcanzan o setíxero 7-9, mentres que o par ventral do segundo segmento é o máis curto e só alcanza ao setíxero 4-5. Os cirros dorsais son grandes e foliáceos, de forma lanceolada ou con forma de corazón, normalmente os anteriores máis longos que os seguintes e netamente cordiformes; os posteriores son máis lanceolados. Os cirros ventrais teñen forma de ril ou ovo-redondeados. Os parapodios teñen dous labios, o anterior bilobulado. Sedas compostas con artello curto, relativamente ancho e coa articulación inflada, pouco espiñenta. Dous cirros anais foliáceos, 3-4 veces máis longos que anchos e co extremo romo. Corpo fosforescente dunha cor azul viva ou agrisada, cos cirros dorsais de cor verde oliva pálida e orlados dunha rechamante cor amarela.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña de baixamar ata os 50 metros de profundidade, baixo pedras, rochas e bloques, onde constrúe uns tubos mucosos nos que vive, con só unha saída. Tamén pode atoparse en rizoides de laminarias.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a canle da Mancha ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Nereiphylla rubiginosa, distínguese claramente polas dúas liñas lonxitudinais que percorren a zona central do dorso.

Nereiphylla sp., é dun tamaño menor, e o seu corpo é de cor agrisada cos cirros dorsais de cor amarela limón con manchas castañas esporádicas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *paretii*, é en honra ao marqués Lorenzo Nicoló Pareto (1800-1865) de Xénova, un xeólogo autodidacta que enviaba mostras ao autor e posiblemente fose quen enviou os exemplares usados para a súa descrición.





Poliqueto errante de corpo delgado e anchura uniforme que, con 60 setíxeros, alcanza 20 milímetros de lonxitude. Prostomio pequeno, redondeado, parece cabalgar o primeiro segmento tentacular. Ten un par de grandes ollos e catro antenas apicais subuladas. Presenta tres segmentos tentaculares, os dous primeiros están fusionados e non son visibles dorsalmente. Os cirros tentaculares son fusiformes e están lixeiramente aplanados. Os cirros tentaculares do primeiro segmento alcanzan o setíxero 4, os dorsais do segundo e terceiro segmento alcanzan o setíxero 5 e 6 respectivamente. Os cirros tentaculares ventrais do segundo segmento alcanzan ata o setíxero 4. Sedas presentes a partir do segmento 2. Os cirros dorsais son de forma cordiforme, máis longos que anchos e co ápice redondeado. Os cirros ventrais son aplanados, lixeiramente inchados, están dirixidos oblicuamente respecto ao eixo do lóbulo setíxero e os seus extremos son redondeados. O pixidio con dous cirros anais cilíndricos ou lixeiramente aplanados. Cor amarelada verdosa, con dúas liñas lonxitudinais no dorso de cor escura. Cirros dorsais de cor vermella amarelada con manchas escuras.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Baixo pedras ou entre algas ao longo da franxa sublitoral, ata os 50 metros de profundidade.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte das illas británicas ata o sur de Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pode confundirse con *Nereiphylla sp.* e con exemplares xuvenís de *Nereiphylla paretii*, aínda que se distingue perfectamente destes polas dúas liñas lonxitudinais que percorren a zona central do seu dorso.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *rubiginosa*, é un epíteto latino que significa "cheo de óxido ou ferruxe", "oxidado", referíndose á cor dos exemplares conservados en alcohol.



Verme errante de corpo robusto, ancho e de lados paralelos, que se aguza cara ambos os extremos e que pode acadar os 70 milímetros de lonxitude con 135 segmentos. O prostomio é pequeno, redondeado, case tan longo como ancho, e nel destacan un par de grandes ollos negros ovais e catro pequenas antenas apicais de similar tamaño. Os cirros tentaculares do primeiro segmento alcanzan o segmento 4 e os cirros tentaculares dorsais do segundo e terceiro segmento poden atinxir o segmento 8. Os cirros tentaculares ventrais do segundo segmento son aproximadamente da mesma lonxitude que os do primeiro segmento. Sedas presentes a partir do segundo segmento, xurdindo da parte anterior do cirróforo. Os cirros dorsais, que teñen forma de corazón e son lixeiramente apuntados, vanse facendo maiores cara ao centro do corpo. Os lóbulos parapodiais son redondeados cunhas poucas sedas. Os cirros ventrais son redondeados e oriéntanse oblicuamente cara arriba. O pixidio presenta dous cirros anais cos ápices máis ou menos aguzados. Cor do corpo amarela agrisada cos cirros dorsais de cor amarela limón e con manchas castañas dispersas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 20 ata os 300 metros de profundidade, en fondos de lama, area, cuncheiro, grava e pedras, onde constrúe galerías con dúas saídas e que recobre internamente cunha fina capa de seda para estabilizar as súas paredes.



DISTRIBUCIÓN:

Atópase en toda a fachada atlántica galega.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pode confundirse con xuvenís de *Nereiphylla paretii*, mais os cirros dorsais deste son de forma lanceolada, de cor amarela co centro verdoso.

Nereiphylla rubiginosa, presenta dúas liñas lonxitudinais que percorren o centro dorsal.



Verme errante, aplanado ventralmente e convexo dorsalmente, con ambos os extremos afiados e que, con 155 setíxeros, pode alcanzar unha lonxitude máxima de 8 centímetros por apenas 2 milímetros de ancho. O prostomio é de forma redondeada a triangular cunha marcada prolongación posterior onde se sitúa a papila nocal. Ten dous grosos ollos e catro curtas antenas fusiformes. Os cirros tentaculares do primeiro segmento alcanzan o segmento 5 e os cirros dorsais do segundo e terceiro segmentos alcanzan o segmento 8. Os cirros tentaculares ventrais do segundo e terceiro segmento son, aproximadamente, da mesma lonxitude que os do primeiro segmento. Presenta sedas a partir do terceiro segmento. Os cirros dorsais son de forma oval con cirróforos ben diferenciados, mentres que os ventrais son redondeados e case tan longos como o lóbulo setíxero. O píxidio presenta unha diminuta papila anal en posición media e dous uritos cilíndricos, co extremo redondeado e aproximadamente o dobre de longos que anchos. Os lóbulos setíxeros son delgados e lixeiramente asimétricos, coa parte superior máis longa que a inferior. Cor de fondo branca con pigmentación castaña avermellada e reflexos azulados formando bandas transversais no dorso. Cirros dorsais de cor branca cunha mancha central marróncea que se vai diluíndo cara aos bordos.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 10 ata máis de 500 metros de profundidade, sobre fondos lamacentos, ou sedimentos mestura de lama, area, cunchas ou pedras.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Phyllococe maculata, alcanza un tamaño lixeiramente maior. Ten o prostomio cordiforme, os cirros dorsais anteriores de forma ovalada obtusa e os centrais cuadrangulares.

Phyllococe mucosa, alcanza un maior tamaño cun ancho relativamente menor. O seu prostomio é rectangular redondeado, os cirros dorsais anteriores son subovais e os centrais subrectangulares a subromboidais.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *kosteriensis*, é un xentilicio latino que significa "de Koster", en referencia ao lugar de recollida das mostras para a súa descrición, as illas Koster en Suecia.





Verme errante de corpo alongado que, con 250-700 setíxeros, pode alcanzar 300 milímetros de lonxitude. O prostomio é de forma pentagonal cunha escotadura posterior, onde se sitúa a papila nocal ben visible, catro pequenas antenas apicais e dous ollos, relativamente pequenos, de cor castaña avermellada. O primeiro segmento está recuberto dorsalmente pola parte posterior do prostomio. Os cirros tentaculares do primeiro segmento alcanzan o segmento 7, os dorsais e ventrais do segundo segmento alcanzan os segmentos 12 e 6 respectivamente. Os cirros dorsais do terceiro segmento teñen a mesma lonxitude que os do segundo. Presenta sedas a partir do terceiro segmento. Os cirros dorsais da parte central do corpo son de forma rectangular e recobren, cando o animal está en repouso, a parte central dorsal. Os cirros ventrais teñen o extremo dirixido cara á parte ventral. Pixidio con dous cirros anais cilíndricos, aproximadamente sete veces máis longos que anchos. Cor amarela verdosa con franxas transversais de cor castaña e azul. Regregamentos verdosos con marcas castañas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Escóndese baixo pedras, rochas e bloques, desde a liña de baixamar ata os 1000 metros de profundidade, tamén pode atoparse en rizoides de laminarias. É un verme moi activo e un gran depredador, cando se lle molesta segrega unha especie de moco por todo o corpo.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o océano Ártico ata o sur de Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:

Phyllodoce laminosa, alcanza un menor tamaño, ten os cirros dorsais de forma oblonga cordiforme e é de cor verde brillante.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *groenlandica*, é un xentilicio latino que significa "procedente/de Groenlandia", referíndose á zona onde se colleitaron os exemplares para a súa descrición.





Verme errante de corpo moi longo e delgado, que se aguza en ambos os extremos e que pode acadar os 60 centímetros de lonxitude cuns 350-400 segmentos. O prostomio, que é piriforme ou cordiforme e lixeiramente escotado na parte traseira, ten dous grandes ollos negros e catro antenas curtas e cónicas. Ten catro cirros tentaculares cilíndricos acuminados e longos, alcanzando o par posterior os segmentos 6-8. O primeiro segmento tentacular non é visible desde a parte dorsal. Os cirros dorsais, que son grandes, foliáceos, lanceolados e asimétricos, insírense de forma sublateral. Os cirros ventrais, ovais e lanceolados, apenas exceden o pé. Os parapodios presentan dous labios, un deles bilobulado. As sedas teñen a articulación lixeiramente inflada e adornada con pequenas espiñas, e o artello terminal é longo e finamente pectinado. O corpo finaliza en dous cirros anais cilíndricos. Corpo fosforescente dunha cor verde escura con iridiscencias azuis metálicas, cirros dorsais de cor parda-amarela ou verde oliva.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 1200 metros de profundidade, en fondos rochosos, de seixos, de maël e areosos. En pozas de marea, baixo pedras, en estípites de algas, entre *Posidonia* ou gretas de rocha.

DISTRIBUCIÓN:

Do suroeste das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Phyllodoce laminosa, alcanza un maior tamaño, presenta os cirros dorsais máis anchos e a súa cor é verde brillante.

Phyllodoce madeirensis, é de menor lonxitude, o prostomio é cordiforme, os cirros dorsais son lanceolados, lixeiramente



apuntados, e a súa cor é verde acastañada con iridiscións azuis no dorso.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *lamelligera*, é un epíteto latino que significa "portadora de láminas", referíndose á aparencia que lle dan os seus cirros dorsais.





Poliqueto errante de corpo moi longo e delgado, que pode acadar os 75 centímetros de lonxitude cuns 600 segmentos. O prostomio, que é pentagonal cunha papila nocal na incisión posterior, ten dous ollos grandes e catro antenas subiguais. Ten catro pares de cirros tentaculares cilíndricos e acuminados, dispostos nos primeiros tres segmentos corporais. O primeiro segmento non é visible desde o dorso e os cirros tentaculares alcanzan o segmento 6. Os cirros tentaculares dorsais e ventrais do segundo segmento alcanzan o segmento 13 e 6 respectivamente. Os cirros tentaculares dorsais do terceiro segmento, alcanzan o segmento 12. Os cirros dorsais son grandes e foliáceos, significativamente asimétricos coa parte superior máis longa que a inferior, e inseridos de forma lateral; os anteriores son de forma oval alongada e os seguintes cordiformes irregulares, máis altos que anchos. Os cirros ventrais son máis pequenos, de forma oblonga e exceden o lóbulos setíxero; os anteriores son obtusos e os seguintes acuminados. Os parapodios teñen dous lóbulos, un deles bilobulado. As sedas son compostas, coa articulación engrosada e espiñenta. A parte corporal final é longa e aguzada, finalizando en dous cirros pixidiais non foliáceos, catro veces máis longos que anchos. Cor verde brillante, con manchas de pigmento escuro no prostomio e formando bandas transversais sobre o dorso; parte posterior do dorso con tres manchas por segmento, unha central e as outras laterais.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 20 metros de profundidade, baixo pedras e bloques, en gretas de rochas, entre cuncheiro e mesmo baixo capas de mexillóns.

DISTRIBUCIÓN:

Do Mar do Norte ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Phyllodoce groenlandica, alcanza un tamaño menor, os seus cirros dorsais centrais son de forma rectangular e de cor amarela verdosa con franxas transversais dorsais de cor castaña e azul.

Phyllodoce lamelligera, é de menor lonxitude, presenta os cirros dorsais máis estreitos e a cor do seu dorso é azul metálica.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *laminosa*, é un epíteto latino que significa "con textura en forma de lámina", referíndose á forma dos seus cirros dorsais.



Verme errante de corpo lineal e ancho uniforme, atenuado na parte anterior e moi delgado na parte posterior, que con ata 700 segmentos pode acadar 40 centímetros de lonxitude por uns 4 milímetros de diámetro máximo. O prostomio, que é cordiforme coa papila nocal na incisión posterior, ten dous ollos escuros de talla media e catro antenas aguzadas, grosas e subiguais. Ten catro pares de cirros tentaculares cilíndricos, desiguais e dispostos no primeiros tres segmentos corporais. O primeiro segmento non é visible desde o dorso e os cirros tentaculares alcanzan aproximadamente o segmento 7. Os cirros tentaculares (dorsais e ventrais) do segundo segmento, alcanzan os segmentos 15-18 e 7 respectivamente. Os cirros tentaculares dorsais do terceiro segmento alcanzan o segmento 13. Os cirros dorsais dos segmentos anteriores teñen forma de ril, os da zona media corporal son cordiformes e os posteriores son ovalo-alongados. Os cirros ventrais son máis pequenos, de forma lanceolada acuminada, e son máis longos que os lóbulos parapodiais. Os parapodios teñen dous labios, o superior lixeiramente máis longo que o inferior. A parte final do corpo é longa e aguzada, e finaliza en dous cirros pixidiais longos e cirriformes. O prostomio presenta unha pigmentación escura na parte anterior aos ollos. O dorso presenta pigmentación escura lateralmente e no centro das zonas pseudo-segmentais, onde forma unha distintiva liña central lonxitudinal; os cirros dorsais son de cor verdosa e están bordeados en gris. Parte ventral de cor clara.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 900 metros de profundidade, en fondos de maërl, area, lama ou mestura destes, onde se pode desprazar entre o sedimento e enterrarse, illado do medio pola enorme cantidade de moco que xera. É unha especie carnívora que se alimenta de pequenos crustáceos e outros diminutos poliquetos.

DISTRIBUCIÓN:

Do leste e oeste de Escocia ata Costa de Marfil, incluíndo o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Phyllodoce groenlandica, é de menor lonxitude, os seus cirros tentaculares non exceden o segmento 10, os cirros dorsais son de forma lanceolada e o dorso é de cor amarela verdosa con franxas transversais castañas e azuis, cos cirros dorsais de cor verdosa con marcas castañas.

Phyllodoce laminosa, é de maior tamaño, os seus cirros dorsais son grandes e foliáceos e o dorso é de cor verde brillante coa pigmentación formando tres manchas por segmento.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *lineata*, fai referencia á distintiva liña central lonxitudinal que forma a pigmentación sobre o seu dorso.



Verme errante de corpo longo e delgado, lixeiramente adelgazado na parte posterior, que con 250 segmentos setíxeros alcanza 100 milímetros de lonxitude por 2 milímetros de ancho. O prostomio é alongado, lixeiramente triangular, cunha escotadura posterior ben visible onde se sitúa a papila nocal. Ten dous ollos medianos de cor avermellada e catro antenas anteriores curtas subuladas. O primeiro segmento tentacular non é visible dorsalmente. Os cirros tentaculares dorsais do primeiro segmento alcanzan o segmento 5-6. Os cirros tentaculares (dorsal e ventral) do segmento 2, alcanzan o segmento 8 e 5 respectivamente. Os cirros tentaculares dorsais do terceiro segmento alcanzan o segmento 8, mentres que os ventrais son pequenos. Todos os cirros tentaculares son cilíndricos e, excepto os do primeiro segmento, teñen acículas. Presenta sedas a partir do terceiro segmento. Os cirros dorsais dos segmentos centrais son de forma oval, co perfil lixeiramente rectangular, e os posteriores son máis alongados. Os cirros ventrais son ovais, de bordo redondeado, e máis longos que o lóbulo setífero. Pixidio cun par de uritos, unhas cinco veces máis longos que anchos. O corpo é de cor branca ou amarela pálida con bandas transversais parda escura e os cirros dorsais pardentos.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 400 metros de profundidade, en substratos de grava, cuncheiro, area ou lama, escondéndose baixo pedras. Tamén asociada a cultivos de mexillóns en batea e bancos de ostras. É unha especie carnívora que se alimenta de pequenos crustáceos e doutros poliquetos. Son características as súas postas de ovos de cor verde que realiza en bolsas mucosas, as cales colga de rochas ou algas.



formando bandas transversais no dorso.

Phyllodoce mucosa, é de cor máis clara, alcanza unha maior lonxitude, é relativamente máis delgado e os cirros ventrais son máis longos.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o océano Ártico, incluído todo o noroeste de Europa, ata as costas portuguesas.

ESPECIES SEMELLANTES:

Paranaitis kosteriensis, alcanza un tamaño lixeiramente menor. Ten o prostomio de forma redondeada e a súa cor é esbrancuxada con pigmentación castaña avermellada e reflexos azuis

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *maculata*, é un epíteto latino que significa "manchado", "salpicado de manchas", referíndose á súa coloración dorsal.



Poliqúeto errante de corpo longo e delgado, que con 300 segmentos pode alcanzar os 10 centímetros de lonxitude. O prostomio é cordiforme e na parte posterior presenta unha depresión onde se sitúa a papila nocal. Ten dous ollos grandes e catro antenas frontais, curtas e cilíndricas. O primeiro segmento non é visible dorsalmente ao estar cuberto pola parte posterior do prostomio. Os cirros tentaculares dorsais do primeiro segmento alcanzan o segmento 5. Os cirros tentaculares (dorsal e ventral) do segundo segmento alcanzan os segmentos 12 e 6, respectivamente. Os cirros tentaculares dorsais do primeiro segmento alcanzan o segmento 12, e os ventrais son similares aos anteriores. Todos os cirros tentaculares son cilíndricos. Presenta sedas a partir do cuarto segmento. Cirros dorsais de forma lanceolada, lixeiramente apuntados, os anteriores máis simétricos e pequenos que os posteriores, que adoptan unha forma máis irregular. Os cirros ventrais son ovais, lixeiramente máis longos que o lóbulo setíxero. Pixidio con dous uritos filiformes. Parte final con dous cirros anais fusiformes. Cor verdosa acastañada, con manchas castañas e reflexos metálicos no dorso, e os cirros dorsais con pequenas manchas castañas dispersas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 5 ata máis de 900 metros de profundidade, tanto en substratos brandos (grava, area, lama ou unha mestura destes) como en substratos duros (concrecións calcarias, fondos coralíxenos), entre algas infralitorais ou entre tubos de vermétidos.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita de augas tépedas e tropicais. A súa distribución en augas europeas abarca desde Francia ata o Mediterráneo, incluíndo os arquipélagos de Azores, Madeira e Canarias.

ESPECIES SEMELLANTES:

Phyllodoce lamelligera, alcanza un maior tamaño e o seu corpo fosforescente é dunha cor verde escura con irisacións azuis metálicas, cos cirros dorsais de cor parda-amarela ou verde oliva.

Phyllodoce laminosa, alcanza un maior tamaño e é de cor verde brillante, con manchas de pigmento escuro no prostomio formando bandas transversais sobre o dorso.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *madeirensis*, é un xentilicio latino que significa "de/procedente de Madeira", en alusión ao arquipélago de Madeira onde se recolleron os exemplares usados na descrición da especie.





Verme errante de corpo longo e delgado, de lados paralelos, que se aguza gradualmente na parte posterior e que, cuns 275 segmentos setíxeros, alcanza 15 centímetros de lonxitude por uns 3 milímetros de ancho. O prostomio é rectangular redondeado, lixeiramente máis ancho que longo, e cunha papila nocal na incisión posterior. Ten dous ollos grandes, de cor castaña avermellada, e catro antenas curtas subuladas. O primeiro segmento non é visible dorsalmente. Os cirros tentaculares dorsais do primeiro segmento alcanzan o segmento 6. Os cirros tentaculares dorsal e ventral do segundo segmento alcanzan os segmentos 10 e 6, respectivamente. Os cirros tentaculares dorsais do terceiro segmento son dunha lonxitude similar aos anteriores. Todos os cirros tentaculares, excepto os do primeiro segmento están provistos de acículas. Presenta sedas a partir do terceiro segmento. Os cirros dorsais anteriores son de forma suboval, os centrais son subrectangulares a romboidais e os posteriores lanceolados obtusos. Os cirros ventrais son elípticos, acuminados, están lixeiramente dirixidos cara abaixo e son lixeiramente máis longos que o lóbulo setíxero. Pixidio con dous uritos cilíndricos e longos, aproximadamente unhas seis veces máis longos que anchos. O corpo é de cor abrancazada ou amarela pálida, raiado ou punteado en castaño, e os cirros dorsais claros, lixeiramente manchados en castaño.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da zona intermareal ata os 400 metros de profundidade, en fondos de area e lama, entre pedras e cuncheiro. É unha especie carnívora que se alimenta de pequenos crustáceos e doutros poliquetos.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Suecia ata África occidental, incluíndo o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Phyllodoce maculata, a súa cor é máis escura, alcanza un menor tamaño e os cirros ventrais son máis curtos e aguzados.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *mucosa*, é un epíteto latino que significa "que produce moco", referíndose á característica secreción na que se envolve.





Verme errante de corpo longo, delgado e aplanado, que chega a alcanzar unha lonxitude de 124 milímetros, con 117 segmentos setíxeros. Corpo lixeiramente máis ancho na parte dianteira, aguzándose gradualmente desde a rexión media cara ao pixidio. A súa diminuta cabeza ten forma pentagonal e está provista dunha gran probóscide eversible, que está recuberta por prominentes papilas e mandíbulas córneas, de dúas pequenas antenas e de dous pequenos palpos de tamaño similar ao das antenas. Os ollos non son evidentes. O corpo presenta unha sección transversal oval, aínda que visto desde enriba pareza plano como consecuencia da proxección lateral dos parapodios. O primeiro segmento ten só cirros tentaculares ventrais filamentosos. As branquias, que comezan no segmento 4, finalizan no extremo posterior. Cor crema irisado coa parte central do dorso un pouco máis escura; sedas de cor ámbar que se escurecen cara á parte traseira.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da zona intermareal ata os 100 metros de profundidade, onde se enterra en sedimentos de area fina, area lamacenta ou lodo, sendo máis abundante en area lamacenta en zonas de fortes correntes de marea. É unha especie escavadora que non forma tobos. Desprázase pola area por medio de vigorosas ondulacións laterais do corpo en busca de presas, vermes e moluscos, que caza coa gran probóscide eversible. Tamén é capaz de nadar grazas ao seu característico movemento consistente nunha ondulación rápida lateral, a partir da parte traseira, que aumenta en amplitude cara á cabeza. Esta especie está asociada normalmente con *Nephtys hombergii*.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aínda que todas as especies do xénero *Nephtys* son facilmente confundibles, *Nephtys assimilis* pode distinguirse por unha cabeza diminuta e pola parte anterior máis grosa que o resto do corpo, que presenta forma fusiforme.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *assimilis*, é un epíteto latino que significa "similar", "próximo", referíndose á súa proximidade e posible confusión con outras especies do xénero.





Verme de vida libre e corpo longo e robusto, que chega a alcanzar unha lonxitude de 250 milímetros, con 150 segmentos setíxeros. O corpo presenta unha sección transversal cuadrangular, lixeiramente redondeado dorsalmente, aínda que visto desde enriba pareza plano como consecuencia da proxección lateral dos parapodios. Corpo ancho uniforme que se aguza en ambos os extremos. A súa diminuta cabeza ten forma pentagonal, máis ancha que larga, coa marxe anterior lixeiramente redondeada. Está provista dunha gran probóscide eversible, que aparece recuberta por prominentes papilas e mandíbulas córneas internas, de dúas pequenas antenas situadas nas esquinas frontais da cabeza (que lle dan a esta unha forma de "T"), de dous pequenos palpos cónicos (algo máis longos que as antenas) e dous pequenos ollos de cor castaña escura. Os palpos están inseridos ventrolateralmente na rexión anterior do prostomio, lixeiramente por detrás das antenas. O primeiro segmento presenta cirros tentaculares. Os dorsais son tan longos como as antenas, e os ventrais un pouco máis longos que os palpos. Os lóbulos aciculares son simples ou lixeiramente bilobulados, os dorsais máis claramente bilobulados. A lamela presetal é rudimentaria, a postsetal simple, grande, redondeada e excede amplamente o lóbulo acicular. Lamelas ventrais algo máis grandes que as dorsais. O cirro dorsal é pequeno e filiforme, o ventral algo máis groso. As branquias son cirriformes, comezan a partir do segmento 4-6 e se estenden ata os últimos segmentos corporais. A acícula é recta. As sedas dos feixes anteriores son curtas, as posteriores máis longas, ata 5 veces a lonxitude das anteriores. O corpo finaliza nun longo urito impar. Cor entre abrancazada a castaña verdosa e bronceada clara, cunha cutícula lixeiramente irisada; branquias vermellas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da zona intermareal ata os 1000 metros de profundidade, onde se enterra na capa superior de sedimentos de area grosa, area fina ou area lamacenta. Non constrúe tobos, senón que se despraza pola capa superior do sedimento por medio de vigorosas ondulacións laterais do corpo. Tamén é capaz de nadar grazas ao seu característico movemento consistente nunha ondulación rápida lateral, que se inicia na parte traseira e aumenta en amplitude cara á cabeza. Presenta sexos separados, con varios períodos reprodutivos ao longo do ano, principalmente de abril a maio e tamén en agosto. As larvas son planctónicas. Alcanzan a madurez sexual aproximadamente aos dous anos, cunha lonxevidade duns 7 anos.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aínda que todas as especies do xénero *Nephtys* son facilmente confundibles, *Nephtys caeca* pode distinguirse pola sección corporal máis cuadrangular, e a súa cor bronceada clara irisada sobre a que destacan as branquias, que forman unha liña vermella lonxitudinal nos costados.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *caeca*, é un epíteto latino que significa "cego", referíndose aos seus imperceptibles ollos.



Poliqueto errante de corpo longo e robusto, que chega a alcanzar unha lonxitude de 300 milímetros, con 140 segmentos setíxeros. Corpo de ancho uniforme que se aguza abruptamente nos últimos segmentos. O diminuto prostomio é de forma subcuadrangular, a marxe anterior recta e a posterior en forma de "V", con dúas pequenas antenas e dous pequenos palpos, cónicos, curtos e de tamaño similar. Os ollos non son visibles. Está provista dunha gran probóscide eversible, recuberta por prominentes papilas e con mandíbulas córneas. Os palpos están inseridos ventro-lateralmente na rexión anterior do prostomio, lixeiramente por detrás das antenas. Os órganos nocais son redondeados. O corpo presenta unha sección transversal oval, aínda que visto desde enriba pareza plano como consecuencia da proxección lateral dos parapodios. O primeiro segmento presenta cirros tentaculares dorsais máis pequenos que as antenas e os ventrais un pouco maiores. Os parapodios son birrámeos e fortemente ciliados. Branquias cirriformes desde o segmento setíxero 7-11 ata o final do corpo, recurvadas, curtas, finas e fortemente ciliadas. Cor crema coas sedas de cor ámbar. As acículas dos segmentos anteriores cos ápices vermellos e as das zonas media e posterior con ápices escuros.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da parte inferior da zona intermareal ata os 960 metros de profundidade, onde se enterra na capa superior de sedimentos de area e lama. Non constrúe tobos, senón que é capaz de desprazarse pola area por medio de vigorosas ondulacións laterais do corpo en busca de presas (vermes e moluscos principalmente), que caza ca súa gran probóscide eversible. Tamén é capaz de nadar grazas ao característico movemento consistente nunha ondulación rápida lateral, que se inicia na parte traseira e aumenta en amplitude cara á cabeza.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aínda que todas as especies do xénero *Nephtys* son facilmente confundibles, *Nephtys ciliata* pode distinguirse por uns segmentos corporais da mesma anchura que os parapodios, o que lle dá un característico aspecto de peite dobre.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *ciliata*, é un epíteto latino que significa "ciliada", referíndose aos seus parapodios.





Poliqueto errante de corpo longo, delgado e aplanado, que chega a alcanzar unha lonxitude de 100 milímetros con 100 segmentos. O seu pequeno prostomio, coa probóscide evaxinada, é de forma pentagonal (máis longa que ancha), e ten catro antenas cónicas relativamente longas e delgadas, as posteriores algo máis grandes. Os ollos non son evidentes. O corpo presenta unha sección transversal oval, aínda que visto desde enriba pareza plano como consecuencia da proxección lateral dos parapodios. O primeiro segmento está moi pouco desenvolvido, co notopodio reducido a un pequeno montículo e o neuropodio cun cirro ventral algo máis longo que as antenas posteriores. O resto dos parapodios teñen a rama dorsal un pouco máis pequena que a ventral. O lóbulo acicular do notopodio é redondeado na primeira metade do corpo e cónico no resto, mentres que no neuropodio sempre é cónico, facéndose extremadamente apuntado nos últimos segmentos. As branquias, relativamente delgadas, son ciliadas e están ben desenvolvidas do segmento 4 ata aproximadamente o 60, a partir do cal o seu tamaño vai decrecendo gradualmente ata facerse igual, ou máis pequenas, que o cirro dorsal. O píxidio cun longo urito. Cor amarela esbrancuxada irisada, coas branquias vermellas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Entérrase en fondos de area fina ou semigrasa, onde pode acadar grandes densidades, desde a zona intermareal ata os 170 metros de profundidade. Aínda que pode aparecer esporadicamente en zonas de areas lamacentas, mostra unha clara preferencia por niveis baixos de lodos. Non constrúe tobos, desprázase polo sedimento por medio de vigorosas ondulacións laterais do corpo. Tamén é capaz de nadar grazas a un característico movemento consistente nunha ondulación rápida lateral, que se inicia na parte traseira e aumenta en amplitude cara á cabeza. É un hábil carnívoro que se alimenta de vermes e moluscos, que caza ca súa gran probóscide eversible.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o mar do Norte ata Costa do Marfil, incluíndo o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aínda que todas as especies do xénero *Nephtys* son facilmente confundibles, *Nephtys cirrosa* distínguese, ademais de polas súas dimensións, pola forma dos cirros dorsais, a clara escultura en forma de serra dobre e polo pequeno tamaño e forma das branquias.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *cirrosa*, é un epíteto latino que significa "con cirros", referíndose á súa aparencia.





Verme errante de corpo longo, delgado e aplanado, lixeiramente máis ancho na parte anterior para, gradualmente, aguzarse desde a parte media cara ao final. Chega a alcanzar unha lonxitude de 200 milímetros, con 200 segmentos. A trompa eversible é cilíndrica e presenta 22 filas lonxitudinais con 2-5 papilas cónicas cada unha, e unha papila mediodorsal de maior tamaño. O corpo presenta unha sección transversal rectangular, aínda que visto desde enriba pareza plano como consecuencia da proxección lateral dos parapodios. Prostomio de forma subrectangular, coa marxe anterior recta e moito máis longa que ancha, provisto de catro antenas cónicas, as posteriores máis longas. Os ollos non son evidentes. O primeiro segmento está pouco desenvolvido, cun pequeno cirro dorsal en forma de tubérculo e un cirro ventral un pouco máis longo que as antenas posteriores. O resto dos parapodios teñen as ramas moi separadas e o arco interrrenal uniformemente ciliado. As branquias, que comezan no segmento 4, 5 ou 6, finalizan no extremo posterior. Cor entre rosada e rosa forte con reflexos anacarados, sedas douradas e branquias de cor vermella.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 1000 metros de profundidade, en fondos de area grosa, area fina, lama ou unha mestura destes, onde se enterra. Mostra unha clara preferencia por niveis altos de lodos. Non constrúe tobos, senón que se despraza polo sedimento por medio de vigorosas ondulacións laterais. Tamén é capaz de nadar grazas a un característico movemento consistente nunha ondulación rápida lateral, que se inicia na parte traseira e aumenta en amplitude cara á cabeza. Presenta unha gran tolerancia a un amplo rango de temperatura e salinidade, por iso é capaz de vivir en zonas de estuario e na zona intermareal. Como as outras especies do xénero, é un carnívoro que se alimenta de pequenos moluscos e outros poliquetos, que caza ca súa gran probóscide eversible.

DISTRIBUCIÓN:

Especie case cosmopolita que en augas europeas se distribúe desde as illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aínda que todas as especies do xénero *Nephtys* son facilmente confundibles, *Nephtys hombergii* distínguese por ser unha das de maior lonxitude, pola súa cor rosada e as branquias vermellas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *hombergii*, é en honra dun mozo naturalista de Le Havre, M. Homberg.





Poliqueto errante que, cuns 130 segmentos, pode alcanzar 9 centímetros de longo. O corpo é longo, delgado, aproximadamente do mesmo ancho en toda a súa lonxitude, aguzándose na parte posterior. Prostomio pentagonal, coa parte dianteira lixeiramente convexa e máis estreita, con catro antenas, as anteriores triangulares e aplanadas, as posteriores cónicas cun constrinximento na base. O primeiro segmento está moi reducido e presenta uns cirros dixitiformes de maior tamaño que as antenas prostomiais. O resto de parapodios coas láminas presetais do notopodio pequenas e redondeadas, do mesmo xeito que as postsetais, aínda que estas son tan longas ou máis que o lóbulo acicular. No neuropodio o lóbulo acicular tamén é redondeado, coa lámina presetal simple e redondeada, mentres que a postsetal é oval, dúas veces máis longa que o lóbulo acicular, e cunha característica inflexión na parte ventral. As branquias comezan no terceiro segmento e acadan o máximo desenvolvemento entre os segmentos 10 e 15, reducíndose visiblemente na última parte do corpo. O tamaño das sedas é dúas veces superior ao das ramas do parapodio. Cor crema con irisacións rosadas, sedas esbrancuxadas e cabeza amarela pálida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 5 ata os 1000 metros de profundidade, en fondos de area fina ou semigrosa, onde pode acadar grandes densidades. Non constrúe tobos, desprázase polo sedimento por medio de vigorosas ondulacións laterais do corpo. Tamén é capaz de nadar grazas a un característico movemento consistente nunha ondulación rápida lateral, que se inicia na parte traseira e aumenta en amplitude cara á cabeza. É unha especie que resiste ben os cambios de salinidade, polo que se pode atopar en augas salobres.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita, cuxa distribución europea abarca desde o océano Ártico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aínda que todas as especies do xénero *Nephtys* son facilmente confundibles, *Nephtys longosetosa* pode diferenciarse, ademais de polas súas dimensións, polos parapodios fortemente ciliados e a lonxitude das sedas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *longosetosa*, é un epíteto latino composto que significa "sedas longas", referíndose á lonxitude das sedas dos parapodios.





Verme de forma filiforme, longo e delgado, arqueado dorsalmente e ventralmente aplanado, que se aguza en ambos os extremos (especialmente cara á parte traseira), e que cuns 120 segmentos pode acadar os 60 milímetros de lonxitude por 1 milímetro de diámetro. Prostomio redondeado con catro grosas papilas cilíndricas frontais a modo de antenas e normalmente invaxinado nos primeiros segmentos. Ten catro ollos con forma de ril, cubertos por unha cutícula e dispostos en cadrado, aínda que a súa posición no corpo varía dependendo do estado de contracción da rexión anterior. O segmento bucal non ten sedas, ten os parapodios reducidos e un par de papilas esféricas (cirros tentaculares). Todo o dorso está provisto de filas lonxitudinais de cirros en forma de tubérculos esféricos cunha prolongación terminal. Dorso do primeiro segmento cun par de tubérculos, o resto cunha fila transversal de catro tubérculos, dous pequenos e dous grandes cada un. Parapodios curtos e cónicos, cubertos de papilas. A papila máis grossa cilindro-cónica e mucronada (biarticulada) é o cirro ventral. Sedas simples curtas, co extremo falciforme a partir dun engrosamento, co bordo cóncavo da lámina falciforme e o engrosamento ás veces finamente serrado. Pixidio con dous tubérculos esféricos, un pouco máis grosos que os do segmento anterior, e un cirro anal impar. Cor amarela pálida, cirros dorsais esféricos de cor branca amarelada opaca.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Entre pedras, baixo rochas, fragmentos de cunchas, anacos coralinos ou en grava, desde a liña de baixamar ata máis de 1400 metros de profundidade.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie anfiatlántica cuxa distribución en Europa abrangue desde o océano Ártico ata o noroeste da Península Ibérica.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *gracilis*, é un epíteto latino que significa "delgado", "esvelto", "fino", referíndose á súa forma corporal.





Verme tubícola co corpo dividido en tres rexións totalmente diferentes, que pode acadar os 250 milímetros de lonxitude e 25 milímetros de diámetro. Na cabeza destaca a boca, con forma de funil, e con dous longos palpos apuntados. A parte central está conformada por cinco segmentos modificados, o primeiro en forma de á (portadoras dunha bolsa de moco), o segundo cun aparello peneirador en forma de copa e os tres últimos cunhas papilas dorsais con forma de remo, cuxa función é bombear auga a través do tubo. A zona posterior está formada por 20-70 segmentos portadores de sedas que se estreitan cara a parte posterior. Viven nun tubo circular, formado por varias capas de mucus segregado polo animal, o que lle confire unha textura de pergameo. Cor verdosa pálida ou crema, con tonalidades rosadas nas femias. Son capaces de emitir intensos escintileos bioluminiscentes en resposta a estímulos externos.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 500 metros de profundidade, enterrado baixo o sedimento de area, cunheiro, lama ou unha mestura destes, nun tubo con forma de "U" formado por un material apergamiñado incrustado externamente por grans de area. Este tubo pode acadar unha lonxitude de 85 centímetros por uns 4 centímetros na parte central, que é a de maior diámetro. Os extremos son máis delgados, e asoman por riba do sedimento, de onde sobresaen entre 10 e 13 centímetros en forma de chemineas cónicas. Aliméntase de plancto, aínda que existe discrepancia sobre se é un animal filtrador ou suspensívoro, dado que o seu método de recollida de alimento difire doutros animais filtradores. Para facer pasar auga limpa a través do tubo, eliminar produtos de refugallo e recoller comida do plancto, o verme axita os 3 segmentos con forma de remo da parte central do corpo contra a parede interior do tubo. Este movemento crea un fluxo de auga que entra pola abertura do extremo anterior e sae pola posterior. Existe pouca información dispoñible sobre a súa reprodución. Con todo, si se sabe que presentan sexos separados e fecundación externa. Reprodúcese no verán, para o cal estenden a parte traseira do corpo fóra da parte posterior do tubo, e liberan os gametos sexuais envoltos nunha especie de moco. As larvas son planctónicas, o que permite a súa dispersión ao deixarse arrastrar pola corrente, alimentándose de fitoplancto antes de asentarse no fondo mariño e comezar a construír o tubo.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita que se distribúe en augas europeas desde Noruega ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *variopedatus*, é unha palabra composta por dous epítetos latinos, *vario* (vario, distinto) e *pedatus* (con pés, que ten pés), e significa "con varios pés", referíndose á forma do terceiro segmento corporal.





Verme tubícola sedentario cuxo corpo, formado por 60-70 segmentos, pode alcanzar os 40 milímetros de longo por 2 milímetros de diámetro. O corpo é fráxil, filiforme e está dividido en tres rexións claramente diferenciadas. O prostomio, que é de forma cónica, presenta unha boca disposta de forma terminal, dúas manchas oculares, dúas pequenas antenas moi curtas, finas e dixitiformes, e dous longos e delgados palpos canaliculados con función alimentaria. A rexión anterior, que é de forma deprimida e semicilíndrica, está formada por 10-18 setíxeros sen rama ventral, portadores dunha ampla gama de sedas simples lanceoladas e falciformes. A rexión central está formada por 7-24 setíxeros con ramas dorsais foliáceas e bilobuladas que portan sedas capilares, e ramas ventrais con uncinos en grupos de 9-12 no lóbulo inferior e de 2 no lóbulo superior. Os uncinos teñen forma triangular, con 8-9 dentes afiados no bordo e un dente obtuso ventral máis grosso. A rexión posterior está formada por numerosos segmentos curtos e birrámeos, coas ramas dorsais en forma de papilas cilíndricas finalizadas nun ensanche redondeado. Fabrica un tubo apergamiñado, ríxido, translúcido e abrancazado, anelado e a miúdo bifurcado. O tubo está fixado nun extremo ao substrato, de maneira que o animal só asoma os tentáculos. A cor do verme é amarelada con manchas pigmentarias avermelladas sobre os tentáculos da rexión anterior.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 4 ata os 100 metros de profundidade, sobresaíndo de gretas de rochas, baixo pedras ou enterrado na lama de onde despuntan os tubos. Os dous longos e delgados cilios que presenta na parte dianteira asoman por fóra do tubo no que viven, e axítaos enerxicamente en busca de partículas alimenticias que levar á boca. Cando o animal é molestado, recóllese rapidamente en espiral no interior do tubo.

DISTRIBUCIÓN:

Das illas británicas ata as costas de Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:

Phyllochaetopterus socialis, é lixeiramente de menor tamaño e os tubos onde viven non se ramifican no ápice.

Spiochaetopterus solitarius, é de menor tamaño e os seus tubos non presentan ramificación.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *anglicus*, foille posto en honra á tribo xermánica que ocupou o que actualmente é Inglaterra e cuxo nome latino era *Anglicus*.





Verme sedentario co corpo formado por 60-70 segmentos e que pode alcanzar os 30-40 milímetros de longo por 1-2 milímetros de diámetro. O corpo é fráxil, filiforme e está dividido en 3 rexións claramente diferenciadas. O prostomio, que é de forma cónica, presenta unha boca disposta de forma terminal, dúas manchas oculares, dúas pequenas antenas moi curtas, finas e dicitiformes, e dous longos e delgados palpos canaliculados cuxa función é alimentaria. A rexión anterior, que é de forma deprimida e semicilíndrica, está formada por 10-18 setíxeros sen rama ventral, que portan unha ampla gama de sedas simples lanceoladas e falciformes. A rexión central está formada por 7-24 setíxeros con notopodios foliáceos e bilobulados con sedas capilares, e neuropodios con uncinos en grupos de 9-12 no lóbulo inferior e de 2 no lóbulo superior. Os uncinos teñen forma triangular, con 8-9 dentes afiados no bordo e un dente obtuso ventral máis grosso. A rexión posterior está formada por numerosos segmentos curtos e birrámeos, coas ramas dorsais en forma de papilas cilíndricas finalizadas nun ensanche redondeado. Fabrica un tubo apergamiñado, ríxido, de cor amarelada translúcida, a miúdo anelado, cun extremo fixado ao substrato no que vive e do que só asoman os seus palpos. A cor do verme é amarelado con manchas pigmentarias avermelladas sobre os tentáculos da rexión anterior.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 100 metros de profundidade, sobresaíndo de gretas de rochas, baixo pedras ou enterrado na lama de onde asoman os tubos. Pode formar densas agrupacións cando se desenvolve soterrado en substratos brandos. Os dous longos e delgados palpos que presenta na parte dianteira sobresaen do tubo no que viven, e axítaos enerxicamente na procura de partículas alimenticias que levar á boca. Cando o animal percibe algunha molestia, recóllese rapidamente en espiral no interior do tubo.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie moi estendida por amplas zonas do planeta, espallándose en augas europeas desde o sur das illas británicas ata o Mediterráneo, incluíndo os arquipélagos de Canarias e Madeira.



ESPECIES SEMELLANTES:

Phyllochaetopterus anglicus, o tubo onde vive pode bifurcarse na parte apical e é un pouco máis grosso.

Spiochaetopterus solitarius, é un animal solitario, nunca forma densas agrupacións de individuos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *socialis*, é un epíteto latino que significa "social", referíndose ao seu costume de formar densas agrupacións de individuos.



Poliqueto sedentario duns 40 milímetros de longo por apenas 2 milímetros de diámetro. O corpo é filiforme e divídese en tres partes claramente diferenciadas. O prostomio é pequeno e pouco prominente, con dous ollos redondos ben marcados, dous pequenos tentáculos e dous palpos longos relativamente grosos, que recolle rapidamente en espiral no interior do tubo cando percibe un perigo. A boca é terminal e case en forma de funil. A rexión anterior está formada por 9 setíxeros, con ramas dorsais cónicas que portan sedas de forma variable en cada parapodio. No cuarto setíxero, presenta ademais unha gran seda amarela cuxo extremo inchado é truncado de forma oblicua, cóncavo e co bordo serrado. Sen ramas ventrais. A rexión media ten 14-28 setíxeros, dos cales os 2 primeiros son máis longos que os seguintes. As ramas dorsais da rexión media son foliáceas, bilobuladas, ciliadas nos bordos, e sostidas por finas sedas capilares. Os lóbulos branquiais laterais son foliáceos, e as ramas ventrais bilobuladas, con placas uncinais triangulares finamente denticuladas. A rexión posterior está constituída por 16-20 setíxeros coas ramas dorsais erectas, cilíndricas, capitadas, que conteñen varias sedas lanceoladas coa lámina proxectada cara fóra. As ramas ventrais son bilobuladas con placas uncinais denticuladas. Todo o corpo está revestido dun fráxil epitelio con numerosas glándulas mucosas, sendo o moco que segregan moi importante para a captura de partículas alimenticias. Rexión cefálica de cor rosa con bandas de pigmento, almofadas ventrais do segmento 7 ao 9 de cor branca e a rexión central e posterior de cor verde escura. Vive dentro dun tubo rectilíneo que segrega e que fixa ao substrato por un extremo. O tubo é de natureza córnea, translúcido, regularmente anelado e normalmente está revestido por algas calcarias ou outros animais, como esponxas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 5 ata os 50 metros de profundidade, sobre fondos areosos ou rochosos ricos en materia orgánica. Fixa o tubo no que vive a cunchas ou pedras enterradas, sobresaíndo sobre o sedimento só a parte anterior do tubo. Tamén sobre gorgonias, briozoos ou algas. É un animal solitario e filtrador. Para alimentarse estende os longos palpos fóra do tubo e axítaos cara á corrente, co fin de recoller partículas alimenticias.



DISTRIBUCIÓN:

Do norte da Península Ibérica ata as costas francesas do Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Phyllochaetopterus anglicus, é de maior tamaño e o tubo no que vive normalmente está bifurcado no ápice.

Phyllochaetopterus socialis, forma densas agrupacións de individuos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *solitarius*, é un epíteto latino que significa "solitario", "só", referíndose a que é un animal solitario.



Poliqueto sedentario gregario de corpo delgado, cilíndrico e liso, que se estreita cara á parte traseira e que pode alcanzar os 40 milímetros de lonxitude, cuns 37 segmentos setíxeros. O corpo ten 3 rexións claramente diferenciadas. Na parte dianteira presenta dous grandes pedúnculos que portan unha coroa de 3 filas de sedas douradas, inclinadas e dirixidas cara adiante (serven para selar e pechar o tubo cando o animal se retrae no seu interior). A boca está rodeada por numerosos tentáculos alimentarios, con dous pequenos tentáculos na zona inferior a esta. A segunda rexión ou abdome, ten sedas e branquias, é de cor esbrancuxada nos machos e rosa nas femias. A terceira rexión é unha delgada cola sen sedas nin branquias que se dobra cara adiante sobre a parte ventral e que finaliza no ano.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Sobre rochas en costas abertas, expostas a movementos de auga de moderados a fortes, en lugares nos que exista dispoñibilidade de area para a construción dos tubos nos que viven, desde a zona intermareal ata os 26 metros de profundidade. Os tubos teñen entre 2 e 4 milímetros de diámetro interior e están pegados en toda a súa lonxitude sobre a rocha ou sobre outros tubos. O tamaño e forma dos grans de area e anacos de cunchas é seleccionado en función do tamaño do órgano construtor ventral do verme, en forma de ferradura. As partículas seleccionadas van depositándose no bordo dos tubos, onde as unen mediante un cemento orgánico. Nalgúns lugares alcanzan tal densidade, que as súas típicas colonias areosas en forma de panais de mel poden estenderse por máis de 20.000 metros cadrados, constituíndo verdadeiros arrecifes mariños.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as costas de Inglaterra ata Senegal, incluíndo o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Sabellaria spinulosa, é lixeiramente de menor tamaño, non forma arrecifes tan grandes e cando se presenta de forma gregaria, as bocas dos tubos apuntan cara á superficie; os agregados son lonxitudinais.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *alveolata*, é un epíteto latino que significa "acanalado", referíndose á canle lonxitudinal que presenta no abdome.



Verme sedentario solitario ou gregario de corpo delgado, liso e de sección lixeiramente cuadrangular, que se estreita cara á parte traseira e que pode alcanzar os 30 milímetros de lonxitude e 3 milímetros de ancho máximo, cuns 40 segmentos setíxeros. O corpo do verme ten 3 rexións claramente diferenciadas. Na parte dianteira presenta dous grandes pedúnculos que portan unha coroa de 3 filas de sedas douradas (serven para selar e pechar o tubo cando o animal se retrae no seu interior) as da fila central apuntan distalmente e as exteriores finalizan nun longo dente central con varios dentes en cada lado. A boca está rodeada por numerosos tentáculos alimentarios, con dous pequenos tentáculos na zona inferior a esta. A segunda rexión ou abdome ten sedas e branquias, e ten unha cor esbrancuxada nos machos maduros e violeta nas femias maduras. A terceira rexión é unha delgada cola cilíndrica sen sedas nin branquias que se dobra cara adiante sobre a parte ventral e que finaliza no ano. Cor corporal vermella viño, con manchas de cor marrón escura no tórax.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña inferior da baixamar ata os 30 metros de profundidade, sobre rochas, pedras e en estípites de laminaria en zonas protexidas da forte ondata e en lugares nos que exista dispoñibilidade de area para a construción dos tubos nos que viven. Os tubos teñen entre 2 e 4 milímetros de diámetro interior, están construídos con grans de area e anacos de cunchas cementadas por unha secreción que produce o poliqueto, e están pegados en toda a súa lonxitude sobre a rocha ou sobre outros tubos; neste último caso a abertura diríxese cara á superficie e forman pequenos arrecifes lonxitudinais.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur das illas británicas ata o golfo de Guinea, incluíndo o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Sabellaria alveolata, é de maior tamaño e forma arrecifes grandes en forma de panal.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *spinulosa*, é un epíteto latino que significa "con espiñas", referíndose ás sedas operculares exteriores que finalizan nun dente central cos cantos laterais aserrados.



Poliqueto sedentario de corpo longo e grosso, cilíndrico e segmentado, que se aguza cara á parte traseira e que pode alcanzar uns 20 centímetros de lonxitude con ata 150 segmentos corporais bilobulados. O penacho branquial está formado por dous lóbulos iguais, semicirculares, cada un con 20-40 radiolos terminados nun longo ápice filiforme ou lanceolado. Os lóbulos están unidos en máis de 2/3 da súa lonxitude por unha membrana xelatinosa, e cando están estendidos únense para formar un funil duns 4-5 centímetros de diámetro (é o único visible do animal sobre o sedimento). Ten dous palpos curtos e grosos. Na base do penacho branquial presenta un labio dorsal lobulado e carnoso, formando dous semicírculos. O collar basal é curto e recto, con dous pequenos lóbulos dorsais, fendidos lateralmente e formando ventralmente un gran colgallo triangular. O peristomio está provisto de dous grupos de ocelos. O tórax está formado por 7-9 segmentos setíxeros; o primeiro setíxero con sedas capilares finas e longas no notopodio, o resto con numerosos capilares alados, longos e delgados sobre os notopodios, difíciles de ver, coa súa presenza indicada por pequenas almofadas circulares nos laterais de cada segmento. Os segmentos abdominais presentan sedas capilares similares ás dos segmentos torácicos. Os uncinos abdominais son truncados, formando case faixas completas, dispostos nun suco que rodea cada segmento. Detrás de cada parapodio hai un ou máis ocelos con lentes. Pixidio con manchas oculares. O verme vive dentro dun tubo xelatinoso transparente con forma de cenoria e facilmente renovable, de ata 3 centímetros de diámetro, dentro do que se reprega ante calquera molestia. A súa cor corporal é amarela ou laranxa e o penacho branquial é de cor castaña purpúrea cos ápices dos radiolos máis escuros.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 2 ata os 500 metros de profundidade, en fondos de area lamacenta ou lama nos que constrúe o tubo enterrado. Normalmente en zonas de augas protexidas, aínda que pode habitar zonas estuarinas, ao soportar variacións na salinidade da auga. Cando percibe algún perigo agóchase totalmente no interior do tubo, co que pode reducir a súa lonxitude á metade.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o suroeste das illas británicas ao Mediterráneo, incluíndo as Azores.

ESPECIES SEMELLANTES:

Acromegalomma vesiculosum, o penacho branquial é de cor amarelada ou rosa, manchado de branco, e o tubo no que vive, que sobresaie lixeiramente do sedimento, está incrustado de pequenos anacos de area e cunchas.

Myxicola polychroma, é de menor tamaño con máis segmentos setíxeros, presenta menos radiolos no penacho branquial, e os seus ápices non presentan diferenza de cor.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *infundibulum*, é un epíteto latino que significa "funil", en clara referencia á forma que ten o seu penacho branquial cando está despregado.



Poliqueto sedentario de corpo aplanado dorso-ventralmente e segmentado, que se aguza cara ao pixidio e que pode alcanzar uns 14 centímetros de lonxitude e pusuír ata 190 setíxeros. O penacho branquial está formado por dous lóbulos iguais, semicirculares, cada un con 17-32 radiolos terminados nun longo ápice lanceolado. Os radiolos están unidos en máis do 85% da súa lonxitude por unha membrana xelatinosa (membrana basal), e cando están extendidos, únense para formar un funil duns 3 centímetros de diámetro (é o único que se ve do animal sobre o sedimento). Non presenta ollos radiolares. As pínulas dos radiolos son longas, finas, finalizan por baixo da marxe inferior da membrana basal e teñen unha lonxitude de 0,22 a 0,3 veces a lonxitude total radiolar. O tórax está formado por 8 segmentos setíxeros e o abdome por ata 180 segmentos. Presenta unha crista glandular no setíxero 2. Os labios dorsais teñen longos apéndices radiolares, triangulares e carnosos. As sedas torácicas son finas, cun estreito capuchón (unhas 100 por notopodio); as neurosedas abdominais son similares. Os uncinos abdominais forman unha faixa case completa ao redor do corpo. Presenta manchas oculares interramais, mentres que nos laterais e no pixidio poden estar presentes ou ausentes. Vive dentro dun tubo xelatinoso semitransparente (dentro do que se reprega cando percibe molestias), de ata 2 centímetros de diámetro, con forma de cenoria e facilmente renovable, que normalmente sobresaie por riba do sedimento e presenta poucos grans finos incorporados. Corpo de cor crema rosada cos radiolos de cor branca, laranxa ou verde pálida, e ápices radiolares da mesma cor.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 5 ata os 35 metros de profundidade (ocasionalmente a maior profundidade), en fondos brandos de area fina, lama ou unha mestura destes, nos que constrúe o tubo enterrado. É un animal filtrador micrófago, que usa os radiolos do penacho branquial, acanalados e revestidos de células mucosas ciliadas, para capturar as partículas alimenticias (finas partículas do plancto) e levalas cara á boca. Presenta sexos separados e fecundación externa. A liberación dos gametos sexuais está determinada por secrecións hormonais das células neurosecretoras. Cando percibe algún perigo, agóchase totalmente no interior do tubo, co que pode reducir a súa lonxitude á metade.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Escocia ao noroeste da Península Ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Myxicola infundibulum, é de maior tamaño con menor número de setíxeros, presenta maior número de radiolos (ata 40 pares) e os ápices dos radiolos son dunha cor máis escura.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *polychroma*, é un termo composto que deriva do grego *poly* (moitos) e *chromos* (cor), e significa "moitas cores" en alusión tres variedades cromáticas diferentes que se coñecen nesta especie.



Poliqueto sedentario de corpo subcilíndrico, lixeiramente aplanado ventralmente, que se aguza cara a parte traseira e pode acadar os 12 centímetros de lonxitude, cuns 140 segmentos dos cales 7 son torácicos. Rodeando a boca ten dous lóbulos branquiais iguais, non enrolados en espiral, de 18 milímetros de lonxitude e compostos cada un por 20-28 radiolos, a maioría deles con ollos compostos subterminais. O primeiro radiolo dorsal de cada lado é de maior lonxitude, ten un gran ollo opaco de forma oval e o ápice libre moi curto. Os demais radiolos presentan uns ollos máis pequenos, de forma redondeada, e os ápices libres son longos. O primeiro segmento carece de sedas e forma unha especie de pescozo curto, cun suco ventral e marcas dorsolaterais, que cobre a base da coroa branquial. A marxe dorsal do pescozo está fusionada coa rañura fecal, formando dous profundos petos encartados. As lapelas dorsais están moi desenvolvidas, cobren a unión da coroa branquial e son máis altas que a marxe lateral do colar, que igualmente cobre a unión. A base dorsal do colar, a nivel do peto, alcanza o segundo setíxero. O colar é máis alto ventralmente, cunhas lapelas moi desenvolvidas. O escudo ventral do primeiro setíxero é cadrado, coa marxe apical redondeada, os seguintes son de forma rectangular. As sedas da zona ventral torácica son pequenas, curtas e en forma de gancho, mentres que as dorsais son delgadas. Cor do corpo moi variable, amarela, castaña clara ou violeta escura, máis ou menos punteado en cor branca; rexión dorsal anterior máis escura. Penacho branquial de cor castaña, amarela ou morada, bandeado en cor branca ou agrisada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde 2 ata 30 metros de profundidade, en sedimentos lamacentos ou areosos, con anacos de cuncha e grava; ás veces tamén entre algas. Vive dentro dun tubo mucoso longo e duro que fabrica e que recobre de grans de area, grava e anacos de cunchas, o cal sobresaí do sedimento como máximo entre 20-30 milímetros. É moi sensible aos cambios da luz e vibracións, ante os que reacciona refuxiándose rapidamente no interior do tubo.

DISTRIBUCIÓN:

Do oeste das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Acromegalomma vesiculosum, é de maior tamaño, no penacho branquial presenta menos radiolos que son normalmente de cor uniforme, e os seus escudos ventrais son de forma cuadrangular.

Branchiomma bombyx, é de menor lonxitude e presenta só un penacho branquial subdividido.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *lanigerum*, é un epíteto latino que significa "lanífero" "que ten pelos como a la", referíndose os seus pilosos filamentos branquiais.



Poliqueto sedentario de corpo subcilíndrico, lixeiramente aplanado ventralmente e que diminúe o grosor cara á parte traseira. Pode acadar os 14 centímetros de lonxitude cuns 140 segmentos, dos cales 8 son abdominais. Rodeando a boca ten 2 lóbulos branquiais iguais, non enrolados en espiral, de 20 milímetros de lonxitude e compostos cada un por 20 radiolos, a maior parte deles cun ollo composto subterminal. O primeiro radiolo dorsal de cada lado é de maior lonxitude, ten un gran ollo de forma redondeada e un pequeno ápice libre; os demais radiolos con ollos máis pequenos e ápices libres longos. O primeiro segmento carece de sedas e forma unha especie de pescozo curto, cun suco ventral e marcas dorso-laterais, que cobre a base da coroa branquial. A marxe dorsal do colar está unido ao suco fecal e forma dous profundos petos encartados. As lapelas laterais non cobren a unión do penacho branquial ao peristomio, e alcanzan o mesmo nivel que a marxe lateral do colar. O colar é lixeiramente máis alto ventralmente. O escudo ventral do primeiro segmento setíxero ten unha profunda marca anterior e os escudos restantes son cuadrangulares, cun par de pequenas marcas laterais. Cada segmento dispón dun par de estruturas con forma de lapela plana, formadas por tecido epitelial. As sedas da zona ventral do tórax son pequenas, curtas e en forma de gancho, mentres que as dorsais son delgadas. Cor do corpo moi variable, amarela, castaña clara ou violeta escura, máis ou menos punteado en cor branca; rexión dorsal anterior lixeiramente máis escura. O penacho branquial de cor castaña, branca, amarela ou morada, ás veces cun lixeiro bandeado.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde 2 ata 30 metros de profundidade, en sedimentos lamacentos ou areosos, con anacos de cunchas e grava; ás veces tamén entre algas. Vive dentro dun tubo mucoso longo e duro que fabrica e que recobre de grans de area, grava e anacos de cunchas, o cal sobresaí do sedimento como máximo entre 20-30 milímetros. É moi sensible aos cambios da luz e vibracións, ante os que reacciona refuxiándose rapidamente no interior do tubo.

DISTRIBUCIÓN:

Do suroeste das illas británicas ata o sur da Península Ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Acromegalomma lanigerum, é de menor tamaño, o penacho branquial presenta máis radiolos e estes son máis plumosos, e de cor bandeada, e os escudos ventrais, excepto o primeiro, son de forma rectangular.

Branchiomma bombyx, é de menor lonxitude e presenta só un penacho branquial subdividido.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *vesiculosum*, é un epíteto latino que significa "vesiculoso" "que ten vesículas", referíndose á aparencia da textura da pel do verme conservado.



Pequeno verme tubícola de corpo curto e delgado, lixeiramente aplanado na parte ventral, que chega a alcanzar os 20 milímetros de lonxitude por 6 milímetros de diámetro, con 58 segmentos setíxeros, 8 deles torácicos e o resto abdominais. A súa cabeza é reducida, e nela destaca o penacho branquial formado por entre 32 e 40 filamentos branquiais de 1 centímetro de longo, que se dispoñen en dous lóbulos branquiais subiguais. Cada filamento branquial ten, na súa zona dorsal, de 6 a 8 pares de ocelos compostos, espazados uniformemente e formando unhas bandas escuras que están máis desenvolvidas na zona basal. Os filamentos branquiais ventrais non teñen ollos e só presentan pigmentación negra. Os lóbulos branquiais únense na base por unha curta membrana. Todos os segmentos corporais dispoñen de sedas. O pixidio finaliza en dúas papilas redondeadas. Corpo de cor amarelada con manchas escuras, filamentos branquiais de cor azulada con bandas escuras.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a parte inferior da baixamar ata os 15 metros de profundidade, sobre substratos duros, con preferencia por zonas protexidas como zonas de cultivos mariños e áreas portuarias. Aínda que poden atoparse exemplares solitarios, poden formar densas poboacións de varios decímetros cadrados. Vive no interior dun tubo relativamente curto, membranoso, brando e liso, duns 5 milímetros de diámetro que fixa ao substrato. O tubo está formado por unha secreción transparente, que xera o propio animal, aglutinando partículas sedimentarias.

DISTRIBUCIÓN:

Do sur das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Bispira volutacornis, é de maior tamaño, presenta dous penachos branquiais espiraliformes cuns 60 filamentos en cada un sen bandas pigmentarias.

Sabella pavonina, é de maior tamaño, asociada a fondos brandos onde fixa o tubo ao sedimento, e o seu penacho branquial apenas pecha unha volta completa.

Sabella discifera, o penacho branquial está formado por dous lóbulos, con 10 a 14 filamentos cada un, e no ápice de cada filamento ten unha característica e facilmente visible mancha branca (un ocelo composto).

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *polyomma*, é unha palabra composta por dous termos gregos: *poly* (moitos) e *omma* (ollos), que significa "moitos ollos" referíndose aos numerosos ollos que presentan os seus filamentos branquiais.



Verme sedentario cuxo corpo de sección case redonda, lixeiramente aplanado na parte ventral, pode acadar os 15 centímetros de lonxitude por 1 centímetro de diámetro, con 100 setíxeros, normalmente 8 deles torácicos. A cabeza está reducida e nela destaca o penacho branquial formado por uns 200 filamentos branquiais duns 3 centímetros de longo, que se dispoñen en dous lóbulos branquiais simétricos, que cando se despregan forman dúas coroas entrelazadas que describen de 1 a 4 voltas espirais. Cada filamento branquial porta 2-3 pares de manchas oculares. Os lóbulos branquiais únense na base por unha curta membrana. Presenta tamén dous curtos palpos, alongados na base e unidos polo labio superior. Debaxo do penacho branquial hai un colar incompleto formado por catro lóbulos, os dous lóbulos dorsais están ben separados e os dous ventrais máis próximos, grosos e dobrados cara fóra. Todos os segmentos corporais dispoñen de sedas. O pixidio finaliza en dúas papilas redondeadas. Corpo de cor gris verdosa a castaña violácea, branquias de cor branca ou verde pálida, raramente violeta; colar de cor violeta bordeado en branco.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Do intermareal, en pozas profundas de marea, ata os 40 metros de profundidade, en fondos rochosos, baixo saíntes, en gretas de rochas ou baixo grandes pedras asomando por un lateral. Vive no interior dun tubo relativamente curto que xera o propio animal, membranoso e liso, que na parte superior (a que sobresa do sedimento) está cuberto por limo agrisado e que na parte inferior é incoloro ou transparente. En zonas idóneas adoita formar pequenas colonias.



DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur de Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:


Sabella pavonina, adoita estar fixa en substratos areosos ou de grava e o penacho branquial apenas pecha unha volta completa.

Sabella spallanzanii, é de maior tamaño, o seu tubo sobresae amplamente do substrato rochoso no que estea fixado e o penacho branquial presenta unha forma en espiral elevada.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *volutacornis*, é unha palabra composta por dous termos latinos: *voluta* (en forma de espiral, espiraliforme) e o dativo plural de *cornus* (cornos), "cornos en espiral", referíndose á disposición dos filamentos branquiais.





Poliqueto sedentario de corpo cilíndrico que pode acadar os 5 centímetros de lonxitude, cuns 75 segmentos setíxeros. A cabeza está provista de dous palpos e un pequeno prostomio con ollos compostos. Dispón ademais dunha especie de coroa que se subdivide e que está composta por uns 50 tentáculos plumosos (radiolos), con ollos distribuídos por eles. O corpo, curto e grosso, está dividido en dúas seccións: a torácica con 8 segmentos e a abdominal con aproximadamente 70. O primeiro segmento carece de sedas e forma unha especie de pescozo curto cun suco ventral que cobre a base da coroa. Cada segmento dispón dun par de estruturas con forma de lapela plana, formadas por tecido epitelial. As sedas da zona ventral do tórax son pequenas, curtas e en forma de gancho, mentres que as dorsais son delgadas. Cor do corpo variable, amarelada, acastañada ou violeta; os radiolos do penacho branquial con bandas de cor castañas ou violetas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 30 metros de profundidade, en gretas de rochas ou entre pedras ou cunchas. Vive no interior dun tubo que fabrica e do que só sobresa a parte final, por onde o poliqueto asoma a coroa branquial. O tubo é totalmente transparente excepto a parte que asoma, que é opaca, ao estar mesturada con sedimento.

DISTRIBUCIÓN:

Do sur das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Branchionma lucullanum, é de menor tamaño, o corpo é de cor agrisada ou violácea e os radiolos do penacho branquial están bandeados en branco, violeta e amarelo.

Branchionma maerli, é de menor tamaño, habita en fondos de maërl e a súa cor corporal é moi característica, esbranxugada con manchas castañas dispersas.

Acromegalomma vesiculosum con sedas torácicas similares, aínda que non presenta o penacho branquial subdividido e o verme é máis longo.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *bombyx*, fai referencia ao nome que se lle daba ao verme de seda dun insecto lepidóptero da familia dos bombícidos, pola similitude co material que o verme produce para fabricar o tubo no que vive que, cando está libre de partículas, recorda á seda.



Diminuto poliqueto sedentario, o de menor tamaño do seu xénero, que alcanza unha lonxitude total de 25 milímetros por uns 3 milímetros de diámetro, dos que 5 milímetros corresponden á lonxitude do penacho branquial. O corpo, que é curto, convexo na parte dorsal e aplanado na ventral, e que se aguza bruscamente na parte posterior, está composto por 8 segmentos torácicos e 50 abdominais. O penacho branquial está formado por dous lóbulos branquiais, cada un dos cales ten 10 radiolos que están unidos na base por unha membrana pouco elevada. Cada radiolo ten na parte central dorsal 10 manchas oculares violetas, detrás das cales hai dous apéndices estreitos, alongados, terminados nun apéndice romo ou craviforme que os solapan. O primeiro segmento carece de sedas e forma unha especie de pescozo curto ou collar. O collar está unido co suco fecal dorsal, con orelleiras dorsais dunha altura similar á marxe lateral do pescozo, coa zona ventral máis alta e a marxe ventro-lateral con marcas. Labios dorsais curtos e romos. Cada segmento dispón dun par de estruturas con forma de lapela plana, formadas por tecido epitelial. As sedas da zona ventral do tórax son pequenas, curtas e en forma de gancho, mentres que as dorsais son delgadas. Pixidio con dúas papilas redondeadas terminais. Corpo de cor gris escura, castaña máis ou menos clara, ou púrpura cos radiolos púrpuras ou bandeados en branco, violeta e amarelo.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 20 metros de profundidade, sobre rochas onde adoita formar colonias entre algas, briozoos e mesmo baixo ascidias (o exemplar fotografado asomaba o penacho branquial da base dunha ascidia, *Phallusia mamillata*). Vive dentro dun tubo moi fino de cor gris que fabrica e que adoita estar revestido de partículas de lodo, area ou diminutos anacos de cunchas.

DISTRIBUCIÓN:

Do sur das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pode confundirse coas outras especies do xénero, aínda que o pequeno tamaño e a cor corporal escura diferéncianas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *lucullanum*, fai referencia a que a captura dos exemplares que se usaron para a súa descrición, tivo lugar no litoral de Nápoles, nas rochas do Castelo dell'Ovo, construído sobre unha antiga vila coñecida como Castelo Lucullanum.





Poliqueto sedentario de corpo convexo na parte dorsal e aplanado na ventral, que se aguza bruscamente no extremo posterior, e que pode acadar 25 milímetros de lonxitude corporal e 20 milímetros na coroa branquial. O corpo está formado por 8 segmentos torácicos e 50 setíxeros abdominais. A coroa branquial está formada por dous lóbulos duns 30 radiolos cada un. Os radiolos teñen 10 pares de apéndices, pequenos e dicitiformes, que se volven lixeiramente máis longos e solapan as manchas oculares na parte central dos radiolos. Os ollos son pequenos e compostos. O primeiro segmento carece de sedas e forma unha especie de pescozo curto que cobre a base da coroa e que está unido co suco cloacal dorsal, con oreilleiras dorsais finalizando á mesma altura que a marxe lateral. Na parte ventral é lixeiramente máis alto e ten unha fenda que forma unhas oreilleiras ventrais redondeadas, pouco desenvolvidas e que se superpoñen. As sedas da zona ventral do tórax son pequenas, curtas e en forma de gancho, mentres que as dorsais son delgadas. Cor esbrancuxada con manchas castañas repartidas por todo o corpo, incluíndo o colar. Os radiolos con bandas castañas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 15 ata os 180 metros de profundidade, en fondos de mäerl onde vive nun tubo de "seda" moi fino que fabrica.

DISTRIBUCIÓN:

Do noroeste da Península Ibérica ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pode confundirse coas outras especies de *Branchioma*, aínda que o padrón de cor do corpo é diferente.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *maerli*, refírese, segundo os autores da descrición do animal, ao hábitat da especie (fondos de mäerl), inusual no xénero.





Verme sedentario, de corpo delgado, filiforme na parte posterior, que alcanza 5 centímetros de lonxitude por uns 2 milímetros de diámetro corporal. O corpo ten 190 setíxeros, dos cales 9-13 son torácicos. Dispón de dous lóbulos branquiais iguais, non enrolados en espiral, cada un dos cales presenta 7-16 radiolos, alongados e unidos na base por unha membrana palmar moi delgada (coroa branquial que asoma por fóra do tubo cando está despregada). Na parte exterior dos filamentos branquiais teñen dúas series lonxitudinais paralelas de ollos simples, un dos cales comeza onde remata o outro. Dous palpos delgados e cun terzo da lonxitude das branquias. Colar baixo, bipartido, bilobulado a cada lado, con lóbulos ventrais estreitos e triangulares. O primeiro setíxero con sedas dorsais limbadas, dispostas en feixes e non en serie lonxitudinal. Nos outros segmentos torácicos as sedas dorsais son capilares con láminas estreitas e sedas con forma de espátula, uncinos ventrais e sedas en forma de pico. No abdome, uncinos dorsais de base curta e inchada, sedas ventrais limbadas sinuosas e sedas subespatuladas. Corpo de cor branca rosada, máis ou menos pigmentado de castaño na parte anterior; penachos branquiais de cor branca.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 5 aos 600 metros de profundidade, en gretas de rochas, baixo pedras, entre algas, esponxas e *Lithotamnion*, mesmo enterrado no sedimento. Vive no interior dun tubo agrisado, liso, córneo e cilíndrico, incrustado de partículas ou grava, e que apenas sobresaí do lodo ou de entre as gretas das rochas.

DISTRIBUCIÓN:

Da canle da Mancha ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *stichophthalmos*, é un termo composto por dous epítetos gregos, *stíkhos* (liña) e *ofthalmós* (ollos), que significa ollos en liña, referíndose á disposición dos ollos sobre os radiolos.





Pequeno verme sedentario de corpo alongado, delgado, aplanado e fráxil, que con 100 segmentos pode acadar 60 milímetros de lonxitude por apenas 2 milímetros de grosor. O penacho branquial está formado por dous lóbulos iguais, non enrolados en espiral, con poucos radiolos (normalmente 6 a 9, excepcionalmente 15 a 20) cuxos ápices son de menor lonxitude que os últimos filamentos dorsais e carecen de ollos. Os lóbulos branquiais están unidos na base por unha diminuta membrana palmar. Ten dous palpos triangulares e dous bulbos labiais. O collar, na base do penacho branquial, ten dous lóbulos amplamente prolongados na parte dorsal, sen incisións laterais, próximos á beira ventral e formando dous puntos triangulares. Non presenta lóbulos foliáceos triangulares na base das branquias. Ten dous ollos lineais no primeiro segmento torácico e 6 a 8 puntos oculares no píxido. O tórax está formado por 5-8 segmentos. Corpo de cor avermellada ou acastañada finamente punteado en branco; penacho branquial de cor variable, normalmente clara con bandas transversais marrónceas e os palpos de cor amarela óxido.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 10 ata os 600 metros de profundidade, co tubo no que vive introducido en gretas de rochas, tapizando galerías escavadas en *Lithothamnium*, cunchas vellas de gasterópodos (o exemplar fotografado estaba sobre unha cuncha dun exemplar vivo de *Charonia lampas*) ou en rochas calcarias. Vive no interior dun tubo córneo, pechado na parte posterior e sen enrolar no extremo libre. A parte que sobresa do substrato pode estar máis ou menor recuberta de area ou barro e dela só asoma o penacho branquial e palpos.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie anfiatlántica cuxa distribución en augas europeas abarca desde Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pseudopotamilla reniformis, é de maior tamaño e o penacho branquial está formado por dous lóbulos con 13 pares de radiolos, de cor é branca ou rosada con manchas e bandas castañas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *torelli*, é en honra ao naturalista, xeólogo e botánico sueco Otto Martin Torell (1828-1900).





Pequeno e vistoso verme sedentario que chega a alcanzar unha lonxitude duns 6 centímetros. Vive dentro dun tubo mucoso cilíndrico, membranoso, liso e duns 3 milímetros de diámetro, formado por partículas de lama finas que une cun moco que segrega e no cal pode retraerse con rapidez ao menor síntoma de perigo. Non ten opérculo. O corpo está dividido en dúas rexións diferentes: a rexión torácica anterior cuns 8 setíxeros e unha rexión abdominal posterior cuns 50 setíxeros. O primeiro segmento ten un collar de catro lóbulos e dous palpos curtos canaliculados. As branquias dispóñense nun penacho terminal rodeando a boca e ábrese en forma de funil. Están formadas por dous lóbulos semicirculares iguais, cada un dos cales leva de 10 a 14 filamentos, finos e de aspecto plumoso, que poden alcanzar os 20 milímetros de lonxitude. Cada filamento posúe no ápice un ollo que se percibe como unha mancha brillante branca e de contorno oval. O penacho branquial está bandeado en cor amarela, branca e púrpura.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

O tubo no que vive adoita estar fixado a rochas en zonas de correntes, entre os 10 e os 100 metros de profundidade. Pode reproducirse de forma asexual por fragmentación. Cando o corpo rompe forma un novo individuo que se establece nas proximidades, o que explica que existan zonas cunha densidade enorme destes vermes.

DISTRIBUCIÓN:

Do sur das illas británicas ao noroeste da Península Ibérica. Aínda que é unha especie con distribución pouco coñecida, unha cita recente deste animal en augas de Marsella pode estender a súa distribución ao Mediterráneo.



ESPECIES SEMELLANTES:

Bispira polyomma, o penacho branquial está formado por dous lóbulos con 16-20 filamentos branquiais cada un, e estes filamentos presentan 6 a 8 bandas escuras espazadas uniformemente que nunca levan manchas oculares brancas nos ápices.

Sabella pavonina, alcanza un maior tamaño, o seu penacho branquial ten máis tentáculos, non tan vistosos, e o tubo no que vive adoita xurdir da area.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *discifera*, é unha palabra composta por dous epítetos latinos, *discus* (disco) e *fero* (portar), e significa "que porta un disco", referíndose á forma do penacho branquial.



Poliqueto sedentario duns 25 centímetros de lonxitude, que vive dentro dun tubo gris escuro de consistencia apergamiñada e construído en base a unha secreción córnea solidificada, mesturada con area fina e lodo. O corpo é longo e delgado, co tórax composto por 6-16 setíxeros. Presenta dúas coroas de branquias tentaculares semicirculares de diferente tamaño, con 40 e 50 radiolos respectivamente, que cando están estendidos dan a impresión dunha coroa simple, embebidos basalmente. As marxes dorsais do colar están separadas por un espazo ancho e as ventrais forman dúas orellas carnosas. Corpo de cor laranxa amarelada ou gris púrpura; penacho branquial bandeado en varias cores, dende crema a amarelada e, ocasionalmente, vermella pálida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña inferior da baixamar ata uns 25 metros de profundidade, en fondos de grava fina, area, lama ou unha mestura destes. Vive enterrado verticalmente no sedimento, sobresaíndo deste como unha cheminea o extremo do tubo (uns 10 centímetros). As partículas filtradas coas ramas branquiais van parar á cavidade bucal. As partículas de maior diámetro son expulsadas coa auga de saída, as máis miúdas almacenadas como material de construción, e os microorganismos pasan ao tracto intestinal para a súa alimentación.

DISTRIBUCIÓN:

Toda a costa europea.

ESPECIES SEMELLANTES:

Sabella discifera, aínda que este verme é máis pequeno, o seu penacho branquial ten menos tentáculos e máis vistosos, e o tubo no que viven adoita estar fixo a rochas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *pavonina*, é un epíteto latino que significa "como o Pavo real", "relativo ao Pavo real", referíndose aos matices de cor do penacho branquial do poliqueto, parecido á cola do Pavo real.

Doridicola hirsutipes e *Sabelliphilus elongatus*, son copépodos ectoparásitos específicos deste poliqueto.





Poliqueto sedentario que pode acadar os 30 centímetros de lonxitude por 10 milímetros de diámetro, con ata 300 setíxeros (dos cales 8 son torácicos), e que vive dentro dun tubo de ata 60 centímetros de longo por 25 milímetros de diámetro. O tubo é de consistencia apergamiñada e está construído a base dunha secreción córnea que segrega o poliqueto e que se solidifica mesturada con area fina e lodo. Adoita estar recuberto de epibiontes como algas, esponxas, hidrozoos e briozoos. O verme ten un corpo cilíndrico que se aguza repentinamente na extremidade posterior. Na parte dianteira presenta dous penachos branquiais compostos por máis de 300 filamentos, que se dispoñen por diante da boca do verme. Os dous lóbulos son de forma e tamaño desigual, dispostos en espiral. Dependendo da idade do verme, o número de espiras varía, desde unha en exemplares xuvenís, ata seis en adultos, e pode alcanzar un diámetro de 15 centímetros. Os filamentos branquiais, que son plumosos, non teñen ollos nin apéndices, e únense na súa base por unha membrana baixa. No centro do penacho branquial ten dous palpos apuntados e canaliculados. O colar é cuadrilobulado, cos dous lóbulos dorsais moi separados e os dous ventrais moi próximos. O píxido finaliza en dúas pequenas papilas redondeadas. A cor do corpo é gris na parte dorsal e amarelada, castaña ou castaña escura na parte ventral, mentres que o penacho branquial é de cor moi variable, debuxado en branca, amarela, laranxa, parda ou morada; os lóbulos ventrais do colar son de cor violeta. Tubo de cor gris escura.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 2 ata os 30 metros de profundidade, sobre fondos rochosos onde fixa o tubo no que vive a rochas e pedras, de onde normalmente sobresa horizontalmente.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o mar do Norte ata Marrocos, incluíndo o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Sabella pavonina. É de menor tamaño, aséntase en fondos de area ou area lamacenta de onde sobresa o seu tubo e o penacho branquial é simple, non forma a característica espiral de *Sabella spallanzanii*.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *spallanzanii*, é na honra do naturalista e sacerdote católico italiano Lazzaro Spallanzani (1729-1799), que foi profesor de física e matemáticas na Universidade de Reggio Emilia, e de lóxica e metafísica na Universidade de Módena. Ademais foi director do Museo de Historia Natural de Pavia.





Pequeno verme sedentario gregario, que pode alcanzar unha lonxitude corporal de 0,5 milímetros con 35 setíxeros, dos cales 6-9 son torácicos. O corpo presenta unha rexión torácica recuberta por unha membrana e unha rexión abdominal, separadas por unha zona sen sedas e sen segmentar. A cabeza está provista dun dobre penacho branquial formado cada un por 4 filamentos con 15-20 pínulas, dous dos cales (un a cada lado), presentan no ápice un opérculo liso asimétrico en forma de copa. Ten dous grosos palpos e dous ollos. A base do penacho branquial está rodeada por un collar dentado, con sedas finamente serradas e cunha marca na parte ventral. As sedas abdominais son máis pequenas que as torácicas, as cales se van desenvolvendo en forma de fouce cara á parte posterior. Cada segmento presenta un par de pequenos uncinos dentados fixos aos parapodios; os da zona abdominal son de menor tamaño que os da zona torácica. O píxidio finaliza en dúas pequenas papilas. Viven dentro duns tubos calcarios que segregan, formando retortos amasillos. Os tubos son cilíndricos, moi finos e fráxiles, marcados con finas liñas concéntricas de crecemento e a miúdo bifurcados. As súas colonias poden acadar os 30 centímetros de diámetro. Verme de cor gris rosácea translúcida e penacho branquial branco translúcido; tubo de cor branca xiz.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 5 ata máis de 500 metros de profundidade, sobre fondos rochosos ou detriticos de zonas pouco iluminadas, incrustando briozoos, rizoides de laminarias e unha gran variedade de substratos duros, tales como rochas, pedras, seixos, cunchas e mesmo area. Esta especie busca lugares sombríos afastados da luz solar directa, polo que se atopa en gretas, paredes verticais rochosas ou na base das laminarias.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita de mares cálidos e tépedos. En Europa a súa distribución abrangue desde as illas británicas ata o Mediterráneo, incluíndo Azores, Madeira e Canarias.

ESPECIES SEMELLANTES:

Salmacina dysteri, non presenta os dous opérculos no penacho branquial, as colonias son máis tupidas e densas, e o collar que asoma baixo o penacho branquial é de cor rosada ou alaranxada.

Salmacina incrustans, non presenta os dous opérculos no penacho branquial e as súas colonias adoitan ser pequenas e planas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *implexa*, deriva da palabra latina *implexus* que significa "abrazo", "ligazón", referíndose ao intrincado e retorto da unión dos seus tubos.





Verme sedentario de corpo alongado e case cilíndrico, de ata 12 centímetros de longo por 12 milímetros de ancho, con 125 setíxeros, 7 dos cales son torácicos. Vive dentro dun tubo calcáreo liso lixeiramente estriado, que pode acadar 25 centímetros de lonxitude por 14 milímetros de diámetro. Do tubo sobresaie unicamente o penacho branquial, formado por dous lóbulos que describen dúas voltas en verticilo. Cada lóbulos branquial porta 70-80 filamentos brandos, retortos, con bárbulas de aspecto sedoso e catro pares dorsais de ollos compostos. Os lóbulos branquiais están unidos na base por unha grosa membrana palmar. O prostomio é indistinto. A boca dispónse transversalmente entre dous grandes labios. Ten dous palpos grosos moi longos. Colar con dous grandes lóbulos laterais e un lóbulos ventral dividido en dous por unha fenda mediana máis ou menos profunda. A membrana torácica é moi ancha, e finaliza de forma redondeada na zona postero-ventral. Os escudos torácicos son indistintos e están fusionados nunha grande placa glandular. O primeiro setíxero presenta sedas rectas, máis ou menos anchas. Os demais segmentos torácicos con sedas dorsais similares. Os uncinos ventrais, normalmente, faltan total ou parcialmente no tórax. Segmentos abdominais con uncinos e sedas con pregues marxinais simulando denticulos. Os últimos segmentos con longas sedas capilares. A cor do corpo é amarela ou branca rosada co penacho branquial de cor laranxa avermellada, estriado longitudinalmente en branco. Tubo de cor branca leitosa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

É un animal bentónico que prefere zonas sombrías, desde os 4 ata os 100 metros de profundidade en fondos rochosos, onde fixa o tubo calcario no que vive a rochas, pedras ou máis raramente a cunchas. Refúxiase inmediatamente dentro do tubo ante o menor perigo. Os tubos presentan suaves aneis de crecemento, ocupando o verme unicamente as zonas máis recentes.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a canle da Mancha ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Protula tubularia, é de menor tamaño, o penacho branquial presenta menos filamentos e é de cor branca rosada con manchas vermellas ou laranxas.

Serpula vermicularis, o tubo no que vive está case por completo fixo ao substrato e presenta entre os filamentos branquiais un opérculo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *intestinum*, é un epíteto latino que significa "intestino", posiblemente referíndose á aparencia do verme conservado.





Verme sedentario de corpo alongado e case cilíndrico, que pode alcanzar os 5 centímetros de lonxitude por uns 6 milímetros de ancho, con ata 125 setíxeros dos cales 7 son torácicos. Vive dentro dun tubo cilíndrico, calcario, cunha superficie externa lisa esculpida por suaves aneis de crecemento, que pode acadar unha lonxitude de 15 centímetros por 1 centímetro de diámetro. Do tubo sobresaes unicamente o penacho branquial composto de dous lóbulos iguais, lixeiramente espiraliformes que se despregan en forma de ferradura, cada un dos cales ten 30-45 radiolos con bárbulas de aparencia sedosa. Os filamentos branquiais teñen numerosas manchas oculares vermellas en forma de lentes, terminan nunha punta espida e afiada e están unidos na base por unha grosa membrana palmar. O prostomio é indistinto, e ás veces presenta dúas manchas oculiformes vermellas na base. Boca entre dous labios brancos. Ten dous palpos grosos. O colar é trilobulado, cun gran lóbulo ventral enteiro e dous lóbulos laterais que terminan na parte dorsal nunha lingua redondeada ou apuntada. Membrana torácica moi ancha, terminando posteriormente, na cara ventral, de forma redondeada. Os escudos torácicos son indistintos e están fusionados nunha gran placa glandular. Os segmentos torácicos presentan sedas rectas con follas máis ou menos anchas. Os uncinos ventrais a miúdo só aparecen no terceiro setíxero. Os dous primeiros segmentos abdominais non teñen sedas, e os seguintes portan uncinos dorsais, máis pequenos cós do tórax, e sedas ventrais curvadas en forma de fouce, co bordo cóncavo dentado. Últimos segmentos con longas sedas capilares. A súa cor corporal pode ser vermella ou laranxa co tórax verdoso, o colar moteado en cor vermella e o penacho branquial de cor branca rosada con manchas oculares vermellas ou laranxas, ou de cor vermella-rosácea con manchas oculares brancas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 4 ata os 100 metros de profundidade, sobre varios tipos de substratos, rochoso, detrítico ou coralíxeno, fixo a rochas, pedras ou cunchas. O tubo calcario no que vive está fixo ao substrato pola banda inferior, coa parte final ergueita, e no cal se refuxia inmediatamente ante o menor perigo. Pode atoparse en zonas iluminadas ou escuras, como covas.

DISTRIBUCIÓN:

De Noruega ata Sudáfrica, incluíndo o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Protula intestinum, é de maior tamaño, o seu penacho branquial ten máis radiolos e é de cor laranxa avermellada bandeado verticalmente en branco.

Serpula vermicularis, o tubo no que vive está case por completo fixo ao substrato e presenta entre os seus filamentos branquiais un opérculo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *tubularia*, é un epíteto latino que significa "pequeno tubo", referíndose ao tubo no que vive.



Verme sedentario gregario que pode alcanzar unha lonxitude de 7 milímetros con ata 50 setíxeros, dos cales 7-9 son torácicos. O penacho branquial está dividido en dous lóbulos, cada un dos cales está provisto de 4 filamentos que finalizan en forma de maza e 15-20 pares de pínulas. Non presenta opérculo. O prostomio é saínte, redondeado, con dúas manchas oculares na base, unha boca con dous pequenos labios e dous palpos cilíndricos. Rodeando a parte inferior do penacho branquial ten un collar con dous lóbulos laterais ben abertos na parte dorsal, e lóbulo ventral enteiro unido en toda a súa lonxitude á membrana torácica, que está ben desenvolvida e forma un curto collar postero-ventral. Separando o tórax do abdome presenta unha longa parte non segmentada e sen sedas. Pixidio con dúas papilas terminais. Segrega un delicado tubo calcario de cor branca, case translúcida, duns 15 milímetros de lonxitude por 0,5 milímetros de diámetro, dentro do que vive. Viven en densas agrupacións nas cales entretecen os seus tubos en masas con forma de cordas. A cor corporal do animal é vermella ou laranxa, co penacho branquial translúcido e a súa base laranxa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 3 ata máis de 60 metros profundidade, sobre rochas ou outros animais como gorgonias en augas expostas. Cando se lle molesta, só facéndolle sombra, agochase rapidamente no interior do tubo. Son animais suspensívoros selectivos; o penacho branquial, ademais de ter función respiratoria, serve para capturar os microorganismos dos que se alimenta. As pínulas dos filamentos crean unha corrente que atrae a auga xunto coas partículas alimenticias e, tras seleccionar as válidas, as envolven en mucosidade e as transportan ata a boca. Son animais hermafroditas con fertilización externa, aínda que poden tamén reproducirse de forma asexual por fisiólise lonxitudinal.

DISTRIBUCIÓN:

Especie cosmopolita de mares cálidos e tépedos, cuxa distribución europea abrangue desde o mar do Norte ata o Mediterráneo.



ESPECIES SEMELLANTES:

Filograna implexa. Esta especie é case idéntica. Só se diferencia en que no extremo de dous dos seus tentáculos ten senllos opérculos quitinosos en forma de copa e o penacho branquial é totalmente de cor branca translúcida.

Salmacina incrustans, é de menor tamaño, os seus tubos son levemente estriados lonxitudinalmente e forman incrustacións planas sobre algas ou cunchas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *dysteri*, é en honra a Mr. Dyster de Temby (unha localidade de Gales - Inglaterra), compañeiro do autor da descrición e en compañía do cal descubriu este poliqueto.



Verme tubícola de 2-3 milímetros de lonxitude cun corpo dividido en 50 segmentos, dos cales 5-8 son torácicos. Ten dous lóbulos branquiais con 4 radiolos cada un, cos ápices inchados e un pequeno engrosamento glandular na inserción de cada pínula. Non presenta opérculo. O prostomio é prominente, con dúas manchas oculares na base. O primeiro setíxero con sedas limbadas e sedas xeniculadas longas. Os demais segmentos torácicos con sedas dorsais limbadas, sedas en forma de fouce co bordo dentado cóncavo e uncinos rectangulares con varias filas de dentículos e un dente máis grande na base. A continuación do tórax, presenta unha parte non segmentada e sen sedas. O abdome con uncinos dorsais como no tórax, pero máis pequenos e con máis dentes. Sedas ventrais xeniculadas e serradas, cun eixo longo nos últimos segmentos. O pixidio con dúas pequenas papilas terminais. Segregan uns delicados tubos calcarios de cor branca, moi finos e algo rugosos lonxitudinalmente, duns 15 milímetros de lonxitude por 0,5 milímetros de diámetro. Viven en agrupacións nas cales entretécen os tubos de forma máis ou menos aglomerada. A cor do animal é de vermella a alaranxada, cos radiolos que asoman fóra do tubo incoloros.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata máis de 60 metros de profundidade, incrustando algas, cunchas e pedras de forma plana, aínda que ocasionalmente pode formar masas tridimensionais. Cando é molestado, só facéndolle sombra, agóchase rapidamente no interior do tubo. O penacho branquial, ademais de ter función respiratoria, serve para capturar os microorganismos dos que se alimenta.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie anfiatlántica, cuxa distribución en Europa esténdese desde o noroeste da Península Ibérica ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Filograna implexa, no extremo de dous dos seus tentáculos ten senllos opérculos quitinosos en forma de copa.

Salmacina dysteri, a cal adoita formar densas agrupacións tridimensionais.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *incrustans*, significa "que incrusta", referíndose ao seu hábitat.





Poliqueto sedentario de forma cilíndrica, que se vai adelgazando cara á parte traseira e que, con 90 segmentos setíxeros, 7 deles torácicos, pode alcanzar uns 30 milímetros de lonxitude. O penacho branquial está dividido en dous lóbulos. O esquerdo composto por 5-9 radiolos, e o dereito por 7-10. Dispóñense en dous semicírculos e non están unidos por unha membrana basal. As pínulas dos radiolos vólvense máis grandes cara ó ápice. Entre os lóbulos branquiais sobresa o opérculo en forma de funil, con dentes na parte externa e co que pecha o tubo no que vive cando se encerra totalmente nel. Constrúe tubos calcarios de sección circular a semicircular, esculpido na parte externa por finas liñas de crecemento, formando marañas de tubos calcarios sobre obxectos sólidos do fondo mariño (neste caso sobre as cadeas do porto deportivo). Estes tubos poden atinxir os 4 milímetros de diámetro, e presentan unha boca lixeiramente acampanada. Ademasi das liñas de crecemento, na superficie aparecen rebordos que indican a situación das bocas previas. A parte máis recente do tubo é branca, mentres que o resto presenta unha cor parda amarelada ou branca sucia. Cando os vermes sacan ao exterior os penachos branquiais, a masa de tubos tórnase multicolor, con cores rosas, vermellas, alaranxadas, amarelas e verdes.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

No litoral superficial ata os 20 metros de profundidade, onde forma arrecifes constituídos pola agrupación dos seus tubos calcarios. Estas agrupacións fíxanse a diversas estruturas como pantaláns, pedras, cunchas ou calquera obxecto sólido depositado no fondo mariño. É unha especie considerada de estuarios, ao presentar unha certa preferencia polas augas salobres.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie que se estendeu por todos os mares do planeta e que en Europa distribúese desde o norte das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aínda que se pode confundir a primeira ollada con outros poliquetos sedentarios que constrúen tubos calcarios, *Ficopomatus enigmaticus* diferénciase perfectamente polos rebordos que presentan os seus tubos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *enigmaticus*, deriva do epíteto latino *aenigmaticus* (misterioso, difícil de comprender, enigmático), referíndose á súa misteriosa orixe.

A orixe desta especie non está clara, aparece tanto en augas tépedas como nas cálido-tépedas de diferente salinidade e de ambos os hemisferios. Posiblemente é unha especie invasora introducida a partir de augas australianas, e que se expandiu por medio da navegación (iso explicaría a súa presenza principalmente en maríñas portuarias).



Verme sedentario que pode alcanzar unha lonxitude de 40 milímetros con ata 100 setíxeros, 7 dos cales son torácicos. Na cabeza presenta dous penachos branquiais, con 12-16 radiolos cada un, unidos na base. Ten un opérculo en forma de copa que pecha o tubo cando o verme se retrae totalmente no seu interior. A boca presenta dous labios grandes. A rexión torácica está formada por uns 70 setíxeros. Todos os segmentos corporais con sedas e uncinos. O píxidio ten dous pequenos lóbulos redondeados. Vive dentro dun tubo calcario, liso e sinuoso, duns 50 milímetros de longo e cuxo ancho vai diminuíndo gradualmente cara á parte traseira, onde finaliza case en punta. A sección exterior do resistente tubo é triangular, a sección interior redondeada. O tubo fíxase pola súa base e ten unha prominente crista na parte superior lonxitudinal, unha a cada lado da base e outra en cada costado, estas últimas non tan aparentes, que lle confiren un aspecto de sección triangular a pentagonal. O tubo finaliza nunha aguda espiña na parte superior da abertura, pola cal asoma a cabeza do verme. Animal dunha brillante cor verdosa ou castaña, cos radiolos de cor branca, ou bandeados lixeiramente en cor azul, vermella ou amarela. Cor do tubo branca caliza.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal ata 70 metros de profundidade, aínda que normalmente aparece en augas pouco profundas sobre pedras, bloques ou calquera outro obxecto sólido e fixo, formando xeralmente grupos. É unha especie que escapa da luz directa e busca a sombra baixo pedras no intermareal inferior.

DISTRIBUCIÓN:

De Noruega ao Mediterráneo, incluíndo as Azores.

ESPECIES SEMELLANTES:

Spirobranchus polytrema, presenta unhas curiosas perforacións nos laterais da base do tubo no que vive.

Spirobranchus triqueter, o cal presenta un opérculo de forma cónica ou de salchicha e unha única crista ao longo do tubo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *lamarcki*, é en honra ao naturalista francés Jean-Baptiste Pierre Antoine de Monet Chevalier de Lamarck (1744-1829), unha das grandes figuras da época da sistematización da historia natural xunto a Linneo, Leclerc e Cuvier, e quen formulou a primeira teoría da evolución biolóxica en 1802, acuñando o termo "bioloxía" para designar a ciencia dos seres vivos e fundador da paleontoloxía dos invertebrados.





Verme sedentario que con 50 setíxeros (7 torácicos), alcanza un tamaño de 15 milímetros (branquias incluídas) por apenas 1,5 milímetros de ancho. Ten dous lóbulos branquiais, cada un con 6-10 filamentos regularmente anelados entre as pínulas, con ápices filiformes espidos, e que están unidos na base por unha membrana. O opérculo é globoso e está rematado por unha placa calcaria oblicua que leva no bordo superior una ou dúas pequenas prominencias redondeadas. Colar grande co bordo enteiro, pero indistintamente dobrado en cinco lóbulos e moi aberto na zona dorsal. A membrana torácica é estreita. No primeiro segmento ten dous grupos de ollos con forma de ril. O primeiro setíxero con sedas limbadas finas, de ramas curtas e sedas longas e fortes, fendidos no extremo, cun vulto seguido dunha marca que precede ao ápice, finamente hispida. Os demais segmentos torácicos con sedas dorsais limbadas e uncinos trapezoidais con 10-12 dentes, o inferior dos cales é fendido como unha gubia e acaba en dúas puntas diverxentes. O abdome con uncinos dorsais máis pequenos, con 7-9 dentes e sedas. O primeiro segmento abdominal sen sedas. O pixidio con dous pequenos lóbulos redondeados. Vive dentro dun tubo subtriangular cunha zona aplanada coa que se fixa fortemente ao substrato, con 3 carenas festoneadas e unha fila de características perforacións a cada lado da base. Corpo e branquias de cor vermella ou amarela e o pedúnculo opercular anelado de cor vermella e branca. Boceis do primeiro segmento a miúdo escuros. Tubo de cor branca caliza.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En augas pouco profundas, sobre pedras e cunchas de moluscos. Normalmente asociado a *Serpula concharum*. Moi común sobre a cuncha dos mexillóns de cultivo.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o noroeste da Península Ibérica ata o Mediterráneo, incluíndo o arquipélago de Madeira.

ESPECIES SEMELLANTES:

Spirobranchus lamarcki, o cal presenta un opérculo con forma de copa e ademais presenta unhas carenas laterais (pouco aparentes), que lle confiren ao tubo unha sección poligonal.

Spirobranchus triqueter, non ten perforacións ao longo dos laterais da base do seu tubo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *polytrema*, é un termo composto polas palabras gregas *poly* (moitos) e *trema* (buraco) e significa moitos buracos, en alusión ás perforacións que presenta nos laterais da base do tubo no que vive.





Poliqueto sedentario que pode alcanzar unha lonxitude de 15 milímetros, formado por ata 100 setíxeros, dos cales 7 son torácicos. A cabeza presenta un penacho branquial bilobulado, con 18-20 radiolos en cada lóbulo, unidos na base por unha membrana. Ten un opérculo membranoso con forma de cono inverso rematado por unha placa calcaria abombada ou cónica, que porta 2 ou 3 dentes máis ou menos desenvolvidos e de forma variable, co que pecha o tubo cando se reprega nel. Non ten ollos. A rexión abdominal está formada por uns 70-90 segmentos (o número de segmentos aumenta coa idade). O píxidio ten dous pequenos lóbulos redondeados. Todos os setíxeros están provistos de sedas e uncinos. Vive nun tubo calcario liso de 50 mm de lonxitude. O exterior do tubo ten dúas cristas dorsais laterais e unha axial, que remata nun dente que sobresaia na parte superior da abertura, e danlle un aspecto triangular duns 3 milímetros de lado. Un dos lados está en contacto co soporte, fortemente pegado en toda a súa lonxitude. O tubo nunca é recto, senón que ao longo da súa lonxitude forma polo menos un ángulo máis ou menos curvo. O seu diámetro diminúe gradualmente ata a parte traseira, que finaliza case en punta. Verme de cor brillante pero variable, verde, vermella ou castaña, coa coroa bandeada en varias cores. Cor do tubo esbrancuxada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal inferior ata 70 metros de profundidade, adherido firmemente a todo tipo de substratos duros como fondos rochosos, grandes cunchas baleiras e, ás veces, sobre escudos de cangrexos ou lagostas. Tamén sobre substratos artificiais de superficies dispoñibles, como cascos de barcos, pontóns, boias, etc.

DISTRIBUCIÓN:

De Noruega ata o Mediterráneo, incluíndo as Azores.

ESPECIES SEMELLANTES:

Spirobranchus lamarcki, o cal presenta un opérculo en forma copa e ademais presenta unhas costelas laterais, aínda que pouco aparentes, que lle confiren ao tubo unha sección poligonal.

Spirobranchus polytrema, o tubo é de sección exterior triangular e presenta unhas curiosas perforacións a cada lado da base do mesmo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *triqueter*, é un epíteto latino que significa "cousa de forma triangular" "con tres puntas", referíndose á sección do tubo no que vive.





Verme sedentario de corpo curto e cilíndrico que se aguza cara á parte posterior, que cuns 80 segmentos setíxeros pode acadar os 29 milímetros de lonxitude, cun diámetro do tórax de 1,6 milímetros. Cabeza cun penacho branquial formado por 11-19 radiolos dispostos en dous semicírculos. As pínulas dos radiolos son de igual lonxitude, cos ápices de lonxitude variable. Non ten ollos nin manchas oculares. Entre os radiolos ten un pedúnculo liso e de sección circular en cuxo ápice está o opérculo, o cal está diferenciado en funil (con forma de copa serrada), e verticilo (con forma de coroa). O funil presenta 28-31 radios de puntas romas e o verticilio 14-17 espiñas rectas, aguzadas, fusionadas entre si ata a metade da súa lonxitude, cada unha con 1-4 espiñulas internas e 2-5 pares de espiñas laterais. O tórax está formado por 6 setíxeros con uncinos. Uncinos con 7 dentes curvados. O abdome está formado por ata 70 segmentos setíxeros, coas sedas en forma de trompeta plana; os últimos 8 setíxeros con sedas capilares. O pixidio é bilobulado. O tubo calcario no que vive é sinuoso e pode atinxir unha lonxitude de ata 5 centímetros por uns 2 milímetros de diámetro. As súas paredes son delgadas, con moitas liñas de crecemento transversais, e pode presentar dúas quillas baixas lonxitudinais. A sección transversal do tubo é subtrapezoidal e dispónse sobre o substrato comezando normalmente nunha espiral laxa e elevando lixeiramente o extremo final. Cor do abdome vermella, penacho branquial de cor vermella e branca e o opérculo de cor branca cunha banda vermella na parte superior do funil e outra no seu comezo. Tubo de cor branca.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña inferior da baixamar ata os 20 metros de profundidade, sobre substratos duros tanto naturais (rochas, pedras ou cunchas de bivalvos), como artificiais (cascos de buques, boias, estruturas portuarias, pilotes etc.), formando en ocasións enormes colonias. Son hermafroditas protándricos con reprodución sexual e fertilización externa.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita orixinaria de mares tropicais e subtropicais que se estende polo planeta como fouling nos cascos de embarcacións. En augas europeas a súa distribución abarca desde as illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Hydroides norvegica, penacho branquial a bandas vermellas e brancas alternas e o opérculo de cor vermella ou con dúas bandas vermellas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *elegans*, é un epíteto latino que significa "elegante", en referencia ao seu vistoso penacho branquial.



Verme sedentario de corpo curto e cilíndrico que se aguza cara á parte posterior e que, cuns 100 segmentos setíferos (7 deles torácicos), pode acadar os 3 centímetros de lonxitude, cun diámetro do tórax de 1,9 milímetros. Cabeza cun penacho branquial dobre, unido na base e portando cada un deles entre 13-20 radiolos de ápices filamentosos, dispostos en dous semicírculos. Os radiolos carecen de ollos e entre eles está o opérculo (co que o verme pecha o tubo cando se retrae dentro do mesmo). O opérculo ten forma de copa serrada na parte proximal e unha coroa distal sen espiña central, formada por 10-20 espiñas apuntadas serradas e quitinosas, fundidas unhas ás outras en polo menos 1/3 da súa lonxitude; o pedúnculo deste é liso de sección transversal circular e está inserido xusto por baixo dos radiolos 1 e 2. O tubo no que vive é calcario de ata 5 centímetros de longo e uns 2 milímetros de diámetro. As paredes son delgadas, con moitas liñas de crecemento sinuosas nos costados e sen quillas lonxitudinais; a súa sección transversal é redondeada ou subtrapezoidal e dispónse sobre o substrato comezando normalmente nunha espiral laxa e elevando o extremo final. Cor do abdome do verme vermella, penachos branquiais a bandas vermellas e brancas alternas e o opérculo de cor vermella ou con dúas bandas vermellas. Tubo de cor branca cas partes antigas de cor pardenta.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 2 ata os 300 metros de profundidade, sobre substratos duros tanto naturais (rochas e pedras), como artificiais (cascos de buques, boias, estruturas portuarias, pilotes, etc), onde pode formar enormes colonias. O caso fotografado é o primeiro que documenta o verme crecendo sobre un substrato móbil, o escudo dun decápodo (sobre o dorso de *Inachus dorsettensis*). É unha especie hermafrodita protándrica. As súas larvas son planctónicas e teñen unha vida peláxica duns 21 días (o que permite alcanzar un amplo rango de dispersión). Unha vez establecido no substrato elixido segrega un tubo transparente e tras un par de días comeza a engadirlle material calcario ao extremo anterior, comezando así o seu desenvolvemento.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita que se estende polo planeta como *fouling* nos cascos de embarcacións. En augas europeas a súa distribución abarca desde o norte das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Hydroides elegans, o seu penacho branquial é de cor vermella e branca e o opérculo de cor branca cunha banda vermella na parte superior do funil e outra no comezo. Ademais recentes investigacións dan a esta especie un hábitat menos profundo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *norvegica*, é un xentilicio latino que significa "procedente/de Noruega", relacionado co país no que foi descrito, Noruega.



Verme sedentario que pode alcanzar 7 centímetros de lonxitude con 200 segmentos setíxeros, dos cales 7 son torácicos. O tubo calcario no que vive mide uns 15 centímetros por uns 5 milímetros de diámetro. É de sección circular ou triangular, de cor rosada ou vermella pálida (aínda que é difícil de ver porque adoita estar tapizado con algas ou hidrozooos), e fíxase ao substrato pola base, coa porción final elevada. Do tubo sobresae o seu impresionante penacho branquial de 2-3 centímetros, formado por dous lóbulos branquiais con 30-40 filamentos plumosos (radiolos) cada un. O primeiro filamento dorsal dun lóbulo non ten pínulas, é de maior tamaño que os demais e termina nun opérculo con forma de funil finamente dentado, con máis de 40 costelas radiais que finalizan en dentes obtusos coa cara superior cóncava. O filamento oposto non ten pínulas e termina nunha maza (falso opérculo). O collar é trilobulado con pregues ondulados, un gran lóbulo ventral enteiro e dous lóbulos laterais que continúan coa membrana torácica. A membrana torácica recobre e esténdese máis aló dos podios e forma na cara ventral (enriba dos primeiros segmentos abdominais), unha especie de collar posterior. Dous ollos en forma de media lúa no primeiro segmento. O primeiro setíxero cun gran feixe de sedas dirixido cara adiante, os demais segmentos torácicos con sedas dorsais e uncinos ventrais. Segmentos abdominais con uncinos dorsais e sedas ventrais. O pixedio co ano terminal nunha fenda vertical. A súa cor corporal é moi variable: amarela pálida, amarela avermellada ou vermella, coas branquias desde vermello brillante ata rosa pálido, ou bandeadas transversalmente con vermello brillante e rosa ou branco. Opérculo raído de vermello e branco.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 2 ata os 60 metros de profundidade en zonas tranquilas, fixado co tubo levantado na parte final, sobre pedras ou cunchas vellas.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita presente en toda a costa europea.

ESPECIES SEMELLANTES:

Protula intestinum, é de maior tamaño e non presenta opérculo.


Protula tubularia, é de maior tamaño, os 2 lóbulos do penacho branquial son lixeiramente espiraliformes e non dispón de opérculo.

Serpula concharum, é de menor tamaño, fixa o tubo sobre cunchas e o opérculo ten forma de copa rematada por ata 20 distintivos denticúlos redondeados.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *vermicularis*, é un epíteto latino que significa "con forma de verme", "como un verme", referíndose á súa forma corporal.





Diminuto poliqueto sedentario cuxo corpo ten entre 1 e 2 milímetros de lonxitude con 23 setíxeros, incluídos os 3 torácicos. O penacho branquial está formado por dous lóbulos, cada un con 3-4 filamentos branquiais. Ten dous ollos. O opérculo ten forma de placa cóncava pouco profunda, cun talón máis ou menos desenvolvido, reducido a unha simple varela ou, no caso máis complicado, a dous lóbulos dentados. O collar é enteiro e grande. O primeiro setíxero esta provisto de sedas xeniculadas co bordo dentado e terminadas nunha punta fina. O segundo e o terceiro setíxero con sedas dorsais bilimbadas, rectas ou curvas e uncinos rectangulares, con moitos dentes e cun dente terminal grande. Segmentos abdominais con uncinos dorsais, máis pequenos que no tórax, e sedas ventrais xeniculadas cunha folla triangular dentada. Vive dentro de tubos calcarios helicoidais levoxiros (enrolados cara á esquerda) que se elevan do substrato a medida que crecen, podendo alcanzar un tamaño de ata 3 milímetros. As paredes do tubo son brancas translúcidas (parecen de porcelana) e case transparentan o corpo de cor alaranxada do verme. O penacho branquial de cor branca translúcida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 2 ata os 60 metros de profundidade, fixo a hidrozoo e briozoo en zonas de fortes correntes de marea. Incuba os ovos de cor vermella no opérculo, dentro do tubo no que vive.



DISTRIBUCIÓN:

Do océano Ártico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pode confundirse con outras especies pertencentes ao mesmo xénero, das que se diferencia polo seu específico substrato de fixación e polo final do tubo elevado, despegado do substrato.

Tamén pode confundirse con especies do xénero *Spirorbis*, aínda que neste caso os tubos calcáreos nos que viven son dextroxiros (enrólanse cara á dereita).

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *spirillum*, é un epíteto latino que significa "pequena espiral", referíndose á forma dos tubos nos que viven.



Pequeno poliqueto sedentario que apenas excede os 2 milímetros de lonxitude con 25 segmentos setíxeros, incluídos os 3 torácicos. O penacho branquial está formado por dous lóbulos, cada un con 4 filamentos provistos de longas pínulas e cun pequeno ápice espido e liso. O opérculo ten forma de ampola transparente rematada por unha placa calcaria redondeada, plana ou lixeiramente cóncava, con estrías concéntricas e un talón excéntrico, cónico ou cilíndrico. Por baixo do penacho branquial presenta un gran collar co bordo enteiro. O primeiro setíxero con sedas xeniculadas e no segundo engádense sedas capilares. Setíxeros torácicos con uncinos rectangulares cunha soa fileira de numerosos dentes, un deles de maior tamaño. Os segmentos abdominais con uncinos dorsais máis pequenos con tres fileiras de denticulos e sedas xeniculadas ventrais cunha folla triangular dentada. Vive dentro dun tubo calcario branco, disposto nunha espiral levoxira plana de ata 2 milímetros de diámetro, que na parte superior presenta tres distintivas carenas lonxitudinais, máis ou menos marcadas, que finalizan en dentes obtusos na abertura. Cando os tubos fíxanse ás algas, é posible que falten as carenas. O tórax é incoloro e o abdome de cor vermella ou alaranxada. Ovos vermellos ou alaranxados, incubados no opérculo.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata máis de 120 metros de profundidade, tapizando pedras ou sobre rochas, cunchas e mesmo algas. O opérculo deste poliqueto funciona, ademais de peche do tubo cando o animal se retrae dentro deste, como cámara de incubación. Tras esta fase, o opérculo é refugado e fórmase un novo.

DISTRIBUCIÓN:

Presente en ambas as marxes do océano Atlántico, en augas europeas a súa distribución abarca desde o océano Ártico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Diferénciase doutros poliquetos similares en que o tubo, á parte de estar enrolado en sentido inverso, presenta unha superficie con tres marcadas carenas en sentido lonxitudinal.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *heterostropha*, é unha palabra composta por dous termos gregos *heteros* (outro) e *trophe* (nutrición), que significa que se alimenta doutras fontes de carbono, materia vexetal ou animal, en referencia á súa forma de alimentación.



Pequeno verme sedentario, que con 23 segmentos setíxeros (dos cales 3 son torácicos), pode chegar a acadar os 3 milímetros de longo por uns 0,4 milímetros de diámetro. A súa coroa branquial está dividida en dous lóbulos de filamentos branquiais moi grandes, co ápice moi longo e delgado. Ten un opérculo calcario en forma de casco redondeado adornado con cristas cortadas en dentes ou series de espiñas que presentan disposicións moi variables. As caras do opérculo constitúen un cilindro, fortemente fendido no lado dorsal e cunha parede maciza no lado ventral. Este cilindro non é outra cousa que o talón opercular baleirado e modificado, co que pecha o tubo no que vive cando o verme está dentro. O primeiro setíxero con sedas capilares xeniculadas, o segundo con sedas limbadas e o terceiro con sedas limbadas e sedas en forma de fouce estriadas. Todos os segmentos torácicos con uncinos rectangulares con 10-15 dentes, incluído un máis grande. Segmentos abdominais con uncinos dorsais e sedas xeniculadas ventrais. Vive nun tubo calcario dextroxiro (que xira á dereita), enrolado de forma imprecisa, ás veces de forma ascendente cara á parte opercular e gravado externamente con liñas de crecemento irregulares. Ás veces con tres tenues eixos lonxitudinais que pode alcanzar un diámetro de 3 milímetros ou máis. O corpo, branquias e membrana torácica do verme é de cor rosa ou vermella brillante. O tubo é de cor branca mate. Ovos de cor castaña amarelada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En augas pouco profundas sobre pedras, rochas, cunchas ou mesmo algas. Incuba os ovos dentro do tubo, no opérculo.

DISTRIBUCIÓN:

É un animal cunha ampla presenza en todos os mares tépedos e cálidos, cuxa distribución en augas europeas esténdese desde o sueste de Irlanda e illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aínda que é posible a súa confusión con outras especies da familia Spirorbidae, esta especie é a de maior tamaño e o tubo presenta unhas claras e irregulares liñas de crecemento.

CURIOSIDADES:

O nome desta especie, *militaris*, é un epíteto latino que significa "militar", "propio de/relativo á guerra/a milicia/os soldados".



Verme sedentario que vive nun tubo calcario sinistrorso (enrolado cara á esquerda), que pode acadar unha lonxitude de 6 milímetros. O tubo é liso, opaco e de cor branca, sen ningún tipo de ornamentación, e forma 3 voltas nun mesmo plano, podendo atinxir os 3 milímetros de diámetro. O verme ten o corpo dividido en tres rexións. A rexión cefálica está provista de 8 filamentos branquiais incoloros e dun talo opercular. O talo opercular ten unha curvatura ben marcada a nivel do talón, característica desta especie. O opérculo finaliza nunha placa calcaria oval, cóncava cara ao exterior e abovedada no lado proximal. O talón, que é moi fino na parte apical, alárgase na base formando dous lóbulos redondeados de cor branca opaca. A rexión torácica con só 3 segmentos setíferos, o primeiro con sedas capilares dorsais lisas, segundo e terceiro segmento setífero con sedas dorsais finalmente denticuladas e uncinos ventrais. A rexión abdominal ten 20-25 setíferos con sedas xeniculadas ventrais e uncinos ventrais máis pequenos que os do tórax. A cor do corpo é castaña alaranxada, coa parte posterior máis clara.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En augas pouco profundas sobre as follas das laminarias *Laminaria achrotenca* e *Laminaria saccharina*, aínda que tamén se pode atopar ocasionalmente sobre outras algas, como *Chondrus crispus* ou *Mastocarpus stellatus*. Presenta sexos separados e fecundación interna. Os ovos son incubados dentro do tubo.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur de Noruega ata o noroeste da Península Ibérica.


ESPECIES SEMELLANTES:

Spirorbis (Spirorbis) corallinae, fíxase con frecuencia sobre algas coralinas, e a parte basal (zona de fixación) do tubo é máis ancha ao presentar un rebordo.

Spirorbis (Spirorbis) spirorbis, fíxase con frecuencia sobre algas do xénero *Fucus*, e a abertura do tubo forma unha especie de pico cara ao exterior.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *inornatus*, é un epíteto latino que significa "sen adornos", referíndose ao seu tubo liso e sen ornamentación.





Pequeno verme sedentario que, con 35 segmentos setíxeros, alcanza unha lonxitude de 3 milímetros. Este verme vive nun tubo calcario dextroxiro (enrolado cara á dereita nunhas 2 voltas e media). O tubo é liso, branco, cun pequeno rebordo na zona de fixación e pode acadar 3 milímetros de diámetro. O penacho branquial divídese en 2 lóbulos e está formado por 8-10 filamentos branquiais curtos, transparentes e difíciles de observar no medio. Un dos filamentos branquiais é lixeiramente máis longo que o resto e ten forma de prato calcario, que usa como opérculo para tapar o tubo cando o verme se retrae dentro, protexéndose de posibles depredadores e do desecamento cando queda fóra da auga. Ten unha rexión abdominal curta e un tórax lixeiramente máis ancho. O verme é de cor alaranxada e o penacho branquial translúcido.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En augas pouco profundas sobre frondes de algas pardas, especialmente *Fucus serratus* e *Fucus vesiculosus*, ocasionalmente sobre pedras e nas partes basais de *Himanthalia elongata*. É unha especie hermafrodita que se fecunda de forma cruzada. Cría as larvas dentro do tubo, baixo o opérculo, de xuño a setembro. As larvas, que libera nunha etapa avanzada de desenvolvemento, pasan só unas poucas horas entre o zooplancito antes de fixarse a un substrato adecuado. É unha especie suspensívora que recolle as partículas alimenticias cos filamentos do penacho branquial.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie anfiatlántica. En augas europeas a súa distribución abarca desde Noruega ata o sur de Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:

Spirorbis (Spirorbis) corallinae, adoita fixarse sobre algas coralinas.

Spirorbis (Spirorbis) inornatus, é de maior tamaño, o seu tubo está formado por 3 voltas e adoita fixarse en algas do xénero *Laminaria*.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *spirorbis*, é unha palabra composta por dous epítetos latinos, *spira* (expira, espiral) e *orbis* (círculo), e significa "círculo en espiral", referíndose á forma do tubo.





Poliqueto sedentario de corpo moi delgado e segmentos moi marcados, que alcanza uns 10 centímetros de lonxitude cuns 200 setíxeros. Prostomio en forma de cono grande e longo, apuntado, subcordiforme e cun tentáculo occipital proximal curto e elevado, e catro ollos pequenos dispostos de forma trapezoidal moi aberta. Ten dous palpos longos e grosos, cun suco ventral ciliado. O primeiro setíxero con láminas (dorsal e ventral) pequenas e redondeadas, e con sedas capilares. Branquias presentes en toda a zona dorsal desde o segundo setíxero ata o 45. Todas similares, grandes, ben separadas da lámina dorsal en toda a súa lonxitude. Láminas dorsais triangulares e ben desenvolvidas na rexión branquial, logo máis pequenas, ovais, ata finalizar redondeadas e moi reducidas. As láminas ventrais están pouco desenvolvidas, semiovais, logo triangulares e cada vez máis reducidas. As sedas (dorsal e ventral) son capilares. O pixidio é cónico, co ano rodeado por entre 6 e 8 cirros curtos. Coloración amarela verdosa na parte dianteira e máis clara ou máis escura posteriormente. Prostomio de cor branca e branquias vermello vivo.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 70 metros de profundidade, en fondos de area lamacenta e baixo pedras. Constrúe galerías verticais na area, de onde asoma a súa cabeza e os dous longos tentáculos que axita para coller as partículas das que se alimenta. É un verme moi activo que cando se sente molestado, nada enerxicamente en espirais pechadas e segrega un moco que se mestura con area para cubrirse. Vive dentro dun tubo que constrúe con grans de area, que une con moco a modo de aglomerante.



DISTRIBUCIÓN:

Do mar do Norte ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *oxycephala*, é unha palabra composta por dous epítetos gregos, *oxy* (punta, agudo) e *cephala* (cabeza), e significa "cabeza aguda", referíndose á forma da súa cabeza.



Verme sedentario de corpo alongado e delgado, que se aguza cara á parte posterior, e que chega a alcanzar 35 milímetros de longo por 1,5 milímetros de diámetro, cuns 130 segmentos. O prostomio é redondeado ou lixeiramente bífido na parte anterior, con 4-6 manchas oculares. Non presenta tentáculo nocal e na parte posterior presenta unha carúncula que se estende ata o final do segmento 3. Ten dous longos palpos acanalados que alcanzan o setíxero 10. O primeiro setíxero, que é de metade de lonxitude que o segundo, ten sedas capilares de distinta lonxitude. O quinto setíxero está máis desenvolvido que os demais e presenta unhas sedas especiais de dous tipos: as primeiras son espiñas falcíxeras co extremo curvado, e as segundas son unhas robustas sedas co extremo alargado e terminado nun revestimento de finas sedas. Os ganchos encapuchonados bidentados comezan no setíxero 7. As branquias, que están presentes nos segmentos 2, 3, 4 e a partir do 6 ao longo dos 2/3 da lonxitude total do corpo, son de forma alongada e cilíndrica, e están máis desenvolvidas entre os segmentos setíxeros 15-25, chegando a cruzarse na rexión media anterior. O píxidio termina nun disco dividido en catro lóbulos desiguais, sendo os dorsais algo máis pequenos que os ventrais, e co ano terminal. A cor corporal é amarela verdosa pálida, con dúas liñas negras ben marcadas a ambos os dous lados do prostomio, algo máis difusas na zona frontal do mesmo, e as branquias vermellas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal ata os 100 metros de profundidade, cun comportamento aparentemente oportunista ao habitar tanto substratos brandos como duros. Entre estes últimos é frecuente en algas calcarias, colonias de *Mytilus* ou gretas en pedras, onde constrúe galerías en forma de "U". Da galería na que vive só asoman por un dos seus extremos os dous longos palpos que axita para coller as partículas ou diminutos animais dos que se alimenta, entre eles copépodos, algas, hidrozooos e briozoos. Cando se sente molestado ou á mínima perturbación, recóllese totalmente dentro da galería. Presenta unha ampla tolerancia a cambios na salinidade na auga que habita, o que lle permite colonizar facilmente o intermareal, os estuarios e zonas con certo grao de contaminación.

DISTRIBUCIÓN:

Especie procedente da parte nordeste do océano Pacífico (desde Canadá ata California) estendeuse na auga de lastre e en importacións de moluscos por medio mundo. En augas europeas a súa distribución esténdese desde o sur das illas británicas ata o noroeste da Península Ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Boccardia polybranchia, presenta a parte anterior do prostomio bífida e o primeiro setíxero carece de notosedas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *proboscidea*, é un termo latino que significa "con probóscide", fai referencia á forma do seu prostomio que parece que sobresaie tipo probóscide cara adiante.



Poliqueto sedentario de corpo alongado e delgado de sección rectangular, que chega a alcanzar 6 centímetros de longo por 2 milímetros de ancho, con 150 setíxeros. O prostomio está lixeiramente indentado entre os dous cornos frontais con inserción lateral, estreitándose repentinamente cara atrás. Ten catro ollos, os anteriores con forma de ril, dous palpos longos con bandas transversais escuras e unha crista detrás, a carúncula, que alcanza a marxe posterior do setíxero 2. Na rexión anterior ten catro órganos dorsais por segmento. As branquias están presentes en toda a zona dorsal (desde o primeiro setíxero, onde son máis pequenas, vanse facendo maiores e cirriformes cara atrás), con láminas pouco desenvolvidas. A lámina dorsal está unida ás branquias ao longo da súa lonxitude, diminuindo moito nos segmentos posteriores. A lámina ventral é redondeada, sen marca e inicialmente estreita, logo máis ancha e semicircular. Posteriormente redúcese a un arco de círculo que se volve cada vez menos ancho. As sedas dorsais son todas capilares limbadas. As sedas capilares ventrais, que son máis curtas que as dorsais, teñen forma de gancho encapuchado con dúas puntas subagudas. Finaliza nunha rexión átoca de 16 a 18 segmentos. Pixidio ancho e curto con entre 6 e 10 uritos con forma de pétalo. Cor entre rosa salmón e púrpura, branquias cor vermella viva.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 10 metros de profundidade, en area lamacenta e baixo pedras. Constrúe galerías verticais na area, de onde asoma a súa cabeza e os dous longos tentáculos, que axita para coller as partículas das que se alimenta. É un verme moi activo, que cando se sente molestado nada enerxicamente en espirais pechadas e segrega un moco que se mestura con area para cubrirse. Pode soportar baixas salinidades de menos do 20 por mil, polo que é moi frecuente en estuarios. Pode darse en grandes agregacións se as condicións son óptimas.

DISTRIBUCIÓN:

Das illas británicas ata o Mediterráneo.



ESPECIES SEMELLANTES:

Aínda que pode confundirse con outras especies da familia Spionidae, os seus palpos translúcidos moteados en branco opaco fano inconfundible.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *fuliginosus*, é un epíteto latino que significa "cuberto de feluxe",

"denegrido", "escurecido", referíndose posiblemente á aparencia dos exemplares conservados usados para a súa descrición.



© Bruno Almón Pazos

Poliqueto sedentario de corpo alongado e delgado que, con 200 segmentos, pode alcanzar 60 milímetros de longo por apenas 2 milímetros de ancho. O prostomio presenta unha débil incisión anterior, que forma dous lóbulos, e prolóngase ata o setíxero 3 en forma de carúncula baixa. A carúncula posúe un tentáculo occipital curto e presenta un suco ciliado a cada lado. Pode posuír catro ollos ou carecer deles. Posúe dous palpos acanalados móbiles, longos e delgados, que alcanzan o setíxero 25. O setíxero 1 con lóbulos parapodiais ben formados, aínda que só están provistos de sedas capilares curtas no neuropodio. Os lóbulos parapodiais están ben desenvolto anteriormente, excepto no setíxero 5 que está agrandado e carece de lóbulos parapodiais. As branquias, que son longas e filiformes, están presentes a partir do setíxero 7 e ausentes nos últimos 10-20 segmentos. Os últimos 10-20 setíxeros provistos de grandes sedas dorsais curvadas. O pixidio é alargado con forma de funil (asemella unha ventosa), cunha marca dorsal profunda e, ás veces, ventral. Cor avermellada ou amarelada pálida, co pixidio de cor branca e as branquias e o vaso sanguíneo dorsal de cor vermella. Palpos bandeados en cor negra, co peristomio ás veces con pigmentación escura.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 40 metros de profundidade, en fondos de pedra, area, lama ou unha mestura destes últimos. É un perforador de cunchas calcarias de moluscos e arneiróns, onde constrúe as súas galerías onde só asoma os palpos, o que pode ocasionar que chegue a ser unha praga en cultivos de bivalvos. É unha especie suspensívora que pode chegar a ser depositívora, en ausencia de partículas en suspensión. Usa os seus palpos para recoller as partículas alimenticias, que transporta cara á boca por medio da canle ciliada destes. Presenta sexos separados e reprodución sexual. Cada femia pode poñer ata 3000 ovos.

DISTRIBUCIÓN:

Especie case cosmopolita. A súa distribución en augas europeas abarca desde as illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aínda que todas as especies do xénero *Polydora* teñen unha morfoloxía similar, esta especie é a maior do xénero nas nosas augas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *hoplura*, deriva das palabras gregas *hoplo* (arma) e *oura* (cola), e significa "cola armada, en clara referencia ás grandes sedas dorsais curvadas que presenta nos últimos 10-20 setíxeros.

Aínda que descrita de exemplares recolleitos en augas do golfo de Nápoles, recentes investigacións xenéticas suxiren que esta especie é nativa do Pacífico norte, particularmente de Xapón.



Verme sedentario de corpo alongado e delgado, que se aguza cara á parte posterior, e que chega a alcanzar 3 centímetros de longo por 1,5 de ancho, cuns 100 setíxeros. O prostomio está fortemente indentado en dous lóbulos anteniformes diverxentes e alongados, que se estenden nunha quilla (carúncula) sobre o primeiros tres setíxeros, e porta detrás dos ollos un pequeno tentáculo occipital cónico. Ten catro ollos, ás veces só dous, e dous palpos longos acanalados. Sen farinx diferenciada. O primeiro setíxero ten as laminiñas (dorsal e ventral) ben desenvolvidas e sedas capilares ventrais pero non dorsais. As branquias están pouco desenvolvidas e esténdense desde o setíxero 7 ata o 40-50. As láminas dorsais non bordean as branquias e forman unha mamila ben desenvolvida mesmo na rexión posterior. As láminas ventrais con forma de mamila transversal prominente. Os segmentos anteriores con sedas capilares dorsal e ventral. A partir do setíxero 8 con sedas ventrais encapuchadas, en feixes de 20 a 30, cun eixo sigmoideo e inchado, con dous dentes desiguais. Pixidio cunha ventosa curta e ancha, con forma de funil, dentada dorsal e ventralmente. Cor corporal amarelada, cos palpos translúcidos e funil anal esbrancuxado.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 2 ata os 80 metros de profundidade, en fondos rochosos onde constrúe galerías en forma de "U" na base de laminarias, en pedras, en cunchas de moluscos, en algas calcarias, etc. Da galería na que vive só asoman por un dos extremos os dous longos tentáculos, que axita para coller as partículas das que se alimenta. Cando se sente molestado ou á mínima perturbación recóllese totalmente dentro da galería.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *antennata*, é un epíteto latino que significa "con antenas", referíndose á aparencia que lle dan ao animal os palpos.





Verme sedentario de corpo filiforme, esvelto, de sección circular e que con ata 150 segmentos, pode acadar un tamaño de 42 milímetros por 1-2 milímetros de diámetro. O prostomio é alongado, con forma de cono agudo ou obtuso e sen ollos. O segmento bucal e os dous seguintes non teñen sedas e son dun tamaño similar, cun lóbulo no segmento 2 que se estende sobre o 3 e que lle confire (en vista dorsal) forma de corazón. No bordo anterior do primeiro setíxero ten inseridos dous grupos de 1-2 palpos moi longos. As branquias son longas e filamentosas, un pouco menores en tamaño que os palpos, dispostas desde o primeiro setíxero ata case o final do corpo. O pixidio ten forma triangular, co ano subterminal con pregues en posición dorsal. Cor entre amarela e castaña verdosa, cos tentáculos da mesma cor.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña de baixamar ata os 20 metros de profundidade, entre *Lithothamnion*, en fondos de lama ou area, baixo pedras ou sobre elas, enterrado na capa superficial do sedimento ou entre bloques, de onde soamente sobresaen (é o único que se aprecia a primeira ollada deste verme) os seus tentáculos. O animal fotografado estaba na base dunha ascidia, *Phallusia mamillata*, entre esta e a pedra onde estaba fixada.

DISTRIBUCIÓN:


Desde Noruega ata Sudáfrica, sen citas no Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Cirratulus cirratus, é de maior tamaño, de cor máis escura e variable, co corpo de diferente cor que as branquias e tentáculos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *filiformis*, é un epíteto latino que significa "con forma de fio", referíndose á aparencia xeral do corpo.





Poliqueto sedentario que pode acadar os 12 centímetros de lonxitude. O corpo é delgado, fráxil, alongado e cilíndrico, formado por ata 130 segmentos. O prostomio ten forma de cono obtuso cunha base ancha, e presenta unha fila oblicua de 4 a 8 grandes ollos negros a cada lado, a miúdo ambas as filas converxen nun arco convexo na parte anterior. O segmento bucal e os dous seguintes non teñen sedas e frecuentemente son bianelados na superficie dorsal. En case todos os seus segmentos ten grandes filamentos branquiais en forma de fío, que saen da parte dorsoventral. Insírense por riba do podio a unha distancia moi variable, primeiro menor, logo igual e finalmente maior que a que separa as dúas ramas (notopodio e neuropodio). Os filamentos tentaculares son canaliculados, un pouco máis grandes que as branquias, e dispóñense no bordo anterior do primeiro setíxero en dous grupos de 2 a 8 ou unidos nunha fila transversal. Todos os podios teñen sedas dorsais e ventrais. Ganchos aciculares no neuropodio a partir, aproximadamente, do setíxero 10 ou 12, e no notopodio a partir do 20-23. Os ganchos aciculares neuropodiais posteriores son máis grandes, máis prominentes e máis escuros que os notopodiais. O ano é pequeno e dispónse de forma subdorsal no píxido. Cor moi variable, pode ser laranxa, avermellada pardusca ou rosa, con branquias e tentáculos de cor amarela e vermella.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal ata os 30 metros de profundidade, en fondos de lama ou area lamacenta, baixo pedras, ou sobre elas, baixo capas de mexillóns ou arneiróns, enterrado na capa superficial do sedimento, ou entre bloques, de onde soamente sobresaen (é o único que se aprecia a primeira ollada deste verme) os tentáculos. Ten unha clara preferencia por substratos con alto contido de materia orgánica.

DISTRIBUCIÓN:

De Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aphelochaeta filiformis, é de menor tamaño e de cor uniforme, normalmente amarelada.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *cirratus*, é un epíteto latino que significa "cabelo rizado", en clara referencia á aparencia que lle dan os tentáculos alimentarios recolleitos.





Poliqueto sedentario que pode acadar os 20 centímetros de lonxitude por 5 de ancho. O corpo é macizo e semicilíndrico (convexo dorsalmente e cóncavo ventralmente) e agúzase en ambos os extremos. Está formado por ata 300 ou máis setíxeros moi curtos e dispostos moi apertados. Prostomio en forma de cono obtuso, cunha ampla base, sen ollos nos adultos e con algunhas manchas pigmentarias. O segmento bucal e os dous seguintes non teñen sedas e, a miúdo, son bianelados dorsalmente. As branquias, en forma dun sinxelo filamento vermello similar aos filamentos tentaculares, dispóñense por todo o corpo desde o primeiro segmento setíxero, excepto nos últimos. Insírense un pouco por riba e detrás da rama dorsal a unha distancia significativamente menor que a que separa as dúas ramas. Ten numerosos filamentos tentaculares que forman dous grupos separados, tanxentes ou unidos nunha banda transversal no setíxero 6 ou 7, máis raramente no 4 ou 5. Os filamentos tentaculares son filiformes, de cor vermella, están inseridos dorsalmente e tenden a recollerse en espiral. Todos os parápodos con sedas capilares no notopodio e no neuropodio. O ano dispónse de forma case terminal nunha incisión dorsal alongada. O pixidio ten forma dun pequeno botón redondo. O corpo pode ser de cor amarela alaranxada ou castaña avermellada, e ás veces de cor verde bronce.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 5 ata os 50 metros de profundidade, en fondos de lama ou area lamacenta, baixo pedras ou sobre elas, enterrado na capa superficial do sedimento ou entre bloques, de onde soamente sobresaen (é o único que se aprecia á primeira ollada deste verme) os tentáculos. Ten unha clara preferencia por substratos con alto contido de materia orgánica, podendo vivir tanto en ambientes ricos en sulfuro de hidróxeno e baixos en osíxeno, como en áreas limpas e altamente osixenadas. Aliméntase de partículas orgánicas que recolle da superficie do sedimento cos tentáculos, principalmente pequenos anacos de algas, foraminíferos e radiolarios. Presenta sexos separados e fecundación externa; os sexos poden diferenciarse en época reprodutiva pola cor corporal: amarela nos machos e verde nas femias. Dos óvulos fecundados xorden unhas larvas cunha vida planctónica moi curta, máximo uns 10 días, tras a cal se asentan no fondo para converterse en exemplares xuvenís. Segrega pola superficie corporal unha mucosidade a modo de defensa química. Presenta unha lonxevidade duns 15 meses.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie case cosmopolita cuxa distribución en augas europeas abarca desde Noruega ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *tentaculata*, é un epíteto latino que significa "con tentáculos", "provisto de tentáculos", referíndose aos tentáculos que presenta por todo o corpo.



Poliqueto sedentario máis ou menos fusiforme que, con 35 setíxeros, pode acadar unha lonxitude de 40 milímetros por uns 5 milímetros de ancho. É vermiforme, convexo dorsalmente e lixeiramente aplanado ventralmente, máis estreito cara á parte posterior. O corpo aparece normalmente incrustado de grans de area e partículas lamacentas, e está cuberto de papilas craviformes alongadas no lado dorsal, moito máis pequenas e máis curtas no lado ventral. As sedas (dorsal e ventral) son cilíndricas, coa base inchada, incrustada de area e agrupadas en roseta. Na superficie ventral do quinto setíxero proxéctanse un par de papilas nefridiais. As sedas dos primeiros segmentos non forman unha caixa cefálica. O prostomio e peristomio, que carecen de ollos, teñen dous feixes de 30 a 100 branquias cilíndricas retráctiles e dous palpos acanalados, grandes e curvados, de entre 6 e 8 veces a lonxitude das branquias. A abertura da boca é lobulada. O primeiro setíxero con poucas sedas dirixidas cara adiante, pouco desenvolvidas, delgadas e pálidas. As do segundo setíxero son aínda máis curtas, do mesmo xeito que as seguintes dorsais. A partir do segundo setíxero, as sedas ventrais son máis grandes, cunha punta longa, transparente e fráxil. Cor gris escura, un pouco verdosa, coas branquias de cor verde escura. Funda de cor marrónácea a ocre.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 10 ata os 2000 metros de profundidade, en fondos de area fina, area lamacenta ou lama.

DISTRIBUCIÓN:

Do océano Ártico ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *villosa*, é un epíteto latino que significa "viloso", referíndose á aparencia que lle dan as papilas filamentosas que recobren a súa epidermis.





Poliqueto sedentario de corpo suave e brando, recuberto dunha vaíña mucosa, que pode acadar 60 milímetros de lonxitude por 9 milímetros de ancho, con 40 setíxeros. A vaíña que recobre o corpo, que produce cun moco que segrega, é aplanada dorso-ventralmente, opaca, grossa e con partículas finas de sedimento adheridas formando masas de sedimento craviforme, de dous tamaños diferentes dorsalmente e todas pequenas ventralmente. A caixa cefálica está formada por moitas sedas simples, unha especie de buraco no frontal da vaíña (por onde o verme estende ao exterior os seus dous grandes palpos amarelos e as numerosas branquias). Ten os parapodios pouco desenvolvidos, con forma de abano, que sobresaen polos laterais da vaíña. Verme de cor amarela clara e a vaíña pardo verdosa, normalmente recuberta de lodo.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Baixo pedras e seixos en fondos areosos e lamacentos, desde a liña inferior da baixamar ata os 50 metros de profundidade.

DISTRIBUCIÓN:

Do golfo de Biscaia ata o noroeste da Península Ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Flabelligera affinis, o seu corpo é máis estilizado, a funda mucosa que recobre o corpo é máis fina e cilíndrica, e as notosedas atravesan os laterais en forma de simples sedas.

Flabelligera diplochaitus, a vaíña, que recobre o seu corpo, é translúcida, case lisa, non adoita presentar sedimento adherido á mesma e o corpo é cilíndrico, de cor violácea ou verdosa.

Flabelligera vaginifera, alcanza un tamaño lixeiramente menor, é de forma fusiforme e a súa túnica opaca é plisada transversalmente.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *claparedii*, é en honra ao psicólogo e pedagogo suízo Édouard Claparède (1873-1940), quen era sobriño do zoolóxico e médico suízo René-Édouard Claparède (1832-1871).



Poliqueto sedentario de corpo suave e brando, recuberto dunha vaiña mucosa de cor verde pálida, que pode alcanzar os 60 milímetros de lonxitude por 7 milímetros de ancho, con 50 setíxeros. A túnica é grosa, translúcida, está densamente papilada e pode presentar algunha retención de sedimento. O prostomio é elevado, redondeado, con catro ollos escuros. A carúncula é ancha e está ben desenvolvida, excede a marxe do prato branquial e é truncada distalmente. Posúe dous grosos palpos, o dobre de longos e catro veces máis grosos que as branquias, ás veces expostos ventralmente; as súas bases son redondeadas e elevadas. Os labios laterais están ben desenvolvidos e unidos ao labio dorsal; o labio ventral é triangular sen proxección ventral. As branquias divídense en dous grupos laterais, cada grupo formado por uns 60 filamentos dispostos en filas concéntricas. O primeiro setíxero forma unha caixa cefálica con 30 notosedas e 20 neurosedas, protexendo os palpos e as branquias. Os notopodios teñen finas sedas capilares e están rodeados por longas papilas. Desde o setíxero 25 os neuropodios teñen 1-2 sedas compostas en forma de gancho cun talo anelado e unha curta punta curvada, roma e de cor máis escura, cada un dos cales está rodeado por un grupo de 5-6 sedas curtas e rectas, das cales só sobresaen a punta. A parte posterior é truncada. O píxidio presenta o ano terminal, non cuberto pola túnica, cun groso aro muscular e sen cirro anal. Verme de cor verdosa, coas branquias verdes, palpos amarelos e estómago vermello vivo. Túnica transparente.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o límite inferior da baixamar ata os 400 metros de profundidade, en fondos rochosos, baixo pedras e seixos, e en fondos areosos e lamacentos enterrado no sedimento.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita, cuxa distribución en augas europeas abarca desde o Ártico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Flabelligera diplochaitus, é de maior tamaño, máis ancho, a vaiña é máis grosa coa súa superficie finamente papilada e as notosedas sobresaen ao longo da vaiña en forma de abano.

Flabelligera nuniezi, alcanza un tamaño moito menor, a vaiña é transparente, o corpo é de cor amarelada e os ápices das notosedas quedan ao descuberto da vaiña.

Flabelligera vaginifera, é dun tamaño lixeiramente menor, a vaiña é opaca, engurrada transversalmente e de cor gris sucia ou cor terra.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *affinis*, é un epíteto latino que significa "relacionado estreitamente" "afín". En taxonomía, úsase este termo cando se quere sinalar que os resultados do estudo dun determinado exemplar, suxiren que está intimamente relacionado e comparte grandes similitudes con outro taxón xa coñecido.



Verme de corpo cilíndrico, que se aguza posteriormente, e que pode acadar os 100 milímetros de lonxitude por 10 milímetros de ancho máximo, cunha caixa cefálica de 5 milímetros de longo e 45-50 segmentos setíxeros. A vaíña que recobre o corpo (a túnica), que produce cun moco que segrega, é grosa, transparente e, aínda que presenta multitude de finas papilas, non adoita presentar pegadas moitas partículas de sedimento. A carapucha cefálica non está exposta e o prostomio é baixo con catro ollos ovais. A carúncula é prominente e esténdese baixo a placa branquial. Os dous palpos son masivos, con prominentes bases. Os labios laterais están ben desenvolvidos, o dorsal é prominente e o ventral reducido. As branquias están divididas en dous grupos laterais con aproximadamente 100 filamentos branquiais por lado. Os filamentos branquiais teñen unha lonxitude lixeiramente menor que os palpos. Os parapodios son baixos, estreitos e en forma de conos curtos. O primeiro setíxero con parapodio folioso e amplo dirixido cara adiante. Notopodios laterais e neuropodios medianos ventrolaterais, baixos, estreitos, con conos curtos. Os notopodios e os neuropodios están amplamente separados. As notosedas centrais dispóñense en filas transversais curtas e sobresaen lateralmente da vaíña en forma de abano; todas as notosedas son capilares multiarticuladas, dunha lonxitude aproximadamente igual á metade do ancho corporal, con aproximadamente 8 por rama. O extremo posterior con forma dun cono curto. Pixidio sen cirro anal, co ano terminal cunhas poucas papilas pequenas. Cor do corpo violácea ou verdosa, translúcida, que deixa distinguir as vísceras, coas branquias verdes. Túnica de cor gris verdosa translúcida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Baixo pedras e seixos en fondos areosos e lamacentos, desde a liña de baixamar ata os 70 metros de profundidade. Desprázase lentamente movendo as notosedas laterais en forma de abano que atravesan a súa vaíña, e cando se lle molesta é capaz de desprazarse con fortes contorsións corporais. Só asoma do animal a caixa cefálica, que retrae rapidamente no interior da mesma ao mínimo perigo.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a canle da Mancha ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Flabelliderma claparedii, o seu corpo é aplanado dorsoventralmente, a vaíña é máis grosa, vasta, ten unha especie de papilas no dorso e é de cor acastañada.

Flabelligera affinis, é de menor tamaño, o corpo é máis esvelto, a vaíña mucosa que recobre o corpo é máis fina, de forma cilíndrica a fusiforme e as notosedas atravesan os seus laterais en forma de simples sedas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *diplochaitus*, é unha palabra composta formada do prefixo grego *diplo-* (par, dobre) e o epíteto grego *chaeta* (queta, seda) incorrectamente transcrito (*chaitus*), en clara referencia ás dobres sedas que presenta.



Poliqueto sedentario de corpo truncado na parte dianteira e que se aguza no extremo posterior, que pode alcanzar uns 10 milímetros de longo por 2,5 milímetros de ancho, cuns 32 setíxeros. A vaiña é grosa, transparente, engurrada transversalmente e deixa ao descuberto os ápices das sedas do verme. Prostomio en forma de cono baixo, con catro ollos de cor castaña escura. A carúncula está ben desenvolvida, ampla, excede a marxe da placa branquial e é distalmente redondeada. Os dous palpos lixeiramente escuros e 4-5 veces máis grosos que as branquias, e lixeiramente máis longos que estas; as súas bases son redondeadas e elevadas. Os labios laterais están ben desenvolvidos, e os labios dorsal e ventral están reducidos. As branquias divídense en dous grupos laterais, cada grupo formado por uns 60 filamentos dispostos en filas concéntricas. O primeiro setíxero forma unha caixa cefálica con 28 notosedas e 30 neurosedas por lado, protexendo os palpos e as branquias. Parapodios anteriores sen papilas especialmente longas. Os parapodios están ben desenvolvidos e dispóñense lateralmente. Os notopodios son baixos, redondeados basalmente, distalmente foliosos, truncados e sen papilas diferenciadas. Neuropodio proxeccionado, cos lóbulos cónicos e sen papilas diferenciadas. Os notopodios e os neuropodios están amplamente separados. As notosedas centrais dispostas en filas transversais curtas. Todas as notosedas son capilares multiarticuladas, tan longas como o ancho corporal. A parte posterior do corpo é redondeada. O píxido presenta o ano terminal, sen cirro anal. Verme de cor amarelada. Túnica transparente.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o límite inferior da baixamar ata os 30 metros de profundidade, en fondos areosos e lamacentos, baixo pedras ou enterrado no sedimento de onde só sobresa a parte aberta da súa caixa cefálica.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a Bretaña francesa ata o Mediterráneo oriental e as illas Canarias.

ESPECIES SEMELLANTES:

Flabelligera affinis, alcanza un tamaño maior, a súa túnica transparente está finamente papilada e non retén sedimento; o animal é de cor verdosa co estómago vermello.

Flabelligera diplochaitus, é de maior tamaño, presenta un corpo máis ancho, a vaiña é de cor verde traslúcida ca superficie finamente papilada; ademais as notosedas presentan forma de abano sobresaíndo ao longo dos laterais da vaiña.

Flabelligera vaginifera, alcanza un tamaño lixeiramente maior, e a vaiña é opaca e plisada transversalmente.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *nuniezi*, é unha modesta homenaxe ao Dr. Jorge Núñez (profesor titular de bioloxía animal na universidade da La Laguna - Illas Canarias), en recoñecemento á súa gran contribución ao coñecemento da fauna de poliquetos canarios e especialmente polo gran soporte á investigación dos autores sobre os poliquetos do Atlántico leste.



Verme de corpo fusiforme, máis agudo cara aos extremos, que pode alcanzar uns 35 milímetros de longo por 6 milímetros de ancho, cuns 48 segmentos setíxeros. A vaíña é opaca e plisada transversalmente. Externamente a maior parte está libre de partículas de sedimento, pero partículas estrañas de diferentes tamaños forman unha heteroxénea capa interior; papilas non visibles. O prostomio, de cor esbrancuxada, é baixo, redondeado, con catro ollos grandes e castaños. A carúncula está ben desenvolvida e esténdese posteriormente sobre a marxe posterior do prato branquial, basalmente cunha depresión lonxitudinal no lóbulo central, distalmente inchado, coas cristas laterais agrisadas e o lóbulo central negroide. Posúe dous grosos palpos que, contraídos, son de aproximadamente 1/3 da lonxitude das branquias; as súas bases son redondeadas e elevadas. Os labios (dorsal e laterais), son agrisados, inchados e amplos; lóbulo ventral reducido. As branquias divídense en dous grupos laterais, cada grupo formado por uns 100 filamentos dispostos en 10 filas concéntricas. O primeiro segmento setíxero forma unha caixa cefálica con 26 notosedas e 22 neurosedas, protexendo os palpos e as branquias. Os parapodios son laterais e ben desenvolvidos, co neuropodio medio ventrolateral. Os lóbulos notopodiais son longos, distalmente redondeados, coas papilas cubertas pola vaíña. Os lóbulos neuropodiais proxeitados. As notosedas centrais dispostas en filas curtas, transversais ao eixo corporal; todas as notosedas son capilares multiarticuladas. A parte posterior corporal diminúe ata formar un cono romo. O pixidio non ten segmentos sen sedas, presenta o ano terminal e sen cirro anal. Verme de cor corporal acastañada, coas branquias e prostomio de cor esbrancuxada. Vaíña opaca de cor agrisada ou cor terra.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o límite inferior da baixamar ata os 120 metros de profundidade, en fondos areosos e lamacentos baixo pedras ou enterrados no sedimento de onde só sobresa a parte aberta da súa caixa cefálica.

DISTRIBUCIÓN:

A súa distribución é a costa de Noruega. O animal fotografado atopouse no interior da ría de Arousa.

ESPECIES SEMELLANTES:

Flabelligera affinis, é dun tamaño lixeiramente maior, a túnica é transparente, está finamente papilada e non retén sedimento.

Flabelligera nuniezi, alcanza un tamaño menor, a vaíña é transparente, o corpo de cor amarelada e os ápices das notosedas quedan ao descuberto da túnica.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *vaginifera*, é unha palabra composta polo termo latino *vagina* (vaíña) e o sufixo latino *-fera* (o que contén, leva ou produce), referíndose á vaíña que recobre o verme e o contén no seu interior.



Verme de corpo longo e cilíndrico, lixeiramente aplanado ventralmente, inchado e repentinamente atenuado anteriormente, que pode acadar 60 milímetros por uns 5 milímetros de ancho. Pode ter ata 70 setíxeros, os posteriores máis claramente marcados. O corpo está cuberto por papilas epidérmicas, cilíndricas ou capitadas, normalmente incrustadas con grans de area e/ou partículas de lodo. As papilas dorsais e as que rodean os podios presentan un maior desenvolvemento que as ventrais. O sifón bucal é curto e pouco extensible. Ten catro ollos cefálicos de cor castaña, os anteriores máis grandes, oito branquias cilíndricas dispostas en semicírculo nunha soa fila dividida en 2 partes por unha débil pregadura dorsoventral, e dous palpos grosos con bordos ondulados, provistos dun suco ciliado. As sedas dos 3 primeiros setíxeros son todas capilares dirixidas cara adiante, máis longas que as seguintes, aneladas e irisadas, e forman a caixa cefálica. As sedas notopodiais son todas capilares, dispostas en feixes e aneladas. Os neuropodios, a partir do cuarto setíxero, presentan unha fileira transversal de ganchos sigmoideos de forma moi variable acompañados de finas sedas aciculiformes. O último terzo do corpo forma unha esvelta "cola" que pode estar volteada cara arriba. O ano é terminal cun bordo redondeado. Xuvenís de cor laranxa forte ou amarela óxido, mentres que os adultos son de cor gris verdosa, castaña escura ou gris aceirada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 10 ata os 2000 metros de profundidade, enterrado nas capas superficiais do fondo, en sedimentos areosos e de lama.

DISTRIBUCIÓN:

Do mar do Norte ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *plumosa*, é un epíteto latino que significa "plumosa", "con plumas", referíndose á aparencia que lle dan as sedas da súa caixa cefálica.





Verme sedentario escavador de corpo curto e grosso que, con 22 segmentos, alcanza 35 milímetros de lonxitude por 12 milímetros de ancho. O corpo, de forma característica cunha fina epiderme densamente papilada, ten dúas partes claramente definidas: a rexión anterior, formada polos primeiros 7 segmentos, e a rexión posterior polos restantes. A rexión anterior é máis pequena e estreita, e pódese retraer totalmente dentro da rexión posterior. A súa cabeza é pequena, e ten un prostomio reducido a un tubérculo curto, translúcido e de forma oval. A boca dispónse ventralmente, é de forma redondeada e subterminal. Os primeiros 3 segmentos teñen, a cada lado, unha fila semicircular de fortes sedas arqueadas de cor amarela, cuxo tamaño diminúe desde o lado dorsal ao ventral. As máis desgastadas terminan en punta roma, as demais rematan nunha extensión transparente máis ou menos cónica. Os seguintes segmentos están fortemente anelados nos laterais e na superficie dorsal, pero non no centro da superficie ventral. Cada un deles leva dous feixes de sedas capilares, finas e rudimentarias, incluídas no tegumento. Os últimos 5-9 segmentos presentan un escudo ventral formado por dúas placas córneas de bordos saíntes, a modo de valvas, divididas cada unha delas en dúas partes desiguais por unha liña oblicua e que presentan costelas e estrías máis ou menos marcadas. Cada placa ten de 15 a 17 feixes radiantes de sedas rixidas con púas, mesturadas con sedas capilares longas e moi finas. Sobre o píxidio ten inseridas numerosas branquias longas, filiformes e a miúdo enroladas en espiral, co ano terminal disposto sobre un pequeno cono saínte. Cor corporal esbrancuxada a gris amarelada, cos escudos de cor escura, avermellada violácea. Branquias vermellas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 20 ata os 500 metros de profundidade, en substratos de area lamacenta ou lama, onde se enterra cabeza abaixo deixando soamente ao descuberto as branquias do extremo posterior.

DISTRIBUCIÓN:

É un animal probablemente cosmopolita que en augas europeas esténdese desde o océano Ártico ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *scutata*, é un epíteto latino que significa "cun escudo", referíndose ao escudo ventral que presentan nos últimos segmentos corporais.





Verme sedentario de corpo relativamente longo, co seu máximo grosor xusto tras as branquias e diminuindo cara ao pixidio, que pode alcanzar os 55 milímetros de lonxitude por uns 3 milímetros de diámetro, cun máximo de 75 segmentos. O prostomio é trilobulado, non ten cristas glandulares e presenta manchas oculares. O segmento bucal sobresa e está en parte cuberto polo segmento seguinte que se prolonga na parte ventral en forma de colar. Ten oito branquias filiformes dispostas en dous grupos de tres (separadas aproximadamente polo diámetro basal dunha das branquias), dispostas nunha fila oblicua que posteriormente se inclina cara á metade do dorso, cunha branquia enfronte e outra detrás do centro dos grupos; están unidas por unha membrana de altura variable. Detrás das branquias ten un par de robustos ganchos dorsais e tras eles, no dorso, unha membrana co bordo anterior dentado, coas puntas afiadas. Segmentos 3-6 con espiñas neuropodiais finas. Os 16 segmentos torácicos presentan notopodios con sedas capilares (as do segmento 3 moi pequenas), e os últimos 9 neuropodios con uncinos. O abdome está formado por uns 50 segmentos unciníferos. O pixidio sen cirros, co ano terminal disposto no centro dunha especie de ventosa. Cor branca marronácea a rosada coas branquias aneladas en verde oliva.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 10 ata máis de 200 metros de profundidade, en fondos de area fina lamacenta ou lama, onde constrúe un tubo longo e cilíndrico (diminúe lixeiramente cara atrás), disposto verticalmente e que sobresa algo por enriba do sedimento, incrustado dunha capa máis ou menos grosa de arxila que xeralmente presenta fragmentos de cunchas dispostos transversalmente. Son animais detritófagos selectivos altamente especializados. Cos tentáculos bucais recollen as partículas orgánicas e trasládanas á boca.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *palmata*, é un epíteto latino que significa "palmado", "en forma de palma", referíndose á aparencia do lóbulo cefálico.





Verme fráxil e brando, que alcanza unha lonxitude de 40 milímetros e que constrúe tubos cónicos lixeiramente curvados, abertos en ambos os extremos, de ata 67 milímetros de longo. O corpo, lixeiramente cónico, está dividido en 3 seccións distintas: un extremo anterior, un abdome duns 17 segmentos e un apéndice posterior aplanado. No extremo anterior ten dous pares de cirros tentaculares e entre 10 e 15 sedas douradas (planas e anchas) a cada lado. A membrana tentacular é ampla, non moi encartada, e o bordo dorsal é serrado con 15-25 estriás. Inmediatamente tras esta parte ten dous pares de branquias en forma de folla, dispostas dorso-lateralmente. Os segmentos abdominais teñen sedas dorsais, as ventrais son uncinos en 13 segmentos. O apéndice posterior ten na parte anterior unha marxe dobrada, sendo liso posteriormente, cunha lingua anal prominente e un urito longo. Cor branca rosada coas branquias vermellas e as sedas dianteiras de cor dourada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 10 ata os 500 metros de profundidade, en todo tipo de sedimentos, variando de lama a area con grava ou area con cuncheiro, sendo máis abundante en fondos de mestura de lama con area fina. Constrúe uns característicos tubos con grans de area que vai aglutinando cunha secreción que produce. Entérrase no sedimento cabeza abaixo (parte ancha do tubo), deixando asomar a parte superior por onde vai botando o material de refugallo do sedimento que vai tragando para quedar soamente coas partículas alimenticias, así como para asegurarse unha ventilación de auga.

DISTRIBUCIÓN:

De Noruega ata o golfo de Guinea, incluíndo o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Lagis koreni, o seu tamaño é lixeiramente maior. Na parte dianteira presenta dous grupos de 8-17 sedas douradas. A membrana tentacular está encartada en exemplares grandes e ten o bordo dorsal liso. O apéndice posterior ten tres pares de características papilas e un urito curto.



Pectinaria belgica, é de maior tamaño e na parte dianteira ten dous grupos de 8-15 sedas douradas. A membrana tentacular é plisada na parte ventral, co bordo dorsal moi amplo e sen dentes. O apéndice posterior ten espiñas, coa marxe dobrada na parte anterior e liso posteriormente.

Petta pusilla, é moito menor e a parte anterior ten dous grupos de 6-8 sedas douradas. A membrana tentacular é lisa e o apéndice posterior é curto, redondo, e finaliza nunha pequena papila anal.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *auricoma*, é un epíteto latino que significa "orella peluda", referíndose á aparencia da súa parte dianteira.



Verme de corpo curto, cónico e que alcanza unha lonxitude máxima de 50 milímetros con 15 setíxeros, dos cales 3 son torácicos. Vive dentro dun tubo longo e estreito, de forma cónica, formado por unha soa capa de grans de area e diminutos fragmentos de cunchas que hábilmente cementa en forma de mosaico cunha substancia adhesiva biomineralizada que segrega por unhas glándulas especiais. O corpo, lixeiramente cónico, máis ancho anteriormente e aguzándose ata a parte traseira, está dividido en 3 seccións distintas: un extremo anterior, un abdome e un apéndice posterior aplanado. No extremo anterior presenta unha membrana tentacular ancha, encartada nos exemplares grandes e na parte ventral serrada, xeralmente con 15-20 rañuras, mentras que a parte dorsal é lisa. Ten dous pares de curtos tentáculos estriados con 8-17 longas sedas douradas brillantes a cada lado, con puntas afiadas, que usa para cavar. Tamén presenta un opérculo que usa para selar o tubo no que vive. Os segmentos 2 e 3 teñen un par de cirros laterais cada un, e os segmentos 4 e 5 un par de branquias laterais cada un. Os segmentos abdominais teñen todos sedas dorsais e 12 deles uncinos ventrais. As sedas notopodiais son de 2 tipos: unhas rectas e outras dobradas e denticuladas. Neuropodios con uncinos pectinados. Na base do apéndice posterior, de forma lateral, ten 3-7 grosas espiñas curvadas e inseridas profundamente e tres pares de características papilas en forma de porra. Lingua anal delgada, moderadamente longa, amplamente redondeada e co bordo finamente serrado. O cirro paxial é diminuto. Cor rosada translúcida irisada, coas sedas dianteiras de cor dourada, as branquias vermellas e un vaso ventral vermello visible por transparencia.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal ata os 500 metros de profundidade, en todo tipo de sedimentos, variando de area grosa, area con cuncheiro, area fina, lama ou unha mestura destes, sendo máis abundante en fondos de mestura de lama con area fina.

DISTRIBUCIÓN:

Do norte de Noruega ata Angola, incluíndo o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Amphictene auricoma, na parte anterior ten dous grupos de 10-15 sedas douradas, a membrana tentacular é ampla pero non está encartada, o apéndice posterior coa marxe anterior dobrada e un urito longo.

Pectinaria belgica, na parte dianteira ten dous grupos de 8-15 sedas douradas, a membrana tentacular é plisada na parte ventral co bordo dorsal moi amplo e sen dentes, o apéndice posterior ten espiñas, coa marxe dobrada na parte anterior e lisa posteriormente.

Petta pusilla, a parte anterior ten dous grupos de 6-8 sedas douradas, a membrana tentacular é lisa, o apéndice posterior é curto, redondo e finaliza nunha pequena papila anal.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *koreni*, é en honra ao militar, biólogo mariño e zoólogo noruegués Johan Koren (1809-1885), conservador do Museo de Bergen.



Verme relativamente grande e brando, que alcanza unha lonxitude de 70 milímetros e que constrúe tubos cónicos rectos, abertos en ambos os extremos, de ata 90 milímetros de longo por 10 milímetros de diámetro máximo. O corpo, lixeiramente cónico, máis ancho anteriormente e aguzándose ata a parte traseira, está dividido en 3 seccións distintas: un extremo anterior, un abdome duns 17 segmentos e un apéndice posterior aplanado. No extremo anterior ten dous pares de cirros tentaculares e 8-15 sedas douradas, planas e anchas, a cada lado. A membrana tentacular na parte ventral é plisada, normalmente con 17-28 puntos de diferentes lonxitudes; o bordo dorsal é moi amplo, case rodea totalmente a superficie anterior circular, sen dentes. Inmediatamente tras esta parte ten dous pares de branquias en forma de folla dispostas dorso lateralmente. Os segmentos abdominais teñen todos sedas dorsais e trece deles, do 4 ao 16, uncinos ventrais. Presenta tamén espiñas no apéndice posterior, o cal ten a marxe dobrada na parte anterior e lisa posteriormente. A lingua anal e o cirro pigidial son moi pequenos. Cor rosada coas branquias vermellas e as sedas dianteiras de cor dourada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Do intermareal ata os 500 metros de profundidade, en todo tipo de sedimentos, desde lama a area con grava ou area con cuncheiro, sendo máis abundante en fondos de mestura de lama con area fina. Constrúe uns característicos tubos con grans de area que vai aglutinando cunha secreción que produce, dentro dos que vive. Entérrase no sedimento cabeza abaixo (parte ancha do tubo) deixando asomar a parte superior, por onde expulsa o material de refugallo do sedimento que vai tragando para quedar soamente coas partículas alimenticias, así como para asegurarse unha ventilación de auga.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Amphictene auricoma, é de menor tamaño, na parte anterior ten dous grupos de 10-15 sedas douradas, a membrana tentacular é ampla, non encartada, co bordo dorsal serrado, o apéndice posterior coa marxe da parte anterior dobrado e un cirro pigidial longo.

Lagis koreni, ten un tamaño lixeiramente menor, na parte dianteira presenta dous grupos de 8-17 sedas douradas, a membrana tentacular, encartada en exemplares grandes, ten o bordo dorsal liso, o apéndice posterior ten 3 pares de características papilas e un curto cirro pigidial.

Petta pusilla, é moito menor, a parte anterior ten dous grupos de 6-8 sedas douradas, a membrana tentacular é lisa, o apéndice posterior é curto, redondo e finaliza nunha pequena papila anal.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *belgica*, fai referencia ao país onde se recolleron os exemplares para a súa descrición.





Poliqueto sedentario fráxil e brando, que alcanza unha lonxitude de 15 milímetros e que constrúe tubos case rectos (lixeiramente cónicos e pouco curvados) abertos en ambos os extremos, de ata 32 milímetros de longo. O corpo, lixeiramente cónico, está dividido en 3 seccións distintas: un extremo anterior, un abdome duns 17 segmentos e un apéndice posterior aplanado. No extremo anterior ten entre 6 e 8 sedas douradas a cada lado, planas e anchas, e dous pares de cirros tentaculares laterais, un par no segmento 2 e outro par no 3. A membrana tentacular é lisa cos lóbulos redondeados na parte central. A marxe anterior ventral do segmento 3 é dentada e a parte ventral central do segmento 4 ten un par de grandes papilas. Ten dous pares de branquias laminares que se dispoñen lateralmente nos segmentos 4 e 5. Os 17 segmentos abdominais teñen sedas dorsais, os 14 posteriores teñen ademais uncinos ventrais; as sedas dos 3 primeiros segmentos son curtas, delgadas e rectas. Nos restantes segmentos son máis longas, grosas, están dobradas subdistalmente e son denticuladas. O apéndice posterior, que non está separado distintivamente do corpo, é curto e redondo; o seu bordo dorso-lateral ten seis pares de papilas, co par anterior longo e o resto curto e triangular. Finaliza nunha pequena papila anal, preto da cal ten dous ocelos. Cor branca rosada irisada, coas branquias vermellas ou amareladas e as sedas dianteiras douradas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 15 ata os 200 metros de profundidade, en todo tipo de sedimentos, variando de lama a area con grava ou area con cuncheiro, sendo máis abundante en fondos de mestura de lama con area fina. Constrúe uns característicos tubos case rectos con grans de area grandes, anacos de cunchas e foraminíferos, que aglutina cunha secreción que produce, dentro dos que vive.

DISTRIBUCIÓN:

De Noruega ata o Congo, incluíndo o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Amphictene auricoma, na parte anterior ten dous grupos de 10-15 sedas douradas e a súa membrana tentacular ten o bordo dorsal serrado.

Lagis koreni, na parte dianteira presenta dous grupos de 8-17 sedas douradas, o apéndice posterior ten 3 pares de características papilas e un urito curto.

Pectinaria belgica, na parte dianteira ten dous grupos de 8-15 sedas douradas, a membrana tentacular é plisada na parte ventral, co bordo dorsal moi amplo e sen dentes, o apéndice posterior ten espiñas e o urito é moi pequeno.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *pusilla*, é un epíteto latino que significa "moi pequeno", referíndose ao seu tamaño (é a especie máis pequena da familia).



Poliqueto sedentario fráxil e brando, co corpo alongado e de forma craviforme, que pode acadar os 70 milímetros de lonxitude con 70 setíxeros. Os tentáculos alimentarios son numerosos, curtos ou moderadamente longos. O labio superior é baixo e curvado ao redor (dorsal e lateralmente), cubrindo a boca. Presenta moitas manchas oculares. Ten dous pares de branquias situadas nos segmentos 2 e 3, ramificadas de forma dicotómica e dispostas sobre longos talos; as branquias do segundo segmento son moito máis longas. Non ten lamelas laterais nos segmentos anteriores. As sedas notopodiais comezan no cuarto segmento; os 17-18 segmentos torácicos presentan sedas capilares limbadas lisas. As sedas ventrais comezan a partir do quinto segmento, dispostas en filas e con uncinos alternos a partir do décimo segmento. Os escudos glandulares ventrais están presentes en 13-17 segmentos torácicos. Os parapodios en forma de repregamentos rectangulares vanse proxectando como aletas cara ao extremo traseiro, que termina en punta. O pixidio non ten apéndices sensoriais e o bordo é liso. A cor do verme pode ser laranxa avermellada, acastañada, verdosa ou unha mestura destas cores, pero sempre punteada en branco dorsalmente, coas branquias de cor vermella e os tentáculos alimentarios de cor branca violácea a branca verdosa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña inferior da baixamar ata os 700 metros de profundidade, sobre fondos duros, normalmente con algo de area ou lama, ou entre pedras, cunchas, algas ou hidrozoos. Vive nun tubo delgado e transparente, que segrega incrustado de grans de area, anacos de cunchas e/ou anacos de algas.

DISTRIBUCIÓN:

Do océano Ártico ata Senegal, incluíndo o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Nicolea zostericola, pode alcanzar o mesmo tamaño, pero só con 50 segmentos e a cor do corpo é rosa ou castaña clara co estómago avermellado visible por transparencia.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *venustula*, é un epíteto latino que significa "encantador", "fermoso", referíndose á súa aparencia.





Verme sedentario de corpo pequeno, fráxil e delicado, que pode acadar 68 milímetros de lonxitude por 8 milímetros de ancho, con 50 setíxeros. O lóbulo cefálico ten unha gran protuberancia tentacular, cunha densa maraña de tentáculos alimentarios desiguais, tanto en grosor como en lonxitude. O labio superior é grosso, córvase ao redor da boca e cúbre a dorsal e lateralmente. Numerosas manchas oculares. Ten dous pares de branquias cun tronco grande e extremadamente curto, bifurcado en dúas grandes ramas diverxentes con ramificacións dicotómicas curtas e anchas. O primeiro par é máis grande que o segundo. Non ten lóbulos laterais e presenta 15 escudos ventrais de tamaño e forma variables. O tórax está formado por 15 setíxeros, os últimos 14 con uncinos. Sedas notopodiais capilares con ás estreitas e punta lisa. Uncinos con base compacta, 1-2 dentes enriba do rostro, denticulos no vértice e un ligamento de fixación. Na rexión abdominal os boceis unciníxeros transfórmanse en pínulas moi prominentes. O pixidio ten o bordo liso ou finamente festonado, co ano terminal sen papilas. Cor uniforme, rosa ou castaña moi pálida, sen rastro de puntos brancos, co tegumento translúcido que deixa entrever a cor vermella do estómago. Tentáculos de cor branca e branquias vermellas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 500 metros de profundidade, enterrado en area fina, area lamacentas ou lama. En fondos rochosos pode fixar o tubo a *Zostera* ou algas, castañas ou vermellas, e tamén a hidrozooos. Vive nun tubo delgado e transparente que segrega, incrustado de grans de area e anacos de cunchas ou area. Adoita aparecer asociado ao poliqueto *Malmgrenia andreapolis*, co cal convive dentro do tubo que segrega. Descoñécese o tipo de asociación que manteñen, pero posiblemente sexa de comensalismo, co polynoideo alimentándose das partículas que *Nicolea zostericola* atrae cara ao tubo cos tentáculos alimentarios.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Nicolea venustula, alcanza un tamaño similar, pero con 70 segmentos, e é de cor laranxa avermellada punteado en cor branca polo dorso.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *zostericola*, é un epíteto latino que significa "da zoster", referíndose a un dos seus hábitats.



Verme sedentario, que cuns 150-300 segmentos alcanza 30 centímetros de lonxitude por 6 milímetros de ancho. O corpo está dividido en dúas rexións, a torácica e a abdominal. A rexión torácica, que é curta e engrosada. Está formada por 17 segmentos, sete dos cales están provistos de sedas. A rexión abdominal é longa, delgada, fráxil e moi suave. O lóbulo cefálico non presenta prolongacións laterais. O labio superior é redondeado e espatulado en forma de culler saínte. Ás veces presenta ollos. O segmento bucal está formado por dous lóbulos triangulares elevados, unidos na parte ventral por un collar máis ou menos desenvolvido que rodea en parte unha serie de tentáculos alimentarios os cales, aínda que contráctiles, non poden retraerse totalmente. O segundo segmento é máis curto e sen apéndices, mentres que o terceiro segmento presenta dous grandes lóbulos foliáceos. Ten tres pares de branquias de aspecto arbustivo e de similar tamaño, formadas por un tronco principal, curto e robusto, con longas branquias con ramificacións terminais filiformes. Pixidio sen papilas. Constrúe un tubo onde vive, que sobresaí do sedimento, con grans de area e anacos de cunchas, e que finaliza nun característico penacho por onde saca os tentáculos alimentarios. Corpo de cor amarelada, rosada ou parda, en época de reprodución de cor verde, branquias de cor vermella viva e tentáculos alimentarios de cor branca amarelada.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal ata os 25 metros de profundidade, sobre fondos brandos, de concheiro, areosos, lamacentos ou unha mestura destes, onde vive enterrado verticalmente sobresaíndo do sedimento unicamente a parte ramificada final do tubo. Ten unha etapa larvaria planctónica duns 60 días, tras os cales se asenta en fondos propicios. Nese momento mide 2-3 milímetros de lonxitude e ten 14 segmentos corporais.

DISTRIBUCIÓN:

Do océano Ártico ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *conchilega*, é unha palabra composta por dous termos latinos, *concheus* (cuncha) e *leigo* (recoller, levantar), facendo así referencia á construción dos típicos tubos nos que vive, con anacos de cunchas.



Verme sedentario de corpo fráxil e brando, que pode acadar 100 milímetros de lonxitude por 8-9 milímetros de ancho, con 120 setíxeros. O lóbulos cefálico é curto, en forma de collar, cunhas poucas manchas tentaculares e presenta unha enorme maraña de tentáculos alimentarios de ata 20 centímetros de lonxitude. O labio superior ten o bordo libre longo, proxectándose cara adiante en forma de culler, máis longo que ancho e máis grosso basalmente. O labio inferior é grande e membranoso. Ten tres pares de branquias con talos longos, delgados e numerosas ramificacións arborescentes, dispostas nos segmentos 2 ao 4; os dous primeiros pares son máis longos que o terceiro. Presenta 14-16 escudos ventrais a partir do segmento 2; o primeiro, segundo e terceiro están fusionados e engurrados, sendo do mesmo tamaño os escudos restantes. O abdome presenta suco medioventral. Notopodios desde o segmento 4 ata o 17, con sedas notopodiais longas e lisas, todas de similar lonxitude en cada fascículo. Neuropodios a partir do segmento 5, dispostos nunha soa fila ata o segmento 10, en filas dobres do segmento 11 ao 20 e en filas simples do segmento 21 ao pixidio. Os neuropodios son máis anchos no tórax, sendo os abdominais máis angostos e longos, diminuíndo de tamaño cara ao pixidio. Os uncinos son pectinados con 5 dentes. O pixidio é redondeado, sen papilas anais e co ano disposto de forma terminal. Cor gris cinza verdosa pigmentado en cor gris esbrancuxada. Os tentáculos poden ser dunha cor uniforme ou presentar bandas marrónceas. Branquias vermellas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 5 ata os 90 metros de profundidade, en fondos de area baixo pedras, de onde asoman soamente os tentáculos alimentarios. Vive nun tubo curto formado por grans de area e anacos de cunchas aglutinados de forma irregular, desde onde desprega os seus longos tentáculos para recoller as partículas das que se alimenta.

DISTRIBUCIÓN:

Descrita do mar Vermello, actualmente está presente en augas tropicais e cálidas de todo o planeta. En augas europeas a súa distribución abarca desde as illas británicas ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *medusa*, provén da mitoloxía grega, onde Medusa era unha das tres Gorgonas (terribles monstros femininos de horrible fealdade), e a única que era mortal. A súa cabeza estaba cuberta de serpes e na mirada tiña o poder de converter en pedra a todo aquel que ousase mirala de fronte, referíndose aos numerosos tentáculos que este poliqueto presenta na súa "cabeza".

A súa ampla distribución e recentes estudos están a poñer de relevo que esta especie de terebélido pode ser realmente un complexo de especies.



Poliqueto sedentario de corpo longo e fráxil, cilíndrico na parte dianteira e máis estreito cara á parte posterior. Pode acadar 25 centímetros de lonxitude por apenas 6 milímetros de ancho, con 180 setíxeros, dos cales 17 son torácicos. O lóbulo cefálico está prolongado por un labio superior elevado, con numerosos tentáculos alimentarios acanalados cunha gran capacidade de extensión/contracción. Non presenta manchas oculares. O segmento bucal é moi estreito e forma o labio inferior. O segundo segmento ten dous lóbulos ventrais triangulares dispostos fronte á boca. O terceiro segmento presenta dous grandes lóbulos en forma de semilúa. Ten tres pares de branquias ramificadas de forma dicotómica máis ou menos regularmente, o primeiro par moito máis grande que o segundo, e o terceiro un pouco menor que o segundo. Ten 17 escudos ventrais torácicos, os primeiros de forma rectangular, os seguintes máis cuadrangulares, mellor delimitados, e uns escudos abdominais máis altos que anchos. O píxidio ten o ano terminal co bordo crenulado. Rexión torácica vermella violácea, cos escudos ventrais de cor branca calcaria e abdome de cor gris, rosada ou amarelada. Branquias de cor vermella e tentáculos alimenticios amarelados.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 50 metros de profundidade, en fondos de grava, cuncheiro, area, lama ou unha mestura destes, entre ou baixo pedras. Constrúe un tubo mucoso fino no que vive. Os tubos aparecen cubertos por partículas de lodo, area e diminutos anacos de cunchas, e están enterrados no sedimento ou fixos baixo pedras semienterradas. Desde a súa superficie desprega os tentáculos alimentarios cara ao exterior, os cales funcionan como cintas transportadoras de alimento cara á boca.



DISTRIBUCIÓN:

Da Bretaña francesa ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pista cristata, é de menor tamaño, a cor corporal é castaña cos escudos ventrais avermellados e só presenta dous pares de branquias formadas por un longo tronco cilíndrico ramificado no ápice en forma de pompón.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *cretacea*, é un epíteto latino composto por *creta* (greda, material arxilo-arenoso con diversos tons de branco) e o sufixo *-acea* (semellante, relativo, pertencente), e que significa "pertencente á greda", referíndose ao seu hábitat.



Verme sedentario de corpo longo e fráxil, cilíndrico na parte dianteira e máis estreito cara á parte posterior. Pode acadar 10 centímetros de lonxitude por apenas 6 milímetros de ancho, con 100 setíxeros, dos cales 17 son torácicos. O lóbulo cefálico está prolongado por un labio superior alto e redondeado; non presenta manchas oculares. Os tentáculos alimentarios, que son numerosos e delgados, presentan unha gran capacidade de extensión/contracción. O segmento bucal está composto por un labio inferior dentado no centro. Presenta lóbulos laterais nos segmentos 2, 3 e 4, sendo os do terceiro os máis desenvolvidos, chegando a ocultar os dos segmentos 2 e 4. Ten dous pares de branquias nos segmentos 2 e/ou 3, que están formadas por un longo tronco cilíndrico que porta no extremo un gran número de pequenas ramificacións dispostas en espiral, e que forman un voluminoso pompón de forma ovoide; unha das branquias anteriores é normalmente máis grande que as outras tres. Escudos ventrais nos 17-20 primeiros segmentos, os primeiros de forma rectangular, os seguintes cadrados e os últimos difusos. O píxidio ten o ano terminal co bordo liso. Corpo de cor avermellada a castaña, coas branquias castañas e os tentáculos alimentarios de cor clara a amarelada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 4000 metros de profundidade, en fondos de grava, cuncheiro, area, lama ou unha mestura destes. Constrúe un tubo mucoso fino no que vive. Os tubos están cubertos por partículas de lodo, area e diminutos anacos de cunchas, e poden aparecer enterrados no sedimento ou fixos baixo pedras semienterradas. Desde o interior do tubo, desprega os tentáculos alimentarios.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie anfiatlántica que en augas europeas a súa distribución abrangue desde o mar do Norte ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pista cretacea, é de maior tamaño, ten tres pares de branquias ramificadas de forma dicotómica e os escudos ventrais son de cor branca calcaria.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *cristata*, é un epíteto latino que significa "cristada", "con crista", referíndose á aparencia que lle dan os tentáculos orais contraídos.





Poliqueto sedentario de corpo fráxil e brando, que pode alcanzar os 100 milímetros de lonxitude por 4 milímetros de ancho, con 120 segmentos. O corpo é dorsalmente convexo e ventralmente aplanado. Prostomio agrandado ata formar un lóbulo tentacular formando un colar dobrado. Presenta numerosos tentáculos de dous tipos, uns moi longos e cilíndricos e outros máis curtos e grosos distalmente, que pode encoller, aínda que non retraer totalmente, en apertadas e desordenadas espirais. Non ten ollos. O primeiro segmento presenta un escudo ventral impar, longo e en forma de coxín, e a continuación ten entre 8 e 11 pares. As sedas notopodiais comezan no segundo segmento e finalizan no 30-40, son capilares, con ou sen lámina, lisas ou moi finamente espiñentas, unhas longas, outras máis curtas, nun mesmo feixe. Os uncinos de cando en cando aparecen antes do segmento 8 e, ás veces, só a partir do 12, aínda que sempre están presentes desde o segmento 13 ata o extremo posterior. Os uncinos torácicos teñen, enriba do rostro, varios denticulos moi finos, e os abdominais teñen unha base lixeiramente máis longa, un só dente enriba do rostro e sedas de soporte. O pixidio ten o ano terminal rodeado de pequenas papilas ou lóbulos. Cor do corpo de laranxa a laranxa escura e os tentáculos laranxas, con fosforescencia (da mucosidade que segrega), azulada ou violeta. Ovos de cor castaña escura.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 2 aos 500 metros de profundidade, en lama, arxila, area fina e grosa, e en todo tipo de substratos mixtos, tamén no sedimento entre os rizoides das algas, tubos de serpúlidos, hidrozoos ou entre anacos de cunchas, onde constrúe galerías segregando un tubo mucoso, non duradeiro, que é fosforescente e desde onde estende os seus acanalados tentáculos alimentarios.

DISTRIBUCIÓN:

De Inglaterra ata Senegal, incluíndo o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Polycirrus caliendrum, ten o corpo de cor laranxa amarelada e os tentáculos amarelos.

Polycirrus haematodes, é de menor tamaño, o seu corpo translúcido deixa ver a cor vermella do líquido celomático e os tentáculos alimentarios son de cor pálida clara.

Polycirrus medusa, alcanza un menor tamaño e a súa cor corporal pode ser esbrancuxada, amarela, laranxa ou avermellada, cos tentáculos alimentarios de cor branca.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *aurantiacus*, é un epíteto latino que significa "alaranxado", "de cor laranxa", referíndose á súa cor.



Poliqueto sedentario de corpo fráxil e brando, que alcanza os 10 centímetros de lonxitude por 4 milímetros de ancho, con 90 setíxeros, dos cales 75 levan sedas dorsais. O prostomio está agrandado ata formar un lóbulos tentacular en forma de colar dobrado e plisado. Ten tentáculos moi longos e numerosos de dous tipos, longos e cilíndricos e curtos, engrosados distalmente; tamén presentan formas intermedias. Sen ollos. Ten entre 8 e 11 pares de escudos ventrais. Presenta seis pares de nefridios situados no primeiros seis setíxeros. O primeiro par é máis grande que o segundo e o terceiro, os tres seguintes son máis pequenos e iguais entre si. As sedas notopodiais comezan no segmento 3, son capilares, non limbadas, con punta lisa e dispostas no mesmo feixe, unhas longas e outras máis curtas. Os uncinos xeralmente comezan no segmento 9, de cando en cando antes, normalmente despois e ás veces só a partir do setíxero 12. Sempre presentes a partir do setíxero 13 ata o extremo posterior. Os boceis unciníxeros torácicos teñen, enriba do rostro, varios dentículos moi finos. Os abdominais teñen unha base lixeiramente máis longa, un só dente enriba do rostro e sedas de soporte. Pixidio co ano terminal rodeado de pequenos lóbulos. De cor laranxa a amarela, coa crista tentacular moteada e os tentáculos amarelados, máis ou menos pálidos. Emiten fosforescencia azulada ou violeta. Ovos escuros.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 2 ata os 50 metros de profundidade, en fondos areosos, de grava, cunheiro ou nunha mestura destes. Entre algas, rizoides de laminarias, hidrozooos, tubos de serpúlidos e cunchas vellas incrustadas, onde constrúe galerías segregando un tubo mucoso, non duradeiro, fosforescente e desde onde estende os seus acanalados tentáculos alimentarios.

DISTRIBUCIÓN:

Do norte de Inglaterra ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Polycirrus aurantiacus, a cor do corpo e tentáculos alimentarios é dunha rechamante cor laranxa brillante.

Polycirrus haematodes, é de menor tamaño, o seu corpo translúcido deixa ver a cor vermella do líquido celomático e os tentáculos alimentarios son de cor pálida clara.

Polycirrus medusa, alcanza un menor tamaño e a cor corporal pode ser esbrancuxada, amarela, laranxa ou avermellada, cos tentáculos alimentarios de cor branca.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *caliendrum*, é un epíteto latino que significa "perruca", en referencia á aparencia da súa maraña de tentáculos alimentarios.



Verme sedentario de corpo fráxil e brando, que pode acadar os 30 milímetros de lonxitude por 3 milímetros de ancho, con ata 80 segmentos dos cales só 14-22 teñen sedas dorsais. O corpo, que é inchado na parte dianteira e vaise adelgazando cara á parte posterior, enrólase en espiral. O prostomio alóngase nun gran lóbulo tentacular ondulado. Non ten ollos. Presenta numerosos tentáculos, moi longos e moi enredados, que pode encoller, aínda que non retraer totalmente, de forma apertada e desordenada. Ten de 8 a 10 pares de escudos ventrais e 6 pares de nefridios situados nos segmentos 2 a 7, de tamaño desigual. As sedas dorsais, que son de dous tipos, unhas soamente capilares e as outras debilmente limbadas, comezan no segmento 2. Non ten uncinos torácicos. Os uncinos abdominais, que comezan no setíxero 13 ata o final do corpo teñen, enriba do rostro, un dente impar bastante grande coroado por 3 ou 4 dentículos moi pequenos, unha base longa cunha proxección e sedas de sostén. Pixidio con dous lóbulos anais redondeados. O líquido celomático corporal ten amebocitos e hemacias (glóbulos vermello) moi vermellas, con hemoglobina. O corpo é incoloro, pero mostra unha cor vermella viva por transparencia do líquido celomático, e os tentáculos alimentarios son de cor pálida. Ovos de cor amarela ou castaña.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 2 ata os 60 metros de profundidade, en fondos rochosos, entre estípites de laminarias e na base de algas, e en zonas de area, lama ou unha mestura destes, entre hidrozoo e serpúlidos. Non constrúe tubo, escava unha especie de galería na que vive e desde onde estende os seus acanalados tentáculos alimentarios. Non produce fluorescencia.

DISTRIBUCIÓN:

Da canle da Mancha ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Polycirrus aurantiacus, alcanza unha maior lonxitude e o corpo e tentáculos alimentarios son dunha rechamante cor laranxa. Produce fosforescencia.

Polycirrus caliendrum, alcanza un tamaño maior e o corpo é de cor laranxa amarelada, cos tentáculos amarelos.

Polycirrus medusa, pode alcanzar un maior tamaño e o corpo pode ser de cor abranzada, amarela, laranxa ou avermellada, cos tentáculos alimentarios de cor branca.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *haematodes*, é un epíteto latino que significa "sanguíneo", "da cor do sangue", referíndose á cor que lle dá o líquido celomático.



Verme fráxil e brando, que pode acadar os 70 milímetros de lonxitude con 76 segmentos, dos cales entre 10 e 13 son torácicos. O seu longo corpo, que é máis goso na parte anterior e adelgázase progresivamente cara ao pixidio, é dorsalmente convexo e ventralmente aplanado. O lóbulo tentacular e o labio superior son grandes e encartados, formando tres característicos lóbulos enrolados. Presenta numerosos tentáculos, longos e acanalados, que pode encoller, aínda que non retraer totalmente, en apertadas e desordenadas espirais. Non ten ollos. Os escudos ventrais dos primeiros 3 segmentos están fusionados nunha crista grande, máis ou menos triangular, tan ancha como longa. Os dos seguintes segmentos son pares e están pouco desenvolvidos. As cristas laterais están ben marcadas e son cadradas, e existen en todos os segmentos setíxeros. As sedas notopodiais son plumosas e comezan no terceiro segmento. Os boceis unciníferos están presentes desde o primeiro segmento abdominal. Os uncinos adoitan ter tres dentes grandes sobre o rostro e algúns máis pequenos no vértice. O pixidio presenta o bordo finamente orlado. Cor do corpo abrancazada, amarela, laranxa ou avermellada, cos tentáculos de cor branca.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 2 aos 1500 metros de profundidade, en lama, arxila, area fina e gosa, e en todo tipo de substratos mixtos, tamén sobre rochas, no sedimento entre os rizoides das algas, onde constrúe galerías (non segrega un tubo real, como outros terebélidos) desde onde estende os acanalados tentáculos alimentarios.

DISTRIBUCIÓN:

Do océano Ártico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Polycirrus aurantiacus, pode acadar un maior tamaño e o corpo e tentáculos alimentarios son dunha rechamante cor alaranxada.

Polycirrus caliendrum, alcanza un maior tamaño e o corpo é de cor laranxa amarelada, e os tentáculos son de cor amarela pálida.

Polycirrus haematodes, alcanza un menor tamaño, o corpo translúcido deixa ver a cor vermella sangue do líquido celomático, e os tentáculos alimentarios son de cor pálida clara.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, medusa, provén da mitoloxía grega onde Medusa era unha das tres Gorgonas (terribles monstros femininos de espeluzanante fealdade), a única que era mortal. A súa cabeza estaba chea de serpes e na mirada tiña o poder de converter en pedra a todo aquel que ousase mirala de fronte, referíndose aos numerosos tentáculos que este poliqueto presenta na súa "cabeza".



Verme sedentario de corpo moi fráxil e sección circular, que pode alcanzar os 83 milímetros de lonxitude por apenas 7 milímetros de diámetro máximo, con ata 100 segmentos corporais. Prostomio transversal adherido á superficie dorsal do labio superior, a parte basal cunha fila continua de manchas oculares vermellas ou negras, ben separadas entre si e sen espazo dorsal central. A parte distal forma unha membrana tentacular en forma de repisa, con tentáculos bucais grosos e estriados. O peristomio forma labios, o superior en forma de carapucha rectangular (máis ancho que longo), coa marxe enrevesada, e o inferior inchado, máis alto que ancho. As branquias son arborescentes, dispostas nos segmentos 2, 3 e 4; o primeiro par é o máis longo e o terceiro o máis curto. Os filamentos branquiais son curtos e grosos, e se ramifican de forma dicotómica a partir do longo tronco basal. O segmento 1 é ben visible, desenvólvese formando un lóbulo ventral por baixo do labio inferior. Os segmentos anteriores, do 2 ao 17, con escudos glandulares trapezoidais, lixeiramente estriados os anteriores, e os tres últimos claramente máis curtos e de forma hexagonal. O suco medio ventral esténdese a partir do segmento 17 ata atrás. Os notopodios son rectangulares en 17 segmentos (do 4 ao 20), aliñados lateralmente, os dous primeiros pares máis curtos e dirixidos dorsalmente. Notosedas de ás estreitas en dúas filas, a primeira fila máis curta. Os neuropodios como cristas, do segmento 5 ata o final dos notopodios, e como pínulas rectangulares agudas a partir destes. Neurosedas en forma de uncinos aviculares de mango curto, dispostos en filas dobres. O pixidio é discoide e está rodeado de papilas curtas. Cor corporal vermella translúcida con grandes manchas esbrancuxadas, incluíndo ramas branquiais e branquias. Tentáculos alimentarios de cor esbrancuxada ou rosada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde 1 ata 41 metros de profundidade, en fondos de maërl e area, baixo pedras. Viven nun tubo construído con grans de area e anacos de cunchas pequenas, aglomerados cun fino moco, desde o cal estende os tentáculos alimentarios. A súa actividade é principalmente nocturna.

DISTRIBUCIÓN:

Do norte das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Eupolymnia nebulosa, alcanza un maior tamaño, presenta moitísimos máis tentáculos alimentarios e son de cor laranxa, as súas branquias non presentan longos talos e só ten 10 escudos glandulares no tórax.

Neoamphitrite figulus, alcanza un tamaño maior, cor corporal amarela a castaña uniforme sen puntos brancos, con tres pares de branquias sobre o peristomio e con numerosos tentáculos de maior lonxitude.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *gili*, é en honra ao doutor en bioloxía portugués João Gil, un excelente taxonomista de poliquetos sobre os que realizou a súa tese doutoral.



Verme sedentario de corpo moi fráxil e sección circular, que pode alcanzar os 150 milímetros de lonxitude por un centímetro de diámetro máximo, con ata 97 segmentos corporais. A parte cefálica presenta numerosas manchas oculares sobre o prostomio, o cal está rodeado por un labio superior redondeado e provisto de ata 150 tentáculos alimentarios móbiles que poden alcanzar os 30 centímetros de longo en máxima extensión, que non son totalmente retráctiles e que normalmente é a única parte visible do verme. Ten tres pares de branquias arbustivas nos segmentos 2, 3 e 4; as branquias do segundo segmento son as máis longas e as do cuarto as máis curtas. A rexión torácica está formada por 17 segmentos e é a parte máis grossa do corpo. A rexión abdominal está formada por 80 segmentos, é máis lisa, delgada e finaliza no pixidio onde se sitúa o ano. A cor corporal varía de vermella amarelada a castaña avermellada e está totalmente punteado en branco. Os tentáculos alimentarios poden ser de cor rosada, amarela ou vermella con puntos brancos distribuídos irregularmente; branquias de cor vermella.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 2 aos 500 metros de profundidade baixo pedras. Viven nun tubo formado por detrito e pequenos anacos de cunchas e grans de area aglomerados cun fino moco, desde o cal estende os numerosos tentáculos alimentarios. Estes teñen unha sección en forma de "U" e funcionan como verdadeiras cintas transportadoras achegando as partículas alimenticias á boca. É un animal micrófago detritófago que se alimenta de partículas microscópicas, xeralmente diatomeas e foraminíferos. A súa actividade é principalmente nocturna.

DISTRIBUCIÓN:

Do norte das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Amphitritides gracilis, alcanza un tamaño menor, o seu corpo dispónse en espiral, e é de cor amarela a vermella uniforme sen puntos brancos. Só ten 2 branquias dispostas directamente sobre o peristomio e presenta máis tentáculos, pero son máis curtos.

Eupolymnia gili, é de menor tamaño, as branquias presentan longos troncos basais, ten menos cantidade de tentáculos alimentarios e estes son de cor branca ou rosada.

Neoamphitrite figulus, alcanza un tamaño maior, cor corporal amarela a castaña uniforme sen puntos brancos, con tres pares de branquias sobre o peristomio e con numerosos tentáculos de maior lonxitude.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *nebulosa*, é un epíteto latino que significa "relativo á néboa", "onde hai néboa", referíndose ao seu corpo punteado en branco.

O poliqueto escamoso *Polynoe scolopendrina* vive asociado a este verme compartindo o tubo. Descoñécese o carácter desta curiosa asociación.



Verme sedentario que pode acadar os 60 milímetros de lonxitude por 2-3 milímetros de diámetro. O corpo, de sección case circular, delgado, máis grosso na parte dianteira e relativamente fráxil, ten un máximo de 90 setíxeros, dos cales 17 son torácicos. O prostomio prolóngase nun lóbulo tentacular pouco elevado cuberto dunha dobre ou tripla fila de ollos. Os tentáculos alimentarios son longos, grosos e acanalados. O segmento bucal é delgado e forma un pequeno labio inferior e un gran labio superior arqueado. As branquias flabeliformes son dicotómicas, cun curto tronco e numerosas ramificacións con ápices moi curtos, máis ou menos aplanados, diminuindo en tamaño do primeiro ao terceiro par. Os lóbulos laterais son de forma oval nos segmentos 2 e 3, máis pequenos no cuarto segmento. Os escudos ventrais que están presentes nos 15 segmentos torácicos son engurrados, primeiro de forma rectangular, despois trapezoidal para finalizar de forma triangular. O píxidio presenta o ano terminal rodeado de pequenos flocos. Cor uniforme, castaña escura, avermellada, laranxa escura, amarela verdosa ou verde oliva; os tentáculos amarelos e as branquias vermellas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 2 ata os 50 metros de profundidade, enredado entre algas, hidrozooos ou baixo pedras, nun tubo fráxil incrustado de detritos e pequenos anacos de cunchas e grans de area. O animal só saca do tubo os tentáculos alimentarios que presentan, na parte interior acanalada, uns diminutos cilios que funcionan a modo de cinta transportadora, trasladando material orgánico que recollen ata a base onde se sitúa a boca. É un animal detritófago non selectivo que se alimenta de calquera partícula orgánica que recolla cos tentáculos.

DISTRIBUCIÓN:

Presente en ambas as beiras do Atlántico norte, en augas europeas a súa distribución abarca desde Noruega ata o Mediterráneo.





Poliqueto sedentario moi alongado e de consistencia xelatinosa, que pode alcanzar os 12 centímetros de lonxitude por 4 milímetros de ancho con 200 setíxeros, dos cales 17 e, a miúdo, 18 ou 19 son torácicos. O corpo é dun diámetro bastante uniforme e enrólase fortemente nunha apertada espiral cando se manipula. O lóbulo cefálico non ten extensións laterais. Ten puntos oculiformes que desaparecen en alcohol. Non ten lóbulos laterais nos primeiros segmentos. No tórax presenta, aproximadamente, entre 11 e 13 escudos ventrais. Ten dous pares de branquias ramificadas, con poucas ramas, que parten dun tronco común bastante curto, o primeiro par máis grande que o segundo. Uncinos dispostos en dúas filas opostas desde o setíxero 7 ata os 20-30 penúltimos segmentos, e nunha soa fila nos primeiros e nos últimos. Os uncinos son moi pequenos, con 3-4 cristas de dentículos por riba do rostro, con ligamento fixador, base curta e sen sedas de soporte abdominal. Sedas dorsais, capilares a limbadas, formando dúas aletas curtas, con puntas claramente pectinadas. Os boceis uncíníxeros abdominais non se alongan formando pínulas saíntes. Pixidio con pequenas papilas rodeando o ano. Cor corporal vermella pálida ou amarela agrisada, co abdome de cor esbrancuxada e as branquias vermellas brillante. Tentáculos alimentarios de cor branca ou pálida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 2 aos 100 metros de profundidade, en fondos arxilosos, de area fina e grosa, e en todo tipo de substratos mixtos. Tamén sobre rochas, no sedimento entre os rizoides das algas, onde constrúe galerías (non segrega un tubo real, como outros terebélicos) desde onde estende os acanalados tentáculos alimentarios.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pode confundirse con especies do xénero *Polycirrus*, aínda que a súa capacidade para enrolarse fortemente nunha apertada espiral é distintiva da especie.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *gracilis*, é un epíteto latino que significa "delgado", "fino", referíndose á forma do corpo.





Verme sedentario de corpo relativamente pequeno e robusto que pode alcanzar, cun máximo de 160 segmentos, 90 milímetros de lonxitude por 5 milímetros de ancho. O corpo, de sección case circular, presenta no tórax un diámetro bastante maior que no abdome, aguzándose cara o extremo posterior. O lóbulo cefálico non ten extensións laterais e presenta unha maraña de longos tentáculos acanalados que lle dan aspecto de melena enmarañada. Ten dous puntos oculiformes e tres pares de branquias ramificadas, máis ou menos enroladas en espiral, cun tamaño que diminúe desde o primeiro par ao terceiro. Sen lóbulos laterais nos segmentos anteriores 2 a 4. O tórax con sedas capilares dorsais en todos os segmentos e con 12 a 13 escudos ventrais rectangulares que se estreitan gradualmente en ancho. Sedas dorsais de dous tipos: nos primeiros 11 a 15 segmentos son de eixo ancho e limbadas, as dos seguintes segmentos non son limbadas e teñen un eixo menos forte. Os uncinos dispóñense nunha fila dobre oposta a partir do sétimo segmento nun gran número de segmentos, e en fila simple nos últimos 25-40 segmentos. Os boceis unciníxeros diminúen de tamaño sen formar pínulas abdominais. Pixidio con 6-8 papilas rodeando o ano. Cor do corpo castaña avermellada ou rosada cunha liña lonxitudinal clara no suco abdominal. As branquias de cor vermella e os tentáculos de cor amarela ou laranxa.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal ata os 10 metros de profundidade, debaixo de rochas ou entre pedras, onde constrúe galerías no sedimento segregando un tubo moi delgado, apenas o suficiente para fixar a galería. Son animais detritófagos selectivos altamente especializados. Cos longos tentáculos acanalados recollen as partículas orgánicas e lévanas ata a boca.

DISTRIBUCIÓN:

Da canle da Mancha ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *lapidaria*, é un epíteto latino que significa "solemne", "relativo a pedras preciosas", "relativo á lápida", en referencia ao seu hábitat e a capacidade que ten de marcar as súas galerías nas pedras.



Verme sedentario de corpo longo e fráxil, cilíndrico na parte dianteira e máis estreito na parte posterior, que pode acadar 20 centímetros de lonxitude por 1 centímetro de diámetro, con 100 setíxeros. O lóbulo cefálico está formado por un labio superior cóncavo, non moi alto, ancho e grosso con numerosas manchas oculares. Os tentáculos alimentarios, que son numerosos e grosos, presentan unha gran capacidade de extensión/contracción. O segmento bucal está composto por un labio inferior máis grosso. Ten dous pares de branquias ramificadas situadas nos segmentos 2 e 3, formadas por filamentos libres dispostos en filas transversais na parte dorsal; os filamentos contráense en espiral. Escudos ventrais nos 10-30 primeiros segmentos. As sedas notopodiais, que desde o terceiro segmento esténdense máis de 30 segmentos, son lisas e de dous tipos: unhas longas e rectas e outras curtas e curvadas distalmente. O tórax e o abdome non presentan diferenza. O pixidio ten o ano terminal co bordo dentado. Corpo de cor rosada, laranxa ou castaña coas zonas ventrais e laterais máis claras; as branquias son vermellas e os tentáculos alimentarios de cor rosa pálida, laranxa ou castaña, podendo presentar manchas vermellas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 4000 metros de profundidade, en fondos de pedra, grava, area, lama ou unha mestura destes, con preferencia por substratos de grava con cuncheiro en zonas de correntes. Vive nun tubo delgado e irregularmente curvado que segrega de ata 1 centímetro de diámetro, duro, transparente e incrustado de grans de area, pedazos de cunchas e anacos de algas. O tubo pégase á parte inferior dunha pedra semienterrada no sedimento, e desde aí despreza os tentáculos alimentarios sobre a superficie próxima. Estes funcionan como verdadeiras cintas transportadoras, levando alimento á boca. As partículas orgánicas péganse ao moco dos tentáculos e son transportadas polos cilios existentes na acanaladura dos tentáculos cara á boca. O verme pode chegar a abandonar o tubo se percibe algunha molestia e construírse un novo.

DISTRIBUCIÓN:

Da canle da Mancha ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Thelepus setosus, é de menor tamaño e relativamente máis grosso, co corpo de cor variable, pero a parte posterior sempre está finamente punteada en branco.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *cincinnatus*, é un "cognomen" latino ou terceiro nome, usados para diferenciar a diferentes individuos dunha mesma familia e que adoitan reflectir un aspecto físico (*cincinnata* é a forma feminina e *cincinnatus* a masculina), cuxo significado era "o do pelo crespo", referíndose aos enmarañados tentáculos alimentarios do poliqueto parecidos a unha cabeleira.



Poliqueto sedentario que pode acadar 60 milímetros de lonxitude por 6 milímetros de ancho, cuns 60 segmentos, 18 dos cales son setíxeros torácicos con sedas capilares. Corpo consistente, relativamente curto, que se aguza cara ao pixidio e que normalmente se reprega en forma de "S". O bordo anterior do lóbulo cefálico é redondeado, está crenulado e porta numerosos tentáculos curtos e canaliculados que rodean a boca. O labio superior é grande e redondeado. Non ten manchas oculares. Debaixo da boca presenta unha gran placa que sobresaen en forma de media lúa. Só ten unha branquia formada por catro ramas unidas nun gran tronco cilíndrico, que se divide no extremo en catro lóbulos pectinados con follas laminadas con forma de ril. Insírense nos segmentos 3 e 4. Os segmentos 3, 4, 5 e 6 teñen o bordo ventral anterior saínte. As sedas capilares dorsais, que comezan no terceiro segmento, teñen ás veces estrías no bordo. Os uncinos do segmento 8 (setíxero 6) son iguais nos seguintes 12 segmentos e teñen un rostro coroado por numerosos denticulos. Os uncinos abdominais son aviculares cunha base curta, un rostro coroado por 4-5 dentes dispostos en semicírculo e algúns denticulos máis pequenos. Os bocceis uncínixeros transfórmanse, no abdome, en pínulas saíntes en forma de repregamentos rectangulares. O pixidio ten o ano terminal. Cor do corpo rosada, os machos de cor esbrancuxada e as femias máis rosadas. Branquias vermellas e os tentáculos de cor castaña clara.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 5 aos 3000 metros de profundidade, enterrado en lama ou area fina onde constrúe un fino tubo que non asoma á superficie do substrato, e do cal só asoman os tentáculos para rastrexar o sedimento que o rodea en busca de partículas alimenticias. A pesar de ser considerado un poliqueto sedentario, atopámolo nadando entre augas, para o que axita de forma enérxica os segmentos torácicos.



DISTRIBUCIÓN:

Do océano Ártico ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *stroemii*, é en honra ao botánico e zoólogo noruegués Hans Ström (1726 -1797).



Verme sedentario, que con 19 segmentos setíxeros, alcanza os 15 centímetros de lonxitude por 12 milímetros de ancho. O prostomio é trilobulado, sendo os lóbulos laterais máis grandes que o central. O corpo, que é de forma cilíndrica e convexo anteriormente, está formado por tres rexións claramente diferenciadas. A rexión anterior está formada por seis segmentos unciníxeros, sen branquias. A rexión abdominal formada por trece segmentos setíxeros con branquias. A rexión caudal sen sedas nin branquias, de lonxitude variable, fráxil e con papilas moi marcadas. As branquias son normalmente pinnadas, excepcionalmente arborescentes. As sedas dorsais capilares son finamente limbadas e espiñentas. Uncinos en ganchos sigmoidais co vértice convexo finamente denticulado. Ten cinco pares de nefridios que se abren externamente nos setíxeros 5 ao 11. Cor rosada ou un pouco máis avermellada con reflexos verdes. Branquias de cor vermella viva.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal ata os 6 metros de profundidade, en fondos de areas finas ou lamacentas, onde constrúe galerías en forma de "U" tapizadas no interior por un moco que segrega. O verme colócase na galería coa cabeza descansando na base da parte ascendente do túnel, onde vai tragando area e alimentándose dos detritos orgánicos e microorganismos que van con ela, ocasionando o derrubamento da area e a existencia dunha pequena depresión rodeando o orificio na superficie. No outro extremo da galería, o animal vai depositando a area que expulsa tras a dixestión en forma duns característicos cordóns sobre a superficie.

DISTRIBUCIÓN:

Da canle da Mancha ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Arenicola marina, é de maior tamaño e o corpo, robusto, é case cilíndrico e lixeiramente de menor diámetro na rexión caudal.

Arenicolides branchialis, é de maior tamaño, e o corpo só presenta dúas rexións, estando ausente a rexión caudal.

Arenicolides ecaudata, é de maior tamaño e o corpo, formado só por dúas rexións, non presenta rexión caudal.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *claparedi*, é en honra ao zoológo suízo Édouard Claparède (1832-1871).





Verme sedentario cuxo corpo, formado por 19 segmentos setíxeros, pode alcanzar unha lonxitude de 20 centímetros por 1 centímetro de ancho. O prostomio, que é pequeno e trilobulado, está máis ou menos agochado nun repregamento do tegumento. O corpo é grosso e cilíndrico, normalmente inchado na parte anterior a modo de maza, e está dividido en tres claras rexións. A rexión anterior está formada por 6 segmentos unciníxeros, sen branquias. A rexión abdominal con 13 segmentos setíxeros con branquias. A rexión caudal, que é fráxil e de lonxitude variable, non ten nin sedas nin branquias. As branquias son arborescentes ou pinnadas; o primeiro par normalmente moi pequeno. As sedas capilares dorsais son limbadas, estreitas e fortemente espiñentas. Os uncinos en forma de gancho e co rostro obtuso, romo nos adultos. Ten seis pares de nefridios que se abren ao exterior nos setíxeros 6 ao 11. Xuvenís de cor rosa, adultos variando de cor verde escura na rexión anterior, a vermella verdosa na rexión abdominal e amarela verdosa na rexión caudal. As branquias de cor vermella carmín.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal ata os 5 metros de profundidade, escavando areas finas ou lamacentas de praias abrigadas e estuarios de augas limpas, onde constrúe galerías en forma de "U" nas que vive. A formación de característicos cordóns de area en montículos, denota a súa presenza. Presentan sexos separados e fecundación externa. Os ovos e as larvas temperás desenvólense dentro do tobo da femia, de onde son expulsadas ao exterior dentro dunhas peculiares bolsas mucosas.

DISTRIBUCIÓN:

Do océano Ártico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Arenicola claparedi, é de cor rosada ou un pouco máis avermellada, o corpo presenta tres claras rexións, cunha longa rexión caudal sen sedas, sen branquias e con papilas moi marcadas.

Arenicolides branchialis, é de cor verde con reflexos metálicos e o corpo está formado só por dúas rexións, non presenta rexión caudal.

Arenicolides ecaudata, é de maior tamaño e o corpo, formado só por dúas rexións, non presenta rexión caudal.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *marina*, fai referencia ao seu hábitat.



Verme sedentario, que con 30-45 setíxeros alcanza unha lonxitude de 15-20 centímetros por 5-8 milímetros de diámetro. O prostomio fúsióname co labio superior, formando un cono truncado ou unha tira transversal lixeiramente convexa sen lóbulos laterais. O corpo, que é de forma cilíndrica e agúzase cara ambos os extremos, está dividido en dúas rexións, sen rexión caudal. A anterior está formada por 11-12 segmentos setíxeros sen branquias e a posterior por 20-30 segmentos setíxeros con branquias seguidos de 1-3 segmentos setíxeros sen branquias. As branquias xorden dun curto pedúnculo e se ramifican nun só plano. Cor verde escura ou negra con reflexos metálicos, ás veces variando gradualmente a castaña avermellada ou amarela escura.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da zona intermareal ata os 20 metros de profundidade, en áreas finas, áreas lamacentas ou en barro fétido negro, entre pedras ou en gretas de rochas, onde constrúe galerías sinuosas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Inglaterra ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Abarenicola claparedii, o seu corpo presenta tres claras rexións, cunha longa rexión caudal sen sedas, sen branquias e con papilas moi marcadas.

Arenicola marina, o corpo presenta tres rexións, coa rexión caudal sen sedas e sen branquias

Arenicolides ecaudata, é de cor castaña avermellada a amarela, a rexión anterior ten 15-16 setíxeros sen branquias e a posterior 30-40 setíxeros con branquias. Ademais a pesar de poder alcanzar unha maior lonxitude, o corpo presenta un menor diámetro.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *branchialis*, fai referencia ao maior número de segmentos con branquias que presenta o animal, en comparación coas especies do xénero *Arenicola* descritas anteriormente.





Verme sedentario cuxo corpo, formado por 60 setíxeros, alcanza 25 centímetros de lonxitude. O prostomio está fusionado co labio superior formando un cono obtuso sen lóbulos laterais. O corpo é cilíndrico, agúzase cara ambos os extremos, está dividido en dúas rexións e non presenta rexión caudal. A rexión anterior está formada por 15-16 segmentos unciníxeros, sen branquias. A rexión abdominal ten 30-40 segmentos setíxeros con branquias, ás veces seguidos de 1 a 7 segmentos setíxeros sen branquias. As branquias ramifícanse de forma dicotómica nun só plano. As sedas capilares dorsais son lixeiramente limbadas, cunha punta finamente espiñenta, dispostas en dúas filas nun parapodio con forma de mamelón aplanado. Uncinos con manubrio inchado no medio, e un rostro curvo con dous dentes no vértice. Presenta 13 pares de nefridios, ás veces 12, que se abren ao exterior nos setíxeros 5 a 17. Cor variable, de amarela avermellada a castaña avermellada ou mesmo a negra forte con reflexos metálicos. Branquias de cor vermella.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da zona intermareal ata os 20 metros de profundidade, en lodo negro fétido, en gretas de rochas ou entre pedras onde constrúe galerías sinuosas nas que vive. Frecuentemente autotomiza a parte posterior. Os seus excrementos son máis finos que os de *Arenicola marina*.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Inglaterra ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Arenicola claparedi, é de cor rosada ou un pouco máis avermellada, o corpo presenta tres claras rexións, cunha longa rexión caudal sen sedas, sen branquias e con papilas moi marcadas.

Arenicola marina, é de cor verde avermellada a amarela verdosa e o corpo está formado por tres claras rexións, cunha rexión caudal sen sedas nin branquias.

Arenicolides branchialis, adoita ser de cor azul metálica ou ter unha parte de cor verdosa con reflexos metálicos. Ademais, a pesar de ser de tamaño menor, adoita ter un maior diámetro.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *ecaudata*, provén do sufixo latino *e-* ou *ex-* (sen) e da palabra latina *cauda* (cola), "sen cola", en clara referencia á ausencia da rexión caudal.





Verme de corpo frágil e moi contráctil, con forma apuntada, que pode alcanzar unha lonxitude de 10 centímetros por 2 milímetros de ancho, cuns 90 setíxeros. Non presenta nin antenas, nin palpos, nin tentáculos e só dispón de 2 pequenos ollos na parte ventral. Prostomio en forma dun gran cono obtuso, lixeiramente aplanado e cóncavo na parte ventral. Os órganos nocais son pequenos e están situados detrás dos ollos, na zona latero-ventral do prostomio. A probóscide é relativamente pequena e de cando en cando está extravertida. O segmento oral é bianelado e porta catro feixes de sedas capilares, o mesmo que os seguintes 5 segmentos. As sedas do sétimo setíxero son moi variables, os parapodios poden portar sedas capilares, ganchos, ou ambos ao mesmo tempo. Os dous últimos segmentos torácicos só teñen ganchos. O primeiro segmento abdominal envolve un pouco ao anterior. Os segmentos abdominais só portan ganchos, os dos primeiros segmentos, o dobre que os seguintes. Entre os segmentos 8 e 9 sitúase o poro xenital, que nas femias é unha protuberancia oval, mentres que nos machos presenta unhas espiñas que forman unha cruz. Cor do corpo avermellada, sen distinguirse a primeira ollada o padrón cuadrículado do tegumento torácico.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Na zona infralitoral, baixo pedras e seixos, e tamén enterrado en lama e area, en lugares normalmente contaminados (é un indicador de contaminación) por iso é moi común, entre outros sitios, en portos. A súa época reprodutiva esténdese de novembro a maio.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *capitata*, é un epíteto latino que significa "cunha cabeza", referíndose á forma do poro xenital nas femias.





Poliqeto sedentario de corpo goso e robusto que alcanza os 30 centímetros de lonxitude (citáronse exemplares de ata 100 centímetros) por ata 15 milímetros de diámetro. O corpo está dividido en dúas rexións pouco definidas: tórax e abdome. O prostomio é pequeno e cónico, presenta manchas oculares pouco pigmentadas e afundidas (polo que resultan pouco visibles), e órganos nocais retráctiles, situados na rexión posterior do prostomio. O peristomio non ten sedas, é bianelado e da mesma lonxitude que o segmento seguinte. Órganos laterais situados entre as dúas ramas, ao longo de todo corpo, pequenos e en forma de botón retráctil na rexión torácica, máis patentes nos tres últimos segmentos torácicos e primeiros abdominais. O tórax, que está formado por 13 segmentos setíxeros, é de sección redondeada co tegumento areolado (excepto nos 3-4 últimos setíxeros). Todos os setíxeros torácicos con sedas capilares bilimbadas en ambas as ramas. O abdome é de sección cuadrangular e con ganchos encapuchados en ambas as ramas. Os boceis notopodiais están amplamente separados entre si, mentres que os neuropodiais son máis alongados, aproximándose cara á liña medio ventral. As branquias neuropodiais son compostas e arborescentes. Poden ter ata 20 filamentos e comezan a partir do segmento abdominal 20, aumentando o tamaño gradualmente para diminuír no extremo posterior. As branquias poden ser evaxinadas ou retraídas a través dun pequeno ollal e despréndense con facilidade. Os segmentos preanais non teñen branquias. O ano é terminal e pode retraerse no segmento anterior. O tórax é de cor avermellada ou castaña agrisada pálida e o abdome amarela verdosa. Filamentos branquiais de cor vermella viva.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal ata 370 m de profundidade, en fondos de area, lama e unha mestura destes. Tamén aparece en substratos duros intermareais, en fondos de maërl e entre rizoides de *Posidonia oceanica*. Reprodúcese desde febreiro ata agosto.

DISTRIBUCIÓN:

Cunha ampla distribución nas augas tépedas e cálidas dos océanos Atlántico, Índico e Pacífico. En augas europeas a súa distribución abarca desde o mar do Norte ata o Mediterráneo, incluíndo os arquipélagos de Canarias e Madeira.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *caducus*, é un epíteto latino que significa "que cae", "caído", "fugaz", en clara referencia ás súas branquias que se desprenden con facilidade.



Verme de corpo longo e fino que con 1 milímetro de diámetro pode alcanzar os 10 centímetros de lonxitude cuns 140 segmentos. As súas rexións corporais non están moi diferenciadas, co tórax redondeado con campos poligonais invisibles a primeira ollada. O prostomio, que é moi ancho na base e termina nun cono longo e agudo, posúe dous pequenos grupos de manchas oculiformes nos xuvenís, reducidos nos adultos a unha gran célula pigmentaria incrustada no cerebro. Na metade do prostomio atópanse uns pequenos órganos nocais retráctiles. O segmento bucal non ten sedas, é bianelado e de igual lonxitude que o seguinte. Os segmentos dianteiros son longos e cilíndricos, volvéndose máis curtos e redondeados cara ao final; segmentos traseiros campaniformes con lóbulos parapodiais que incrementan a súa anchura. As branquias comezan ao redor do segmento 80; as anteriores son simples protuberancias dos parapodios, e posteriormente forman lóbulos con forma de lingua. Ten catro pares de poros xenitais, desde o segmento torácico 9 ao 12. O pixidio está provisto dun longo cirro anal dixitiforme. Cor do tórax vermella escura, abdome de cor amarela ou verde avermellada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Enterrado en fondos de area lodosa ou lamacenta desde a zona intermareal ata os 50 metros de profundidade. É un poliqueto detritófago non selectivo que vive enterrado verticalmente no sedimento, para o que constrúe galerías que reviste de finos grans de sedimento con moco e colócase nelas cabeza abaixo, o que lle permite comer en lodos negros anóxicos mentres que os seus últimos segmentos permanecen en contacto con augas superficiais para recoller osíxeno. Soporta moi ben os cambios de salinidade, polo que é un habitante asiduo de estuarios e zonas portuarias.

DISTRIBUCIÓN:

Das illas británicas ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *filiformis*, é un epíteto latino composto de *filum* (fío) e *formis* (forma), e significa "con forma de fío", referíndose á súa forma corporal.





Verme de corpo longo e fino que pode alcanzar os 70 milímetros de lonxitude con máis de 100 segmentos setíxeros. O prostomio é un lóbulo cónico sen ollos. No dorso do primeiro segmento presenta uns ollos afundidos de cor castaña avermellada, pero a miúdo son indistintos. Ten uns once segmentos torácicos dos cales o primeiro non ten sedas. Os primeiros catro setíxeros teñen sedas capilares moi longas en catro feixes, mentres que os setíxeros 5 ao 10 só teñen ganchos. A transición do tórax ao abdome é indistinta e detéctase máis claramente polo tamaño dos segmentos e o tamaño e posición dos ganchos. Os ganchos abdominais son moito máis curtos e están situados no terzo posterior do segmento, en lugar de no centro do segmento como no tórax. O segmento 11 pode ser transitorio a este respecto. Os segmentos abdominais son unha vez e media máis longos que anchos inicialmente, pero vólvense máis curtos cara á parte posterior. Non presenta branquias e os parapodios son indistintos, excepto nos últimos 20-30 segmentos onde se volven máis prominentes. Ten un cirro caudal ventral que se perde moi facilmente durante a súa manipulación. Cor corporal amarela translúcida con manchas avermelladas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Do intermareal baixo ata os 15 metros de profundidade en fondos de area fina, area lamacenta ou lodo, onde se enterra. É un poliqueto detritófago non selectivo que vive enterrado verticalmente no sedimento, para o que constrúe galerías que reviste de finos grans de sedimento con



moco. Colócase nela cabeza abaixo, o que lle permite comer en lodos negros anóxicos, mentres que os seus últimos segmentos permanecen en contacto con augas superficiais para recoller osíxeno. Soporta moi ben os cambios de salinidade polo que se atopa en estuarios.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *fragilis*, é un epíteto latino que significa "fráxil", "facilmente crebadizo", referíndose o seu delicado corpo.



Verme sedentario de corpo moi fráxil, longo, cilíndrico anteriormente e lixeiramente cuadrangular nos segmentos posteriores, que pode alcanzar unha lonxitude de 100 centímetros e un diámetro de 8 milímetros, con máis de 800 segmentos. O prostomio é carnoso, de forma cónica, sen ollos aparentes e cunha aleta retráctil no ápice. A boca, situada na base do prostomio, desprégase en forma dunha gran trompa globosa, plurilobulada e cuberta na base por papilas redondeadas. O segmento bucal non ten sedas e está dividido en dous aneis totalmente desiguais. O corpo está dividido en dúas rexións diferenciadas: o tórax, que está composto por 12 segmentos, e o abdome. Os segmentos torácicos son bianelados e portan cada un dous feixes dorsais e outros dous ventrais de sedas capilares sublobuladas. Os segmentos abdominais son lisos, de sección lixeiramente cuadrangular, máis ou menos claramente anelados, portando os dous primeiros uncinos dorsais prominentes, pero pouco separados. O espazo que os separa vai aumentando gradualmente nos seguintes segmentos. As branquias comezan no segmento abdominal 27 e son ramificadas e retráctiles. O ano é redondo e está disposto de forma terminal. Cor vermella, excepto na parte posterior, que é incolora.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 5 ata os 50 metros de profundidade, en fondos de area e lama, mesturados con cuncheiro ou grava, onde constrúe tortuosas galerías nas que vive. É un sedimentívoro selectivo, que vai engulindo a area quedándose coas partículas alimenticias. É moi difícil extraelo enteiro das tortuosas galerías nas que habita.

DISTRIBUCIÓN:

Das illas británicas ata Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:

Notomastus latericeus, é de menor lonxitude, cun diámetro en comparación moito menor e no ápice do prostomio presenta dúas manchas oculares e dous órganos nocais ciliados.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *exsertilis*, é un epíteto latino que significa "capaz de ser proxectada fóra ou sobresaír", en clara referencia á boca que pode despregar cara fóra en forma dunha gran trompa.





Verme sedentario de corpo moi fráxil, longo e cilíndrico, que pode alcanzar unha lonxitude de 30 centímetros, con máis de 150 segmentos. O prostomio é curto, de forma cónica obtusa, e presenta na base dúas manchas oculares formadas por múltiples ollos minúsculos e dous órganos nocais ciliados retráctiles. A boca, situada na base do prostomio, desprégase en forma dunha gran trompa globosa cuberta de papilas de forma cónica que finalizan nun feixe de pelos táctiles. Corpo dividido en dúas rexións diferenciadas: tórax e abdome. O tórax está composto por 12 segmentos cun tegumento reticulado. O primeiro segmento carece de sedas e os once seguintes só presentan sedas capilares. Os segmentos abdominais son bianelados e teñen ganchos encapsulados situados a ambos os dous lados, entre a rama dorsal e a ventral. As branquias son simples e están formadas por extensións de ambas as ramas parapodiais ao longo da maior parte da rexión posterior. As branquias non son retráctiles. Os poros xenitais dispóñense por pares dorsalmente, en numerosos segmentos anteriores da rexión posterior. Non presenta ganchos xenitais. O pixidio finaliza nunha aleta membranosa, sen uritos. Cor do corpo vermella forte na parte dianteira, amarela avermellada e transparente na parte posterior, normalmente chea de area.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 300 metros de profundidade, aínda que en augas do



Antártico e do Ártico atopáronse en dragaxes a máis de 7000 metros de profundidade, en fondos de area e lama onde constrúe tortuosas galerías nas que vive. É un sedimentívoro selectivo, que vai engulindo a area quedándose coas partículas alimenticias. É moi difícil extraelo enteiro das tortuosas galerías nas que habita.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita cuxa distribución inclúe a totalidade das augas europeas, abarcando desde o Ártico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Notomastus exsertiles, é de maior tamaño, relativamente máis groso e o seu prostomio, sen ollos, ten unha aleta retráctil no ápice.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *latericeus*, é un epíteto latino que significa "ladrillo", "ladrillado", referíndose ao tegumento reticulado do seu tórax.



Poliqueto de corpo grosso e cilíndrico, lixeiramente atenuado en ambos os extremos, que pode alcanzar 15 centímetros de lonxitude por 9 milímetros de ancho, con 22 segmentos (19 setíxeros e 3 segmentos preanais sen sedas). Cabeza cunha placa oval oblicua, un limbo cefálico ancho, unha incisión a cada lado e o bordo posterior dentado (7-14 dentes). Prostomio cónico cuns poucos ocelos (a miúdo indistinguíbles), unha quilla e dous sucos nocaís paralelos que se estenden en liña recta ata a metade da placa cefálica. O peristomio non ten sedas e mostra unha pigmentación difusa. Os primeiros setíxeros teñen bandas glandulares moi marcadas. A partir do setíxero 7 presenta unha liña medio ventral de cor clara que se estende ata o bordo do pixidio. Notosedas de dous tipos: sedas capilares limbadas e sedas máis finas pinnadas. No primeiros tres setíxeros, os neuropodios portan unha ou dúas espiñas aciculares grosas. Os seguintes neuropodios cunha fila transversal de uncinos co rostro recurvado, coroado por 5-6 denticúlos con bárbulas subrostrais a cada lado. Boceis uncíníxeros inchados e glandulares. Os 3 segmentos preanais son máis curtos que os anteriores, en forma de rodete saínte e con pequenos boceis sen sedas. Pixidio en forma dun longo funil cun anel membranoso na base. O funil anal ten finas estrías lonxitudinais e o bordo con 30 a 40 cirros subiguais ou alternados irregularmente de diferentes lonxitudes. Ano na parte inferior do funil, na parte superior dun cono máis ou menos sobresaínte con pregaduras radiais. Corpo de cor rosada ou castaña clara con bandas transversais de cor vermella ou vermellón nos segmentos 4-8, alternadas con bandas glandulares brancas. Boceis uncíníxeros claros.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 40 metros de profundidade, en area, lama ou baixo pedras, e mesmo entre algas. Dentro dun grosso (pero fráxil) tubo no que vive boca abaixo, fabricado cun conglomerado de finos grans e un moco que segrega.

DISTRIBUCIÓN:

Da costa oeste de Gran Bretaña ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *lombricoides*, é un epíteto latino composto por *lumbricus* (verme, miñoca de terra) e *oides* (similar) e significa "parecido a unha miñoca", referíndose á aparencia corporal.





Poliqueto de corpo cilíndrico, longo, delgado e extremadamente fráxil, que pode alcanzar 20 centímetros de lonxitude por 3 milímetros de ancho, con ata 27 segmentos (26 setíxeros e 1 segmento preanal sen sedas). A cabeza é cónica, inclinada e non presenta placas cefálicas. O prostomio é redondeado, con forma dun pequeno mamelón redondeado e con numerosos ocelos. Ten unha quilla estreita, lixeiramente saínte, e dúas rañuras nocais, longas e paralelas, cun bordo externo membranoso. O peristomio non ten sedas. Os setíxeros 1 ao 7 presentan un cinto glandular de cor branca. O setíxero 8 ten un escudo glandular na parte posterior ventral (de forma triangular), na parte dorsal dúas manchas alongadas converxentes e un cinto glandular posterior. As notosedas son de dous tipos, unhas limbadas e robustas e outras máis curtas, finas, transparentes e pinnadas. Os tres primeiros neuropodios con 1-3 espiñas aciculares grosas, os seguintes con uncinos. Os boceis unciníferos están moi vascularizados. O segmento preanal está reducido a un pequeno e rudimentario segmento sen sedas, con forma de rodete e con boceis rudimentarios. O pixidio ten forma de patela, cunha fina tira na base e o bordo liso e sen cirros. Cono anal cunha válvula ventral saínte. Cor pálida con bandas claras alternando con franxas vermellas nos primeiros segmentos. Parche glandular do setíxero 8 de cor branca mate e dúas manchas castañas grandes en cada lado do segmento bucal.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 10 metros de profundidade, en fondos de area fina onde constrúe os tubos de area, máis ben grosos, de consistencia moi fráxil e cun extremo que sobresaia do sedimento.

DISTRIBUCIÓN:

Do mar do Norte ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *leiopygos*, é unha palabra composta polos termos gregos *Leio* (liso) e *Piges* (nádegas), cuxa tradución literal sería "nádegas lisas", en clara referencia á forma da parte dorsal do oitavo setíxero.





Poliqueto de corpo fino e moi fráxil, que pode alcanzar 12 centímetros de lonxitude por 1,5 milímetros de ancho, cuns 23-25 setíxeros. O prostomio é claramente triangular na parte dianteira e continúa na parte traseira cunha crista cefálica, que se estende cara atrás entre un par de raíñas nocaís rectas e profundamente marcadas. Hai densas bandas de ocelos a cada lado do prostomio. O peristomio carece de sedas, pero está rodeado por un anel glandular detrás da crista cefálica. Os primeiros 7 setíxeros aumentan gradualmente de lonxitude, de modo que o sétimo ten o dobre de lonxitude que o primeiro. Os seguintes segmentos son moi longos, pero os últimos 5 ou 6 setíxeros son curtos. Ten aneis glandulares nos segmentos setíxeros 2 ao 7. No setíxero 8 ten un escudo glandular. As notosedas son de dous tipos: sedas capilares limbadas e sedas plumosas. Normalmente o primeiro setíxero carece de neurosedas, e cando están presentes son 2-3 uncinos. As neurosedas dos seguintes setíxeros presenta unha serie vertical de 6 dentículos enriba do dente principal e robustas bárbulas subrostrais. Pode presentar un ou ningún segmento preanal sen sedas, seguido de 3 a 5 aneis sen bocéis parapodiais. O pixidio é cónico con tres cirros anais delgados e unha válvula ventral que pode sobresaír do cono. Corpo de cor rosada, cos setíxeros quinto, sexto e sétimo de cor avermellada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 4 ata os 250 metros de profundidade, en fondos de area fina, lama ou nunha mestura destes. Vive dentro dun fino e fráxil tubo cilíndrico, fabricado con finos grans que conglomeran co moco que segrega. Pode estar parasitado polo copépodo *Rhodincola thomassini*.

DISTRIBUCIÓN:

Descrita do océano Índico, en augas europeas a súa distribución abarca desde o norte da Península Ibérica ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *tenuis*, é un epíteto latino que significa "delgado", "fino", "grácil", "débil", "tenué" e "delicado", en clara referencia a delgado e delicado corpo.





Poliqueto de corpo cilíndrico e vermiforme, que pode alcanzar os 65 milímetros de lonxitude por 2 milímetros de ancho, con 21 segmentos (19 setíxeros e 2 preanais sen sedas). A cabeza é ovalada, moi inclinada, un pouco convexa e está bordeada por un limbo membranoso, non crenulado, cunha incisión en cada lado. O prostomio é redondeado e non ten ocelos. Quilla moi longa, que se estende por toda a lonxitude da placa cefálica, lixeiramente convexa e pouco saínte. Os órganos nocais son curtos, diverxentes e arqueados. O prostomio e o primeiros catro setíxeros son uniformemente glandulares, mentres que do setíxero 5 ao 9 ou 10 teñen campos glandulares ventrais, formando ás veces bandas transversais, pero sen banda glandular dorsal no setíxero 5. Ten tres tipos de notosedas: sedas xeniculadas anteriores terminadas en punta aguda, sedas de dúas extremidades case rectas que terminan nunha punta longa e sedas capilares longas, finas, onduladas e con púas. O primeiro setíxero non presenta colar nin ten sedas neuropodiais. O neuropodio do segundo setíxero e os seguintes con boceis unciníxeros saíntes, glandulares e cunha fila de uncinos. O bocel unciníxero do setíxero 6 está engrosado. Os dous segmentos preanais son curtos e presentan boceis ben marcados. Pixidio nunha placa redondeada, lixeiramente oblicua, rodeada por un limbo cunha incisión a cada lado, co bordo superior enteiro e o bordo inferior dentado con dentes redondeados. O ano sitúase dorsalmente baixo o bordo da placa terminal. Corpo de cor rosada pálida coa parte posterior con manchas acastañadas.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 8 ata máis de 1400 metros de profundidade, en fondos cunha alta porcentaxe de materia fina, como fondos areosos lamacentos ou lodosos. Constrúe uns tubos cilíndricos con aglomerado de lodo, dentro dos que vive.

DISTRIBUCIÓN:

Presente en ambos os lados do océano Atlántico, en augas europeas a súa distribución abarca desde Groenlandia ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *glebifex*, deriva da combinación dos vocábulos latinos *gleba*, "gleba ou terrón (de terra cultivada)", e *flex*, "que pode ser dobrado", "flexible", e significa de gleba flexible, en referencia á

flexibilidade dos tubos nos que vive.



Poliqueto de corpo cilíndrico e robusto, que pode alcanzar 10 centímetros de lonxitude por 3 milímetros de ancho, con 21 segmentos (19 setíxeros e 2 preanais sen sedas). A cabeza é oval, convexa e está bordeada por unha lámina membranosa coa marxe lisa e dúas incisións laterais. Presenta unha quilla cefálica longa, saínte e moi convexa. Os órganos nocais son curtos, diverxentes, rectos ou lixeiramente arqueados. O prostomio é redondeado, bastante ancho e saínte, sen manchas oculares. Os setíxeros anteriores son bianelados. O primeiro setíxero non ten colar, nin sedas neuropodiais e as notosedas son espiñentas. O peristomio e os tres primeiros setíxeros son uniformemente glandulares. Os setíxeros 4 ao 9 presentan campos glandulares ventrais menos evidentes e o setíxero 5 unha banda glandular en forma de media lúa na parte dorsal. Todos os neuropodios presentan unha fila de uncinos, cuxo número vai aumentando ata o setíxero 10, que ten 18 uncinos. A partir de aquí o seu número vai diminuíndo ata os 6-8 uncinos nos últimos seis setíxeros. Os dous segmentos preanais son pequenos, sen sedas e indistintos. Pixidio nunha placa oval lixeiramente oblicua rodeada por unha folla incisa a cada lado, cun bordo liso ou lixeiramente ondulado ou crenado no lado ventral. O ano dispónse dorsalmente baixo o bordo da placa terminal. Parte anterior con manchas de cor castaña, máis ou menos escura, e a rexión posterior pálida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 8 ata os 4.400 metros de profundidade, en fondos de area, lama branda ou unha mestura destes. Constrúe uns tubos, de sección circular e moi grosos, nos que vive.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *sarsi*, é en honra ao teólogo e biólogo noruegués Michael Sars (1805-1869), quen foi profesor de zooloxía da Universidade de Bergen.





Poliqueto de corpo cilíndrico, que pode alcanzar os 20 centímetros de lonxitude por catro milímetros de ancho, con 22 segmentos setíxeros. A cabeza é redondeada, sen placa cefálica, cunha quilla en forma de crista convexa e uns órganos nocais pequenos e diverxentes. Prostomio con forma de mamelón redondeado, normalmente con ocelos, e o peristomio sen sedas e inchado nos laterais. Os parapodios son birrámeos. As notosedas, presentes a partir do setíxero 5-7, son de tres clases: sedas limbadas, robustas e lisas, sedas capilares lixeiramente espiñosas e sedas capilares moi longas e sinuosas. As neurosedas do setíxero 1 ao 3 cunha espiña acicular grande e unidentada. Os seguintes neuropodios cunha fila transversal de uncinos. Os boceis unciníxeros posteriores son moi saíntes, glandulares e de cor clara. Os 6-7 últimos setíxeros anteriores ao preanal teñen un lóbulo moi carnoso e saínte entre os dous mamelóns dorsais, dirixido cara ao pixidio. O último setíxero é curto, provisto de notosedas e uncinos neuropodiais. O pixidio presenta unha grande expansión laminar en forma de espátula cóncava, estreita no lado dorsal e alongada no ventral, que é moi característica, co ano excéntrico que se abre na parte ventral da espátula. A cabeza e o primeiro segmento de cor avermellada salpicada de branco, segmentos 2 e 3 de cor de rosa e os 4 segmentos seguintes de cor vermella forte a vermella castaña con cintos glandulares de cor clara; os segmentos posteriores de cor castaña clara.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 40 metros de profundidade, en area, lama ou baixo pedras, onde fixa un tubo retorto, grosso e resistente, formado por grans de area e grava e con incrustacións de anacos de cunchas.

DISTRIBUCIÓN:

Das illas británicas ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *terricolus*, é un epíteto latino que significa que vive sobre/na terra", referíndose posiblemente á aparencia do animal no seu tubo de area.





Verme que pode alcanzar 45 milímetros de lonxitude por 6 milímetros de ancho, con 32 segmentos setíxeros. O corpo está dividido externamente en dúas rexións claramente diferenciadas, unha parte anterior ampla e cilíndrica, formada por 10 setíxeros, e a posterior máis delgada, que presenta un profundo suco ventral e dous máis lixeiros lateralmente (sección en forma de "U"). O prostomio é pequeno, cónico, aguzado e non ten apéndices. A parte anterior non ten branquias e presenta o primeiro setíxero menos desenvolvido que os demais. Na parte posterior ten 14-15 pares de branquias cirriformes, ocasionalmente con forma de gancho, cos últimos sete segmentos sen branquias e provistos de sedas longas, dos cales os últimos 3-4 son telescópicos. Órganos laterais en forma de poro oval, presentes entre as dúas ramas parapodiais. O pixidio está provisto de dúas grosas papilas ventrais e 10-15 dorsais de menor tamaño. Cor rosa irisada e branquias vermellas.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Habita no mediolitoral areoso inferior, sendo o seu hábitat preferido a area de granulometría grosa sen lodo, onde se enterra de cabeza deixando o ano a nivel do fondo e configurando unha canle de corrente de auga respiratoria co suco ventral abdominal. Cando se lle molesta enrólase. É un bo bioindicador, dado que gusta de zonas limpas e non contaminadas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a canle da Mancha ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *bicornis*, é un epíteto latino composto por *bi-* (dous) e *cornis* (corno) e significa "con dous cornos", referíndose posiblemente ás dúas grandes papilas que presenta no pixidio.



Verme de corpo robusto, arqueado dorsalmente e acampanado lateralmente, que se estreita cara ambos os extremos e non presenta rexións diferenciadas. Con 27-28 segmentos setíxeros pode acadar os 25 milímetros de lonxitude por 1-2 milímetros de diámetro. O prostomio é pequeno e redondeado, con dous órganos nocais (que cando están evaxinados le dan un aspecto trilobulado), e tres manchas oculares subdermais que se ven a través da súa pel. A segmentación corporal non está claramente definida, e está formada por segmentos bianelados. Ten manchas oculares laterais escuras (moi pequenas, ás veces difíciles de diferenciar) nos segmentos corporais do 7 ao 21. Ao longo de toda a parte ventral presenta un suco central profundo e estreito, e dous sucos secundarios laterais. Non ten branquias nin cirros ventrais e os parapodios son birrámeos, formados só por un feixe capilar fino e curto, excepto nos últimos segmentos, onde se dividen en dous grupos. Poros nefridiais nos segmentos setíxeros 9-11. O pixidio presenta dous labios verticais orlados por un número variable de papilas. Cor moi variable, machos esbrancuxados e femias acastañadas, ambos cun padrón de pigmentación formado por manchas ou aneis castaños, normalmente máis prominentes nas rexións anterior e posterior; este padrón é variable, podendo os aneis de pigmento estar rotos a modo de bandas ou parches na rexión dorsal e no centro corporal, ou simplemente case non existir. Prostomio sen pigmentación.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal, en pozas de marea, ata os 20 metros de profundidade, en fondos de rocha, area, grava ou entre algas. Presenta etapas peláxicas nocturnas que algúns autores relacionan coas fases lunares ou coa madurez sexual dos exemplares. Nadan con vigorosos movementos serpentiformes do corpo.



DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita de augas cálidas e tropicais. En Europa presenta unha distribución que abarca desde o sur das illas británicas ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *pictus*, é un termo latino que significa "pintado", "decorado con pintura", en clara alusión ao seu padrón de pigmentación a base de manchas ou aneis.



Verme de corpo aplanado anteriormente, convexo na rexión posterior, que pode alcanzar 25 centímetros de lonxitude por 5 milímetros de ancho, con máis de 400 setíxeros. O prostomio, redondeado e un pouco deprimido, ten dous ollos cervicais e uns órganos nocais en forma de fendas transversais en posición latero-posterior, que penetran lixeiramente no peristomio. O peristomio non ten sedas, é lixeiramente máis longo que o seguinte segmento do que se diferencia claramente, e ten a boca en posición ventral. O tórax é de sección lixeiramente aplanada e está formado polo peristomio e ata 31 setíxeros torácicos. Os notopodios torácicos teñen o lóbulo postsetal grosso e asimetricamente lanceolado, con sedas capilares crenuladas longas. Neuropodios torácicos con forma de almofadas transversais, co lóbulo postsetal moi desenvolvido en forma de crista e cunha pequena proxección papiliforme en posición dorsal. A transición do tórax ao abdome é moi gradual e só apreciable na redución do número de filas de sedas. O abdome é de sección circular, cos lóbulos parapodiais dos primeiros setíxeros en posición lateral para, progresivamente, desprazarse cara unha posición máis dorsal. As branquias dorsais erectas dispóñense lateralmente, comezan a partir do setíxero 4-11 e van incrementando o tamaño ata o último setíxero do tórax, onde alcanzan o tamaño máximo. Son de forma lanceolada e aproximadamente o dobre de longas que o lóbulo postsetal. O pixedio ten forma de funil oblicuo, co ano disposto dorsalmente, e está provisto de catro uritos cilíndricos curtos. Cor do corpo rosada ou avermellada. Branquias vermellas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal ata os 6 metros de profundidade, xeralmente en pouca auga, en fondos de algas e pedras. Tamén en fondos brandos entre cunchas e rochas.

DISTRIBUCIÓN:

Aínda que foi considerada tradicionalmente unha especie cosmopolita de augas cálidas e tépedas, algúns autores sosteñen que se trata realmente dun complexo de especies. En augas europeas a súa distribución abarca desde o norte da Península Ibérica ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Naineris quadricuspida, é de menor tamaño e habitan normalmente en fondos lamacentos profundos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *laevigata*, é un epíteto latino que significa, "afiado", "liso", "suave", posiblemente en referencia ás súas branquias.





Verme moi longo e fráxil, que pode alcanzar os 40 centímetros de lonxitude por 5 milímetros de ancho, con 300-400 setíxeros. O prostomio ten forma de cono obtuso e está dividido en dúas rexións. A anterior, lixeiramente máis aplanada, non ten ollos e presenta un pequeno órgano apical retráctil. O peristomio non ten sedas, alárgase bruscamente para igualar o ancho do primeiro setíxero torácico, e ten a boca en posición ventral. O tórax está formado polo peristomio e ata 33 setíxeros, é convexo ventralmente e algo cóncavo no dorso. Os notopodios torácicos teñen lóbulos postsetais, que van aumentando gradualmente o tamaño, e sedas capilares crenuladas. Neuropodios torácicos con forma de almofada transversal baixa e 1 a 20 papilas postsetais alongadas. O abdome é de sección circular. Os notopodios abdominais presentan un lóbulo postsetal asimétricamente lanceolado, soportado por unha ou dúas sedas rectas cuxa punta sobresa lixeiramente do lóbulo, e sedas capilares de diversos tamaños e formas. Os neuropodios abdominais son bilobulados, co lóbulo presetal en posición dorsal e dun tamaño un pouco menor que o postsetal. As branquias erectas dispóñense a partir do setíxero 5, cunha lonxitude máis ou menos constante no tórax e de forma triangular, vólvense lanceoladas e máis estreitas no abdome. Pixidio cun par de uritos moi longos e fráxiles. Cor rosada na parte anterior e amarelada na posterior.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En area lamacenta, tamén baixo pedras, onde se desprazan lentamente comendo detritos e certa cantidade de sedimento. Non constrúen tobos permanentes.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Gran Bretaña ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Orbinia cornidei, é de menor tamaño, con menos setíxeros e a súa cor corporal é vermella intensa na parte anterior, degradándose cara á parte posterior a rosada e logo a gris pálida.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *latreillii*, é en honra do entomólogo francés Pierre André Latreille (1762-1833), quen ocupou a cadeira de zooloxía de invertebrados no Museo de Ciencias Naturais de París á morte de Jean-Baptista Lamarck.





Verme de corpo esvelto, co tórax claramente aplanado e o abdome cilíndrico, de ata 20 centímetros de longo por 4 milímetros de ancho, con 400 setíxeros. O prostomio é pequeno e cónico, ten dúas manchas oculiformes, un órgano apical retráctil moi pequeno e uns órganos nocais en forma de fendas verticais laterais profundas. O peristomio non ten sedas e é algo maior que o setíxero 1, coa boca en posición ventral que se estende ata a metade do setíxero 2. O tórax está formado polo peristomio e ata 33 setíxeros. Branquias, a partir do setíxero 6-9, de forma lanceolada e estreitas. Notopodios cun cirro lanceolado e un feixe de sedas capilares crenadas. Neuropodios avultados cunha lamela en forma de media lua bordeada de papilas cónicas só na rexión torácica, que de cando en cando persiste en 1-2 segmentos abdominais. Varias fileiras de grandes ganchos amarelos ou avermellados co extremo curvo obtuso dividido en pico, os posteriores máis grandes que os anteriores, acompañados de sedas capilares similares ás notopodiais. Desde o setíxero 11-12 ata o último torácico, unha gran seda puntiaguda canaliculada de cor escura acompañada de pseudoganchos e glándulas defensivas. Papilas ventrais cónicas, máis ou menos agudas, desde o setíxero 15 ao 39, formando un cinto completo nun número determinado de segmentos e ás veces dispostos en dúas filas. Na rexión abdominal, un cirro cultriforme dorsal, un feixe de sedas capilares con acículas rectas (diferentes ás torácicas), sedas bifurcadas con ramas curtas e desiguais, un cirro intermedio subulado con lámina ventral con 2 lingüetas desiguais e puntiagudas (cun feixe de finas sedas capilares e dúas acículas inchadas no ápice), e uns pequenos cirros ventrais cónicos apuntados. Pixidio en forma de funil terminal con dous uritos longos, filiformes, moi esveltos e caducos. Cor rosada ou vermella na parte anterior e amarelada ou verdosa nos segmentos posteriores. Despide un característico cheiro pestilente.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde 1 ata 6 metros de profundidade, en fondos de area ou lamacentos, onde se desprazan lentamente comendo detritos e certa cantidade de sedimento. Non constrúen tobos permanentes.

DISTRIBUCIÓN:

Da canle da Mancha ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *foetida*, é un epíteto latino que significa "con cheiro desagradable" referíndose ao cheiro fétido que desprende.





Poliqueto escavador de corpo longo e esvelto, que alcanza 12 centímetros de lonxitude por uns 2 milímetros de ancho, con 200 setíxeros. O prostomio é bastante grande, de forma cónica, ten un curto órgano apical retráctil, dous ollos e órganos nocais en posición dorso-posterior. O peristomio non ten sedas, ten unha lonxitude lixeiramente superior á do primeiro setíxero torácico, e porta a boca en posición ventral. A rexión torácica é aplanada, lisa, atenuada á fronte, e formada polo peristomio e 12-22 setíxeros. Branquias dorsais erectas a partir do setíxero 9, anchas, lanceoladas e de maior tamaño que os cirros dorsais. Notopodios torácicos sen lóbulo postsetal nos dous primeiros setíxeros, aumentando de tamaño posteriormente, e con sedas capilares crenuladas. Os neuropodios torácicos en forma de almofadas transversais nos primeiros cinco setíxeros, cun lóbulo postsetal piriforme nos restantes. Nos últimos setíxeros pode aparecer un ou dous lóbulos postsetais accesorios. Os setíxeros anteriores con catro filas de neurosedas. O abdome é de sección circular cos lóbulos parapodiais en posición dorsal. Rexión abdominal con cirros dorsais erectos, un feixe de sedas capilares máis longas que as torácicas (ás veces bifurcadas), acículas e sen cirros intermedios. Órgano lateral ciliado en forma de botón, cunha rama ventral con dúas lingüetas cónicas desiguais, un feixe de sedas capilares diferentes ás dorsais e acículas arqueadas. Pixidio con dous uritos filiformes. Cor vermella brillante ou laranxa rosada. Branquias de cor vermella e neuropodios de cor branca.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata máis de 2000 metros de profundidade, enterrada en fondos de area grosa ou fina, lama ou grava. Constrúen complexos tobos a uns 10-15 centímetros de profundidade no sedimento, aínda que poden desprazarse entre a area pola capa superficial. Aliméntanse de refugallos orgánicos. Os sexos son separados, e a reprodución ocorre na primavera, sincronizada coas mareas vivas. É unha especie de crecemento rápido que alcanza unha lonxevidade de case 4 anos e que se reproduce a partir do segundo ano de vida.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita, cuxa distribución en augas europeas esténdese desde Noruega ata as costas atlánticas da Península Ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Scoloplos typicus, alcanza un menor tamaño, é relativamente máis grosa e a súa cor é vermella intensa ou vermella alaranxada.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *armiger*, é un epíteto latino composto por *arma* (armas) e *gero* (portar) e significa "que porta armas ou escudo", en clara referencia aos órganos laterais.



Poliqueto escavador de corpo esvelto, que pode acadar unha lonxitude de 15 centímetros por 4 milímetros de ancho, con ata 250 setíxeros. O prostomio é triangular e está dividido en dúas rexións: a anterior aplanada dorsoventralmente e a posterior máis ancha. Non ten ollos. Presenta un pequeno órgano apical retráctil e órganos laterais dorso-posteriores. O peristomio non ten sedas, é moi curto e está fusionado dorsalmente co primeiro setíxero, coa boca en posición ventral. O tórax é lixeiramente aplanado e está formado polo peristomio e 17-20 setíxeros. Notopodios torácicos cun cirro ancho e erecto, acículas xeniculadas e un feixe de sedas debilmente crenuladas. Neuropodios cunha crista transversal comprimida dividida en dúas por unha fenda que primeiro é ventral, logo mediana e cada vez máis dorsal (ata os últimos segmentos torácicos onde determina unha especie de papila), 2-4 filas de grandes ganchos curvos con bordos convexos e dous feixes de sedas capilares sigmoideas. Non presenta papilas ventrais visibles senón rudimentarias debaixo da pel. Na rexión abdominal presenta cirros dorsais con forma de coitelo, 3-4 acículas cada vez menos xeniculadas, un feixe de sedas capilares longas e 3-5 sedas bifurcadas con ramas ciliadas desigualmente. Sen cirros intermedios, que son substituídos por un órgano lateral en forma de botón ciliado. Neuropodios abdominais con dúas lingüetas desiguais, a superior máis longa e ancha que a inferior e un feixe de sedas moi longas. Non presenta cirros ventrais, pero si un gran bordo aplanado. As branquias dorsais erectas esténdense desde o setíxero 13, son lanceoladas e estreitas. Os primeiros pares son máis curtos, aumentando o tamaño ata alcanzar a lonxitude definitiva ao comezo do abdome. Pixidio con dous uritos moi longos e finos. Cor vermella alaranxada ou vermella intensa na parte anterior e rosa pálida na posterior. Branquias vermellas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

É unha especie infralitoral de augas pouco profundas, que se enterra en fondos de area, particularmente de area de gran medio enriquecida con elementos calcarios. Desprázanse lentamente entre o sedimento, sen construír tobos permanentes, comendo detritos e certa cantidade de sedimento.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o noroeste da Península Ibérica ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Scoloplos armiger, é de maior tamaño, dunha rechamante cor laranxa brillante cos neuropodios de cor branca.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *typica*, é un epíteto latino que significa "típico", "peculiar", "característico", en referencia a que reproducía con fidelidade os trazos do prototipo de especie do xénero no que foi descrita.



Poliqueto sedentario que pode acadar os 22 milímetros de lonxitude, con 48 segmentos. Parte corporal anterior inchada e posterior longa e delgada, cos primeiros segmentos trianelados, outros catro anelados. Epiderme reticulada. Prostomio en forma de "T", con procesos que se expanden anteriormente, un a cada lado. Un par de ollos subdérmicos de cor castaña escura a negra nas marxes postlaterais do prostomio. O peristomio non ten sedas, está dorsalmente expandido en forma de carapucha que cobre parcialmente os ollos e a parte posterior do prostomio, e ten a cada lado un discreto órgano nocal eversible. A boca dispónse ventralmente en forma de curta rañura transversal entre o peristomio e o primeiro setíxero. O primeiro setíxero é trianelado, os demais cuadrianelados ou pentanelados. A superficie do corpo é teselada, cunha soa serie de elevadas almofadas, rectangulares ou cadradas, en cada anel. Enriba dos notopodios presenta almofadas epidérmicas. As branquias son arborescentes e dispóñense nos setíxeros 2 ao 5, o primeiro par máis pequeno. Os parapodios do terzo anterior corporal son pequenos. Na rexión posterior varios segmentos carecen de parapodios e só posúen cirros, con algúns segmentos anteriores ao pixidio sen apéndices de ningún tipo. O pixidio ten a marxe crenulada ao redor do ano e cinco cirros anais, longos e filiformes, inseridos ventralmente. Cor rosada a vermella púrpura con manchas amarelas.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 10 ata os 4000 metros de profundidade, enterrado en áreas finas ou lamacentas.

DISTRIBUCIÓN:

Do norte de Inglaterra ata o sur de Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:

Scalibregma inflatum, alcanza un tamaño lixeiramente maior, con 68 segmentos corporais, non ten ollos, o peristomio non se expande en forma de carapucha sobre o prostomio e os cirros anais son curtos e grosos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *celticum*, deriva do epíteto latino *celticus* que significa relativo aos Celtas, en referencia á distribución inicial no momento da súa descrición en Gales, Escocia e Francia (terras dos antigos celtas).



Verme de corpo longo e cilíndrico con forma de nemátodo que pode alcanzar, con 180 segmentos corporais, máis de 10 centímetros de lonxitude por apenas 1,5 milímetros de diámetro. O prostomio, que é de forma cónica, ten dous tentáculos rixidos claramente separados nas bases e ás veces cunha lonxitude desigual, e na parte ventral unha boca de forma triangular. Entre o prostomio e o tronco presenta dous órganos nocais situados dorsoventralmente nuns distintivos sucos. O tronco carece de todo tipo de signo externo de segmentación corporal, de parapodios ou de sedas, así como de cilios externos. O pixidio ten forma de bulbo subterminal inchado sen apéndices, e está rodeado periféricamente por 26-28 montículos de aberturas glandulares. O ano é terminal e presenta na súa marxe varias pregaduras similares a lóbulos. A rexión fértil feminina comeza entre os segmentos corporais 50-70 e a masculina entre os segmentos 40-60. A súa sangue é de cor verdosa. A cor corporal varía de branca opaca a rosada ou salmón, coa superficie lisa e irisada. As femias maduras vólvense avermelladas debido á cor dos ovocitos e os machos con esperma aparecen de cor branca.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Vive en fondos submareais a pouca profundidade, en gravas, areas grosas, areas limpas ou unha mestura destas, movéndose entre o sedimento.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Irlanda e as illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pódese confundir con algunha especie de nematomorfo pola súa forma corporal, pola cutícula irisada e pola falta visual de signos de segmentación externa.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *lacteus*, é un epíteto latino que significa "relativo ao leite", "de cor da leite", referíndose á cor corporal dos exemplares usados para a súa descrición.





Verme de corpo aplanado dorsoventralmente, de forma oval circular e que pode acadar unha lonxitude de 10 milímetros cun máximo de 24 segmentos. O corpo é convexo dorsalmente e aplanado na parte ventral. O prostomio sitúase dorsalmente na parte anterior do corpo e posúe catro ollos e unha antena piriforme. A boca dispónse ventralmente, está provista dunha farinxe semitubular retráctil e non ten mandíbulas. Non presenta branquias nin cirros dorsais. Os notopodios están formados por dobres láminas membranosas, sostidas por longas sedas aciculares (de diferentes tamaños e punta bífida), que sobresaen lixeiramente sobre as láminas. As lombas que forman os notopodios percorren o dorso ata a súa liña media lonxitudinal. As lombas da parte anterior curvanse cara adiante e as posteriores cara atrás. Os neuropodios son de forma cilíndrica, sen lóbulo ventral, e portan unha ou dúas sedas compostas acompañadas, normalmente, de 8-12 sedas simples de punta bífida. A superficie ventral é suave e sen papilas (parécese ao pé das lapas). O pixidio está situado na parte dorsal posterior e posúe dous uritos globosos. A súa cor é extremadamente variable dependendo da esponxa sobre a que viva, dado que a usa como camuflaxe, pode ser amarela, laranxa, vermella, castaña, púrpura ou violeta.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 2 ata os 40 metros de profundidade, sobre esponxas (*Halichondria*, *Tedania*, etc.), así como sobre hidrozooos aos que parasita e dos que se alimenta.

DISTRIBUCIÓN:


Do océano Ártico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Spinther oniscoides, presenta un tamaño un pouco maior, de contorno alongado e con máis setíferos. Os neuropodios teñen un curto lóbulo dixitiforme e a superficie ventral presenta unha banda lonxitudinal e outras transversais de penachos ciliados.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *arcticus*, é un epíteto latino que significa "máis ao norte que a Osa Maior" e denominábase así á zona que rodea o polo norte terrestre, onde se recolleron os espécimes para a súa descrición.





Poliqueto de corpo aplanado dorso-ventralmente, que pode acabar unha lonxitude de 13 milímetros cun máximo de 30 setíxeros. O corpo é de forma oval ou oblonga, aplanado ventralmente e lixeiramente convexo no dorso. O prostomio é diminuto e non ten carúncula, sitúase dorsalmente na parte anterior do corpo, ten unha antena central e catro ollos. A boca dispónse ventralmente e está provista dunha farinxe semitubular retráctil sen mandíbulas. Non presenta branquias nin cirros dorsais. Os notopodios están formados por unhas láminas membranosas transversais, bifurcadas en forma de "E", e sostidas por sedas aciculares de punta bífida que sobresaen lixeiramente sobre as láminas. As lombas que forman os notopodios percorren o dorso, que é lixeiramente convexo, ata a súa liña media lonxitudinal. As lombas da parte anterior curvanse cara adiante e as posteriores cara atrás. Os neuropodios son de forma cilíndrico-cónica, cun curto lóbulo dixitifforme que porta unha ou dúas sedas grosas compostas e numerosas sedas simples. A superficie ventral presenta penachos ciliados nunha banda lonxitudinal central, así como en bandas transversais que se dirixen á base de cada neuropodio. O pixidio está situado na parte dorsal posterior e posúe dous grosos cirros en forma de mazo. Cor amarela crema a branca amarelada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Do intermareal baixo ata os 40 metros de profundidade, asociado a diversas esponxas, especialmente a especies pertencentes ao xénero *Desmacidon*, das que se alimenta.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o océano Ártico ata as costas de Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:

Spinther arcticus, é máis pequeno, de contorno máis redondeado e con menos setíxeros. A superficie ventral é totalmente lisa e os uritos do pixidio son globosos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *oniscoides*, é un epíteto latino que significa "con forma de cochinilla", referíndose á aparencia que lle dan os notopodios sobre o dorso.

5. RECOLECCIÓN E IDENTIFICACIÓN DOS ANÉLIDOS

Os Anélidos pódense atopar en practicamente todo tipo de hábitats e ecosistemas mariños, desde a zona intermareal ata as grandes profundidades oceánicas, e mesmo en medios de auga doce e terrestres sempre que exista/haxa humidade suficiente. Aínda que son moi abundantes nas zonas costeiras, a súa diversidade é tan ampla que se atopan ben representados en todas as profundidades mariñas.



Dado que a presenza dun ambiente húmido é un requisito indispensable para estes animais, na zona intermareal adoitan atoparse protexidos da desecación baixo pedras, entre masas doutros organismos (por exemplo piñas de mexillóns), ou en charcas intermareais. A maior profundidade amplíase a variedade de hábitats que ocupan. Xa que o requisito de manter un nivel alto de humidade non é aquí un problema, as prioridades pasan a ter máis que ver coa procura de refuxio fronte a depredadores e a accesibilidade ao alimento. Por iso, cada especie ten unha serie de hábitats de preferencia, entre os que destacan as estruturas de fixación das macroalgas (rizoides ou discos), gretas ou zona inferior de pedras,

entre o cuncheiro, area ou lama e, para as especies suspensívoras, sobre pedras ou outros organismos expoñendo os seus penachos á corrente para a captura de alimento.

Os métodos de recolección dependerán, por tanto, do ambiente que se pretenda investigar. No intermareal rochoso, poden aparecer baixo pedras ou entre o biso das agregacións de mexillóns, pero tamén nas charcas intermareais ou asociados a outras especies epibentónicas como esponxas, ascidias ou algas litorais. Nestes casos a procura realízase de maneira directa, por inspección visual, sendo necesario en ocasións extraer parte dos organismos que os aloxan coa axuda dalgún instrumento robusto tipo coitelo ou rasqueta.



En zonas intermareais con sedimentos de tipo brando ou non consolidado (area, cuncheiro, lama ou unha mestura deles), faise necesario a extracción de parte do sedimento para obter os exemplares. Isto pode realizarse de moitas maneiras, pero o máis habitual é usar unha pa ou, se as mostras van ser utilizadas para análises cuantitativas, instrumentos específicos de mostraxe con superficie coñecida, por exemplo unha draga de caixa (tipo Box Corer). Unha vez obtida unha mostra do sedimento, este peneirase para separar o sedimento dos organismos que viven nel.

No infralitoral, pódense aplicar as mesmas técnicas anteriormente descritas sempre que se realicen a unha profundidade accesible mediante mergullo autónomo. A mostraxe mediante mergullo autónomo ten a vantaxe de que os animais sofren menos e é posible velos e fotografalos dunha maneira máis natural e precisa, xa que fóra da auga moitos apéndices poden estar retraídos ou perderse tras a manipulación.

A maior profundidade fanse necesarios instrumentos especializados, como dragas de rocha, Bou de Vara, Box Corer, sacabocados ou patíns epibentónicos, entre outros moitos sistemas deseñados para cada situación particular. En todos estes casos, ao ser métodos moito menos selectivos, é necesaria a separación dos organismos de interese de entre toda a mostra capturada.

Sexa cal for o método de mostraxe, hai unha serie de material básico que resulta de gran utilidade para o seguinte paso, a recolección, e que sempre se debería ter a man:

Luvas. Para protexer as mans de cortes ou raspaduras. A pel vólvese fráxil cando se molla ou humedece.

Lupa de peto. Cun aumento de entre 6x a 10x. Axudará a poder recoñecer

e identificar anélidos pequenos, e mesmo poder observar estruturas morfolóxicas de especies maiores.

Pinza. Axudará a capturar anélidos de tamaño medio e de corpo duro.

Pincel. Servirá para a captura de anélidos de corpo brando ou de pequeno tamaño.

Espátula. Para extraer anélidos adheridos a substratos duros, raspar, escavar, arrincar algas, etc.

Criba. Pode ser unha metálica de cociña, para colleitar especies que vivan dentro de sedimentos brandos, como os arenícolas.

Bolsas e botes de peche hermético de tamaños variados. Onde gardar e poder etiquetar as mostras recollidas.

Rotulador permanente resistente á auga. Co que etiquetar as diferentes mostras recollidas.

Bloc de notas. A poder ser de papel poliéster resistente á auga. Para anotar todos os parámetros de cada mostra.

Cámara de fotos. Para poder sacar fotos tanto do lugar de recollida como das especies para recoller, antes e despois da recollida. Neste caso, a frase, "unha imaxe vale máis que mil palabras", tamén cobra todo o seu sentido.

Ademais, dependendo de onde se realice a mostraxe, deberemos gobernos de:

Material adecuado de protección ambiental. Gorra, roupa de abrigo para o frío ou roupa de augas para a choiva, dependendo do tempo. Terase en conta o esixente ambiente mariño.

Equipo autónomo de mergullo. Se a mostraxe se realizase en zonas submareais.

Separación das mostras

Unha vez colleitadas as mostras, é necesario separar os organismos e tentar clasificalos en grandes grupos. O normal é que teñamos unha mestura de especies, polo que unha separación inicial *in situ*, adoita ser útil.

Se as mostras son de sedimento brando, temos que cribar as mostras para separar o sedimento dos organismos que viven nel. Para iso utilízanse cribas de diferentes tamaños de malla, das cales usaremos primeiro a de malla máis grosa, para finalizar ca de malla máis fina. Cantos máis pasos intermedios engadamos, máis fino será o cribado.

En cada un deses pasos, iremos retendo os organismos que, polo seu tamaño, vaian quedando nas cribas, e pasarémolos a unha cubeta con auga de mar de mantemento.

No caso de mostras de raspados de rocha, colócase o material extraído nunha cubeta con auga de mar e vaise inspeccionado e lavado suavemente (coa

axuda dunhas pinzas e un pincel) a superficie das algas, hidrozoos ou calquera outro organismo presente na mostra que poida agochar exemplares de anélidos.

Clasificación inicial

Unha vez separados e colocados nun recipiente con auga de mar, é o momento de realizar unha primeira separación en base aos morfotipos xerais que se observen. Desesta forma, estaremos a agrupar exemplares probablemente emparentados e que, á hora de clasificalos, poidan compartir caracteres similares ou facilitar a comparación de especies moi semellantes. É moi útil preparar previamente diferentes contedores con auga de mar que asignaremos a cada un dos grupos separados.

Coa axuda de pipetas de plástico e silicona (recomendadas para evitar a fragmentación ou ferida dos exemplares) e pinzas de disección, vanse separando os exemplares en familias ou grupos xerais, depositándoos no seu respectivo contedor. Nesta etapa é boa idea seleccionar os exemplares que se atopen en mellor estado para ser fotografados en vivo.

Etiquetaxe e recollida de información



Unha vez terminada a separación, procederemos a realizar as fotografías dos exemplares seleccionados, para capturar detalles que se perderán unha vez fixados, como a cor, algúns apéndices retráctiles ou que se poidan desprender no proceso. O rexistro dos datos necesarios para identificar o lugar de mostraxe, profundidade, e calquera outro dato de interese, pode facerse neste momento ou, idealmente, antes de colleitar a mostra.

O seguinte paso é etiquetar as mostras, ben con códigos identificativos, ben cos nomes das familias ou grupos xerais se é que podemos asignalos de visu.

Relaxación

A relaxación realizarase por shock térmico para todas as familias de poliquetos, mediante a introdución dos botes de mostra nunha neveira (4°C) entre 10 e 15 minutos, para despois proceder á súa fixación. Dependendo das familias presentes nas mostras, convén resaltar algunhas precaucións específicas:

Polynoidae: son moi delicados, e tenden a perder os élitros ou fragmentarse ante o menor contacto con calquera substancia. Recoméndase por tanto que o choque térmico sexa de 30 minutos (nunca máis de 1 hora porque se abrandan).

Sabellidae: recoméndase extraer o animal do tubo, xa que se os organismos quedan dentro, é posible que non se fixen ben. Para iso, deslízase unha pinza da parte máis posterior do tubo cara á máis anterior. Unha vez extraído, pódese relaxar con choque térmico igual que o resto.

Serpulidae: a diferenza dos anteriores, conservar o tubo dos serpúlidos é importante, pois é de relevancia taxonómica. Con todo, recoméndase fragmentar o tubo coa finalidade de que o fixador entre no tubo e faga a súa función.

Sabellariidae: recoméndase fragmentar o tubo coa finalidade de que o fixador entre no tubo e faga a súa función.

Ejemplares perforadores: polos mesmos motivos, recoméndase extraer varios exemplares do substrato no que habitan (ostras, vieiras, madeira etc.) para asegurar a súa correcta fixación.

Fixación

O primeiro obxectivo do proceso de preservación nos anélidos é obter espécimes non distorsionados e que sexan morfoloxicamente representativos da súa especie. Se os animais son mergullados directamente nun fixador, contráense inmediatamente ao grao de complicar ou mesmo imposibilitar a identificación. Por iso, é recomendable sempre o paso previo de relaxación ou narcose antes de fixalos. Ademais do choque térmico descrito antes, outra opción empregada frecuentemente é o uso dun narcótico de rápida acción, por exemplo unha solución ao 0.15% de propilenfenoxitol que se engade directamente ao recipiente no que se atopan os animais. Esta solución require só de 15 minutos para narcotizar os espécimes.

Unha vez que vemos que non hai movemento nos espécimes e non responden a estímulos externos, pódense colocar no fixador. Para iso, é mellor retirar a solución relaxante (ou a auga de mar no caso do choque térmico), e ir agregando lentamente o líquido fixador.

Segundo cal sexa o destino final das mostras, o líquido fixador a empregar variará, dependendo de se o exemplar se empregará en estudos morfolóxicos ou moleculares.

O ideal é conservar algúns exemplares da mesma especie para estudos moleculares (alcohol), e outros para estudos morfolóxicos. Para estes últimos hai diferentes opcións segundo as características dos individuos, o obxectivo do estudo e a dispoñibilidade de cada un dos fixadores. Os máis comúns son o formol ao 4% ou ao 10%, e o líquido de Bouin. Este último dissolve o material calcario producindo CO₂, polo que ao fixar vermes perforadores en mostras con algas coralinas ou sedimentos con cunchas, débese ter aberto o recipiente polo menos 24 horas para permitir a liberación do CO₂. O tempo mínimo de fixación é de 24 horas.

Trala fixación os espécimes colócanse en alcohol ao 70%, o cal debe de ser renovado por alcohol fresco despois de 24 a 48 horas. Outra opción é utilizar a solución Steedman, a cal combina axentes narcotizantes e fixadores. A vantaxe da solución Steedman é que os animais reaccionan inicialmente ao propilfenoxitol e presérvanse gradualmente no proceso. Ao usar esta solución hai moi pouco ou ningún deterioro dos tecidos.

En todos os casos, pero especialmente no de mostras conservadas en formol, líquido de Bouin ou Steedman, é importante indicar claramente na etiqueta e na folla de campo cal é o líquido no que se fixou, xa que son altamente tóxicos e poden ser prexudiciais para a saúde da persoa que os manipula. Os frascos deben ser selados con Parafilm para evitar a perda de líquido.

Finalmente, lembrar que a colleita de exemplares debe ser meditada e planificada para evitar extraccións innecesarias. Se a identificación pode ser realizada a través de fotografías, ou calquera outro medio, é recomendable evitar a súa extracción, así como se non dispoñemos da infraestrutura adecuada para o seu manexo, xa que os exemplares morrerían ao pouco tempo. Por regra xeral, a súa extracción só debería realizarse con fins científicos ou educativos e cando dispoñamos dos coñecementos e material necesario para manipularos.

6. GLOSARIO

Abdome. Parte do *metastomio* dos poliquetos sedentarios con *segmentación heterónoma*, comprendida entre o *tórax* e o *pixidio*.

Abisal. Pertencente ou relativo á zona abisal. Esta zona sitúase entre os 2000 e 6000 metros de profundidade, xusto por baixo da zona batial e por enriba da zona hadal.

Acícula. Estrutura quitinosa con función de sostén de cada rama do podio, e sobre a que se insiren os músculos que o moven.

Albumina. *Proteína*.

Amebocito. *Célula* móbil (que se move de forma similar a unha ameoba) que se atopa no sangue ou nos fluídos corporais e participa na defensa do organismo contra os patóxenos. Segundo a especie, pode dixerir e distribuír o alimento, eliminar os refugallos, formar fibras esqueléticas, loitar contra as infeccións ou mesmo modificarse para converterse noutros tipos celulares.

Amilase. *Encima* que axuda a dixerir os carbohidratos.

Amoniotélico. Animal que excreta amoníaco como principal catabolito nitroxenado, é dicir, que excreta o exceso de nitróxeno en forma de amonio.

Ano. Orificio que se acha no extremo terminal (inferior) do *tubo dixestivo* por onde se liberan as substancias de refugallo produto da dixestión.

Antena. Proxección sensorial, xeralmente delgada, que se atopa na parte anterior do *prostomio*.

Aparello bucal. Tamén coñecido como *boca*, atópase na parte anterior do aparello dixestivo e inclúe todas as estruturas bucais necesarias para a inxestión do alimento, como poden ser *mandíbulas*, *paragnatos*, *probóscide* ou farinxe eversible.

Aparello copulador. Conxunto de *órganos* internos e externos do *sistema reprodutor* que permiten a *cópula* para o intercambio dos *gametos* sexuais.

Aparello farínxeo. Conxunto de *órganos* e estruturas que compoñen a *farinxe*.

Aparello reprodutor. Conxunto de *órganos* e condutos cuxa función está relacionada coa reprodución.

Apéndice caudal. Parte do corpo externa, ou prolongación natural, que sobresaí do corpo dun organismo pola súa banda posterior.

Ápodo. Que carece de *parapodio*.

Aqueto. Que non posúe *sedas*.

Arco aórtico. Segmento arterial que comunica o *vaso sanguíneo* dorsal co ventral e que funciona a modo de corazón.

Artello. Porción distal das *sedas compostas*.

Átoco. Poliqueto que sofre *epitoquia* pero aínda non experimentou cambios cor-

porais. Parte sen cambios dun *epítoco*.

Atrio xenital. Cavidade do *aparello reprodutor* que comunica a parte interna coa externa.

Axón. Prolongación neuronal que conduce o impulso nervioso desde o corpo celular ou soma cara outra *célula*.

Bacteria. Microorganismo procariota (desprovisto dunha membrana que delimita o núcleo celular) cunha ampla variedade morfolóxica e de tamaños.

Bacteria endosimbionte. *Bacteria simbiote* que vive dentro do corpo ou das *células* doutro organismo.

Bacteria simbiote. *Bacteria* que ten unha interacción biolóxica con organismos de especies diferentes, cun beneficio mutuo ou polo menos dunha das partes.

Bentónico. Organismo que vive no fondo mariño.

Birrámico. *Podio* que está dividido en dúas ramas, *notopodio* e *neuropodio*.

Boca. Orificio de entrada do aparello dixestivo.

Bocel. Lixeiro engrosamento a modo de banda lateroventral que se forma nalgunha das partes do *parapodio*.

Bolsa celomática. Espazo celomático en que pode dividirse o *celoma* dos animais triblásticos.

Bolsa peritoneal. Cavidade situada entre as capas parietal e visceral do peritoneo.

Branquia. *Órgano* respiratorio de numerosos animais acuáticos, onde se produce o intercambio gasoso.

Bucho. Bolsa membranosa que forma parte do *esófago* nalgúns animais, e cuxa función é acumular alimento para dixerilo con posterioridade.

Cabeza. Parte anterior do corpo dos anélidos conformada polo *peristomio* e o *prostomio*.

Cadea nerviosa. Conxunto de fibras de tecido neuronal que se ramifica en *nervios* secundarios laterais que alcanzan cada *metámero*.

Calcita. Mineral formado por carbonato cálcico.

Cámara celomática. *Cavidade celomática*.

Canle aferente. Conduto que conecta estruturas ou *órganos* da periferia coas estruturas ou *órganos* do centro.

Canle celomática. Condutos celomáticos que se conectan entre si e co *celoma*.

Canle eferente. Conduto que comunica os *órganos* internos cos *órganos* ou estruturas da periferia.

Capilar. Estrutura moi fina.

Cápsula nefrítica. Cámara pechada do *sistema excretor* dalgúns anélidos.

Capula. *Ventosa oral* dos hirudíneos.

Casulo. Estrutura protectora formada pola secreción de substancias especiais que logo se endurecen para crear unha envoltura resistente. A súa función principal é proporcionar protección durante a etapa vulnerable de metamorfose e desenvolvemento.

Carbohidrase. *Encima* capaz de cortar os carbohidratos en azucres máis simples.

Carnívoro. Animal que se alimenta de carne.

Carroñeiro. Animal que se alimenta de cadáveres, de carroña.

Cavidade bucal. Espazo do interior da *boca*.

Cavidade celomática. Cavidade formada pola *mesoderme* e ocupada polo *celoma*.

Cego. Bolsa cega, avultada e de forma irregular que se forma en certas partes do *sistema dixestivo*.

Celoma. Cavidade corporal dos metazoos chea de líquido, no interior da cal se sitúan os diferentes *órganos*.

Celomado/a. Provisto/a de *celoma*.

Celomático/a. Relativo ou relacionado co *celoma*.

Célula. Unidade morfolóxica e funcional de todo ser vivo. De feito, a célula é o elemento de menor tamaño que pode considerarse vivo.

Célula albuminoide. *Célula* especializada presente nos clitelados que segrega *albumina* durante a reprodución, creando un medio apto para o desenvolvemento dos ovos no interior do *casulo*.

Célula ameboide. *Célula* que ten a capacidade de cambiar de forma.

Célula basal. *Célula* que fai de ponte entre a *epiderme* e a *derme* e que ten a función de xerar *células* novas.

Célula celomática. *Célula* do *celoma*.

Célula ciliada. *Célula* que presenta estruturas chamadas *cilios*, unhas proxeccións citoplasmáticas con movemento.

Célula epidérmica de sostén. *Célula* da *epiderme* que participa na secreción da *cutícula*.

Célula epitelial. *Célula* que forma parte do tecido epitelial, tamén coñecido como *epitelio*.

Célula escamiforme. *Célula* fina e plana que se atopa en capas ou láminas que cobren superficies como a pel e os revestimentos dos *vasos sanguíneos* e o *esófago*.

Célula fibrosa. Tamén denominada fibroblasto. É un tipo de *célula* que contribúe á formación de tecido conectivo, un material celular fibroso que soporta e conecta outros tecidos ou *órganos* do corpo. Os fibroblastos segregan coláxeno, unha proteína que axuda a manter o marco estrutural dos tecidos.

Célula glandular. *Célula* encargada da secreción dunha ampla gama de substancias con funcións múltiples: desde hormonas e lípidos ata moco.

Célula glandular mucosa. *Célula glandular* que segrega moco.

Célula mioepitelial. *Célula* especializada similar a un músculo que se atopa en diversos tecidos e *órganos* do corpo, particularmente en estruturas que conteñen elementos glandulares ou secretores.

Célula mucosa. *Célula glandular mucosa*.

Célula multinuclear. *Célula* grande que contén múltiples núcleos.

Célula pigmentaria. *Célula* que contén glándulas pigmentarias, coñecida tamén como melanóforo.

Célula secretora. *Célula* que libera substancias ao medio extracelular cun propósito fisiolóxico. Pode formar *glándulas* ou estar dispersa no tecido.

Célula sensorial. *Célula* que detecta información (como sons, luz, tacto, cheiro, sabor ou temperatura) mediante receptores na súa superficie, e a envía a través dos *nervios* ata o *cerebro*.

Célula sensorial bipolar. Tamén denominada *neurona* bipolar, é un tipo de *célula* que se caracteriza por conter dúas prolongacións: un *axón* e unha dendrita.

Celulosa. Polímero formado por longas cadeas de moléculas de glicosa unidas entre si por ligazóns químicas. É un dos compoñentes principais das paredes

celulares das plantas e o responsable da súa rixidez e resistencia.

Cerebro. *Órgano* cuxa función é centralizar a actividade do *sistema nervioso*.

Cilio. Proxección citoplasmática *celular* con movemento.

Cirro. Apéndice non ramificado cunha función sensorial ou respiratoria.

Cirro anal. Proxección alongada do *pixidio*, ou segmento terminal, no cal se abre o *ano*. *Urito*.

Cirro dorsal. *Cirro* situado na parte superior do *notopodio* con función respiratoria.

Cirro tentacular. *Cirro* alongado, situado no *peristomio*, con función táctil.

Cirro ventral. *Cirro* situado na parte inferior do *neuropodio* con función táctil.

Clitelado. Anélido provisto de *clitelo*.

Clitelo. Estrutura tegumentaria *glandular* característica dos anélidos *clitelados*. Trátase dunha área *glandular* máis ou menos ampla en forma de anel que abarca un número determinado de segmentos contiguos. Esta área *glandular* só é visible cando o verme alcanza a madurez sexual ou nos períodos reprodutivos.

Clorocruorina. *Proteína* sanguínea portadora do osíxeno de moitos anélidos. Destaca porque presenta unha cor verdosa cando está desosixenada e vermella clara cando contén osíxeno.

Colar periesofáxico. Anel nervioso que rodea o *esófago* e do que parten cordóns nerviosos radiais cara á periferia do animal.

Coláxeno. *Proteína* estrutural da matriz extracelular que se atopa en *tecidos conectivos*.

Comensal. Organismo que vive enriba ou dentro dun *hóspede*, e nútrese dos seus refugallos ou das súas reservas alimenticias, beneficiándose, pero sen prexudicar ao *hóspede*, aínda que tampouco o beneficia.

Comisura. Punto de unión de certas partes similares do corpo.

Comisura transversal. *Axón* que conecta dúas partes do *sistema nervioso*.

Complexo multicelular. Tecido, estrutura, *órgano* ou organismo que está formado por moitas *células*.

Conduto exaculador. Conduto do *sistema reprodutor* masculino que transporta o seme desde os *testículos* ata o *pene*.

Conduto nefrítico. Conduto do *sistema excretor*.

Conectivo. *Nervio*. Unión nerviosa.

Conectivo periesofáxico. Unión nerviosa que forma un anel que rodea o *esófago* conectando o *ganglio cerebral* co *cordón nervioso ventral*.

Cópula. Apareamento sexual. Comportamento sexual no que un macho introduce esperma no corpo da femia, especialmente de maneira directa no seu tracto reprodutivo.

Cordón nervioso. Feixe de fibras nerviosas que corre a carón do eixo dorsal do corpo, formando parte importante do *sistema nervioso* central.

Cotilo. *Ventosa* posterior dos hirudíneos.

Cutícula. Capa externa do corpo, inmediatamente por riba da *derme* e segregada por esta. É unha formación rixida, acelular (sen células), de estrutura complexa e composta por *coláxeno* (poliquetos) ou por *quitina*, entre outras substancias.

Depositófago. Animal *bentónico* que se alimenta da materia orgánica depositada sobre o fondo.

Depredador. Animal que caza e se alimenta doutros animais.

Derme. Capa da pel que se atopa situada baixo a *epiderme* e firmemente conectada a ela.

Detritófago. Animal que se alimenta de *detritos*.

Detritos. Restos bioxénicos en descomposición.

Dimorfismo sexual. É a variación existente no aspecto externo, como forma, cor ou tamaño, entre machos e femias dunha mesma especie.

Dioico. Organismo animal ou vexetal onde cada individuo presenta *órganos* reprodutivos dun só sexo.

Disco oral. Parte final do *introverto* dos sipúnculos, en cuxo centro se sitúa a boca rodeada de *tentáculos*.

Divertículo intestinal. Bolsa cega, avultada e de forma irregular que se forma no *intestino*.

Dixestivo anterior. *Estomodeo*. Parte anterior do *sistema dixestivo* dos anélidos, composta polo *aparello bucal*, a *farinx* e parte do *esófago*.

Dixestivo medio. Parte central do *sistema dixestivo* dos anélidos, formada pola parte final do *esófago*, o *estómago* e o *intestino*.

Dixestivo posterior. Parte final do *sistema dixestivo* dos anélidos que comunica o *intestino* co *ano*.

Ecosistema léntico. Ecosistema acuático en corpos de auga que permanecen nun mesmo lugar sen correr nin fluír, como encoros, lagoas, estanques ou lagos.

Ecosistema lótico. Ecosistema acuático en corpos de auga corrente, como ríos, regatos, arrosios ou mananciais.

Ectodermo. Unha das tres capas embrionarias dos animais triblásticos, que dará lugar aos tecidos máis superficiais do corpo e ao *sistema nervioso*.

Ectoparasito. *Parasito externo*.

Eleocito. Tipo de *célula* presente no *líquido celomático*.

Élitro. Escama dorsal presente nalgúns poliquetos, formada a partir do *cirro dorsal*.

Embrión. Etapa inicial do desenvolvemento dun organismo multicelular.

Encasulamento. Acción de formar o *casulo* dos oligoquetos.

Encima. Molécula orgánica que actúa como catalizador de reaccións químicas e acelera a velocidade de reacción.

Encima dixestiva. *Encima* que acelera a dixestión.

Endodermo. Unha das tres capas embrionarias dos animais triblásticos, que dá lugar aos revestimentos internos dos *órganos* corporais.

Epibentónico. Organismo *bentónico* que vive sobre o sedimento do fondo mariño.

Epiderme. Capa máis externa da pel, cuxa función é protexer ao organismo de axentes externos.

Epidérmico. Relativo ou relacionado coa *epiderme*.

Epitelio. Tecido formado por unha ou varias capas de *células* unidas fortemente entre si, que constitúen o revestimento interno das cavidades, *órganos* ocos e condutos corporais.

Epitelio columnar. Tecido epitelial composto principalmente por *células* máis altas que anchas.

Epítoco. Poliqueto que experimentou cambios corporais como consecuencia da *epitoquia*.

Epitoquia. Cambios morfolóxicos e estruturais asociados á reprodución sexual dalguns poliquetos.

Errante. Que anda dunha parte a outra sen ter asento fixo. Que pode desprazarse.

Escama. Estrutura especializada da *cutícula* dos sipúnculos.

Escavador. Animal que escava no sedimento.

Escisión. Método de *reproducción asexual* polo cal un individuo divídese en dous ou máis organismos totalmente independentes.

Escleroproteínas. Coñecidas tamén como *proteínas* fibrosas. Son unha clase de *proteínas* que forman parte importante dos compoñentes estruturais de calquera *célula* viva. *Coláxeno*, elastina, queratina ou fibroína son exemplos deste tipo de *proteínas*.

Escudo. Estrutura *epidérmica* do *tronco* dos sipúnculos.

Escudo caudal. Estrutura *epidérmica* situada na parte posterior do *tronco* dalgúns sipúnculos.

Escudo anal. Estrutura *epidérmica* situada na parte anterior dorsal do *tronco* dalgúns sipúnculos, preto do *ano*.

Esófago. Parte do *sistema dixestivo*, con forma dun tubo muscular, que comunica a *farinxe* co *estómago*.

Espazo celomático. Espazo que ocupa o *celoma*.

Espazo celomático proboscídeo. *Celoma* situado na *probóscide* dos equiúridos.

Esperma. Líquido viscoso composto por *espermatozoides* e líquido seminal.

Espermateca. Sacos cegos do *sistema reprodutor* que funcionan a modo de receptáculos seminais. Lugar de almacenamento dos *espermatozoides*.

Espermatóforo. Cápsula ou masa de *espermatozoides* creada polos machos para ser transferido ás femias.

Espermatozoide. *Gameto* sexual masculino.

Espermiduto. *Gonoduto* masculino. Conduto deferente do *sistema reprodutor* masculino por onde son trasladados os *espermatozoides* maduros ao *aparello copulador*.

Espiña. Estrutura cuticular, en forma de púa, da *probóscide* dos sipúnculos.

Espira intestinal. Voltas que forman a rama ascendente e descendente do *intestino* dos sipúnculos.

Estilete. Estrutura punzante e cortante do *aparello bucal* dalgúns especies de hirudíneos.

Estómago. *Órgano* do *sistema dixestivo*, esencial para a dixestión dos alimentos, que almacena, mestura e libera *encimas*, e que se atopa entre o *esófago* e o *intestino*.

Estomodeo. *Dixestivo anterior*.

Evaxinable. Propiedade dun conduto oco ou cavidade orgánica de saír cara ao exterior.

Excretor. Pertencente ou relativo ao *sistema excretor*.

Fagocito. *Célula* presente no sangue e noutros tecidos animais capaces de captar microorganismos e restos celulares (en xeral, toda clase de partículas inútiles ou nocivas para o organismo) e introducilos no seu interior co fin de eliminalos, nun proceso coñecido como fagocitose.

Farinxe. *Órgano* muscular e membranoso, que comunica a *boca* co *esófago*.

Farinxe evaxinable. *Farinxe* que pode ser proxectada cara ao exterior do corpo,

con *mandíbulas* no seu extremo que poden estar, nalgúns casos, conectadas a *glándulas* velenosas.

Fase larvaria. Etapa dun animal nun período temperán de desenvolvemento que difire moito en aparencia da súa etapa adulta.

Fase peláxica. Etapa na vida dunha larva ou animal que se desenvolve exclusivamente na *zona peláxica*.

Fecundación cruzada. *Reproducción sexual* na que dous individuos se fecundan reciprocamente.

Filtrador. Animal que se alimenta das partículas alimenticias que filtra da auga circundante.

Fisión transversal. *Reproducción asexual* pola cal un animal se divide para formar dous animais de menor tamaño idénticos desde o punto de vista xenético (clons).

Folículo epidérmico. Invaginación da *epiderme* na que se forma unha *seda*.

Fotorreceptor. *Células* neuroepiteliais capaces de absorber a luz e convertela en sinais eléctricos.

Funil seminal. Estrutura do *sistema reprodutor* masculino en forma de embude por onde os *espermatozoides* pasan aos *espermidutos*.

Gameto. Cada unha das células sexuais masculina (*espermatozoide*) e feminina (*óvulo*), de cuxa unión xorde un novo individuo.

Gancho. Estrutura proteínica cuticular dos sipúnculos, de puntas simples ou compostas.

Ganglio. Pequena estrutura en forma de gran ou nódulo que forma parte do *sistema nervioso*, e que está formado por grupos de *neuronas*.

Ganglio cerebral. *Ganglio* localizado no *cerebro*. *Ganglio cerebroideo*.

Ganglio cerebroideo. *Ganglio* nervioso con funcións de *cerebro*.

Ganglio metamérico. *Ganglio* situado en cada *metámero* do corpo.

Ganglio pedio. *Ganglio* situado na base de cada *podio* e que o inerva.

Ganglio subentérico. *Ganglio* que controla os movementos corporais do animal.

Glándula. Grupo de *células* ou *órgano* secretor que sintetiza e excreta unha determinada substancia química.

Glándula calcífera. *Glándula* especializada esofáxica que controla e regula o metabolismo do calcio.

Glándula de Morren. *Glándula calcífera*.

Glándula epidérmica. *Glándula* situada na *epiderme*.

Glándula esofáxica. *Glándula* situada no *esófago* e cuxa función adoita ser a de excretar mucosidade para lubricar os alimentos nesta parte do *sistema dixestivo*.

Glándula farínxea. *Glándula* situada na *farinxe* dos oligoquetos que, ademais de segregar mucosidade para lubricar o paso dos alimentos, nalgúns especies produce tamén *encimas*, como amilases e proteases, que inician a dixestión.

Glándula mucosa. *Glándula* que excreta mocos.

Glándula ovidutal. *Glándula* que rodea a *vaxina* e parte do *oviduto* dos hirudíneos, e cuxa función parece que está relacionada co proceso reprodutivo.

Glándula salivar. *Glándula* presente no *estomodeo* dos hirudíneos que, nas especies *hematófagas*, secreta *hirudina*.

Glándula velenosa. *Glándula* que sintetiza e excreta un tipo determinado de substancia velenosa.

Glandular. Propio, relacionado ou relativo coa *glándula*.

Gonoduto. Conduto deferente do *sistema reprodutor* por onde transitan os *gametos* sexuais ata o *aparello copulador*.

Granulocito. *Célula ameboide* do *celoma* dos anélidos, cuxa función é descoñecida.

Hemeritrina. *Proteína* sanguínea responsable do transporte de osíxeno, que adquire un ton violeta rosada cando está osixenada e é incolora cando non porta osíxeno.

Hematófago. Especie que se alimenta de sangue.

Hemocito. *Célula celomática* que transporta a *hemeritrina*.

Hemoglobina. *Proteína* sanguínea de cor vermella capaz de transportar o osíxeno cara os tecidos ou dióxido de carbono cara o exterior.

Hemoproteína. *Proteína* sanguínea.

Herbívoro/a. Especie cuxa alimentación é exclusivamente vexetal.

Hermafrodita. Individuo con *órganos reprodutivos* funcionais dos dous sexos, masculino e feminino.

Heterónoma. *Segmentación heterónoma*.

Hidroesqueleto. Soporte corporal baseado na acción dos músculos que bordean a *cavidade celomática*, producindo diferenzas na súa presión, o que orixina cambios de forma ou ocasiona movementos do corpo.

Hirudina. Péptido segregado polas *glándulas salivares* das sambesugas con propiedades anticoagulantes.

Homónoma. *Segmentación homónoma*.

Hóspede. Organismo que alberga a outro no seu interior ou que o porta sobre si, sexa en simbiose, parasitismo, comensalismo ou mutualismo.

Impregnación hipodérmica cruzada. Proceso de inseminación propio dos Rhynchobdellida mediante o cal inxectan os *espermatozoides* a través dunha ferida traumática na parella, xeralmente ao nivel da parede corporal nalgunha localización extraxenital.

Infauanal. Fauna ou conxunto de organismos que viven entre as partículas do sedimento no medio acuático, escavando e desprazándose no interior do substrato ou construíndo túneles, tubos ou tobos.

Intestino. Parte do *sistema dixestivo* que se atopa entre o *estómago* e o *ano*. A súa función principal é absorber os nutrientes e a auga que se inxiren durante o proceso de alimentación.

Intraepidérmico. Do interior da estrutura *epidérmica*.

Introverto. Trompa ou *probóscide* retráctil dos sipúnculos.

Invaxinación ectodérmica. Formación no ectodermo dunha bolsa ou pregadura cara o interior corporal.

Lacustre. Pertencente ou relativo aos lagos.

Larva pelagosfera. Estado larvario *peláxico* secundario dos sipúnculos que deriva dunha primeira *fase larvaria trocófora*.

Larva trocófora. Estado larvario *peláxico*, con simetría bilateral e forma de buxaina (de onde deriva o seu nome) que é característico da maioría dos filos pertencentes a Lophotrochozoa.

Líquido celomático. Líquido do *celoma*.

Lóbulo. Porción redondeada e saínte dun *órgano* calquera.

Lóbulo cefálico. *Lóbulo* do *cerebro* que conforma as diferentes rexións nas que

se divide a cortiza cerebral.

Mamelón setíxero. Parte de cada rama *podial* sostida pola *acícula*.

Mandíbula. Estrutura quitinosa do *aparello bucal* dos anélidos, cuxa función é rachar ou triturar o alimento.

Mango. Parte basal, en forma de pinza, das *sedas compostas*.

Masa cerebroidea. *Ganglio cerebroideo* bilobulado situado no *prostomio* dos anélidos.

Membrana basal. Capa de *tecido conxuntivo* formado por fibras entrecruzadas, que separan a *epiderme* das capas musculares.

Mesénquima. *Tecido conxuntivo* laxo que posúe cantidades importantes de matriz extracelular. É viscoso e rico en distintas *proteínas*, como o *coláxeno*. Embriolóxicamente, provén do *mesodermo* e por procesos de diferenciación celular dá orixe a un amplo número de tecidos nos organismos.

Mesodermo. Unha das tres capas embrionarias dos animais triblásticos, que dá lugar á parte interna da parede corporal.

Metamérico. Que procede ou está relacionado cos *metámeros*.

Metamerización. División corporal en segmentos ou *metámeros*.

Metámero. Cada un dos segmentos que se repiten no *metastomio* dos anélidos.

Metamorfose. Cambio que experimentan moitos animais durante o seu desenvolvemento, e que se manifesta non só na variación de forma, senón tamén nas funcións e no tipo de vida.

Metanefridial. *Sistema excretor* formado por *metanefridios*.

Metanefridio. Tipo de *nefridio* que se abre dentro da *cavidade celomática* en forma de tubo ou embude ciliado.

Metastomio. Parte segmentada do corpo dos anélidos, comprendida entre a *cabeza* e o *pixidio*.

Microvilosidade. Extensión dicitiforme da membrana dunha *célula*, que aumenta a superficie de intercambio desta co medio externo.

Moega. Parte musculada do *sistema dixestivo* que funciona a modo de *estómago*, triturando os alimentos.

Monorrámeo. *Podio* que só presenta unha rama.

Movemento peristáltico. Contracción muscular en forma de onda que percorre o corpo do anélido facilitando o movemento corporal ou o dos alimentos a través do *sistema dixestivo*.

Mucosa. Capa de tecido formada por *epitelio* e conxuntivo que reviste as paredes internas dos órganos que están en contacto co exterior do corpo.

Músculo septal. *Septo* muscular intersegmental, que separa un *metámero* do seguinte.

Nefridio. Órgano do *sistema excretor*. Diferéncianse dous tipos, *protonefridios* e *metanefridios*.

Nefridiano. Relativo ao *nefridio*.

Nefroporo. Abertura do *nefridio* ao exterior.

Nefroduto. Conduto do *nefridio* que comunica o *nefrostoma* co *nefroporo*.

Nefrostoma. Parte do *nefridio* que se abre ao *celoma*.

Nervio. Estrutura condutora de impulsos nerviosos situada fóra do *sistema nervioso* central. Está formado por un conxunto de *axóns* agrupados, cada un dos cales procede dunha *neurona*. Poden ser motores, sensitivos ou mixtos.

Nervio motor. *Nervio* que controla os movementos dos músculos.

Nervio motor estomatogástrico. *Nervio* que controla os movementos da *probóscide* ou da *farinx*.

Nervio periférico. *Nervio* que se estende fóra do *sistema nervioso* central.

Nervio prostomial. *Nervio* que xorde do *ganglio cerebroideo* cara á parte dianteira do *prostomio* con carácter principalmente sensorial.

Nervio sensorial. *Nervio* responsable de conducir a información do exterior por medio dos sentidos do tacto, gusto, visión, audición, e olfacto cara o *sistema nervioso* central.

Neurohormona. Hormona producida e liberada polas *células* neurosecretoras ao sangue.

Neurona. *Célula* compoñente principal do *sistema nervioso*, especializada na recepción de estímulos e condución do impulso nervioso.

Neurona motora. *Neurona* especializada na recepción e condución de estímulos motores.

Neurona sensorial. *Neurona* especializada na recepción e condución de estímulos dos diferentes sentidos, como tacto, gusto, visión, audición ou olfacto.

Neuropodio. Rama ventral dun *parapodio birrámeo*.

Notopodio. Rama dorsal dun *parapodio birrámeo*.

Ocelo. *Olo* simple. Pequena estrutura fotorreceptora que funciona como *órgano* da visión.

Olo. Órgano da visión.

Omnívoro. Que se alimenta de toda clase de substancias orgánicas.

Onda peristáltica. Onda ocasionada polo *movemento peristáltico*.

Órgano. Agrupación de diversos tecidos que forman unha unidade estrutural encargada do cumprimento dunha función determinada no seo dun organismo pluricelular.

Órgano cerebral. Estrutura sensorial en forma de parche ciliado, profusamente inervado e asociado ao *ganglio cerebral*.

Órgano epidérmico. *Órgano* complexo formado por unha asociación de *ganglios epidérmicos* e *células sensoriais*.

Órgano nocal. Estrutura quimiorreceptora situada na marxe posterolateral do *prostomio*, que en certas especies está moi desenvolvido e é facilmente visible.

Órgano osmorregulador. *Órgano* encargado de manter a homeostase dos líquidos nun organismo mediante a regulación activa da súa presión osmótica interna.

Órgano reprodutor. *Órgano* do *sistema reprodutor*.

Órgano sensorial. *Órgano* do *sistema nervioso* encargado de procesar os estímulos dos diversos sentidos.

Orificio septal. Orificio no *septo* que separa *metámeros* contiguos, que permite o transvasamento controlado do *líquido celomático* entre ambos.

Osmorregulación. Proceso activo que permite a regulación da presión osmótica do organismo, conservando o balance osmótico nas membranas corporais.

Ósmose. Fenómeno de difusión pasiva entre dúas solucións a través dunha membrana semipermeable.

Ovario. *Gónada* feminina que segrega hormonas sexuais e produce *óvulos*.

Oviduto. *Gonoduto* feminino. Conduto que comunica os ovarios co exterior do corpo.

Ovisaco. Órgano do sistema reprodutor con forma de saco onde se almacenan os óvulos.

Óvulo. Gameto sexual feminino.

Palpo. Órgano sensorial do prostomio.

Papila. Estrutura epidérmica do corpo dos sipúnculos e dos élitros dos poliquetos escamosos. Pequena prominencia cónica, xeralmente sensorial, formada na pel e nas membranas mucosas.

Parafilético. En filoxenia, grupo que inclúe ao devanceiro común dos seus membros, pero non a todos os descendentes deste.

Paragnato. Estruturas quitinosas en forma de dente que aparecen na cavidade farínxea dalgúns anélidos e axudan a macerar o alimento.

Parapodio. Estrutura metamérica consistente en evaxinacións laterais da parede do corpo dos poliquetos.

Parasito. Organismo que vive dentro ou sobre outro organismo (*hóspede*) do que obtén un beneficio e ao que produce dano ou prexuízo.

Paredes septal. *Septo.* Tabique muscular que separa os *metámeros* entre si.

Partenoxénese. *Reprodución* mediante a cal o embrión se forma a partir dun gameto feminino sen contribución xenética dun gameto masculino.

Peláxico/a. Organismo que vive na columna de auga.

Penacho branquial. Órgano dos poliquetos sedentarios con funcións alimentarias e respiratorias.

Pene. Órgano copulador masculino.

Peristomio. Segmento do tronco no que se abre a boca.

Peritoneo. Membrana que forma o *epitelio celomático*.

Pixidio. Parte final do corpo dos anélidos, onde se sitúa o ano.

Pigmento respiratorio. *Pigmento sanguíneo.*

Pigmento sanguíneo. *Proteína* que ten a propiedade de combinarse de forma reversible co osíxeno, captándoo nun lugar e liberándoo noutro.

Placa. Estrutura da *cutícula* dos sipúnculos, que poden ser solitarias ou unirse formando *escudos*.

Planctónico. Organismo que vive suspendido/flotando na columna de auga.

Plasma sanguíneo. Parte acuosa do sangue desprovista de *células*.

Plexo capilar. *Vaso sanguíneo* moi fino.

Podio. *Parapodio.*

Poro. Orificio presente na superficie dos animais que, normalmente, resulta invisible a a simple vista polo seu pequeno tamaño.

Poro feminino. *Poro* do sistema reprodutor feminino.

Poro masculino. *Poro* do sistema reprodutor masculino.

Poro nefrítico. *Nefroporo.*

Predador/a. *Depredador.*

Carroñeiro. Animal que se alimenta de cadáveres, de carroña.

Presión celomática. Presión exercida polo *líquido celomático*.

Probóscide. Apéndice alongado e tubular evaxinable do *aparello bucal*.

Proctodeo. *Dixestivo posterior.*

Protease. *Encima* que degrada as *proteínas* en aminoácidos.

Proteína. Substancia complexa formada por aminoácidos, rica en nitróxeno, presente nas *células* de todos os animais e vexetais.

Proteínico. Pertencente ou relativo ás *proteínas*.

Prostomio. Segmento preoral onde se achán os *ganglios cerebrais* e os *órganos sensoriais* que inclúen *ollos*, *antenas* ou *tentáculos*, *palpos* sensoriais e *órganos nocais*.

Protonefridio. Tipo de *nefridio* formado por un armazón de túbulos de extremos cegos conectados entre si que, no extremo proximal, alárganse para formar unha ampola forrada internamente de células flamíxeras flaxeladas.

Protóstomo. Liñaxe evolutiva formada por animais de simetría bilateral, cun *cerebro* anterior que rodea a entrada do *tubo dixestivo* e co *sistema nervioso* situado na rexión ventral.

Queta. *Seda*.

Quetopodio. Conxunto de todas as *sedas* dun *podio*.

Quimiorreceptor. Receptor *celular* sensorial adaptado para captar estímulos químicos, convertelos nun sinal eléctrico e transmitilo ao *sistema nervioso*.

Quitina. Polímero natural que forma parte do exoesqueleto ou de certas partes do corpo dalgúns animais.

Quitinoso/a. Relativo á *quitina*.

Radiolo. Tentáculo ciliado que forma o *penacho branquial* dos poliquetos sedentarios.

Receptáculo seminal. Órgano do *sistema reprodutor* cuxa función é almacenar os *espermatozoides*.

Receptor sensorial. *Célula sensorial*.

Receptor sensorial epidérmico. *Célula sensorial* situada na *epiderme*.

Recto. Parte final do *sistema dixestivo*, anterior ao *ano*.

Rexión abdominal. *Abdome*.

Rexión clitelar. Zona corporal onde se sitúa o *clitelo*.

Rexión torácica. *Tórax*.

Reproducción asexual. Proceso reprodutor no que un único organismo produce a súa descendencia.

Reproducción cruzada. *Fecundación cruzada*.

Reproducción sexual. Proceso reprodutor que necesita da combinación do material xenético de dous organismos.

Saco nefridial. Órgano en forma de saco do *sistema excretor*.

Saco rectal. *Divertículo* do *sistema dixestivo* situado no *recto*.

Seda. Estrutura pilosa composta de quitina dalgúns especies de anélidos, cuxa función pode ser táctil, locomotriz ou de ancoraxe ao substrato. Nos poliquetos as sedas xorden dos *podios*.

Seda composta. *Seda* formada por dúas partes diferenciadas: unha parte basal (*mango*) e unha distal (*artello*).

Seda copuladora. Estrutura evaxinable dos clitelados, situada preto dos *poros masculinos*, que axudan na fixación da parella durante a *cópula*.

Seda sensorial. *Seda* táctil.

Seda simple. *Seda*.

Sedentario. Organismo que carece de *órganos* de locomoción e permanece sempre no mesmo lugar, ou nas súas proximidades.

Sedimentívoro. Que se alimenta de sedimentos.

Segmentación heterónoma. Segmentación do *metastomio* en partes

heteroxéneas, formando partes claramente definidas.

Segmentación homónoma. Segmentación do *metastomio* en partes iguais ou moi parecidas.

Seno celomático. Conduto en forma de arco do *celoma*.

Septal. Relativo ou relacionado cos *septos*.

Septo. Tabique que divide de modo completo ou incompleto unha cavidade ou estrutura noutras máis pequenas.

Septo intersegmentario. *Septo* que separa *metámeros* contiguos.

Simetría bilateral. Que pode dividirse lonxitudinalmente en dúas metades iguais mediante un plano.

Sinapomorfía. Carácter evolutivo derivado e compartido por todos os individuos dun taxon monofilético.

Sistema circulatorio. Conxunto de *órganos* que transportan o sangue polo corpo, encargados do transporte e intercambio dos gases respiratorios.

Sistema dixestivo. Conxunto de *órganos* encargados do proceso da dixestión, é dicir, a transformación dos alimentos para que poidan ser absorbidos e utilizados polas *células* do organismo.

Sistema esquelético. Conxunto de *órganos* que interveñen no soporte corporal e movemento.

Sistema excretor. Conxunto de *órganos* encargados da excreción, é dicir, da eliminación dos produtos de refugallo metabólico cara ao exterior.

Sistema nefridial. Túbulo excretor que se abre ao exterior a través do *nefroporo* e cuxo extremo interno é cego (asociado a *células* terminais ou solenocitos no *protonefridio*), ou se abre no *celoma* a través dun funil ciliado chamado *nefrostoma* (no *metanefridio*).

Sistema nervioso. Conxunto de *órganos* e estruturas de control e información corporal, constituído por *células* altamente diferenciadas coñecidas como *neuronas*, que son capaces de transmitir impulsos eléctricos ao longo dunha vasta rede de terminacións nerviosas.

Sistema reprodutor. Conxunto de *órganos* cuxo funcionamento está relacionado coa reprodución.

Sistema sanguíneo vascular. *Sistema circulatorio*.

Somatopleura. Revestimento epitelial da *cavidade celomática*, que a illa da musculatura da parede corporal que a rodea.

Subcuticular. Baixo a capa superior da *epiderme* (*cutícula*).

Suspensívoro. Que se alimenta das partículas alimenticias en suspensión, filtrando a auga que o rodea.

Tecido conectivo. Tecido que integra funcionalmente o corpo ao formar un continuo cos tecidos epiteliais, musculares e nerviosos, así como cos compoñentes doutros tecidos conectivos.

Tecido conxuntivo. Tecido orgánico de recheo, sostén e conexión do organismo, é dicir, que conecta, separa e sostén os diversos sistemas de *órganos* que compoñen o corpo.

Tecido glandular. Tecido que forma o *epitelio* das *glándulas*.

Tecido muscular. Tecido que forma os músculos ou fibras musculares.

Tentáculo. Apéndice móbil e brando que teñen moitos animais invertebrados e que pode desempeñar diversas funcións, actuando principalmente como *órgano*

táctil ou de prensión.

Testículo. Órgano do *sistema reprodutor* masculino encargado da produción dos *espermatozoides*.

Triblástico. Metazoo en cuxo desenvolvemento embrionario temperán se diferencian tres follas embrionarias ou capas de tecido embrionario: *ectodermo*, *endodermo* e *mesodermo*.

Tronco. Parte corporal musculosa e non segmentada dos sipúnculos.

Tubo bucal. *Aparello bucal*.

Tubo dixestivo. *Sistema dixestivo*.

Tubo ocular. Invaxinación *epidérmica* que se estende ata o *ganglio cerebral*, provista de *células* pigmentarias e fotorreceptoras na súa parte máis profunda.

Tubícola. Anélido que vive dentro dun tubo que el mesmo fabrica ou segrega.

Uncino. *Seda* dura en forma de gancho.

Urito. *Cirro anal*.

Urotélico. Organismo que excreta urea como principal catabolito nitroxenado, é dicir, que excreta o exceso de nitróxeno en forma de urea.

Vaso. *Vaso sanguíneo*.

Vaso aferente. *Vaso sanguíneo* por onde o sangue chega do corazón.

Vaso circulatorio. *Vaso sanguíneo*.

Vaso comisural. *Vaso sanguíneo* que irriga os *nefridios*, o *tubo dixestivo* e a parede corporal dos anélidos.

Vaso contráctil. Tubo cego alongado que se estende ao longo do *esófago* dos sipúnculos e que se coñece como saco de compensación.

Vaso dorsal. Un dos *vasos sanguíneos* lonxitudinais que forman o *sistema circulatorio* dos anélidos, que se sitúa sobre o *sistema dixestivo* e abrangue desde a *farinxe* ata o *ano*, funcionando a modo de "bomba impulsora".

Vaso eferente. *Vaso sanguíneo* por onde o sangue sae do corazón.

Vaso sanguíneo. Estrutura oca e tubular que forma parte do *sistema circulatorio* e que conduce o sangue.

Vaso subneural. É un dos tres grandes *vasos* que forman o *sistema circulatorio* dos oligoquetos e que se sitúa por baixo da *cadea nerviosa* ventral.

Vaso ventral. É un dos principais *vasos* do *sistema circulatorio* dos anélidos, encargado de transportar o sangue polo corpo.

Vaxina. Órgano do *sistema reprodutor* feminino que o conecta co exterior do corpo.

Ventosa. Órgano dos hirudíneos co que se suxeitan ao substrato, e que se emprega para o desprazamento. No caso dos hirudíneos *hematófagos*, tamén para a fixación ao *hóspede*.

Ventosa oral. *Capula*.

Vesícula anal. *Divertículo* cego do *sistema dixestivo* situado ao final do *recto*.

Vesícula seminal. Órgano do *sistema reprodutor* masculino.

Xemación. Forma de *reproducción asexual* dos organismos na que ocorre unha división desigual. Os novos organismos "sobresaen" dos proxenitores como unha protuberancia, xema, ata que ocorre a separación total.

Zona abisal. Un dos niveis nos que está dividido o océano segundo a súa profundidade. Atópase por baixo da zona batipeláxica e por riba da zona hadal, e corresponde ao espazo oceánico entre 4000 e 6000 metros de profundidade.

Zona peláxica. Toda a zona conformada pola columna de auga sen contar co

substrato.

Zigoto. *Célula* resultante da unión dos *gametos* masculino e feminino na *reproducción sexual*.



O anélido poliqueto *Bispira voluticornis* (Montagu, 1804)

7. ÍNDICE DE ESPECIES

A

<i>Abarenicola claparedi</i> (Levinsen, 1884)	325
<i>Abyssoninoe hibernica</i> (McIntosh, 1903)	145
<i>Acholoe squamosa</i> (Delle Chiaje, 1827)	160
<i>Acromegalomma lanigerum</i> (Grube, 1846)	258
<i>Acromegalomma vesiculosum</i> (Montagu, 1813)	259
<i>Adyte hialina</i> (G.O. Sars, 1873)	156
<i>Alentia gelatinosa</i> (M. Sars, 1835)	157
<i>Alitta succinea</i> (Leuckart, 1847)	195
<i>Alitta virens</i> (M. Sars, 1835)	196
<i>Amblyosyllis spectabilis</i> (Johnston in Baird, 1861)	210
<i>Amphictene auricoma</i> (O.F. Müller, 1776)	304
<i>Amphitritides gracilis</i> (Grube, 1860)	321
<i>Aonides oxycephala</i> (Sars, 1862)	287
<i>Aphelochaeta filiformis</i> (Keferstein, 1862)	292
<i>Aphrodita aculeata</i> Linnaeus, 1758	154
<i>Arenicola marina</i> (Linnaeus, 1758)	326
<i>Arenicolides branchialis</i> (Audouin & Milne-Edwards, 1833)	327
<i>Arenicolides ecaudata</i> (Johnston, 1835)	328

B

<i>Baltidrilus costatus</i> (Claparède, 1863)	80
<i>Bispira polyomma</i> Giangrande & Faasse, 2012	260
<i>Bispira volutacornis</i> (Montagu, 1804)	261
<i>Boccardia proboscidea</i> Hartman, 1940	288
<i>Bonellia viridis</i> Rolando, 1822	132
<i>Bradabyssa villosa</i> (Rathke, 1843)	295
<i>Branchiomma bombyx</i> (Dalyell, 1853)	262
<i>Branchiomma lucullanum</i> (Delle Chiaje, 1828)	263
<i>Branchiomma maerli</i> Licciano & Giangrande, 2008	294

C

<i>Calliobdella lophii</i> Van Beneden & Hesse, 1863	76
<i>Calliobdella nodulifera</i> (Malm, 1863)	77
<i>Capitella capitata</i> (Fabricius, 1780)	329
<i>Chaetopterus variopedatus</i> (Renier, 1804)	250
<i>Circeis spirillum</i> (Linnaeus, 1758)	282
<i>Cirratulus cirratus</i> (O.F. Müller, 1776)	293
<i>Cirriformia tentaculata</i> (Montagu, 1808)	294
<i>Composetia costae</i> (Grube, 1840)	197

D

<i>Dasybranchus caducus</i> (Grube, 1846)	330
<i>Diopatra neapolitana</i> Delle Chiaje, 1841	153

<i>Dorvillea rubrovittata</i> (Grube, 1855)	135
<i>Drilonereis filum</i> (Claparède, 1868)	152
E	
<i>Euclymene lombricoides</i> (Quatrefages, 1866)	335
<i>Eulalia aurea</i> Gravier, 1896	220
<i>Eulalia clavigera</i> (Audouin & Milne-Edwards, 1833)	221
<i>Eulalia fuscescens</i> Saint-Joseph, 1888	222
<i>Eumida parva</i> (Saint-Joseph, 1888)	223
<i>Eumida punctifera</i> (Grube, 1860)	224
<i>Eumida sanguinea</i> (Örsted, 1843)	225
<i>Eunereis longissima</i> (Johnston, 1840)	198
<i>Eunice norvegica</i> (Linnaeus, 1767)	136
<i>Eunice oerstedii</i> Stimpson, 1853	137
<i>Eunice pennata</i> (Müller, 1776)	138
<i>Eunice roussaei</i> Quatrefages, 1866	139
<i>Eunice woodwardi</i> Baird, 1869	140
<i>Euphosine foliosa</i> Audouin & Milne-Edwards, 1833	134
<i>Eupolymnia gili</i> Lavesque, Daffe, Londoño-Mesa & Hutchings, 2021	318
<i>Eupolymnia nebulosa</i> (Montagu, 1819)	319
<i>Eupolymnia nesidensis</i> (Delle Chiaje, 1828)	320
<i>Eusyllis blomstrandii</i> Malmgren, 1867	211
<i>Euthalenessa oculata</i> (Peters, 1854)	181
F	
<i>Ficopomatus enigmaticus</i> (Fauvel, 1923)	275
<i>Filograna implexa</i> Berkeley, 1835	270
<i>Fimbriosthenelais minor</i> (Pruvot & Racovitza, 1895)	182
<i>Fimbriosthenelais zetlandica</i> (McIntosh, 1876)	183
<i>Flabelliderma claparedii</i> (Saint-Joseph, 1898)	296
<i>Flabelligera affinis</i> M. Sars, 1829)	297
<i>Flabelligera diplochaitus</i> (Otto, 1820)	298
<i>Flabelligera nuniezi</i> Salazar-Vallejo, 2012	299
<i>Flabelligera vaginifera</i> (Rathke, 1843)	300
G	
<i>Gattyana cirrhosa</i> (Pallas, 1766)	161
<i>Glycera alba</i> (O.F. Müller, 1776)	184
<i>Glycera celtica</i> O'connor, 1987	185
<i>Glycera fallax</i> Quatrefages, 1850	186
<i>Glycera lapidum</i> Quatrefages, 1866	187
<i>Glycera oxycephala</i> Ehlers, 1887	188
<i>Glycera tridactyla</i> Schmarda, 1861	189
<i>Glycera unicornis</i> Lamarck, 1818	190
<i>Golfingia (Golfingia) elongata</i> (Keferstein, 1862)	46
<i>Golfingia (Golfingia) vulgaris vulgaris</i> (de Blainville, 1827)	47
H	
<i>Harmothoe antílopes</i> McIntosh, 1876	162
<i>Harmothoe areolata</i> (Grube, 1860)	163
<i>Harmothoe bellani</i> Barnich & Fiege, 2000	164
<i>Harmothoe clavigera</i> (M. Sars, 1863)	165
<i>Harmothoe extenuata</i> (Grube, 1840)	166
<i>Harmothoe gilchristi</i> Day, 1960	167
<i>Harmothoe imbricata</i> (Linnaeus, 1767)	168
<i>Harmothoe impar</i> (Johnston, 1839)	169

<i>Harmothoe pokoui</i> Intes & Le Loeuff, 1975	170
<i>Harmothoe spinifera</i> (Ehlers, 1864)	171
<i>Hediste diversicolor</i> (O.F. Müller, 1776)	199
<i>Hemibdella soleae</i> (van Beneden & Hesse, 1863)	78
<i>Hesiospina aurantiaca</i> (M. Sars, 1862)	193
<i>Heteromastus filiformis</i> (Claparède, 1864)	331
<i>Hilbigneris gracilis</i> (Ehlers, 1868)	146
<i>Hydroides elegans</i> (Haswell, 1883)	279
<i>Hydroides norvegica</i> Gunnerus, 1768	280
<i>Hypereteone foliosa</i> (Quatrefages, 1865)	226
<i>Hypsicomus stichophthalmos</i> (Grube, 1863)	265
J	
<i>Janua heterostropha</i> (Montagu, 1803)	283
L	
<i>Lagis koreni</i> Malmgren, 1866	305
<i>Lanice conchilega</i> (Pallas, 1766)	310
<i>Leiochone leiopygos</i> (Grube, 1860)	336
<i>Leiochone tenuis</i> Day, 1957	337
<i>Leodice harassii</i> (Audouin & Milne-Edwards, 1833)	141
<i>Leodice torquata</i> (Quatrefages, 1866)	142
<i>Lepidonotus clava</i> (Montagu, 1808)	158
<i>Lepidonotus squamatus</i> (Linnaeus, 1758)	159
<i>Leucia nivea</i> (M. Sars, 1863)	172
<i>Loimia medusa</i> (Savigny, 1822)	311
<i>Lumbrineris coccinea</i> (Renier, 1804)	147
<i>Lumbrineris labrofimbriata</i> Saint-Joseph, 1888	148
<i>Lumbrineris latreilli</i> Audouin & Milne-Edwards, 1833	149
<i>Lysidice ninetta</i> Audouin & Milne-Edwards, 1833	143
M	
<i>Malacoceros fuliginosus</i> (Claparède, 1868)	289
<i>Maldane glebifex</i> Grube, 1860	338
<i>Maldane sarsi</i> Malmgren, 1865	339
<i>Malmgrenia andreapolis</i> McIntosh, 1874	173
<i>Malmgrenia castanea</i> McIntosh, 1876	174
<i>Malmgrenia lunulata</i> (Delle Chiaje, 1830)	175
<i>Marphysa sanguinea</i> (Montagu, 1813)	144
<i>Mediomastus fragilis</i> Rasmussen, 1973	332
<i>Melinna palmata</i> Grube, 1870	303
<i>Myrianida pinnigera</i> (Montagu, 1808)	209
<i>Mysta picta</i> (Quatrefages, 1866)	227
<i>Mysta siphodonta</i> (Delle Chiaje, 1830)	228
<i>Myxicola infundibulum</i> (Montagu, 1808)	256
<i>Myxicola polychroma</i> Darbyshire, 2023	257
N	
<i>Naineris laevigata</i> (Grube, 1855)	343
<i>Neanthes fucata</i> (Savigny, 1822)	200
<i>Neanthes nubila</i> (Savigny, 1822)	201
<i>Neogyptis rosea</i> (Malm, 1874)	191
<i>Nephasoma (Nephasoma) minutum</i> (Keferstein, 1862)	48
<i>Nephasoma (Nephasoma) rimicola</i> (Gibbs, 1973)	49
<i>Nephtys assimilis</i> Örsted, 1843	243
<i>Nephtys caeca</i> (Fabricius, 1780)	244

<i>Nephtys ciliata</i> (Müller, 1788)	245
<i>Nephtys cirrosa</i> Ehlers, 1868	246
<i>Nephtys hombergii</i> Savigny in Lamarck, 1818	247
<i>Nephtys longosetosa</i> Örsted, 1842	248
<i>Nereiphylla paretii</i> Blainville, 1828	232
<i>Nereiphylla rubiginosa</i> (Saint-Joseph, 1888)	233
<i>Nereiphylla</i> sp.	234
<i>Nereis pelagica</i> Linnaeus, 1758	202
<i>Nereis pulsatoria</i> (Savigny, 1822)	203
<i>Nereis splendida</i> Grube, 1840	204
<i>Nicolea venustula</i> (Montagu, 1819)	308
<i>Nicolea zostericola</i> Örsted, 1844	309
<i>Notomastus exsertilis</i> Saint-Joseph, 1906	333
<i>Notomastus latericeus</i> Sars, 1851	334
O	
<i>Odontosyllis gibba</i> Claparède, 1863	212
<i>Ophelia bicornis</i> Savigny, 1822	341
<i>Opisthodonta longocirrata</i> (Saint-Joseph, 1887)	213
<i>Orbinia latreillii</i> (Audouin & Milne-Edwards, 1833)	344
<i>Oxydromus flexuosus</i> (Delle Chiaje, 1827)	192
P	
<i>Paranaitis kosteriensis</i> (Malmgren, 1867)	235
<i>Pectinaria belgica</i> (Pallas, 1766)	306
<i>Perinereis cultrifera</i> (Grube, 1840)	205
<i>Perinereis oliveirae</i> (Horst, 1889)	206
<i>Petaloproctus terricolus</i> Quatrefages, 1866	340
<i>Petta pusilla</i> Malmgren, 1866	307
<i>Phascolion (Phascolion) strombus strombus</i> (Montagu, 1804)	50
<i>Phascolosoma (Phascolosoma) granulatum</i> Leuckart, 1828	51
<i>Phascolosoma (Phascolosoma) stephensoni</i> (Stephen, 1942)	52
<i>Pherusa plumosa</i> (Müller, 1776)	301
<i>Pholoe inornata</i> Johnston, 1839	180
<i>Phyllochaetopterus anglicus</i> Potts, 1914	251
<i>Phyllochaetopterus sociales</i> Claparède, 1869	252
<i>Phyllodoce groenlandica</i> Örsted, 1842	236
<i>Phyllodoce lamelligera</i> (Gmelin in Linnaeus, 1788)	237
<i>Phyllodoce laminosa</i> Savigny in Lamarck, 1818	238
<i>Phyllodoce lineata</i> (Claparède, 1870)	239
<i>Phyllodoce maculata</i> (Linnaeus, 1767)	240
<i>Phyllodoce madereinsis</i> Langerhans, 1880	241
<i>Phyllodoce mucosa</i> Örsted, 1843	242
<i>Phylo foetida</i> (Claparède, 1868)	345
<i>Pileolaria militaris</i> Claparède, 1870	284
<i>Pista cretácea</i> (Grube, 1860)	312
<i>Pista cristata</i> (Müller, 1776)	313
<i>Platynereis coccinea</i> (Delle Chiaje, 1822)	207
<i>Platynereis dumerilii</i> (Audouin & Milne-Edwards, 1833)	208
<i>Polycirrus aurantiacus</i> Grube, 1860	314
<i>Polycirrus caliendrum</i> Claparède, 1868	315
<i>Polycirrus haematodes</i> (Claparède, 1864)	316
<i>Polycirrus medusa</i> Grube, 1850	317
<i>Polydora hoplura</i> Claparède, 1868	290

<i>Polygordius lacteus</i> Schneider, 1868	349
<i>Polynoe scolopendrina</i> Savigny, 1822	177
<i>Polyopthalmus pictus</i> (Dujardin, 1839)	342
<i>Pontobdella muricata</i> (Linnaeus, 1758)	79
<i>Pontogenia chrysocoma</i> (Baird, 1865)	155
<i>Potamilla torelli</i> Malmgren, 1866	266
<i>Protula intestinum</i> (Lamarck, 1818)	271
<i>Protula tubularia</i> (Montagu, 1803)	272
<i>Psamathe fusca</i> Johnston, 1836	194
<i>Pseudopolydora antennata</i> (Claparède, 1869)	291
<i>Pterocirrus limbatus</i> (Claparède, 1868)	229
<i>Pterocirrus macroceros</i> (Grube, 1860)	230

S

<i>Sabella discifera</i> Grube, 1874	267
<i>Sabella pavonina</i> Savigny, 1822	268
<i>Sabella spallanzanii</i> (Gmelin, 1791)	269
<i>Sabellaria alveolata</i> (Linnaeus, 1767)	254
<i>Sabellaria spinulosa</i> (Leuckart, 1849)	255
<i>Salmacina dysteri</i> (Huxley, 1855)	273
<i>Salmacina incrustans</i> Claparède, 1870	274
<i>Scalibregma celticum</i> Mackie, 1991	348
<i>Scoletoma fragilis</i> (O.F. Müller, 1776)	150
<i>Scoletoma laurentiana</i> (Grube, 1863)	151
<i>Scoloplos armiger</i> (Müller, 1776)	346
<i>Scoloplos typicus</i> (Eisig, 1914)	347
<i>Serpula vermicularis</i> Linnaeus, 1767	281
<i>Sipunculus (Sipunculus) nudus</i> Linnaeus, 1766	53
<i>Sphaerodorum gracilis</i> (Rathke, 1843)	249
<i>Spinther arcticus</i> (M. Sars, 1851)	350
<i>Spinther oniscoides</i> Johnson, 1845	351
<i>Spirochaetopterus solitarius</i> (Rioja, 1917)	253
<i>Spirobranchus lamarcki</i> (Quatrefages, 1866)	276
<i>Spirobranchus polytrema</i> (Philippi, 1844)	277
<i>Spirobranchus triqueter</i> (Linnaeus, 1758)	278
<i>Spirorbis (Spirorbis) inornatus</i> L'Hardy & Quievreux, 1962	285
<i>Spirorbis (Spirorbis) spirorbis</i> (Linnaeus, 1758)	286
<i>Sternaspis scutata</i> (Ranzani, 1817)	302
<i>Sthenelais boa</i> (Johnston, 1833)	178
<i>Sthenelais limicola</i> (Ehlers, 1864)	179
<i>Subadyte pellucida</i> (Ehlers, 1864)	176
<i>Syllis armillaris</i> (O.F. Müller, 1776)	214
<i>Syllis gracilis</i> Grube, 1840	215
<i>Syllis krohnii</i> Ehlers, 1864	216
<i>Syllis parapari</i> San Martín & López, 2000	217

T

<i>Terebella lapidaria</i> Linnaeus, 1767	322
<i>Terebellides stroemii</i> Sars, 1835	324
<i>Thalassema thalassema</i> (Pallas, 1774)	133
<i>Thelepus cincinnatus</i> (Fabricius, 1780)	323
<i>Torrea candida</i> (Delle Chiaje, 1841)	231
<i>Trypanosyllis krohnii</i> Claparède, 1864	218
<i>Trypanosyllis zebra</i> (Grube, 1860)	219

8. BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

AGUIRREZABALAGA, F. & PARAPAR, J. (2006) Poliquetos de la Campaña Diva Artabria 2002. Paraonidae, Pilargidae, Glyceridae y Euprosinidae. *Resúmenes. XIV Simposio Ibérico de Estudios de Biología Marina*, Barcelona, 113–114.

ALAEJOS, I. (1905) Estudio descriptivo de algunas especies de Polinoinos de las costas de Santander. *Boletín de la Sociedad Española de Historia Natural*, 3, 1–76.

ÁLVAREZ-CAMPOS, P., GIRIBET, G., SAN MARTÍN, G., ROUSE, G. W. & RIESGO, A. 2017. Straightening the striped chaos: systematics and evolution of *Trypanosyllis* and the case of its pseudocryptic type species *Trypanosyllis krohnii* (Annelida, Syllidae). *Zoological Journal of the Linnean Society*. 179(3): 492–540.

ANADÓN, N. (1981) Contribución al conocimiento de la fauna bentónica de la Ría de Vigo. III. Estudio de los arrecifes de *Sabellaria alveolata* (L.) (Polychaeta, Sedentaria). *Investigación Pesquera*, 45, 105–122.

ARIÑO, A. (1987) Bibliografía ibérica de Poliquetos. Bases de datos y catálogo de especies. *Publicaciones de Biología de la Universidad de Navarra, serie Zoología*, 16, 1–14.

BARROSO, M., MOREIRA, J. & PARAPAR, J. 2022. Long forgotten: *Eunice woodwardi* Baird, 1869 (Annelida, Eunicidae) revisited, with an insight on internal anatomy. *PeerJ*. 10: page(s): 6-20, figs. 1-19.

BESTEIRO, C., EUGENIO, W., CARVALHO, L.H., VEIGA, P. & RUBAL, M. (2016) Contributions to the autoecology and biogeography of some psammic species of Annelida Polychaeta en Galicia. *Cahiers de Biologie Marine*, 57, 253–259.

BESTEIRO, C., PARAPAR, J., SAIZ SALINAS, J.I., MARTÍNEZ-ANSEMIL, E. & MOREIRA, J. 2017. *Annelida*. En: Bañon, R. (Edi.). *Inventario de la biodiversidad marina de Galicia: Proyecto LEMGAL*. Consellería do Mar, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela. 339-372.

BESTEIRO, C., URGORRI, V. & PARAPAR, J. (1987) Aportaciones nuevas para la fauna ibérica: Anélidos Poliquetos. *Cahiers de Biologie Marine*, 28, 491–504.

BIANCHI, C.N. (1981) Policheti serpuloides. *Consiglio Nazionale delle*

Ricerche, AQ/96, 5, 1–187.

BÖGEMANN, M. (2005) Revision of the Goniadidae (Annelida, Polychaeta). *Abhandlungen des Naturwissenschaftlichen Vereins in Hamburg*, 39, 1–354.

CABRERA, A. (1909) Contribución al estudio de los Eunícidos de las costas cantábricas. *La Hormiga de Oro*. Barcelona.

CACABELOS, E., MOREIRA, J. & TRONCOSO, J.S. (2008) Distribution of Polychaeta in soft-bottoms of a Galician Ria (NW Spain). *Scientia Marina*, 72, 655–667.

CACABELOS, E., MOREIRA, J. & TRONCOSO, J.S. (2010) Distribution and ecological analysis of the Syllidae (Annelida, Polychaeta) from the Ensenada de San Simón (Galicia, NW Spain). *Thalassas*, 26, 93–102.

CACABELOS, E., MOREIRA, J., LOURIDO, A. & TRONCOSO, J.S. (2011) Ecological features of Terebellida fauna (Annelida, Polychaeta) from Ensenada de San Simón (NW Spain). *Animal Biodiversity and Conservation*, 34, 141–150.

CAMPOY, A. (1982) Fauna de España. Fauna de Anélidos Poliquetos de la Península Ibérica. *Publicaciones de Biología de la Universidad de Navarra, serie Zoología*, 7, 1–781.

CAMPOY, A. (1982b) Anélidos Poliquetos de la Península Ibérica: Familia Paraonidae. *Boletín de la Real Sociedad Española de Historia Natural, Sección Biología*, 79, 15–26.

CAMPOY, A. & VIÉITEZ, J.M. (1981). *Microphthalmus pseudoaberrans* n. sp. (Polychaeta, Microphthalminae) de las Rías Bajas gallegas. *Actas II Simposio Ibérico de Estudios del Bentos Marino*, 3, 159–164.

CENDRERO, O. (1910) Descripción de algunas especies de Nereidos de las costas Norte y Noroeste de España, principalmente de Santander. *Imprenta Enseñanza, Madrid*, 46 pp.

CHAMBERS, S. (1985) Polychaetes from Scottish waters. Part 2. Families Aphroditidae, Sigalionidae and Polyodontidae. *Royal Scottish Museum Studies*, 37 pp.

COLLADO, R. & MARTÍNEZ-ANSEMIL, E. (1996) Inventario dos oligoquetos acuáticos de Galicia (Annelida: Oligochaeta). *Cadernos da Área de Ciencias Biolóxicas, Inventarios, XIV. Seminario de Estudos Galegos, Ed. do Castro*, O Castro-Sada, A Coruña, 38 pp.

FAUVEL, P. (1923). Polychètes errantes. *Faune de France. Librairie de la Faculte des Sciences*. Paris. 5: 1-488.

FAUVEL, P. (1927). Polychètes sédentaires. Addenda aux errantes, Arachiannelides, Myzostomaires. *Faune de France Volume 16. Paul Lechevalier. Paris.* 1-494.

GARCÍA-ÁLVAREZ, O.L. (1980) Anélidos Poliquetos recolectados en la Ría de Arousa. *Cuadernos de INICE, Biología*, 1, 61–63.

GARCÍA-ÁLVAREZ, O.L., GARCÍA-GALLEGO, M.A., Mora, J. & RODRÍGUEZ-BABÍO, C. (1979) Contribución al estudio de los anélidos poliquetos del litoral gallego. *Actas I Simposio Ibérico de Estudios del Bentos Marino*, 1, 161–171.

GARCÍA-ÁLVAREZ, O.L., GARCÍA-GALLEGO, M.A., MORA, J. & RODRÍGUEZ-BABÍO, C. (1979) Adiciones al catálogo de los anélidos poliquetos de España. *Trabajos Compostelanos de Biología*, 8, 55–60.

GARCÍA-REGUEIRA, X., TATO, R., MOREIRA, J. & URGORRI, V. (2010) Temporal evolution of polychaete assemblages on intertidal hard substrata at two localities of the Galician coast after the "Prestige" oil spill. *Thalassas*, 26, 33–45.

HARTMAN, O. (1959) Catalogue of the Polychaetous Annelids of the world. *Vols. I, II. Allan Hancock Foundation, Publ. Occ.*, Paper 23, 628 pp.

HOLTHE, T. (1986) Polychaeta Terebellomorpha. *Marine Invertebrates of Scandinavia*, 7, 1–192.

JUNOY, J. (1987) Primera cita de *Alkmaria romijni* Horst, 1919 (Polychaeta, Ampharetidae) en las costas ibéricas. *Miscellanea Zoologica*, 11, 87–91.

JUNOY, J. & VIÉITEZ, J.M. (1990b) *Manayunkia aestuarina* (Borne, 1883) (Polychaeta, Sabellidae) en la Ría de Foz (Galicia, España). *Boletín de la Real Sociedad Española de Historia Natural, Sección Biología*, 86, 83–94.

KNIGHT-JONES, P. & KNIGHT-JONES, E.W. (1977) Taxonomy and ecology of British Spirorbidae (Polychaeta). *Journal of the Marine Biological Association of the United Kingdom*, 57, 453–499.

LABORDA, A.J. (1987) Estudio con el SEM (scanning electron microscopy) de tres especies del género *Nephtys*. *Cahiers de Biologie Marine*, 28, 131–146.

LABORDA, A.J. (1987) Autoecología de la macrofauna de la playa de Covas: I. Poliquetos errantes. *Boletín del Instituto Español de Oceanografía*, 4, 33–46.

LABORDA, A.J. (1987) Autoecología de la macrofauna de la playa de Covas: II. Poliquetos sedentarios. *Boletín del Instituto Español de Oceanografía*, 4, 47–60.

LABORDA, A.J. & VIÉITEZ (1984) Anélidos Poliquetos intermareales

endémicos de Galicia (con la descripción de una nueva especie del género *Nephtys*). *Cuadernos Marisqueros, Publicaciones Técnicas*, 7, 207–221.

LÓPEZ-JAMAR, E. (1982) *Amphiura chiajei* Forbes, comensal de *Maldane glebifex* Grube, en la Ría de Muros (Galicia). *Oecología Aquatica*, 6, 57–63.

LÓPEZ-JAMAR, E. (1985) Distribución espacial del poliqueto *Spiochaetopterus costarum* en las Rías Bajas de Galicia y su posible utilización como indicador de contaminación orgánica en el sedimento. *Boletín del Instituto Español de Oceanografía*, 2, 68–76.

LÓPEZ-JAMAR, E., O'CONNOR, B. & GONZÁLEZ, G. (1986) Demography and gametogenic cycle of *Paradoneis armata* Glémarec (Polychaeta, Paraonidae) in Ría de La Coruña, north-west Spain. *Ophelia*, 27, 127–136.

LOURIDO, A., CACABELOS, E. & TRONCOSO, J.S. (2008) Patterns of distribution of the polychaete fauna in subtidal soft sediments of the Ría de Aldán (north-western Spain). *Journal of the Marine Biological Association of the United Kingdom*, 88, 263–275.

LUCAS, Y., SAN MARTÍN, G. & PARAPAR, J. (2012) Two new species of Syllidae (Annelida: Polychaeta) from DIVA-Artabria I project (cruise 2002) to deep areas off NW Spain. *Zootaxa*, 3589, 77–88.

MACKIE, A. (1991). *Scalibregma celticum* new species (Polychaeta: Scalibregmatidae) from Europe, with a redescription of *Scalibregma inflatum* Rathke, 1843 and comments on the genus *Sclerobregma* Hartman, 1965. *Bulletin of Marine Science*. 48(2): 268-276.

MARTÍNEZ-ANSEMIL, E. & GIANI, N. (1987) Une nouvelle espèce marine de Tubificidae (Oligochaeta) d'Espagne: *Tubificoides galiciensis* n. sp. *Vie et Milieu*, 37, 53–58.

MAZÉ, R. & LABORDA, A. (1988) Anélidos Poliquetos de la Ría de El Barquero (Lugo, NO España). *Boletín del Instituto Español de Oceanografía*, 5, 1–16.

MOREIRA, J., CACABELOS, E. & TRONCOSO, J.S. (2004) A new species of *Sphaerodoropsis* (Polychaeta: Sphaerodoridae) from north-east Atlantic, with comments on other species of the genus. *Journal of the Marine Biological Association of the United Kingdom*, 84, 995–1000.

MOREIRA, J. & PARAPAR, J. (2002) Redescription of *Sigambra tentaculata* and re-Establishment of *S. parva* (Polychaeta, Pilargidae) based upon type material. *Cahiers de Biologie Marine*, 43, 99–109.

MOREIRA, J. & PARAPAR, J. (2003) Hesionidae y Pilargidae (Annelida, Polychaeta) del proyecto "Fauna Ibérica" (Campañas "Fauna II, III y IV"), recogidos a lo largo de

la península Ibérica. *Boletín de la Real Sociedad Española de Historia Natural, Sección Biología*, 98, 47–55.

MOREIRA, J. & PARAPAR, J. (2007a) Sphaerodoridae (Annelida, Polychaeta) from the DIVA–Artabria I project (2002 cruise) with description of a new species from the Artabro Gulf (NW Iberian Peninsula). *Cahiers de Biologie Marine*, 48, 373–379.

MOREIRA, J., PARAPAR, J. & TRONCOSO, J.S. (2000) On the presence of *Prionospio pulchra* (Polychaeta: Spionidae) in the Atlantic Ocean. *Cahiers de Biologie Marine*, 41, 233–239.

MOREIRA, J., QUINTAS, P. & TRONCOSO, J.S. (1998) Nuevos datos sobre la distribución y autoecología de algunas especies de anélidos poliquetos en las costas de Galicia (N.O. Península Ibérica). *Nova Acta Científica Compostelana (Biología)*, 8, 187–199.

MOREIRA, J., QUINTAS, P. & TRONCOSO, J.S. (1999) Nuevos hallazgos de *Cossura pygodactylata* Jones, 1956 (Polychaeta, Cossuridae) en la Península Ibérica. *Thalassas*, 15, 25–28.

MOREIRA, J., QUINTAS, P. & TRONCOSO, J.S. (2000) *Pisione parapari* n. sp., a new pisionid from the North–East Atlantic. *Ophelia*, 52, 177–182.

MOREIRA, J., QUINTAS, P. & TRONCOSO, J.S. (2006) Spatial distribution of soft–bottom polychaete annelids in the Ensenada de Baiona (Ría de Vigo, Galicia, north–west Spain). *Scientia Marina*, 70, 217–224.

NÚÑEZ, J., BARNICH, R., SANTOS, L. & MAGGIO, Y. (2011) Poliquetos escamosos (Annelida, Polychaeta) colectados en las campañas “Fauna II, III, IV” (Proyecto “Fauna Ibérica”) y catálogo de las especies conocidas para el ámbito ibero–balear. *Graellsia*, 67, 187–197.

NÚÑEZ, J. & BRITO, M. (2002) Nereididae (Annelida, Polychaeta) colectados en las campañas “Fauna II, III y IV” (Proyecto “Fauna Ibérica”) y catálogo de las especies conocidas para el ámbito ibérico. *Graellsia*, 58, 39–47.

NÚÑEZ, J., MAGGIO, Y. & RIERA, R. (2013) Dorvilleidos (Polychaeta, Dorvilleidae) recolectados durante el Proyecto “Fauna Ibérica” y catálogo de las especies ibero–baleares. *Graellsia*, 69, 275–282.

NÚÑEZ, J., RIERA, R. & MAGGIO, Y. (2014) A new *Ophryotrocha* species (Polychaeta: Dorvilleidae) from circalittoral seabeds of the Cantabrian Sea (north–east Atlantic Ocean). *Journal of the Marine Biological Association of the United Kingdom*, 94, 115–119.

O'CONNOR, B. 1987. The Glyceridae (Polychaeta) of the North Atlantic and

Mediterranean, with descriptions of two new species. *Journal of Natural History*. 21(1): 167-189.

PARAPAR, J., ADARRAGA, I., AGUADO, M.T., AGUIRREZABALAGA, F., ARIAS, A., BESTEIRO, C., BLEIDORN, C., CAPA, M., CAPACCIONI-AZZATI, R., EL-HADDAD, M., FERNÁNDEZ-ÁLAMO, M.A., LÓPEZ, E., MARTÍNEZ, J., MARTÍNEZ-ANSEMIL, E., MOREIRA, J., NÚÑEZ, J. & RAVARA, A. 2018. *Annelida. Polychaeta V*. En: *Fauna Ibérica*, vol. 45. RAMOS, M.A. *et al.* (Eds). Museo Nacional de Ciencias Naturales. CSIC. Madrid. 636 pp.

PARAPAR, J., ALÓS, C., NÚÑEZ, J., MOREIRA, J., LÓPEZ, E., AGUIRREZABALAGA, F., BESTEIRO, C. Y MARTÍNEZ, A., 2012. *Annelida Polychaeta III*. En: *Fauna Ibérica*, vol. 36. RAMOS, M.A. *et al.* (Eds.). Museo Nacional de Ciencias Naturales. CSIC. Madrid. 416 pp.

PARAPAR, J., BESTEIRO, C. & URGORRI, V. (1991) Primera cita en el litoral ibérico de *Paramphitrite tetrabanchia* Holthe, 1976 (Polychaeta, Terebellidae). *Miscellanea Zoologica*, 15, 63–68.

PARAPAR, J., BESTEIRO, C. & URGORRI, V. (1992a) Nuevas aportaciones al conocimiento de los anélidos poliquetos en el litoral ibérico (N.O. Península Ibérica). *Nova Acta Científica Compostelana (Biología)*, 3, 109–123.

PARAPAR, J., BESTEIRO, C. & URGORRI, V. (1992b) Primera cita en el litoral de la Península Ibérica de *Harmothoe marphysae* McIntosh, 1867 y *Harmothoe andrapolis* (McIntosh, 1874) (Polychaeta, Polynoidae). *Boletín del Instituto Español de Oceanografía*, 8, 311–316.

PARAPAR, J., BESTEIRO, C. & URGORRI, V. (1993a) Aportaciones a la taxonomía y autoecología de los Anélidos Poliquetos de la Península Ibérica: Poliquetos de la Ría de Ferrol. *Cahiers de Biologie Marine*, 34, 411–432.

PARAPAR, J., BESTEIRO, C. & URGORRI, V. (1993b) Primera cita de *Ampharete finmarchica* (Sars, 1865) (Polychaeta: Ampharetidae) en el litoral de la Península Ibérica. *Boletín del Instituto Español de Oceanografía*, 9, 367–372.

PARAPAR, J., BESTEIRO, C. & URGORRI, V. (1995) Consideraciones a la taxonomía y autoecología de algunas especies de anélidos poliquetos ibéricos. *Thalassas*, 11, 105–125.

PARAPAR, J., BESTEIRO, C. & URGORRI, V. (1996) Inventario dos Poliquetos de Galicia (Annelida: Polychaeta). *Cuadernos da Área de Ciencias Biolóxicas. Inventarios*, 16, 1–178.

PARAPAR, J., BESTEIRO, C., URGORRI, V. & TRONCOSO, J.S. (1994a) Aportaciones al género *Spirorbis* Daudin, 1800 en la Península Ibérica. *Boletín de la Real Sociedad Española de Historia Natural, Sección Biología*, 90, 41–48.

PARAPAR, J., FREIRE, J., URGORRI, V. & BESTEIRO, C. (1993a) Morphological variability in *Eunice vittata* (Chiaje, 1828) (Polychaeta: Eunicidae) in the Ría de Ferrol (Galicia, NW Spain). *Ophelia*, 37, 117–125.

PARAPAR, J. & HARTO, I. (2001) Sobre la presencia en aguas ibéricas y variabilidad morfológica de *Eunice roussaei* Quatrefages, 1866 (Polychaeta, Eunicidae). *Boletín de la Real Sociedad Española de Historia Natural, Sección Biológica*, 96, 165–174.

PARAPAR, J. & HUTCHINGS, P. A. 2015. Redescription of *Terebellides stroemii* (Polychaeta, Trichobranchidae) and designation of a neotype. *Journal of the Marine Biological Association of the United Kingdom*. 95(02): 323–337.

PARAPAR, J., MARTÍNEZ-ANSEMIL, E., CAMELO, C., COLLADO, R. & SCHMELZ, R. (2009) Polychaetes and oligochaetes associated with intertidal rocky shores in a semi-enclosed industrial and urban embayment, with the description of two new species. *Helgoland Marine Research*, 63, 293–308.

PARAPAR, J. & MOREIRA, J. (2008) Sobre la presencia del género *Ophelina* Ørsted, 1843 (Polychaeta, Opheliidae) en el litoral de la Península Ibérica. *Nova Acta Científica Compostelana*, 17, 117–134.

PARAPAR, J. & MOREIRA, J. (2009) Sobre la presencia de *Glycerella magellanica* (McIntosh, 1885) (Polychaeta, Glyceridae) en el litoral de la Península Ibérica. *Graellsia*, 65, 225–233.

PARAPAR, J. & MOREIRA, J. (2010) Aproximación al estudio de la morfología setígera en algunas especies ibéricas de los géneros *Glycera* Savigny, 1818 y *Glycerella* Ardwidsson, 1899 (Polychaeta, Glyceridae). *Graellsia*, 66, 119–130.

PARAPAR, J., MOREIRA, J., NÚÑEZ, J., BARNICH, R., BRITO, M. DEL C., FIEGE, D., CAPACCIONI-AZZATI, R. & EL-HADDAD, M., 2015. *Annelida. Polychaeta IV*. En: *Fauna Ibérica*, vol 41. RAMOS, M.A. et al. (Eds). Museo Nacional de Ciencias Naturales. CSIC. Madrid. 416 pp.

PARAPAR, J., O'CONNOR, B., BESTEIRO, C. & URGORRI, V. (1994) *Abyssoninoe hibernica* (McIntosh) (Polychaeta, Lumbrineridae), a valid species from the Northeast Atlantic. *Sarsia*, 79, 157–162.

PARAPAR, J., O'CONNOR, B., URGORRI, V. & BESTEIRO, C. (1993) Primera cita de *Glycera dayi* O'Connor, 1987 (Polychaeta: Glyceridae) en las costas ibéricas. *Boletín de la Real Sociedad Española de Historia Natural, Sección Biología*, 90, 43–46.

PARAPAR, J., SAN MARTÍN, G., BESTEIRO, C. & URGORRI, V. (1994) Aspectos sistemáticos y ecológicos de las Subfamilias Eusyllinae y Exogoninae (Polychaeta: Syllidae) en la Ría de Ferrol (Galicia, NO España). *Boletín de la Real Sociedad*

Española de Historia Natural, Sección Biología, 90, 91–101.

PARAPAR, J., SAN MARTÍN, G., BESTEIRO, C. & URGORRI, V. (1996) Aspectos sistemáticos y ecológicos de la Subfamilia Syllinae (Polychaeta: Syllidae) en la Ría de Ferrol (Galicia, NO España). *Boletín de la Real Sociedad Española de Historia Natural, Sección Biología*, 92, 55–63.

PARAPAR, J., SAN MARTÍN, G. & MOREIRA, J. (2000) *Parapionosyllis cabezali*, a new species of Exogoninae (Polychaeta, Syllidae) from Spain. *Proceedings of the Biological Society of Washington*, 113, 526–531.

PARAPAR, J., SAN MARTÍN, G., URGORRI, V. & BESTEIRO, C. (1996) Aspectos sistemáticos y ecológicos de la Subfamilia Autolytinae (Polychaeta: Syllidae) en la Ría de Ferrol (Galicia, NO España). *Boletín de la Real Sociedad Española de Historia Natural, Sección Biología*, 92, 139–149.

PARRA S., RODRÍGUEZ, C.V., LÓPEZ-JAMAR, E., O'CONNOR, D.B.S. & VIÉITEZ, J.M. (1995) Contribución al conocimiento del género *Glycera* Savigny, 1818 (Polychaeta: Glyceridae) en la Península Ibérica. Clave taxonómica y nuevos datos sobre *Glycera oxycephala* Ehlers, 1887. *Boletín del Instituto Español de Oceanografía*, 11, 53–59.

PLANAS, M. (1986) Poliquetos de los fondos rocosos de las Islas Cíes (NW España). *Trabajos Compostelanos de Biología*, 13, 71–88.

PLANAS, M. & MORA, J. (1989a) Epigenetical changes in *Capitella* (Polychaeta, Capitellidae) in the Ensenada de Lourizán (NW Spain). *Vie et Milieu*, 39, 159–163.

RIOJA, E. (1917) Datos para el conocimiento de la fauna de Anélidos Poliquetos del Cantábrico. *Trabajos del Museo Nacional de Ciencias Naturales, serie Zoología*, 29, 1–111.

RIOJA, E. (1918) Datos para el conocimiento de la fauna de Anélidos Poliquetos del Cantábrico, 2ª parte. *Trabajos del Museo Nacional de Ciencias Naturales, serie Zoología*, 37, 1–99.

RIOJA, E. (1923) Algunas especies de Anélidos Poliquetos de las costas de Galicia. *Boletín de la Real Sociedad Española de Historia Natural*, 23, 333–345.

RIOJA, E. (1923) Estudio sistemático de las especies ibéricas del Suborden Sabelliformia. *Trabajos del Museo Nacional de Ciencias Naturales, serie Zoología*, 48, 1–144.

RIOJA, E. (1923) Nota acerca del género *Ophiodromus* Sars y descripción de *Ophiodromus pelagica* n. sp. *Boletín de la Real Sociedad Española de Historia Natural*, 23, 217–224.

RIOJA, E. (1925) Anélidos Poliquetos de San Vicente de la Barquera. *Trabajos del Museo Nacional de Ciencias Naturales, serie Zoología*, 53, 1–62.

RIOJA, E. (1931) Estudio de los Poliquetos de la Península Ibérica. *Memorias de la Academia de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales*, 2, 1–471.

RIOJA, E. (1934) Una nueva especie del género *Aricia* (*A. cornidei* n. sp.) de la ría de Pontevedra (Anel. pol.). *Boletín de la Real Sociedad Española de Historia Natural*, 34, 433–438.

RIOJA, E. (1935) Anélidos Poliquetos de las campañas del Instituto Español de Oceanografía. *Boletín del Instituto Español de Oceanografía*, 13, 1–44.

RODRÍGUEZ REY, L. & MORA, J. (1984) Contribución al estudio de la construcción del tubo del anélido poliqueto *Spiochaetopterus costarum* (Claparède, 1870). *Actas IV Simposio Ibérico de Estudios del Bentos Marino*, 3, 1–8.

RODRÍGUEZ REY, L. & MORA, J. (1984) Aportaciones al conocimiento de la dinámica del poliqueto *Spiochaetopterus costarum* (Claparède, 1870) en la Ría de Pontevedra. *Cuadernos de Área de Ciencias Mariñas, Seminario de Estudios Galegos*, 1, 283–290.

SAIZ SALINAS, J.I. 1993. *Sipuncula*. En: *Fauna Ibérica*, vol. 4. RAMOS, M.A. et al. (Eds.). Museo Nacional de Ciencias Naturales. CSIC. Madrid. 200 pp.

SAIZ SALINAS, J.I. (2002) Sipuncúlidos y Equiúridos. En: Cobo, F. (Ed.) Galicia, Zoología. *Hércules de Ediciones, A Coruña*, 2, 138–149.

SAIZ SALINAS, J.I. 2017. *Sipuncula*. En: Bañón, R. (Ed.). *Inventario de la biodiversidad marina de Galicia: Proyecto LEMGAL*. Consellería do Mar, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela. 255-259 pp.

SALAZAR-VALLEJO, S. I. 2007. Revision of *Flabelliderma* Hartman, 1969 (Polychaeta: Flabelligeridae). *Journal of Natural History*. 41(33-36): 2037-2061.

SALAZAR-VALLEJO, S. I. 2012) Revision of *Flabelligera* Sars, 1829 (Polychaeta: Flabelligeridae). *Zootaxa*. 3203(1): 1-64.

SAN MARTÍN, G. (1999) Lista de los Syllidae (Polychaeta) de las Campañas Oceanográficas "Fauna II, III, IV", del Proyecto "Fauna Ibérica". *Graellsia*, 55, 187–192.

SAN MARTÍN, G. (2003). *Annelida. Polychaeta II: Syllidae*. En: *Fauna Ibérica*, vol. 21. Ramos, M.A. et al. (Eds.) Museo Nacional de Ciencias Naturales, CSIC, Madrid, 554 pp.

SAN MARTÍN, G., GONZÁLEZ, G. & LÓPEZ-JAMAR, E. (1985) Aspectos

sistemáticos y ecológicos sobre algunas especies de Sílidos (Polychaeta: Syllidae) de las costas gallegas. *Boletín del Instituto Español de Oceanografía*, 2, 27–36.

SAN MARTÍN, G. & LÓPEZ, E. (2000) Three new species of *Syllis* in Lamarck, 1818 (Syllidae: Polychaeta) from the Iberian coasts. *Cahiers de Biologie Marine*, 41, 425–433.

SAN MARTÍN, G. & LÓPEZ, E. (2002) New species of *Autolytus* Grube, 1850, *Paraprocerastea* San Martín y Alós, 1989 (Autolytinae) and *Sphaerosyllis* Claparède, 1863 (Exogoninae) (Syllidae, Polychaeta) and a new record of *Sphaerosyllis* from the Iberian Peninsula. *Sarsia*, 87, 135–143.

SAN MARTÍN, G. & VIÉITEZ, J.M. (1991) Catálogo de los Anélidos Poliquetos del Museo Nacional de Ciencias Naturales de Madrid. *Boletín de la Real Sociedad Española de Historia Natural, Sección Biología*, 87, 93–131.

TEBBLE, N. & CHAMBERS, S. (1982) Polychaetes from Scottish waters. Part 1. Family Polynoidae. *Royal Scottish Museum Studies*, 73 pp.

VIÉITEZ, J.M. (1976) Ecología de Poliquetos y Moluscos de la playa de Meira (Ría de Vigo). I. Estudio de las comunidades. *Investigación Pesquera*, 40, 223–248.

VIÉITEZ, J.M., ALÓS, C., PARAPAR, J., BESTEIRO, C., MOREIRA, J., NÚÑEZ, J., LABORDA, J. & SAN MARTÍN, G., 2004. *Annelida. Polychaeta I En: Fauna Ibérica*, vol. 25. RAMOS, M.A. *et al.* (Eds.) Museo Nacional de Ciencia Naturales. CSIC. Madrid. 530 pp.

VILLALBA, A. & VIÉITEZ, J.M. (1985) Estudio de la fauna de anélidos poliquetos del substrato rocoso intermareal de una zona contaminada de la Ría de Pontevedra (Galicia). Resultados biocenóticos. *Cahiers de Biologie Marine*, 26, 359–377.

VILLALBA, A. & VIÉITEZ, J.M. (1988) Polychaetous Annelids from the intertidal rocky substratum of a polluted area of the Ría de Pontevedra (Galicia, Spain). 2. Taxonomic aspects with the description of *Lugia atlantica*, n. sp. *Proceedings of the Biological Society of Washington*, 101, 176–182.

